CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

HENRIQUE MONTEAGUDO
XAN M. BOUZADA

III

O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO. 1980-2000
ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DA LINGUA

COLECCIÓN BASE

COLECCIÓN **BASE**

O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO 1980-2000

VOLUME III

ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DA LINGUA

HENRIQUE MONTEAGUDO • XAN M. BOUZADA
COORDINADORES

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA

O PROCESO DE NORMALIZACIóN DO IDIOMA GALEGO (1980-2000)

VOLUME III

ELABORACIóN E DIFUSIóN DA LINGUA

O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III : Elaboración e difusión da lingua / coordinadores Henrique Monteagudo Romero e Xan M. Bouzada Fernández. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2003. — 492 p. ; 22 cm. — (Colección Base)
DL C-2922-02. — ISBN 84-95415-86-0
1. Lingua galega-Normalización. I. Monteagudo Romero, Henrique. II. Bouzada Fernández, Xan M. III. Consello da Cultura Galega. Sección de Lingua. IV. Título

EDICIÓN
Iolanda Galanes Santos

REVISIÓN LINGÜÍSTICA
Elisa González Rosendo
Ana Ledo Villaverde
Vítor Pumariño Pérez

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 957202 Fax 981 957205
correo@consellodacultura.org

Proxecto gráfico
e deseño de cubertas
MANUEL JANEIRO

ISBN 84-95415-86-0
Depósito legal C-2922-02

Realización
Lúdica 7

O PROCESO DE NORMALIZACIóN DO IDIOMA GALEGO (1980-2000)

VOLUME III

ELABORACIóN E DIFUSIóN DA LINGUA

Coordinadores
HENRIQUE MONTEAGUDO E XAN M. BOUZADA FERN«NDEZ

HENRIQUE MONTEAGUDO
ROSARIO «LVAREZ BLANCO
ERNESTO GONZ«LEZ SEOANE
IOLANDA GALANES SANTOS
BIEITO SILVA VALDIVIA
XABIER MOURIÑO CAGIDE
ROSARIO PÉREZ MAGDALENA
FRANCISCO FERN«NDEZ REI

CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA

O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume III. Elaboración e difusión da lingua/ coordinadores Henrique Monteagudo e Xan M. Bouzada Fernández; autores Henrique Monteagudo, Rosario Álvarez Blanco, Ernesto González Seoane, Iolanda Galanes Santos, Bieito Silva Valdivia, Xabier Mouriño Cagide, Rosario Pérez Magdalena e Francisco Fernández Rei – Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2003.

O Proxecto "O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)" está patrocinado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega. O proxecto recibiu unha subvención inicial da Unión Europea. Comisión das Comunidades Europeas Dirección Xeral XXII, Educación, Formación e Xuventude (Acordo 97-06-NOR-0139-00).

ÍNDICE XERAL

PRESENTACIÓN 11

ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DA LINGUA 31
Abreviacións 33
Índice de cadros, gráficos e mapas 35

I. A DEMANDA DA NORMA. AVANCES, PROBLEMAS E PERSPECTIVAS NO PROCESO DE ESTANDARIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Henrique Monteagudo 37
1 Estandarización: fixación e difusión da norma 37
1.1 Estandarización da lingua 41
1.2 Difusión da norma ou estandarización da comunidade lingüística 44
2 A cuestión da norma na historia 46
2.1 O século XIX: Rexurdimento. Do galego circunstancial (c. 1810-c. 1850) ao galego poético (c. 1850-c. 1915) 46
2.2 A primeira metade do século XIX: Irmandades da Fala/ Nós. O galego literario/culto 52
2.3 O franquismo (c. 1950-c. 1976). Xeración Galaxia. O galego común ou protoestándar 61
3 O debate normativo e o galego estándar (1976-2000) 68
3.1 Criterios de selección nas NOMIG-82 71
3.1.2 Selección da norma fónica. Ortoepia 73
3.1.3 Selección da norma gráfica. Ortografía 77
3.1.4 Selección da norma morfolóxica 78
3.1.5 Selección da norma sintáctica 83
3.1.6 Selección da norma léxica 85
3.1.7 Recapitulación e balance 90
3.2 O disenso normativo: o reintegracionismo 93
3.2.1 Entre autonomismo e reintegracionismo: a proposta de “mínimos” 97
3.2.2 O reintegracionismo de máximos: a proposta de AGAL 99
3.3 Implantación de cada unha das propostas 105
4 O acordo de concordia de 2001 e a reforma de 2003 106
5 Difusión do estándar oral: o galego urbano 113
Bibliografía 121

II. A GRAMÁTICA GALEGA
Rosario Álvarez Blanco 131
Introdución 131
1 O estado dos estudos gramaticais ao final da década dos 70 133

2 Evolución da produción lingüística posterior a 1980 142
2.1 Os tres esteos: galego “vivo”, tradición medieval e lingua de autor . . . 146
2.2 A gramática descritiva 149
2.2.1 Fonética e fonoloxía 151
2.2.2 Morfoloxía e sintaxe 154
2.3 A gramática prescritiva 156
2.4 A gramática comparada 158
2.4.1 Portugués 159
2.4.2 Español 160
2.5 A variación e o cambio lingüísticos 160

III. A LEXICOGRAFÍA GALEGA MODERNA
Ernesto González Seoane 165
1 O herdo lexicográfico galego nos primeiros anos 80 166
2 A lexicografía “moderna” 174
2.1 Os dicionarios monolingües 179
2.1.1 Os dicionarios xerais 183
2.1.2 Os dicionarios manuais 193
2.1.3 Os dicionarios escolares 196
2.1.4 Os dicionarios elementais 199
2.1.5 Os dicionarios infantís ou iniciais 201
2.2 Os dicionarios bilingües 201
2.2.1 O contraste co castelán 202
2.2.2 Outros dicionarios bilingües e multilingües 213
2.3 Os dicionarios onomasiolóxicos 217
2.4 Os dicionarios paradigmáticos 218
2.5 Os dicionarios de dúbidas 220
3 Conclusións 223
Bibliografía 226

IV. A TERMINOLOXÍA EN GALICIA
Iolanda Galanes Santos 229
Introdución 229
1 Historia e caracterización 230
2 Análise da produción terminográfica en Galicia 233
2.1 Análise 234
2.2 Conclusións parciais 243
3 Normalización lingüística, planificación lingüística e terminoloxía 245
3.1 O papel da terminoloxía na planificación lingüística 245
3.2 A planificación da terminoloxía 246
4 A organización da terminoloxía en Galicia 248
4.1 Planificación terminolóxica 248
4.2 Nova proposta organizativa 271
5 Conclusións e algunhas medidas urxentes 275
Bibliografía 278

Anexos 281
1 Gráfico 283
2 Cadros 284

V. OS MATERIAIS PARA O ENSINO E A APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA
Bieito Silva Valdivia e Xabier Mouriño Cagide 289
1 A lingua galega na escola: antecedentes e marco xurídico actual 289
2 Dúas décadas de materiais para o ensino da lingua galega 294
2.1 Evolución xeral dos materiais escolares en lingua galega 294
2.2 Evolución das publicacións sobre ensino da lingua 296
2.3 Distribución por niveis educativos 298
2.4 Distribución por editoriais 300
2.5 A tiraxe 304
2.6 O soporte 307
3 Análise dos materiais para o ensino da lingua 308
3.1 Os libros de texto 309
3.1.1 A gramática como eixe organizador nos libros de lingua 311
3.1.2 A historia como eixe organizador nos libros de literatura 323
3.2 Materiais diferentes aos libros de texto 328
4 Conclusións 330

VI. O ENSINO NON REGRADO DA LINGUA GALEGA. PEQUENA ACHEGA Á SÚA SITUACIÓN ACTUAL
Rosario Pérez Magdalena 333
Introdución 333
1 Etapas e tipoloxía do ensino non regrado da lingua galega 335
1.1 Etapas 335
1.2 Tipoloxía 336
2 Materiais didácticos para a aprendizaxe do idioma 349
3 Algunhas conclusións finais 351
Bibliografía 356

VII. A SITUACIÓN DO GALEGO NAS COMARCAS OCCIDENTAIS DE ASTURIAS, LEÓN E ZAMORA
Francisco Fernández Rei 363
1 Xeografía e demografía 364
1.1 A Terra Eo-Navia 364
1.2 O Bierzo 365
1.3 As Portelas 366
2 Diglosia conflitiva e conciencia lingüística 366
2.1 A Terra Eo-Navia 367
2.2 O Bierzo e As Portelas 369
3 Usos lingüísticos 370
3.1 Lingua materna 371
3.2 Usos lingüísticos 372

4 Status legal 373
4.1 Estatuto de autonomía de Asturias 373
4.2 Estatuto de autonomía de Castela e León 374
4.3 Estatuto de autonomía de Galicia e Lei de normalización lingüística . . 375
4.4 Congreso dos Deputados: proposición sobre o galego do Bierzo 376
4.5 Proposicións non de lei nos parlamentos de Galicia e de Castela e León . 378
4.6 Cortes de Castela e León: proposicións para o ensino do galego 379
5 Reivindicación da galeguidade lingüística 381
5.1 A Terra Eo-Navia 381
5.2 O Bierzo 385
5.3 As Portelas 390
5.4 Galicia 391
6 Iniciativas institucionais 392
6.1 Asturias: protección do “gallego-asturiano” 392
6.2 Castela e León: reivindicación de cooficialidade desde os concellos . . . 397
6.3 Galicia 401
6.3.1 Proposta do Consello da Cultura Galega ao MEC 401
6.3.2 A Xunta de Galicia: acordo coa Junta de Castilla y León 404
6.3.3 Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega 406
7 Codificación do galego estremeiro 408
7.1 As normas do “galego de Asturias” 409
7.2 As normas do “gal(l)ego-asturiano” 410
8 Propostas (urxentes) para a normalización do galego estremeiro 411
8.1 Ensino 412
8.1.1 Ensino non universitario 412
8.1.2 Ensino universitario 414
8.2 Toponimia 414
8.3 Medios de comunicación 414
8.4 Circuítos culturais 414
8.5 Secretaría para os Territorios Limítrofes 415
8.6 Aplicación da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias 415
Bibliografía 417
Anexos 425
1 Mapas 427
2 Gráficos 432

CONCLUSIÓNS 435

APÉNDICE BIBLIOGRÁFICO 451
Elaboración do corpus
1 Bibliografía: a norma 453
2 Bibliografía: gramáticas 455
3 Bibliografía: dicionarios 458
4 Bibliografía: repertorios terminográficos 464

PRESENTACIÓN

No presente limiar, imos expor de forma sintética os contidos e obxectivos do proxecto *O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000)*, impulsado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, e que nunha primeira fase recibiu financiamento da Comisión Europea[1]. O Consello da Cultura Galega é unha institución oficial de rango estatutario. A súa creación prevese no Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981; art. 32), e foi establecido por Lei do Parlamento galego (Lei 8/1983). Trátase dun organismo consultivo e asesor, plenamente autónomo respecto dos poderes políticos, representativo dos diferentes sectores e institucións da cultura de Galicia. Entre as funcións do Consello atópanse as de "analizar cantas cuestións se refiran ó patrimonio cultural e fomenta-la lingua e a cultura galegas", "investigar e valora-las necesidades culturais do pobo galego", "asesorar e consulta-los poderes da Comunidade Autónoma" e mais "elevar ós poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego" (Lei 8/1983, tít. II, art. 6).

1. En virtude do Acordo 97-06-NOR-0139-00 entre o Consello da Cultura Galega e a Comisión das Comunidades Europeas (Dirección Xeral XXII, Educación, Formación e Xuventude) desenvolveuse o "Informe de Política Lingüística e Normalización" que é a base desta publicación.

O labor do Consello da Cultura Galega estrutúrase por seccións, das cales unha é a de Lingua Galega[2]. O traballo que presentamos debe comprenderse, pois, nese marco institucional: trátase dun estudo promovido polo Consello da Cultura Galega, a través da súa Sección de Lingua, con vistas a que a propia institución elabore recomendacións relativas ás políticas públicas de promoción do idioma galego. O noso proxecto foi emprendido a finais de 1998, e será culminado en 2004, coa publicación dos seus resultados en catro volumes, dos cales o presente é o terceiro.

SITUACIÓN-MARCO DE PARTIDA. A DINÁMICA SUBSTITUCIÓN/ NORMALIZACIÓN

A situación-marco da que partimos á hora de deseñar o proxecto que presentamos é, a grandes trazos, a seguinte[3].

O galego é unha lingua minorizada que viña sufrindo un forte desprestixio social, cunha perda masiva de falantes ao longo de todo o século XX, e moi especialmente desde a metade da centuria, co abandono da transmisión interxeracional. O franquismo, coa súa política de marxinación da lingua galega na vida pública, no sistema educativo e nos medios de comunicación de masas, coincidindo cunha depauperación progresiva do medio rural galego que acentuou unha hemorraxia emigratoria que viña desde a metade do século XIX, colocou o idioma galego nunha situación de extrema debilidade. A pesar do dito, esta continúa sendo a lingua inicial e usual (isto é, o idioma que primeiro se aprendeu a falar e o máis utilizado na vida cotiá) da maioría da poboación galega. Con todo, esta posición de lingua maioritaria débella sobre todo ao

2. *Vid.* na bibliografía final as leis correspondentes editadas polo Parlamento de Galicia (1983).

3. Para un resumo panorámico, *vid.* Monteagudo (2000). Estudos máis detallados sobre distintos aspectos, con puntos de vista variados, nos números monográficos das revistas *Grial*, *Plurilinguismes* e *Lengas*, *vid.* na bibliografía anexa a esta introdución baixo as entradas dos respectivos coordinadores: Monteagudo (1990), Rodríguez Yáñez (1993) e Alén Garabato e Rodríguez Yáñez (2000).

seu arraigamento no medio rural, entre as persoas de máis idade, baixa cualificación educativa-profesional e clase baixa[4]. No medio urbano, entre os adultos altamente cualificados e no conxunto da mocidade, o galego é minoritario.

A partir da transición democrática española, coa aprobación da Constitución española (1978) e pouco despois do Estatuto de autonomía de Galicia (1980), produciuse unha notable mutación do marco político-lingüístico. Grazas ao Estatuto, Galicia dotouse de institucións autónomas, en particular un Goberno (Xunta de Galicia) e un Parlamento, con poderes amplos en materia de educación e cultura. O Estatuto consagrou a cooficialidade do galego e o castelán, e proclamou o primeiro 'lingua propia' de Galicia, en termos similares aos estatutos das outras dúas 'nacionalidades históricas' recoñecidas na Constitución española. A Lei de normalización lingüística (LNL) de 1983 obriga, mediante mandato imperativo, ao Goberno autónomo e ás demais institucións de Galicia a promover o uso oficial e público do idioma galego[5]. Esta lei contén cinco títulos. Do título I, sobre os dereitos lingüísticos en Galicia, salientamos:

> Art. 1: Tódolos galegos teñen o dereito de coñecer e usa-la lingua galega.

Do título II, que versa sobre o uso oficial do galego, destacamos:

> Art. 6.1: Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

4. *Vid.* Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1994, 1995).

5. Para os aspectos xurídicos e legais, *vid.* Monteagudo (1990:387-98) (perspectiva xurídica), García Negro (1991) (visión crítica desde a perspectiva do nacionalismo galego), Domínguez Salgado, Mayo Redondo e Romero Rodríguez (eds.) (1999:221-39) (perspectiva xurídica, sobre uso administrativo). O conxunto da lexislación máis relevante encóntrase en Graña Martínez (2001).

> Art. 6.3: Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.
>
> Art. 6.4: A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.
>
> Art. 11: A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración Pública e ás empresas públicas en Galicia.

A LNL destina un título específico ao uso do galego no ensino (tít. III), outro ao uso do galego nos medios de comunicación (tít. IV), outro ao galego exterior (V), e, finalmente, un máis á función normalizadora da Administración autonómica (tít. VI). Do título III, destacamos:

> Art. 14: A lingua galega é materia de estudio obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.
>
> Art. 13.2: As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino.

Finalmente, do título VI, queremos destacar:

> Art. 22: O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servicios encamiñados a consegui-los obxectivos da presente Lei.
>
> Art. 23: O Goberno Galego establecerá un plan destinado a resalta-la importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Estes dous últimos artigos, que conteñen senllos mandatos inequívocos para o goberno autónomo, constitúen o soporte legal máis claro para impulsar a planificación lingüística en Galicia. A partir da aprobación desta lei, e en cumprimento do seu artigo 22, creouse unha Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL) (1983), no seo da Consellaría de Educación, que foi e é o organismo a cargo

da aplicación da propia lei. Máis tarde, artellouse unha Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1990), que tivo unha vida efémera. O que nunca se chegou a realizar é un plan xeral de promoción do uso da lingua, ao que apunta o artigo 23, aínda que a Xunta de Galicia anunciou en 2002 que se propuña elaboralo e anúnciase unha presentación inminente.

O INFORME DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA E NORMALIZACIÓN

Para expoñer os obxectivos do noso traballo, será útil explicar brevemente a situación da que partimos en canto ao coñecemento da situación sociolingüística de Galicia. Durante as dúas últimas décadas, especialmente no decenio que vai aproximadamente de 1985 a 1995, desenvolvéronse unha serie de investigacións de carácter descritivo e cuantitativo acerca da situación social da lingua galega, basicamente enfocadas ao coñecemento, uso e actitudes da poboación galega en xeral[6] e por sectores (sobre todo, no medio educativo[7]), que permiten facerse unha idea bastante exacta e detallada da situación neses parámetros. No entanto, existe unha percepción estendida de que carecemos de información básica, contrastada e fiable, sobre o uso da lingua por parte das institucións públicas oficiais e a súa evolución durante o período autonómico. Tamén se botan en falta estudos avaliadores acerca das políticas de promoción do idioma, especialmente por parte do Goberno autónomo, principal responsable destas[8].

6. *Vid.* en particular Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1994, 1995, 1996). Tamén son de grande utilidade Siguan (1994, 1999).

7. Para o sector educativo, son fundamentais Rodríguez Neira e Martínez López (1988), Rodríguez Neira (1998) e VV. AA. (1997) para o nivel universitario, Rubal Rodríguez e Rodríguez Neira (1987) para o ensino medio e primario, e Rubal Rodríguez (1992) para o ensino primario. Unha aproximación ao ámbito administrativo local e ao sector socioeconómico en Bouzada Fernández e Lorenzo Suárez (1997). Outros traballos máis parciais nos números monográficos das revistas citadas na nota 3.

8. Aproximacións especializadas a estes dous aspectos (usos institucionais e avaliación de iniciativas) pódense encontrar en Lorenzo Suárez (1997), Domínguez Salgado, Mayo Redondo e Romero Rodríguez (eds.) (1999) e Domínguez Salgado, Mayo Redondo (eds.) (2000).

OBXECTIVOS DO PROXECTO. A DIMENSIÓN AVALIADORA

O noso proxecto responde a estas dúas últimas percepcións. Ten, pois, un triplo obxectivo: (1) mellorar o coñecemento dos usos públicos, especialmente oficiais ou institucionais, da lingua; (2) ofrecer elementos para avaliar o impacto das iniciativas en materia de política lingüística por parte do Goberno autónomo nas aproximadamente dúas décadas do seu funcionamento (1980-2000), (3) finalmente, a partir da identificación dos puntos fortes e débiles da política lingüística en Galicia, elaborar recomendacións para mellorar a súa efectividade.

En canto ao primeiro obxectivo, o risco que tivemos que sortear foi o de evitar as orientacións dunha recollida de datos fundada unicamente nas informacións facilitadas polos propios axentes interesados[9]. En concreto no ámbito educativo, as enquisas oficiais promovidas desde a Administración, así como as investigacións baseadas unicamente en datos declarados polos informantes (exclusiva ou fundamentalmente os docentes ou as direccións dos centros educativos), esixían ser contrastadas.

A idea de realizar un estudo avaliador esixe unha medida da eficacia e da eficiencia das políticas emprendidas, feito que implica poñer en relación unha serie de iniciativas (maiormente do

9. Por iso na fase exploratoria deste proxecto contactamos con 1.540 entidades, entre as que se encontran instancias administrativas no nivel local, autonómico, estatal, europeo; así como organizacións educativas do ensino universitario, do ensino primario, secundario, do non regrado, centros de formación do profesorado, asociacións pedagóxicas e institucións académicas, e asociacións científicas de todas as áreas de coñecemento. Estas informacións completáronse coas fornecidas por diversos medios de comunicación escritos e audiovisuais galegos, aos que nos diriximos. No tocante ao sector socioeconómico contactamos con diversas empresas e con todas as asociacións e colexios profesionaxis radicadas en Galicia. Igualmente, solicitamos información de todos os partidos políticos e de boa parte das asociacións sindicais con actividade no país. Por último, como non podía ser doutro xeito, concentramos unha parte dos nosos esforzos na petición de información ás entidades dedicadas á lingua, en concreto aos servizos lingüísticos, ás entidades dedicadas á investigación da lingua galega, entidades de defensa da lingua, así como editoras e asociacións culturais e fundacións. Ademais de entrevistas cualitativas a persoas de opinión relevante en materia de lingua e sobre o proceso de normalización lingüística.

Goberno autónomo galego) cos resultados esperados, calculando o custo destes. A finalidade última sería determinar qué funciona, en que condicións e a que prezo (Grin e Vaillancourt 1999). As limitacións de que partimos para realizar esta tarefa son basicamente de dous tipos. En primeiro lugar, a medida da efectividade das políticas lingüísticas constitúe un campo de estudo moi pouco desenvolvido: faltan un modelo analítico, estudos comparativos ou polo menos comparables[10], metodoloxías aplicables, criterios homologados, etc. En segundo lugar, existe unha considerable carencia de datos de partida, e grandes dificultades na dispoñibilidade dos existentes (Grin 2000). Así, encontrámonos con que o organismo oficialmente responsable da política lingüística en Galicia durante o período estudado (DXPL) carece incluso dun arquivo organizado. Situación por outra banda non específica, pois outras investigacións teñen sinalado o mesmo problema en lugares próximos (Mezo 1996).

A pesar da boa vontade expresada polos distintos responsables políticos a quen nos diriximos, non puidemos ter acceso a un volume considerable de informacións relevantes, ben por imposibilidade de recuperalas, ben porque non nos foron facilitadas. Por exemplo, na análise económica, tivemos que conformarnos co manexo das cifras presupostadas, sen poder coñecer as cifras de orzamento executado, moito máis fiables. Aínda que dispuxésemos de todos os datos necesarios, hai que recoñecer que as relacións causa/efecto entre as intervencións glotopolíticas e os resultados no uso lingüístico son difíciles de establecer cun mínimo de rigor.

Finalmente, no que atinxe ao apartado de recomendacións, foron elaboradas conxuntamente por todo o equipo unha vez concluída a fase de avaliación. Posteriormente, sometéronse á consideración do Plenario do Consello da Cultura Galega, para ser elevadas ao presidente do Goberno autónomo e dadas a coñecer á opinión pública.

10. *Vid.*, con todo, unha análise comparada das políticas lingüísticas no sistema educativo nas diferentes comunidades autónomas bilingües, Argelaget (1999).

PLAN DE TRABALLO. SUBDIVISIÓN EN ÁREAS E SECTORES DO IPLN

O plan de traballo consta dos seguintes pasos. En primeiro lugar, estableceuse en discusión conxunta a orientación xeral do proxecto e as pautas comúns de traballo. Como o rango de cuestións e ámbitos de estudo é considerablemente amplo e diversificado, pensamos que era conveniente unha subdivisión do equipo por áreas de traballo. Unha vez constituídos os equipos sectoriais, cada área encargouse de obter a información básica no seu ámbito respectivo. A partir de aí, realizouse en colaboración a tarefa de avaliación. Posteriormente, cada equipo sectorial presenta as conclusións provisionais para a súa área, que son discutidas conxuntamente, coa participación dos membros da Sección de Lingua, para a súa redacción definitiva. Desa discusión saen tamén as conclusións globais e a proposta de recomendacións que examinará o Plenario do Consello da Cultura.

As áreas de traballo que establecemos son as seguintes:

a) *Marco glotopolítico*. Trátase dun ámbito clave, que en realidade constitúe o marco xeral para o traballo nos distintos sectores especializados. En primeiro lugar, realizouse un labor de compilación e análise da produción normativa (leis, decretos, ordes, regulamentos...), das iniciativas parlamentarias relacionadas coa lingua galega e dos discursos e alternativas glotopolíticas. Ademais, realizamos unha análise da evolución dos presupostos destinados á promoción do galego, e dos organismos especializados na elaboración e execución da política lingüística. Os focos de atención prioritaria nesta área son o Parlamento de Galicia e o Goberno galego (Xunta de Galicia), en especial a Dirección Xeral de Política Lingüística. O groso do traballo foi realizado pola empresa 'Cidadania'– Rede de Aplicacións Sociais, composta por especialistas das distintas ciencias sociais e dedicada á investigación aplicada. A principal novidade da súa actividade é a utilización de metodoloxías participativas de investigación. Realizaron este traballo baixo a dirección de Luís García García e Xaime Subiela Pérez, coa

colaboración de Xosé Manuel Núñez Seixas e de Xesús Costas Abreu na planificación da investigación e de Xosé Manuel Otero Fernández e Ana Isabel Martínez Fernández na compilación de materiais.

b) *Sector de educación.* Dadas as nosas limitacións, e dado que por unha parte existen estudos sobre a situación do idioma nas universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, e por outra parte, cando emprendemos o proxecto o Goberno autónomo anunciaba a realización dunha enquisa exhaustiva sobre o mesmo asunto no ensino secundario, decidimos concentrar a nosa atención no ensino infantil e primario. Realizaron o traballo neste sector Xan Bouzada Fernández (profesor de Socioloxía da Universidade de Vigo), Anxo Lorenzo Suárez (profesor de Sociolingüística galega na Universidade de Vigo), e Agustín Fernández Paz (profesor de ensino medio, ex-mestre e ex-coordinador docente de lingua galega), coa colaboración da socióloga Mercedes Fernández Gestido e de Cidadania na realización da macroenquisa dos centros de ensino.

c) *Sector de planificación do corpus e difusión da lingua.* Neste sector, que ten carácter transversal, tratamos dous aspectos:

1) Planificación do corpus. Análise de avances e problemas que se verificaron nos seguintes campos: codificación (Henrique Monteagudo, profesor da Universidade de Santiago de Compostela), lingüística e gramática galega (Rosario Álvarez Blanco, profesora da Universidade de Santiago de Compostela), lexicografía (Ernesto González Seoane, profesor da Universidade de Santiago de Compostela) e terminoloxía (Iolanda Galanes Santos, Consello da Cultura Galega/ profesora da Universidade de Vigo).
2) Difusión do coñecemento do galego (planificación da adquisición): análise desde o punto de vista didáctico dos materiais para aprendizaxe do idioma galego (Bieito Silva Valdivia e Xavier Mouriño Cagide, Instituto de

Ciencias da Educación-USC); análise das iniciativas e recursos para a aprendizaxe do idioma por adultos: métodos, manuais, cursos, etc. (Rosario Pérez Magdalena, Consello da Cultura Galega). Tamén prestamos atención á situación do 'galego estremeiro', falado fóra dos límites administrativos da Comunidade Autónoma galega (Asturias, León e Zamora), mediante unha achega do profesor universitario e especialista na cuestión Francisco Fernández Rei.

A dirección deste sector está a cargo de Henrique Monteagudo, que contou coa colaboración estreita de Iolanda Galanes Santos, así como con Moisés Barreiro Comedeiro, Rosario Pérez Magdalena, Ana Isabel Martínez Fernández e María Cuquejo Enríquez.

d) *Sector de administracións públicas.* Aquí tratábase de coñecer a evolución do uso do idioma galego nas distintas administracións, para máis adiante avaliar os factores que puideron influír nela. Dada a amplitude do campo de estudo, e a dificultade para obter a información de base, os focos de atención reducíronse á Delegación do Goberno, á Administración autónoma e ás administracións locais (en especial, deputacións e concellos), ficando fóra da análise a Administración de Xustiza e de Sanidade. A dirección do traballo deste sector correspóndelle a Xesús Costas Abreu (xurista, funcionario municipal e ex-concelleiro do Concello de Vigo), que contou coa colaboración de Iolanda Galanes Santos na redacción e na elaboración de materiais, con Ana Isabel Martínez Fernández na compilación de datos e co apoio técnico das sociólogas Águeda Gómez Suárez, Elvira González Solla e Isabel Diz Otero.

Está previsto que o traballo se complete con dous estudos sectoriais máis: un sobre o ámbito empresarial e comercial, e outro sobre os medios de comunicación, que iniciaremos proximamente.

Como se ve, o equipo de traballo é heteroxéneo e, como non podía ser doutra maneira, interdisciplinario. Da coordinación

e artellamento do conxunto encargáronse dous directores, Xan Bouzada Fernández (profesor de Socioloxía na Universidade de Vigo) e Henrique Monteagudo (profesor de Sociolingüística galega na Universidade de Santiago de Compostela), apoiados por unha Secretaría (na fase inicial a cargo de Susana Mayo Redondo e logo de Iolanda Galanes Santos, técnicas do Consello da Cultura Galega). Ademais, contamos coa colaboración dun equipo de bolseiros: Moisés Barreiro Comedeiro, María Cuquejo Enríquez, Elisa González Rosendo, Elvira González Solla, Mar González Tarrela, Ana Ledo Villaverde, Ana Isabel Martínez Fernández e Antón Porto Sánchez, así como persoal en prácticas (Vítor Pumariño Pérez).

Nas discusións que deron orixe ao proxecto e que o acompañaron a cada paso, desde o seu deseño orixinal ata as conclusións, non só participaron os membros do equipo, mais tamén, dun xeito especialmente activo, os membros da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, case todos eles colaboradores tamén no propio proxecto. Enumeraremos aquí a composición actual da devandita Sección: Henrique Monteagudo Romero (coordinador), Rosario Álvarez Blanco, Xan Bouzada Fernández, Manuel Bragado López, Xesús Costas Abreu, Agustín Fernández Paz, Francisco Fernández Rei e Bieito Silva Valdivia. O responsable da Sección cando a proposta de emprender este proxecto foi aprobada era Antón Santamarina Fernández.

TAREFAS, MÉTODOS E MATERIAIS

A continuación, ímonos referir de forma sintética ás tarefas máis importantes que realizou cada sector, aos métodos de traballo seguidos e aos materiais producidos. Destacamos o feito de que algúns datos de base recollidos, ademais de sernos útiles para a realización do noso traballo, deron pé á elaboración de bases de datos que poñeremos a disposición do público en xeral, a través da páxina web do CDSG do Consello da Cultura Galega.

a) *Marco glotopolítico*. A documentación compilada é basicamente de dous tipos. Un primeiro, de carácter xornalístico, trátase

dun caderno de prensa (diarios de Galicia e outras publicacións de tipo institucional profesional, político, sindical ou cultural), que nos ofrece por unha parte unha información valiosa en si mesma, e por outra un material de base para a análise de posicións e discursos públicos sobre a lingua. Un segundo no que reunimos un voluminoso compendio de materia normativa, medidas lexislativas e resolucións xudiciais, e en particular realizamos unha base de datos de iniciativas parlamentarias relacionadas coa lingua galega na Cámara autonómica. Colaborou nesta tarefa o citado Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, en particular a súa responsable técnica, Susana Mayo Redondo, e Xosé Manuel Otero Fernández, ademais de Ana Isabel Martínez Fernández por parte da Sección de Lingua. Tamén prestamos unha atención especial á análise dos presupostos anuais da Comunidade Autónoma, especialmente os da Dirección Xeral de Política Lingüística. Finalmente, aplicamos a técnica Delphi a un grupo de testemuñas-clave, especialmente responsables políticos, expertos académicos e promotores destacados do uso do galego en diferentes ámbitos. O obxectivo da aplicación desta técnica é facer máis participativa e rica a investigación. A través dela podemos reflectir os lugares comúns sobre a situación da lingua galega e o proceso de normalización, sobre as tendencias previsibles ou sobre parámetros de avaliación das políticas lingüísticas. O método permite obter unha aproximación cuantificada por consenso sobre temas cualitativos, e ten unha gran virtualidade prospectiva. Polo tanto, constitúe unha boa base para orientar as conclusións e recomendacións xerais. Enviáronse dous cuestionarios: un primeiro aberto, no que cada experto deu a súa opinión de forma confidencial sobre unha serie de temas que nucleaban a investigación, e un segundo, no que se especificaban máis as cuestións, para cuantificar as respostas. As cuestións presentadas pódense clasificar en tres grandes grupos: (a) valoracións xerais sobre a situación da lingua galega, (b) valoración das políticas lingüísticas en Galicia, (c) comparación de propostas alternativas e novas propostas. Obtivemos 45 respostas ao primeiro cuestionario e 31 ao segundo.

Os participantes foron escollidos cos seguintes criterios: (a) analistas do proceso de normalización lingüística procedentes de distintas disciplinas das ciencias sociais, (b) investigadores significados de distintas institucións lingüísticas, (c) responsables políticos e representantes das distintas forzas políticas e sociais, (d) representantes das asociacións que traballan na promoción da lingua. Queremos deixar constancia expresa do noso agradecemento a estas persoas, que colaboraron de forma eficaz e totalmente desinteresada. Os seus nomes figuran en apéndice ao final do primeiro volume.

b) *Educación*. Comezamos cunha investigación macrosocial, con utilización de indicadores cualitativos, a partir dunha mostra significativa de 201 centros de educación infantil e primaria estratificada por tipo de centro (público/privado) e por tamaño de municipio e provincia. En cada centro recolleuse información procedente de tres fontes: (a) enquisa/entrevista individual co equipo directivo do centro (cuestionario de 49 preguntas), (b) enquisa/entrevista co equipo de normalización lingüística do centro (cuestionario de 63 preguntas), (c) ficha avaliadora realizada directamente polos observadores (19 ítems). Consideramos imprescindible a triangulación de informacións para asegurar a fiabilidade dos datos obtidos.

Posteriormente, realizamos un estudo de casos baseado en prospeccións cualitativas a partir dunha tipoloxía de centros de ensino con características de maior ou menor nivel de galeguización segundo o tipo de zona (urbano/non urbano) e o tipo de centro (público/privado).

Agradecemos aos equipos directivos, equipos de normalización lingüística, e profesores destes centros, a súa paciencia e o seu espírito de colaboración con este proxecto. Figuran nunha lista que se inclúe en apéndice ao final do volume correspondente.

c) *Planificación do corpus e Difusión da lingua.* Unha parte do traballo neste sector distribuíuse entre distintos especialistas en aspectos concretos (gramática, lexicografía, terminoloxía e didáctica). O labor máis propio de equipo consistiu na elaboración dunha

voluminosa base de datos coa produción didáctica en lingua galega, con especial atención ao material destinado, dunha banda, ao ensino do galego, e doutra, ao ensino en galego. Para medir a diversificación funcional da lingua utilizamos unha versión adaptada da denominada retícula de Kloss (Fernández Salgado e Monteagudo Romero, 1995) para dar conta do grao de desenvolvemento do galego por áreas en diversos ámbitos como, por exemplo, a terminoloxía, na que se incluíu a clasificación temática da produción terminolóxica galega. Igualmente compilamos bibliografía sobre a norma e tamén toda a produción lexicográfica e gramatical do galego. Estas compilacións figuran como apéndice bibliográfico á fin do volume.

d) *Administracións públicas*. Realizamos un cuestionario sobre uso da lingua en concellos e deputacións, que se enviou por correo a cada un destes. Outro cuestionario enviouse ás consellarías do Goberno autónomo e ás súas delegacións provinciais. Despois de varias quendas de envío, obtivemos resposta das 4 deputacións provinciais e de 204 concellos (o que representa cerca dos dous terzos do total de 315). En canto ao Goberno autónomo, temos resposta de 7 do total de 12 consellarías, e de 36 delegacións destas (dun total de 48).

A información obtida por esta canle foi contrastada e completada por outras vías. En primeiro lugar, mediante calas no rexistro de entrada de varios concellos escollidos de modo complementario. Así, analizamos en varias datas as entradas do Concello de Barbadás, Cartelle, Moaña, Nogueira de Ramuín, Pontevedra, Quintela de Leirado e Vigo e da Deputación de Ourense, nas que se identificaba a lingua de cada documento recibido e o organismo de procedencia. En segundo lugar, mediante calas nos boletíns oficiais provinciais, pois en tres das catro provincias, cada texto se insire na lingua de orixe (o da provincia de Ourense edítase integramente en galego, polo que non é útil para o noso obxectivo). En terceiro lugar, no caso de organismos que contaban cun gabinete de normalización lingüística estable (caso das catro deputacións provinciais e de aproximadamente trinta concellos), mediante a

información facilitada pola persoa encargada deste. A información obtida mediante o primeiro procedemento (calas no rexistro de entrada) é tamén relevante para coñecer os usos lingüísticos doutras institucións e organismos, en particular da Administración do Estado e de empresas que prestan servizos ao Concello. Tomamos estes datos, pois, como indicadores de uso lingüístico de diversas institucións.

É obrigado facer constar o noso fondo agradecemento ás institucións que colaboraron no traballo de campo, respondendo aos nosos cuestionarios e aos nosos (ás veces impertinentes) requirimentos. Estas institucións aparecen listadas en apéndice ao final do volume correspondente. De xeito moi especial, debemos agradecer a axuda dos técnicos e técnicas en servizos lingüísticos que tamén nos atenderon e nos facilitaron informacións vitais para a elaboración deste traballo e que aparecen relacionados no anexo do volume correspondente.

Como deixamos indicado nas liñas iniciais desta introdución, os resultados do proxecto aparecerán publicados en catro volumes: o primeiro recolle os resultados do que antes denominamos 'área de politoloxía'; o segundo versa sobre a investigación do traballo sobre o ensino infantil e primario; o terceiro corresponde aos traballos sobre adaptación, actualización e difusión da lingua; e o cuarto, e último desta serie, analiza a investigación levada a cabo nas administracións públicas.

Aínda que nos traballos que presentamos puxemos toda a nosa capacidade de investigación e análise, e investimos todo o rigor profesional do que fomos capaces; aínda que tentamos ser todo o obxectivos que puidemos na nosa consideración dos problemas (adoito espiñentos) que estudamos, aínda que, en fin, envorcamos nel toda a ardencia do noso compromiso co futuro do idioma galego, somos conscientes de que o lector pode atopar que aspectos importantes do asunto tratado están insatisfactoriamente alumados, algunhas das nosas opcións de traballo e das conclusións a que chegamos son perfectamente discutibles, os nosos criterios e puntos de vista insuficientemente razoados ou

sinxelamente falibles. Asumiremos con toda naturalidade, e mesmo con agradecemento, todas as críticas e opinións a que este traballo dea lugar, que oxalá sexan moitas. Pero, non por ser evidente, resulta escusado subliñar que o noso labor se ofrece con espírito absolutamente construtivo: cando se sinalan o que xulgamos erros ou deficiencias, a nosa intención non é sinalar presuntos culpables, mais contribuír a identificar puntos febles ou sinxelamente mellorables, e de ser o caso suxerir tratamentos ou focaxes dos problemas que nos semellan máis acaídos. Non escudriñamos no pasado pola ansia de furgar nas nosas deficiencias colectivas ou nos posibles defectos dos nosos gobernantes; por parte, non é o noso papel fiscalizar os poderes públicos; pois para esta misión concreta a nosa democracia dotouse de partidos políticos e institucións representativas, ademais de contar cos vivos órganos de expresión da opinión pública.

Sinxelamente, propuxémonos ofrecerlles á sociedade galega, e de xeito especial aos seus responsables políticos, elementos de reflexión e de xuízo, para mellor afrontarmos unha das máis fermosas e máis estimulantes tarefas colectivas con que se enfronta o noso país: a plena normalización da súa lingua secular e popular.

Ao longo desta presentación deixamos constancia das numerosas débedas de gratitude que fomos contraendo e que fixeron posible levar adiante o noso traballo. É probable que polo medio esqueceramos persoas ou institucións merecentes de figurar nun ou outro lugar. Adiantámonos a pregar perdón por eses eventuais descoidos. Non queremos deixar de mencionar, endebén, o persoal técnico do Consello da Cultura Galega que durante todo este tempo fixo gala do seu talante atento e colaborativo. Individualizamos este agradecemento na persoa de Antonio Montero Carro, o xerente da institución, pero queremos que se faga extensivo a todas as persoas que traballan no Consello. O presidente, Alfonso Zulueta de Haz, e a Comisión Executiva nunca nos relearon o seu alento e apoio para dar cabo a esta singradura, que experimentou tamén os seus episodios de risco e os seus perigos de naufraxio. Mercés a todos e a todas.

Finalmente, sería imperdoable rematar este limiar sen unha lembranza para o que era presidente do Consello da Cultura Galega cando este proxecto daba os seus primeiros pasos, quen por desgraza non poderá xa contemplar os seus froitos. Carlos Casares foi, para este traballo coma para tantas outras empresas culturais galegas, unha fonte constante de inspiración, de estímulo e de apoio. A mellor homenaxe que podemos ofrecerlle agora é precisamente pórlle o ramo a esta nosa tarefa e continuar mirando cara a diante, a traballar por un presente e un porvir mellor para a nosa terra e para a nosa lingua, como el non deixou de facer sempre, incansablemente.

Henrique Monteagudo

Coordinador da Sección de Lingua
Consello da Cultura Galega

BIBLIOGRAF A CITADA

Alén Garabato, M. C. e Rodríguez Yáñez, X. P. (coords.) (2000): *Le Galicien et la sociolinguistique galicienne à la conquête de la reconnaissance sociale* [*Lengas* nº. 47], Montpellier, Université Paul Valère.

Argelaget, J. (1998): "Las políticas lingüísticas: diversidad de modelos lingüísticos escolares" en Ricard Gomá e Joan Subirats (comp.) *Políticas públicas en España*, Barcelona, Ariel, 295-316.

Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística (ed.) (2002): *Actas dos IV Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Bouzada Fernández, X. e Lorenzo Suárez, A. (1997): *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Cidadania, rede de aplicacións sociais (ed.) (2002): *Situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): *Actas dos III Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Domínguez Salgado, A.; Mayo Redondo, S. e Romero, D. (eds.) (1999): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Euromosaic (1996): *Producción e reproducción de grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística*, A Coruña, Real Academia Galega.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, Real Academia Galega.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (coords.) (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*, Vigo, Real Academia Galega.

Fernández Salgado, B. e Monteagudo Romero, H. (1995): "Do galego literario ó galego común: proceso de estandardización na época contemporánea" en Henrique Monteagudo Romero (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo, Galaxia, 99-176.

García Negro, M. P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Vilaboa, Edicións do Cumio.

Gomá, R. e Subirats, J. (comp.) (1999): *Políticas públicas en España*, Barcelona, Ariel.

Graña Martínez, V. (2001): *Lexislación da Lingua Galega*, A Coruña, Xunta de Galicia.

Grin, F. (2000): *Evaluating police measures for minorite languages in Europe*, Flensburg, European Centre for Minorite Issues.

Grin, F. e Vaillancourt, F. (1999): *The cost-effectiveness evaluation of minorite language policies: Case studies on Wales, Ireland and the Basque Countre*, Flensburg, European Centre for Minorite Issues.

Lorenzo Suárez, A. (ed.) (1996): *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Universidade de Vigo.

Mezo, Josu (1996): *Políticas de recuperación lingüística en Irlanda (1922-1939) y el País Vasco (1980-1992)*, Madrid, Centro de Estudios Avanzados en Ciencias Sociales.

Monteagudo, H. (coord.) (1990): *Perspectivas sobre a lingua* [=*Grial* nº. 107], Vigo, Galaxia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983a): *Lei de fundacións de interés galego*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983b): *Lei de recoñecemento da galeguidade*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983c): *Lei do Consello da Cultura Galega*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Rodríguez Neira, M. (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Rodríguez Neira, M. e López Martínez, M. (1988): *O galego na Universidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Rodríguez Yáñez, X. P. (coord.) (1993): *Sociolinguistique Galicienne* [= *Plurilinguismes* nº. 6], París, Centre d'Études et de Recherches en Planification Linguistique/ Université René Descartes.

Rubal Rodríguez, X. (1992): *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e EXB)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Rubal Rodríguez, X. e Rodríguez Neira, M. (1987): *O galego no ensino público non universitario*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Siguan Soler, M. (1994): *Conocimiento y uso de las lenguas en España*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.

Siguan Soler, M. (1999): *Conocimiento y uso de las lenguas en España 2*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.

VV. AA. (1997): *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo*, Vigo, Universidade de Vigo.

VV. AA. (1998): *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo*, Vigo, Concello/ Universidade de Vigo.

ELABORACIóN E DIFUSIóN DA LINGUA

ABREVIACIŒNS

ADISAC:	Asociación para el Desarrollo Integrado de Sanabria-Carballeda
AGAL:	Associaçom Galega da Língua
AIEG:	Asociación Internacional de Estudios Galegos
ALBI:	Atlas Lingüístico de El Bierzo
ALGa:	Atlas Lingüístico Galego
ALPI:	Atlas Lingüístico da Península Ibérica
APNL:	Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística
AS-PG:	Asociación Socio-Pedagóxica Galega
BAL:	Boletín de Administración e Lingua
BILEGA:	Bibliografía Informatizada da Lingüística Galega
BNG:	Bloque Nacionalista Galego
BOE:	Boletín Oficial do Estado
BOPA:	Boletín Oficial do Principado de Asturias
BRAG:	Boletín da Real Academia Galega
BUP:	Bacharelato Unificado Polivalente
CA:	Comunidade Autónoma
CCG:	Consello da Cultura Galega
CDSG:	Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia
CEFORES:	Centros de Formación e Recursos
CEG:	Confederación de Empresarios de Galicia
CEOU:	Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria
CINDOC:	Centro de Información e Documentación Científica
CiU:	Convergència i Unió
CORGA:	Corpus de Referencia do Galego Actual
COU:	Curso de Orientación Universitaria
CPRA:	Colexio Público Rural Agrupado
CRPIH:	Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
CRTVG:	Compañía de Radio-Televisión de Galicia
CSIC:	Consello Superior de Investigacións Científicas
CTNL:	Coordinadora de Traballadores e Traballadoras de Normalización da Lingua
CXTG-INTG:	Confederación Xeral dos Traballadores Galegos-Intersindical Nacional dos Traballadores Galegos
DCB:	Deseño Curricular Base
DEGC:	Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano
DNGC:	Diccionario Normativo Galego-Castelán
DOG:	Diario Oficial de Galicia
DRAG:	Diccionario da Real Academia Galega
DXPL:	Dirección Xeral de Política Lingüística
EA:	Eusko Alkartasuna
EGAP:	Escola Galega de Administración Pública
ERGA:	Estudantes Revolucionarios Galegos
ESO:	Educación Secundaria Obrigatoria
EXB:	Educación Xeral Básica
FEGAS:	Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria

FFT:	Facultade de Filoloxía e Tradución
FP:	Formación Profesional
FP1:	Formación Profesional de 1º Grao
FP2:	Formación Profesional de 2º Grao
ICE:	Instituto de Ciencias da Educación
ICONA:	Instituto Nacional para a Conservación da Natureza
IEO:	Instituto de Estudios Bercianos
IES:	Instituto de Ensino Secundario
IGSP:	Instituto Galego de Sócio-Pedagoxía
ILG:	Instituto da Lingua Galega
INE:	Instituto Nacional de Estatística
IPLN:	Informe de Política Lingüística e Normalización
IVAP:	Instituto Vasco de Administración Pública
LNL:	Lei de normalización lingüística
LOXSE:	Lei orgánica xeral do sistema educativo
LRL:	Lexikon der Romanistischen Linguistik
MAGUS:	Multilingual Animal Glossary of Unveiled Synonyms
MDGA:	Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca
MDGB:	Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo e da Cultura da Comarca
MEC:	Ministerio de Educación e Ciencia/ Ministerio de Educación, Cultura e Deporte
MNL:	Mesa pola Normalización Lingüística
NOMIG:	Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego
PAS:	Persoal de administración e servizos
PNV:	Partido Nacionalista Vasco
PP:	Partido Popular
PSOE:	Partido Socialista Obreiro Español
RG:	Radio Galega
RAG:	Real Academia Galega
RTVE-G:	Radiotelevisión Española en Galicia
RTVG:	Radio Televisión de Galicia
SEG:	Seminario de Estudos Galegos
SERGAS:	Servizo Galego de Saúde
SNL:	Servizo de Normalización Lingüística
TERMCAT:	Centro de Terminoloxía Catalá
TERMIGAL:	Servizo de Terminoloxía Galega
TERMILAT:	Terminoloxía e Industrias da Lingua nos Idiomas Latinos
TILGa:	Tesouro Informatizado da Lingua Galega
TVG:	Televisión de Galicia
UFF:	Universidade Federal Fluminense
USC:	Universidade de Santiago de Compostela
UZEI:	Centro Vasco de Terminoloxía e Lexicografía
UNESCO:	Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura
VOLGa:	Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega
VPGC:	Vocabulario Popular Galego-Castelán

NDICE DE CADROS, GR«FICOS E MAPAS

Cadros

Cadro 1: Duplas opcións admitidas nas NOMIG-82, continuadoras da incompleta fusión entre dúas correntes tradicionais do galego autonomista, o popularismo e o cultismo 82
Cadro 2: Comparanza de selección normativa entre variantes morfolóxicas en galego coas formas normativas do portugués e o castelán 83
Cadro 3: Evolución da elaboración da lingua escrita no período contemporáneo nos planos gráfico, morfolóxico e léxico 92
Cadro 4: Versión 'frouxa' e versión 'forte' da opción 'mínimos' 99
Cadro 5: Principais diferenzas entre as propostas ILG/ RAG, 'mínimos' e AGAL 104
Cadro 6: Novidades introducidas polo acordo de reforma ortográfica (NOMIG-03) 111
Cadro 7: Asignación de tarefas terminolóxicas 247
Cadro 8: Lista de editores de traballos terminográficos en Galicia 284
Cadro 9: Plan de normalización terminolóxica para o galego (I) 286
Cadro 10: Plan de normalización terminolóxica para o galego (II) 287
Cadro 11: Calendario de implantación do sistema educativo (LOXSE): ensinanzas de réxime xeral 294
Cadro 12: Porcentaxes de materiais didácticos por tipoloxías 298
Cadro 13: Porcentaxes de títulos adscritos a cada nivel educativo 300
Cadro 14: Produción editorial en lingua galega (1982-2000) 301
Cadro 15: Tiraxe por data 305
Cadro 16: Tiraxe por nivel 305
Cadro 17: Tiraxe por tipoloxía 305
Cadro 18: Materiais en novos soportes. Distribución por niveis educativos 307
Cadro 19: Materiais en novos soportes. Lingua/ sistema educativo en xeral 308
Cadro 20: Os contidos do programa oficial en *Lingua galega 1º de BUP*, ed. Xerais (1983) 312
Cadro 21: Distribución de contidos en *Lingua galega 1º de BUP*, ed. Obradoiro--Santillana (1990) 314
Cadro 22: Estrutura das unidades dos libros de texto de lingua editados a partir da LOXSE 317
Cadro 23: Distribución de contidos en *Lingua 1º ESO*, ed. Xerais (1996) 317
Cadro 24: Comparación dos índices de *Literatura galega 3º BUP*, ed. Xerais (1983) e os libros de 3º e 4º de ESO de Obradoiro-Santillana (1996) 325

Gráficos

Gráfico 1: Evolución de recursos terminográficos (1984-2000) 235
Gráfico 2: Áreas de traballo terminolóxico 237

Gráfico 3: Combinacións lingüísticas dos repertorios 239
Gráfico 4: Editores de terminoloxía 249
Gráfico 5: Linguas traducidas ao galego (1992-1999) 283
Gráfico 6: Evolución das publicacións sobre ensino en xeral 296
Gráfico 7: Evolución das publicacións sobre ensino da lingua 297
Gráfico 8: Os materiais para o ensino da lingua por niveis educativos 299
Gráfico 9: Materiais didácticos para ensino non regrado da lingua 350
Gráfico 10: Usos lingüísticos en Asturias. Uso lingüístico dos avós maternos 432
Gráfico 11: Usos lingüísticos en Asturias. Uso lingüístico dos pais entre si 432
Gráfico 12: Usos lingüísticos en Asturias. Lingua falada pola nai co alumnado . . . 432
Gráfico 13: Usos lingüísticos en Asturias. Lingua falada polo profesorado co alumnado 432
Gráfico 14: Usos lingüísticos en Asturias. Lingua falada polo alumnado coa nai . . 432
Gráfico 15: Usos lingüísticos en Asturias. Lingua falada polo alumno cos compañeiros 432
Gráfico 16: Usos lingüísticos en León. Lingua falada polos avós maternos 433
Gráfico 17: Usos lingüísticos en León. Lingua falada polos pais entre si 433
Gráfico 18: Usos lingüísticos en León. Lingua falada pola nai co alumno 433
Gráfico 19: Usos lingüísticos en León. Lingua falada polo profesorado co alumnado 433
Gráfico 20: Usos lingüísticos en León. Lingua falada polo alumno coa nai 433
Gráfico 21: Usos lingüísticos en León. Lingua falada polo alumno cos compañeiros 433
Gráfico 22: Usos lingüísticos en Zamora. Lingua falada polos avós maternos 434
Gráfico 23: Usos lingüísticos en Zamora. Lingua falada polos pais entre si 434
Gráfico 24: Usos lingüísticos en Zamora. Lingua falada polo pai co alumno 434
Gráfico 25: Usos lingüísticos en Zamora. Lingua falada polo profesorado 434
Gráfico 26: Usos lingüísticos en Zamora. Lingua falada polos alumnos cos pais . . 434
Gráfico 27: Usos lingüísticos en Zamora. Lingua falada polo alumno cos compañeiros 434

Mapas

Mapa 1: Santiago de Compostela, na encrucillada das isoglosas correspondentes ao seseo (cen), a finais nominais –an/ -ao (man), ao plural dos nomes acabados en –n (cans) 114
Mapa 2: Os dezaoito concellos da Terra Eo-Navia 427
Mapa 3: Áreas dialectais do galego en Asturias 428
Mapa 4: Concellos de fala galega en León 429
Mapa 5: Concellos de fala galega en Zamora 430
Mapa 6: Fronteira do galego en León e Zamora 431

A DEMANDA DA NORMA. AVANCES, PROBLEMAS E PERSPECTIVAS NO PROCESO DE ESTANDARIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO*

Henrique Monteagudo

1 ESTANDARIZACIÓN: FIXACIÓN E DIFUSIÓN DA NORMA

Despois dunha longa historia de marxinación e repregamento, levada a extremos de férrea represión durante a ditadura franquista, nos últimos lustros o idioma galego experimentou progresos considerables canto ao seu recoñecemento social, á súa promoción política, ao seu desenvolvemento cultural e á súa elaboración lingüística. Neste mesmo período, a lingua experimentou un rápido proceso de adaptación (Coulmas 1989), por mor de afrontar a grande mudanza que supuxo pasar en moi pouco tempo de sobrevivir como idioma popular e literario, acoutado no uso oral e na comunicación privada, a exercitarse como lingua administrativa, didáctica e informativa, de emprego espallado nos ámbitos públicos, tanto oralmente coma por escrito. Ese paso histórico abocou o galego á estandarización, de modo e maneira que cuestións antes escasamente preocupantes, sen grande relevancia práctica e case invisibles, tornáronse temas conspicuos, debullados polo miúdo e discutidos ata a extenuación.

No presente contributo ímonos ocupar de dous aspectos cruciais da estandarización lingüística: dunha banda, o proceso de constitución do estándar lingüístico, isto é, a forxa da variedade modelo, en particular a codificación normativa desta –*a estandarización da lingua*; doutra banda, o proceso de implantación desa variedade, isto é, a súa difusión, aceptación, adquisición e adopción efectiva por parte dos falantes –*a estandarización*

* As referencias bibliográficas dos textos normativos mencionados neste capítulo figuran no apéndice bibliográfico final 1 Bibliografía: a norma.

da comunidade lingüística[1]. Ocuparémonos máis demoradamente do primeiro aspecto, xa que é de lonxe o máis estudado e debatido, pero isto non debe facer esquecer a importancia crucial do segundo: un estándar propiamente dito éo porque é empregado acotío pola masa dos locutores, caso contrario, o modelo normativo convértese en papel mollado, unha pura entelequia.

Non cómpre que nos delonguemos a explicar a importancia da estandarización lingüística como proceso que acompaña, facilita e contribúe á normalización social do idioma. Non é que a variedade estándar dunha lingua sexa preferible en senso absoluto ou de superior calidade intrínseca a calquera outra variedade; sinxelamente, convértese en imprescindible cando esa lingua é empregada en determinados ámbitos (sobre todo, ensino, Administración, comunicación supralocal e en xeral escrita), e resulta especialmente axeitada para estes. Por parte, a existencia dunha variedade transdialectal do idioma constitúe unha manifestación obxectiva da consciencia de identidade, unidade e lealdade lingüística da comunidade correspondente (Monteagudo 1994). A vixencia dun modelo de referencia común para os utentes, amplamente recoñecido e solidamente implantado, representa así a materialización dun ideal de lingua socialmente partillado e revela un grao superior de cultura lingüística e de articulación interna do grupo lingüístico. A estandarización é un proceso extraordinariamente arduo e complexo, que implica un alto grao de integración e autoconsciencia, de madureza e de institucionalización da comunidade idiomática atinxida. É un fenómeno que envolve, polo tanto, todo un abano de cuestións que non son primaria nin fundamentalmente lingüísticas, mais socio-culturais.

No centro do proceso de estandarización atópase a variedade lingüística 'estándar', 'modelo' ou 'normativa' (tamén denominada 'exemplar' ou 'de referencia'). Esta constitúe o resultado da

1. O esquema analítico básico que subxace á presente exposición, con discusión das nocións máis relevantes e remisión á bibliografía especializada correspondente, atópase en Lamuela e Monteagudo (1996).

maduración dunha 'variedade culta/escrita'. En principio, a existencia dunha variedade culta/escrita non implica necesariamente a estandarización da lingua, mais sinxelamente un certo nivel de elaboración desta; endebén, unha vez atinxida a estandarización, a variedade culta/escrita practicamente se identifica coa variedade 'modelo'. Nótese que falamos de variedade 'culta' e 'escrita', e nas páxinas do presente traballo contraporémola á variedade 'usual' (ou 'ordinaria') e 'falada' (tamén denominada 'oral' ou 'coloquial'). Obviamente, existen os rexistros lingüísticos 'oral/culto' e 'escrito/usual', pero onde se manifestan máis claramente as características que contrapoñen a lingua elaborada e a non elaborada é xustamente na comparanza entre o uso escrito/culto dunha banda e o oral/ordinario da outra.

Ao longo da presente achega porase de vulto a centralidade da escrita no proceso de elaboración lingüística e máis en particular de estandarización. Non pretendemos disputarlle á lingua falada o seu carácter primario e o seu lugar absolutamente central e insubstituíble na comunicación humana, mais non se pode negar que a escrita supón unha ampliación notabilísima das posibilidades que ofrece a linguaxe como órgano do pensamento, medio de expresión e vehículo de comunicación. Fronte ao carácter espontáneo, irreflectido e universal da fala (da súa adquisición e produción en condicións normais), a escrita é un artefacto do que só se benefician, tras unha laboriosa aprendizaxe, unha minoría de linguas do mundo e unha minoría de falantes dunha parte significativa das linguas escritas. Aínda que na actualidade os medios de comunicación audiovisual son omnipresentes, a escrita continúa a ter un rol central nas nosas sociedades e nas nosas culturas. Precisamente por tratarse dun invento cultural e tamén polas súas propias características (perdurabilidade, fixeza, independencia do contexto extralingüístico…), a escrita é susceptible dun control, dun requintamento e dunha uniformidade ao longo do tempo e do espazo impensables para a fala. Por tanto, a escrita é un instrumento fundamental de estandarización lingüística. A tal punto, que a variedade culta falada é en boa parte un produto secundario, derivado da escrita e for-

temente dependente desta (de aí que os estudiosos falen de 'oralidade secundaria', véxase o clásico Ong 2002). Isto explica a nosa insistencia en referirnos á variedade culta/escrita, aínda que, como se verá, non esqueceremos referirnos ao estándar oral.

En linguas con evolución histórica 'normal' (como o castelán ou o portugués), a estandarización desenvolveuse a un ritmo relativamente pausado, en chanzos sucesivos ao longo de centurias de elaboración e cultivo ininterrompidos. Pola contra, en idiomas cunha evolución máis accidentada (como o galego ou o catalán), a estandarización tivo que desenvolverse a un ritmo máis rápido e en condicións menos favorables. De aí deriva a impresión de que a estandarización das linguas do primeiro grupo é un proceso inxenuo, que se desenvolveu de forma natural en ausencia de calquera inxerencia ou mediación externa; mentres que a das linguas do segundo grupo é un feito artificial, un produto de laboratorio, o resultado dunha fabricación guiada decisivamente por factores extralingüísticos. Esta impresión é rotundamente falsa. Non existen estándares 'naturais': a estandarización é en todos os casos un aspecto específico dun fenómeno moito máis xeral, cal é o cultivo ou elaboración das linguas, un fenómeno que implica o control consciente e a manipulación deliberada dos recursos lingüísticos con motivacións e propósitos determinados, non lingüísticos (ou non puramente tales) tendentes, falando xenericamente, a mellorar a eficacia daquelas como instrumento de comunicación, a conseguir o seu refinamento expresivo ou o seu embelecemento estético, e/ou a incrementar o seu prestixio e o seu valor como símbolo de identificación dunha colectividade. Todos os estándares son, nese senso, produtos artificiais, o cal non impide que, unha vez que se establecen e se institucionalizan, pasen a ser aprendidos e utilizados coa maior das naturalidades nas comunidades lingüísticas normalizadas. Esa é a vocación e o destino que lle dan sentido ao estándar galego: que sexa o vehículo corrente de expresión dunha comunidade lingüística normalizada.

1.1 *Estandarización da lingua*

A variedade padrón do galego posúe un código normativo propiamente dito desde a aprobación en 1982 das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (ILG/ RAG 1982), elaboradas conxuntamente polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (ILG) e a Real Academia Galega (RAG), e sancionadas oficialmente pola Xunta de Galicia (Graña Martínez 2001:69-71). Estas *Normas* foron obxecto dunha revisión en 1995, e acaban de ser reformadas pola Real Academia Galega (2003), por proposta conxunta do propio ILG e os departamentos de Filoloxía galega das tres universidades de Galicia[2] (a partir de agora, abreviaremos NOMIG, especificando cando for necesario NOMIG-82 para a versión aprobada en 1982 e NOMIG-03 para a versión de 2003). A aprobación das NOMIG-03 pode considerarse a culminación do proceso de constitución dun modelo normativo solidamente asentado e amplamente aceptado, pois resolve as discrepancias que afastaban das NOMIG-82 un sector de utentes numericamente reducido pero socio-culturalmente significativo (véxase máis abaixo § 3.2.1). Aínda persisten correntes discrepantes coas NOMIG, moi activas pero francamente minoritarias e faltas de apoios sociais significativos. Polo tanto, o presente contributo vaise centrar na normativa oficial, cunha rápida referencia ás alternativas e aos debates a que deron azo.

As NOMIG supoñen a codificación, e con isto a sistematización e definición dunha variedade normativa do idioma galego, pero esta variedade non xurdiu *ex novo*, mais é continuadora histórica dunha variedade culta/escrita (*gallego común*: Carballo Calero 1966[3], *Kultursprache*: Esser 1990) que veu callando ao longo

2. Lémbrese que ata c. 1990, a única universidade existente en Galicia tiña sede en Santiago de Compostela, desde a data indicada existen tamén as universidades de Vigo e A Coruña.

3. Na denominación *gallego común* que emprega Carballo Calero (probable trasunto do alemán *Gemeinsprache*), o adxectivo *común* oponse a *particular* ou *dialectal*.

dunha tradición de cultivo da lingua que arrinca dos meados do século XIX (Alonso Montero 1970, Carballo Calero 1972 e 1974, Fernández Salgado e Monteagudo 1995, Santamarina 1995, Monteagudo 1999:357-505). É certo que o galego escrito nunca gozou dunha completa fixación e codificación, basicamente pola razón de que o propio idioma careceu de todo recoñecemento oficial ata 1980, cando se aprobou o Estatuto de autonomía de Galicia que sentou os alicerces para o autogoberno. Mesmo así, antes desta data, a lingua galega non se viu privada de esteos institucionais (precarios): coma tal, a Real Academia Galega fundada en 1906, o Seminario de Estudos Galegos (SEG) que existiu entre 1923 e 1936, ou o Instituto da Lingua Galega (ILG) creado en 1970. Aliás, estas institucións emprenderon tentativas de codificación: *Normas* do Seminario de Estudos Galegos (SEG 1932, 1936), *Normas* da Academia de 1970 e 1971 (RAG 1970, RAG 1971), *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* que promoveu o ILG (Universidade de Santiago 1977). Pero estas propostas careceron nalgúns casos da amplitude e sistematicidade requiridas, e en todos do imprescindible respaldo socio-político (Alonso Pintos 2002, Monteagudo 2003).

Sexa como for, por obra dos cultivadores do idioma, paseniñamente foise decantando unha modalidade de lingua culta/escrita razoablemente estable e ben definida, que, coas súas vacilacións, incoherencias e desvíos, serviu de alicerce sobre o que se construíu unha variedade estándar apta para ser utilizada nas condicións de plenifuncionalidade que, co desenvolvemento do autogoberno, se lle foron abrindo progresivamente ao idioma galego a partir de 1980. Desde 1981 Galicia posúe un goberno e un parlamento autónomos que utilizan publicamente o galego como

Recolleremos esta denominación, considerando o *galego común* como a base do *galego culto*. Para referirnos ao galego coloquial falado de maneira espontánea e xeral en contextos non públicos e informais, especialmente (pero non só) por falantes non cultivados, utilizaremos a denominación *galego usual* ou *ordinario*, tomando o último adxectivo como sinónimo de 'corrente', e obviando, como é lóxico, as connotacións pexorativas que se poidan asociar ao adxectivo *ordinario*.

idioma oficial preferente, desde 1983 está vixente unha Lei de normalización lingüística que, entre outras cousas, establece o ensino obrigatorio do idioma nos centros educativos, prevé o seu uso como lingua vehicular da educación, e dispón a súa progresiva extensión como lingua oficial das administracións públicas; e desde 1986 funciona unha emisora pública de radio-televisión (RTVG) que utiliza maioritariamente o galego (Siguan 1992:216-230, Monteagudo e Bouzada (coords.) (2003)). Obviamente, a oficialización e a ampliación de ámbitos funcionais da lingua tornaban imperiosa a fixación dun modelo normativo no que fincar a elaboración de novas variedades funcionais, e a esa necesidade responden as NOMIG (Monteagudo 1993:130-134).

Canto á elaboración da variedade modelo (*estandarización da lingua*), como é sabido, o debate polarizouse arredor da lingua escrita entre unha corrente autonomista hexemónica e outra reintegracionista minoritaria[4]. Na corrente autonomista, pola súa vez, pódense distinguir unha rama maioritaria, agrupada por volta do Instituto da Lingua Galega e das NOMIG-82, e outra minoritaria, pero con notable implantación nos sectores máis mobilizados, agrupada arredor da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e as súas *Orientacións para a escrita do noso idioma*, que tamén se ten denominado 'reintegracionista de mínimos'. Baixo a denominación reintegracionista apareceron diferentes propostas (á parte da devandita), pero o grupo máis representativo é o nucleado arredor da Associaçom Galega da Língua (AGAL), partidario dunha normativa transicional cara ao portugués, mentres que outros sectores defenden a adopción inmediata e íntegra do 'português padrão'

4. Non existe unha denominación establecida da corrente maioritaria, que ten sido designada como *autonomista*, *rexeneracionista*, *diferencialista* e *isolacionista* (os dous últimos termos úsanos os seus detractores, con connotación pexorativa). Esta falla de denominación fixa é significativa do seu carácter hexemónico. O normal é ser autonomista, e o que non é normal é o que recibe unha denominación estable: *reintegracionista* ou *lusista* (a segunda usada sobre todo polos seus detractores, con connotacións desmellorativas). Na nosa opinión, as designacións máis precisas para ambas as correntes son, respectivamente, *galeguista* e *integracionista*, pero pregámonos por comodidade ás usuais.

(Irmandades da Fala Galiza-Portugal, Associação de Amizade Galiza-Portugal). A corrente autonomista postula a elaboración dun estándar galego autónomo, continuador da tradición literaria contemporánea e próximo ao uso falado ordinario; a reintegracionista propugna un estándar integrado no polisistema idiomático lusitano (ou luso-brasileiro). As diferenzas entre autonomistas e reintegracionistas teñen unha plasmación moi visible no plano ortográfico. A ortografía autonomista continúa, simplificándoa e depurándoa, a tradición común do galego escrito desde o século XIX, que se orixinou como unha adaptación á fonémica galega da ortografía castelá. A ortografía reintegracionista consiste, pola súa banda, nunha adaptación do sistema gráfico do portugués europeo, e preséntase como continuadora da do galego medieval. Máis adiante volveremos sobre esta cuestión.

1.2 *Difusión da norma ou estandarización da comunidade lingüística*

Verbo da cuestión da difusión da norma (*estandarización da comunidade lingüística*), os problemas proceden principalmente de: (a) as disensións con respecto á definición do padrón lingüístico (segundo explicamos no parágrafo anterior), as deficiencias canto á definición deste e a súa relativa inestabilidade, o que implica atrancos para a súa *aceptación*; (b) as dificultades para a súa *difusión* (ou socialización), derivadas da situación sociolingüística do galego, en particular do feito de que o castelán ocupa a maior e mellor parte do espazo de comunicación pública e cuase-monopoliza as axencias de difusión da lingua (emisións radiofónicas e televisivas, xornais e publicacións, etc.), o que representa un serio problema para a súa *adquisición*; (c) as dificultades para a súa *adopción*, tanto por parte dos galego-falantes que case por definición son dialectófonos e na súa meirande parte foron e continúan a ser alfabetizados en castelán, como por parte dos castelán-falantes, sobre todo os procedentes dos medios sociais e os hábitats xeográficos con menor presenza do galego.

Canto ao primeiro punto sinalado (a), é obvio que as polémicas normativas, adoito ruidosas e virulentas, teñen prexudicado seriamente o proceso de normalización do galego, e en particular, a aceptación da súa variedade normativa. Por parte, ao longo do tempo o modelo oficial sufriu sucesivos retoques en aspectos menores, o cal é perfectamente lóxico e normal, pero en ocasións as mudanzas de criterio e trasacordos non foron debidamente ponderados e sobre todo, acaidamente divulgados e explicados, o cal non deixou de provocar desconcerto entre os utentes (Harguindey, 1993). No tocante ao segundo punto (b), hai que ter en conta que para a efectiva estandarización da comunidade lingüística non abonda coa presenza do modelo normativo na escola (e menos aínda se unicamente se aprende como materia de estudo e non se utiliza como lingua vehicular), mais os medios de comunicación de masas desempeñan un papel absolutamente fundamental. Ás veces tense a impresión de que algúns lingüistas manteñen neste particular unha actitude excesivamente idealista e voluntarista, sen decatárense de que soamente unha exposición intensa e continua á lingua (en particular á súa variedade exemplar) garante un coñecemento comprehensivo e fluído desta por parte de amplos sectores da poboación. E aínda así, da competencia receptiva á competencia produtiva vai un treito que non é doado de percorrer.

Finalmente, no que atinxe ao terceiro punto (c), non hai que esquecer que o castelán é o idioma nativo de máis dun terzo dos habitantes de Galicia, exclusivo dos sectores sociais máis elevados, maioritario (ou case) nas camadas medias, os grupos profesionais máis cualificados e a poboación máis nova ambientalmente dominante nos núcleos urbanos, lingua tradicional da instrución e da comunicación formal e escrita, e usufruidor, como dixemos, da maioría dos medios de comunicación de masas. E tampouco se pode perder de vista que xustamente aí figuran os ámbitos de comunicación que fan circular a variedade estándar, os grupos sociais en que esta aniña e os sectores profesionais aos que están adscritos os seus principais portadores e difusores. Pero xa estamos a adiantar as cuestións que imos desenvolver máis adiante.

Comezaremos pola constitución da norma, tracexando en primeiro lugar unha panorámica histórica do correspondente proceso, deténdonos a seguir nas NOMIG-82 e os debates normativos que as arrodearon, ata desembocar nas NOMIG-03. Remataremos co tratamento das cuestións vencelladas á difusión e adopción da norma.

2 A CUESTIÓN DA NORMA NA HISTORIA

2.1 *O século XIX: Rexurdimento. Do galego circunstancial (c. 1810-c. 1850) ao galego poético (c. 1850-c. 1915)*

Aínda que o idioma galego experimentou, parcialmente en comunidade co portugués e parcialmente en paralelo a este, unha primeira emerxencia durante a Idade Media (séculos XIII ao XV), esta viuse tronzada pola intromisión do castelán, que desde o primeiro terzo do século XVI ata os comezos do século XIX se tornou practicamente en única lingua escrita en Galicia (xunto ao latín) (Monteagudo e Santamarina 1993, Monteagudo 1999). Destarte, na época moderna iniciábase un proceso de asimilación lingüística, que nos séculos XVI-XVIII avanzou paseniñamente, pero que gañou ritmo nos séculos XIX e XX, e que tería abocado a unha dialectalización irreversible do galego se non fose polo agromar dun movemento galeguista na segunda metade do século antepasado que gozou dunha notable continuidade, a pesar de sufrir reveses tan graves como a ditadura (1936-1975). Feito crucial para o que nos interesa é que este movemento galeguista mantivo as reivindicacións lingüísticas na cerna dos seus sucesivos proxectos político-culturais. Precisamente o lugar central outorgado á lingua na configuración da identidade colectiva galega constituíu o móbil principal do seu cultivo, o cal explica a orientación deste cara á configuración dun idioma culto propio, autónomo, ben que concibido idealmente como membro dunha familia lingüística máis ampla, a galego-portuguesa.

O galego contemporáneo agroma no século XIX, pero xermolara no século XVIII, e isto por obra de Martín Sarmiento

(1695-1772), autor único dunha inxente obra idiomática que o converte no auténtico fundador da filoloxía galega e no lingüista máis importante que deu Galicia ata hoxe. Podemos dicir que Sarmiento foi o 'inventor' do galego contemporáneo. (*Inventor* é empregado aquí en senso etimolóxico, de 'descubridor' dunha cousa que xa existía pero non era recoñecida como tal.) Ora, o que é interesante ter en conta é que a invención ou recoñecemento do galego contemporáneo se opera a través dun duplo movemento de afirmación fronte ao castelán e fronte ao portugués. Isto realízao Sarmiento ao deixar sentados tres principios básicos sobre os que finca a identidade autónoma do idioma galego: (1) non é un dialecto do castelán, mais do latín, (2) orixinariamente é a mesma lingua que o portugués, pero (3) o portugués procede do galego, ou, dito doutro xeito, este constitúe o primeiro agromo da lingua e permanece máis próximo á raíz común orixinaria. Neste mesmo senso, é significativo que, cando realiza os seus ensaios aurorais de escrita en galego, Sarmiento se inspire na ortografía do textos galegos medievais e non da do portugués coetáneo. Os estudos lingüísticos de Sarmiento sobre o idioma galego, aínda que gozaron dunha notable circulación mediante copia manuscrita, só tiveron un influxo perceptible na evolución da consciencia lingüística galega e no galego escrito a partir da metade do século XIX, por medio de escritores renancentistas como Juan Manuel Pintos Villar.

Antes desta data, e ao longo de catro décadas (c. 1810-c. 1850), producíranse unha serie considerable de escritos en galego, unha parte dos cales chegara a ter difusión impresa (nalgúns casos notable). Por vía da regra son pezas que se sitúan tipicamente na transición entre a oralidade e a escrita, textos pensados máis para ser oídos por unha audiencia próxima e coñecedora dos temas tratados que para ser lidos por un público anónimo e intemporal. Por iso mesmo, aínda que os seus autores tiveron que afrontar problemas de grafización, non dexergaron a necesidade de fixación da ortografía e as súas tentativas tiveron escasa influencia nas seguintes etapas do galego escrito. Neses escritos apréciase unha tendencia claramente foneticista, sempre a partir da ortografía castelá, e

quizais tamén baixo influencia dos textos escritos asturianos (aínda que esta é unha cuestión por estudar). En xeral, a base lingüística deses textos é o dialecto de cada autor (ou da súa audiencia), arrequentado con recursos tirados do castelán, adoito mediante empréstimo directo, sen previa adaptación.

No período 1850-1915 o cultivo do idioma recibe un pulo considerable, pero este céntrase de forma case exclusiva na poesía. Así e todo, é perceptible un despregamento en distintos xéneros poéticos: comézase pola poesía de circunstancias e para-folclórica ou costumista, pásase pola lírica intimista e filosófica e pola musa cívica, e chégase á épica e ás traducións de poesía relixiosa e clásica. Co paso do tempo, abrolla a prosa narrativa e dramática (aínda que con predominio de temas costumistas e antigos), e tamén espreita a prosa informativa e didáctica. Todo o que ultrapase o xénero folclórico ou para-folclórico esixe elaboración lingüística, aínda que no período que estamos a considerar esa elaboración consiste basicamente nunha acumulación de recursos, sen criterios claros de selección, ordenamento e xerarquización. Así o expresa Curros Enríquez, poeta dotado dun finísimo xenio idiomático:

> Non cadra ser demasiado esixente e descontentadizo, cando aínda o noso idioma non chegou a fixar o seu vocabulario. Estamos na peor angueira, a de acarrexo: o noso traballo consiste hoxe en recadar materiais, en arrincar pedra da canteira popular e axuntala para despois erguer o edificio. Daquela virá a selección e con ela o traballo de cicel, que hoxe é imposible (1894) –véxase Monteagudo 2002a–.

O groso do material recadado procede, como ben di o vate celanovés, do fondo popular/dialectal, pero a elaboración implica tamén a transferencia de recursos do castelán, que ao comezo se adoptan directamente, pero que cada vez máis tenden a ser vernacularizados, isto é, adaptados ao galego. Contra finais do período advírtese nalgúns autores unha apertura ao latinismo e helenismo directos, non mediatizados polo castelán (Eduardo Pondal), e cara ao galego medieval (López Ferreiro). Ao tempo, vaise acentuando

a actitude purista, e tamén comeza a agurgullar o hiperdiferencialismo. Aínda que cada autor segue partindo do seu propio dialecto, ensáiase a combinación de formas de distintos dialectos, aínda que xeralmente de xeito pouco sistemático. Isto débese dunha banda a que os textos producidos buscan (e obteñen) unha maior difusión, alén dunha audiencia reducida e próxima, o que permite que uns cultivadores adopten formas empregadas por outros, aínda apartándose do seu dialecto orixinario.

Paralelamente, aparecen as primeiras tentativas de codificación ortográfica, gramaticalización e lexicalización (González Seoane 1992, Fernández 1997). Prodúcense, asemade, os primeiros debates sobre a ortografía, e retómase o contacto co galego medieval, ata daquela practicamente ignorado. A cuestión da norma comeza a tomarse en consideración, pero como un problema máis ben práctico e de importancia secundaria. Os esforzos normativadores teñen carácter individual, e na praxe dos cultivadores do idioma pesa grandemente o exemplo de figuras carismáticas, especialmente escritores (Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez), mais tamén gramáticos (J. A. Saco Arce). Referirémonos brevemente ás obras máis representativas deste período. Seguindo a orde cronolóxica, a primeira é, sen dúbida, *A Gaita Gallega*, do maxistrado pontevedrés Juan Manuel Pintos, curioso opúsculo misceláneo que se subtitula *Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar a lengua gallega* (1853). Estamos ante un tratado de carácter didáctico, que contén elementos de ortografía, léxico e etimoloxía, textos exemplificadores e rexa doutrina en defensa do idioma. A obra de Pintos, convencido etimoloxista, está fortemente influída por Sarmiento, a quen dedica un panexírico ao final do libro. O maxistrado pontevedrés demostra un criterio lingüístico moi atinado e moi circio, e temos motivos para laiarnos de que o seu maxisterio non deixase un ronsel máis amplo e permanente.

A segunda (e quizais máis importante) obra deste período é a *Gramática gallega* de J. A. Saco Arce (1868), un clérigo ourensán con sólida formación e criterio tamén moi asisado, que, aínda que non se propuxo realizar unha codificación sistemática, exerceu

unha considerable influencia, especialmente no terreo ortográfico; como testemuña explicitamente, entre outros, M. Curros Enríquez –véxase Monteagudo 2002a–. No eido do léxico é obrigado citar o *Diccionario gallego-castellano* (1884) de M. Valladares Núñez, repertorio de referencia durante as décadas seguintes. Entre os editores máis importantes do período podemos contrastar o etimoloxismo de Antonio María de la Iglesia, un dos protagonistas dos primeiros pasos do Rexurdimento (editor da primeira antoloxía poética, *Álbum de la Caridad*, de 1862, e da importante colectánea en tres volumes *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*, de 1886); co foneticismo do editor máis sobranceiro da segunda fase do Rexurdimento, Andrés Martínez Salazar, principal impulsor da importante 'Biblioteca Gallega' e por ventura, editor científico da *Crónica Troyana* de finais do s. XIV.

Canto á selección normativa, referirémonos rapidamente aos aspectos máis salientables, facendo fincapé na ortografía (Fernández Salgado e Monteagudo 1995). O sistema gráfico de que se parte é o do castelán, lingua de alfabetización dos produtores e os receptores dos textos. Ese sistema gráfico é doadamente adaptable para a representación gráfica do galego, dada a proximidade fónica entre o idioma do país e o do estado, e tendo en conta que algunhas diferenzas no inventario fonolóxico das dúas linguas non teñen repercusión gráfica (como a existencia en galego de fonemas vocálicos medio abertos e medio pechados tanto na serie palatal coma na serie velar). Os problemas máis importantes para a adaptación do sistema gráfico castelán ao galego ofrécenos dunha banda, a consoante sibilante prepalatal (*xente)* e a nasal velar antevocálica (*unha*), doutra nunha serie de fenómenos fonotácticos, nalgúns casos con repercusións morfolóxicas, que caracterizan o galego e son descoñecidos en castelán, coma tal: [e] paragóxico (*o mare*), iode epentético (*a-i-auga*), contraccións (preposición *a* + artigo determinado *o, a*), elisións, alomorfos do artigo determinado e do pronome persoal acusativo átono de terceira persoa (*o/lo/no*), etc.

Canto á representación das consoantes, da sibilante prepalatal falaremos máis adiante, no tocante á nasal velar (que non exis-

tía no galego medieval nin tampouco en portugués, polo que tampouco non se podía procurar unha solución aí), logo de diversas tentativas (*u-a, hua, hum-a, un-a, un-ha*), a partir de de c. 1880 decántase sen contestación a solución <nh>, o que viña crear un problema potencial en caso de achegamento á ortografía portuguesas, pois nesta o dígrafo <nh> emprégase, como é sabido, para representar a nasal palatal que o castelán representa con <ñ>. Por parte, hai que sinalar o profuso emprego do grafema <y> para representar o /i/ asilábico, tanto en posición final absoluta (*boy, fay*; máis raramente en interior de palabra: *primeyra*), onde alterna co grafema <i>, como, especialmente, en posición interior intervocálica (*saya, rayo, soyo*), onde o seu uso é xeral, e mais para representar o alomorfo antevocálico da conxunción copulativa *e* (*el y-eu*).

Un asunto obxecto de discusións recorrentes foi a grafización da consoante sibilante prepalatal. Dunha banda, os etimoloxistas eran partidarios da escrita latinizante (*gente, hoje, caixa*), doutra, os foneticistas propugnaban a utilización dun único grafema (*xente, hoxe, caixa*). Na práctica, aínda que en principio eran maioría os primeiros, ao final impuxéronse os segundos, moi probablemente gracias ao maxisterio do gramático Saco Arce e mais ao exemplo de escritores como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Valentín Lamas Carvajal (Monteagudo 2002). Secomasí, a corrente etimoloxista non se deu por vencida, e sentiríase reforzada nos seus argumentos pola redescuberta do galego medieval e, en parte como consecuencia desta, pola nova atención prestada ás solucións gráficas do portugués. O debate ortográfico debuxa as dúas concepcións do galego escrito que, baixo diferentes formulacións, convivirán no futuro: unha máis popularista, que propón estear o rexistro culto na lingua popular e a escrita na fala, e outra máis cultista, que pula pola construción dun rexistro culto máis marcado fronte ao popular, e por un sistema ortográfico menos dependente da oralidade, e máis próximo á raíz latina, o galego medieval e/ou o portugués.

Verbo dos fenómenos fonotácticos e alomórficos, a tendencia, especialmente no caso dos autores foneticistas, é a unha repre-

sentación o máis fiel destes (aínda que escasamente sistemática), para o que se utiliza o apóstrofo (*d'onte, qu'a quere, com'o vin…)*, o trazo ou hífen (*todol-os, a y-auga, quen-a quere*) e diversos tipos de til, ás veces en combinación con algún dos procedementos anteriores (*ô sol/ ao sol, com'ô outro/ coma o outro*…). A profusión no uso de diacríticos, se dunha banda dificultaba considerablemente a escritura e a lectura, doutra marcaba con moita clareza a identidade contrastiva da escrita galega verbo da castelá. Polo mesmo, desde este punto de vista canto máis foneticista se mostrase un escritor, máis diferencial sería a súa grafía a respecto do idioma dominante, mentres que os etimoloxistas a final propugnaban un sistema ortográfico cuasemente idéntido a este. Isto tivo que pesar, e moi fortemente, no feito de que a inicial preferencia polo etimoloxismo acabase cedendo fronte ao pulo do foneticismo, que ao final do período se impón como opción claramente preferida.

2.2 *A primeira metade do século XIX: Irmandades da Fala/ Nós. O galego literario/culto*

Contra finais da etapa a que acabamos de referirnos, en 1906, fúndase a Real Academia Galega, respondendo a unha aspiración que viña deixándose sentir con progresiva forza desde había bastante tempo (c. 1890; véxase López Varela 2001). Unha das tarefas principais da Real Academia Galega consistía precisamente en regular o idioma, mediante a elaboración dunhas normas ortográficas, unha gramática normativa e un dicionario de referencia, pero a verdade é que non chegou a producir ningún deles. A Real Academia adoptou un acordo a prol da ortografía etimoloxizante, que é a que emprega no *Diccionario* que dá a lume por fascículos entre 1913 e 1929, de saída lentísima e que quedaría incompleto (só abranxe de *A* a *Cativo*). De todos os xeitos, o impacto da posición da Academia na grafía empregada polos cultivadores do galego foi escaso, por non dicir nulo.

Na segunda década do século XX, o galego escrito comeza a experimentar un notable desenvolvemento, que o conduce á ter-

ceira etapa da súa emerxencia contemporánea, que, co brutal corte da guerra e a inmediata posguerra, se prolonga ata aproximadamente a metade do século pasado (Monteagudo 1999:385-505). Neste período, o cultivo do idioma expándese rapidamente desde o limitado ámbito da creación poética e mais a narrativa e o teatro costumistas ou históricos ata a novela, o relato e o drama modernos, e de aí á prosa non ficcional, incluíndo un amplo rango de usos orais, tanto públicos coma privados, así formais coma informais: artigo de imprensa, ensaio, textos didácticos, académicos –sempre tocando temas nacionais e humanísticos–, divulgativos, conferencias, actos solemnes, mítins, cartas, tertulias en ambientes educados, conversa culta. Segundo a proposta de Heinz Kloss para medir a elaboración lingüística (*Ausbau*) nesta etapa pasamos do nivel II de (*Dichtung und Erzählung*) aos niveis III (*Zusprachtexte)* e IV (*Sachscrhriftung*) (véxase Monteagudo 1995b). Se conviñemos en denominar a anterior etapa como a do 'galego poético', a esta podemos designala como a do 'galego literario/culto'.

As elites intelectuais que impulsan esta expansión do cultivo do galego a novos dominios e tipos de texto son basicamente as mesmas que protagonizaron no terreo político-ideolóxico a evolución do rexionalismo decimonónico cara ao nacionalismo, e no terreo estético-cultural, e en particular literario, a superación do realismo e o costumismo cara ao modernismo e as avangardas. Trátase dunha cohorte de intelectuais e escritores, liderados por unha presada de figuras carismáticas (Antón Vilar Ponte, Johan Vicente Viqueira, Antón Losada Diéguez, Castelao, Vicente Risco, Otero Pedrayo) e nucleados arredor de colectivos como as Irmandades da Fala e o Partido Galeguista, institucións como o Seminario de Estudos Galegos, colecções literarias como 'Céltiga' e 'Lar', editoras como 'Nós', publicacións como as revistas *Nós* e *Céltiga*, o boletín *A Nosa Terra* e xornais como *Galicia* e *El Pueblo Gallego.*

O proxecto lingüístico do nacionalismo galego de entreguerras repousa no suposto de que o idioma é un elemento clave na definición da identidade nacional galega, e ten como albo principal a 'modernización' e 'nacionalización' do idioma do país: impúlsase,

pois, un proceso de modernización autentificadora, enormemente fértil, aínda que non exento de contradicións (pois 'modernización' e 'autentificación' presentan esixencias parcialmente contraditorias) (Monteagudo 2003). Unha volta máis, esta posición sobredeterminará a opción por un galego autoidentificado (mesmo hiperidentificado), e, malia a retórica ao uso, coutará o alcance das propostas de aproximación ao portugués, aínda que este será tomado como unha importante fonte de renovación léxica da variedade cultivada. Destarte, para a grande maioría dos cultivadores do idioma galego durante este período o portugués ofrécese como unha fonte de rexeneración e modernización 'autentificadora', na medida en que permite actualizar a lingua e ao tempo contribúe a marcar distancias fronte ao castelán. Nesa perspectiva, o achegamento ao portugués considérase inevitable e altamente desexable, pero isto non significa unha renuncia á identidade propia do galego. O portugués aparece pois como un esteo en que apoiar a construción do galego culto, non como un substituto deste. A posición queda meridianamente clara no limiar ás normas do Seminario de Estudos Galegos (1933):

> Galiza, a pesares da 'capitis diminutio' que dende o séc. XV vén sofrendo, mantivo e mantén ditosamente ergueito o seu idioma, falado pola inmensa maoría dos seus fillos cun senso antergo e primitivo en moitas formas e xiros que esquenceron os mesmos portugueses, influidos na sua vida cultural dos séc. XV, XVI e gran parte do XVII polos países de fala castelán e cunha peculiaridade de desenrolo noutras moitas formas e xiros que impiden toda posibilidade de adaptar lisa e totalmente a nosa língua ás normas que rixen a bela fala de Portugal.
>
> Co-esto está dito o esprito que debe domeñar a nosa orientazón: O de achegamento ao portugués nos valdeiros que hai que encher no noso idioma. […] Mais somentes debemos achegarnos nos valdeiros que hai que encher na nosa fala, pois, agás da nosa principal obriga de deixar que o galego siga ceibamente polos sulcos que él vaise marcando, non podemos crer que o portugués sexa unha língua perfeita, ainda coa relativa perfeizón a que se pode aspirar nas cousas do linguaxe.

A estratexia idiomática identificadora máis característica deste período consiste no diferencialismo, manifestado especialmente no plano léxico en dúas vertentes complementarias (Monteagudo 2003) –véxase tamén máis adiante § 1.2 e § 3.1.6–. Dunha banda, procúrase a vernacularización formal do fondo léxico culto (fundamentalmente latino) que os cultivadores do galego do período de entreguerras se ven obrigados a introducir masivamente, por causa dos novos tipos de texto aos que a lingua accede. Doutra banda, todo vocábulo formalmente idéntico ou similar en galego e castelán (*paronomasia* ou *cognato xémeo*), sexa culto ou patrimonial, é obviado ou é suxeito a un tratamento diferenciador. Un procedemento diferencialista moi habitual consiste na aplicación analóxica de regras de conversión fonolóxica do castelán ao galego, inducidas a partir da comparanza entre series de palabras de ambos os idiomas: a palabra *estraño* trastócase en *estrano*, segundo o paralelo cast. *año*/ galego *ano*; a palabra *brillar* trócase en *brilar*, en paralelo a cast. *villa*/ gal. *vila*; *oficina* convértese en *oficiña*, segundo paralelo do cast. *harina*/ gal. *fariña*; *silencio* tórnase *silenzo*, conforme o paralelo do cast. *precio*/ gal. *prezo*, etc. En definitiva, os cognatos xémeos son ultracorrixidos e o resultado son formas *hiperenxebres*.

Igualmente, fórzase a regularización de familias léxicas irregulares, que inclúen palabras que pertencen a distintos estratos históricos. Tipicamente, nestas familias a palabra-matriz e/ou algúns derivados pertencen aos estratos vocabulares máis antigos da lingua, que experimentaron unha evolución fónica 'normal', pero outros derivados tomáronse do latín (por ventura, tamén do grego ou outras linguas) máis tardiamente, e sufriron soamente unha lixeira adaptación[5]. Así, *segredo* (substantivo) pero *secreto*

5. Tradicionalmente, a gramática histórica fala de *palabras patrimonais* para referirse aos vocábulos que pertencen aos estratos máis antigos da lingua (latinos e prelatinos), presentes na lingua desde a súa orixe, de *semicultismos* para as voces de estratos cronolóxicos 'medios', introducidos máis tardiamente e lixeiramente adaptados (basicamente, durante a Idade Media), e de *palabras eruditas* ou *cultismos* para os termos de introdución recente (desde o Renacemento), e escasamente adaptados.

(adx.) *secretario*; *cabido* (dunha catedral) pero *capítulo* (dun libro), *capitular* (adx.), etc. Ao seren regularizadas estas familias, aparecen formas como *segredario* ou *cabídoo* (dun libro). O hiperenxebrismo pode, pois, apoiarse no arcaísmo, exhumando formas medievais longamente caídas en desuso: o medievalismo *tídoo* é rescatado para evitar o cultismo *título* (que xa se introducira tamén na lingua medieval), e a partir daquel fabrícase o verbo *tidoar*, etc. A fabricación de hiperenxebrismos é un procedemento característico do galego de entreguerras, xa que os autores do século XIX, aínda que tenderan a adaptar os cultismos conforme as variantes orais máis comúns (*claro> craro*, *defecto> defeuto*), só excepcionalmente recorreran á ultracorrección das paronomasias, e menos aínda a arcaísmos e pseudo-arcaísmos.

Por outra banda, empréndese unha ampla operación de rescate do fondo léxico vernáculo, pescudando coidadosamente o galego ordinario, os falares dialectais e os tecnolectos das profesións tradicionais (agricultura, gandería, pesca, oficios artesanais)[6] e tratando de aproveitar ata o límite as posibilidades que estes ofrecen. Tratábase de dignificar e revitalizar o galego popular, mostrando a súa riqueza e as súas potencialidades expresivas, e ao mesmo tempo autentificar o galego culto, alicerzando a súa orixinalidade diferencial. Numerosas voces referidas á cultura material, especialmente a campesiña, foron revitalizadas como soporte de novos significantes intelectuais e modernos, ou tornáronse matriz de vizosas familias léxicas, que proliferaron mediante a aplicación de diversos procedementos de derivación. Por caso, *vencello*, que orixinalmente designaba unha 'atadura, corda ou similar que se emprega para atar un feixe', recibe a acepción abstracta de 'vínculo, relación que une unha persoa, cousa ou idea a outra ou outras', e a dá lugar aos derivados neolóxicos *vencellar* ('vincular') e *vencellamento* ('vinculación'). A medida en que moitas destas metáforas

6. A respecto disto, débese lembrar a importancia que na época se lle outorgou aos estudos etnográficos, onde salienta o contributo de varios dos intelectuais máis nomeados.

se automatizaron e os correspondentes derivados se lexicalizaron, o galego culto mostra unha fasquía considerablemente menos latinizada có castelán ou o portugués.

A expansión de ámbitos de uso do idioma fai que no período en aprezo o problema da norma se sinta con maior acuidade, e abrollen as primeiras tentativas minimamente abranxentes e articuladas de codificación (Monteagudo 1995a, Fernández Salgado 2000). Agora xa non se trata soamente de iniciativas particulares mellor ou peor acollidas, mais tamén de emprendementos colectivos, e mesmo cun carácter para-institucional. Canto a obras individuais, salientaremos a *Gramática do Idioma Galego* (1922, 2ª ed. 1931) de M. Lugrís Freire, o *Diccionario gallego-castellano* de L. Carré Alvarellos (2 vols., 1928-1931, 2ª ed. 1933), e o estudo *El idioma gallego: historia, gramática, literatura* (1926, 2ª ed. 1935) de A. Couceiro Freijomil. Deste último autor interesa salientar o opúsculo *Ortografía gallega. Bases para su unificación* (1929), que constitúe a primeira tentativa sistemática de análise e solución da cuestión ortográfica. O labor de Couceiro Freijomil está na base das *Normas* do Seminario de Estudos Galegos: *Algunhas Normas para a Unificazón do Idioma Galego* (1933); *Engádega ás Normas para a Unificazón do Idioma Galego* (1936). Coas súas limitacións, estas constitúen un contributo fundamental, e de feito representan a primeira iniciativa codificadora minimamente sistemática de carácter institucional, que tivo unha acollida ampla e positiva e, ata onde podemos enxergar, un notable impacto nos utentes. Foi mágoa que as *Normas* do Seminario apenas tivesen tempo para exercer certa influencia, xa que o golpe do 18 de xullo de 1936, alén de impedir a posta en funcionamento do Estatuto de autonomía de Galicia aprobado plebiscitariamente en xuño do mesmo ano, supuxo o esmagamento da intelectualidade galeguista e o silenciamento público do idioma do país. O labor do SEG no terreo da normativa lingüística (coma noutros moitos) foi condenado ao esquecemento.

As devanditas obras viñeron a lume nun contexto de intensos debates sobre a orientación que debía tomar o galego culto, debates en que participaron estudiosos, pero tamén escritores,

intelectuais e simples amadores. Endebén, se queremos tracexar un 'mapa' das distintas posicións, non podemos limitarnos a ter en conta os 'codificadores' estritos (os autores das gramáticas e os dicionarios e os codificadores das normativas ortográficas) e os participantes activos nas discusións, mais temos que reparar nas tomadas de posición práctica dos cultivadores do idioma, que á hora de produciren os seus textos tiñan que decantarse por unha serie de opcións e desbotar outras. Por vía da regra, as posicións de principio de cada individuo adoitan estar definidas de xeito abondo borroso, e nas prácticas combínanse de xeito asistemático e non raramente inconsistente solucións que corresponderían a orientacións diferentes, e mesmo contrapostas (Monteagudo 1995e). Destarte, poderíamos falar dunha especie de *continuum* de opcións, non ordenado nunha escala implicacional, mais como un espazo multidimensional que permite asociacións libres e combinacións 'á carta' de diversos tipos de solucións.

Con todas as precaucións que impoñen as devanditas observacións, en esquema poderíamos dicir que ao longo do período se foron definindo tres correntes (Monteagudo 1995a, 441-584 e Monteagudo 2002b):

- Unha corrente *popularista*, foneticista na ortografía (ás veces ata a radicalidade) e partidaria de apoiarse no galego falado. Dentro dela pódense distinguir dúas orientacións[7]: unha máis purista e diferencialista, esixente na depuración dos castelanismos (popularismo enxebrista), e outra anti-purista, aberta a aceptar o castelanismo (popularismo antipurista). A modalidade enxebrista do popularismo áchase fortemente orientada cara ao etnográfico (con risco de esvarar cara ao folclórico), e caracterízase por unha elevada valoración da variedade dialectal, e correlativamente, por un notable receo cara ás tentativas de elaboración dunha lingua

7. A análise das orientacións da lingua culta ten a súa base teórica en Thomas (1991).

culta unificada e supradialectal. A versión antipurista do popularismo oriéntase con forza cara ao coloquial ordinario (con risco de caer no vulgar), e resulta dificilmente compatible coa tendencia elaboracionista e estandardizadora da lingua. A actitude cara ao portugués da corrente popularista vai da suspicacia máis ou menos explícita ao refugo puro e simple. A corrente popularista mantivo unha forza considerable durante toda a etapa, pero tendeu a ser considerada como unha especie de posición de 'retagarda'.

- Unha corrente *rexeneracionista*, que se sitúa nunha liña de continuidade verbo da tradición literaria anterior (en particular, en relación coa xinea que arrinca de Rosalía, Curros Enríquez e Lamas Carvajal), aínda que admite a necesidade de luíla, arrequentala e actualizala. O consenso básico, dentro dunha notable flexibilidade (ou vaguidade, ou mesmo inconsistencia) repousa na necesidade de construír un galego culto unificado e autónomo, claramente identificado fronte ao castelán, cunha base circia no idioma usual falado, aínda que depurado, elevado e modernizado. Tal como acabamos de sinalar, a fonte principal de arrequentamento da lingua culta é o fondo patrimonial, que é resemantizado (intelectualizado), e fertilizado mediante o recurso aos mecanismos de derivación léxica. Dentro desta corrente, ampla e diversificada, combínanse en diferentes proporcións ingredientes puristas, diferencialistas, cultistas, popularizantes, arcaizantes e lusitanizantes. O purismo e o diferencialismo son, globalmente, os elementos máis conspicuos, o arcaísmo e o lusismo teñen menor relevancia. No seu interior advírtese unha certa polarización entre actitudes máis cultistas e outras máis popularizantes. Nesta corrente inscríbense as obras lingüísticas que citamos parágrafos atrás e o groso dos autores do período. É claramente a cen-

tral e maioritaria, a que marca a pauta da elaboración da lingua nesta etapa.

- Unha corrente *reintegracionista*, ultradiferencialista e arquipurista, arcaizante e elitista. Tanto o galego literario contemporáneo coma especialmente o galego usual son desbotados como esteos firmes para a lingua culta, pois considéranse irreparablemente deturpados polo castelán. O galego cultivado debe volver ás súas raíces medievais e asumir o legado portugués, aínda que iso comporte un afastamento marcado entre o galego escrito/culto e o usual/falado. En teoría, o reintegracionismo tivo moito predicamento nunha versión nebulosa, moderada e gradualista; especialmente, limando as súas arestas elitistas e outorgando un espacio de autonomía para a norma galega, na que cabería moito do enxebre e popularizante que a tradición literaria viña rescatando e incorporando á lingua culta. En troca, na práctica o reintegracionismo tivo escasos adherentes, por vía da regra cunha escasa bagaxe idiomática (especialmente en portugués), e a súa achega resultou máis ben cativa.

A orientación normativa predominante neste período apunta cara a unha solución de compromiso en clave de cauto e ecléctico reformismo, que parte de dúas bases principais, a tradición literaria contemporánea e o galego falado usual, que se propón explorar ata o límite o rico fondo das variedades dialectais, que aproveita xenerosamente o legado medieval e procura contrarrestar a influencia do castelán (pero non extirpala de raíz) mediante a apertura ao portugués (pero sen identificar o galego con este) e a outras linguas de cultura. Fronte a esta tendencia central, o popularismo cede terreo, e vai tomando corpo unha corrente proreintegracionista, en xeral abondo confusa e experimentalista, que se pode considerar precursora das posicións reintegracionistas actuais.

2.3 *O franquismo (c. 1950-c. 1976). Xeración Galaxia. O galego común ou protoestándar*

A terceira etapa é a do galego de posguerra. Como se ve, levamos o límite inferior da segunda etapa ata 1950, porque en realidade o esforzo a prol do cultivo do idioma, salvaxemente mancado pola guerra e a ditadura, ten unha certa continuación na primeira década do franquismo (sobre todo no exilio americano), aínda que, loxicamente, nunhas condicións moito máis penosas. Resulta ben significativo que unha das obras máis sobranceiras das letras galegas do século XX, *Sempre en Galiza* (1944), de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, tivese que vir a lume en Buenos Aires, e o seu autor, a figura central da cultura galega na centuria pasada, finase exilado na mesma cidade. Sexa como for, na Galicia da ominosa década dos corenta apenas aparece nada en galego, e o que aparece é máis froito serodio dun tempo arrasado ca agromo dunha nova sazón. Existe práctica unanimidade nos estudiosos acerca de que a iniciativa que anuncia un novo comezo (fincado, naturalmente, no traballo de preguerra) é a fundación da Editorial Galaxia en 1950, que marcará o ton da cultura escrita en galego practicamente ata 1980.

O grupo Galaxia, en que se axuntan os sobreviventes máis mozos da desfeita do 1936 baixo o padriñado moral duns poucos superviventes das xeracións anteriores, vivificado coas novas achegas que se van incorporando nos anos cincuenta e sesenta, ten un papel crucial, mesmo no terreo que estamos a considerar (Fernández del Riego 1996). En primeiro lugar, grazas á propia editorial, que constitúe un instrumento fundamental na recuperación e difusión do patrimonio literario e cultural galego e mais na súa posta ao día. Pode ser ilustrativo citar aquí a revista cuadrimestral *Grial*, que vén aparecendo regular e continuamente desde 1963 ata a actualidade, e que foi un instrumento fundamental no artellamento da cultura galega do período en aprezo. Galaxia serviu de canle de recuperación de autores silenciados e exilados (como Otero Pedrayo, Castelao ou Eduardo Blanco-Amor) e de

lanzamento para novos valores (como Xohana Torres, Xosé Luís Franco Grande, Xosé Manuel Beiras, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Carlos Casares). En segundo lugar, polo contributo particular dos escritores e intelectuais máis sobranceiros da propia xeración Galaxia, como Álvaro Cunqueiro, Ánxel Fole, Xosé María Álvarez Blázquez, Ramón Piñeiro, Francisco Fernández del Riego, Ricardo Carballo Calero ou Domingo García-Sabell. En terceiro e último lugar, e máis en xeral, polo papel reitor que estes exerceron, malia a presión abafante do réxime, no ámbito da cultura de expresión galega. Coma tal, mesmo despois da terrible purga que impuxeran a guerra e a ditadura, o grupo Galaxia conseguiu facerse cun control, precario pero efectivo, da Real Academia Galega. Baixo a dirección do grupo Galaxia, acaneando os innúmeros atrancos que interpuxo a represión, e co contributo de diversos núcleos políticos ou culturais (tamén da emigración e o exilio) e outras iniciativas editoriais (Ediciós do Castro), o cultivo do idioma galego conseguiu recuperarse da desfeita do '36, e experimentou un pulo moi notable, especialmente no terreo da prosa ensaística, con importantes incursións nos dominios da filosofía, a historia e as ciencias sociais, especialmente a economía.

Nun dos primeiros libros publicados na Galicia da posguerra, en 1950, Ramón Piñeiro, intelectual dotado dunha sensibilidade lingüística excepcional e probable inspirador principal da orientación do galego escrito no período que estamos a tratar, reflexiona:

> O galego é unha lingua oral que aínda non acadou unha fixación literaria plena […] A primeira etapa da súa conversión en lingua de cultura superior debe consistir na escolma daquela parte do seu vocabulario que, entremedias da riqueza de variantes propia das linguas de vida exclusivamente oral, teña posibilidades dunha meirande dignidade literaria, procurando debullalo da codia do ruralismo vulgar […] Entendemos que a nosa evolución lingüística aínda non pasou desta etapa de escolma a unha etapa, necesariamente posterior, de unificación (véxase Monteagudo 1995c).

Lembraremos que cincuenta e cinco anos antes (en 1895), Curros manifestara que a ingrata tarefa da súa propia xeración consistía no labor de *acarrexo de materiais da canteira popular*, e deixaba para máis adiante, xa que coidaba imposible abordalo naquel momento, a *selección, o traballo de cicel*. De xeito probablemente inadvertido (o que lle dá aínda máis significación), Ramón Piñeiro daba por completado o groso do labor de acarrexo, ao considerar que el e mais os seus coetáneos debían concentrarse precisamente no labor de *escolma* (de selección, logo), posterior á futura *unificación*. Por parte, é rechamante na reflexión devandita que, implicitamente, se dea a entender que os esforzos da preguerra, especialmente do SEG, a prol da *unificación* foron prematuros. Secomasí, na práctica as decisións de Galaxia no plano lingüístico continúan, *grosso modo*, o sulco labrado no período anterior.

Efectivamente, o galego escrito na posguerra non se someteu a unha disciplina normativa estrita e por tanto admitiu unha discreta variedade. Endebén, avanzou de forma consistente na procura dunha maior sinxeleza formal, que permitise unha repristinación do potencial expresivo da lingua. Curiosamente, o paso máis trascendente no terreo estritamente gráfico dáo a editorial Galaxia cando, nos seus inicios, nunha decisión non explicitamente deliberada pero sorprendentemente ben sucedida, adopta un criterio simplificador da ortografía que impón nas súas publicacións. Convirá anotar aquí que o galego de preguerra herdara da etapa anterior un uso prolífico e tendencialmente anárquico do apóstrofe, o trazo e os tiles, con vistas a marcar fenómenos fonotácticos. A necesidade de racionalización e simplificación do emprego destes signos viña sendo amplamente sentida no período de preguerra, como testemuñan entre outras as *Normas* do Seminario de Estudos Galegos; os editores de Galaxia puxeron resoltamente isto en práctica. Con respecto ao tratamento dos cultismos e dos cognatos xémeos, os editores de Galaxia tenderon a moderar, aínda que de xeito pouco sistemático e decidido, os excesos enxebrizantes da etapa anterior. Noutros aspectos (dialectalismos, arcaísmos, castelanismos…), actuaron con flexibilidade pero sempre co ollar posto

naquel ideal de decidido e ao tempo cauteloso rexeneracionismo de que falamos antes.

Durante os anos sesenta aparecen algúns axentes novos, que contribúen grandemente a ampliar e diversificar as bases sociais e ideolóxicas do galeguismo e mais a arrenquentar e difundir as actividades a prol do idioma. Entre eses novos axentes, podemos salientar en primeiro lugar as asociacións culturais que a partir de 1961 se crean nas principais vilas e cidades, que organizan actividades e dan ao prelo publicacións en galego máis ou menos toleradas polo réxime (O Galo e despois O Eixo en Santiago, O Facho na Coruña, Asociación Cultural de Vigo, Ateneo de Pontevedra, Valle-Inclán de Ourense e un longo etcétera). Fenómeno cultural de grande relevancia lingüística foi a aparición do movemento 'Voces ceibes' de canción-protesta, con raíces e forte impacto no medio universitario.

En segundo lugar, pero en moi estreita relación co anterior, hai que referirse á reorganización do nacionalismo político, coa creación do Partido Socialista Galego (1963), de orientación socialdemócrata e moi próximo nos seus inicios ao grupo Galaxia, e da Unión do Povo Galego (1964), de orientación marxista e anti-imperialista, e que anos máis tarde impulsará a creación de organizacións como a agrupación estudantil ERGA (1972), as Comisións Labregas (1973), o Sindicato Obreiro Galego (1975) ou a plataforma Asemblea Nacional-Popular Galega (1975). A reactivación do nacionalismo político incidiu na galeguización das outras forzas políticas. Por acaso, en parte por evolución propia e en parte como reacción perante o pulo do nacionalismo, créase o Partido Comunista de Galicia (1968). Entre outras organizacións políticas de praxe galeguista que xorden neste período (máis ben xa cara á fin) poden citarse o Partido Galego Social Demócrata, o Partido Popular Galego (demócrata-cristián) e o Movemento Comunista de Galicia.

En terceiro lugar, máis tardíos e accidentados, débense mencionar os esforzos a prol da galeguización do ensino por parte de profesores voluntariosos e arriscados, e mais da liturxia, alentados por clérigos e fieis, moitos dos cales tamén contribuíron, dun

xeito ou outro, nas iniciativas culturais e políticas que mencionamos anteriormente. Os primeiros acabaron desembocando (a finais do período en aprezo) na creación de sindicatos como a Unión de Traballadores do Ensino de Galicia ou o Sindicato Galego de Traballadores do Ensino, e movementos de renovación pedagóxica como Nova Escola Galega e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Os segundos desembocaron en iniciativas como a editorial Sept, e máis tarde, a revista *Encrucillada* e o colectivo Irimia.

En todos os casos anteriores, o galego aparecía inevitablemente como *leit-motiv*, como bandeira reivindicativa e como vehículo de expresión, o cal implicou a popularización da problemática lingüística e o ancheamento de dominios de uso do idioma. Todo isto constituíu un importante pulo, en definitiva, á consciencia e á práctica idiomáticas. Nestes tempos e neses círculos a cuestión da norma era practicamente invisible: o conxunto dos usuarios conscientes do idioma asentía sen discusión ao discurso tradicional de afirmación da identidade 'esencial' do galego e o portugués, e ao tempo empregaba espontánea e aproblematicamente, o mellor que sabía e podía, oralmente e por escrito, o galego autónomo[8]. Destarte, durante eses anos pódese afirmar que así o discurso sobre a identidade 'esencial' do galego e o portugués coma a práctica do galego autónomo elaborado chegaron a ser *doxa*, percibidos como evidentes e indiscutibles. R. Carballo Calero expresábao con clareza: "Na actualidade hai un campo fundamental de acordo con respecto á cuestión da lingua escrita. Hoxe en día, é evidente para todos e escribir en galego non é o mesmo que escribir en galego-portugués (isto é, galego medieval), portugués ou castelán" (1974:38).

Na Universidade de Santiago (a única existente en Galicia ata c. 1990) producíronse na década dos sesenta novidades impor-

8. A expresión 'galego autónomo' atopámola, quizais empregada por primeira vez, no prólogo da primeira edición da emblemática *Gramática* de Ricardo Carballo Calero (1966:32) "o galego, considerado xa como lingua autónoma, esgazada do tronco galego-portugués […]".

tantes no terreo dos estudos filolóxicos, que supuxeron avances decisivos cara á institucionalización da Lingüística galega: o establecemento dunha Sección de Filoloxía (1963), no seo da cal se creará unha cadeira de Filoloxía Románica (1966), a cargo de Constantino García que dará un notable pulo aos estudos dialectolóxicos, gramaticais e léxicos sobre o idioma galego, e da que xurdirá como extensión o Instituto da Lingua Galega (1971); e a incorporación da oferta opcional de estudos de lingua e literatura galegas no currículum de Filosofía e Letras, que obrigará a dotar unha praza de profesor especialista (1965), que máis tarde se converterá en catedrático de Lingua e Literatura Galegas (1972), que ocupará Ricardo Carballo Calero. Estas novas axencias, en principio dedicadas ao ensino e á investigación filolóxicas, estaban chamadas a xogar un papel central no proceso de codificación idiomática.

Efectivamente, desde a segunda metade da década dos sesenta, e con máis intensidade conforme pasaba o tempo e se abrían novas posibilidades de promoción da lingua, os cultivadores do galego viñan sentindo a urxencia da fixación da lingua culta (Alonso Pintos 2002:87-93, 103-28; para os precedentes, véxase Freixeiro Mato 1994:166-79). A gramática máis importante publicada neste período (*Gramática elemental del gallego común*, Carballo Calero 1966), elaborada precisamente polo primeiro profesor universitario encargado da docencia da lingua e literatura galegas na Universidade, afronta a cuestión de forma indirecta, pero a comezos da década dos setenta a propia Real Academia Galega elabora os primeiros códigos normativos para a ortografía e a morfoloxía galegas minimamente completos e sistemáticos (Real Academia Galega 1970, 1971). Se a *Gramática* de Ricardo Carballo Calero (incontestablemente o lingüista da súa xeración) supón a explicitación e a xustificación teórica das prácticas do grupo Galaxia (isto é, dos cultivadores coetáneos do galego), as *Normas* que aprobou e deu ao prelo a Real Academia Galega a comezos da década dos 1970 (*Ortografía galega*, 1970; *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, 1971) representan a codificación destas (Alonso Pintos 2002:115-17).

Como adiantamos antes, contra finais desta etapa, en 1971, aparece unha institución nova, que en certo xeito contestará o liderado de Galaxia no terreo lingüístico: o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (ILG; véxase Fernández Rei 1991). O ILG elaborou os primeiros manuais de aprendizaxe do idioma (*Gallego* 1, 1971; *Gallego 2*, 1972; *Galego 3*, 1973), onde queda patente a súa concepción da lingua escrita e se expón de xeito explícito e organizado a súa posición ante a codificación ortográfica, morfolóxica e léxica. Aínda que partilla co grupo Galaxia a mesma visión de fondo da lingua, a orientación do ILG no terreo normativo apunta a unha revitalización do tradicional popularismo lingüístico (moderadamente enxebrista e etnográfico), arestora cun esteo moito máis sólido (pois parte dun coñecemento moito máis completo e sistemático da realidade dos falares galegos), alicerzado nunha formación lingüística actualizada, sexa no terreo da gramática descritiva, da dialectoloxía ou da gramática histórica. Así e todo, o ILG evolucionou perceptiblemente desde un inicial popularismo un tanto inxenuo e nativista cara aquela corrente rexeneracionista que ocupa o centro da tradición escrita do galego contemporáneo.

Para rematar con esta etapa, quixeramos subliñar dous aspectos relevantes. En primeiro lugar, o feito de que é novamente a perspectiva de introdución do idioma no sistema educativo, primeiro na Universidade e despois nas escolas e institutos (lémbrese que a Lei xeral de educación permitía o ensino facultativo das linguas 'vernáculas' fóra do horario oficial; véxase García Negro 1991:141-50), a que serve de catalizador das propostas de codificación: as datas de elaboración da *Gramática* de Carballo Calero, as *Normas* da Real Academia Galega e dos manuais do Instituto da Lingua Galega son abondo significativas. En segundo lugar, é de notar que a polémica entre o ILG, por unha banda, e a RAG e mais a Cátedra de Lingua e Literatura Galegas da Universidade, pola outra, anuncia a que estoupará nos anos seguintes, aínda que as posicións en disputa mudan e algúns axentes cambian de posición. Neste senso, é particularmente salientable o caso de Ricardo

Carballo Calero, o representante máis cualificado da posición Real Academia Galega/ Cadeira de Lingua e Literatura Galegas (no fondo, Galaxia) durante eses anos, que nos anos seguintes pasará a converterse no adaíl do reintegracionismo (véxase especialmente Carvalho Calero 1980, 1983 e 1990).

3 O DEBATE NORMATIVO E O GALEGO ESTÁNDAR (1976-2000)

Entrementres, a transición política volvía abrir as portas cara a un recoñecemento oficial do idioma galego e á súa introdución no sistema educativo. Coma en 1931, urxía dar pasos no terreo da codificación da lingua, pois existía unha expectativa razoable de ensino regulado do idioma, coa consecuente ampliación do público lector en galego, e xa que logo de creación dun mercado editorial bastante máis largo ca o limitado grupo de amadores que se nutría da exigua produción de Galaxia e algunha outra casa editora. A instauración da democracia en España (Constitución española de 1978) e da autonomía en Galicia (Estatuto de autonomía de 1980), coa oficialización do idioma galego e o seu acceso aos ámbitos administrativos, educativos e de comunicación pública, fixeron sentir aínda máis urxentemente ca nunca a necesidade dunha normativa idiomática que suscitase un consenso amplo. Para responder a esa necesidade elabóranse as *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego* (1977), impulsadas desde a iniciativa privada, e apoiadas polo Instituto da Lingua Galega. As *Bases* foron o resultado dun diálogo amplo, aberto e participativo de escritores, lingüistas e amadores de todas as tendencias, incluídos membros da Academia e reintegracionistas. Independentemente da valoración que poida facerse sobre o proceso de elaboración ou as solucións concretas a que se chegou, é difícil de negar que estas *Bases* constitúen o código normativo máis amplo, sólido e coherente (dentro dunha razoable flexibilidade) que aparecera ata a data. Seguramente representaron, despois das *Normas* do Seminario de Estudos Galegos, a segunda grande oportunidade perdida de encarreirar sensata e pacificamente a cuestión normativa (Alonso Pintos 2002:124-130).

Pero a historia real foi por outro camiño, pois as *Bases* de 1977 foron postas en cuestión por un sector reintegracionista aínda incipiente, pero que acababa de recibir o importantísimo respaldo de Carballo Calero (aínda o único catedrático universitario de Lingua e Literatura Galegas), e mais dun sector do nacionalismo político. Así, en 1980 produciuse unha nova tentativa de acordo consensuado, desta volta da man dunha Comisión de Lingüística creada *ad hoc* pola Xunta de Galicia (daquela aínda pre-autonómica), en que se atopaba ben representado o sector reintegracionista (Ricardo Carballo presidía a Comisión, e o seu secretario era Jose Luís Rodríguez Fernández). Esta Comisión aproba unhas *Normas ortográficas do idioma galego* (Xunta de Galicia 1980) que en realidade supoñen a codificación de dous sistemas normativos en paralelo, isto é, o recoñecemento tácito da imposibilidade de chegar a unha postura común nunha manchea de puntos importantes ("Normas pouco unificadoras e confusas para o grande público", "estas Normas [non] son definitivas porque tampouco son unificadoras", Rábade 1980:87 e 93). Chegados a este punto, ou ben se admitía que o galego ía carecer dun código normativo unificado e coherente, ou ben resultaba imperioso decidirse por unha opción e desbotar a outra.

En 1982, unha comisión conxunta da Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega elabora unhas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (NOMIG-82), fundadas en boa parte nas *Bases* de 1977, que pouco despois son oficializadas formalmente mediante decreto da Xunta de Galicia. Este decreto facultaba o ILG e a RAG para, tras o acordo conxunto, elevar ao goberno propostas de revisión das ditas normas, e autorizaba o ILG para elaborar un Vocabulario Ortográfico Básico da Lingua Galega (Graña Martínez 2001:69-71). Meses máis tarde, a Lei de normalización lingüística aprobada polo Parlamento de Galicia (1983) consagraba a Real Academia Galega como institución investida do criterio de autoridade nas "cuestións relativas á normativa, actualización e uso correcto da lingua galega", indicando ao mesmo tempo "esta normativa será revisada en función do proceso de nor-

malización do uso do galego" (Graña Martínez 2001:28). Esta disposición está na base da reforma normativa de 2003.

A partir de 1982, e seguindo as directices normativas do ILG/ RAG, aparecen gramáticas amplas e sistemáticas elaboradas por especialistas (Álvarez Blanco, Monteagudo e Regueira 1986, Freixeiro Mato 1998-2000, Álvarez e Xove 2002), prontuarios ortográficos e manuais de dúbidas (Arias López 1993, Chacón Calvar e Rodríguez Alonso 1992, Fernández Salgado 1991, Pena e Rosales 1987), correctores ortográficos (corrixe, cumio, galgo, 2.mil) e dicionarios monolingües de diversos formatos, desde os dirixidos ao ámbito escolar ata os de pretensións máis abranguentes (por exemplo, Feixoo Cid X. (dir.) 1999, Carballeira Anllo *et alii*, 2000, con cerca de 100.000 entradas), pasando por dicionarios 'xerais' para o usuario común (así, Arias Freixedo *et alii* 1997, con 25.000 entradas), algúns deles ilustrados (Ares Vázquez *et alii* 1986). Por outra banda, tamén apareceron unha notable cantidade de vocabularios técnicos especializados, algúns deles moi ambiciosos, desde un *Diccionario galego de termos médicos* con 20.000 entradas en 850 páxinas, ata un *Diccionario tecnolóxico de electricidade e electrónica* ilustrado, con 8.000 entradas en 380 páxinas, pasando por un *Léxico da construcción* con 3.700 termos, ou a serie de vocabularios de matemáticas (galego-español-inglés-portugués), historia (español-galego), química (galego-español-inglés) e outros, editados pola Universidade de Santiago de Compostela. Os avances destes anos na gramaticalización, a lexicalización e a elaboración terminolóxica son obxecto de cadanseu estudo nas páxinas deste mesmo volume, polo que aquí non imos extendernos máis nestes aspectos.

Precisamente ao abeiro do Decreto de 1982, o Instituto da Lingua Galega elaborou nos anos seguintes un *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*, pero só en versión provisoria, que circulou en reprodución policopiada. En boa parte a consecuencia da revisión de determinados pormenores ortográficos e morfolóxicos que foron obxecto dunha análise máis concienzuda durante o proceso de elaboración do dito *Vocabulario,* as NOMIG-82 experimen-

taron unha primeira reforma, de alcance limitado, en 1995, tras a aprobación da RAG (tal como prevé a Lei de normalización lingüística na disposición que acabamos de citar). No ano 2001, as áreas de Filoloxía galega das universidades da Coruña e Santiago e mais o Instituto da Lingua Galega, por iniciativa da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG), elaboraron unha nova proposta de reforma, agora de máis alcance, coa que se pretendía pór fin á discrepancia fronte ás NOMIG-82 dun minoritario pero considerable sector de ensinantes, escritores e editores, agrupados baixo o rubro de 'reintegracionismo de mínimos'. Esta proposta, que foi coñecida como 'normativa de concordia', e representaba unha reforma máis profunda cá de 1995 das NOMIG-82, foi rexeitada a finais do mesmo ano pola RAG, alegando non tanto motivos de fondo coma de procedemento. Por iniciativa da propia Academia, a meados de 2002 creouse unha comisión integrada por representates dela mesma, do ILG e das áreas de Filoloxía Galega das tres universidades, que estudou e revisou a proposta 'de concordia', para volvela presentar á RAG, que finalmente a aprobou en xullo de 2003 (referirémonos a esta proposta como NOMIG-03). Volveremos sobre este proceso (véxase máis adiante § 4).

3.1 *Criterios de selección nas* NOMIG-82

As *Normas ortográficas e morfolóxicas* do ILG/ RAG de 1982 supoñen a codificación, mediante a sistematización, depuración e actualización, cun criterio reformista, moderadamente purista e diferencialista, da variedade culta/literaria que se viñera decantando desde o Rexurdimento ata a posguerra. Por tanto, as NOMIG-82 son indubidablemente, continuadoras das tentativas de normativización que se viñeran sucedendo desde a década dos setenta. Os seus puntos de partida son a lingua falada actual e, en menor medida, a lingua da tradición literaria contemporánea. O principal criterio orientador foi a procura de intrasistematicidade e autonomía, co obxectivo de fixar unha modalidade normativa coherente e ao tempo transdialectal, dando maior peso aos dialectos máis impor-

tantes (en especial, o galego central), asegurando a continuidade verbo da tradición literaria, prestando atención á lingua falada actual, e sen perder de vista as consideracións prácticas que impón o xeneralizado bilingüismo e bialfabetismo galego-castelán.

Destarte, os principios explicitados no prólogo da obra (ILG/ RAG 1982:7-8), son: a) continuidade con respecto á lingua falada e á tradición culta contemporánea, o que implica a selección das solucións consagradas polo uso; b) atención preferente á extensión xeográfica e demográfica das variantes normativas, c) preferencia polas formas tradicionais sobre as innovadoras, d) coherencia interna e sistematicidade das solucións, e) depuración de formas espúreas (castelanismos), f) harmonía coas outras linguas de cultura, especialmente as romances, en particular o portugués, sobre todo no tocante á adaptación de cultismos e á adopción de terminoloxía científico-técnica. Nese mesmo prólogo tamén se consignan as principais desviacións que se deben evitar: a) o diferencialismo radical con respecto ao castelán, b) o arcaísmo, isto é, a evasión cara á lingua medieval, c) o lusismo, quer dicir, a adopción de formas portuguesas ou brasileiras estrañas ao galego.

Tocante aos contidos, as NOMIG-82 prestan unha atención limitada aos aspectos propiamente ortográficos (ILG/ RAG 1982:9-23). O sistema ortográfico consagrado constitúe unha revisión simplificada e racionalizada da ortografía corrente nos textos galegos desde o século XIX, que pola súa vez, como antes consignamos, representa unha adaptación da ortografía castelá á fonoloxía do galego. En troca, os problemas fonoléxicos e morfoléxicos que ofrece a adaptación de cultismos e a fixación de formas que presentan variación diatópica (ocasionalmente, tamén diacrónica ou diafásica) reciben unha considerable atención (ILG/ RAG 1982:25-50). Isto inclúe cuestións tales como a determinación do carácter culto ou semiculto de determinadas voces, a representación dos grupos consonánticos dos cultismos (que, como sabemos, en etapas anteriores da lingua tiñan experimentado unha sobre-adaptación vernacularizante), a resolución das vacilacións do vocalismo átono típicas da lingua coloquial, ou a fixación formal de sufixos e finais de palabra.

Pero o groso das NOMIG-82 resérvase para a morfoloxía flexional, en especial o establecemento dos paradigmas dos verbos regulares e irregulares, aspecto este en que o galego presenta unha variación diatópica verdadeiramente profusa (ILG/ RAG 1982:50-122).

3.1.2 Selección da norma fónica. Ortoepia

En primeiro lugar, analizaremos o proceso de selección do galego culto nos distintos planos da lingua (do fonético ao léxico), sinalando os principais puntos problemáticos (Monteagudo 1993:134-148, Monteagudo e Santamarina 1993:144-165, Fernández Salgado e Monteagudo 1993 e 1995:107-125). Comezaremos polo plano fónico, ou máis ben fónico-gráfico, pois o groso dos problemas do primeiro teñen o seu reflexo no segundo. De momento, trataremos os problemas da selección, deixando para máis adiante os de difusión, aceptación e adopción (§ 6)[9]. A selección fónica obrigou a discriminar variantes tanto no eixe diatópico coma no diafásico/ diastrático. As falas galegas mostran unha escasa variación: os fenómenos máis conspicuos son a gheada e o seseo. A gheada consiste na aparición dun fonema faringal continuo xordo /ħ/[10], en lugar do fonema oclusivo velar sonoro /g/ dos dialectos sen gheada: /ʃoˈħaɾ/ fronte a /ʃoˈɣaɾ/, *xogar*. O seseo consiste na aparición dun fonema continuo laminal /s/, que corresponde ao fonema continuo dental /θ/ das variedades non seseantes: /ˈsɛŋ/ fronte a /ˈθɛŋ/), *cen*[11]. A gheada afecta á maioría dos falares galegos,

9. Unha boa descrición atópase en Regueira (1997) e Regueira (coord.) (1998). Para os problemas de definición e adopción, véxase máis adiante.

10. A realización deste fonema é considerablemente variable, pois, dependendo do dialecto e do falante, pode aparecer como velar, faringal ou glotal, xordo ou sonoro. Véxase Fernández Rei (1990:163-189), Freixeiro Mato (1998:142-159), Álvarez e Xove (2002:39).

11. Os dialectos seseantes mostran unha notable inestabilidade, de maneira que algúns deles conservan a oposición fonolóxica entre /s/ laminal e /s̬/ apical, (análoga á que se produce nos dialectos non seseantes entre /θ/ e /s/), mentres outros neutralizaron esa oposición, habitualmente a favor do segundo fonema. Véxase Fernández Rei (1990:189-215), Freixeiro Mato (1998:162-174).

mentres que o seseo aparece unicamente nos dialectos occidentais (Fernández Rei 1990:181-215; véxase mapa).

Na letra das NOMIG-82 gheada e seseo están validados normativamente, en pé de igualdade coas pronuncias alternativas, pero de feito nunca foron admitidos na fala culta. Probablemente xogaron na súa contra: (a) a inestabilidade das realizacións fonéticas de entrambas; (b) o seseo presenta unha área de extensión moi reducida; (c) a gheada foi obxecto desde antigo dunha forte estigmatización (Alonso Montero 1970:43-45; Recalde Fernández 1994, 1995; Freixeiro Mato 1998:158; Labraña 1999, Fernández Rei no prelo). Por outra banda, non se pode descartar que as preferencias da fala culta, tanto nun coma no outro caso, estean influídas polo modelo oral do castelán peninsular. Na década dos noventa, o seseo e sobre todo a gheada, foron obxecto dunha certa reivindicación, no marco dunha reacción afirmativa dun certo popularismo/ dialectalismo lingüístico, vencellada a procesos de construción de indentidade de grupo, xuvenil e inconformista (véxase máis abaixo).

De resto, en posición tónica e pretónica o sistema vocálico galego presenta catro vogais medias, dous fonemas altos ou pechados /e/ e /o/ e dous baixos ou abertos /ɛ/ e /ɔ/. A súa distribución léxica varía dialectalmente, de xeito especial condicionada polo contexto fonético (metafonía nominal, influxo de nasal trabante, etc.) (Fernández Rei 1990:39-53). Salvo peculiaridades marxinais, o galego culto acepta xeralmente estas variantes. Un caso particular preséntano as variantes [oj] –[uj] de palabras como *moito, noite, coiro* e [oj]– [ow] en palabras como *ancoradoiro* e *coiro:* as formas estándar son as que reproducimos[12]. Igualmente, tamén se rexistran variantes dialectais de tipo [ˈkwatɾo] ou [gwaɾˈðaɾ], con mantemento dun ditongo que as variantes estándar, amplamente maioritarias, simplificaron: *catro, gardar* (Fernández Rei 1990:51-52).

12. Simplificamos, pois a realidade dialectal é máis complexa, con formas como *muto, mutio* e *oitro,* que presentan unha extensión dialectal moito máis reducida cás indicadas.

Pasando do eixe diatópico ao diafásico e ao diastrático, topamos con problemas tales como a sistematización e representación gráfica de fenómenos fonotácticos, a fixación do vacilante vocalismo átono e a adaptación dos cultismos. Todos estes puntos presentaron en galego complexos problemas de regularización, que adoito repercutiron na lingua escrita (Monteagudo 2000:201-209 e 212-217, Monteagudo 2002a:302-312). Por mor da concisión, exemplificaremos cos grupos consonánticos heterosilábicos dos cultismos. Como é sabido, é típico das variedades cultivadas incorporar empréstimos non adaptados, que violan as regras fonolóxicas vernáculas, o que dá azo á aparición de variantes diafásicas e diastráticas (Bartsch 1987:256). No eixe diafásico opóñense as variantes propias da fala coidada (por caso, no estilo de lectura en voz alta) coas típicas da fala espontánea. Unha oposición análoga aparece no eixe diastrático entre variantes prestixiosas e desprestixiadas. Non é raro que se dea unha coincidencia entre un e outro eixe, pero unhas e outras variantes non se poden identificar sen máis: *afecto* pronúnciase na fala coidada [aˈfɛkto], [aˈfɛto] é espontáneo pero non vulgar, [aˈfɛwto] e [aˈfɛθto] son vulgares, pois non aparecen no estilo espontáneo dos falantes cultos.

A segunda e terceira variantes representan a adaptación á fonética vernácula dunha secuencia de sons que resulta estraña á súa estrutura (no exemplo, a presenza dunha consoante oclusiva en posición de coda da sílaba, Regueira 2002). Problemas análogos de vacilación na pronuncia e na escritura presentáronse con grupos consonánticos tautosilábicos (*cl-/ cr-, pl-/ pr-, fl-/ fr-, bl-/ br-, gl-/ gr-* …), con determinadas secuencias vocálicas (sobre todo *–ie–*, *–ue–* e *–ua–*, de palabras como *ciencia, Manuel* ou *suave,* estrañas ao galego vernáculo, de onde variantes como *cencia, Manoel* ou *soave*) e mais no vocalismo átono. Por acaso, na posición postónica a fonética vernácula tende a ofrecer [e] e [o] e non [i] e [u], e así, conforme a pauta de voces patrimoniais como *lóstrego* ou *mágoa* téñense adaptado *múseca, língoa,*…).

Estes fenómenos de variación, como xa dixemos, repercutiron no rexistro gráfico. Nas primeiras fases do cultivo do galego

contemporáneo, a lingua literaria, basicamente poética e caracterizada polo seu oralismo e popularismo, acolleu todo tipo de variantes, esforzándose en representar os fenómenos fonotácticos e o que hoxe consideraríamos vulgarismos, incluíndo os cultismos vernacularizados. A tendencia acentuouse no galego escrito do período de entreguerras, como dixemos, marcadamente diferencialista fronte ao castelán, e que por parte incorporou unha enchente de cultismos, imprescindibles para os novos tipos de texto que comezaban a cultivarse (Fernández Salgado e Monteagudo 1995:127-140). Como neste período o portugués comezou a ser empregado como fonte de arrequentamento da lingua culta, e este presenta formas como *leitor* o *conceito*[13], cabo das tradicionais variantes con vocalización en [w], xeneralizáronse variantes con vocalización en [j]. Unhas e outras formas, coas correspondentes vacilacións (*lector, leitor, leutor, letor*) pasaron en herdanza ao galego escrito na posguerra.

Neste aspecto é se cadra onde as NOMIG-82 operaron unha revisión máis visible da tradición anterior, ao imporen unha severa rectificación normalizadora, restituíndo grupos consonánticos e secuencias vocálicas cultas; seguindo criterios coincidentes nalgúns casos co castelán e noutros co portugués (ou con ambas as dúas linguas) (ILG/ RAG 1982:24-34). En particular, nos grupos cultos heterosilábicos, as NOMIG-82 impoñen a representación gráfica e recomendan a pronuncia da consoante implosiva na fala "esmerada" e admiten a simplificación na fala espontánea, pero exclúen a vocalización; todo o cal vén cadrar *grosso modo* coas linguas de cultura da contorna, e, en casos de diverxencia entre estas (como *leitor, conceito* do portugués), por vía da regra co castelán. Nos grupos consonánticos tautosilábicos, endebén, seguiuse moi de preto a pauta fónica e gráfica do portugués (*claro, escravo, planta, prata...*).

13. En portugués, por vía da regra estas palabras foron incorporadas nos séculos XIV-XVI, isto é, con posterioridade ao período propiamente galego-portugués (que se estende aproximadamente ata a metade do século XIV).

Finalmente, no caso das secuencias vocálicas, a restitución de formas cultas é a norma, coma nas dúas linguas veciñas.

Máis adiante tornaremos aos problemas da ortoepia especificamente focados desde o punto de vista da consolidación e difusión dun estándar oral.

3.1.3 Selección da norma gráfica. Ortografía

Como xa observamos reiteradamente, a ortografía corrente na escrita desde o século XIX ten a súa orixe na ortografía castelá, adaptada á fonoloxía galega. A causa histórica deste feito, xa sinalada, é que tanto os cultivadores coma os destinatarios dos textos escritos estaban alfabetizados en castelán; a semellanza dos respectivos sistemas fonolóxicos foi un factor facilitador (Carballo 1966:29). En efecto, o sistema fonolóxico do galego evolucionou por vía da regra en senso converxente co castelán e diverxente co portugués centro-meridional, a base do estándar luso (Fernández Salgado e Monteagudo 1995:109-114). Así, a diferenza do segundo e a semellanza co primeiro, o galego carece da serie de fonemas consonánticos continuos sonoros /v, z, Z, ʒ/, e de consoantes e ditongos nasais (Álvarez Blanco 1991). Como tamén dixemos, as diferenzas máis notables entre galego e castelán radican no inventario fonolóxico: en galego opóñense vogais medias abertas e pechadas, e existen os fonemas /s, ʃ/ e /N, ŋ/, de que carece o castelán; mentres que este presenta o fonema /x/, descoñecido en galego.

A representación gráfica das vogais medias non ofrece maiores problemas, pois os grafemas <e> e <o> empréganse indistintamente para os fonemas medios abertos e pechados (secomasí, para o acento gráfico véxase máis adiante). Canto ás consoantes, a grafización do fonema nasal velar resolveuse en <nh> (*unha*), mentres que a do palatal continuo foi, como xa indicamos, obxecto de vacilacións e debates entre partidarios da solución fonémica (para a cal se impuxo de contado o grafema <x>: *xente, hoxe, peixe*) e defensores da solución etimolóxica, que obriga ao uso de tres grafemas <g>, <j> e <x>: *gente, hoje, peixe*. A solución fonémica foi a

que se impuxo de forma espontánea e xeral desde finais do século XIX (Monteagudo 2002:297-98). O grafema <y>, aínda que foi usado na escrita no século XIX para representar a realización asilábica [j] de /i/, acabou caendo en desuso, xeneralizándose desde meados do século XX o emprego do grafema <i> (*boi, saia*), nunha evolución análoga á do portugués. Por otra banda, a necesidade ou o desexo de reflectir graficamente, mediante o uso de signos auxiliares (tiles, trazo) unha serie de fenómenos fonotácticos (como elisións e contraccións) e fonomorfolóxicos (alomorfos, encontros de preposición e artigo, etc.) característicos do galego, constituíuse tamén nunha fonte de problemas, dúbidas e trasacordos (Monteagudo 2002:302-312). A partir dos finais do século XIX, nun proceso que culmina na metade do s. XX, foise prescindindo case totalmente do uso destes signos, nuns casos reflectindo sistemática e directamente os fenómenos en cuestión (por exemplo, as contraccións das preposicións co artigo determinado e indeterminado), e noutros absténdose de facelo (*de onte* e non *d'onte*).

En definitiva, as NOMIG-82 culminaron o proceso de regularización e simplificación do sistema ortográfico que viña utilizándose comunmente desde meados do século. O aspecto ortográfico máis novidoso radicou na sistematización do uso dos grafemas <b> e <v> e do <h> (que viñan sendo empregados seguindo as pautas do castelán), segundo un criterio estritamente etimolóxico, o cal afasta o galego do castelán nuns cantos casos (*voda, móbil…; irmán, aí, harmonía…*).

3.1.4 Selección da norma morfolóxica

Comezaremos pola morfoloxía flexional. Os paradigmas morfolóxicos de nomes, pronomes e verbos do galego ofrecen unha considerable variación diatópica (Fernández Rei 1990), que en parte viña tendo o seu reflexo na lingua culta (Alonso Montero 1970:49-71, Fernández Salgado e Monteagudo 1995:127-146). Canto á morfoloxía nominal, salientaremos tres puntos: (a) finais –án, –ao (masculino)/ –á (feminino) en palabras como *irmán*–

irmao (masc.)*/ irmá* (fem.)[14], (b) plurais dos nomes oxítonos rematados en –n como *razón* (*razóns, -ós, -ois*), (c) plurais dos nomes rematados en –l como *casal* (*casales, –ais, -ás*). Nos dous primeiros casos, a variación é puramente xeográfica, e a lingua culta mostraba unha certa preferencia polas solucións occidentais (*irmán, razóns*), pero con notable presenza das solucións do galego central (*irmao, irmá, razós*). As variantes seleccionadas polas NOMIG-82 foron -án (masc.)/ -á (fem.) e –ns (plural), e a xustificación desta opción 'supradialectal' é puramente intrasistemática. No terceiro caso, a variación non é só diatópica (os plurais en –is son típicos do galego oriental), mais tamén diacrónica, pois a variante en –s (*casás*) é a tradicional no centro e no occidente, mentres que a variante en –les (*casales*) constitúe unha innovación, que se impuxo recente pero completamente na lingua falada ordinaria (con seguranza apoiada pola coincidencia co castelán). As tres variantes convivían na lingua culta, aínda que a primeira, que resultaba coincidente co portugués, viña gozando de certa preferencia na lingua literaria; esta foi a seleccionada polas NOMIG-82.

Canto á morfoloxía pronominal, as formas que ofrecían unha variación máis conspicua eran as do demostrativo. As variantes máis estendidas no galego popular presentan –e na raíz (*este, esta, esto*)[15], pero existen dous paradigmas alternativos, un con –i radical para o masculino (*iste, esta, esto*), característico do galego centro-meridional, e outro con –i radical para o neutro (*este, esta, isto*), menos estendido, pero coincidente co portugués. Á parte des-

14. Simplificamos ao máximo a explicación. Trátase basicamente de nomes masculinos que en latín terminaban en –ánu(m) (como *germanum*> galego medieval *irmão*> actual *irmán/ irmao/ irmá*) e de femininos cuxo étimo remataba en –ána(m) (como **germana*> gal. med. *irmãa*> actual *irmán/ irmá*). O galego occidental presenta unha única forma, sen variación de xénero, *irmán*; o galego central e oriental presenta formas específicas segundo o xénero *irmao* (masculino) –*irmá* (feminino).

15. As formas entre parénteses corresponden ao masculino, feminino e neutro da serie de maior proximidade ao locutor, tomarémolas como exemplo do conxunto do paradigma. O mesmo tipo de variación aparece no pronome persoal de terceira persoa, que porén só presenta formas de xénero masculino (*el-eles*) e feminino (*ela-elas*).

tes tres paradigmas que convivían no galego culto, neste tamén foi creado un cuarto, con –i radical estendido analoxicamente (*iste, ista, isto*), que, por motivacións diferencialistas fronte ao castelán, gozaba de notable circulación no galego culto[16]. O paradigma seleccionado como normativo polas NOMIG-82 foi o segundo (*este, esta, isto*), o máis próximo ao portugués.

No que atinxe á flexión verbal, sobre a que adiante ofreceremos máis pormenores, os paradigmas atopábanse considerablemente unificados, especialmente nos verbos regulares. Por vía da regra, as formas preferidas pola lingua escrita foron as dialectalmente máis estendidas e as que definen máis claramente ao galego fronte ao castelán, que coinciden *grosso modo* coas do galego central. Así, *–des* fronte a *–is* o *–s* para a P5 en todo o paradigma (*andades* fronte a *andais* ou *andás*), *–ches* fronte a *–stes* para a P2 do pretérito perfecto (*andaches* fronte a *andastes*). Emporiso, existían vacilacións, sobre todo nas desinencias de perfecto, como na vogal temática da P3 da terceira conxugación. Así, entre *parteu* (variante innovadora máis estendida) ou *partiu* (variante conservadora), as NOMIG-82 seleccionaron a segunda, que evita a igualación analóxica entre verbos da terceira e a segunda conxugación (*partiu* fronte a *bebeu*), e ademais é coincidente co portugués.

No referente á morfoloxía derivativa, referirémonos a uns poucos exemplos moi representativos, dous dos cales presentan variación diacrónica. Así, no caso da alternancia *–de/ –0* (*verdade-verdá*) atopamos unha variante 'plena' ou conservadora (xeral no galego medieval) fronte a outra 'reducida' e innovadora (xeral na lingua popular actual). Entrambas variantes gozaron de presenza na lingua literaria, pero esta decantou claramente as súas preferencias cara á primeira, que foi consagrada como normativa polas NOMIG-82. Canto ós sufixos *–sis/ –tis*, en principio asociados a cultismos

16. Aínda que o diferencialismo explica a adopción dese sistema por parte de moitos falantes (e sobre todo escritores), independentemente da súa orixe dialectal, non hai que perder de vista a importancia do contributo dos escritores ourensáns (familiarizados, xa que logo, co sistema *iste- esta- esto*) na historia da literatura galega.

gregos, adoptouse a solución, harmónica co portugués, en *–se/ –te* (*crise*, *hepatite*). As variantes do tipo *canzón/ canción*, *confesón/ confesión*, ofrecen outro exemplo de vacilación entre unha solución conservadora (a primeira), e outra máis evoluída, a segunda (quizais influída polo castelán), que se xeneralizou no galego popular. O galego medieval presentaba a solución sen iode (*razon*, *cançon*, *paixon*), o portugués fixo evoluír estas formas para –ão (*razão*, *canção*, *paixão*) e adaptou a este molde as numerosas novas palabras tomadas do latín desde o Renacemento ou formadas xa no romance (*função*, *versão*…). O galego 'medio' mantivo as formas en *–ón*, pero polo menos desde os comezos do século XIX gaña terreo a solución 'semiculta' (ou castelanizante?) *–ión*, non só nas numerosas palabras con ese sufixo que se ían introducindo no idioma, mais tamén en moitas das xa incorporadas no galego medieval. Así e todo, na lingua escrita do século XIX e primeira metade do XX mantívose unha certa vacilación, e bastantes autores preferiron a solución antiga (*canzón*). O galego de posguerra inclinou a balance claramente a favor de *–ión*, e as NOMIG-82 consagraron esta última.

Finalmente, no caso das variantes *amable/ amábel*, a primeira fíncase na lingua falada, a segunda é unha restitución medievalizante, con motivación diferencialista, apoiada no portugués. Efectivamente, no galego medieval aparecen varias solucións (*–bil/ –bile*, *–vil/ –vile*, *–bel/ –bele*, *–vel/ –vele*); o portugués deu preferencia á forma *–vel* (con plural *–veis*), mentres que o galego usual falado preferiu as formas *–ble/ –bre* (*amable/ amabre*), que son as que corren, especialmente a segunda, na literatura decimonónica. O galego escrito do século XX oscila entre a solución de tipo medieval *–bel*, e a de tipo moderno *–ble*, sen decantarse claramente por unha ou a outra. As NOMIG-82 daban preferencia a *–ble* e desaconsellaban *–bel*, sen que a lingua culta mostre unha preferencia clara por ningunha delas.

Finalmente, no tocante ao sufixo *–aría*, a solución medieval era xustamente esa (*romaría*), pero máis tarde introduciuse a solución *–ería*, de orixe galorrománica. No galego escrito do século XX espallouse unha variante deformada *–eiría*, con clara moti-

vación diferencialista. As NOMIG-82 e rexeitan o terceiro e aceptan os dous primeiros resultados, aínda que dan preferencia ao segundo (*–ería*).

Tendo en conta os casos en que as NOMIG-82, facendo gala dunha notable flexibilidade, deixan marxe para optar entre dúas solucións, podemos comprobar que, malia a innegable aproximación entre as dúas, a fusión entre a tendencia cultista e a popularista/tradicionalista, que viñan representando respectivamente a RAG e o ILG non é completa (véxase cadro 1).

Cadro 1: Duplas opcións admitidas nas NOMIG-82, continuadoras da incompleta fusión entre dúas correntes tradicionais do galego autonomista, o popularismo e o cultismo

Popularista	ó	tódolos	le-lo xornal	esto, eso, aquelo	amable	librería
Cultista	ao	todos os	ler o xornal	isto, iso, aquilo	amábel	libraría

En resumo, as opcións codificadas e normativamente validadas polas NOMIG-82, con poucas excepcións, viñeron consagrar as variantes polas que previamente se tiña decantado a lingua escrita/culta, por vía da regra xustificadas e motivadas por criterios intrasistemáticos, pero con atención ás solucións do portugués. No seguinte cadro ofrecemos un esquema das variantes morfolóxicas seleccionadas como normativas, comparándoas coa portuguesa e a castelá, e con indicación da súa xustificación nas NOMIG-82.

Cadro 2: Comparanza de selección normativa entre variantes morfolóxicas en galego coas formas normativas do portugués e o castelán. Na columna da dereita indícase a xustificación da escolla

Galego	*Portugués*	*Castelán*	*Xustificación*
irmán / irmá	irmão / irmã	hermano / -na	intrasistemática
razóns	razões	razones	intrasistemática
casais	casais	casales	diferencialismo / portugués
este, esta, isto	este, esta, isto	este, esta, esto	portugués
andaches	andaste	andaste	intrasistemática
andades	andais	andais	intrasistemática
partiu	partiu	partió	intrasistemática / portugués
verdade	verdade	verdad	intrasistemática / portugués?
canción	canção	canción	intrasistemática / castelán?
amable / -ábel	amável	amable	castelán?- portugués?

3.1.5 Selección da norma sintáctica

No tocante á sintaxe, é doutrina corrente que a actividade codificatoria consiste en pouco máis que definir aquelas construcións que se consideran 'correctas' e desbotar as que se xulgan incorrectas, na maior parte dos casos por consideralas produto da interferencia do castelán[17]. Así, nun dos puntos clasicamente máis atendidos polas gramáticas galegas, como son as regras de utilización e posición dos pronomes clíticos, recóllense as posibilidades que se consideran admisibles, e desbótanse as outras, nalgún caso por estimalas como dialectais ou vulgares (**fíxo*chese *tarde*), ou, máis frecuentemente, por estimalas castelanismos (*cho *dixen ben claro, *caeu*se *ao chan, *comeu*se *el só toda a bola*) ou ultracorreccións (*dixen que tráias*mo), ou, dependendo do falante, unha cousa ou outra cousa (**non* che *vin na festa, *non* te *falo máis)*. Todo máis, no cultivo da lingua pódese tentar promocionar as opcións dife-

17. Pero isto non debe facernos esquecer a importancia da elaboración na forxa dunha sintaxe axeitada para a lingua escrita/culta.

renciais do galego, tentando evitar que caian en desuso a favor daqueloutras opcións máis próximos ao castelán (*o que* che eu *recomendo é que* o *non fagas*; *de* o *usares, tes que* o *pagar*). Claro que esta última vía ten os seus perigos, como demostra a marxinación da forma verbal de 'futuro sintético' (*terei*), a prol doutras alternativas diferenciais (*hei ter, hei de ter, vou ter*), que conduciu a abusos que xa foron debidamente analizados e criticados (véxase Álvarez Blanco 1994).

Precisamente no campo da morfosintaxe verbal, aprécianse os esforzos de prescrición normativa en dous puntos: (a) o mantemento da especialización das formas con morfema modo-temporal –ra (*andara*) e –se (*andase*) respectivamente no antepretérito de indicativo (*contounos que chegaran cedo*) e no pretérito imperfecto do subxuntivo (*aconselloulles que chegasen cedo*), contra a tendencia xeral do galego ordinario a usar indiferentemente calquera das dúas no uso subxuntivo (*aconselloulles que chegaran cedo*), ou incluso prescindir da forma en –se, ocupando a forma en –ra o seu lugar; (b) a revitalización do futuro de subxuntivo (*quen o* fixer *mellor, gañará o premio*), forma verbal desaparecida do galego usual e obsolescente no literario. No primeiro caso, hai unha práctica unanimidade dos gramáticos e dos prescritores, no segundo hai desacordo canto ao alcance da revitalización. Conforme a norma oficial, a súa recuperación practicamente se viu restrinxida aos textos xurídico-legais, mentres que as distintas correntes reintegracionistas propugnaron unha restauración considerablemente máis ampla da súa utilización, o que non raramente abocou ao abuso por ultracorrección (**se* viñeren *todos, xantariamos fóra*).

Outros aspectos da sintaxe verbal que requiriron análises e explicacións demoradas, por mor de fixar os límites do uso correcto das respectivas formas, foron o emprego do infinitivo flexionado e o de certas perífrases (nomeadamente, as que expresan futuridade e *ter* + participio).

3.1.6 Selección da norma léxica

No que atinxe ao léxico, imos tratar da depuración de castelanismos cos problemas que se lle asocian (identificación destes, recuperación ou incorporación de formas que os substitúen) e mais dos procedementos de arrequentamento/ actualización do léxico da variedade culta (das linguaxes de especialidade fálase máis polo miúdo noutro traballo do presente volume). A primeira cuestión lévanos a tocar o tema das interferencias lingüísticas (García González 1976, Noia Campos 1982 e 1984, Silva Valdivia 1991) e da reacción purista que suscitaron. A presión asimiladora do castelán sobre o galego manifestase no plano léxico na introdución de castelanismos tanto utilitarios, asociados á permanente actualización da lingua (*bombilla, acera*) como suntuarios, que veñen reemprazar as correspondentes formas galegas (*suelo* por *chan*). Uns e outros poden incorporarse ben directamente ou ben mediante unha previa adaptación (*acera*> *aceira, ayuntamiento*> *axuntamento, pareja*> *parexa*). Como dixemos, os cultivadores do galego reaccionaron cun crecente rexeitamento cara aos castelanismos, ao paso que se intensificaban as actitudes puristas.

Tal como antes explicamos (véxase § 2.2), o purismo non tardou en fundirse co diferencialismo, dando lugar a unha actitude ultrapurista e hiperdiferencialista, que consideraba con receo toda paronomasia entre o galego e o castelán (Fernández Salgado e Monteagudo 1995:120-125 e 133-140, Monteagudo 2000:212-221 e 227-269, Monteagudo 2003). Así, arraizou unha tendencia *hiperenxebrista*, manifestación dunha especie de interferencia negativa que procura o distanciamento do castelán a toda custa. Está claro que, por razón do estreito parentesco entre as dúas linguas, as paronomasias galego/ castelán (palabras como *lágrima* ou *labio*) son moi frecuentes. Por outra banda, a introdución de cultismos greco-latinos e outros empréstimos característicos das variedades cultivadas da contorna, non facía máis que aumentar o número destas, e como reacción, agudizar a actitude

hiperdiferencialista. Os procedementos diferencialistas máis correntes son[18]:

(a) A promoción dun sinónimo diferencial que suplanta o seu par non diferencial (*lágrima* e *labio* son evitados a favor de *bágoa* e *beizo*), e a creación de sinónimos por desprazamento semántico, en ocasións moi forzado (*testa* 'fronte' por *cabeza*, *rubir* 'agatuñar' por *subir*, *conquerir* medievalismo 'conquistar' por *conseguir*).
(b) A promoción de vulgarismos fonéticos (*múseca* por *música*, *percurar* por *procurar*), ou a sobreadaptación dos cultismos (*ouxeto* por *obxecto*, *ambente* por *ambiente*, *ámeto* por *ámbito*).
(c) A deturpación das voces galegas, mediante a aplicación de regras de transposición. Así, conforme á correspondencia entre castelán e galego de pares como *callar/ calar*, créase a forma ultracorrecta *brilar* (< *brillar*), seguindo o padrón *año/ ano* ultracorríxese *montaña* a *montana*, etc.

Os tratamentos (b) e (c), ás veces indistinguibles, tamén afectan a sufixos e terminacións: así, por exemplo, os sufixos e terminacións *–zo*, *–za* de palabras patrimoniais (*cobiza*, *pazo*), que corresponden nalgúns casos a finales *–cio*/ *–cia* do castelán (*codicia*, *palacio*) son aplicados a palabras cultas ás que, como tales, lles correspondería un final –cio, –cia (*silencio*> *silenzo*, *noticia*> *notiza*). Analogamente, visto que o final latino –anu– se resolveu en galego en –án, aplícase esta última solución a derivados recentes como *americano* (> *americán*), e, seguindo o mesmo procedemento, fanse acabar en –iño palabras como *oficina* (> *oficiña*), etc.

A partir das NOMIG-82, estes procedementos e as formas resultantes deles son desautorizados, coa excepción do descrito en

18. Sobre isto, véxase tamén § 2.2 e § 3.1.2.

primeiro lugar no apartado (a). De feito, esta vén sendo unha das principais novidades que introduciron as NOMIG-82 na lingua culta.

A única fenda que restaba atopábase naqueles casos de palabras que teñen un status diferente en castelán e portugués como formas patrimoniais, semicultismos ou cultismos, nas cales o galego escrito (e ás veces tamén o falado) viña ofrecendo solucións vacilantes (véxase § 3.1.2). Isto concrétase fundamentalmente en tres puntos: a vocalización do primeiro elemento dun nexo consonántico (*leitor*/ *lector*, *doutor*/ *doctor*), a rotazización do –r nos grupos consonáticos bl, fl, pl, gl, cl (*nobre*/ *noble*, *fraco*/ *flaco*, *praza*/ *plaza*, *regra*/ *regla*, *escravo*/ *esclavo*) e os finais *–zo*/ *–za* fronte a *–cio*/ *–cia* (*prezo*/ *precio*, *xustiza*/ *xusticia*, *crenza*/ *crencia*). Trátase, de certo, de non máis dun mangado de palabras, pero moitas delas de uso frecuente. Por vía da regra, as NOMIG-82 optaron por primar as formas máis próximas ao castelán no primeiro grupo (*lector*), as próximas ao portugués no segundo (*nobre*), e vacilaron no terceiro: en principio propugnáronse as solucións máis próximas ao castelán (*precio*), posteriormente (reforma de 1995), en bastantes casos tornouse á forma máis próxima ao portugués (*prezo*).

Acabamos de ver algúns procedementos para a evitación de falsos castelanismos. Diremos agora dúas palabras con respecto ao tratamento dos castelanismos verdadeiros. A procura de substitutos para os castelanismos suntuarios é doada, pois trátase de recuperar as palabras galegas que foran arrecunchadas por aqueles. Moitas delas perviven na lingua falada, aínda que ás veces en dialectos marxinais, algunhas especializadas semanticamente (*concellos*, *parella*). Noutros casos debe acudirse aos textos medievais e/ ou ao portugués (*Deus*, *pobo*, *século*). Os castelanismos utilitarios presentan problemas máis esgrevios. Verbo destes, as actitudes varían desde un purismo extremo ata unha ampla tolerancia, que comeza coa despreocupación canto á súa detección e identificación. A variedade normativa codificada nas NOMIG-82 sitúase nun punto máis ben próximo ao purismo: escrutinio concienzudo, substitución dos casos máis flagrantes e depuración gradual dos demais.

Os recursos máis utilizados para substituír as formas depuradas son o empréstimo interno (*adestrar – entrenar*), o empréstimo portugués (*lámpada – bombilla*), e mais a fabricación de derivados (*desenvolvemento – desenrolo*), palabras compostas (*beirarrúa – acera*) ou complexos sintagmáticos (*cadro de persoal – plantilla*).

Na práctica, as cuestións relativas ao tratamento dos castelanismos suntuarios confúndense coas asociadas ao proceso de actualización da lingua. Aquí a clave está na 'apertura' (*opening*) e 'pechazón' (*closure*) a unhas ou outras fontes potenciais de renovación (Ray 1961). A subordinación do galego ao castelán implicou a interposición (Aracil 1983:176-187) do segundo, o que pola súa vez significou que o idioma dominante se constituíu en única fonte de actualización do primeiro. Xa que logo, este atopábase forzosamente 'aberto' ao castelán e só ao castelán, que pechaba calquera outra vía de renovación. O inicio do cultivo do galego implicou, nun primeiro momento, a transferencia masiva (Ray 1962) de recursos do castelán á variedade culta emerxente, pero conforme este proceso avanzaba, a 'interposición' do castelán era contestada con máis forza. O galego culto/escrito, na procura de ampliar a súa distancia/autonomía verbo do idioma dominante, 'pechouse' progresivamente a este e 'abriuse' a fontes de renovación alternativas, basicamente: os dialectos falados, a lingua medieval[19], o portugués. Con frecuencia, 'pecharse' ao castelán implica renunciar a latinismos e outros empréstimos que chegan ao galego a través daquel (e que adoito son comúns ao portugués e outras linguas de cultura), o cal, como antes indicamos, dálle á lingua literaria galega un ar peculiarmente enxebre, mesmo comparada co portugués (exemplos máis abaixo).

Canto ao empréstimo interno de fonte patrimonial (a preferida, especialmente ata a metade do século XX), puxéronse en xogo

19. Os textos medievais, practicamente ignorados ata a metade do século XIX, foron vindo a lume a partir desta data. Especialmente importante resultou o descubrimento da lírica trobadoresca galego-portuguesa, que se divulgou en Galicia c. 1880 (Monteagudo 1999:363-364).

dous procedementos (§ 2.2): a promoción de voces pre-existentes, mediante a extensión do seu significado orixinal (en ocasións por calco semántico), e mais a fabricación de novos vocábulos a partir destas, mediante a aplicación de sufixos (non raramente, por calco de construción). Un exemplo: o vocábulo *xurdir*, orixinalmente 'surxir, saír un obxecto á superficie da auga', pasou a asumir as acepcións abstractas de 'surxir'; despois creouse o derivado *rexurdir*, e a partir deste, un substantivo deverbal que se converteu na denominación propia, con maiúsculas, do *Rexurdimento* (cfr. italiano *Risorgimento*). Destarte, unha parte do vocabulario patrimonial galego experimentou unha fonda recarga semántica, mediante a metaforización de numerosas voces referidas ao mundo material, en especial ao ámbito agrario (*asoballar, atranco, ceibe, espallar, vencello*). A lingua medieval tamén se tomou como fonte de renovación léxica, aínda que a súa utilidade está limitada case exclusivamente ao tecnolecto xurídico-administrativo (*danos e perdas*). Aínda que a aproximación ao portugués se considerou un obxectivo desexable e isto lexitimou unha xenerosa 'apertura' a este (*ensino, roteiro, xornal, orzamento*), cómpre non esquecer que este procedemento se integrou nunha estratexia dirixida non á asimilación do galego ao portugués, mais a reforzar a autonomía do galego fronte ao castelán (Monteagudo 2000, Monteagudo 2003). Doutra banda, é unha práctica tradicional e relativamente corrente, ben acollida polo público lector, que os escritores arrequenten as súas creacións con dialectalismos léxicos, como mostra da riqueza da lingua.

Na actualidade, o problema principal preséntao a ampliación de ámbitos de uso da lingua, en particular a elaboración de tecnolectos especializados. En principio, o portugués ofrécese como fonte principal de actualización, aínda que se segue a botar man dos recursos internos, e, naturalmente, dos cultismos e empréstimos de circulación internacional. Mesmo así, boa parte dos (aínda escasos) usuarios do galego como lingua de especialidade teñen unha tendencia espontánea a acudir ao fondo castelán para os tecnicismos. Por outra banda, e a pesar dos notables avances dos últimos anos, existen grandes diferenzas no nivel de elabo-

ración entre as linguaxes de especialidade que gozan dun cultivo máis intenso (administración, media e mais as disciplinas humanísticas e sociais) e outras de cultivo relativamente feble (ciencias naturais e exactas, medicina, especialidades tecnolóxicas).

3.1.7 Recapitulación e balance

Coas NOMIG-82 culmina o proceso de racionalización e simplificación da ortografía e a morfoloxía galegas, e ao tempo séntanse as bases para resolver a problemática da adaptación dos cultismos e da depuración tanto dos hiperenxebrismos e vulgarismos coma dos castelanismos e outros barbarismos. Canto ao primeiro, destérrase definitivamente o emprego do apóstrofo e limítase drasticamente o do trazo, conságrase a solución foneticista <x> para a consoante sibilante prepalatal, e regúlase o emprego de <h> e <b>/ <v>. Canto ao segundo, o galego 'normalízase' verbo das linguas da contorna, aplicando procedementos normalizados de adaptación dos cultismos. Esta segunda solución aproxima notablemente o galego ao portugués, pero faino xusto nun punto en que este coincide case sempre co castelán (e coas demais linguas cultas, pero isto non é o relevante): *claro* e non *craro* (cfr. portugués e castelán *claro*), *exame* e non *eisame* (cfr. port. *exame*, cast. *examen*), *eléctrico* e non *eléutrico*, *eléitrico* ou *elétrico* (aínda que esta última é a preferida hoxe no Brasil), *silencio* e non *silenzo* (port. *silêncio*, cast. *silencio*).

As reformas introducidas polas NOMIG-82, en xeral razoables e ben xustificadas, desterraban varios dos máis conspicuos procedementos identificadores/diferenciadores do galego escrito que se viñan pondo en práctica desde os comezos da tradición escrita contemporánea: apóstrofos, tiles, guión, sobre-adaptación de cultismos, deformación de cognatos xémeos, etc. En orixe, estes procedementos configuraban un conxunto de dispositivos que se aplicaban sobre un sistema ortográfico herdado do castelán (desde o inventario grafemático ata boa parte das convencións) e un repertorio léxico culto (e en parte tamén patrimonial) partillado con este, e

precisamente serviran para conformar a partir de aí un sistema galego propio e diferenciado. Ora, ao desbotaren estes procedementos, as *Normas* achegaban, obxectiva aínda que inopinadamente, o galego escrito ao castelán nun grao que a moitos semellou excesivo. Por outras palabras, o galego culto/escrito anterior á década dos oitenta, en especial o da preguerra, tiña un aspecto claramente distinto ao castelán, a pesar de empregar o mesmo inventario alfabético que este e dun xeito similar a este, grazas sobre todo á faramalla de signos diacríticos, á adaptación dos cultismos e á distorsión das palabras patrimoniais comúns. Eliminados ou reducidos drasticamente estes recursos, aínda que fose tomando como modelo o portugués (que, obviamente, non os utiliza), a lingua escrita culta galega aproxímase notablemente, *velis nolis*, á castelá.

O devandito pon de vulto a necesidade de considerar o código da escrita como un conxunto sistemático, non como un simple agregado de solucións. A acumulación de reformas parciais pode abocar unha modificación moi notable dun sistema, con efectos non previstos. Xa que logo, ao considerar mesmo pequenos retoques, deben terse en conta os seus efectos na configuración global do sistema, e non consideralos illadamente. Coidamos que isto explica a derrota dos etimoloxistas: a adopción do grafema <x> para palabras como *xente* ou *dixo* resultaba preferible á dos alógrafos <g> e <j>, entre outras razóns (había máis, como as pedagóxicas e prácticas) porque estes resultaban perigosamente aproximantes ao castelán, e privaban o galego dun dos elementos gráficos que mellor o identificaban. A mesma motivación diferenciadora/identificadora estivo na base da adopción, varios séculos antes, dos grafemas innovadores <lh> e <nh> en portugués, no canto dos tradicionais <ll> e <nn> (cos seus alógrafos).

Estamos convencidos de que se o galego adoptase a solución etimolóxica para a sibilante prepalal, adoptaría simultaneamente aqueloutros dous grafemas, para seguir mantendo unha mínima 'distancia de seguranza' verbo do castelán: escribiriamos *junta* e *gente* no canto dos actuais *xunta* e *xente*, pero para compensar tamén grafariamos *brilhar* e *estranho*, en lugar dos actuais

brillar e *estraño*. Isto condúcenos a unha breve reflexión acerca do uso do grafema <x> en galego. É certo que escribir *xeografía* ou *filoloxía* nos afasta do común das linguas de cultura da nosa contorna, e que, desde ese punto de vista, sería altamente desexable recuperar as grafías etimolóxicas. Pero non é menos certo que o <x> constitúe hoxe por hoxe o identificador gráfico por excelencia do galego escrito, e que nese papel parece difícil atoparlle unha substitución igual de eficaz e satisfactoria. Se nos limitásemos a adoptar a grafía etimolóxica, o galego escrito sería, a simple vista, practicamente indistinguible do castelán. Se simultaneamente adoptásemos algúns trazos da ortografía portuguesa, como <lh> e <nh>, daquela só os expertos e os propios lusógrafos (*sit venia verbo*) distinguirían o galego do portugués.

Fose como for, a percepción antes sinalada dun certo déficit de *diferencialismo* nas *Normas* do 82, unida a outros factores de tipo extra-lingüístico dos que falaremos máis adiante, alentou a procura de propostas alternativas (Herrero Valeiro 1993, Kabatek 1994).

Cadro 3: Evolución da elaboración da lingua escrita no período contemporáneo nos planos gráfico, morfolóxico e léxico

	Oralista	*Popularista*	*Enxebrista*	*Proto-estándar*	*Estándar*
Fixación ortográfica	1	2	3	4	5
Autonomía> oralidade	2	1	3	4	5
Transdialectalización	1	2	3	4	5
Castelanismos suntuarios	4	3	2	1	0
Castelanismos utilitarios	5	4	3	2	1
Vulgarización cultismos	2	4	3	1	0
Ultracorreccións	1	2	4	3	0
Arcaísmos	0	1	4	3	2
Lusismos	0	1	2	3	4
Outros	0	1	2	3	4
Fabricación propia	1	2	3	4	5
Empréstimos internos	1	2	5	4	3

Fonte: Fernández Salgado e Monteagudo (1995)

3.2 *O disenso normativo: o reintegracionismo*

Acabamos de mencionar o reintegracionismo lingüístico. Como deixamos dito, a defensa dun achegamento do galego ao portugués ten precedentes salientables en etapas anteriores, pero nestas só excepcionalmente se levou a posición ao punto de propor a dilución do primeiro no segundo. O certo é que se trata máis ben de precedentes doutrinais, que raramente deron callado en propostas sistemáticas ou en prácticas coherentes, e en realidade se limitaron a postular en termos xenéricos a identidade histórica do galego e o portugués, ou ben a propugnar no concreto determinadas solucións converxentes co portugués (pódese aducir o exemplo da grafía etimolóxica para a fricativa prepalatal xorda). Non é menos verdade que nese mesmo terreo doutrinal, a apelación á identidade do galego e o portugués é un lugar común do discurso galeguista desde Martín Sarmiento (cos matices que xa sinalamos) e sobre todo desde os finais do século XIX, especialmente como contra-argumento fronte ao discurso castelanista que sostiña unha pretensa imposibilidade conxénita do galego para soerguerse da condición dialectal e converterse nun idioma de cultura.

Endebén, como fomos vendo, para a maior parte dos cultivadores do galego, esa apelación retórica á identidade do galego e o portugués resultara compatible cunha práctica de elaboración dun idioma culto autónomo, nalgúns casos mesmo rexeitando o emprego de solucións converxentes co portugués, e incluso polemizando explicitamente cos defensores destas. Nesta liña sitúase precisamente a opción que se ten denominado 'reintegracionista de mínimos', e que nós consideramos englobada dentro da corrente autonomista (véxase máis atrás). Xa que logo, a principal novidade que representa o reintegracionismo recente reside en que, cando menos nas súas versións máis coherentes, propugna e practica un amplo conxunto de solucións ortográficas, morfolóxicas e léxicas do portugués que rachan coa tradición contemporánea do galego culto/escrito.

O reintegracionismo compareceu con forza no escenario dos debates sobre a norma do galego pouco despois da publicación

das *Normas* da RAG de 1970 e 1971, e faino da man dun prestixioso filólogo lusitano moi próximo a Galaxia, grande e vello amigo da cultura galega: Manuel Rodrigues Lapa (Lapa 1973). A posición última de Lapa (dicimos *última* pois non era a que mantivera anos atrás) está formulada coa grande forza que lle outorgan a súa clareza e simplicidade. Os esforzos por construír un galego culto autónomo foron un fracaso, e en realidade non teñen ningunha posibilidade de suceso. A lingua galega de cultura está xa construída, e o único que hai que facer é recoñecela como tal e adoptala: esa lingua é o portugués.

A reacción inicial dos círculos galeguizantes foi de cordial pero rotundo e case unánime rexeitamento, igual da parte dos galeguistas máis veteranos (Ramón Piñeiro, Álvaro Cunqueiro, Ramón Otero Pedrayo; véxase Piñeiro 1973) que dos novos nacionalistas, como mostra a opinión dun dos principais ideolingüistas e líderes políticos do nacionalismo emerxente, o dirixente da Unión do Povo Galego Francisco Rodríguez: "A solución de R. Lapa de que escrebamos en portugués, a esperanza de que non morrerá porque está viva a nosa língua na súa filla universal, non soluciona os nosos problemas culturais como povo, como colectividade, nen pode consolar a ninguén que queira ver o seu idioma e cultura normalizados no seu contexto social" (Rodríguez Sánchez 1976). Endebén, a posición de Lapa atopou eco en círculos galeguistas/nacionalistas máis novos, e, sobre todo, acabou por ter un valedor moi importante: Ramón Carballo Calero, quen nun primeiro momento saíra a defender a posición 'clásica' do galeguismo (Carballo Calero 1974), pero que acabou por subscribir, aínda que con matices, a tese do filólogo portugués.

Como dixemos atrás, na liña sinalada de Lapa, ben desde posicións máis moderadas ('achegamento do galego ao portugués'), ben desde estratexias gradualistas ('avance progresivo ata a dilución do galego no portugués'), nos últimos anos setenta xorden unha serie de propostas 'reintegracionistas', que as dúas tentativas de conciliación de 1977 (*Bases*) e 1980 (Comisión Lingüística da Xunta de Galicia) non conseguiron integrar na corrente maiorita-

ria. A partir desta última data, vai tomando corpo unha posición intermedia, nas *Orientacións* da AS-PG de 1980, que sufrirá ulteriores reformulacións. Para algúns dos seus propugnadores, trátase dunha 'terceira vía' máis ou menos equidistante, para outros, trátase dunha proposta-ponte, de transición cara a outras máis avanzadas. Sexa como for, a partir de 1982, co gallo da oficialización das NOMIG-82, o reintegracionismo propiamente dito vai concretando as súas propostas, e no camiño ramificándose entre posicións máis extremas, de pura adopción do portugués (co problema sobrevido das diferenzas ortográficas entre Portugal e Brasil), tal como propoñen as 'Irmandades da Fala', e outras máis matizadas. Entre estas, simplificando, podemos citar en primeiro lugar a Associaçom Galega da Língua (o grupo máis representativo e cunha proposta e práctica máis coherentes e sistemáticas), que visa a elaboración dunha norma galega inserida no tronco luso-brasileiro, mantendo certos trazos morfolóxicos e léxicos peculiares e adaptando a ortografía portuguesa en aspectos menores.

Xa que logo, os reintegracionistas son partidarios dunha reforma en profundidade da ortografía galega recibida, adaptando (nas versións moderadas) ou adoptando (nas máis radicais) a do portugués. Consideran que o sistema ortográfico propugnado polas NOMIG-82 racha coa tradición histórica da lingua, illa o galego das outras variedades do seu mesmo sistema lingüístico (o luso-brasileiro), e consagra a súa dependencia verbo do castelán. Outros planos ou aspectos da lingua son máis pacíficos, pero mesmo así hai diferenzas notables nos planos fonoléxico e morfoléxico, en especial na morfoloxía derivativa. Pola contra, a coincidencia no plano fónico é case total.

O reintegracionismo non é un movemento unitario e coherente, mais un feixe de correntes con principios teóricos basicamente coincidentes mais con propostas prácticas considerablemente diversificadas. Para simplificarmos, podemos distinguir dúas modalidades: (a) un reintegracionismo propiamente dito, denominado ás veces 'de máximos' (representado pola Associaçom Galega da Língua, AGAL), e (b) un reintegracionismo 'lusógrafo'.

Atendendo á súa denominación máis corrente, tamén se podería considerar aquí o denominado reintegracionismo 'de mínimos' (representado polas normas da AS-PG e similares), que na nosa opinión constitúe unha modalidade do autonomismo. Este último é un reintegracionismo máis ben sociolóxico, teórico e retórico ca propiamente lingüístico. Aproxímase das correntes reintegracionistas nas posicións glotopolíticas, especialmente polo seu vencellamento estreito ao activismo nacionalista e polo argumentario despregado na súa crítica ás NOMIG-82 (normativa 'imposta', españolizante, acientífica, as 'normas do PP', etc.). Nas solucións normativas propugnadas, a proposta 'mínimos' apenas se diferencia das NOMIG-82 por defender un criterio un pouco máis diferencialista fronte ao castelán e correlativamente algo máis aproximativo cara ao portugués. Destarte, as diferenzas máis importantes entre 'mínimos' e ILG/ RAG radican, como veremos, no uso de signos gráficos auxiliares (acento e guión), no plano fonoléxico e na morfoloxía derivativa. O acordo normativo de 2003 significou practicamente a fusión das dúas correntes autonomistas, a 'oficial' e o reintegracionismo 'de mínimos'.

Pola súa banda, AGAL acumula ás diferenzas dos 'mínimos' a respecto das NOMIG-82 moi considerables diferenzas ortográficas; de feito, a súa proposta está, do punto de vista lingüístico, moito máis próxima da lusógrafa do que da de 'mínimos', do mesmo xeito que esta se atopa máis preto da autonomista do que da de AGAL. Por outra banda, entre os dous reintegracionismos ('máximos' e 'lusografía) a primeira vista existe unha diferenza importante, pois aqueles propugnan unha norma galega autónoma, mentres que estes pretenden pura e simplemente a adopción do portugués como lingua escrita e de cultura de Galicia. No fondo, tal diferenza non é real, pois o groso do sector AGAL considera a súa proposta como transicional cara á lusografía.

As diferentes opcións gráficas atópanse ordenadas nunha especie de *continuum* implicacional, aínda que resulta simplificador afirmar, como fan algúns estudosos (Herrero Valeiro, 1993), que vai do castelán ao portugués, pois, como sinalamos, nalgúns puntos a

ortografía 'autónoma' do galego arrédase máis do castelán do que a portuguesa (pénsese, por acaso, na representación da consoante sibilante prepalatal). Finalmente, hai que ter en conta que entre os reintegracionistas se dan posicións máis inmediatistas e outras máis gradualistas, isto é, defensores da adopción inmediata do portugués fronte a propugnadores de solucións intermedias e transicionais coa mira posta no obxectivo final da integración no portugués.

3.2.1 Entre autonomismo e reintegracionismo: a proposta de "mínimos"

Como dixemos, o reintegracionismo de mínimos propón, na práctica, un modelo autonómo, aínda que con algunhas concesións ao portugués, que normalmente se estean na promoción de variantes galegas coincidentes con este, máis ou menos marxinais no propio galego, pero con circulación na lingua literaria, nos dialectos ou na lingua medieval. En realidade, baixo esta denominación (e outras que se teñen empregado, como 'normativa de concordia'), conviven un feixe de solucións ortográficas e morfolóxicas diversas, unhas máis próximas á versión 'cultista' das NOMIG-82, e outras de maior calado reintegracionista. Imos referirnos aquí aos trazos máis comúns, sinalando no seu caso opcións alternativas.

Na ortografía, por vía da regra adóptase o sistema acentual do portugués continental (aínda que prescindindo do acento circunflexo[20]), e, menos xeralmente, utilízase o guión entre o verbo e o pronombre clítico: *secretária~secretaria* (subliñamos a vogal tónica), *leva-lo* (*levas* + *o*), *levá-lo* (*levar* + *o*). Canto á representación da contracción da preposición *a* co artigo determinado masculino *o/s*, e do alomorfo –lo tras formas verbais e outras palabras (os cuantificadores *todos* e *ambos*, a preposición *tras*, a locución *e mais*…) adóptase a solución 'cultista' admitida nas NOMIG-82 (*ao/s, todos os*), coincidente co portugués. Tamén se tende a empregar <v> anti-

20. Como adiante indicaremos, o acento circunflexo en portugués marca o timbre pechado da vogal tónica *burguês, lôbrego, pânico.*

etimolóxico nalgunhas palabras que o teñen en portugués, como *povo* ou *governo*[21]. Na morfoloxía nominal, admítense as variantes tipo *mao, chao, verao* (do galego central e oriental) cabo de *man, chan, verán* (do galego occidental e sancionadas nas NOMIG-82), pois aquelas considéranse máis próximas ao portugués (*mão, chão, verão*). No plano que conviñemos en denominar fonoléxico, a diferenza radica por unha banda nalgunhas solucións patrimoniais (*muito* cabo de *moito*), e por outra no tratamento dunha serie de palabras que o portugués adapta como patrimoniais mentres as NOMIG-82 trata como cultismos (en coincidencia co castelán). Isto maniféstase nos finais de palabra, especialmente *–za/ –cia*, *–zo/ –cio* en voces como *presenza* ou *espazo*, e no mantemento do grupo culto –ct– o –pt– ou a vocalización do primeiro elemento en palabras como *leitor* ou *conceito*.

Na morfoloxía nominal non existen grandes diferenzas coas NOMIG-82; o máis salientable é a solución para o plural dos nomes (e algúns pronomes) rematados en –l: NOMIG-82 distinguen entre polisílabos oxítonos que fan o plural en –(l)is (*real> reais, papel> papeis, fusil> fusís*…) dos monosílabos e mais dos polisílabos non oxítonos, que fan o plural en –les (*tales, fáciles*…), a proposta de mínimos segue o portugués no segundo caso (*tais, fáceis*…*).* Canto á morfoloxía verbal, o máis destacable é a adscrición á segunda ou terceira conxugación, seguindo o modelo portugués, dunha serie de verbos que as NOMIG-82 asignan á terceira ou segunda (en coincidencia co castelán): *dicer/ dicir*, *viver/ vivir*, *escreber/ escribir*, *receber/ recibir; caír*… Algunhas variantes máis poderíanse aducir canto a adverbios (*alén, aquén*), preposicións (*após, até*) e conxuncións (*nen*, uso de *porén* e *aliás*…) e á grafía de locucións adverbiais (*amodo, devagar, talvez*) e outras. Verbo morfoloxía derivativa, é de destacar o uso dos sufixos –bel/ –vel (plur. –beis/ –veis: *estábel, estábeis*), –aria (*portaria*) e –zón (alternando de forma ás veces asistemática con –ción: *canzón* pero *acción* ou *aczón*), mentres que as

21. Algúns reintegracionistas de mínimos usan <v> en todos os casos en que o presenta o portugués: *dever, fava, cantava, livro, livre*…

NOMIG-82 nos dous primeiros casos admiten como variantes –bel e –aría pero dan preferencia a –ble (plur. –bles: *estable, estables*) e –ería (*portería*), e no último sancionan a forma –ción (*canción, acción*). Tamén se poden sinalar algunhas diferenzas léxicas, aínda que este é un terreo menos claramente definido.

De xeito análogo ao que antes vimos con respecto ás NOMIG-82, na corrente 'mínimos' conviven dúas tendencias, unha que representa unha versión 'frouxa' e outra que representa unha versión 'forte'. As dúas comparten certos trazos morfolóxicos e o groso das opcións léxicas, pero presentan matices importantes na ortografía e noutros puntos. Na práctica, os seguidores da normativa de 'mínimos' non adoitan escoller 'en bloque' unha ou outra versión, mais realizan, segundo preferencias individuais ou outro tipo de criterios, unha combinación das solucións que presentamos no cadro

Cadro 4: Versión 'frouxa' e versión 'forte' da opción 'mínimos'

Frouxa	pobo, libro	secretaria	lévalo	man	moito	canción	estábel
Forte	povo, livro	secretária	leva-lo	mao	muito	canzón	estável

Na actualidade, despois do acordo normativo que conduciu ás NOMIG-03, que integrou varias das solucións 'de mínimos', é esperable que esta corrente desapareza como tal, e que os seus seguidores (persoas ou colectividades) pasen a empregar a normativa oficial reformada.

3.2.2 O reintegracionismo de máximos: a proposta de AGAL

O reitegracionismo de máximos (AGAL) diferénciase do de mínimos fundamentalmente polas opcións ortográficas, dado que, como dixemos, o primeiro propugna a adaptación da ortografía

portuguesa, o que fai que a súa proposta se afaste notablemente do principio fonémico, o que non acontece coa proposta 'de mínimos'. O subsistema de sibilantes, que como sabemos evolucionou en sentido diverxente en galego e portugués, é o máis afectado: <g>, <j> e <x> para un único fonema /ʃ/ (*ja, caixa, gente, hoje, peixe, giro, estrategia, jogo, roxo, juntar, ajuda*), <–s–> e <–ss–> para /s/ (*coser, passar*), <c+e, i>/ <-ç+a, o, u> e <z> para /θ/ (*caçar, beleza; parecer, cozer; dócil, vizinho; poço, prazo; açúcar, azul*). No caso doutras grafías, a relación fono-gráfica non se ve alterada: <lh> por <ll> (*palha/ palla*), <nh> por <ñ> (*vinho/ viño*), <–m> por <–n> (*razom* no *razón*); <b> e <v> segundo a norma portuguesa[22]: *dever, árvore, livro, andava*… Para representar o fonema velar intervocálico, no canto do dígrafo <nh>, AGAL propón <mh>: así, AGAL escribe *umha* e *unha* donde os autonomistas (estritos e de mínimos) grafían respectivamente *unha* e *uña*.

O sistema acentual de AGAL tamén acolle o acento circunflexo para marcar o timbre das vogais medias, aínda que non o de /a/ (pois en galego non existe o fonema central alto /ɑ/ do portugués): *café* pero *burguês*, *cómico* pero *côncavo*. O dígrafo <qu> emprégase para representar a consoante /k/ ante <e, i> (*que, quince*), noutras palabras <qu> (e o seu alógrafo <qü + e, i>) representa /ku/: *aquário, eqüestre*… Isto último inclúe certas palabras (*quando, qual, quanto, quatro, quadro*…) que en portugués presentan /ua/ etimolóxico que en galego foi reducido a /a/; así, nestes casos os autonomistas propoñen *cando, cal, canto, catro, cadro*…

A proposta AGAL tamén admite en numerosos puntos opcións dobres, por exemplo: –ge/ –gem (*viage/ viagem*) –ao/ –am (*irmao/ irmam*), *cans/ cais* (<plur. de *cam*), *moito/ muito*, *coiro/ couro*, *tu/ ti*; *troita/ truita/ truta*, *coitelo/ cuitelo/ cutelo*… Algunhas das variantes admitidas son simplemente inexistentes en galego actual (*viagem)*, outras son dialectalmente marxinais e non foron acollidas

22. Non se esqueza que en portugués o uso dos grafemas <b> e <v> está motivado fonoloxicamente, pois representan fonemas distintos, /b/ e /v/, mentres que o galego unicamente presenta o fonema /b/.

pola tradición literaria e culta (*cais, couro, truita*…), outras máis teñen unha notable extensión dialectal (*irmao, muito*) pero as súas alternativas (*irmán, moito*…) foron preferidas pola tradición literaria galega. En todos os casos, trátase ou ben de acoller unha variante portuguesa, ou ben unha galega 'transicional' cara ao portugués.

Nos casos de <h>, <-m>, <lh>, <nh> e <b>/<v> as dificultades prácticas que presenta seguir en galego as normas do portugués, sen ser despreciables, son relativamente menores. Tocante á primeira, a evitación do <h> intervocálico obriga a escribir algunhas palabras dun xeito abondo complicado (*pré-história*), e atraizoa a pronuncia en galego dalgunhas palabras (*inhalar, anhelo*; con nasal velar). No que atinxe a <–m>, en portugués ten un emprego moito menos abundante do que tería en galego, pois fóra de determinadas formas do paradigma verbal (as sextas persoas que non son oxítonas: *andam, andavam, andaram, andariam, andem, andassem, andarem*), nas demais clases de palabras practicamente só aparece en monosílabos (*fim, bom, quem, cem, com, sem, nem)*; mentres que en galego tería que utilizarse nun moi elevado número de substantivos e adxectivos que en portugués rematan en vocal ou ditongo nasais (cfr. galego *razon/razom, nación/naçom* fronte ao portugués *razão, nação*). Por parte, no caso dos nomes, non se ve a coherencia de escribir o singular en <-m> e o plural en <–ns> (*fim/ fins*).

Os dígrafos <lh> e <nh> teñen na súa contra o feito de careceren de tradición do galego escrito, mesmo no período medieval, e seren *distintivamente* portugueses, pero non crearían problemas especiais de adaptación. Unicamente obrigan a enxeñar unha nova grafía para a nasal velar, para o que, como xa sinalamos, se propuxo o dígrafo <mh>: *umha*. Finalmente, <b> e <v>, que en portugués corresponden con cadanseu fonema (/b/ bilabial oclusivo, e /v/ labiodental fricativo), poderían sen excesivas complicacións empregarse á portuguesa en galego (que posúe un único fonema bilabial oclusivo /b/), no canto de seguirmos o criterio etimolóxico, que é o que dispoñen as NOMIG-82 (*voda, deber, móbil, libro,*…), que nos fai coincidir co castelán en máis do noventa por

cento dos casos. O problema aquí e didáctico, pois non se pode esquecer que os aprendentes do galego escrito foron previamente, son simultaneamente ou van ser posteriormente alfabetizados tamén en castelán.

Así e todo, o que complica en grao moi notable a escrita do galego son as grafías portuguesas para as sibilantes, e isto pola sinxela razón de que aí os sistemas fonolóxicos do galego e o portugués se bifurcaron dun xeito irremediablemente diverxente (Fernández Salgado e Monteagudo 1993). Desde o punto de vista da fala, para un lusófono a distinción grafemática entre <g> e <j> por unha banda e <x> pola outra está perfectamente motivada, pois os dous primeiros grafemas corresponden a un fonema sonoro e o segundo a un xordo (é certo que un lusófono para o fonema xordo /ʃ/ pode dubidar entre o grafema <x> e o dígrafo <ch>, pero isto non fai ao noso caso). A única dúbida que se lle pode presentar é na escolla de <g> e <j> ante <e> e <i>: *gente* pero *hoje; giz* pero *jipe*. Un galego non tería outro remedio que acudir á súa memoria á hora de decidirse por un dos tres grafemas, no caso unha palabra como *xeito*, ou por <j> fronte a <x>, no caso de palabras como *xarope* ou *roxo*.

Algo similar acontece con <c+e, i>, <ç+ a, o, u> fronte a <z>: en portugués, os alógrafos <c>/ <ç> corresponden a unha sibilante xorda, mentres que o grafema <z> corresponde a unha sibilante sonora. Para un galego non seseante, tanto os dous primeiros coma o terceiro corresponden a un único fonema, fricativo interdental: o galegófono estaría obrigado a memorizar que *caçar* se escribe con <ç>, mentres que *gozar* se escribe con <z>, *acender* e *parecer* levan <c> pero *cozer* ou *fazer* levan <z>. Analogamente, o galego falante tería que botar man da súa memoria para saber que *passar* se escribe con dous <ss>, mentres que *casar* só ten un <s>; diferenza que resulta obvia para un lusófono, pois no primeiro caso pronuncia un fonema xordo e no segundo un sonoro.

Na morfoloxía nominal e sobre todo na verbal a proposta de AGAL é moderadamente autonomista. Canto aos nomes, ademais do devandito para os finais *–ao*/ *–am* (*irmao*/ *irmam*; port.

irmão), pódense aducir os correspondentes plurais *–aos/ –ans* e *–ais* (*irmaos/ irmáns, cans/ cais* port. *irmãos, cães*), ou os finais en *–om* (plur. *-ons*) fronte ao portugués *–ão/ –ões* (*razom/ razons*; port. *razão/ razões*). Nos pronomes, admítese *ti* (tipicamente galega) cabo de *tu* (antiga, dialectal e portuguesa), recóllese a distinción entre *te* acusativo e *che* dativo (típica do galego e inexistente en portugués, que só presenta *te*), e admítese o uso do alomorfo *no* do pronome acusativo de P3 tras forma verbal rematada en ditongo (*bebeu-no todo*; port. *bebeu-o tudo*). Na morfoloxía verbal, admítense as variantes *–des* e *–is* para o morfema P5 (*andades* e *andais*; port. *andais*), para a P2 do perfecto admítese *–che* e *–ste* (*andache* e *andaste*; port. *andaste*). Retense para o antepretérito de indicativo a forma simple (*andara*) en vez da perifrástica que usa correntemente o portugués (*tinha andado*). Tamén se retén o morfema *–im* para a P1 do pretérito perfecto da segunda e terceira conxugacións (*bebim, partim*, port. *bebi, parti*). Nos verbos irregulares con perfecto forte, tamén se reteñen as formas caracteristicamente galegas de tipo *dixem, dixeche, dixo*, con palatalización da consoante radical e desinencias *–en* para a P1 e *–o* para a P3 (cfr. port. *disse, disseste, disse*).

Finalmente, a corrente lusógrafa descarta aqueles riscos propiamente galegos que AGAL acepta, e no canto deles propugna o uso das variantes nitidamente portuguesas correspondentes: *irmão/ irmãos, cão/ cães, razão/ razões, origem, truta, muito, tu, te, bebeu-o, andais, andaste, bebi, parti, tinha andado, disse, disseste, disse*…

Cadro 5: Principais diferenzas entre as propostas ILG/ RAG, 'mínimos' e AGAL
Compárese con Herrero Valeiro (1993)

	ILG/RAG	**'Mínimos'**	**AGAL**
Ortografía (alfabeto)	español adaptado *palla, viño, facer, caza, pasar, pobo, faba, non, unha, xa, xente, hoxe*	español adaptado *palla, viño, facer, caza, pasar, povo, faba, non, unha, xa, xente, hoxe*	portugués adaptado *palha, vinho, fazer, caça, passar, povo, fava, nom, umha, já, gente, hoje*
Signos auxiliares	español adaptado *levalo (levar+o)* *vario, varío* *cóncavo, burgués*	mixto> portugués *levá-lo* *vário, vario* *cóncavo, burgués*	portugués adaptado *levá-lo* *vário, vario* *côncavo, burguês*
Alomorfos do artigo determinado	oralidade / vacilante *ao/s- ó/s, á/s* *tódolos- todos os* *bebe-la auga* *beber a auga*	non oral> portugués *ao/s, á/s* *todos os* *beber a auga*	non oral (port.) *ao/s, à/s* *todos os* *beber a auga*
Fonoléxico patrimonial	diferencialista *moito, loita, catro*	mixto *muito, loita, catro*	portugués *muito, luita, quatro*
Fonoléxico culto/ semiculto	mixto / vacilante *lector, concepto* *espacio, xustiza* *doenza, diferencia* *viaxe*	diferencialista>port. *leitor, conceito* *espazo, xustiza* *doenza, diferenza* *viaxe*	portugués *leitor, conceito* *espaço, justiza* *doença, diferença* *viage/viagem*
Morfoloxía nominal	autónoma *man/s, can/s* *razón/s* *tales, fáciles*	autónoma *mao/s, can/s* *razón/s* *tais, fáceis*	vacilante *mao/s, can/s-cais* *razón/s-razois* *tais, fáceis*
Morfoloxía pronominal	autónoma *ti, che, (viu)no*	autónoma *ti, che, (viu-)no*	vacilante *tu/ ti, che* *(viu-)no/ (viu-)o*
Morfoloxía verbal	autónoma *dicir, vivir, escribir* *andades, bebín,* *bebiches*	autónoma / mixta *dicer, viver, escreber* *andades, bebin,* *bebeche*	vacilante / mixta *dizer, viver, escrever* *andades/andais,* *bebim/bebi* *bebeche/bebeste*
Morfoloxía derivativa	vacilante *estable/estábel* *portería/portaría* *canción*	diferencialista> port. *estábel/estável* *portaria* *canción/canzón*	diferencialista> port. *estável* *portaria* *cançom*

3.3 *Implantación de cada unha das propostas*

Canto á implantación de cada unha das propostas, as NOMIG-82 son seguidas por unha grande maioría de produtores, instrutores e usuarios do galego escrito. Son as empregadas nos documentos e publicacións oficiais, na maior parte dos centros de ensino, na práctica totalidade dos materiais de aprendizaxe e consulta (libros de texto, métodos, prontuarios, guías, dicionarios, repertorios terminolóxicos), nas principais publicacións (o único diario, *O Correo Galego/ Galicia Hoxe;* o único semanario de información xeral, *A Nosa Terra*; a revista mensual *Tempos novos*; as revistas trimestrais *Grial, A Trabe de Ouro* e *Encrucillada*), os medios de comunicación de masas (radio, televisión, colaboracións na imprensa en castelán) e as principais casas editoras (Edicións Xerais de Galicia, Galaxia, Ediciós do Castro; á parte da propia Xunta de Galicia). As normas reintegracionistas 'de mínimos' ou variantes desta gozan tamén dunha considerable implantación, numericamente minoritaria pero cualitativamente moi significativa: son utilizadas fundamentalmente por escritores, intelectuais, profesores, militantes, dirixentes políticos ou sindicais e publicacións na órbita do Bloque Nacionalista Galego (en particular da Unión do Povo Galego) e da Central Intersindical Galega. Algunhas editoras próximas a eses mesmos círculos, como Laiovento, Baía ou A Nosa Terra, dan preferencia aos 'mínimos', pero admiten textos en calquera das normativas en circulación. As normas da AGAL son seguidas na propia revista desta asociación (o trimestral *Agália*), en cabeceiras de saída e difusión irregular e escasa divulgación, e nalgunhas publicacións, que dificilmente chegan á ducia de títulos anuais. Os núcleos propiamente lusógrafos contan cunha mínima implantación en Galicia.

4 O ACORDO DE CONCORDIA DE 2001 E A REFORMA DE 2003

Como se dixo anteriormente, en termos xerais, nos últimos anos o debate normativo perdeu saliencia e virulencia, en boa parte grazas a que entre os distintos sectores preocupados polo futuro do galego callou a convición de que as polémicas normativas, tal e como se produciron, xogaron un papel realmente pernicioso cara a sumar as forzas dos segmentos máis conscientes e mobilizados da sociedade e cara a conseguir a adhesión de amplos sectores ao proceso de normalización social do idioma. A discusión pública que se desenvolveu nos últimos meses do ano 2000 significou unha notable mudanza de énfase e ton sobre o asunto, e desembocou nun esperanzador proceso de diálogo que culminou nunha proposta de normativa consensuada que coidamos pode significar un auténtico fito na historia do galego normativo.

Como xa relatamos atrás de maneira resumida, os promotores do diálogo foron a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e os departamentos (ou seccións) de Filoloxia Galega das universidades da Coruña e Santiago e mais o Instituto da Lingua Galega, representando os primeiros (AS-PG e Universidade da Coruña) posicións máis ou menos próximas á corrente reintegracionista e os segundos (Universidade de Santiago e Instituto da Lingua Galega) á autonomista[23]. Isto dotou o acordo fraguado de respectabilidade para ambas as correntes, e dunha lexitimación científica. Por parte, o apoio da AS-PG e de importantes plataformas cívicas na órbita do nacionalismo político (Mesa pola Normalización Lingüística), garantíronlle un amplo respaldo social á iniciativa. As sesións de estudo e debate sucedéronse ao longo dos últimos meses de 2000 ata o outono de 2001, e finalmente chegouse a unha proposta consensuada, que foi sometida á aprobación da RAG. En sesión plena-

23. O Departamento de Filoloxia Galega da Universidade de Vigo tivo unha participación máis irregular no proceso, do que ademais se desvencellou con ocasión da súa presentación á Real Academia Galega. Cando, despois dun primeiro rexeitamento por parte desta, se retomou o asunto, o Departamento de Vigo sumouse en condicións de total igualdade e cunha actitude común aos outros participantes.

ria que tivo lugar en novembro deste ano, esta rexeitou a proposta, pero o seu pronunciamento foi entendido máis como unha desaprobación do procedemento seguido do que como unha descualificación global desta. A propia RAG, que reclamaba para si, conforme establece o ordenamento legal, o protagonismo do proceso de reforma, creou unha nova comisión en 2002 de acordo coas áreas universitarias de Filoloxía Galega e mais o ILG e coa participación destes, que repasou o acordo adoptado pola comisión anterior, e presentou unha nova proposta de reforma (de feito moi similar á anterior) ao Pleno da RAG, que arestora a aprobou, en sesión que tivo lugar en xullo de 2003.

Antes de presentar as novidades que introduce a reforma normativa de 2003 (NOMIG-03), exporemos brevemente as claves que permitiron emprender e levar a boa fin este proceso de diálogo:

- Participación plural no proceso e recoñecemento dos participantes na discusión como auténticos interlocutores, merecentes como tales de respecto e consideración. As vellas descualificacións políticas ou científicas foron abandonadas, recoñecéndose a lexitimidade en principio de todas as propostas.
- Aceptación da necesidade de vixencia dunha norma única (aínda que elástica nalgúns puntos) en ámbitos clave de uso e difusión do idioma, en particular o ensino. Esa norma ten que rexerse polo principio da estabilidade flexible, correspondente co estadio de equilibrio dinámico da lingua, o cal implica que a aceptación do acordo normativo comporta o seu non cuestionamento para un período de tempo razoablemente longo, sen desbotar modificacións de pormenor nin unha revisión máis ampla no longo prazo.
- Abandono das discusións de principios a favor dunha abordaxe máis práctica. O importante non é seguir debatendo se o galego é unha lingua de seu, distinta ao portugués, ou se galego e portugués son a mesma lin-

gua; esta é unha cuestión científica que debe discutirse no ámbito especializado. Tanto unha como outra posición son compatibles coa aceptación, sequera provisoria, dunha normativa propia para o galego culto.

- Admisión de que a base de partida para a discusión son as NOMIG-82, e de que a proposta de reforma debe afectar o menos posible ás convencións propiamente ortográficas, que son pouco relevantes para o lingüista pero extremadamente importantes para o usuario corrente.
- Aceptación de que a autoridade en materia lingüística reside na Real Academia Galega. A aceptación deste principio, que tendo en conta a historia da propia Academia pode resultar sorprendente, veu facilitado polo proceso de renovación da propia institución, que duns anos a esta parte acolleu un grupo bastante nutrido de lingüistas procedentes da universidade e unha cohorte de escritores galegos relativamente plural e representativa. Por parte, a Academia está abrindo por diversas vías a colaboración cos especialistas en lingua e literatura galegas das universidades e doutros ámbitos. Por outras palabras, a Academia gañou autoridade, tanto científica como carismática.

De feito, a reforma introduce máis unha mudanza de énfase na orientación da normativa oficial vixente desde 1982 (preferencia por *ao* e o sufixo *–aría* no canto de *ó* e *–ería*) que novidades substanciais (algúns finais de palabra en *–zo*/ *–za*, ou formas como *vogal* e *estudar*), o que significa que vai custar un esforzo mínimo de adaptación para os galegógrafos (véxase cadro anexo). Sen dúbida, os aspectos revisados implican un achegamento ao portugués, pero as propostas aprobadas están escrupulosamente xustificadas desde o galego e para o galego. Por parte, o paso avanzado é totalmente coherente coa liña seguida na época contemporánea: estearse no portugués non como un obxectivo que se

esgota en si mesmo, nin moito menos co horizonte de disolver nel o noso idioma; mais na procura dunha modernización autentificadora deste e ao tempo de afirmación fronte ao castelán fagocitante. Os luso-escépticos deben saber que en moitos casos achegármonos ao portugués é unha forma de afondarmos no galego, do cal non se deduce, como coidan os luso-entusiastas, que todo o portugués é galego.

A reforma aprobada responde á esixencia de *estabilidade flexible* dos idiomas escritos, e que corresponde ao estado de *equilibrio dinámico* característico das linguas vivas. Unha ruptura brusca coa norma vixente resultaría profundamente desestabilizadora e sementaría o caos entre os utentes –cousa que parecen non entender os reintegracionistas radicais. Pola contra, a rixidez inmobilista que non atendese á evolución do uso real conduciría á obsolescencia da norma –asunto no que deberan matinar os que se opuxeron á reforma. Isto último é especialmente certo no caso dun idioma que está a vivir un proceso tan fluído coma o galego, no que é de balde pretender que as decisións que imos tomando sobre a marcha (ás veces coa urxencia que impón a presión das circunstancias) teñan carácter definitivo e inapelable. Cando a comunidade galegófona puider contemplar con tranquilidade o seu porvir (hogano só é un soño), poderá decidir tamén con maior liberdade a orientación do seu idioma culto, e se cadra revisará moitas das decisións que estamos adoptando. Sexa como for, a norma reformada debe ter unha vixencia longa, a risco de desorientarmos a galegofonía.

Despois da aprobación da reforma, saíron á tona reaccións escépticas ou discrepantes, dunha ou outra banda. Algúns interpretaron o acordo como unha concesión discutible a sectores que 'inventaran' o problema normativo. Pero quen escribe decote en galego, e máis aínda quen ten que ensinalo, sabe ben que ese problema era un incordio efectivo, e que, sinxelamente, non podía ser ignorado. Da outra banda, unha serie de colectivos reintegracionistas mostraron a súa insatisfacción por non teren sido convidados ao diálogo previo e polo limitado alcance da reforma. Pero

eles propios teñen manifestado que non están dispostos a renunciar á lusografía a prol dun acordo consensuado, de xeito que cercean á partida a hipótese do diálogo. Outra cousa é manter unha convivencia pacífica e mesmo cordial con castelanizantes e con lusitanizantes, na medida en que non se mostren belixerantes contra o galego.

Aprobada a reforma pola Academia, son os axentes políticos e sociais os que deben facer efectiva a súa aplicación. Ata agora, constátase unha acollida francamente positiva por parte dos sectores máis representativos, desde a Xunta de Galicia (de primeiras, bastante reticente) e o Consello da Cultura Galega, ata entidades como as Asociacións de Editores e de Escritores en Lingua Galega. Ao goberno galego correspóndelle un papel fundamental na implementación da reforma, comezando polas publicacións institucionais (como o *Diario Oficial de Galicia*), seguindo pola Radio Galega e a TVG, e continuando polo ámbito máis importante, que é o educativo. A Xunta debe ocuparse de divulgar a reforma entre a cidadanía, e debe actuar de xeito dilixente e ao tempo flexible para que a súa implantación non dea azo a interquinencias e confusións doadamente evitables. Pero a decisión última, coma en todas as cuestións idiomáticas, está nas mans dos utentes. É de agardar que a reforma contribúa a crear un clima de entendemento acerca do esperado Plan xeral de normalización lingüística anunciado pola Xunta, e así podermos afrontar en mellores condicións o problemático futuro do noso idioma.

Cadro 6: Novidades introducidas polo acordo de reforma ortográfica (NOMIG-03)

Nomes das letras do alfabeto	O nome da letra <q> é *que*. O nome dos dígrafos <ch>, <ll> e <qu> é respectivamente *ce hache, ele dobre* e *que u*.
Acentuación	Limítase a acentuación de pronomes interrogativos que introducen interrogativas indirectas a aqueles casos en que é imprescindible para evitar anfiboloxías.
Uso do guión co artigo determinado. Alomorfo –lo	O alomorfo *lo* será de uso obrigatorio despois da preposición *por* e do adverbio *u*. Nos demais casos dáse como preferible a non representación. A única pronuncia recomendable é a que reproduce os alomorfos *–lo(s), –la(s)* nos contextos correspondentes.
Signos de interrogación e admiración	O seu emprego é obrigatorio só ao final do enunciado, recoméndase utilizalo ao inicio en caso de ambigüidade e para facilitar a lectura.
Apóstrofo	Permítese a súa utilización para a reprodución da prosodia oral, ou para respectar títulos de obras ou cabeceiras de publicacións.
Grupos de consoantes –ct – e –cc – –pt– e –pc –	Suprímese a primeira consoante precedida das vogais *i* e *u (conflito, produción; descrición, ditongo...).* Con todo, mantense nalgúns tecnicismos e palabras cultas de escasa frecuencia *(deíctico, dúctil, díptero...).* A consoante implosiva vocaliza en i nos casos de reitor *(reitorado, reitoral, reitoría)* e *seita* (pero *sectario, sectarismo*).
Pronuncia dos grupos cultos	Prescríbese o timbre aberto das vogais *e*, o cando preceden un destes grupos, e refúganse realizacións do tipo [ˈaθto], [ˈdixno], etc.
Sufixos e terminacións –za, –zo	Amplíase a lista de nomes rematados en *–zo, –za: diferenza, espazo, estanza* (“estrofa”), *graza, licenza, nacenza, novizo, perseverenza, presenza, querenza, sentenza, servizo* e *terzo.* Derivados: *diferencial, diferenciar; espazar, espacial, espazoso; agrazado, grazoso; licenciar, licenciatura, licenciado; novizado; presenzar, presencial; sentenzar, sentenzoso; servizal; terciario...*
–ble/ –bel	Considéranse admisibles tanto *–ble* como *–bel* e, en consecuencia, admítense tamén as formas duplas do tipo *establecer* ou *estebelecer.*
–eu **–au**	Engádense *chapeu, romeu* e *xubileu* á relación de nomes en *–eu*. Engádense *bacallau* e *pau* á relación de nomes en *–au*.
–o	Engádense *ímpeto* e *tribo* á relación de nomes en *–o.*
–án/ –á **–ao/ –á,** **–án/ –án** **–án/ –ana**	Acomódase ao esquema *–án/ –á* as seguintes formas: *afgán, alazán, alemán, barregán, bosquimán, capitán, catalán, ermitán, escribán, gardián, musulmán, rufián, sancristán, sultán* e *truán.* Admítense as variantes locais *–ao/ –á* e *–án/ –án* nos xentilicios correspondentes *(burelao/ burelá, muradán/ muradán...).* A terminación *–án/ –ana* queda reservada para caracterizadores pexorativos *(bocalán...).*
–on/ –ona **–ón/ –oa**	O esquema *–ón/ –ona* queda reservado para formacións aumentativas *(homón, mullerona...)* e para deverbais pexorativos *(abusón, abusona...).* Nos demais casos, *–ón/ –oa (anfitrión/ anfitrioa, león/ leoa...).*

–dade	Incorpórase *puberdade* ao grupo en *–dade.*
–aría/ –ería	Dáselle preferencia á solución tradicional *–aría,* aínda que se admite tamén a solución *–ería.* Atención a palabras rematadas en *–ería* como *batería* e *galería.*
Encontros vocálicos	Introdúcense unha serie de recomendacións sobre a pronunciación dos encontros vocálicos nas palabras que acaban en *–e* cando van seguidas doutra que comeza por vogal.
Artigo **a+o: ao, ó** **ca+o: ca o, có**	. O encontro da preposición a co artigo o pódese representar graficamente como *ao* ou *ó.* O texto normativo dá preferencia a *ao.* Admítese a dobre representación para o encontro da conxunción comparativa *ca* co artigo determinado: *ca o* ou *có, ca a* ou *cá.*
Pronomes demostrativos	As formas neutras son unicamente *isto, iso e aquilo.*
Pronomes relativos	Admítese tamén o relativo posesivo *cuxo,* con flexión de xénero e número.
Numerais cardinais e multiplicativos	Deglutínanse os numerais entre *vinte* e *trinta: vinte e un, vinte e dous, vinte e dúas...* Elimínanse *triple* e *cuádruple.*
Paradigmas verbais	Prescríbese a acentuación proparoxítona na P4 e P5 dos pretéritos de subxuntivo *(andásemos, andásedes...)*
Adverbios **De lugar** **De tempo** **De cantidade e precisión** **De modo** **De dúbida**	 Admítense *alén* e *aquén.* Aglutínanse *acotío, decontado, decontino, decotío, deseguida, deseguido, enseguida.* Rexéitase *entonces.* Aglutínase a locución *apenas.* Refúgase *alomenos.* Aglutínanse as locucións *amodo* e *devagar* Aglutínase a locución *talvez.*
Preposicións	Engádense *a respecto de, alén de, após, aquén de, até, canto a.*
Conxuncións **Adversativas** **Concesivas** **Consecutivas** **Temporais**	 Rexéitanse *anque, nembargantes, sen embargo.* Admítense *no entanto, porén.* Refúgasese *anque.* Rexéitase *entonces.* Aglutínanse *apenas, decontado que, deseguida que.* Engádese *até que.*
Léxico vogal, estudo **Galicia** **Oír/ ouvir**	*vogal, estudo* (Derivados de vogal: *vocalismo, vocálico, vocalizar.* Derivados de estudo: *estudar, estudante, estudantado.)* Mantense *Galicia* como "voz lexítima galega, denominación oficial do país e forma maioritaria na expresión oral e escrita moderna". *Galiza* considérase tamén unha foma lexitimamente galega, amplamente documentada na época medieval, que foi recuperada no galego contemporáneo. Admítese *ouvir* ao lado de *oír.*

5 DIFUSIÓN DO ESTÁNDAR ORAL: O GALEGO URBANO

Neste último apartado imos considerar os problemas da difusión do estándar. Canto ao estándar escrito, coidamos que están tratados parcialmente nas páxinas anteriores, e aínda volveremos rapidamente sobre eles. Interésanos arestora dirixir o noso foco cara ao estándar oral. Algún estudoso ten sinalado que a estandardización lingüística é un aspecto dun proceso socio-cultural de dimensións moito máis amplas, cal é a urbanización: "podemos considerar a lingua estándar como un correlato lingüístico da cultura urbana […] e o grao de estandarización lingüística unha medida da urbanización da cultura dos seus falantes" (Garvin e Mathiot 1972). O caso galego confirma plenamente esta observación: o hábitat privilexiado para o forxa do estándar oral é o medio urbano, pois constitúe o ámbito principal das instancias e os grupos sociais forxadores, usuarios e difusores da variedade estándar, ademais de ofrecer a posibilidade para o encontro e intercurso entre falantes dialectófonos de distintas procedencias e mais os escenarios acaídos para o uso público e formal da lingua. Todas as cidades galegas prestaron un contributo sinalado á estandardización da lingua, aínda que ao longo da época contemporánea o protagonismo correspondeu a unha ou outra delas, segundo o momento histórico. Así, é innegable a importancia histórica da Coruña e Ourense como centros produtores de galego elaborado, como o é a relevancia atinxida por Pontevedra e Vigo no período de entreguerras e o papel que xogou a capital das rías baixas desde a posguerra ata a actualidade. Endebén, nas últimas décadas, o centro principal de forxa e difusión do estándar é, sen dúbida, Santiago de Compostela.

As razóns do protagonismo compostelán son fundamentalmente tres. En primeiro lugar, a capital de Galicia sitúase nunha auténtica encrucillada dialectal, entre as dúas variedades máis importantes do galego, a occidental e a central (véxase mapa), sendo que o galego vernáculo se mantén cunha notable vitalidade como lingua usual de boa parte da poboación da cidade e dos seus inmediatos arredores (Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira

1994:54-74; Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira 1995:70-83 e 288-358). En segundo lugar, ata 1990 Santiago era a sede da única Universidade existente en Galicia, o lugar, pois, onde se atopaban estudantes procedentes de todo o país, sendo que desde a década dos 60 a Universidade de Santiago se revelou como o centro máis activo das reivindicacións lingüísticas e de cultivo da lingua e aínda hoxe acubilla o continxente máis conspicuo da *inteligentsia* galegófona. En terceiro lugar, desde a súa proclamación como capital de Galicia no Estatuto de autonomía de 1980, Santiago acolle o groso

Mapa 1: Santiago de Compostela, na encrucillada das isoglosas correspondentes ao seseo (cen), a finais nominais –an/ -ao (man), ao plural dos nomes acabados en –n (cans)



Fonte: elaboración propia a partir do ALGa

das institucións de autogoberno (Xunta e Parlamento) e mais as instalacións centrais da Radio e Televisión de Galicia. Todo o devandito contribúe para unha presenza moi notable da lingua galega na vida pública da cidade, por enriba do resto das cidades do país. Nas dúas últimas décadas, Santiago reforza así a súa condición de principal foro de expresión pública/formal en lingua galega, e centro de decantación e irradiación da variedade estándar.

Acabamos de indicar que o hábitat urbano ofrecía a sede privilexiada para a lingua estándar. Como dixemos ao comezo do presente contributo (§ 1.2), nas condicións sociolingüísticas do galego isto preséntase asemade como unha fonte de problemas, xa que xusto nos medios urbanos é onde a posición do castelán é máis forte, e a do galego máis feble. Alén diso, a presenza crecente durante as dúas últimas décadas do galego no ámbito da comunicación pública/formal veu acompañada da incorporación ao seu uso dun continxente considerable de novos utentes, non só galego-falantes tradicionais (ou bilingües con boa competencia en galego), mais tamén antigos monolingües castelán-falantes (ou bilingües con competencia precaria en galego), que aprenderon o galego precisamente (e ás veces exclusivamente) para utilizalo neses ámbitos. O primeiro grupo constitúe a base de usuarios/produtores do estándar oral, o segundo deu ensexo ao xurdimento dunha variedade que ten recibido o nome de 'neo-galego urbano' (Regueira 1999).

O estándar oral vén sendo obxecto de atención crecente desde os comezos da década dos noventa, o que comezou a dar como resultado sólidos contributos de interese indubidable (coma tal Regueira Fernández 1994 e outros traballos do mesmo citados ao longo das presentes liñas, ou Fernández Rei 1997); secomasí, bótase en falta un estudo completo, sistemático e pormenorizado da fonética (especialmente da fonotáctica) e da prosodia galega, e unha análise a fondo dos problemas que ofrece a súa estandardización e o seu ensino. Máis urxente aínda é a elaboración de materiais didácticos e de apoio –na liña de Regueira (coord.) 1998–, en particular dun curso audiovisual, que se debe-

ra divulgar pola radio e a televisión e comercializar en cintas de audio e vídeo, pois constitúe a ferramenta imprescindible para a extensión do idioma, especialmente para a aprendizaxe e perfeccionamento do seu uso oral.

A razón máis importante da crecente atención prestada ao estándar oral radica no incremento da presenza do idioma galego en ámbitos/tipos de texto orais de carácter público/formal dos que previamente se atopaba practicamente excluído, e en particular no establecemento de dúas poderosas axencias de difusión da lingua falada: unha cadea de televisión e mais unha emisora de radio, ambas as dúas de titularidade pública e dependentes do goberno autónomo (TVG e RG, creadas en 1986). Elementos coadxuvantes son o uso do galego no teatro (grandemente promovido desde a creación en 1984 do Centro Dramático Galego), na produción audiovisual (cine, vídeo) e nas actividades e institucións públicas, desde conferencias, mítins ou roldas de prensa ata os concellos e o Parlamento autónomo. Isto deu lugar a un proceso que Kabatek denominou 'de koineización' (1997b), isto é, de decantación dunha variedade situada na base do estándar oral.

Tocante ás súas características idiomáticas, a morfoloxía do estándar oral é a mesma do galego escrito (transdialectal); o seu léxico, cando menos nos estilos máis coidados, atópase depurado dos castelanismos que abundan no galego ordinario e arrequecido polas achegas do galego literario e neoloxismos portugueses; e a súa prosodia, caracterizada por un acento menos 'marcado' cás falas rurais, reflite os matices dialectais en puntos tales como a pronuncia das vogais medias en determinados contextos fonéticos (metafonía nominal, influxo de nasal trabante, etc.). En tempos recentes produciuse un movemento de reivindicación dos dous trazos dialectais máis recoñecibles que se atopaban socialmente estigmatizados e *de facto* marxinados do estándar, a gheada e o seseo (Recalde Fernández 1994, 1995; Míguez Iglesias 1996), especialmente entre os máis mozos, ao que contribuíron certas series de televisión de suceso e grupos musicais con audiencia en medios xuvenís (Labraña 1999, Fernández Rei no prelo). No fondo

desta reacción albiscamos non tanto un rexeitamento do estándar galego coma un surto de identidades sectoriais (xuvenil, local, popular…) e unha exaltación de riscos asociados á autenticidade e á espontaneidade. Na mesma liña do que acabamos de comentar, a introdución do galego (estándar) no ensino provocou unha reacción nalgúns galegófonos a prol dos seus respectivos falares dialectais. A reinvidicación dos trazos e falares locais, dialectais ou ordinarios, carentes de prestixio, non ten porque resultar daniña para a estandarización do galego, mesmo pode redundar nun arrequecemento estilístico e resultar vigorizante, sempre que se entenda como un movemento creativo e renovador e a prol da diversidade, desacomplexante e desprexuizado, e non se traduza nun repregamento parroquialista fronte á identidade galega común e unha pechazón encapsulante e empobrecedora fronte ao supralocal, estandardizado e cultivado.

Pero, na nosa opinión, os problemas máis acuciantes para a estandarización do galego falado non proveñen do (contra) prestixio de que están a gozar os falares locais en certos sectores, mais dos novos usuarios, non tanto dos castelán-falantes que por motivacións de diverso tipo (políticas, culturais ou persoais) se bilingualizan ou se galeguizan de vez, coma por parte dos que empregan o galego fundamentalmente por razóns profesionais, o que inclúe a bastantes locutores de radio e televisión, algúns actores, políticos e ensinantes, e moitos funcionarios públicos. Nestes medios é onde xorde o chamado 'neogalego urbano', unha variedade híbrida, galega no léxico e a morfoloxía, pero fortemente castelanizada na prosodia, a sintaxe e o estilo idiomático: colocación de pronomes átonos segundo as pautas do castelán (*llo dei* por *deillo*) ou ultracorrecta (*dixo que dérallo* por *dixo que llo dera*), emprego de formas verbais compostas con *haber* ou transpostas ao galego mediante *ter* (*ha chegado* ou *ten chegado* por *chegou*; *había chegado* ou *tiña chegado* por *chegara*); subdiferenciación de /s/~/ʃ/ (['šeṇte] por ['ʃeṇte]), de [n]~[ŋ] (['una] por ['uŋa], ['bin un'ɔme] por ['biŋ uŋ'ɔme]), /e/~/ɛ/ (['beš̊] indiferentemente por ['beš̊] e ['bɛš̊], respectivamente de *vir* e *ver*), /o/~/ɔ/ (['pon] indiferente-

mente por [ˈpoŋ] e [ˈpɔŋ], respectivamente P3 do indicativo presente e P2 do imperativo de *pór*), timbre, duración e ton das vogais átonas, especialmente das finais, etc. (Kabatek 1996, Regueira Fernández 1994, 1997).

Este fenómeno disparou as alarmas de varios lingüistas (Alonso Montero 1991, Kabatek 1991 e 1997a, Vidal Figueroa 1997, Regueira Fernández 1999 e 2002), que chegan a albiscar nel un perigo para a mera supervivencia do galego, un estadio case irreversible na súa definitiva dialectalización polo castelán. O asunto é merecente de reflexión. Sen dúbida, as críticas á difusión do 'neo-galego' a través dos medios de comunicación e ao inxustificable desleixo idiomático de numerosos persoeiros públicos e ensinantes son fundadas. Velar pola saúde do idioma constitúe un deber profesional dos lingüistas, e denunciar os perigos que o ameazan forma parte integral das súas responsabilidades. Xa que logo, resulta completamente razoable que os expertos se mostren esixentes cos usuarios que teñen a obriga de dar exemplo de esmero idiomático pola súa profesión (como é o caso de locutores, actores e profesores) ou pola súa posición social (como os políticos e outros responsables públicos).

Pero, por outra banda, a incorporación de castelán-falantes ao galego (mesmo se deficiente, parcial e limitada) non pode ser outra cousa que un síntoma de vitalidade do idioma do país. *Rebus sic stantibus*, semella inevitable que esa incorporación se produza a través dunha variedade de transición, na que se farán patentes os problemas de asimilación dos aspectos do galego máis difíciles para os castelán-falantes (prosodia, sintaxe e estilo idiomático). Á hora de criticar o "neogalego urbano", os lingüistas (e tamén os activistas lingüísticos) están obrigados a expresarse con exquisito coidado, a risco de promover o rexeitamento ou a estigmatización dos novos falantes, trocándoos en albo de burlas ou censuras –actitudes estas que raramente saen á tona pero están latentes en máis ocasións do que estamos dispostos a recoñecer. É evidente que para mellorar a súa posición social, o galego ten que conquistar novos locutores; novos locutores que ademais deben realizar un considerable esfor-

zo persoal (maior ou menor, dependendo dunha serie de factores que deberan ser obxecto de análise) para aprender e utilizar o idioma. O lóxico e sensato, pois, é que estes neofalantes sexan acollidos de brazos abertos, axudados e estimulados, e non rexeitados, censurados e apupados. Na nosa opinión, débese desbotar con enerxía as actitudes ultra-nativistas, por debaixo das cales latexa ou a xenofobia ou un indixenismo inxenuo (que por parte con frecuencia constitúe unha impostura típica de conversos), e que, en todo caso, resultan absolutamente contraproducentes.

Para rematar, debemos ser conscientes de que a implantación dun modelo 'auténtico' de lingua estándar non é dada de conseguir sinxelamente mediante a vixilancia prescritivista e a insistencia purista na corrección idiomática, exercidas en exclusiva nos centros de ensino e nos escasos medios de difusión pública de que o galego dispón na actualidade. Para a maioría dos falantes, mesmo das linguas que viven en condicións de normalidade, a asimilación do estándar non comeza nin remata no medio educativo, mais é fundamental estaren expostos de forma intensa, persistente e continuada a ese modelo, en particular a través dos medios de comunicación de masas. Non se conseguirá unha axeitada socialización do galego estándar sen un incremento substancial da súa presenza neses medios e na vida pública en xeral. Nas actuais condicións sociolingüísticas, os lingüistas e os ensinantes están condenados a conseguir uns resultados limitados nese terreo, o cal non quere dicir que deban afrouxar no seu labor (todo o contrario) mais si que deben decatarse de que nin eles nin os aprendentes poden compensar de xeito voluntarista déficits obxectivos que escapan ao seu control.

E coa última observación tocamos o terreo da didáctica da lingua (focaxes, obxectivos, métodos), que é tratado con máis extensión noutro traballo do presente volume. Deixemos dito aquí que ensinar/aprender galego non é reducible a ensinar/aprender a normativa, por moito que isto último sexa unha compoñente importante (en casos, esencial) do primeiro. Nunca se insistirá dabondo aos profesores sobre a conveniencia de centraren os seus

esforzos no ensino da lingua para o uso, focado cara ao incremento da competencia comunicativa dos aprendentes máis do que na súa competencia gramatical, e moito máis do que no control da ortografía. Cómpre ter claro, en primeiro lugar, que uns e outros obxectivos son (parcialmente) diferentes, e que requiren abordaxes e estratexias didácticas distintas, en especial dependendo do dominio previo da lingua que teñan os/as estudantes. Para un galego falante habitual ou un bilingüe con competencia aceptable en galego, o obxectivo prioritario pode ser a consecución de competencia na lecto-escritura e isto implica traballar fundamentalmente na produción de diversos tipos de textos (orais e escritos) na variedade normativa. Para un aprendente con escasa competencia en galego, o obxectivo prioritario debe ser que consiga comunicarse efectivamente nesa lingua, comezando pola expresión oral, e fiando á propia práctica no idioma (apoiada didacticamente) a obtención de niveis aceptables de corrección gramatical e normativa. Neste último caso, a insistencia na corrección gramatical/normativa pode ser, tamén, contraproducente.

BIBLIOGRAF A

Alonso Montero, X. (1970): *Constitución del gallego en lengua literaria: Datos para una problemática cultural y sociológica en el siglo XIX*, Lugo, Celta.

Alonso Montero, X. (1991): *Informe(s) sobre a lingua galega (presente e pasado)*, Pontevedra, Edicións do Cumio.

Alonso Pintos, S. (2002): *Para unha historia do estándar galego. As propostas do período 1966-1980*, Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Álvarez Blanco, R. (1991): "O sistema fonolóxico do galego. Comparación co do portugués" en Dieter Kremer (ed.), *Actes du XVIIIème Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes (Trèves, 1986)*, III, Tübingen, Max Niemeyer, 517-530.

Álvarez Blanco, R. (1994): "Gramática descritiva e gramática prescritiva", *Cadernos de Lingua* 10, 19-35.

Aracil, LL. V. (1983): "Sobre la situació minoritària", en Lluís Vicent Aracil, *Dir la realitat*, Barcelona, Països Catalans, 171-206.

Bartsch, R. (1987): *Norms of Language. Theoretical and Practical Aspects*, Londres/ Nova York, Longman.

Bédard, É. e Maurais, J. (1983): *La Norme Linguistique*, s.l., Gouvernement du Québec.

Bochmann, K. (1983): "En torno al problema de la normalización del gallego contemporáneo", *Linguistische Arbeits-Berichte* 40, 2-15.

Carballo Calero, R. (1972): "A liña do galego literario", *Grial* 36, 129-135.

Carballo Calero, R. (1974): "La constitución del gallego como lengua escrita", *Verba* 1, 31-40.

Carvalho Calero, R. (1980): *Problemas da Língua Galega*, Lisboa, Sá da Costa.

Carvalho Calero, R. (1983): *Da fala e da escrita*, Ourense, Galiza Editora.

Carvalho Calero, R. (1990): *Do galego e da Galiza*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

Castro, I., Duarte, I. e Leiria, I. (1987): *A demanda da ortografia portuguesa*, Lisboa, Sá da Costa.

Catach, N. (1978): *L'Ortographe*, s.l., Presses Universitaires de France.

Cidrás Escáneo, F. (1994): "Modelos de lingua e variación sintáctica", *Cadernos de Lingua* 10, 103-118.

Coseriu, E. (1978): "Sistema, norma y habla", en E. Coseriu , *Teoría del lenguaje y lingüística general*, Madrid, Gredos, 11-113.

Coseriu, E. (1981a): "La lengua funcional", en E. Coseriu, *Lecciones de lingüística general*, Madrid, Gredos, 289-324.

Coseriu, E. (1981b): "Los conceptos de 'dialecto', 'nivel' y 'estilo de lengua' y el sentido propio de la dialectología", *Lingüística Española Actual* 3, 1-32.

Coseriu, E. (1987): "El gallego y sus problemas. Reflexiones frías sobre un problema candente", *Lingüística Española Actual* 10, 127-138.

Coulmas, F. (1989): "Language Adaptation", en F. Coulmas (ed.), *Language Adaptation*, Cambridge, Cambridge University Press, 1-25.

Esser, U. (1990): *Die Entwicklung des Galizischen zur modernen Kultursprache: eine Fallstudie zur aktuellen Sprachplannung*, Bonn, Romanistischer Verlag.

Fernández del Riego, F. (1996): *A xeración Galaxia*, Vigo, Galaxia.

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.

Fernández Rei, F. (1991): "O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego"

en Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei (eds.), *Homenaxe a Constantino García*, 2 vols., Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela; I, 15-46.

Fernández Rei, F. (no prelo): "Gheada e seseo no galego coloquial e no galego estándar dos anos noventa".

Fernández Rei, E. (1997): "Contribución ó estudio da entoación das cláusulas interrogativas totais e parciais en galego", en Benigno Fernández Salgado (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies/ Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*, 2 vols., Oxford, Centre for Galician Studies, I, 241-253.

Fernández, M. (1997): "Las primeras propuestas de 'Selección de la norma' para el gallego. Del Padre Sarmiento a fines del siglo XIX", *Historiographia Lingüística* 24.1, 139-157.

Fernández Rodríguez, M. (2000): "Entre castellano y portugués. La identidad lingüística del gallego", en Georg Bosson/ Francisco Báez de Aguilar: *Identidades lingüísticas en la España autonómica*, Frankfurt am Main/ Madrid, Vervuert/ Iberoamericana, 81-105.

Fernández Rodríguez, M. (2001): "Viejos y nuevos discursos en torno a la norma del gallego", en Roberto Bein e Joachim Born (eds.), *Políticas lingüísticas. Norma e identidad*, Bos Aires, Universidade de Bos Aires, 13-32.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística*, Vigo, Real Academia Galega.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, Vigo, Real Academia Galega.

Fernández Salgado, B. (2000): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela [=*Verba. Anuario Galego de Filoloxía*, Anexo 47].

Fernández Salgado, B. e Monteagudo, H. (1993): "The Standardization of Galician: The State of the Art", *Portuguese Studies* 9, 200-213.

Fernández Salgado, B. e Monteagudo, H. (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandardización na época contemporánea” en Henrique Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega*, Vigo, Galaxia, 99-176.

Freixeiro Mato, X. R. (1994): *Sebastián Martínez-Risco na cultura galega*, Santiago de Compostela, Laiovento.

Freixeiro Mato, X. R. (1998-2000): *Gramática da lingua galega*, 3 vols., Vigo, Promocións Culturais Galegas.

García González, C. (1976): “Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano”, *Revista Española de Lingüística* 6, 327-343.

García Negro, P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolingüística*, Vilaboa, Edicións do Cumio.

Garvin, P. e Mathiot, M. (1972): “The Urbanization of the Guarani Language: A Problem in Language and Culture”, en Joshua A. Fishman (ed.), *Readings in the Sociology of Language*, The Hague/ Paris, Mouton, 365-374.

González Seoane, E. (1989): “Concepcións do galego estándar nos gramáticos galegos do século XIX”, en Ramón Lorenzo (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filoloxía Románicas*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela/ A Coruña, Fundación “Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa”, 1992; VI, 75-88.

González Seoane, E. (1992): *A ortografía e a gramática do galego nos estudios gramaticais do século XIX e primeiros anos do XX*, Tese de doutoramento (inédita), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Haarmann, H. (2001): *Historia universal de la escritura*, Madrid, Gredos.

Harguindey Banet, H. (1993): “ReGalicia no país das marabillas”, *Grial* 118, 223-233.

Herrero Valeiro, M. J. (1993): "Guerre des graphies et conflict glottopolitique: lignes de discours dans la sociolinguistique galicienne", *Purilinguismes* 6, 181-209.

Joseph, J. E. (1987): *Eloquence and Language. The Rise of Language Standards and Standard Languages*, Londres, Frances Pinter.

Kabatek, J. (1991): "Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar", *Cadernos de Lingua* 4, 39-48.

Kabatek, J. (1994): "Galego escrito e lingua común na segunda metade do século XX", *Grial* 122, 157-179.

Kabatek, J. (1996): *Die Sprecher als Linguisten. Interferenz- und Sprachwandelphänomene dargestellt am Galicischen Gegenwart*, Tübingen, Max Niemeyer. [trad. ao galego, *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*, Vigo, Xerais, 2000].

Kabatek, J. (1997a): "Strengthening identity, differentation and change in contemporary Galician", en Jenny Cheshire e Dieter Stein (eds.), *Taming the Vernacular. From Dialect to Written Standard Language*, Londres/ Nova York, Longman, 185-199.

Kabatek, J. (1997b): "The Koineization Process of Contemporary Galician as a Field for the Study of Language Change", en Benigno Fernández Salgado (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies /Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*, 2 vols., Oxford, Centre for Galician Studies, vol. I, pp. 163-178.

Labraña, S. (1999): "Galego e gheada. Prexuízos, normalización e vangarda", en *Homenatge a Jesús Tusón*, Barcelona, Empúries, 182-196.

Lamuela, X. e Monteagudo, H. (1996): "Planificación lingüística", en Milagros Fernández Pérez (coord.), *Avances en Lingüística Aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 229-301.

Lapa, M. R. (1973): “A recuperação literária do galego”, *Grial* 41, 278-287.

Lara, L. F. (1976): *El concepto de norma en lingüística*, México, El Colegio de México.

López Varela, E. (2001): *Unha casa para a lingua*, A Coruña, Espiral Maior.

Míguez Iglesias, D. (1996): “Seseo e gheada en Viceso (Brión)”, *Cadernos de Lingua* 14, 39-57.

Monteagudo, H. (1993): “Aspects of Corpus Planning in Galician”, *Plurilinguismes* 6 [= *Sociolinguistique Galicienne*], 121-153.

Monteagudo, H. (1994): “Aspectos da teoría da lingua estándar do Círculo lingüístico de Praga e os seus continuadores”, *Grial* 122, 141-155.

Monteagudo, H. (1995a): *Ideas e debates sobre a lingua (1916-1936). Alfonso D. Rodríguez Castelao e a tradición galeguista*, Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Monteagudo, H. (1995b): “Nación/ creación. Estética epolítica no agromar do ensaio galego (1916-1920)”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, 63-108.

Monteagudo, H. (1995c): “Na procura da recendente pantera. Os escritores galegos e a construcción da lingua literaria”, *Colóquio/ Letras* 137/138, 51-64.

Monteagudo, H. (1995d): “Sobre a polémica da normativa do galego”, en Henrique Monteagudo (ed.), 197-229.

Monteagudo, H. (1995e): “Ideas de Vicente Risco sobre a lingua galega”, en Carlos Casares (ed.), *Congreso Vicente Risco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 87-127.

Monteagudo, H. (ed.) (1995): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto.* Vigo, Galaxia.

Monteagudo, H. (1997): “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de Lingua* 16, 5-33.

Monteagudo, H. (1999): *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.

Monteagudo, H. (2000): *Castelao. Defensa e ilustración do idioma galego*, Vigo, Galaxia.

Monteagudo, H. (2002a): “O contributo de Manuel Curros Enríquez á constitución do galego escrito. Caracterización e evolución dos seus criterios lingüísticos”, *Verba* 29, 291-327.

Monteagudo, H. (2002b): “Propostas e debates sobre o galego culto no período de entreguerras. 1. Primeira etapa (1917-1927)”, *Revista Portuguesa de Filología* XXIV, 1-51.

Monteagudo, H. (2003): “Sobre a norma léxica do galego culto: da prosa ficcional de *Nós* ao ensaio de *Galaxia*” en María Álvarez de la Granja e Ernesto González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 197-253.

Monteagudo, Henrique (no prelo): “Precondicións sociais do proceso de conformación da norma no galego contemporáneo”.

Monteagudo, H. e Bouzada, X. (coords.) (2003): *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume I. Política lingüística: análise e perspectivas*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Monteagudo, H. e Santamarina, A. (1993): “Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects”, en Rebeca Possner e John N. Green (eds.), *Trends in Romance Linguistic and Philology, vol. 5: Bilingualism and linguistic conflict in Romance*, Berlín/Nova York, Mouton de Gruyter, 117-173.

Montes Giraldo, J. J. (1980): “Lengua, dialecto y norma”, *Thesaurus* 35, 237-57.

Montes Giraldo, J. J. (1986): “Lengua y dialecto una vez más”, *Thesaurus* 41, 23-41.

Montes Giraldo, J. J. (1995): *Dialectología general e Hispanoamericana*, Santafé de Bogotá, Instituto Caro y Cuervo.

Noia Campos, M. do C. (1982): "Interferencias léxicas entre as linguas galega e castelá", *Grial* 75, 91-99.

Noia Campos, M. do C. (1984): "Contribución ó estudio do léxico dos bilingües", *Verba* 11, 181-95.

Núñez Seixas, X. M. (1997): "Idioma y nacionalismo en Galicia en el siglo XX: un desencuentro histórico y algunos dilemas de futuro", *Revista de Antropología Social* 6, 165-191.

Ong, W. J. (2002): *Orality and Literacy*, Londres/ Nova York, Routledge [1982].

Piñeiro, R. (1973): "Carta a Don Manuel Rodrigues Lapa", *Grial* 42, 389-402.

Rábade, X. C. (1980): *Normas ortográficas do idioma galego. Texto íntegro, guia e comentários*, A Coruña, La Voz de Galicia.

Ray, P. S. (1961): "The value of a language", *Lingua* 10, 220-233.

Recalde Fernández, M. (1994): "Gheada e situación", *Verba* 21, 339-367.

Recalde Fernández, M. (1995): "Unha aproximación ás actitudes e prexuízos cara á gheada", *Cadernos de Lingua* 12, 5-31.

Regueira Fernández, X. L. (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", *Cadernos de Lingua* 10, 37-60.

Regueira Fernández, X. L. (1997): "Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega", en Fernández Salgado, Benigno (ed.), *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies/ Actas do IV Congreso Internacional de Estudios Galegos*, 2 vols., Oxford, Centre for Galician Studies, I, 179-194.

Regueira Fernández, X. L. (1999): "Estándar oral e variación social da lingua galega", en Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común*, 2 vols., Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, I, 855-875.

Regueira Fernández, X. L. (2002): “A sílaba en galego: lingua, estándar e ideoloxía”, en Ramón Lorenzo (coord.), *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 235-254.

Rodríguez Sánchez, F. (1976): *Conflito lingüístico e ideoloxía en Galicia*, Monforte, Xistral [3ª ed, Laiovento, 1991].

Sánchez Vidal, P. (2000): *Contribución ao estudio do proceso de codificación ortográfica e gramatical do galego: orientacións, conflicto e fases do debate normativo*, Memoria de licenciatura (inédita), Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Santamarina, A. (1995): “Norma e estándar”, en Henrique Monteagudo (ed.) 1995, 53-98.

Siguan, M. (1992): *España plurilingüe*, Madrid, Alianza Editorial.

Silva Valdivia, B. (1991): “Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia: algunhas consideracións”, *Cadernos de Lingua* 4, 27-38.

Thomas, G. (1991): *Linguistic Purism*, Londres/ Nova York, Longman.

Vidal Figueroa, T. (1997): “Estructura fonética de tres dialectos de Vigo”, *Verba* 24, 313-332.

Wexler, P. (1971): “Diglossia, language standardization and purism. Parameters for a typology of literary languages”, *Lingua* 27, 330-54.

A GRAMÁTICA GALEGA*

Rosario Álvarez Blanco

INTRODUCIÓN

Nesta exposición sobre o estado da investigación gramatical galega e a difusión dos seus resultados tomaremos como punto de partida o inicio da década dos 80, e polo tanto centrarémonos no período da nosa historia lingüística recente que se abre coa aprobación da *Constitución española* (1978) e do *Estatuto de autonomía* (1981) e coa publicación dos textos normativos a que o recoñecemento dos dereitos lingüísticos dá lugar de maneira inmediata. A exposición consta de dúas partes ben diferenciadas, non só pola extensión senón polo tratamento dado á información que conteñen: na primeira trazamos un panorama do estado dos estudos arredor de 1980, no que somos bastante exhaustivos na precisión das datas e autores que o alicerzan, pois o número e tipoloxía dos traballos aínda o permite, a pesar da evidente expansión producida na última década dese período; na segunda prescindimos da referencia ás obras concretas para trazarmos grandes liñas que describan a investigación que se produce e a que sería desexable que tamén se producise, a curto ou medio prazo.

A existencia de dous exhaustivos repertorios bibliográficos publicados en 1995/ 1996[1] afórranos ter que dar continuas referencias bibliográficas que dificultarían sen dúbida a lectura deste informe; de por parte, a través da base BILEGA, na web do CRPIH,

* As referencias bibliográficas gramaticais mencionadas neste capítulo figuran no apéndice bibliográfico final 2. Bibliografía: gramáticas.

1. Regueira Fernández, Xosé Luís (coord.) (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*, Vigo, Xerais [Inclúe Id. (1990): "Bibliografía de lingüística galega", *Cadernos de Lingua* 1 (1990:165-200); 2 (1990:155-209); 3 (1991:175-194); 4 (1991:151-161); 5 (1992:119-148)]. García Gondar, F. (dir.) (1995): *Repertorio bibliográfico da lingüística galega. Desde os seus inicios ata 1994 inclusive*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro - Xunta de Galicia.

actualízase permanentemente o repertorio bibliográfico que dirixe F. G. Gondar. A eles remitimos como complemento, tanto para as referencias bibliográficas, coma para poder avaliar numericamente o conxunto da investigación. En apéndice incluímos, ao remate desta exposición, só a relación cronolóxica das obras que foron publicadas como gramática.

Quedan fóra deste informe non só a lexicografía senón as investigacións dedicadas á recollida e estudo do léxico, feitas desde a xeografía lingüística e desde outros ámbitos científicos. Fóra das primeiras contribucións, prescindimos dos materiais destinados á aprendizaxe e ao ensino, a pesar de que os dirixidos a cursos avanzados conteñen todos unha gramática ben completa. Sobre estes dous grandes campos foron redactados informes específicos.

Finalmente, cómpre advertir de que nos cinguimos á avaliación da investigación feita en Galicia e sobre o galego. Naturalmente, sería interesante avaliar esta investigación gramatical sobre o galego no marco da investigación lingüística que se fai en Galicia, ben porque toda ela conforma un marco científico que inflúe neste sector en particular ben porque con el teñen que confrontarse os obxectivos, os métodos e os resultados. Tamén sería interesante avaliar a produción sobre o galego feita desde fóra de Galicia, cotexándoa coa "interior" (épocas en que se produce, correntes e metodoloxías, ámbitos e temas de interese, etc.), pois permitiría non só sabermos máis sobre a recepción do galego fóra e sobre que ferramentas facilitaron ese contacto, senón tamén sobre a incidencia que esas contribucións –sempre benvidas– tiveron na deriva da nosa propia investigación. Aínda que haxa referencias ocasionais á segunda perspectiva, ambas e dúas foron deixadas á marxe a mantenta, por xulgarmos que exceden os obxectivos e orientación da encarga.

1 O ESTADO DOS ESTUDOS GRAMATICAIS AO FINAL DA DÉCADA DOS 70

Cremos preciso debuxar esta panorámica histórica da produción científica sobre a gramática do galego, tanto para que se poida apreciar que campos chamaran máis o interese dos investigadores –polo que *a priori* se pode supoñer un maior coñecemento sobre os problemas e ámbitos atinxentes–, coma para poder avaliar na xusta medida histórica o valor cualitativo e cuantitativo da produción gramatical das últimas décadas e tentar comprender por que razóns algúns campos ou liñas metodolóxicas están máis desatendidos.

1. A tradición gramatical galega, estritamente contemporánea do rexurdimento literario, arrinca do séc. XIX, que nos legou unha serie de pequenas gramáticas descritivas, fundamentalmente morfolóxicas, entre as que brilla con luz propia a de Saco Arce (1868), que resiste ben a comparación coas gramáticas que na época se redactaban noutros dominios hispánicos; as restantes, debidas a Mirás, Cuveiro e Valladares, teñen máis interese para a historia da lingua que para o avance da lingüística e o coñecemento gramatical do galego, e o mesmo ocorre coa modesta contribución de Álvarez de la Braña, que non pode chamarse estritamente "gramática". Cómpre salientar que estas obras non son as manifestacións máis sobranceiras dun labor de investigación e descrición gramatical subxacente, senón resultado de entusiasmos individuais de persoas cultas que puxeron o seu empeño en dotar o galego dunha gramática que probase que é unha "lingua" independente –susceptible de ser sometida a regras, coma calquera das grandes linguas románicas irmás–, e non un "dialecto"; dito doutro xeito, non hai máis tradición gramatical no séc. XIX cá que se espella neses textos. Tendo en conta o momento histórico en que se producen, coincidente co rexurdimento culto dunha lingua que sabe pouco do seu pasado, non estraña que estas obras sexan asemade unha gramática do galego contemporáneo, unha gramática histórica, unha historia da lingua e unha demostración do valor e exce-

lencias da lingua galega; doutra banda, o interese dos intelectuais da época manifestado en artigos –non estritamente científicos– non vai tanto polo camiño da gramática, coma polo da grafía, a orixe e antigüidade do galego, o seu status, etc.

A situación non cambia moito nos inicios do séc. XX, a pesar da creación da Real Academia Galega –que nos seus obxectivos fundacionais tiña os de preparar unha gramática e un diccionario–, das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos, etc. O cambio de século coincide cun interese pola filoloxía e pola gramática histórica, sen dúbida vencellado á descuberta e circulación de testemuños de literatura medieval galega, mais con escasas obras de interese. Nesta liña inscríbense as contribucións de M. Rodríguez, que na fin do século aproveita as ocasións dadas polos seus traballos filolóxicos sobre textos antigos para tecer tamén unha descrición morfolóxica do galego do seu tempo; a *Filología* de Santiago y Gómez, obra de nulo valor científico; e a *Gramática histórica* de García de Diego, neogramático de formación, obra elemental e basicamente correcta, que malia a súa simplicidade foi única neste campo ata época moi recente. As gramáticas do galego moderno elaboradas nese período –aínda de corte decimonónico– non supoñen ningún avance sobre as precursoras: nin a brevísima de R. A. nin a máis extensa de Lugrís, ambas xa redactadas en galego, teñen máis interese có puramente histórico. Do mesmo estilo cás precedentes decimonónicas, combinando historia da lingua, gramática histórica e mesmo historia literaria con descrición gramatical do galego culto moderno, é *El idioma gallego* de Couceiro Freijomil, autor con maior formación filolóxica e maior caudal de coñecementos sobre o galego cós seus inmediatos predecesores. Aínda que timidamente, comezan a aparecer traballos gramaticais, polo xeral en forma de nota ou artigo breve, sen aparato científico, dando noticia dalgunha particularidade diferencial do galego (Pérez Barreiro, Pol, Ribalta, Golpe Varela...) ou de pequena monografía (Martínez Salazar), mais tan escasos e de tan pouca entidade que apenas teñen incidencia no coñecemento xeral e no deseño da descrición gramatical do galego.

2. Despois do corte da guerra civil tárdase en recuperar o feble pulso da investigación lingüística. A da inmediata posguerra céntrase en estudos sobre lingua de autor, sobre todo para caracterizar o modelo de lingua proposto a través das escollas formais. Así contamos con traballos pioneiros sobre a lingua de Curros (Alonso Montero, Carré e Fernández Pousa), de Cabanillas e dos poetas do norte de Lugo (Iglesia Alvariño). Merece unha mención especial a contribución de Aníbal Otero, que posuía formación científica e condicións para se converter nunha figura senlleira dunha lingüística galega feita desde dentro, se non fose porque os avatares políticos habían truncar a súa carreira e proxectos, deixando parte da súa produción inédita; a el se debe a primeira recollida en Galicia segundo o método da xeografía lingüística (para o interrompido ALPI) e artigos gramaticais que informan sobre particularidades formais do galego, con abundante información da variación diatópica. Tamén é desta época un dos poucos traballos de gramática contrastiva entre galego e portugués que haberá en moito tempo, debido a Chao Espiña.

3. A mediados da década dos 60 ven a luz dúas novas gramáticas, a de Carballo Calero (1966) e a de Carré Alvarellos (1967), ambas debedoras da de Saco; a carón delas cómpre citar as páxinas adicadas á descrición gramatical do galego na *Gramática Portuguesa* de Luz e Vázquez Cuesta (1971), a única coñecida por moitos estudiosos fóra de Galicia. Do renovado interese pola gramática neste período, que se sente como unha necesidade social que atender, dan idea non só a aparición das mencionadas, senón a edición ou reedición dalgunhas das gramáticas decimonónicas (1970 Valladares; 1967 Saco Arce, 1978 Mirás) e as recensións que acompañaron a saída da de Carballo Calero. A gramática de Carré, inferior e con menor fortuna, pasou practicamente desapercibida; en cambio, a de Carballo, axudada polo pulo de Galaxia e polo seu papel como texto universitario, tivo unha grande difusión, como o demostran sete edicións no curto espazo de trece anos, e exerceu unha grande influencia normalizadora nesa época. Deterémonos brevemente na súa análise porque esta é “a gramática” da década

dos setenta, e polo tanto moi indicativa do estado dos estudos gramaticais nese período.

Aínda que constitúe un fito na nosa produción lingüística, desde o punto de vista da investigación gramatical na obra de Carballo Calero non transloce o paso dun século sobre a gramática de Saco Arce, porque nin o país dera achegado resultados de investigación gramatical en que un erudito humanista coma o lembrado profesor se puidera basear, nin el tiña investigación lingüística e filolóxica propia con que suplir estas carencias e perseguir unha empresa doutro tipo. A súa redacción en español é froito da difícil época en que viu a luz, en pleno franquismo; menos xustificable é que non proporcione unha descrición do galego como lingua independente –baseada nun corpus expurgado de textos ou na observación directa–, senón subordinada á española:

> Unos [alumnos da Facultade] y otros [futuros profesores de EXB], así como las demás personas cultas que manejen este libro, conocen el español oficial, que es su lengua escolar, y por lo tanto poseen nociones gramaticales más o menos profundas de dicha lengua. Partimos de ese supuesto, y, a causa de ello, en general, omitimos la reiteración de lo que es común a la estructura de las dos lenguas, y la española es el término de referencia de nuestro estudio (Carballo 1973, no prólogo á 4ª ed.).

Os outros dous riscos que a definen están declarados no propio título, baixo os trazos “elemental” e “do galego común”. Contén unha descrición básica e desigual, pois atinxe só os aspectos e apartados sobre os que na altura se posúe información e carece de capítulos que figuran adoito en gramáticas sucintas ben estruturadas, verdadeiramente “elementais” noutro sentido. Unha revista rápida do índice da derradeira edición pode ser indicativo: “Orientación bibliográfica” (sobre as distintas disciplinas de lingüística e filoloxía galegas, 30 pp.), “Generalidades” (historia da lingua, contraste coas veciñas, modalidades..., 56 pp.), “Los sonidos” (inclúe fenómenos non estándares e ortografía, 52 pp.), “Las

palabras" (descrición morfolóxica das distintas clases: substantivo, 15 pp.; adxectivo, 10 pp.; artigos, 4 pp.; pronomes persoais, 9 pp.; demostrativos, 2 pp.; posesivos, 1 p.; numerais, 3 pp.; indefinidos, 3 pp.; relativos, interrogativos e exclamativos, 2 pp.; verbo, 37 pp.; adverbio, 7 pp.; preposición, 3 pp.; conxunción, 5 pp.; interxección, 4 pp.; normas morfolóxicas, 4 pp.), "Usos y construcciones" (selección e chamada de atención sobre algunhas "construcciones que son típicas del gallego frente al castellano literario de hoy", en relación con algunhas das clases de palabras estudadas no capítulo anterior, sen entrar nin na sintaxe intraoracional nin na oración composta: substantivo, 4 pp.; adxectivo, 1 p.; artigo determinado, 6 pp.; pronomes persoais, 20 pp.; demostrativos, 2 pp.; posesivos, 3 pp.; cuantificadores, 1 p.; relativos, interrogativos e exclamativos, 2 pp.; verbo, 14 pp.; adverbio, 7 pp.; preposición, 5 pp.; conxunción, 2 pp.). Canto a "do galego común", alude á vontade normativa do autor, unha empresa difícil por canto daquela non había aínda consenso neste punto e porque a gramática, para poder cumprir ese papel por si mesma, tería que facer unha proposta partindo ou dun coñecemento das distintas modalidades do galego falado e escrito ou dunha tradición moi decantada. Xusto é dicir que a medida que algúns xoves investigadores foron achegando traballos sobre o galego, Carballo Calero foi incorporando os resultados, corrixindo e ampliando a súa gramática nas sucesivas versións; na derradeira edición é consciente do grande avance que se produciu nos estudos lingüísticos, pero renuncia a repercutilos na gramática, porque iso obrigaríao a redactala de novo (Carballo 1979, prólogo á 7ª ed.)[2].

Fóra destas dúas obras, as contribucións á gramática do galego nestes primeiros anos da década son breves e escasas. Entre elas salienta un breve artigo que marca o ingreso na compaña filolóxica de Amable Veiga (1966); pero, sobre todo, percíbese xa que

2. Para unha descrición e comentario crítico das gramáticas galegas producidas ata este momento, véxase a voz "Gramática" da *Gran Enciclopedia Galega* (vol. 16, pp. 191-195), redactada por A. Santamarina.

para falar da “lingua vulgar” cómpre unha bagaxe técnica, unha formación especializada.

4. A partir de mediados da década, e nun curto espazo de tempo, na universidade galega ten lugar unha serie de feitos de importancia capital na nosa historia lingüística: introdúcese o galego como materia de ensino universitario e créase a Cátedra de Lingüística e Literatura Galegas (1965, con Carballo Calero como profesor; tomará posesión da cátedra en 1972), ocúpase a Cátedra de Filoloxía Románica (1966, co catedrático de Universidade Constantino García), rematan os primeiros licenciados en Filoloxía (inicialmente só Románica, 1966), constitúese un equipo de traballo no seo do Departamento de Filoloxía Románica, que en pouco tempo callaría na creación do Instituto da Lingua Galega (1971) e na aparición da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (1974). Polo tanto, a publicación da gramática de Carballo Calero coincide, ademais, coa aparición dos primeiros lingüistas e filólogos formados na universidade galega. Desde entón a hoxe, os avances na investigación gramatical en Galicia están estreitamente ligados á USC, sobre todo a través do Departamento de Filoloxía Románica –posteriormente do Departamento de Filoloxía Galega no que aquel se integrou– e mais do Instituto da Lingua Galega.

4.1. O pulo anovador da investigación vén do Instituto da Lingua Galega. Ten os primeiros resultados inmediatos nuns métodos de aprendizaxe que conteñen unha descrición gramatical completa e unha proposta de estándar (*Gallego 1*, 1971; *Gallego 2*, 1972; e *Galego 3*, 1974), pero tamén na planificación dunha serie de tarefas que desenvolver en distintas frontes. Estes métodos constitúen un fito na nosa historia lingüística, porque a acollida de público foi impresionante e bateron amplamente récords de vendas nun país con poucos hábitos de lectura e de compra de libros.

A incorporación dos novos filólogos produce un cambio radical no panorama da lingüística e filoloxía galegas. Nos primeiros anos, a investigación gramatical redúcese case exclusivamente á descrición de falas, dun lugar ou dun pequeno territorio, por medio de teses de licenciatura promovidas polo Departamento de

Filoloxía Románica, en número abundante, espalladas por toda a xeografía de Galicia, case que sempre co mesmo método: recollida *in situ* dos materiais no territorio delimitado; breve descrición fonética e morfolóxica e polo xeral presentación do léxico, recollido de acordo co método "palabras e cousas"; ao remate, por veces, unha mostra de textos transcritos (para unha relación procuradamente exhaustiva, *vid*. Fernández Rei 1990 ou os repertorios bibliográficos citados). Promóvense tamén teses de doutoramento co mesmo enfoque, que presentan descricións bastante completas da fonética –sincrónica e diacrónica– e morfoloxía, raramente acompañadas de apuntes sintácticos. Pretendían así recoller "o galego vivo", a lingua que realmente fala o pobo, nunha rede o máis fita posible, para logo poderen abordar outro tipo de estudos sobre eses materiais; prodúcese deste xeito unha serie de gramáticas completas de pequenos dominios: Suarna (Santamarina 1973), O Grove (Enríquez 1974), Feás (Couceiro 1976), Verín (Taboada 1976); cómpre salientar que nos casos en que se orixinan en traballos académicos presentados fóra de Galicia atopan na USC ou a vía de publicación ou a recepción entusiasta: Valledor (Muñiz 1978), Ferrol (Porto 1977), Ancares (Fernández 1978, 1981)...

O primeiro impulso renovador e diversificador dos estudos gramaticais veu da man do mesmo grupo de investigadores. A tese de A. Santamarina sobre Suarna, con ser a primeira en Galicia, é moito máis ambiciosa cós outros estudos de falas mencionados, aséntase sobre un aparato teórico consistente e, ademais de describir, pretende dar propostas metodoloxicamente avanzadas de análise dos datos. Ela foi o punto de partida dunha serie de investigacións do mesmo autor que transcenderon o ámbito territorial do Suarna, constituíndose en pezas fundamentais no coñecemento da gramática galega e en puntos de partida para outros investigadores; así dispuxemos de importantes achegas de Santamarina sobre o verbo, a comparación e o adverbio. No mesmo tempo, e tamén na liña do estudo do galego con métodos propios da ciencia lingüística moderna, producíronse importantes contribucións ao estudo do verbo (Rojo 1969 e 1971, Barreiro Mosquera 1972, Gondar 1978,

Fernández Rei 1979), do artigo (Fernández Jiménez 1971) e do pronome persoal (Lantes 1980, Álvarez 1980). A vontade do grupo de integrar a lingüística galega na "comunidade científica" plásmase mesmo no costume de publicar recensións das obras, xa desde o primeiro momento.

A procedencia do ámbito da filoloxía románica, e non da lingüística xeral, é patente no desenvolvemento e obxectivos da maior parte das obras. Por comentar só as catro últimas producións, grande parte da monografía de Gondar está dedicada á orixe das formas e á descrición do seu uso na lingua medieval, en detrimento da descrición do comportamento na lingua moderna, verdadeiro albo do traballo; a tese de Fernández Rei fíxose seguindo os métodos da xeografía lingüística e, xunto aos mapas, ofrece o estudo etimolóxico das formas, deixando no derradeiro plano o estudo morfolóxico, que case se reduce á segmentación dos morfemas; o estudo de Lantes proxéctase como unha descrición das construcións en que intervén o pronome reflexivo no galego moderno, pero na súa maior parte está dedicada á comparación con outras linguas románicas e co latín e á nosa propia época medieval; na miña tese, os capítulos dedicados á sintaxe e á posición das formas, con vontade clara de describir con exhaustividade o seu comportamento, están precedidos dun longo capítulo dedicado ás formas, con datos de todas as variantes dialectais, no que non se discute a estruturación do sistema nin conceptos gramaticais básicos no estudo dos pronomes (coma persoa, caso, etc., ou o propio pronome), e si a orixe histórica de cada unha delas, con documentación medieval abundante. Esta tendencia historicista, en moitos casos xa con vontade clara de ir máis aló da pura descrición, faise máis patente en toda unha serie de traballos encamiñados directamente ao estudo da lingua medieval, realizados por novos investigadores a partir dos derradeiros setenta: a temporalidade verbal (Xove 1977), o posesivo e a expresión dos significados relacionados (Dono 1978), a posición dos clíticos (Ogando 1978), etc.

A exploración preferente nestas dúas liñas, lingua oral espontánea e galego antigo, non é casual. Nas distintas propostas

que se foron facendo desde o ILG para o galego moderno houbo sempre dous criterios irrenunciables: dunha banda, o galego "normativo" ten que basearse no "galego vivo", na lingua falada polo pobo, a única con que se identifican os falantes; doutra, ten que estar inserida plenamente na nosa tradición, depurada no posible de deturpacións provocadas pola anormalidade da situación lingüística. Por iso, para mellor coñecer o presente e o pasado, poténciase a recollida de "falas", que non se interrompeu ata hoxe, e anímase ao estudo da lingua antiga, como esteos principais para a futura redacción da gramática.

4.2. No entanto, continúa a liña de caracterización formal da lingua de diversos autores iniciada na época precedente e que segue dando bos froitos, entre os que salientan as contribucións de Alonso Montero sobre Curros e outros textos. Nesta tradición incríbese o labor investigador do Departamento de Filoloxía Galega, que se mantén afastado da produción entusiasta e renovadora dos novos filólogos a que nos referimos no apartado precedente; desta época son os traballos sobre a lingua de Lago González (Cátedra 1973), a dos autores de *Illa Nova* (Fontoira 1971), Rosalía (Carballo 1972), López Ferreiro (Marco 1979), Manuel Antonio (González 1979). Carballo ademais contribúe á descrición gramatical do galego desvelando a existencia do xerundio flexionado (Carballo 1975) ou con artigos puntuais dirixidos á defensa dalgunha opción normativa (Carballo 1978, 1980).

A finais deste período prodúcese un cambio importante na orientación dos estudos sobre lingua de autor, coa aparición de traballos que procuran a descrición gramatical a partir de *corpora* literarios contemporáneos (así os dedicados ao verbo en Cabanillas: Dobarro 1977, García Rodríguez 1977). Comézase por tanto a traballar no terceiro esteo indispensable para unha descrición gramatical completa do galego moderno.

4.3. En solitario, Amable Veiga contribúe tamén á introdución do galego na modernidade. Cos seus traballos sobre o galego (comezados a publicar no ano 1965), é un dos pioneiros da introdución da fonoloxía en España e sen dúbida influíu positivamente

na orientación dada a partir dese momento nas descricións fónicas dos diversos traballos de “falas” realizados en Galicia.

2 EVOLUCIÓN DA PRODUCIÓN LINGÜÍSTICA POSTERIOR A 1980

Tras a serie de acontecementos sociopolíticos que cambiaron a historia do galego en torno ao ano 80, a situación que se deseña na investigación gramatical é en moitos aspectos moi semellante á inmediatamente anterior, froito do mesmo impulso: (a) continúan os traballos de recollida do galego vivo, tanto por medio de memorias de licenciatura e teses de doutoramento, coma a través de enquisas directas, entre as que salienta un grande número de traballos académicos conducentes á creación dun *Tesouro lexicográfico* (ILG) e, sobre todo, o traballo de campo realizado para a confección do ALGa; (b) continúa a descrición da lingua medieval, incidindo especialmente nos aspectos sintácticos; (c) continúan os estudos da lingua de autores; e (d) comezan a tomar pulo outras orientacións ás que nos referiremos máis adiante. Polo tanto, desde o punto de vista da produción lingüística sobre o galego, semella que tivo maior importancia a introdución do galego na universidade e o xermolar das primeiras anadas de filólogos galegos –que como vimos se produce nas décadas anteriores–, có cambio de status legal e social producido nestas datas.

A nova situación legal favorece a aparición de materiais deseñados especificamente para o ensino, sobre todo primario e secundario, que nos momentos iniciais esixiu dos autores un esforzo de investigación adicional ao que en por si demanda este tipo de produción. A gramática sucinta completa contida nos manuais dos distintos cursos parece cubrir as necesidades elementais dos usuarios –particularmente dos docentes–, pois en liñas xerais a implantación do galego nestes niveis non promoveu de xeito especial a investigación gramatical; dito doutro xeito, os potenciais investigadores cumpriron outras tarefas que lles pareceron máis urxentes ou atenderon demandas sociais realizadas con maior urxencia.

A asunción de novos ámbitos por parte do galego e a necesidade dun estándar culto favorece a proliferación de traballos tendentes a proporcionar materiais de apoio ou a fixar posicións sobre certos aspectos "normativos". De todos os xeitos, esta necesidade que se sente moi fortemente respecto do galego escrito apenas se percibe respecto do galego oral; as primeiras voces en contra desta incongruencia e perigosa omisión non comezan a se erguer ata mediados da década dos 90, e ata o de agora apenas conseguiron sensibilizar a comunidade científica.

Así a todo, a partir do 80 nótanse algúns cambios importantes, que parecen xerarse internamente, pola propia dinámica dos sectores involucrados:

a) A nova situación trouxo consigo unha maior presenza das materias de lingüística galega nos deseños curriculares universitarios. A consecuencia inmediata desta expansión do abano de materias foi a ampliación da reducida nómina inicial de docentes--investigadores universitarios, o que comporta unha maior posibilidade de diversificación e, xa que logo, de especialización: nace aquí non só o "lingüista" galego con posibilidades de futuro neste campo, senón a posibilidade de opción entre as distintas disciplinas e/ou correntes metodolóxicas; mesmo comeza a ser posible cultivar con éxito parcelas antes necesariamente na sombra ou colaterais. A pesar disto, o ensino universitario está carente de manuais axeitados a este nivel, unha forte eiva que os investigadores nos distintos campos só nos últimos anos comezan a corrixir (Fernández Rei 1990, sobre Dialectoloxía; Mariño 1998 e Monteagudo 1999, pola Historia da Lingua; Ramallo *et alii* 2000, coa Lingüística Xeral, etc.). A diversificación de materias trae consigo tamén a oportunidade dunha maior formación teórica, que se traduce axiña nun crecente interese pola mellora, variedade e anovamento das metodoloxías.

b) A ampliación do número de investigadores-especialistas con certa estabilidade e garantía de futuro, unida a unha política de subvencións (Universidade, Xunta, Ministerio, programas europeos, etc.) favorece a formación de equipos de traballo que desenvolven

proxectos de investigación a medio e longo prazo; son escasos, con todo, os equipos formados de xeito interdisciplinar, sen dúbida un novo paso adiante necesario nesta deriva de agrupamento que xa leva a nosa investigación, para poder alcanzar outros obxectivos. A dispersión de centros universitarios en sete campus e a posterior segregación da Universidade de Santiago de Compostela en tres universidades (1989) posibilitou o espallamento dos investigadores-docentes por Galicia, pero o feito é que a maior parte dos que investigan en gramática galega están na órbita da USC, e máis particularmente no campus de Compostela; en Lugo, A Coruña, Pontevedra e Vigo (neste momento cremos que non hai ningún en Ourense), os contados investigadores en gramática (sincrónica ou diacrónica, moderna ou antiga) traballan en solitario ou intégranse en grupos liderados por profesores de Santiago.

c) A xuventude e entusiasmo emprendedor que caracteriza a xeneralidade dos nosos investigadores manifféstase non só na doada disposición a ensaiar novas metodoloxías, senón sobre todo a incorporar as novas tecnoloxías ás súas tarefas. Xorden así desde unha época relativamente temperá –tendo en conta o relativo atraso dos nosos estudos respecto doutros dominios– proxectos baseados en textos informatizados, programas de concordancias, bases de datos, programas informáticos para a cartografía e tratamento de imaxes, tecnoloxías para a síntese de voz, tradutores automáticos, etc.

d) Cobra pulo un crecente interese por unha descrición gramatical sincrónica que atenda aos resultados dos tres esteos postos na etapa precedente, por medio de traballos que describen a lingua falada e/ou a lingua escrita contemporánea; con frecuencia, o interese aludido polos aspectos teóricos e a metodoloxía ocupan un lugar tanto ou máis destacado nos resultados da investigación cá propia descrición gramatical do galego (nun grao non alarmante, pero cómpre lembrar que os nosos esforzos son máis rendibles aplicados ao galego, dado que é un traballo que dificilmente lingüistas foráneos van facer no canto dos lingüistas do país). Dentro dela ocupa un lugar á parte, en certo modo subalterno, a descrición do

estándar en si mesmo, se cadra pola dificultade previa de delimitalo; polo xeral a descrición atende a trazos ou comportamentos cos que o falante se sente identificado ou identifica como galegos, ben que nalgúns casos se sintan como unha rareza. Son poucos os traballos que teñen como obxectivo establecer qué é "correcto/ incorrecto" desde o punto de vista 'normativo/ non normativo', qué é "adecuado/ inadecuado" nun contexto dado (se ben pode ser correcto desde o punto da vista prescritivo) e qué é "gramatical/ agramatical" segundo forme ou non parte do diasistema galego.

e) Finalmente, hai outros dous trazos, no fondo relacionados, indicativos da madurez e "maioría de idade" da nosa investigación lingüística: o interese pola historiografía e a preocupación pola difusión externa dos resultados da investigación. Respecto do primeiro son boa mostra os repertorios bibliográficos xa citados, dos cales BILEGA actualízase continuamente e ofrécese en rede; pero tamén os distintos traballos publicados nos últimos anos que inclúen ou ben balances e estados da cuestión –globalmente ou restrinxidos a aspectos particulares (o labor do ILG, a contribución dos filólogos alemáns, o estado dos estudos de fonética...)–, ou traballos que repasan a nosa historia lingüística valorizando as achegas dos distintos precursores (traballos sobre Sarmiento, Saco Arce, Pintos, Couceiro Freijomil, Carballo Calero, etc.). Respecto do segundo, hai interese por facer que voces galegas participen en congresos internacionais, en que investigadores galegos se involucren en proxectos internacionais formando parte de grupos mixtos de investigadores, na publicación en revistas internacionais non galegas, na presenza en anuarios que fan balances bibliográficos, na oferta de información, textos ou bases a través da rede, etc. O esforzo non é estéril, porque a presenza do galego en traballos de autores que non son naturais do país é crecente. Os ámbitos en que máis traballan investigadores estranxeiros –ben co galego como única lingua, ben compartindo a súa atención con outras linguas– afianzan a nosa convicción de que unha das nosas tarefas urxentes máis rendibles é a de facer accesibles, a través da rede, materiais sobre os que outros poidan axudar nesta faena.

É de xustiza engadir nesta presentación preliminar que –a diferenza do que ocorre noutros dominios próximos, con linguas normalizadas– os investigadores galegos temos doada a publicación da produción estritamente gramatical, e en xeral da produción lingüística sobre o galego. Existen varias revistas que aceptan (e demandan) textos para a súa publicación; por citar só as máis directamente relacionadas coa lingüística e os centros de investigación: *Verba. Anuario galego de Filoloxía* (USC), *Cadernos de Lingua* (RAG), *Viceversa: revista galega de traducción* (Xerais), *Moenia: revista lucense de lingüística e literatura* (USC, Lugo), *Revista Galega de Filoloxía* (Universidade da Coruña); a elas únense outras revistas conducidas con maior esforzo por cátedras ou lectorados de galego fóra das nosas fronteiras, como é o caso de *Madrygal* (Madrid) ou *Galicien Magazin* (Trier). Son abundantes cada ano as reunións científicas de distinto nivel que constitúen citas periódicas, todas elas con publicación de actas: unhas veces arredor dunha figura concreta (que non se trata só nos aspectos literarios, históricos ou culturais), outras agrupando distintos campos do saber (coma o congreso internacional da AIEG), outras de orientación máis estritamente lingüística, mesmo gramatical, etc. De por parte, existe tamén a opción real de publicar en formato libro, ben a través das editoriais privadas, que mesmo solicitan de autores o envío de textos, ben dos servizos de publicacións de institucións públicas ou privadas, ben como anexos dalgunhas das revistas citadas máis arriba.

2.1 *Os tres esteos: galego "vivo", tradición medieval e lingua de autor*

Como diciamos máis arriba, esta época continúa sen solución de continuidade as liñas e os traballos comezados nas décadas precedentes.

1. Mantéñense os traballos de recollida do galego vivo, cunha metodoloxía semellante á da época precedente, pero con obxectivos máis ambiciosos e cunha análise e presentación dos datos máis depurada; benefícianse non só da experiencia ante-

rior, senón da progresiva melloría na formación teórica dos universitarios galegos, docentes e discentes. Dese xeito, a descrición fonético-fonolóxica e morfolóxica, moito máis completa e mellor artellada, acompáñase de análises e conclusións bastante sólidas; pero, ademais, a popularización de medios técnicos (gravadoras para o rexistro de datos, programas informáticos para o seu tratamento, etc.) facilitou a proliferación de abundantes textos transcritos, bases de datos e concordancias sobre mostras orais, etc. Vallan como exemplos, entre os moitos que se poderían citar, os traballos realizados sobre Begonte (Graña 1983), Vincios (Costas 1986), Goián (Pousa 1987), a Terra Chá (Regueira 1989) ou Compostela (Dubert 1993) (para unha relación completa, ata 1996, véxase Regueira *et alii* 1996). Doutra banda, o traballo dialectolóxico adquire novas dimensións ao se beneficiar da renovación metodolóxica, en grande parte producida como consecuencia doutras modernas orientacións da lingüística que tamén se ocupan da variación, en particular da sociolingüística; unha mostra disto é o estudo de Dubert (1999) sobre a lingua de Compostela.

Todas estas monografías sobre pequenos dominios son teselas que van configurando un mosaico bastante completo da xeografía dialectal galega, completada nestas décadas polos traballos do ALGa, proxecto que se inicia na década precedente (1974), pero que comeza a ver a luz na derradeira década do séc. XX (1990, 1995, 1999). O resultado é que hoxe en día posuímos unha información sobre a variación diatópica fonética e morfolóxica moi completa, que mesmo pode servir para desenvolver sobre dela investigacións sobre outros tipos de variación, en particular a social e os procesos de cambio lingüístico en marcha. Con base nesta información foron posibles traballos de conxunto, coma a *Dialectoloxía* de Fernández Rei (1990); unha liña con importantes resultados que se ocupou do establecemento de bloques e áreas lingüísticas, e das fronteiras internas (Fernández Rei 1982, Santamarina 1980, Dubert e Mariño 1996); e unha liña de definición das fronteiras coas linguas veciñas, en particular centrada na

fronteira co asturiano e o leonés (Fernández Rei 1991 e 1994, Babarro 1993, Boller 1995, Seco 1997...).

2. Continúa o estudo da lingua medieval, na mesma liña iniciada a mediados da década precedente, tentando dar unha descrición da gramática da lingua deste período ben fundamentada e cunha metodoloxía moderna: os cuantificadores (Varela Barreiro 1981), o acusativo preposicional (López Martínez 1981), as construcións condicionais (Monteagudo 1982), as funcións do pronome persoal (Ares 1982), o infinitivo non perifrástico (Díaz Abraira 1983), os adverbios temporais (García Cancela 1983), a negación (López Gato 1984), a indeterminación do axente (Cidrás 1985), construcións de *aver* e *ter* (Paredes 1987), etc., etc. Como en toda referencia aos estudos da lingua medieval galega, cómpre salientar as sucesivas contribucións de Ramón Lorenzo.

Lamentablemente, todo este esforzo non callou na redacción dunha gramática histórica do galego que se nutra destes avances e complete unha descrición fonética, morfolóxica e sintáctica deste período, nin moito menos na redacción dunha gramática diacrónica que dea conta da evolución seguida neses tres ámbitos desde a constitución do galego como lingua románica ata a actualidade. Dous baleiros que esperan ser enchidos desde que García de Diego puxo a primeira pedra, a principios do séc. XX, e para os que non abonda a contribución de Ferreiro (1996-97), feita cunha metodoloxía anticuada e con resultados excesivamente elementais, sen dar acollida razoable a moito do saber acumulado na bibliografía das últimas décadas. Tampouco o enchen as gramáticas históricas do portugués, das que todos nos temos servido a falta das realizadas especificamente sobre o galego, en parte porque precisan un anovamento metodolóxico, en parte porque ignoran sistematicamente as variantes internas do portugués e, máis aínda, as evolucións diverxentes do galego. Cabe esperar resultados positivos do equipo de investigación en gramática histórica liderado por Ramón Lorenzo e Xavier Varela, mais ignoramos se nos seus obxectivos inmediatos está a curto prazo a redacción dalgunhas das dúas obras urxentes que botamos en falta.

3. Continúa o estudo da lingua de autor, sobre todo na orientación renovadora iniciada a finais da década precedente, ou ben tentando encadrar os resultados nunha historia do galego escrito ou ben achegando materiais para a redacción dunha gramática do galego que teña en conta a lingua literaria (González *et alii* 1982 e Gómez Pintor 1994, sobre Cunqueiro; Lorenzo 1985 e Álvarez Ruiz de Ojeda 1986, sobre Rosalía; Álvarez *et alii* 1992, sobre Celso Emilio Ferreiro; Requeijo Cuba 1996, sobre Ánxel Fole, etc.). Con todo, este é un capítulo relativamente pendente na descrición lingüística do galego, pois a traxectoria social seguida pola lingua nas últimas décadas fixo que a atención se desviase cara a outros ámbitos prioritarios. Cremos que non abonda coa inclusión de *corpora* de procedencia literaria como base dos traballos descritivos, e en todo caso non é a isto ao que nos estamos referindo, senón a unha descrición da lingua de autor, que en cada caso é un sistema fechado, da que extraer separadamente –aínda que interrelacionadas– conclusións no ámbito puramente gramatical e no estilístico. A construción do galego moderno non é posible sen se asentar tamén neste esteo, polo que será preciso animar a xoves investigadores a traballar este campo.

De por parte, urxe unha sorte de avaliación da lingua literaria que se está producindo actualmente. Para o lector atento resulta bastante evidente que hai unha serie de recursos lingüísticos que na lingua literaria se están promocionando, en detrimento doutros, unhas veces no sentido de maior conservadorismo e outras veces no sentido de perda de características diferenciais primadas noutras épocas; e todo isto prodúcese presumiblemente –haberá que determinalo con estudos pertinentes– de costas á lingua doutros niveis ou estilos tamén escritos.

2.2 *A gramática descritiva*

Nas últimas décadas tivo un notable desenvolvemento a gramática descritiva, realizada en forma de artigos ou monografías sobre aspectos concretos, polo xeral realizadas a partir de *corpora*

tirados de textos escritos e de transcricións de textos orais. O plan de traballo é por forza lacunar, o que seguramente explica que haxa un aceptable número de contribucións parciais pero falten traballos de conxunto, faltan gramáticas no sentido común máis habitual do termo: desde Álvarez *et alii* (1986, con sucesivas edicións) e Costa *et alii* (1988, en certo modo escolar), non se produciu ningún novo texto ata Freixeiro (1998-2000) e Álvarez e Xove (2002); hai outros proxectos feitos públicos e en marcha, entre os que destaca a gramática anunciada pola RAG. Cando dicimos que faltan *gramáticas* usamos intencionadamente o plural, porque no estado actual de normalización do galego séntese a necesidade de distintas gramáticas realizadas con distintas perspectivas e obxectivos, e iso dentro da gramática puramente descritiva: obviamente, unha gramática que atenda as necesidades sentidas desde o sector do ensino universitario pode ou non coincidir coa que atende as necesidades dos investigadores, pero é diferente dunha gramática que responda ás necesidades do público culto que coñece e usa o galego; e calquera delas é distinta doutra que satisfaga o público culto que non parte do coñecemento da lingua (e aí poderiamos mesmo diferenciar o público que parte do coñecemento do español doutros públicos posibles, sen facer gramática contrastiva explícita), dunha gramática básica que dea os riscos mínimos caracterizadores da forma e comportamento de cada clase de palabras, etc.

Doutra banda, é fundamental deseñar un modelo descritivo que permita integrar na descrición as formas do galego estándar no nivel culto e a variación interna que coñecemos no estado actual da lingua, sexa esta diatópica, diafásica ou diastrática (ou mesmo diacrónica). O problema de decidir sobre que segmento ou segmentos do diasistema se fai a descrición lingüística pode xurdir en calquera lingua, pero nas que, como o galego, están en situación emerxente e en fase de difundiren un estándar obtido por elaboración recente, o problema é de importancia capital. Naturalmente, sempre son posibles descricións distintas, que se poden agregar, condicionadas polo obxectivo que se persegue: en determinados niveis abondará con describir pura e simplemente o nivel estándar,

en tanto que noutros será indispensable ter en conta tamén variacións territoriais, sociais, situacionais ou cronolóxicas existentes. Cremos que é necesario que a descrición completa dea conta da distinta posición na arquitectura do diasistema dunhas e doutras variantes, para así ter claro qué parte dela se debe ofrecer segundo o obxectivo ou os destinatarios dunha descrición concreta. Iso implica non só estarmos atentos á recollida e correcta localización de todas as variantes da lingua, senón deseñarmos un modelo descritivo que permita dar conta das correspondencias entre os distintos subsistemas e da xerarquización destes.

2.2.1 Fonética e fonoloxía

1. No campo da fonética e fonoloxía, as distintas contribucións foron progresivamente máis completas e mellor articuladas, incorporando métodos de análise e interpretación dos datos consonte ían chegando a Galicia os ecos da revolución da lingüística moderna e pódese dicir que as descricións realizadas ata agora proporcionan un coñecemento suficiente do comportamento xeral do sistema nos seus aspectos máis evidentes, se ben nalgúns casos baseados en descricións impresionistas e por iso non sempre solidamente fundamentadas. Con todo, segue sen se producir unha rigorosa descrición fonética de conxunto que vaia máis aló das que figuran nas gramáticas xerais ou nos capítulos das gramáticas de pequenos dominios, por forza moi limitadas mesmo na súa extensión; conviría tamén unha descrición fonolóxica de conxunto que incorpore o nivel de coñecemento actual e supere as que no seu día realizaron Veiga (1977) e Castro (1989), ou as contidas nas gramáticas citadas. A maior parte da investigación producida atinxe aspectos particulares e pódese agrupar nas seguintes orientacións:

a) Unha liña de longa tradición na nosa lingüística afonda no coñecemento de trazos fónicos dialectais, tanto coa pretensión de describir o funcionamento do sistema nese aspecto, coma no de delimitar a área en que se dá o fenómeno estudado: traballos sobre

a gheada, o seseo, certos fenómenos vocálicos, etc., entre os que salienta o tomo correspondente do ALGa (1999). O obxecto do estudo é a lingua oral, a través de mostras de galego-falantes xenuínos, o que naturalmente redunda nun mellor coñecemento da lingua real, esteo indispensable de calquera proceso normalizador. Na mesma liña de traballo comeza a considerarse o estudo da variación fónica que se produce nas restantes variedades lingüísticas, non só diatópicas (por exemplo, estudos centrados no galego urbano, en Santiago, en Vigo ou na Coruña), o que resulta especialmente interesante de cara ao ensino da lingua e ao establecemento de estratexias normalizadoras ás que nos referiremos máis adiante.

b) Unha liña de fonética diacrónica e/ou histórica, cunha forte compoñente grafemática. Ao interese normal que sempre ten o coñecemento do pasado, no noso caso engádese a necesidade de construír modelos que sexan fieis a unha tradición que en moitos casos é preciso coñecer, describir ou en todo caso clarificar. Baséase naturalmente en textos escritos, e sen dúbida esta facilidade de obtención de *corpora* explica que haxa unha relación bastante nutrida de investigadores estranxeiros que inclúen o galego en investigacións deste tipo.

c) Unha liña de reinterpretación de determinados aspectos do funcionamento do sistema, á luz do mellor coñecemento que se vai tendo.

2. Unha das características do groso da produción galega neste campo, sentida por veces como unha carencia, é que se basea no oído, ben a través da observación directa dos falantes espontáneos ben a través de rexistros magnetofónicos; xa que logo, tanto a clasificación dos sons coma a descrición articulatoria destes baséase na presunción de que existe unha correspondencia fiable entre o que o colector escoita e o modo de articulación supostamente idóneo para producir ese son. Engádase que tanto a fiabilidade deste método de recollida de datos fonéticos coma a posibilidade de xeneralización son escasas cando a mostra de falantes en cada lugar é moi reducida, pois a descrición fonética e fonolóxica non se obtén por suma ilimitada de datos obtidos individual-

mente, método que porén pode servir para a confección dun glosario das voces usadas pola comunidade.

Desde hai algo máis dunha década, co laboratorio fonético do ILG (1988), iniciáronse os traballos de fonética experimental, sobre todo na liña da fonética acústica. Grazas ao empeño dun reducido número de investigadores (o grupo de Regueira e González en Santiago, Labraña en Barcelona) comézase a corrixir a primeira das eivas indicadas. Unha empresa non doada, pois a formación de equipos de traballo ten a dificultade de que son precisos coñecementos técnicos moi especializados que non forman parte da bagaxe básica dos lingüistas; a ela únese a necesidade de equipamentos moi sofisticados, manexados por moi poucas persoas (co custo e problemas de rendibilidade correspondentes). Iso non impide que estean tendo froitos moi interesantes: maior fundamento das descricións realizadas, maior capacidade de explicación de como e por que se produce a variación, mellores posibilidades de deseñar estratexias no ensino e na superación de patoloxías fónicas, maior capacidade de definición do modelo estándar, etc. Dentro da mesma liña experimental, e grazas ao desenvolvemento previo da fonética acústica, foi posible o proxecto de recoñecemento e síntese de voz (proxecto *Cotovía*, levado adiante por un equipo interdisciplinar de enxeñeiros da Universidade de Vigo e lingüistas do CRPIH; *vid*. González e Fernández 1998) e un xestor de diálogo home-máquina (González e Mateo).

Da man do mesmo equipo comézase tamén a corrixir a segunda das eivas sinaladas, promovendo traballos de investigación fonética que parten de mostras plurais de falantes máis semellantes ás esixidas polo método sociolingüístico cás da xeografía lingüística. Salientan ademais contribucións coma a de Lorenzo e Gómez Guinovart (1996), fóra do ámbito estrito da fonética experimental (frecuencia e porcentaxes de letras, sílabas, tipos silábicos, etc.), que aplican un programa informático a un corpus de entrevistas realizadas a catro mostras de falantes.

3. Prodúcese tamén unha ampliación da pesquisa a campos antes inexplorados. Así, neste marco desenvólvese unha liña de

prosodia, que non tiña practicamente ningunha tradición en galego, con dúas vertentes: dunha banda descrición de trazos prosódicos a partir da percepción directa (Prieto) e doutra estudos experimentais en prosodia, vencellados ao equipo de fonética acústica mencionado (Regueira, Elisa Fernández).

Entre estas liñas salientamos a de proposta e descrición dun modelo fónico para o galego estándar, moi tímida de momento, a pesar da súa urxencia e da demanda social existente. Como xa indicamos máis arriba, o desenvolvemento do estándar escrito nunca foi acompañado dun similar desenvolvemento do estándar oral, que recentemente (sobre todo a partir de Regueira 1994) se comeza a pór sobre a mesa de traballo como unha necesidade urxente; dentro dos distintos aspectos que debe considerar, a definición dun estándar fónico é singularmente premente (medios audiovisuais, teatro, ensino, etc.). Algúns dicionarios (Obradoiro) comezan a incluír pronuncia de abertas e pechadas, algo imposible hai unha década. Dentro desta liña destacan os distintos traballos de Regueira (*vid.*, especialmente, 2000), que axudan a definir os límites e a situar os problemas, e os traballos dun equipo de lingüistas do ILG que proporciona materiais que rozan o camiño: publicación do método *Os sons da lingua* (Regueira *et alii* 1998) e proxecto dun "Vocabulario fonético da lingua galega".

4. Promóvese a recollida e edición de materiais sonoros sobre os que basear descricións lingüísticas do galego oral. Entre outras iniciativas máis modestas e de resultados máis esporádicos, destacan o Arquivo Sonoro Dialectal do ILG e o Arquivo Sonoro do CCG; a eles debemos non só antoloxías de textos orais de falantes espontáneos, senón abundantes mostras do galego oral culto de distintas épocas, co privilexio da voz dalgúns dos principais construtores deste estilo.

2.2.2 Morfoloxía e sintaxe

Nestas décadas tampouco abundan os estudos morfolóxicos propiamente ditos. Semella que o ditame normativo sobre as

formas que integran cada un dos paradigmas, na maior parte das escollas pouco polémico, exime os lingüistas da necesidade de se ocuparen de dar unha explicación gramatical congruente do comportamento do sistema. Na maior parte dos traballos, a parte máis directamente morfolóxica redúcese á presentación dos paradigmas, para logo entrar na descrición dos significados, comportamento e función das súas formas. As excepcións limítanse nos máis dos casos a aspectos polémicos desde o punto de vista de aceptación do estándar (por exemplo o artigo, algúns aspectos da morfoloxía verbal...) ou a problemas non definidos dabondo no texto normativo (por exemplo, Dubert 1995).

Como dicimos, os traballos son máis ben de descrición morfosintáctica. E aínda cómpre facer unha nova restrición, pois na maior parte dos casos limítanse á descrición da gramática de palabras dunha certa clase, dentro da frase ou dentro da oración: descrición do comportamento do artigo, do posesivo, do verbo, do pronome persoal, etc. Son escasos os traballos considerados máis tipicamente de sintaxe, realizados desde os distintos puntos de vista habituais: tipoloxía e construción dos predicados, realización das distintas funcións oracionais, sintaxe da oración composta, etc. Con todo, a liña "sintáctica" está tendo moito pulo nos últimos anos, e diso é boa mostra a porcentaxe que tivo entre as comunicacións presentadas con ocasión do Congreso Internacional de Lingüística *Léxico e Gramática* (Lugo 2000): das 22 publicadas no volume que recolle as referidas ao galego (anexo 49 de *Verba*), oito son especificamente de sintaxe ou tratan temas conectados coa sintaxe (do resto, só dúas de morfoloxía e doce de lexicoloxía e lexicografía).

O avance no coñecemento do comportamento sintáctico do galego posibilita acometer con éxito, e mellorar no futuro, ferramentas informáticas moi útiles e socialmente moi rendibles, como os programas de tradución automática (no CRPIH está en fase moi avanzada o tradutor español-galego/ galego-español) ou os programas de corrección automática de textos, dos que hai en marcha iniciativas que procuran superar amplamente os actuais, moi deficientes no nivel superior á palabra.

O feito de que a descrición se vaia facendo por medio da publicación de traballos individuais, sen formaren parte dun conxunto organizado, produce inevitablemente moitas lagoas. Completar unha descrición sintáctica do galego é urxente, porque a estreita semellanza entre a sintaxe das distintas linguas románicas fai difícil para o falante que domina dúas ou máis linguas –é dicir, para a totalidade dos falantes escolarizados– establecer unha estrema máis ou menos nidia entre a sintaxe do galego e a do español ou portugués. Hoxe por hoxe, non sempre resulta doado discernir que trazos de variables moi estendidas son orixinariamente galegos –mesmo evolucións recentes por deriva interna, autóctona– e cales son pura e simple interferencia; a construción acelerada dun modelo de galego culto, oral e escrito, poderíase estar facendo sobre un modelo sintáctico calcado do español. Unha descrición sintáctica completa é urxente tamén porque permitiría recoller construcións de boca dos falantes antes da súa desaparición baixo a presión da lingua dos medios, e mais porque a tipoloxía deses usuarios espontáneos permite tirar conclusións sobre a posición das opcións variables na arquitectura do diasistema (incluíndo as posibles interferencias).

Outras abordaxes, coma as máis modernas desde o punto de vista das funcións semánticas (en relación ou non coas sintácticas), da estrutura e funcións informativas ou das funcións pragmáticas apenas teñen, polo de agora, cultivadores.

2.3 *A gramática prescritiva*

O proceso de estandarización non está aínda concluído, nin sequera nos seus aspectos básicos: moi adiantado nos aspectos gráfico e morfolóxico (*Normas*), pouco definido no léxico (VOLGa), sen apenas pronunciamento no fónico (*vid. supra*) e sen abordar no sintáctico.

O feito de que as *Normas* inclúan unha morfoloxía do galego moi completa non significa que non haxa aínda aspectos de menor calado sobre os que é preciso un pronunciamento normativo

explícito. Por poñer só algúns exemplos: (a) cal é o pronome que cómpre tras *trae*, indicativo presente ou imperativo?, ademais de *tráeo*, segundo se deduce das *Normas* ao non acabar en ditongo (cando menos pola grafía), é aceptable no galego estándar *tráeno*?; (b) ata cando a indefinición sobre *elo* (e se existe, non ten contraccións coma *el* e *ela*?), *cuxo*, o subxuntivo futuro ou a existencia de *cantara*/ *cantase* no subxuntivo?; (c) nos acentos diacríticos queda claro que a forma normativa é *nós* con vogal aberta (non a variante dialectal que tamén existe con pechada), pero non hai ningún pronunciamento sobre a escolla formal entre *ela* (con aberta)/ *ela* (con pechada), *connosco* (con aberta)/ *connosco* (con pechada); etc.

Na sintaxe pártese dun principio xeral cómodo pero pouco rigoroso: o de que todos os comportamentos e estruturas sintácticas que sexan galegos, non debidos a deturpacións por inxerencias externas, son igualmente válidos no nivel estándar. Este principio agocha certos *a priori* que resultan ser máis ou menos falsos: (a) que o abano de recursos sintácticos é limitado e basicamente igual para todas as modalidades de galego, sen diferenzas diatópicas, diafásicas nin diastráticas; (b) que as escasas variables sintácticas xenuinamente galegas existentes se deben á coexistencia de variantes cronolóxicas, e as máis tradicionais delas –detectables doadamente por caracterizaren a fala de certos grupos de falantes e iren en contra do uso xeral– son ben acollidas no estándar culto, porque o sabor arcaico é sempre un valor positivo; (c) que as restantes variables se deben a interferencias do español –escasas, pero sempre rexeitables–, e son tamén doadas de localizar porque unha das opcións coincide máis ou menos exactamente con características desta lingua; (d) que nin sequera no nivel culto hai interferencias do portugués, pero en todo caso suporían a recuperación de comportamentos sintácticos tradicionais, perdidos por causa da evolución separada das dúas linguas.

Efectivamente, a sintaxe das linguas románicas non presenta unha grande variación interna, nin considerando grupos de linguas nin considerando unha lingua en particular. Agora ben, iso non obsta para que sexa obvio que existen diferenzas sintácticas

entre modalidades distintas, que deben ser situadas correctamente na descrición gramatical e sobre as que se debe pronunciar a gramática prescritiva: tamén na sintaxe existen de certo diferenzas diatópicas, diafásicas, diastráticas e cronolóxicas, e cómpre saber se son igualmente válidas na lingua estándar, en calquera dos seus estilos. Respecto das interferencias, xa sinalamos máis arriba a dificultade de detectar cales usos coincidentes co español son efectivamente interferencias lingüísticas e non evolucións coincidentes; respecto das do portugués, ocúltase (interesadamente en moitos casos, mesmo por lingüistas que non poden ser considerados "reintegracionistas") que nesa evolución separada das dúas linguas foi o portugués o que en máis casos se afastou do toro común, polo que as súas particularidades non sempre supoñen a volta á nosa tradición. Nalgúns casos semella que o uso vai creando un patrón, promovendo unhas variantes a custo doutras; noutros percíbese unha liberdade total na escolla por parte do usuario, xeralmente tendente ao abandono de trazos diferenciais (ou, por reacción, a un uso hipermarcado).

Doutra banda, nos distintos foros de encontro e intercambio de experiencias, os profesionais que traballan en gabinetes de normalización, corrección ou tradución, onde se atopan acotío con innumerables problemas gramaticais de todo tipo, manifestan que se atopan desasistidos pola escaseza de medios que os lingüistas profesionais pomos ao seu dispor. Hai dous dicionarios de dúbidas –de distinto grao de calidade– a todas luces insuficientes, que nos máis dos casos non pasan do nivel das escollas léxicas. Bótanse de menos non só publicacións fiables en que estas dúbidas sexan correctamente despexadas, senón un enderezo a onde poidan dirixilas, na seguranza de que serán atendidas por expertos que darán un informe razoado e co tempo posiblemente un ditame normativo.

2.4 *A gramática comparada*

A comparación coas outras linguas europeas, de maneira singular coas románicas, é un paso fundamental para o status do

galego entre as linguas do seu arredor. O achegamento ao coñecemento do galego por parte de falantes doutras linguas e culturas vese sen dúbida pexado pola escasa rendibilidade do esforzo en aprender unha lingua descoñecida tendo en conta os beneficios prácticos inmediatos; a preparación de materiais de aprendizaxe que permitan achegarse ao galego salvando a curta distancia entre as diferentes linguas románicas e a nosa pode servir de engado para este achegamento.

Ademais, cómpre proseguir coa preparación de materiais de base (fontes, bases de datos, textos informatizados, etc.), difundidos en rede, que faciliten o achegamento por parte dos investigadores e a inclusión do galego entre as linguas que estudan.

2.4.1 Portugués

Ademais das vantaxes anteriores, permitiría achegar o coñecemento do galego aos que xa coñecen portugués e de xeito moi especial ao mundo lusófono. A descrición contrastiva do portugués e o galego sería moito máis útil para a consecución deste obxectivo cá falsidade encuberta de que son practicamente a mesma lingua e que quen coñece unha sabe e comprende a outra; de por parte, non hai que esquecer que en Lingüística non sempre é igual a distancia desde a lingua X á lingua Y cá que vai desde a lingua Y á lingua X.

Por outra banda, comeza a ser necesario sinalar as diferenzas entre galego e portugués para unha correcta elaboración do estándar: que trazos incorpora o galego culto porque en certo modo poden ser considerados comúns, polo menos entre certas modalidades de galego e certas modalidades de portugués (se ben non sempre coa mesma posición no diasistema: hai trazos normais en galego que son vulgarismos en portugués, etc.); que trazos está integrando o galego culto pola vía de préstamos máis ou menos necesarios, en definitiva enriquecedores; que trazos portugueses existen só a nivel dialectal (diatópico) en galego, e en que medida deben permanecer ou non no mesmo status; que trazos están

incorporando certos grupos sociais dentro do galego culto en aberta colisión con outros grupos que os consideran internos marcados doutro xeito e/ou absolutamente inaceptables, etc.

2.4.2 Español

Ademais de polas razóns expostas máis arriba, a descrición contrastiva do galego e do español comeza a ser indispensable para elaborar estratexias, sobre todo no ámbito do ensino (do galego). Probablemente chegou o momento en que cómpre xa asumir a evidencia de que unha grande parte da poboación se move en territorio bilingüe e de que unha porcentaxe importante só pode acceder ao galego a partir dunha práctica lingüística en español. Esta asunción comporta elaborar estratexias e materiais diversificados para poder satisfacer as necesidades moi distintas de, cando menos, persoas que son galego-falantes ou bilingües que perfeccionan as súas destrezas lingüísticas ou acceden ao estándar galego desde o dominio doutras variantes internas, de persoas que son castelán-falantes e deben adquirir o galego como segunda lingua: (a) estratexias de aprendizaxe; (b) ensino en situación bilingüe; (c) ensino diferenciado a estudantes de lingua materna "galego" e lingua materna "español", adquisición do galego como segunda lingua a falantes orixinarios de español; (d) ensino do galego a galego-falantes que deben superar interferencias lingüísticas; (e) auxilio na definición do modelo do galego culto. A elaboración do galego culto está chea de apriorismos absurdos: cómpre dar respostas claras e ben fundamentadas á continua pregunta de qué é ou non é castelanismo, único xeito san de superar unha manchea de prexuízos moi perturbadores.

2.5 *A variación e o cambio lingüísticos*

Aínda que probablemente sexa a Dialectoloxía a disciplina con maior desenvolvemento e tradición na Lingüística galega (entendida como estudo da variación diatópica), hai algunhas tarefas pendentes que é preciso consignar:

a) A dialectoloxía léxica está notablemente menos desenvolta cá fonética e morfolóxica. A colecta de datos realizada por medio de monografías dialectais (método "palabras e cousas") e por medio das enquisas do ALGa non callou aínda nun estudo da variación diatópica no léxico e moito menos no establecemento de áreas léxicas dialectais, que sen dúbida debuxarían un mapa dialectal distinto e con raíces moito máis antigas có que coñecemos a través dos trazos fonéticos e morfolóxicos. Como primeira tentativa de corrixir esta eiva, programouse en 2001 un simposio sobre "Dialectoloxía e léxico", do que resultou un volume con 18 contribucións (Álvarez, Dubert e Sousa, eds. 2002); a publicación inminente dos primeiros tomos do ALGa dedicados ao léxico pon a disposición dos investigadores materiais sobre os que basear novas investigacións. Están tamén sen desenvolver os traballos de dialectoloxía sintáctica, cando hai indicios razoables de que hai abundantes diferenzas diatópicas tamén neste nivel.

b) Doutra banda, en relación coas variacións internas da lingua (diatópicas) falta unha avaliación dos trazos que se teñen considerado para fixar tales ou cales variantes, para estarmos seguros de que son os trazos pertinentes para lograr este obxectivo e non unha escolma froito do acaso ou da oportunidade do momento; complementariamente, cumpriría tentar unha determinación destes trazos desde o punto de vista do falante e contrastala coas xerarquizacións confeccionadas tradicionalmente polos lingüistas. De por parte, un gran número dos estudos que posuímos son en realidade descricións lingüísticas de pequenos dominios, polo que falta o estudo verdadeiramente dialectolóxico que os poña en relación entre si para tirar información sobre a variación.

c) Resulta curioso que a fronteira lingüística menos investigada sexa a que xebra –ou une– galego e portugués; os datos que posuímos dela convidan, con urxencia, a un traballo interdisciplinar no que colaboren investigadores portugueses e galegos. Este abandono garda relación coa escaseza de estudos de falas locais no sur de Pontevedra e, sobre todo, na provincia de Ourense; non parece que os filólogos portugueses tiveran maior

interese en ultrapasar o seu dominio administrativo, e segue sendo indispensable referirse a contribucións moi antigas (Leite de Vasconcellos, Schneider), que poden ter xa moi pouco que ver coa situación actual.

d) A tecnoloxía puxo ao noso dispor unha serie de medios, impensables hai unhas décadas, que permitiron unha renovación total nos sistemas de traballo e de presentación dos resultados, incluída a cartografía. Por fortuna, estes adiantos chegaron moi cedo a Galicia da man de investigadores novos, polo que se pode dicir que neste aspecto estamos na vangarda. Cada nova contribución do ALGa así o veu confirmando, pero as que están a seguir supoñen un salto adiante incomparablemente maior.

e) Ademais, a dialectoloxía que se leva feito é en conxunto de corte moi tradicional. Nos últimos tempos, grazas ao influxo da corrente xenerativa e ás achegas desde o campo da sociolingüística, fóronse renovando os métodos da dialectoloxía, con correntes moi interesantes. Estas novas tendencias apenas tiveron cultivo en Galicia, e sen dúbida chegou o momento de comezarmos a traballar nesa dirección: linguas de grupos, dialectos sociais, interacción campo-cidade, procesos de cambio lingüístico, cambio xeracional, etc.

Na mesma medida en que abundan os traballos sobre a variación diatópica, faltan traballos sobre a variación diastrática e diafásica, nin sequera considerando desde este punto de vista trazos concretos; cómpre ter presente que unha das consecuencias da falta de normalización lingüística é a falta de uso do galego en certos niveis e rexistros, e por conseguinte a dificultade de os caracterizar lingüisticamente en fase tan incipiente.

Doutra banda, hai toda unha serie de procesos de cambio lingüístico en marcha, que non se están medindo e sobre os que non se está reflexionando abondo. Así, existe unha preocupación social por se o proceso de normalización e o proceso de estandarización que comporta poderá ser empobrecedor para a lingua, esmagando variantes existentes a cambio dunha uniformización que desde a lingua escrita semella ser total. Doutra parte, a máis de

dúas décadas da súa implantación, é hora de medir ata que punto a lingua cambiou nun ou noutro sentido como efecto (ou contraefecto) do modelo lingüístico difundido pola escola e polos medios. Por poñer só exemplos dalgunhas calas que cumpriría facer: (a) ata que punto a unificación de variantes propicia a expansión dunhas e a desaparición doutras, sexan estas diatópicas (*este* sobre *iste*, *non se che caia* sobre *non che se caia*, non seseo sobre seseo...) ou doutros tipos (*pobre* sobre *probe*, *que non lle caia* sobre *que lle non caia*, etc.); (b) ata que punto a promoción dunhas formas propicia abandonos non desexables doutras galegas equivalentes (*mercar* sobre *comprar*, *lembrarse de* sobre *acordarse de*, etc.); (c) ata que punto se produciu o freo ou aceleración de tendencias que se estaban a dar (infinitivo flexionado> infinitivo non flexionado, *para lle facer> para facerlle*, *connosco> con nós*, *cantare> cantar*, etc.); (d) ata que punto retrocederon castelanismos amplamente instalados polas voces galegas orixinarias (*dios< deus*, *gallego< galego*, *iglesia< igrexa*, *abuelo< avó*, etc.) ou castelanismos doutros tipos (*había feito* por *fixera*, etc.); (e) ata que punto se instalaron as solucións lingüísticas impulsadas desde os ámbitos en que se planifica o corpus (*beirarrúa*, *taxas*, *lámpada*, *sumidoiro*...).

Á súa vez, neste estudo do cambio lingüístico cómpre adoptar dúas perspectivas ben diferenciadas, a primeira delas á súa vez dobre: a do cambio inherente a calquera lingua, matizando que esta se atopa nunha situación sociolingüística anormal; e, a segunda, a do cambio derivado da situación bilingüe, ben por ceder á interferencia ben por fuxir dela. O coñecemento da orixe e dirección do cambio é condición *sine qua non* para calquera posible intervención na súa deriva, e polo tanto unha arma fundamental para as accións de política lingüística; tamén proporcionan información básica neste sentido os estudos que teñen como obxectivo recoller a percepción e as opinións dos falantes sobre a variación e o cambio lingüístico.

A LEXICOGRAFÍA GALEGA MODERNA*

Ernesto González Seoane

Os anos iniciais da década de 1980 representan un punto de inflexión na historia da lexicografía galega, ao punto de que poden ser considerados o lindeiro temporal que separa os dous grandes períodos que se poden distinguir nela: o período "clásico", que abranguería as obras producidas na segunda metade do século XIX e nos tres primeiros cuarteis do XX, e o período "moderno", que arrincaría precisamente dos primeiros anos 80 e que se estendería ata o momento presente.

Son moitas as razóns que se poden aducir para explicar esta ruptura, ou mellor, por qué a ruptura se produce nese preciso momento, pero en última instancia todas derivan das profundas mudanzas que experimenta o marco político e legal entre os anos finais dos 70 e os primeiros 80, coa aprobación da Constitución española (1978) e do Estatuto de autonomía de Galicia (1981), coa oficialización das *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (NOMIG) do Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega (1982) e coa promulgación da Lei de normalización lingüística (1983). As consecuencias prácticas derivadas da aplicación deste conxunto de normas legais, que atinxen tanto ao corpus coma ao status do galego, determinarán unha brusca viraxe na orientación que ata ese momento viña seguindo a lexicografía galega.

En todo caso, a magnitude da transformación operada nas dúas últimas décadas só se pode apreciar cabalmente se situamos en perspectiva histórica a produción lexicográfica deste período e a confrontamos coa do período clásico. Imponse, pois, que nos deteñamos, sequera sexa brevemente, sobre o estado da lexicografía galega por volta dos primeiros anos da década dos 80.

*As referencias bibliográficas dos textos lexicográficos mencionados neste capítulo encóntranse no apéndice bibliográfico final 3 Bibliografía: dicionarios.

1 O HERDO LEXICOGRÁFICO GALEGO NOS PRIMEIROS ANOS 80[1]

Como é sabido, o nacemento da lexicografía galega, entendida no sentido máis recto de produción de dicionarios destinados ao uso xeral, está intimamente vinculado ao despegue do rexurdimento do galego como lingua literaria. Non é casual que así sexa se temos en conta que as reflexións sobre a necesidade de contar cunha gramática e cun dicionario constitúen un lugar común nos textos dos promotores do Rexurdimento; e non só por razóns de carácter utilitario, senón tamén, e mesmo sobre todo, pola relevancia simbólica que se lle atribúe a este tipo de obras nos procesos de emerxencia de linguas minorizadas.

A obra que se vén considerando como fundadora da tradición é o *Diccionario gallego-castellano* de F. J. Rodríguez, un texto bastante modesto (inclúe menos de 4.000 lemas) que o seu autor non puido rematar e que foi editado postumamente en 1863, con moitas alteracións, por Antonio de la Iglesia. Entre esta data e a fin do século ven a luz outras dúas obras, o *Diccionario gallego* de Juan Cuveiro (1876) e o *Diccionario gallego-castellano* de Marcial Valladares (1884). Cada unha delas representa unha mellora con respecto ás anteriores, tanto desde un punto de vista cuantitativo (o volume de voces rexistradas vai sendo progresivamente maior: arredor de 11.000 en Cuveiro, máis de 16.000 en Valladares), como nos aspectos cualitativos (selección dos lemas, disposición da información, definicións, etc.).

Tras a publicación do dicionario de Valladares "hai unha seca total de trinta anos" (Santamarina 2000:41) que se estende ata o inicio da publicación, en 1913, do ambicioso proxecto lexicográfico que a Real Academia Galega confiou a César Vaamonde Lores. Aínda que a obra, de gran formato e presentación esmerada, que-

1. Para unha análise de conxunto da historia da lexicografía galega véxase Santamarina (2000:31-62). Esta obra ofrece ademais unha versión electrónica dunha boa parte dos dicionarios do período clásico.

dou inconclusa quince anos despois do seu inicio, o fragmento publicado (*a-cativo*) contén máis de 12.000 entradas, moitas delas autorizadas con exemplos tirados de textos antigos e modernos. Paralelamente á publicación do *Diccionario gallego-castellano* da Academia (DRAG), na década dos 20 estanse a desenvolver en Galicia outros dous proxectos lexicográficos de certa altura e algún que outro de pretensións máis modestas. Os primeiros son o *Diccionario galego-castelán* de Leandro Carré Alvarellos, publicado orixinalmente en dous volumes (1928, 1931) que conteñen máis de 23.000 voces (esta cifra iríase incrementando nas sucesivas edicións que coñeceu), e a que sen dúbida debe considerarse a obra cimeira da lexicografía clásica, o *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* (DEGC), un proxecto no que Eladio Rodríguez comezou a traballar contra finais dos anos 10 ata rematalo, aínda que nunha versión diferente á que hoxe coñecemos, no ano 1933 (Álvarez de la Granja e González Seoane 2001:49-63). A versión publicada postumamente por Galaxia entre 1958 e 1961 inclúe máis de 45.000 entradas, se ben a obra orixinal era considerablemente máis ampla (Álvarez de la Granja e González Seoane 2001:63-73). Canto ás obras menores, tamén na década dos 20 ve a luz o *Vocabulario popular galego-castelán* (VPGC) (1926), unha obra de urxencia dun grupo de catro mozos vinculados ao Seminario de Estudos Galegos (Filgueira, Magariños, Tobío e Cordal). Trátase dun traballo de menor alento, de concepción moi sinxela e de extensión máis reducida ca os anteriores (arredor de 16.000 entradas das que na maior parte dos casos só se ofrece unha equivalencia).

Tras a publicación do DEGC a lexicografía galega entra novamente nun período de certo estancamento. A única obra significativa aparecida despois do dicionario de don Eladio é o *Diccionario galego-castelán* de Franco Grande, que chega ás librarías por primeira vez en 1968. A obra de Franco pretendía atender as demandas dun número crecente de lectores que carecían dun dicionario manual que puidese resolver as súas dúbidas. Naquela altura o mercado editorial unicamente ofrecía o dicionario de don Eladio, un produto caro e pouco manexable, e o de

Carré, que non se reeditaba desde 1951; as restantes obras convertéranse xa en obxecto de bibliófilo. O dicionario de Franco estaba, pois, chamado a ser unha alternativa ao DEGC destinada a un consumo masivo. Esta circunstancia explica en boa medida a súa singular composición: trátase, por unha banda, dunha versión abreviada do DEGC, do que se eliminan os lemas e as acepcións coincidentes co español, se abrevian algunhas definicións e se suprime a información enciclopédica e paremiolóxica; por outra, incorpóranse importantes achegas de elaboración propia encamiñadas sobre todo a incrementar o número de lemas. Deste xeito, aínda que ao final o número de entradas vén a ser similar ao de don Eladio (as adicións compensan as supresións), o resultado é unha obra cun forte desequilibrio no tocante á selección dos lemas e que, en última instancia, nos retrotrae a unha concepción do dicionario que parecía felizmente superada mercé ao DRAG e ao DEGC. En calquera caso, malia estas e outras deficiencias, a obra de Franco coñeceu un éxito editorial sen precedentes na historia do libro galego. No espazo de quince anos publicáronse oito edicións (en realidade, a partir da segunda son simples reimpresións) e vendéronse arredor de 100.000 exemplares (en 1978, cando vén a lume a 4ª edición, ían vendidos xa 50.000; en 1981, na nota editorial á 6ª edición infórmase de que as vendas atinxiran os 60.000 volumes; cando en 1983 se publica a última, as vendas chegaban xa aos 90.000). Estas cifras poderíanse incrementar aínda máis se contámos os exemplares que se tiraron do *Vocabulario galego-castelán*, unha versión reducida do *Diccionario* que coñeceu cinco edicións entre 1972 e 1984. As cifras de venda indican ben ás claras que o dicionario de Franco foi durante preto de dúas décadas o texto de referencia para a maioría dos lectores galegos, e aínda hoxe mantén a súa utilidade para achegar o lector actual ao léxico literario, bastante desatendido polo xeral nos dicionarios modernos. O de Franco non era, pois, un “bo” dicionario, pero si un dicionario útil.

A orientación español-galego apareceu serodiamente e mereceu moita menos atención por parte dos lexicógrafos. De

feito, as poucas obras publicadas son vocabularios breves e bastante elementais, algunhas veces incluídos a xeito de apéndice nos dicionarios galego-castelán[2]. A primeira obra destas características[3] publicada como volume independente é o breve *Vocabulario castellano-gallego* das Irmandades da Fala, que aparece en 1933, é dicir, 70 anos despois da aparición do dicionario de F. J. Rodríguez, e que contén algo máis de 10.000 voces (as 15.000 que anuncian os autores parecen unha cifra un pouco esaxerada). Trinta anos despois aparece a primeira edición da *Contribución a un vocabulario castellano-gallego* de Crespo Pozo, cunha segunda edición moi aumentada en catro volumes aparecidos entre 1972 e 1985. Malia o volume de información que contén, a obra de Crespo, concibida máis ben para un público erudito, distaba moito de satisfacer as demandas do usuario común. A cubrir esta lagoa van dirixidos precisamente dous textos que aparecen nos anos da transición ao período moderno: o *Vocabulario castellano-gallego* de Fernández del Riego, que chega ás librarías en 1979, e o *Diccionario castelán-galego* de Fernández Armesto, que ve a luz só dous anos máis tarde, xa morto o autor. Trátase de dúas obras de desigual extensión (arredor de 13.000 voces a de Fernández del Riego; 30.000 a de Fernández Armesto) e orientación (marcadamente enxebrista no caso de Fernández Armesto, máis moderna a de Fernández del Riego) que ofrecen simplemente unha lista dos equivalentes galegos dos lemas e ocasionalmente dalgunhas locucións. Aínda que non comparables coa de Franco, as dúas obras tiveron unha certa fortuna editorial, algo maior a do primeiro a xulgar polo número de edicións (coñeceu cinco, a última en 1984, por dúas do de Fernández Armesto, a segunda en 1982).

2. Tal é o caso do dicionario de Carré, que a partir da segunda edición incorpora un vocabulario castelán-galego que vai ampliando nas edicións posteriores, ou do de Franco.

3. Prescindimos dalgunhas obras sen practicamente ningunha proxección, como o *Vocabulario castellano-gallego* de Jacinto del Prado (Lalín, 1907), ou de tentativas frustradas como o "Vocabulario castelán-galego" que Leandro Carré comezou a publicar en *A Nosa Terra* a partir de 1921 e do que non se chegou a rematar a letra A.

Por riba das profundas diferenzas que separan todos estes dicionarios, existen unha serie de trazos comúns que nos permiten caracterizar en conxunto a produción lexicográfica do período clásico e, deste xeito, definir as condicións en que se encontra a lexicografía galega no abrente da década dos 80.

- O produto "típico" do período clásico é o dicionario bilingüe monodireccional e, máis precisamente, o dicionario galego-castelán. Este tipo de dicionarios adoita cumprir dúas funcións básicas: como instrumento auxiliar da lectura de textos escritos na lingua fonte (neste caso o galego) dirixido a falantes da lingua meta (neste caso o castelán), ou ben como axuda para a redacción de textos na lingua meta dirixida a falantes da lingua fonte. Os dicionarios galegos, cando menos boa parte deles, desenténdense xeralmente desta segunda función (é significativa neste sentido a omisión de lemas e acepcións comúns ou a supresión da equivalencia léxica en castelán cando esta coincide formalmente co lema galego). Pola contra, o seu obxectivo parece ser máis ben o de aclarar o sentido das voces galegas mediante equivalencias ou paráfrases en castelán a lectores formados nesta lingua. Polo demais, o cativo desenvolvemento da orientación castelán-galego explícase, por unha banda, porque a función pasiva deste tipo de obras (é dicir, a de axudarlles aos lectores galegos a descodificar textos en español) estaba xa cuberta polos dicionarios españois, que calquera lector galego ten competencia para manexar, e por outra porque a función activa (como auxiliar na composición de textos en galego) constituía unha práctica infrecuente naquela altura.
- Por razóns obvias o español é a única lingua de contraste. A única excepción constitúea o *Dicionario galego-português* de Agel de Melo, publicado no Brasil en

1979, unha obra máis curiosa ca útil que, polo demais, apenas tivo difusión.

- A maior parte das obras están realizadas desde presupostos diferencialistas, o que conduce a unha marxinación do léxico coincidente co español. Esta característica, que se explica doadamente á luz da función para a que estes dicionarios foron concibidos (non é esperable que un lector tipo precise aclaracións sobre o significado de voces comúns coincidentes co castelán), sitúa o dicionario galego nunha posición de subsidiariedade con respecto ao dicionario español e provoca importantes desequilibrios tanto no nivel macroestrutural (nos dicionarios están recollidos sobre todo, ademais do léxico básico diferencial[4], vocábulos pertencentes á esfera da cultura popular, dos oficios tradicionais e do mundo da natureza) como na propia microestrutura (as únicas acepcións que se desenvolven son as diferenciais, mentres que as coincidentes se omiten ou, en todo caso, se agrupan implicitamente baixo a indicación da equivalencia[5]). As únicas excepcións dignas de mención son o DRAG e o DEGC, que responden a unha concepción ben diferente e que aspiran a rexistrar de modo completo o patrimonio lexical do galego. No caso do DEGC, esta pretensión, que é manifesta á vista do manuscrito, quedou non obstante un tanto desvirtuada pola intervención dos editores.
- Tocante á incorporación de léxico culto, presente só de xeito significativo nestes dous dicionarios, advírtese unha forte dependencia da lexicografía española.

4. Por citar só un exemplo, *cabeza*, *boca*, *dedo* ou *brazo* non figuran como entradas no dicionario de Franco, pero si *ollo*, *dente*, *man* ou *perna*.

5. No dicionario de Franco, por exemplo, *mesa* defínese unicamente como "Pieza del *escano*. / Las dos maderas transversales que limitan el *estrado* del carro. / Madero largo, horizontal, que forma parte del parral".

Soamente Carré mostra unha actitude máis aberta cara ao portugués.

- En xeral, nos dicionarios clásicos a orientación descritiva domina claramente sobre a prescritiva: a nomenclatura do dicionario non aspira a establecer un corpus de galego "correcto" ou "recomendado", senón máis ben a rexistrar o uso real, oral ou escrito. Neste sentido, cada un dos dicionarios que vai vendo a luz incorpora (papeletiza) os dicionarios anteriores, moitas veces sen filtralos, e compleméntaos con achegas de colleita propia, tiradas tanto do propio acervo léxico do lexicógrafo como do expurgo de fontes orais e escritas[6]. Esta preocupación por ampliar o número de rexistros, que habitualmente leva aparellada unha certa desatención polo desenvolvemento e a coherencia interna do artigo lexicográfico, tradúcese a miúdo nunha proliferación desmedida de variantes de todo tipo (gráficas, fonéticas ou morfolóxicas).
- Os textos literarios son obxecto de atención preferente xa desde as primeiras obras. Deste xeito, aínda que non de modo sistemático, algúns dicionarios como o de Valladares, o DRAG ou o DEGC acoden a este tipo de fontes para documentar algúns lemas ou acepcións e tamén para aboalos con citas de autoridade[7].
- En maior ou en menor medida, os dicionarios clásicos son de carácter pancrónico. Esta circunstancia advírtese expresamente só nalgunhas obras, como o DRAG ou o dicionario de Carré, que sinalan cun signo convencional as voces recollidas de textos antigos. Noutras, con todo, palabras e acepcións antigas figuran no corpo

6. Sobre a transmisión da información na lexicografía galega véxase J. L. Pensado (1976), Fernández Salgado (2001:235-283) e González Seoane (2002).

7. Sobre a utilización de fontes escritas, particularmente literarias, no DEGC pode verse X. González Millán (2001).

do dicionario ao lado das modernas sen ningún tipo de indicación que permita discriminalas.

- As obras do período clásico son, coa única excepción do VPGC, creacións individuais e, na maior parte dos casos, debidas á iniciativa particular do seu autor. Mesmo os dicionarios que carecen de mención de autor, como o DRAG ou o vocabulario das Irmandades son en realidade (cando menos a súa redacción) obra dunha soa persoa (César Vaamonde Lores e Salvador Mosteiro Pena respectivamente) (Santamarina 2001:11-13). Finalmente, os dicionarios de Franco e de Fernández del Riego, e talvez tamén o VPGC, parecen obras de encarga (de Galaxia as dúas primeiras, do Seminario de Estudos Galegos a última).
- Por último, todos os textos deste período son obra de lexicógrafos non profesionais ou, cando menos, de persoas sen formación filolóxica formal. Pola contra, inscríbense no que Monteagudo ten denominado a "tradición dos amadores". En calquera caso, esta circunstancia, que non é un trazo exclusivo da lexicografía galega (cfr. Santamarina 2001), tampouco debe entenderse como un demérito, senón máis ben como un trazo que nos permitirá caracterizar contrastivamente a produción moderna.

Estas son, expostas sinteticamente, as características que definen a tradición lexicográfica galega por volta de 1980. A xeito de balance podemos dicir que nesta altura a lexicografía galega presenta un estado de desenvolvemento que non é homologable cos estándares de calidade das linguas veciñas, das grandes e mesmo dalgunhas pequenas como o catalán. As obras dispoñibles son realmente poucas: o DEGC, caro e non moi manexable; o Carré, dun enxebrismo xa un tanto anticuado; o Franco, con notables deficiencias técnicas e estruturais, e, para a orientación castelán-galego, os vocabularios de Fernández del Riego e de Fernández

Armesto, moi elementais e de recente aparición. Por outra parte, cobren un abano tipolóxico moi reducido (son todos eles dicionarios bilingües monodireccionais). Ademais, trátase de obras concibidas para un tipo de usuario e para unhas funcións que xa naquela altura comezaban a mudar e que de alí a pouco experimentarían unha auténtica revolución. Entre os aspectos máis positivos cumpriría salientar que, mercé ao labor de todos estes autores, o carrexo de materiais, imprescindible para abordar iniciativas máis ambiciosas, estaba xa aceptablemente adiantado.

2 A LEXICOGRAFÍA "MODERNA"

Como diciamos ao comezo, entre os anos 1978 e 1983 prodúcense unha serie de actuacións lexislativas que transforman substancialmente o marco legal vixente. A mudanza consiste esencialmente en: (a) o recoñecemento legal do galego baixo unha fórmula de cooficialidade formal que, con todo e con iso, mantén de feito a primacía do español (Constitución e Estatuto); (b) o asentamento das bases legais para o desenvolvemento dunha política de normalización lingüística (LNL) e (c) o respaldo oficial das normas ortográficas e morfolóxicas do ILG/ RAG de 1982.

Este conxunto de normas legais debuxa un novo panorama e abre para o galego unhas perspectivas impensables só uns poucos anos atrás e que, polo que a nós agora nos interesa, obrigan a reconsiderar a concepción e a orientación dos produtos lexicográficos.

Un dos efectos máis inmediatos desta transformación consiste no desencadeadamento dunha febril actividade codificadora. De entrada, aínda que teoricamente as NOMIG só consideran, consonte o seu título, aspectos gráficos e morfolóxicos, na práctica tanto os seus principios inspiradores como algúns dos seus epígrafes atinxen de cheo ao léxico (tratamento dos cultismos, dos sufixos e terminacións, dos popularismos fonéticos, etc.). Pero ademais, a aparición das NOMIG arrastrou, para ben e para mal, a cuestión da codificación ao centro da escena. Se ata pouco tempo antes o obxectivo fundamental do traballo lexicográfico (e da inves-

tigación lingüística en xeral) era o rexistro do patrimonio lexical (unha mostra elocuente é o monumental tesouro lexicográfico que nuns poucos anos logrou reunir o ILG), a partir da oficialización das NOMIG o acento recae máis ben na necesidade de seleccionar, depurar e actualizar eses materiais para fixar o repertorio léxico da variedade estándar. Esta é a orientación que presidiu a elaboración do *Vocabulario ortográfico da lingua galega (*VOLGa*)*, un proxecto do ILG desenvolvido por Antón Santamarina e Manuel González. A pesar do seu carácter provisional e da súa distribución restrinxida, o VOLGa axiña se converteu, mesmo antes da súa publicación en 1989, no corpus de referencia, declarado ou non, de todos os dicionarios aparecidos desde mediados dos anos 80.

Polo demais, esta preocupación pola codificación non debe entenderse como unha obsesión dos lingüistas, senón máis ben como a resposta a unha demanda social derivada das novas funcións que ía asumindo o galego e que impoñía, ademais, un cambio na función da obra lexicográfica: a partir de agora a súa utilidade non será só a de aclarar o significado dunha palabra lida ou oída, senón tamén, e mesmo sobre todo, a de dilucidar se tal ou cal vocábulo é ou non correcto desde un punto de vista normativo. Evidentemente, os dicionarios dispoñibles no mercado a comezos dos 80 (fundamentalmente os de Carré e Franco) eran produtos desfasados que malamente podían satisfacer esas necesidades, pois nin respondían ao modelo de dicionario selectivo (prescritivo) que esixían os usuarios nin obedecían, obviamente, aos criterios de corrección que consagraban as NOMIG. Unha proba destas novas esixencias dos usuarios é o interese de autores e editoriais por deixarlle ben claro ao lector/consumidor, sexa nos títulos e lapelas, sexa nos prólogos, que o produto que se dispoñía a adquirir respondía ao modelo de dicionario prescritivo elaborado de acordo coas NOMIG:

> Necesitabamos un Diccionario Galego que nos permita saber se esta ou aquela palabra que se empregan habitualmente na linguaxe é realmente unha palabra propia da lingua [...]. Unha obra deste tipo hai que facela partindo da realidade viva e histórica do noso idioma,

> expurgando dela todo o que sexa vulgarismo ou barbarismo, no que se refire ó tesouro das voces patrimoniais, e partindo das fontes comúns a tódalas linguas románicas no referente ó léxico culto (*Diccionario Xerais da lingua* 1986: xi).

O abandono do modelo acumulativo e a aposta por unha liña selectiva e tácita ou explicitamente prescritiva redundará nunha máis ampla difusión do estándar léxico. Con todo, cómpre recoñecer que esta nova orientación tivo algúns efectos negativos. Así, a función do dicionario como axuda para a lectura quedou un tanto desatendida ao desaparecer del un importante volume de léxico dialectal e literario. De por parte, deu lugar, seguramente de maneira indeliberada, a algunhas interpretacións fundamentalistas do texto lexicográfico, sobre todo de determinados textos, consistentes en considerar que todo aquilo (palabras e acepcións) que non figuraba neles non era galego 'correcto'.

Por outra banda, a nova lexicografía asume como tarefa urxente a actualización e modernización do léxico. Deste xeito, fronte aos dicionarios clásicos, que centraban o seu interese no léxico patrimonial diferencial, as obras producidas nas dúas últimas décadas ábrense á incorporación de cultismos, neoloxismos e tecnicismos. Este abandono da orientación diferencialista característica da produción anterior débese a unha serie de razóns, algunhas de 'necesidade' e outras de 'principio'. Canto ás primeiras, cabería indicar que a progresiva ampliación do espazo funcional que ocupa o galego esixe dotalo dos recursos léxicos necesarios (léxico culto e terminolóxico) que lle permitan desempeñar axeitadamente as novas funcións. Polo demais, a introdución do galego na escola e a posta en marcha de cursos para a difusión social do estándar provocan un cambio na función tradicional do dicionario, que a partir de agora debe servir de axuda para a codificación de textos e non só para a súa descodificación. Ademais destas razóns de tipo práctico existen outras que teñen que ver cun cambio na concepción do dicionario, que se entende xa como unha obra autónoma e non como unha especie de suplemento do dicionario español, e

co peso que nas novas obras adquire o compoñente prescritivo (un dicionario que se pretenda normativo debe ofrecer unha colección de lemas que poderá ser máis ou menos ampla, pero que debe ser internamente coherente). Naturalmente, esta concepción do dicionario como contribución á codificación e á difusión do estándar resulta contraditoria coa perspectiva pancrónica, e en certo modo anticuaria, que adoptaban as obras do período clásico.

Polo que se refire á tipoloxía dos dicionarios, a lexicografía moderna caracterízase (a) pola diversificación (o abano tipolóxico que cobre é, como veremos, sensiblemente máis amplo ca o do período clásico), (b) polo predominio do dicionario monolingüe, que se vai converter no elemento central das coleccións de dicionarios das diversas editoriais e (c) pola atención especial prestada aos dicionarios escolares.

A diversificación deriva da necesidade de dotar o galego dunha serie de ferramentas que, por razóns prácticas e tamén simbólicas, se consideran básicas en toda lingua que aspire a ser o vehículo normal dunha comunidade moderna. Neste sentido, o predominio do dicionario monolingüe, o dicionario por antonomasia, non é máis ca unha manifestación de normalidade que vén corrixir a anomalía que representa o monocultivo do dicionario galego-castelán durante máis de cen anos. Téñase en conta, ademais, que o dicionario galego-castelán do período clásico (e tamén algúns do período moderno) non se axeita ao modelo habitual nos dicionarios bilingües, en que se ofrece unha listaxe de lemas na lingua fonte coas súas equivalencias na lingua meta, senón que é máis ben o resultado da hibridación dos modelos bilingüe e monolingüe: en realidade, a estrutura do artigo é a propia dun dicionario monolingüe (lema e definicións), só que a metalingua empregada é o castelán.

A atención prestada ao dicionario escolar é a resposta de autores e editoriais ao desafío que supuxo a incorporación da lingua e da literatura galegas aos programas de ensino primario e secundario. Esta circunstancia abriulles aos dicionarios un mercado novo, polo que as editoriais se dispuxeron inmediatamente a

competir, e influíu sobre a propia concepción das obras ao modificar de xeito radical o seu destinatario tipo. Así, se ata o momento estas estaban dirixidas fundamentalmente a un lector adulto culto, a partir de agora serán concibidas para o uso de nenos e mozos. Este cambio de destinatario advírtese doadamente á luz da proliferación, a partir de mediados dos 80, de dicionarios de pequeno tamaño (entre 10.000 e 25.000 entradas) e formato reducido, pensados especificamente para o uso na escola. Pero ademais repercute sobre as obras de maior alcance, que teñen en xeral certo 'aire' escolar, tanto por algunhas das súas características formais (marxes máis amplas e tipoloxía máis grande do habitual nesta clase de textos) como polo desenvolvemento un tanto exiguo dos artigos.

Outras características dos novos dicionarios tamén se explican polos avances no proceso de institucionalización do galego. Así, a súa incorporación ao ensino e aos programas de investigación universitarios, principiada xa algúns anos antes da data inicial do período estudado, propiciou a formación de sucesivas xeracións de lingüistas profesionais. Deste xeito, fronte aos dicionarios anteriores, que eran obra de lexicógrafos afeccionados, os novos están realizados, se non por lexicógrafos profesionais (onde se adquire esa cualificación?), si por lingüistas cunha preparación filolóxica formal. Este cambio tradúcese, obviamente, nunha sensible mellora cualitativa das obras producidas, que se manifesta sobre todo na adopción de criterios lexicográficos máis esixentes e rigorosos.

A carón da profesionalización, cabe destacar ademais que os novos dicionarios son, con contadas excepcións, labor de equipo e, nalgúns casos, de equipos máis ou menos estables xurdidos ao redor de proxectos editoriais privados (caso dos autores do *Diccionario Xerais da lingua* de 1986 que, con algunha incorporación, son os responsables do *Gran diccionario Xerais da lingua* publicado en 2000) ou institucionais (caso do grupo formado no Seminario de Lexicografía da Academia, responsable da redacción de todas as obras publicadas por esta institución). Dado que a condición de lexicógrafo se adquire máis coa práctica que cunha educación formal

previa, a estabilidade dos equipos contribúe sen dúbida a mellorar a calidade da obra final. Con todo, é de lamentar que estes equipos non sexan multidisciplinares ou que, cando menos, non conten con asesoramento de especialistas dos diversos campos do saber con que necesariamente ten que topar o lexicógrafo[8].

2.1 *Os dicionarios monolingües*

O dicionario monolingüe aparece en Galicia precisamente nos anos de transición á época moderna. A primeira obra destas características é o *Diccionario básico da lingua galega* do Instituto da Lingua Galega (1980), un breve vocabulario dunhas 2.000 voces, ilustradas con debuxos e exemplos, destinado a un público infantil. Tres anos máis tarde aparecería *O meu primeiro dicionário galego*, unha obra para nenos dunhas 1.200 entradas, traducida (máis ca adaptada) ao galego a partir do orixinal castelán. Así e todo, haberá que agardar ata pasado o ecuador da década dos 80 para contarmos con traballos máis extensos: en efecto, ao longo de 1986 veñen a lume o *Diccionario Xerais da lingua*, un dicionario en tres volumes dirixido por Alonso Estravís (1986) e editado por Alhena[9] e outro, tamén en tres volumes, coordinado por Feixó Cid (1986) e publicado pola editorial Ir Indo. Desta última obra publicáronse, neste mesmo ano, dúas versións máis reducidas: un dicionario "práctico" e outro "escolar". A partir desta data, o dicionario monolingüe experimenta un desenvolvemento espectacular: entre 1986 e 2000 os dicionarios monolingües (incluíndo as versións reducidas dos xa publicados) representan pouco menos da metade do total de dicionarios publicados. Así, en 1989 aparecen dous dicionarios escolares, o *Diccionario escolar galego* de Galaxia,

8. Sobre as carencias dos dicionarios no relativo ao tratamento do léxico científico véxanse, por exemplo, Benavente Jareño (1988, 1991) ou Daviña Facal (1991, 1993 e 1999).

9. Tres anos antes un equipo parcialmente diferente dirixido tamén por Estravís comezara a publicar un dicionario en cinco volumes. Non obstante, desta obra só chegou a aparecer o primeiro volume.

que, sen ser unha versión reducida do *Diccionario normativo galego-castelán* (1988), toma esta obra como punto de partida, e o *Pequeno diccionario Xerais da lingua* (1989), unha versión reducida do *Diccionario Xerais da lingua* orientada especificamente á escola. En 1990 chega ás librarías un dicionario realizado por un equipo de traballo do ILG co patrocinio e co respaldo da RAG (ILG/ RAG 1990). Esta obra, malia as súas reducidas dimensións, pode considerarse o xermolo do traballo lexicográfico que nos anos sucesivos desenvolveu o Seminario de Lexicografía da RAG. Así, en 1991 aparece, en forma de fascículos que se entregaban co xornal *La Voz de Galicia*, o *Diccionario manual da lingua galega coas súas correspondencias en castelán*. A obra é unha simple reprodución do dicionario matriz, do que se suprimiu a información fonética e paradigmática (sinónimos, antónimos e palabras afíns) para engadir a correspondencia en castelán. Outro produto derivado do dicionario do ILG/ RAG (1990) é o *Pequeno diccionario da lingua galega* (1993), do que a RAG aparece como único responsable, que reduce a 8.000 o número das súas entradas. En 1995 aparecen tres dicionarios, dous deles de perfil escolar, *Vieiro. Diccionario didáctico do galego*, publicado pola editorial SM, e o *Diccionario da lingua galega* de Obradoiro-Santillana, e outro de tipo xeral, o *Dicionário da língua galega* de Alonso Estravís, que é unha versión algo reducida da obra en tres volumes que publicara en 1986. En 1997 o Seminario de Lexicografía da RAG publica un novo dicionario, que responde xa a un proxecto diferente do iniciado coa edición do ILG/ RAG 1990. Nese mesmo ano chega ao mercado o *Diccionario conceptual galego*, unha obra en oito volumes que "máis ca un diccionario é unha batería de diccionarios. Un deles é un diccionario tradicional por ABC; outro o diccionario propiamente conceptual [...]; outro é un diccionario xeográfico-cultural. Incorpora separadamente un diccionario de frases e refráns e mesmo, por insólito que pareza para o restritivo do título, un diccionario de informática" (Santamarina 2000:57). Os dous últimos anos están marcados pola publicación do *Diccionario Cumio da lingua galega* (1999) e do *Gran diccionario Xerais da lingua* (2000). Do

primeiro extraéronse numerosas versións reducidas dirixidas sobre todo ao público escolar.

Tomando como criterio o número de voces compiladas, as obras publicadas cobren un abano bastante amplo, que vai desde as pouco máis de 1.000 de *O meu primeiro dicionário* ás máis de 100.000 que declara conter o dicionario de Alonso Estravís (1986). Certamente, o volume de entradas non é de seu un indicio de calidade, por máis que as casas editoras tendan a utilizalo como reclamo comercial, nin ten tampouco por que levar consigo un desenvolvemento proporcional do corpo do artigo[10]. Ora ben, cómpre recoñecer que polo común a exhaustividade na selección dos lemas está vinculada, dunha banda, coa complexidade e profundidade con que cada un é tratado e, doutra, co segmento do mercado a que vai dirixido e, consecuentemente, coa función que aspira a desempeñar. De acordo con isto, nos dicionarios monolingües producidos nas dúas últimas décadas poden distinguirse cinco grupos:

- O dicionario 'xeral', unha categoría á que pertencen aquelas obras de gran formato que idealmente aspiran a rexistrar o léxico completo dunha lingua e que ofrecen un maior volume de información de cada unha das palabras que inclúen. No ámbito da lexicografía galega pertencerían a este grupo as obras que conteñen máis de 70.000 artigos[11].
- O dicionario 'manual', que adoita ter un formato máis reducido e ofrecer unha selección máis restrinxida, que

10. A título de exemplo, os 90.000 artigos do *Gran diccionario Xerais da lingua* caben en 2.000 páxinas escritas cunha tipografía bastante grande e cun interlineado xeneroso, mentres que as 60.000 voces glosadas no *Nouveau Petit Robert* ocupan preto de 2.500 páxinas con tipos e espazos máis reducidos, aínda que tamén cunha caixa máis pequena.

11. Aínda que na lexicografía galega as obras máis extensas andan arredor das 100.000 entradas, noutras linguas cunha tradición máis desenvolvida só se consideran exhaustivos (*unabridged*) os dicionarios que superan as 400.000 entradas (cfr. Landau 2001:30).

inclúe o vocabulario común e o léxico terminolóxico básico, pero que exclúe arcaísmos, tecnicismos hiperespecializados e algúns derivados de significado deducible. Aspira a desempeñar a función de obra de referencia básica. Incluiríanse nesta categoría os dicionarios galegos de entre 25.000 e 50.000 entradas.

- O dicionario 'escolar', que se caracteriza por ir dirixido a un sector de público moi determinado, fundamentalmente alumnado de ensino secundario. Deste xeito, cando menos idealmente, non é unha simple versión reducida do dicionario manual, senón que debe acomodar as súas definicións e a organización dos artigos ás necesidades e ás competencias dos seus destinatarios. Así, ademais de incluír un número menor de voces ca o dicionario manual (entre 10.000 e 25.000), correspondentes ao léxico común e ao vocabulario técnico empregado nos libros de texto, emprega unha metalingua máis sinxela e simplifica notablemente a estrutura do artigo. É habitual tamén que ofreza ilustracións dalgunhas entradas, láminas temáticas, cadros de paradigmas, etc.
- O dicionario 'elemental', que se caracteriza por unha selección máis restritiva (inclúe só léxico básico) e polo seu formato reducido. Non está destinado especificamente a un público non adulto, aínda que esa sexa posiblemente a súa clientela máis habitual. Está pensada como unha obra de consulta rápida, barata, manexable e transportable (de aí que habitualmente adopte o formato de libro de peto).
- O dicionario 'infantil' ou 'inicial', que se define, coma o escolar, por ir dirixido a un público moi ben delimitado, os estudantes dos primeiros niveis do ensino. Normalmente ofrece en formato grande un número moi reducido de entradas (léxico moi básico) con definicións moi sinxelas, ilustracións a cores e exemplos de uso.

Cómpre advertir, con todo, que a extensión é un criterio máis ben orientativo. En realidade, a transición entre as distintas categorías non se produce de maneira brusca. Dito doutro xeito, nas bandas extremas de cada un dos grupos intermedios existen obras que participan das características atribuídas á categoría inmediatamente superior ou inferior. Por outra banda, debe terse en conta que en ocasións a función desempeñada realmente por unha obra é diferente daquela para a que foi especificamente concibida. Así, por exemplo, o Xerais (1986) é un dicionario que transcendeu con moito a súa declarada vocación escolar. Para comprobalo abondará con dar unha volta por calquera dependencia administrativa.

2.1.1 Os dicionarios xerais

Prescindindo do frustrado proxecto dirixido por Alonso Estravís (1983), son cinco as obras que poderían inscribirse neste grupo: o dicionario en tres volumes de Ir Indo (1986), os dous dicionarios dirixidos por Alonso Estravís (1986, 1995), os catro volumes de dicionario alfabético incluídos no *Diccionario conceptual galego* dirixido por Quintáns (1997) e o *Gran diccionario Xerais da lingua* (2000). En realidade, a cifra podería reducirse a catro, dado que o dicionario de Alonso Estravís de 1995 é esencialmente idéntico ao publicado algúns anos atrás.

Polo que se refire á tendencia normativa en que se inscriben, todos eles, agás os dicionarios de Alonso Estravís, se inspiran nos criterios que emanan das NOMIG e que logo se manexaron na elaboración do VOLGa. Por razóns obvias, Feixó e os seus colaboradores, a diferenza de Quintáns e dos autores do *Gran diccionario Xerais da lingua*, non puideron partir desta obra, que á altura de 1986 estaba aínda en fase de elaboración. Con todo, Alonso Montero, prologuista do dicionario, non dubida en inscribilo “na atmósfera filolóxica configurada polo saber e polo intelixente facer do Instituto da Lingua Galega” (p. 11). Caso á parte é o das obras en que Alonso Estravís figura como director ou como autor único,

que, cando menos teoricamente, aspiran a transcender as desavinzas normativas. Deste xeito, as súas entradas contan cun lema principal, conforme os criterios dunha das chamadas normas reintegracionistas 'de mínimos', acompañado doutro entre parénteses que representa unha variante máis radical (*abandallar*/*abandalhar*, *–bel*/*–vel*, *abaladizo*/*abaladiço*, *anxevino*/*angevino*, *anunciación*/*anunciazón*/*anunciaçom*). O tratamento do sufixo *–ción* resulta especialmente confuso: segundo o propio autor, nas voces "de uso común e ordinario" consígnanse como lema as variantes con *–ción* e con *–zón*; pola contra, e paradoxalmente, "nas cultas, ou menos comúns, só a forma *–zón*" (1986:8). Logo, na parte definitoria a vacilación é a norma. Na versión nun tomo publicada en 1995 por Sotelo mantéñense os lemas dobres, se ben se advirte nas definicións unha maior regularidade das formas con *–zón*. En calquera caso, a pesar destas solucións de compromiso, as obras de Estravís inscríbense claramente nunha orientación reintegracionista que se manifesta non só na metalingua empregada nas definicións, senón sobre todo nas fontes lexicográficas manexadas.

Con respecto á procedencia do léxico compilado, e por máis que algúns non o declaren, os dicionarios mencionados, como en xeral todos os dicionarios modernos, son dicionarios construídos a partir doutros dicionarios. Dito doutro xeito, non existe no mercado ningunha obra de nova planta, elaborada a partir dun corpus de textos orais ou escritos, ao xeito do *Diccionario del español actual* dirixido por Seco ou do *Collins-COBUILD English Language Dictionary*. Pola contra, as obras que se ofrecen no mercado parten dos materiais fornecidos polos dicionarios anteriores, arrequentados con materiais propios (en moitos casos procedentes do coñecemento e da observación dos mesmos autores) ou tirados de vocabularios e glosarios parciais (dialectais[12], terminolóxicos, literarios, etc.) e de dicionarios de referencia doutras lin-

12. Entre os vocabularios dialectais cómpre sinalar, pola profusa utilización que deles fixeron os dicionarios modernos, os de Aníbal Otero (1967, 1977), Elixio Rivas (1978, 1988) e Constantino García (1985).

guas, sinaladamente do español e do portugués (sobre todo para o tratamento do léxico científico-técnico), para finalmente filtralos en maior ou en menor medida segundo os casos, e case sempre coa guía do VOLGa. Deste xeito, neste aspecto en concreto, os novos dicionarios non difiren moito dos dicionarios clásicos, dos que os separa, porén, a súa vocación normativa e a desatención doutro tipo de fontes, especialmente dos textos literarios. Este método de traballo explícase en boa medida pola urxencia por dispoñer de obras que satisfixesen unha demanda social que non podía agardar indefinidamente, e tamén polos intereses económicos das editoriais. Por outra parte, cómpre ter en conta que un dicionario de nova planta é unha empresa a longo prazo que precisa dunha cobertura e dun financiamento que só as institucións ou grandes empresas poden fornecer. Esta foi, con todo, a aposta estratéxica do ILG, onde desde hai xa bastantes anos Antón Santamarina está a dirixir e desenvolver un proxecto destas características. Outra era a opinión de, por exemplo, Alonso Montero que, no seu prólogo ao dicionario de Ir Indo, poñía a énfase na necesidade de traballos de tamaño medio dirixidos a un público masivo e consideraba equivocada a estratexia do ILG. En calquera caso, o certo é que o emprego exclusivo de fontes lexicográficas entraña serios riscos. O máis importante é sen dúbida o derivado de fiabilidade das fontes. O lexicógrafo ten que calibrar, a miúdo sen máis axuda ca a da intuición, se a palabra ou a definición que rexistra o seu predecesor merece ou non creto. Do seu acerto depende que se perpetúen voces ou acepcións fantasma ou, pola contra, que se perdan outras en uso. Así, en tanto non contemos con obras baseadas en *corpora* textuais, resulta realmente difícil dicir canta da información que fornecen os dicionarios existe ou ten pertinencia na lingua actual.

Canto aos criterios manexados para a selección do léxico, a información que ofrecen os autores non é demasiado explícita. Os autores do dicionario de Ir Indo (1986) afirman que optaron pola "non consideración das acepcións máis especializadas e/ou practicamente inusuais, e non ter en conta o léxico altamente técnico e

científico". Pola contra, si decidiron incluír "moitas expresións consideradas de ámbito local ou reducido" (p. 13). A decisión non resulta estraña, dado que é un criterio habitual mesmo en obras de regular extensión excluír o vocabulario hiperespecializado. Si sorprende, en cambio, que se invoquen razóns económicas como xustificación tendo en conta que se trata dunha obra en tres volumes, con encadernación bastante coidada, impresa en papel de boa calidade e con marxes e interlineados xenerosos. Polo demais, a extensión da obra débese en boa medida á primacía do criterio acumulativo sobre o selectivo, que propicia a incorporación de variantes de todo tipo. Algo semellante acontece cos dicionarios de Estravís, que tampouco aparecen guiados por un criterio selectivo claro. O trazo que caracteriza as súas obras é que, ademais de numerosas variantes fonéticas e mesmo gráficas ou de castelanismos vulgarizados (*abuxeiro*, *abuxeirar*...), etc., incorpora de xeito indiscriminado un amplo número de lusismos (mesmo rexionalismos e brasileirismos) procedentes do baleirado de dicionarios portugueses. O dicionario de Quintáns e o *Gran diccionario Xerais da lingua*, en cambio, toman o VOLGa como punto de partida e compleméntano con materiais de diverso tipo. No caso do *Gran diccionario Xerais da lingua* establécese mesmo unha xerarquización en función de que o lema teña "consideración estándar-normativa" (lemas en versal negra), sexa unha variante dialectal, popular ou literaria non estándar (enténdase non recomendada no VOLGa) (lemas en minúscula negra), ou ben unha palabra non galega (lema asteriscado en negra e artigo completo en corpo menor). Este dicionario introduce ademais como novidade un volume non precisado de léxico procedente do expurgo de obras literarias, co que pretende compensar unha deficiencia evidente dos dicionarios modernos denunciada xa en moitas ocasións:

> Ó ofreceren soamente solucións normativas, esas obras non lles proporcionan respostas a aquelas persoas que queiran saber, por exemplo, o significado de *amoxetar*, *cabozo*, *gaiolar*, *galistrar*, *gallear*, *biouteiro*, etc., formas de uso común na fala e na literatura. Que ter-

> mos usuais da fala e da escrita non aparezan recollidos nestas obras lexicográficas [...] crea desamparo e inseguridade no usuario que, non entendendo as razóns, acaba descualificando o diccionario que ten nas mans e, por extensión, a lingua (pp. vii-viii).

Para suplir esta carencia, os autores sinalan que o diccionario inclúe "léxico de máis de noventa obras literarias de vintedous autores" (p. viii). Lamentablemente, non se aclara de que obras e autores se trata, nin se di nada da exhaustividade con que esas obras foron aproveitadas. Tampouco se emprega ningunha etiqueta no corpo do dicionario para advertirlle ao lector que unha determinada voz ou acepción está tirada do uso literario nin, por suposto, se ofrecen exemplos literarios a xeito de citas de autoridade. En calquera caso, este primeiro paso dado polo *Gran diccionario Xerais da lingua*, que en certo modo vén a recuperar o que era unha práctica habitual na lexicografía clásica xa desde Valladares, (re)abre un camiño polo que sen dúbida terán que transitar os nosos lexicógrafos nun futuro inmediato.

Polo que se refire á complexidade da microestrutura das obras, existen enormes variacións de unhas a outras. De todas elas, a publicada por Ir Indo é a que presenta unha estrutura do artigo máis sinxela, excesivamente sinxela nun dicionario destas dimensións. Para cada lema apenas se ofrece máis ca a información gramatical máis elemental e inescusable (a categoría gramatical) e a seguir as acepcións separadas por dobres barras. As únicas indicacións suplementarias son algunhas etiquetas, como *fig*. ou *por ext.*, que se usan, non de modo sistemático, para indicar as transicións entre as acepcións. Polo demais, non hai exemplos, nin fraseoloxía, nin especificación de rexistro, de especialidade, etc. Segundo consta no prólogo, os autores optaron por eliminar a información etimolóxica, por ser "de escaso interés xeral e mesmo escolar", e por omitir as locucións, por teren "significados case sempre deducibles" (p. 13). Se a primeira decisión resulta comprensible, aínda que non pola razón aducida, a segunda non deixa de ser sorprendente, dado que o que define unha locución é precisamente que o

seu significado “no se justifica, sin más, como una suma del significado normal de los componentes” (Casares 1950:170).

Tamén resulta excesivamente elemental a microestrutura do dicionario alfabético incluído nos volumes IV-VII do *Diccionario conceptual galego* de Quintáns. Tras o lema e a categoría gramatical, as definicións de cada acepción, ás veces complementadas con sinónimos, sucédense sen ningunha marca formal que as separe nin exemplos que as ilustren.

> AUTORIDADE *s.f.* Dereito ou poder de se facer obedecer. Dominio. Mando. Entidade ou persoas, dentro do eido xudicial, militar, policial ou eclesiástico...

Por outra banda, é de salientar o tratamento, certamente innovador, de unidades compostas, locucións e mesmo refráns, que figuran como lemas, ás veces simplemente para remitir a un dos seus elementos compoñentes, outras encabezando un artigo definitorio:

> COS CINCO SENTIDOS *loc*. Facer algo [sic] coa máxima atención.

As entradas de Estravís son algo máis complexas. Cando menos, as acepcións van numeradas e ocasionalmente ilustradas cun exemplo de uso. Ademais, aínda que non de xeito sistemático, tamén se ofrecen algunhas indicacións sobre as transicións semánticas entre as acepcións ou sobre o rexistro e a especialidade en que se empregan. A diferenza do dicionario de Ir Indo, Estravís si inclúe algunha que outra locución. Con certa frecuencia, ao final do artigo indícase a etimoloxía do lema ou, de ser o caso, a súa base romance.

Finalmente, o *Gran diccionario Xerais da lingua* é sen dúbida o máis rico en información. Así, ofrece algunhas indicacións fonéticas (limitadas en todo caso á pronuncia dos estranxeirismos, das vogais de grao medio no caso de pares homógrafos, ou das palabras cultas en que <x> representa o grupo [ks]). Aínda que non

de modo sistemático, fornece tamén información sobre o réxime preposicional dalgúns verbos e indica o ámbito, o rexistro e a lingua de especialidade en que se usa a palabra que se está a definir. Máis regular é, en cambio, a marcación dianormativa no caso das formas excluídas do estándar e diaintegrativa no caso dos préstamos. Ademais, as acepcións van complementadas con sinónimos e ilustradas con bastante frecuencia con exemplos de uso creados polos autores. As locucións, máis abondosas ca en calquera dos outros dicionarios, colócanse ao final do artigo. Con todo, a fórmula elixida para integrar unha boa parte destas informacións no corpo do artigo non sempre é de todo feliz. Así, a incorporación directa destas indicacións na definición, sen sequera unha marca convencional que as distinga da paráfrase definitoria propiamente dita, constitúe unha práctica non homologada na lexicografía moderna e dálle á obra un certo aire anticuado. Tal acontece, por exemplo, coas indicacións de especialidade, do réxime preposicional, da procedencia dos préstamos, etc.:

> MATRIZ *s.f.* [...] 5 En álxebra, disposición de elementos...
> GUIAR *v.t.* [...] 9 Seguido da preposición *por*, confiar en alguén...
> SEXY [ˈseksi] *adx.* Palabra inglesa con que se designa a quen ten encantos físicos...

Con todo, aínda que este é o procedemento habitual para indicar o réxime preposicional dos verbos, en ocasións a advertencia figura ao final do artigo, na área de observacións (cfr. *confiar*); outras veces non hai ningunha indicación explícita e o usuario ten que recorrer ao exemplo (cfr. *crer*)[13]; finalmente, noutros casos a falta de exemplo impide mesmo esta posibilidade (cfr. *decatarse*):

13. Así e todo, este procedemento non resulta ás veces moi aconsellable porque o exemplo non corresponde á construción que pretende ilustrar (ESQUECER *v.t.* e *v. p.* [...] *Esqueceulle a recomendación que lle dei*).

> CONFIAR [...] OBS.: En tódolos usos como intransitivo constrúese coa preposición *en*.
> CRER [...] *v.i.* 4 Ter confianza en alguén ou en algo [...] (*eu non creo nos milagres*)...
> DECATARSE *v.p.* Tomar conciencia de algo, percibir polos sentidos...

Por último, tocante ás definicións, na maior parte dos dicionarios xerais analizados predomina, como cabía agardar, a de tipo parafrástico. O de Ir Indo, en cambio, singularízase polo seu recurso frecuente, excesivo sen dúbida, e máis aínda nun dicionario deste porte, á definición sinonímica, unha práctica desaconsellada en calquera manual de lexicografía:

> Strictly spreaking, the use of a synonym or of an antonym is not even a definition at all; it is used because it is economical, but it only sends the user back to another entry (Béjoint 2000:198).

Con todo, o máis grave é que con inusitada frecuencia a definición está composta por unha única palabra. Esta práctica imponlle ao usuario unha penosa peregrinaxe polas páxinas do dicionario, unha experiencia que as máis das veces resulta frustrante por mor da circularidade, da omisión dalgunhas das palabras mencionadas ou da dificultade para discernir a cal das acepcións da voz a que se envía corresponde a palabra que orixinariamente se pretendía buscar (cfr. por exemplo *abarcular*).

Nos dicionarios de Alonso Estravís, Quintáns e no *Gran diccionario Xerais da lingua* a definición parafrástica é a norma. Deixando de lado o maior ou menor acerto na redacción das definicións, é mágoa que ningunha destas obras, todas elas moi recentes, optase por distinguir o contorno da definición propiamente dita. Esta práctica, que se vai facendo habitual na lexicografía moderna, permite individualizar a paráfrase que refire o contido do *definiendum*, e que eventualmente podería substituílo, das informacións, igualmente relevantes, e sobre todo no caso de lemas verbais e adxectivos, sobre a súa combinatoria, tanto desde un punto de vista

sintáctico (estrutura argumental) como desde unha perspectiva semántica (solidariedades léxicas ou colocacións). En xeral, os dicionarios galegos que estamos a analizar adoitan introducir o contorno dentro da definición, mais sen distinguilo mediante ningún procedemento convencional (cfr. *elaborar* e *aspirar*; as parénteses cadradas son nosas); noutros casos, en cambio, omíteno (cfr. *acaroar* e *auxiliar*):

> ELABORAR *v.t.* [...] 2 Producir [un organismo] [unha determinada substancia] mediante unha transformación (*o fígado elabora a bile*)..
> ACAROAR *v.t.* [...] 2 Pasar ó carón, case rozando (*o balón pasou acaroando a portería*).
>
> *(Gran Xerais)*

> ASPIRAR *v.tr.* e *intr*. [...] Ter desexo vehemente de [algo].
> AUXILIAR *v.tr.* Prestar auxilio a. Axudar. Socorrer
>
> *(Diccionario conceptual)*

Este tratamento do contorno adoita ademais levar aparellada unha mestura pouco axeitada da metalingua de contido coa metalingua de signo. Esta práctica, que Porto Dapena (1997:215) considera propia doutras épocas, ocorre de modo regular nas definicións dos adxectivos, que aparecen habitualmente introducidas por fórmulas como "dise de" ou "aplícase a":

> INSECTÍVORO, *adx*. Di-se do animal ou planta que se alimenta de insectos... (Estravís 1995).
> CEBOLEIRO *adx*. [...] Dise dun tipo de chourizos que levan cebola.
>
> *(Diccionario conceptual)*
> DECLARATIVO –A *adx.* [...] 3 Aplícase ós verbos que expresan...
>
> *(Gran Xerais)*

Menos xustificables aínda son outras intromisións da metalingua de signo nalgunhas definicións de substantivos que aparecen introducidas por "designación", "nome", "palabra", "denomi-

nación", etc. (marcamos cunha barra o inicio da definición en sentido estrito):

> CARANGUEXO (CARANGUEJO), *s.m.* (1) Designazón común às espécies de / crustáceos...
> ASA-FÉTIDA (ASSA-FÉTIDA), *s.f.* (1) Nome vulgar dunha / planta...
> CABOCLO ou CABOCO, *s.m.* Nome que se dá no Brasil aos / indíxenas...
> KÁISER, *s.m.* Nome dado aos / imperadores da Alemaña.
> KINDERGARTEN, *s.m.* Palabra alemá que significa / xardín-de-infáncia...
> *(Estravís 1995)*

> COGOMELO *s.m.* Nome vulgar dos / fungos...
> SHOW BUSINES [sic] *loc.* Voces inglesas para facer referencia ós / negocios do espectáculo.
> *(Diccionario conceptual)*

> ARROAZ *s.m.* 1 Nome común a varias especies de / mamíferos....
> ARSINA *s.f.* Nome xenérico dos / compostos...
> JEEP *s.m.* Marca rexistrada pola que é coñecido calquera / automóbil...
> KÁISER *s.m.* Nome que se lle dá ó / emperador...
> JET [...] *s.f.* 3 Denominación aplicada á / alta sociedade...
> CABOZO[1] *s.m.* Unha das denominacións que recibe o / hórreo.
> *(Gran Xerais)*

De todos os exemplos mencionados, talvez o de *kindergarten* sexa o que máis nidiamente vulnera unha vella convención que rexe xa desde antigo na lexicografía: a do carácter elíptico do texto lexicográfico (cfr. Béjoint 2000:207). En efecto, calquera usuario dun dicionario sabe que o lema é unha "palabra que significa" aquilo que se indica na definición.

Por outra banda, a acumulación de todos estes elementos (expresións en metalingua de signo, elementos do contorno definicional, indicacións de carácter pragmático e paráfrase propiamente dita) converte a definición nunha amálgama de elementos diversos que sería aconsellable evitar:

> PUTA [...] *adx.* e *s.* 2 En sentido despectivo, termo aplicado a persoas ou cousas perigosas, astutas ou difíciles
>
> *(Gran Xerais)*
>
> SFORZANDO *adx*. [sic] En terminoloxía musical, aplícase ó aumento...
>
> *(Diccionario conceptual)*

Os trazos mencionados non son en absoluto exclusivos dos dicionarios xerais. Pola contra, pódese dicir que, fóra dalgunha excepción, todos os dicionarios monolingües e tamén algúns dos bilingües participan en maior ou en menor medida deles.

2.1.2 Os dicionarios manuais

Esta modalidade irrompe no mercado en 1986 coa publicación do *Diccionario Xerais da lingua* e do *Diccionario práctico da lingua galega* de Ir Indo. Trátase en ambos os casos de dicionarios de tamaño medio (30.000 e 40.000 entradas, respectivamente) que, tal e como se reflicte nos seus prólogos, foron concibidos para ser usados na escola. Así e todo, cando menos no caso do Xerais, o seu emprego real superou dabondo a pretensión inicial dos seus autores, de xeito que acabou converténdose nunha obra de referencia para un público indiferenciado. Do seu éxito editorial poden dar fe os máis de 150.000 exemplares que, segundo Santamarina (2000:55), se venderon en menos de quince anos. Tomando como modelo o *Diccionario Anaya de la lengua*, e aproveitando os materiais daquela aínda incompletos e inéditos do VOLGa, o Xerais ofrecíase como un dicionario de concepción moderna, tanto nos seus contidos coma na súa disposición formal, e de vocación prescritiva, dous elementos que seguramente contribuíron ao seu éxito. Entre os aspectos máis insatisfactorios cómpre citar a escaseza da información gramatical, que se limita á indicación da categoría do lema, da súa flexión xenérica no caso de lemas substantivos e adxectivos e, nalgúns casos dubidosos, da flexión de número. Esta carencia faise particularmente grave no caso dos lemas verbais,

sobre os que non se ofrece ningún tipo de indicación sobre a súa construción e réxime:

> ASPIRAR *v*. 1 Introducir aire nos pulmóns. 2 Dirixi-los desexos cara á consecución de algo...
> ESQUECER *v*. 1 Deixar saír da memoria; olvidar. 2 Non facer caso de, despreciar, omitir.

O *Diccionario práctico da lingua galega* de Ir Indo nacía como unha alternativa máis barata e manexable ao seu irmán maior mencionado no epígrafe anterior. A redución de extensión conseguiuse a base de eliminar unha boa parte do léxico científico-técnico, das variantes populares de ámbito restrinxido ou dos derivados de significado facilmente deducible. Polo demais, a estrutura dos artigos e as definicións (e, polo tanto, os seus defectos) son idénticas ás do dicionario xeral de que deriva.

Contra finais dos anos 90 aparecen outras dúas obras que poden ser encadradas nesta categoría. A primeira é o *Diccionario da Real Academia Galega*, unha obra do Seminario de Lexicografía da RAG realizada baixo a dirección de Manuel González González (1997). Elaborado con criterios lexicográficos modernos, trátase sen ningunha dúbida do dicionario mellor e máis completo, desde un punto de vista cualitativo, de cantos se levan publicados ata o de agora. Entre as súas cualidades non poden deixar de salientarse o tratamento do contorno da definición, que aparece marcado mediante signos convencionais, a indicación dos réximes preposicionais, a regularidade e o coidado posto nas definicións, en que se evita mesturar as dúas metalinguas (de signo e de significado) mencionadas no epígrafe anterior, a sistematicidade no uso de exemplos e a coherencia interna das referencias cruzadas (sinónimos e palabras relacionadas):

> ASPIRAR *v.t.* 1 Introducir [aire] nos pulmóns polo nariz ou pola boca. *Nos exercicios físicos hai que saber aspira-lo aire*. ABS. *Aspirou profunda-*

mente e entrou no cuarto. SIN. ***inspirar*** [...]. // *v.i.* 4 Querer conseguir [unha cousa] ou querer ser [algo] pondo os medios necesarios. OBS. Utilízase seguido da preposición *a*. *Aspira a un alto cargo dentro da organización*. CF. ***pretender***.

ESQUECER *v.t.* 1 Deixar de ter na memoria [algo]. *Esquecín o regalo que me deron para ti* [...] // *v.i.* 4 Non vir á memoria. *Esquecéronlle ás chaves* [...]. // *v.p.* 7 Deixar de ter na memoria [algo]. *Sempre me esquezo do paraugas* [...]. ANT. ***acordar(se)***, ***lembrar(se)***, ***recordar(se)***. OBS. Como pronominal, este verbo emprégase seguido da preposición *de*.

A súa eiva principal radica na súa extensión, moi reducida para se tratar dun dicionario académico (é de feito o que menos voces inclúe –só 25.000 entradas– de todos os considerados neste grupo), que o converte nunha obra de consulta que lle resolve poucas dúbidas a un público non escolar. Polo demais, a pesar de que polas súas calidades merecería converterse nun modelo ou nun punto de referencia para empresas futuras, desafortunadamente non tivo a repercusión que cabía esperar sobre as obras aparecidas con posterioridade a ela.

O *Diccionario Cumio da lingua galega* aparece só dous anos máis tarde, en 1999. O seu director, Xosé Feixó, fora xa o responsable da serie de dicionarios publicada en 1986 por Ir Indo. Porén, pódese dicir que esta nova obra non garda ningún parecido cos anteriores proxectos do autor. En efecto, e a diferenza deles, trátase dun dicionario de notable corrección, elaborado cunha metodoloxía moderna, aínda que non tan rigorosa coma a do DRAG de 1997. Entre as melloras que introduce con respecto ás obras de 1986 figuran unha mellor organización interna dos artigos, que desta vez si inclúen locucións e información paradigmática ben delimitada (sinónimos e palabras afíns), e unha técnica de definición máis coidada. Malia todo, a información sintagmática segue resultando insuficiente e impropia dun dicionario das súas dimensións. Téñase en conta, ademais, que a falta de exemplos non permite sequera compensar a carencia de información explícita:

ASPIRAR *v. tr.* 1 Introducir nos pulmóns aire do exterior. *Sin. inspirar. Ant. expirar* [...]. 4 Pretender, desexar.

ESQUECER *v.i.* e *pr.* 1 Non lembrar por culpa da mala memoria. 2 Face-lo posible por deixar de pensar en algo ou alguén. *Ant. acordar(se), lembrar(se), recordar(se).*

En calquera caso, a novidade fundamental que introduce o *Diccionario Cumio da lingua galega* non estriba tanto na súa composición, que resulta bastante convencional, como no feito de incluír unha versión electrónica en CD-ROM, a primeira que se publica en Galicia, que o converte nunha ferramenta moi versátil na medida en que permite diversas modalidades de busca (lema, referencias, sinónimos, antónimos, afíns, ámbitos de especialidade, buscas complexas), ademais do salto hipertextual.

En conclusión, os dicionarios manuais participan en xeral das características sinaladas para os dicionarios xerais, tanto pola súa orientación prescritiva consonte os principios consagrados nas NOMIG e logo no VOLGa, como polo tipo de fontes empregadas. Non obstante, o DRAG de 1997 distínguese claramente dos demais por canto proporciona información non só sobre o significado de cada un dos lemas que inclúe, senón tamén sobre como estes se constrúen e en que contextos se usan, e todo isto mediante os procedementos convencionais que rexen noutros dominios lingüísticos cunha tradición lexicográfica máis desenvolvida.

2.1.3 Os dicionarios escolares

Os dicionarios escolares son un produto co que as editoriais pretenden atender as necesidades dun mercado que se abre a partir da xeneralización do ensino do galego e da moderada expansión do ensino en galego. Deste xeito, o dicionario escolar defínese non só pola súa extensión e formato, normalmente máis reducida ca a dos dicionarios manuais, senón máis ben polo segmento de mercado a que vai dirixido e que, cando menos teoricamente,

debera obrigar a unha adaptación da súa estrutura ás necesidades e ás competencias dos escolares.

As primeiras obras deste tipo aparecen nas librarías na segunda metade da década dos 80 e caracterízanse por seren en maior ou en menor medida produtos derivados doutras obras maiores. Así, o *Diccionario escolar da lingua galega* de Ir Indo (1986) e o *Pequeno diccionario Xerais da lingua* (1989) son versións a escala reducida do *Diccionario da lingua galega* e do *Diccionario Xerais da lingua* respectivamente; o *Diccionario escolar galego* de Galaxia (1989), pola súa parte, aínda que toma como punto de partida o *Diccionario normativo galego-castelán* (1988), non pode considerarse estritamente unha simple versión del. En 1995 aparecen outras dúas obras, *Vieiro. Diccionario didáctico do galego* e o *Diccionario da lingua galega* de Obradoiro-Santillana, que se singularizan fronte ás anteriores por non seren versións nin adaptacións doutros dicionarios de maior extensión. Finalmente, xa no ano 2000, o equipo do *Diccionario Cumio da lingua galega* publica un par de obras destinadas especificamente ao ensino: unha delas dirixida aos estudantes de primaria, cunha estrutura e definicións adaptadas para este nivel, e outra pensada para alumnado de ensino secundario e bacharelato, que é simplemente unha versión reducida do dicionario matriz. En ambos os casos o volume de léxico seleccionado (24.000 e 30.000 lemas respectivamente) é moi superior ao das obras aparecidas contra finais da década dos 80, que recollían pouco máis de 15.000 entradas, e mesmo ao das obras de mediados dos noventa, que incluían arredor de 20.000 voces.

Os criterios para a selección do léxico son, en todo caso, semellantes en todas as obras. En principio, todas elas pretenden recoller o vocabulario fundamental partindo dunha estimación, necesariamente intuitiva, sobre a súa frecuencia de uso. Deste xeito, déixanse fóra, por unha banda, lemas e acepcións hiperespecializados, así como variantes minoritarias de palabras comúns. Por outra banda, a carón da frecuencia emprégase o criterio da deducibilidade. Exclúense así numerosos derivados de significado

doadamente deducible a partir das súas bases léxicas. Con todo, algunhas obras, como o *Pequeno diccionario Xerais da lingua*, compensan estas exclusións indicando ao pé das cabeceiras das familias léxicas unha relación de palabras derivadas non incluídas como lemas.

Polo que se refire á adecuación ao destinatario, as obras aparecidas desde mediados dos 90 están sensiblemente máis coidadas ca as producidas a finais dos 80. Esta maior atención apréciase, por unha banda, por unha disposición formal dos contidos que pretende resultar máis atraente para o público escolar e, por outra, polo emprego nas definicións dunha metalingua máis sinxela e comprensible. De feito, as definicións do *Diccionario escolar da lingua galega* de Ir Indo ou do *Pequeno diccionario Xerais da lingua* son idénticas ás dos seus irmáns maiores; as do *Diccionario escolar galego* de Galaxia resultan tamén máis propias dun dicionario de corte académico:

> FLEUMÓN (b. lat. *flegmone*) *s.m.* Inflamación do tecido subcutáneo.
>
> *(Pequeno Xerais)*
>
> FLEGMÓN (pl. FLEGMÓNS) s.m. 1 Tumor formado pola inflamación das enxivas. 2 Inflamación infecciosa do tecido conxuntivo de calquera órgano.
>
> *(Escolar Galaxia)*
>
> FLEGMÓN [o] *s.m.* Vulto nas enxivas.
>
> *(Obradoiro-Santillana)*
>
> FLEGMÓN [substantivo masculino] Vulto que sae na cara porque inchou a enxiva: *Dóeme unha moa e saíume un flegmón*. → flemón. [O plural é *flegmóns*].
>
> *(Vieiro)*
>
> FLEGMÓN *substantivo masculino* 1 Vulto con pus producido por unha inflamación das enxivas. PLU. *flegmóns*.
>
> *(Cumio Primaria)*

Polo demais, os dicionarios escolares, e de modo particular os máis antigos, acusan as mesmas carencias ca o resto dos dicio-

narios monolingües. Algunhas delas, como a escaseza de indicacións acerca de como se usan as palabras, resultan pouco xustificables en obras destinadas precisamente a estudantes. Así, por exemplo, mentres que a flexión nominal está en xeral tratada de xeito bastante aceptable en todos eles, apenas atopamos referencias á flexión verbal. De feito, o dicionario de Obradoiro-Santillana e o *Vieiro* son os únicos que ofrecen modelos de conxugación aos que se remite desde os lemas verbais. A información fonética que fornecen os dicionarios dos 80 limítase, no mellor dos casos, á discriminación de [ʃ] e [ks] ou das vogais medias en pares homógrafos. Os dicionarios dos 90 e 2000, pola contra, amplíana sensiblemente. Así, tanto o *Vieiro* como o dicionario de Obradoiro-Santillana ou os dicionarios escolares do Cumio ofrecen pronuncia figurada ou transcrición fonética dos préstamos; a segunda obra indica ademais sistematicamente o timbre das vogais medias. Algo semellante acontece coa información paradigmática, que recibe un tratamento máis regular e consistente nas obras publicadas a partir dos 90. No lado negativo, a información sobre réximes preposicionais dos verbos non figura explicitamente nos artigos. Nas obras máis recentes, que inclúen habitualmente exemplos para ilustrar as acepcións, o usuario pode acudir a eles para suplir a falta de indicacións expresas. En cambio, as obras máis parcas en exemplos, como o *Pequeno diccionario Xerais da lingua* e o *Diccionario escolar galego* de Galaxia, nin sequera permiten este recurso.

2.1.4 Os dicionarios elementais

Pódense incluír nesta categoría un grupo de dicionarios de extensión menor á do dicionario manual (menos de 25.000 entradas) e que, fronte aos dicionarios escolares, non van dirixidos a un segmento específico de mercado. Con todo, os criterios de selección do léxico son semellantes aos apuntados para as obras concibidas para a escola (vocabulario básico e frecuente con exclusión de tecnicismos, dialectalismos de circulación restrinxida e derivados transparentes). Normalmente, este tipo de dicionarios caracte-

rízase tamén polo seu formato reducido, a miúdo de libro de peto, e polo emprego dun papel e encadernación de calidade inferior, co que se pretende conseguir un prezo reducido que favoreza a súa difusión masiva. Con todo, cómpre recoñecer que os dicionarios elementais galegos non se axustan plenamente a este canon: si adoitan presentarse nun formato reducido (maior en todo caso ca o de peto), pero en cambio manteñen a calidade de papel e a encadernación en tapa dura.

Das cinco obras que se poden encadrar dentro desta categoría só unha, o *Diccionario da lingua galega* do ILG/ RAG (1990), non é unha versión ou unha adaptación dun texto anterior. Trátase dun pequeno dicionario dunhas 12.000 voces seleccionadas pola súa frecuencia de uso. Entre os trazos que o distinguen o máis destacable é sen dúbida a autosuficiencia: en principio, todas as palabras empregadas tanto nos exemplos coma nas definicións figuran como entradas do dicionario. Nunha obra de extensión tan reducida, esta característica impón obviamente algunhas limitacións á hora de redactar as definicións, que, en todo caso, quedan compensadas polas vantaxes que comporta. Polo demais, a obra inclúe ademais información paradigmática e pragmática.

Partindo desta obra o Seminario de Lexicografía da RAG elaborou outras dúas: o *Diccionario manual da lingua galega*, que apareceu en 1991 en forma de fascículos que se entregaban co xornal *La Voz de Galicia,* e o *Pequeno diccionario da lingua galega*, que editou en 1995 a propia RAG. A primeira destas obras é basicamente unha reprodución da obra orixinal de 1990, da que se manteñen as definicións e os exemplos. A única variación que se introduce consiste na indicación das equivalencias en castelán dos lemas definidos, que substitúen o espazo que na obra orixinal ocupaba a información paradigmática. O *Pequeno diccionario da lingua galega* é tamén unha simple redución a 8.000 entradas da obra de 1990.

Completan a nómina dos dicionarios elementais dous membros da colección de dicionarios que derivan do *Diccionario Cumio da lingua galega* de Feixó. Trátase do *Pequeno diccionario*

Cumio da lingua galega, que é unha versión de 24.000 entradas da obra orixinal, e o *Diccionario de peto Cumio da lingua galega*, que ofrece unha selección de 10.000 voces. Polo demais, as súas características son análogas ás da obra matriz.

2.1.5 Os dicionarios infantís ou iniciais

Trátase dunha modalidade practicamente abandonada na tradición lexicográfica máis recente. En realidade, os únicos expoñentes atopámolos nos anos de transición ao período moderno. De feito, o primeiro dicionario monolingüe galego é precisamente un vocabulario infantil, o *Diccionario básico da lingua galega* do ILG, publicado en 1980. No período que nos ocupa, só rexistramos unha obra destas características, *O meu primeiro dicionário galego*, un pequeno vocabulario ilustrado, dunhas 1.200 entradas sinxelamente definidas, editado por Everest en 1983. En realidade, non é propiamente unha obra orixinal, nin sequera unha adaptación, senón máis ben unha simple tradución do castelán. Así se explica por exemplo a ausencia de lemas como *carballo*, *bidueiro*, *castiñeiro*, etc. que contrasta coa presenza doutros máis exóticos como *abeto*, *palmeira* ou *aciñeira*.

Por outra banda, desde o punto de vista lingüístico a obra resulta bastante caótica na medida en que combina trazos que apuntan a unha orientación reintegracionista (*erva*, *futebol*, *freio*, etc.) con castelanismos de toda caste (*enano*, *basura*, *bermello*, *hucha* 'peto').

2.2 *Os dicionarios bilingües*

Segundo indicabamos máis arriba, a produción lexicográfica do período clásico definíase polo cultivo exclusivo do dicionario bilingüe monodireccional e pola consideración do castelán como única lingua de contraste. Máis precisamente, a modalidade máis antiga e representada, ata o punto de que pode ser considerada arquetípica desta etapa, era o dicionario galego-castelán. A

lexicografía moderna rompe con esa tendencia ao outorgarlle ao dicionario monolingüe unha posición de privilexio. Naturalmente, a produción de dicionarios bilingües non se detén nas dúas últimas décadas do século XX, aínda que si experimenta unha transformación radical, que consiste basicamente na apertura a outros cruzamentos lingüísticos, sobre todo nos anos finais do período estudado, e na aparición do dicionario bilingüe bidireccional que, no caso do contraste co castelán, acaba marxinando o dicionario monodireccional clásico. Por outra banda, xa desde o período de transición comezan a aparecer os primeiros dicionarios multilingües, tanto unidireccionais como multidireccionais.

2.2.1 O contraste co castelán

Na lexicografía bilingüe o contraste co castelán é, sen dúbida, o que acapara un maior número de títulos. Dentro da produción pódense destacar, en primeiro termo, unha serie de obras que se poden considerar continuadoras da liña monodireccional característica da tradición clásica. Aínda así, non deixa de ser significativo que sexa precisamente a orientación galego-castelán, sobrerrepresentada no período clásico, a que menos atención recibe na época moderna. As únicas obras destas características que atopamos no período de referencia son o vocabulario galego castelán incluído no *Diccionario enciclopédico Argos Vergara* (1984), que contén preto de 25.000 entradas, e o *Diccionario normativo galego-castelán*, publicado por Galaxia en 1988, que reúne entre 45.000 e 50.000 artigos. A primeira destas obras está concibida como un vocabulario de equivalencias, en que se ofrecen os correspondentes casteláns dos lemas galegos, acompañados nalgúns casos dunha breve aclaración do seu significado. Pola contra, o DNGC vén a ser unha manifestación epigonal da liña tradicional da lexicografía galega na medida en que aspira a ser herdeiro e continuador do dicionario de Eladio Rodríguez. Trátase, pois, dun texto que se encontra a considerable distancia do modelo de dicionario bilingüe convencional. En realidade, na liña dos dicionarios galego-castelán clásicos, a súa estrutu-

ra é máis ben a propia dun dicionario monolingüe, con definicións parafrásticas, ocasionalmente ilustradas con exemplos inventados, para cada unha das acepcións do lema. O carácter bilingüe vén dado pola indicación dos equivalentes en castelán e polo emprego do castelán como metalingua das definicións.

Pola súa composición, trátase dunha ferramenta concibida para axudar á descodificación de textos galegos, e non para a creación de textos en castelán. Neste sentido, é significativo que nin sequera se indiquen, cando menos non de xeito minimamente regular, as diferenzas categoriais que existen entre o lema galego e o equivalente castelán:

SINAL (*pl.* SINAIS) *s.m.* Señal, signo, elemento perceptible...

Aínda así, fronte a obras coma o DEGC ou o Franco, a súa función como auxiliar da lectura en galego resulta limitada pola súa vocación prescritiva, na medida en que ofrece unha selección de lemas tirada dos materiais recolleitos nas obras lexicográficas anteriores, e acrecentada con elementos (sobre todo cultismos e tecnicismos) resultantes do expurgo de obras lexicográficas portuguesas e españolas. Aínda que no momento de redacción da obra o VOLGa estaba aínda en proceso de elaboración, os autores tiveron acceso ás primeiras versións dalgunhas letras. Isto explica en certa medida o desigual desenvolvemento que se advirte en diversas partes do dicionario.

Polo que se refire ao desenvolvemento dos artigos, o DNGC revela as mesmas carencias sinaladas a propósito dos dicionarios monolingües, como a mestura de metalinguas nas definicións, unha acusada desatención dos aspectos non estritamente semánticos, que redunda nunha escaseza de información relativa ao uso dos lemas, un tratamento vacilante do contorno, que ás veces aparece integrado na definición e outras veces se omite, etc.

Canto aos dicionarios monodireccionais castelán-galego, a produción non é moito máis abondosa. A primeira obra deste tipo é o *Diccionario de usos castellano-gallego*, publicado por Akal en

1985. A pesar do seu título, o contido non se corresponde en absoluto co que en lexicografía se entende por un dicionario de usos. Máis ben ao contrario, trátase dun dicionario de equivalencias no que a carón do lema en castelán se enumeran, xeralmente separadas por acepcións, series de palabras galegas presentadas como equivalentes. Cada unha das acepcións vai precedida dunha breve paráfrase que axuda a aclarar o sentido:

> DIVIDIR(SE) *v.t.* 1 *Separar en partes*: esbagallar, aquiñoar. 2 *Desunir los ánimos*: mancornar, indispor, indispoñer...

Non obstante, nas listas de equivalentes non se introduce ningún tipo de advertencia sobre as diferenzas categoriais ou argumentais que existen entre o lema e os seus correspondentes, nin sobre as diferenzas de rexistro nin, en fin, sobre as restricións semánticas que afectan ás palabras presentadas como equivalentes:

> ADVERTIR *v.t.* [...] 2 *Notar*: deñar, decatar...
> HOMOSEXUAL *adj*. homosexual, maricas.
> VIEJO/A *adj*. 1 *De mucha edad*: vello, andado, edoso, entreg/o/ue, antergo...

Esta circunstancia convértea nunha obra dependente doutras obras lexicográficas (principalmente monolingües) e limita drasticamente a súa utilidade como ferramenta auxiliar para a produción de textos en galego. Esta posibilidade redúcese aínda máis por mor da súa orientación diferencialista, que se manifesta sobre todo na frecuente omisión nas series de equivalencias das voces galegas coincidentes co lema. En calquera caso, este proceder é consecuente coa concepción da obra como contribución á preservación e á recuperación dun léxico patrimonial que se percibe como en perigo de extinción.

Os outros dous dicionarios castelán-galego, o *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos* (1990) e o *Diccionario manual castelán-galego* realizado polo Seminario de

Lexicografía da RAG e distribuído en fascículos co xornal *La Voz de Galicia* ao longo de 1997, están elaborados cunha metodoloxía máis moderna e consistente e cunha máis clara preocupación pola súa utilidade práctica. Aínda que de extensión desigual (o *Diccionario Xerais da lingua* inclúe uns 50.000 lemas, seleccionados a partir do dicionario da Real Academia Española e do *Diccionario de uso del español* de María Moliner; o *Diccionario manual castelán-galego* contén arredor de 15.000), as dúas obras responden ao modelo convencional de dicionario bilingüe. Así, tanto unha coma a outra ofrecen os equivalentes galegos para cada unha das acepcións do lema castelán. No caso do Xerais o sentido da acepción aclárase ben mediante discriminadores semánticos, ben mediante exemplos de uso:

> CELEBRIDAD *s.f.* 1 Celebridade (calidade de célebre). 2 Celebridade, persoeiro (personaxe famoso).
> CEBAR *v.t.* 1 Cebar, engordar, criar (*cebar un porco*). 2 Cebar, cargar, recargar (*ceba-la batería do aparello*).

O *Diccionario manual castelán-galego*, en cambio, combina habitualmente os dous procedementos:

> AGUANTAR (a) *v.t.* 1 (algo para que no se caiga) *aguantar*, *soster*, *termar de* (i.). Aguanta este libro un momento. *Aguanta ~ sostén este libro un momento. Terma deste libro un momento*.

Canto ao tratamento da información gramatical, o *Diccionario manual castelán-galego* móstrase en xeral máis regular. Así, o réxime preposicional dos verbos indícase de xeito sistemático, tanto se lema e equivalente coinciden coma se non. Así mesmo, os cambios de subcategoría gramatical aparecen tamén sinalados a carón do equivalente:

> CASAR *v.t.* e *p.* [...] *Casar* (t. e i.).

O Xerais, en cambio, móstrase moito máis vacilante. O réxime preposicional só se explicita nalgunhas ocasións:

> AGUANTAR *v.t.* 1 Aguantar, soportar, soster, termar (*ese cravo non aguanta o cadro*)...
> ADVERTIR *v.t.* [...] 2 Advertir, notar, apercibirse de, decatarse de...

Os cambios de subcategoría gramatical, pola contra, si se advirten de maneira regular, aínda que non sempre mediante o mesmo procedemento:

> MORIR *v.i.* e *v.p.* [...] OBS.: *Morrer* non ten uso pronominal en galego.
> CASAR [...] *v.p.* 3 Casar *v.i.* (unirse en matrimonio). OBS.: Na ac. 3 non é reflexivo en galego.

Polo demais, faltan a miúdo discriminadores que lle permitan ao usuario coñecer as diferenzas de rexistro existentes entre os distintos equivalentes (cfr. *vientre*) ou as restricións semánticas que lles afectan (compárense, por exemplo, os casos de *viejo*, en que estas si se indican, co de *morir*, en que non aparece ningún tipo de información a este respecto):

> VIENTRE *s.m.* 1 Ventre, bandullo, barriga...
> VIEJO, -A *adx.* e *s.* 1 Vello, ancián (dise das persoas...). 2 Vello (dise dos animais e cousas...)...
> MORIR *v.i.* e *v.p.* 1 Morrer, falecer, finar...

En todo caso, calquera das dúas obras resulta sen dúbida de grande utilidade para o público en xeral, e sinaladamente para os escolares. Así e todo, o formato en fascículos do *Diccionario manual castelán-gelego*, que sen dúbida contribuíu á súa difusión masiva, constitúe unha grave dificultade para o seu manexo.

Existe ademais, un dicionario enciclopédico infantil en seis volumes aparecido en 1985, o *Grande diccionario infantil ilustrado castellano-gallego, galego-castelán*. A pesar do seu título, é un dicio-

nario monodireccional con entradas en castelán, equivalentes de tradución en galego, francés, inglés, alemán, italiano, catalán e éuscaro, e definicións en galego.

O dicionario bidireccional galego-castelán-galego carece de precedentes na lexicografía clásica. É certo que algúns dicionarios galego-castelán, como o de Franco Grande e as últimas edicións do de Carré, incluían ao final breves vocabularios castelán-galego, mais esta circunstancia en absoluto os converte en bidireccionais. Algo semellante acontece co *Vocabulario galego-castelán, castelán-galego* de Fernández del Riego e Franco Grande, publicado en 1982 por Galaxia, que é en realidade o resultado da agregación de dous dicionarios monodireccionais, o *Vocabulario galego-castelán* de Franco Grande (1972) e o *Vocabulario castelán-galego* de Fernández del Riego (1979). Deste xeito, o primeiro dicionario bidireccional propiamente dito é un sinxelo vocabulario con formato de peto, con 8.000 voces en cada dirección, publicado en 1982 pola editorial Nós e elaborado a partir dos criterios que inspiraron as NOMIG. A pesar da súa gran sinxeleza, este traballo atinxiu no seu momento unha apreciable difusión, sen dúbida por ser a primeira obra lexicográfica que ofrecía unha orientación prescritiva.

No período de referencia, os dicionarios bidireccionais aparecen concentrados en dous momentos moi precisos separados por unha estiñada de dez anos: a primeira quenda concéntrase nos anos finais da década dos 80, a segunda dacabalo entre os anos finais dos 90 e os inicios dos 2000. Así, en 1988 aparecen o *Diccionario básico escolar galego-castelán, castellano-gallego* publicado sen mención de autor pola editorial Xuntanza, e o *Diccionario práctico galego-castelán, castelán-galego* de Feixó, editado por Ir Indo. O primeiro é un simple plaxio, apenas disimulado con algunhas modificacións de detalle, do mencionado dicionario de Nós aparecido en 1982. A obra de Feixó, pola súa parte, forma parte do proxecto posto en marcha por Ir Indo en 1986. Aínda que presentado como bidireccional, en realidade éo só en aparencia, por canto non existe correspondencia entre ambas as direccións.

Así, a selección dos lemas da dirección galego-castelán está baseada no *Diccionario Xerais da lingua* e no *Diccionario práctico galego-castelán, castelán-galego* dirixido polo propio Feixó; pola contra, os lemas da dirección castelán-galego compiláronse a partir dunha selección de dicionarios españois de tipo escolar. O resultado son dous dicionarios moi diferentes, tanto na selección de léxico que ofrecen (en numerosísimas ocasións as palabras dadas como equivalentes nunha dirección non figuran como lemas na outra) como na propia composición dos artigos, moito máis sinxela na parte castelán-galego. Unha boa mostra deste desequilibrio é a extensión de cada unha das partes (742 páxinas para a dirección galego-castelán e só 513 para a dirección castelán-galego). Polo demais, o dicionario presenta graves carencias estruturais. Por citar só un exemplo, apenas ofrece discriminadores semánticos, nin sequera en casos de homonimia.

Só un ano máis tarde, o mesmo Feixó publica unha nova obra, o *Diccionario escolar galego-castelán, castelán-galego*, que é simplemente unha versión a escala reducida, cos mesmos defectos de construción, do *Diccionario práctico galego-castelán, castelán-galego*. Ademais, nese mesmo ano aparece unha cuarta obra, en formato de peto, titulada *Diccionario inicial normativo galego-castelán, castelán-galego* e publicada por Edunsa. Aínda que vai asinada por Anxo Docal Lago, non pasa de ser unha copia reducida do dicionario de Feixó.

Contra finais dos anos 90 aparece unha nova xeira de dicionarios bidireccionais moito máis consistentes desde un punto de vista metodolóxico. A obra que reinaugura esta liña é o *Diccionario esencial Vox galego-castelán, castellano-gallego*, que aparece en 1997 e que inclúe 20.000 entradas para cada dirección. Xa en 2001 publícanse, por unha banda, o *Diccionario Xerais galego-castelán, castellano-gallego*, de Luís Castro Macía, que ofrece unha selección de 25.000 voces para cada unha das orientacións, e unha serie de dicionarios realizados polo equipo responsable do *Diccionario Cumio da lingua galega*. A obra matriz é o *Diccionario Cumio español-galego, galego-español*, que se encontra aínda pendente de edición.

A partir deste traballo o equipo elaborou outras tres versións, xa publicadas, de formato e extensión sucesivamente máis reducidos: o *Diccionario Cumio avanzado español-galego, galego-español*, pensado para estudantes de secundaria e bacharelato, o *Diccionario Cumio fundamental español-galego, galego-español*, pensado para alumnado de primaria, e o *Diccionario de peto Cumio español-galego, galego-español*, que ofrecen respectivamente unha selección de 30.000, 20.000 e 13.000 entradas para cada dirección.

A diferenza das tentativas anteriores, as obras aparecidas nestes últimos anos xa non poden considerarse un produto da agregación de dous dicionarios monodireccionais. Pola contra, ofrecen en ambas as direccións un desenvolvemento macro e microestrutural homoxéneo. Con todo, existen entre elas profundas diferenzas de concepción. Así, o Vox e o Xerais responden a un modelo máis convencional de dicionario bilingüe, no que se ofrecen ao pé de cada lema os equivalentes de tradución na outra lingua, mais sen unha análise exhaustiva das distintas acepcións, a non ser cando a cada unha delas lle corresponden equivalentes distintos. Neste caso, a discriminación das acepcións realízase ben mediante unha breve aclaración (un sinónimo, un apuntamento de definición, etc.) colocada normalmente entre parénteses, ben mediante exemplos de uso, ben mediante a acumulación de equivalentes ou ben mediante varios destes recursos:

> MOROSO, -A *adj.* y *s.* 1 Moroso (en el pago). // *adj*. 2 Moroso, pousón. CINTA *s.f.* 1 Cinta, fita, baraza, banda. 2 Cinta, película, filme. 3 Cinta, casete. 4 Cinta (mecanográfica).
>
> *(Xerais)*

> REBENTAR [...] 1 *intr.-tr.* Reventar. 2 *intr*. (*as plantas*) Brotar.
> DUELO 1 *m.* (*combate*) Duelo: *se retaron a un duelo con espadas*, retáronse a un duelo con espadas. 2 *m.* (*dolor*) Dó: *se vistieron de negro en señal de duelo por la muerte del amigo*, vestíronse de negro en sinal de dó pola morte do amigo.
>
> *(Vox)*

En todo caso, cómpre advertir que a presenza de discriminadores é máis regular no Vox ca no Xerais, onde faltan a miúdo, mesmo en casos de homonimia:

ABOTOAR [...] *v.i.* 2 Brotar.
DUELO1 *s.m.* Duelo.
DUELO2 *s.m.* Dó.

Polo demais, o recurso á acumulación de equivalentes, habitual no Xerais, non sempre resulta claro para discriminar adecuadamente as acepcións, especialmente se o usuario non ten unha certa formación na lingua meta:

Xerais	Vox
CABEZA *s.f.* 1 Cabeza. 2 Cabeza, croca, testa. 3 Cabeza, cacheira, cachola, cachucha...	CABEZA 1 *f.* (*del hombre*) Cabeza, cachola, testa. 2 *f.* (*del cerdo*) Cacheira, cachola, cachucha...
CABEZUDO, -A *adj.* 1 Cabezudo, cabezón. 2 Cabezudo, cabezán, testán. // *s.m.* 3 Cabezudo. 4 Cabezudo, muxo. 5 Cágado, cabezolo.	CABEZUDO, -DA 1 *adj.* Cabezón. 2 *adj.* (*tozudo*) Cabezán (*f.* cabezana), cabezudo, testán (*f.* testana). 3 *m.* (*muñeco*) Cabezudo.

Os dicionarios da colección do Cumio, en cambio, non recorren regularmente a breves discriminadores, senón que optan máis ben por paráfrases definitorias extensas, como as habituais nos dicionarios monolingües. En todo caso, advírtese unha certa vacilación no tocante ao desenvolvemento do artigo. Así, as entradas en que só se ofrece unha equivalencia (*apartadero*) conviven con outras en que se distinguen diversas acepcións, tanto se os equivalentes de cada unha delas varían (*aparcamiento*) coma se non (*añil*). Ademais, con certa frecuencia ofrécense paráfrases mesmo en casos de lemas monosémicos (*apeadero*):

APARTADERO *m.* Apartadoiro.
APARCAMIENTO *m.* 1 Aparcamento, acción e efecto de aparcar. 2 Aparcadoiro, estacionamento, lugar destinado para aparcar.
AÑIL *m.* 1 Anil (*Indigofera anil*), arbusto da familia das papilionáceas. 2 Anil, pasta colorante que se obtén dese arbusto. 3 Anil, cor deste colorante.
APEADERO *m.* Apeadeiro (lugar no que paran os trens para que suban ou baixen viaxeiros pero sen os servicios dunha estación).

Canto ao tratamento de información gramatical, os tres dicionarios presentan características semellantes. Así, aínda que con algunhas omisións (máis frecuentes no Xerais), todos eles indican de maneira bastante regular as diferenzas categoriais existentes entre o lema e o seu equivalente:

CASAR[1] *v.t.* y *v.p.* 1 Casar[1] *v.i.*, desposar(se)... *(Xerais)*
MORIR *v.i.* y *pr.* Morrer (*v.i.*) (Este verbo non ten en galego un uso pronominal: *se murió el martes*, morreu o martes). *(Cumio)*
CAER 1 *intr.-prnl.* Caer [...]. [OBS:] El verbo gallego *caer* no tiene uso pronominal. *(Vox)*

Pola contra, do mesmo xeito ca os dicionarios monolingües, a información sobre o réxime preposicional dos lemas verbais e dos seus equivalentes ou ben é inexistente ou ben debe deducirse directamente dos exemplos, nos poucos casos en que os hai:

PERCIBIR *v.t.* Percibir, advertir, decatarse.
(Xerais)
DEVECER *v.i.* 1 Consumirse, mostrar incesante y vivo interés [...]. 2 Menguar, ir a menos [...].
(Cumio)
TERMAR [...] *intr*. 1 (*soster*) Aguantar, sujetar, sostener: *térmame do paquete*, aguántame el paquete...
(Vox)

Con todo, cómpre advertir que o Xerais inclúe ás veces o réxime preposicional no lema, mais dun xeito pouco sistemático:

PERCATARSE (DE) *v.p.* Decatarse.
DECATARSE *v.p.* Apercibirse, caer, percatarse.

Canto á indicación das diferenzas relativas a rexistros e estilos, obsérvase tamén unha certa asistematicidade nalgunhas obras. O dicionario Vox, por exemplo, tende a ofrecer só os equivalentes de tradución correspondentes ao rexistro a que pertence o lema. Aínda así, esta regra non sempre se cumpre (véxase, por exemplo, o caso de *cabeza* citado pouco máis arriba). Os dicionarios do Cumio e o Xerais, en cambio, mesturan a miúdo nas series de equivalentes formas pertencentes a variedades funcionais distintas e con posibilidades combinatorias así mesmo diferentes:

DIARREA *s.f.* Diarrea, descomposición, cagarría, furriqueira.
(Xerais)

EXPIRAR [ks] *v.i.* Expirar, acabársele la vida a alguien, dar el último suspiro. *Sin. fenecer, falecer, morrer, perecer.*
(Cumio)

A información gramatical complétase, no caso dos dicionarios Xerais e Vox, coa indicación ao pé de cada lema verbal do modelo de conxugación.

Finalmente, a información fonética, escasa ou nula nos casos do Xerais ou dos dicionarios do Cumio, aparece especialmente coidada no dicionario Vox, que é o único dos dicionarios galegos que ofrece unha transcrición completa dos lemas galegos. Máis alá da súa utilidade práctica para os usuarios castelán-falantes, esta transcrición constitúe ademais unha importante achega á codificación do galego, na medida en que encerra implicitamente unha proposta, única polo de agora, de estándar fónico.

2.2.2 Outros dicionarios bilingües e multilingües

Segundo diciamos máis arriba, un dos trazos que caracteriza a lexicografía máis recente é a apertura a cruzamentos con outras linguas á parte do español. Aínda así, é forzoso recoñecer que o desenvolvemento desta liña é máis ben serodio (a maior parte das obras apareceron nos últimos cinco anos) e dista aínda moito de atinxir os estándares das linguas con tradicións lexicográficas máis asentadas. As obras publicadas caracterízanse en primeiro lugar por seren dicionarios elementais, que inclúen un reducido número de voces. A maior parte delas presentan, ademais, unha estrutura moi sinxela, que inclúe unicamente lema, categoría e equivalente de tradución. En segundo lugar, trátase case sempre de traballos debidos a iniciativas particulares, motivadas case sempre pola peripecia vital dos seus autores, e publicados con patrocinio directo ou indirecto dalgunha institución pública. Así pois, salvo excepcións, sitúanse á marxe das colecções comerciais de dicionarios bilingües existentes no mercado. Finalmente, e debido en gran parte ás circunstancias anteriores, as linguas de contraste forman un abano tan incompleto como variado.

O contraste co portugués é seguramente o que máis atención mereceu ata o de agora, cando menos se atendemos ao número de obras publicadas: dous dicionarios monodireccionais, galego-portugués e portugués-galego, publicados no Brasil por William Agel de Melo en 1979 e 1985 respectivamente e que inclúen cada un deles arredor de 20.000 voces, e dous dicionarios trilingües castelán-portugués-galego. O primeiro deles é obra de J. Cameselle Villar e apareceu en edición do autor en 1995; o segundo é responsabilidade dun nutrido equipo de redactores e foi publicado en 1999 pola editorial Ir Indo. A pesar de todo, o contraste co portugués segue a ser unha tarefa pendente para a lexicografía galega. Os dicionarios de Melo son vocabularios de estrutura bastante elemental, que ofrecen só a equivalencia, galega nun caso e portuguesa (na norma brasileira) no outro, mais sen distinguir acep-

cións. Polo demais, trátase de traballos que apenas tiveron circulación, cando menos en Galicia. O dicionario de Cameselle non permite o contraste directo de portugués e galego, xa que, contra o que o seu título suxire, é un dicionario monodireccional con entradas en castelán e equivalentes de tradución en portugués e en galego. A súa estrutura acusa, por outra banda, serias insuficiencias (falta de discriminadores semánticos, de indicacións sobre usos, etc). Por último, o dicionario trilingüe de Ir Indo si é tridireccional e sensiblemente máis extenso ca os anteriores (40.000 entradas para cada dirección). Con todo, a información que ofrece (lema, categoría e equivalencias) é excesivamente escasa nunha obra do seu porte... e do seu prezo. A xeito de exemplo, nin sequera se indica a flexión de xénero dos substantivos e adxectivos nin as diferenzas gramaticais existentes entre o lema e os equivalentes. Tampouco hai discriminadores semánticos nin exemplos de uso, nin sequera en casos de homonimia:

DUELO[1] *s.m.* GAL. dó. PORT. dó.
DUELO[2] *s.m.* GAL. duelo. PORT. duelo.

Para o contraste co inglés contamos unicamente con dúas pequenas obras, ambas bidireccionais, aparecidas recentemente. O primeiro é un dicionario elemental, composto por unhas 3.000 entradas principais para cada dirección, realizado por Benigno Fernández Salgado (1999) e publicado por Xerais. Trátase dunha obra dirixida fundamentalmente ao público escolar galego dos primeiros niveis do ensino. A segunda obra é un dicionario de peto de extensión algo maior (8.000 voces en cada dirección) composto por Joe Vikin (2000) para unha editora norteamericana e pensado para un público anglosaxón. Canto ás características técnicas, mentres que o dicionario de Fernández Salgado é unha obra elaborada cunha metodoloxía estándar moderna (inclúe discriminadores das distintas acepcións, exemplos, locucións, transcrición completa dos lemas ingleses, etc.), a obra de Vikin non pasa de ser un simple repertorio de lemas cos seus equivalentes. Existe ade-

mais un dicionario infantil trilingüe, o *Diccionario básico ilustrado español-inglés-gallego* (1983) que recolle unicamente 3.500 palabras. En calquera caso, trátase dun dicionario monodireccional con entradas en español e que, por tanto, non permite o contraste directo do galego co inglés.

Nos últimos anos apareceron ademais varias obras lexicográficas de desigual factura que contrapoñen o galego con linguas tan diversas como o finés, o italiano, o latín, o xaponés ou o valenciano. De todas elas salientan pola súa maior complexidade o *Diccionario italiano-galego* dirixido por Isabel González (2000), e o *Diccionario latín-galego* de José Carracedo Fraga (1999). O primeiro deles é un dicionario elemental, que pretende recoller o léxico italiano básico (unhas 10.000 entradas), e dirixido fundamentalmente a estudantes galegos de italiano (de aí o emprego da lingua meta nos discriminadores). Malia o seu carácter elemental, os artigos están elaborados con criterios lexicográficos modernos e son ricos en información gramatical (auxiliares con que se conxugan os lemas verbais, modelos de conxugación, peculiaridades de construción, etc.). O dicionario de Carracedo ofrece un volume de léxico sensiblemente maior (arredor de 25.000 entradas) que inclúe o vocabulario básico dos textos do período clásico, complementado con voces dos períodos pre e posclásico e mesmo do latín cristián. Salienta ademais a incorporación de nomes propios, topónimos e antropónimos, que os dicionarios non enciclopédicos adoitan excluír, pero que pode resultar de grande utilidade para o tipo de público (estudantes de bacharelato e de universidade) a que vai dirixida a obra. No artigo, ofrécense os equivalentes de tradución dos lemas, ilustrados ás veces con exemplos tamén traducidos e, ocasionalmente, precisións de tipo gramatical, locucións ou breves informacións de carácter enciclopédico.

As demais obras teñen xa unha extensión máis reducida e, ao tempo, unha estrutura moi sinxela. De feito, a información que achegan os artigos inclúe o mínimo imprescindible que pode conter un vocabulario bilingüe: un lema, a información categorial

básica (que nalgunhas obras só se menciona nuns poucos casos) e o equivalente de tradución. Este é o esquema que presentan o *Vocabulario galego-finés* de Taina Hämäläinen (1999), que inclúe pouco máis de 3.000 voces, o *Vocabulario galego-valenciano, valencià-gallec* de Xavier Carro (2000), que incorpora só 1.200 voces en cada dirección, e o *Vocabulario básico da lingua galega* de Takekazu Asaka (1996), que inclúe en realidade tres vocabularios dunhas 3.000 voces cada un: un vocabulario galego-castelán-xaponés, que ofrece tamén a transliteración das voces xaponesas en caracteres latinos, un vocabulario castelán-galego e un terceiro xaponés-galego.

Outras obras multilingües, á parte dos vocabularios trilingües xa mencionados pouco máis arriba, son o vocabulario castelán-catalán-éuscaro-galego-portugués incluído no *Diccionario enciclopédico Argos Vergara* (1984), o *Diccionario de las lenguas de España*, aparecido en 1985, e o *Vocabulario temático ilustrado galego-français-español-english*, que se publicou en 1992. Desta última obra ocuparémonos no capítulo correspondente aos dicionarios onomasiolóxicos. Para as dúas primeiras contamos cun precedente nos anos da transición entre os períodos clásico e moderno, o *Vocabulario de las lenguas ibéricas*, publicado en 1982. Era este un breve vocabulario monodireccional, composto por unhas 4.000 entradas, que partindo do castelán ofrecía os equivalentes, sen ningunha outra información adicional, en catalán, éuscaro, galego e portugués. O vocabulario de Argos Vergara e o *Diccionario de las lenguas de España* son novamente dicionarios monodireccionais, concibidos tamén a partir do castelán. O primeiro deles ofrece simplemente as equivalencias nos idiomas de saída correspondentes aos lemas en español, sen máis especificacións. O *Diccionario de las lenguas de España* presenta unha estrutura sensiblemente máis complexa. Así, o corpo do artigo está formado por unha primeira parte en que se define mediante paráfrases en español o significado de cada unha das acepcións do lema; a seguir, indícanse as equivalencias en catalán, galego e éuscaro, acompañadas a miúdo por observacións semánticas ou pragmáticas.

2.3 *Os dicionarios onomasiolóxicos*

A ordenación onomasiolóxica, que consiste en dispoñer os materiais léxicos atendendo non á súa forma senón ás súas afinidades semánticas, é pouco habitual, cando menos en dicionarios de lingua común. Si é máis frecuente, en cambio, en traballos terminográficos e dialectolóxicos.

Na lexicografía galega esta orientación está representada unicamente por dúas obras de dimensións e concepción moi diferentes. O xa mencionado *Vocabulario temático ilustrado galego-français-español-english*, publicado en 1992, inspírase no modelo do *Duden. Bildwörterbuch der deutschen Sprache*, se ben ofrece unha selección moito máis restrinxida (arredor de 10.000 voces de cada un dos catro idiomas que inclúe). O vocabulario clasifícase en dezaoito áreas temáticas subdivididas á súa vez nun número variable de campos máis específicos. Dentro de cada un deles o léxico disponse en catro columnas, unha por cada idioma, separado por categorías (substantivos, verbos e adxectivos). A obra complétase cun índice alfabético no que se recollen, tamén xebradas por idioma, as voces incluídas cunha referencia ao campo temático en que figuran. Polo demais, o dicionario cumpre satisfactoriamente o seu obxectivo declarado de fornecer os materiais léxicos básicos para a realización de actividades de aprendizaxe de idiomas.

Ben diferentes son as pretensións do *Diccionario conceptual galego* de Quintáns, que, segundo declaración do propio autor, asume como modelo ideal o *Diccionario ideológico de la lengua española* de Julio Casares. Cómpre dicir, con todo, que a imitación está a moita distancia do orixinal. Lembremos que a obra do lexicógrafo español está dividida en tres seccións: unha sinóptica, en que se presenta en forma de esquema unha clasificación ideolóxica de 2.000 conceptos básicos, que se identifican con cadansúa palabra; unha analóxica, en que se dispoñen, ordenadas alfabeticamente, esas 2.000 palabras cabeceira, acompañadas polo léxico relacionado con elas; e, finalmente, a sección alfabética, que é un dicionario convencional por ABC. Naturalmente, cada unha destas seccións

está perfectamente trabada coas demais mediante unha serie de referencias cruzadas. Así, nas definicións da parte alfábetica remítese ás palabras cabeceira da parte analóxica. Á súa vez, estas palabras cabeceira levan un número que remite ao campo conceptual correspondente da parte sinóptica. O dicionario de Quintáns, en cambio, presenta unicamente dúas partes: a primeira, que ocupa os volumes I a III, é un dicionario ideolóxico puro organizado mediante unha complexa árbore conceptual; a segunda é o dicionario alfabético xa comentado en 2.1.1. A eiva fundamental é a falta de conexión entre as dúas partes da obra, que lle resta unidade ao conxunto e que converte a primeira delas en practicamente inmanexable. Ademais, a disposición en tres volumes tampouco contribúe de certo a facilitar a consulta. En resumo, se Casares conseguiu integrar nun único volume a estrutura conceptual, o dicionario analóxico e o dicionario alfabético, a obra de Quintáns ofrece dous dicionarios independentes, sen ningún tipo de conexión interna, en oito volumes, e a un prezo máis de dez veces superior ao de Casares.

2.4 *Os dicionarios paradigmáticos*

Este xénero lexicográfico está tamén pouco representado na tradición galega. É ben certo que xa desde un principio vén sendo tradicional que os dicionarios monolingües e mesmo os bilingües inclúan información sobre sinónimos e, aínda que máis raramente, sobre antónimos. Con todo, cómpre recoñecer que polo común este tipo de indicacións ocupa unha posición marxinal na estrutura do artigo e non se caracteriza precisamente pola súa sistematicidade.

Na actualidade existen no mercado galego dous dicionarios paradigmáticos de extensión semellante (entre 25.000 e 30.000 artigos), o *Diccionario Xerais de sinónimos, termos afíns e contrarios* de Luís Castro Macía, editado en 1995, e o *Diccionario de sinónimos da lingua galega* coordinado por Camiño Noia Campos, Xosé María Gómez Clemente e Pedro Benavente Jareño,

publicado por Galaxia en 1997. En ambos os casos, e a pesar do restritivo do título da segunda obra, ofrécense non só sinónimos en sentido estrito, senón tamén hiperónimos, hipónimos, palabras de significado afín e que en contextos determinados poden intercambiarse co lema ou vocábulos de significado idéntico ao do lema pero propios de linguas funcionais diferentes. Esta decisión, que é por outra banda habitual en obras desta natureza, esixe adoptar un sistema de indicacións que lle permita ao usuario coñecer baixo que condicións é posible a substitución dunhas formas por outras. Aquí radica precisamente o máis grave defecto do dicionario de Castro Macía, que non ofrece ningún tipo de información sobre as restricións semánticas ou pragmáticas que afectan ás saídas ofrecidas como sinónimos:

> MORRER *v.* 1 acabar, agoniar, agonizar, boquexar, cucar, espichar, expirar, falecer, fenecer, finar, palmar, perecer, repousar, sucumbir...

Na obra de Galaxia, en cambio, é aprezable o esforzo despregado polos autores para caracterizar as saídas propostas para cada lema, tanto desde un punto de vista semántico (mediante o emprego de exemplos ou de discriminadores semánticos), como desde unha perspectiva pragmática (mediante a indicación do rexistro). Así e todo, bótase en falta unha maior regularidade no emprego destas indicacións (cfr. *morrer*), así como a adopción dalgún procedemento convencional que permita identificar os hipónimos e hiperónimos (cfr. *filme*):

> MORRER, *vi* 1 Expirar, falecer, fenecer, finar, findar, perecer, *col* agoarse, boquexar, caer, cucar, cumprir, empor, fillar morte, irse, prender morte, quedarse, *vulg* espichar, palmar...
> FILME, *sf* Cinta, curtametraxe, gravación, longametraxe, película.

Tampouco é plenamente satisfactorio o tratamento outorgado nesta obra ás unidades pluriverbais lexicalizadas, que en ningún caso son consideradas como posible punto de partida da consulta.

Así, quen pretenda atopar un sinónimos para *xabaril* ou *teixugo* atopará, respectivamente, *porco bravo* e *porco teixo*, pero quen parta de *porco bravo* ou de *porco teixo* non obterá ningunha axuda.

Finalmente, a información gramatical proporcionada resulta tamén bastante precaria. Así, ningunha das dúas obras achega información sobre as diferenzas categoriais ou argumentais existentes entre o lema e os seus equivalentes:

> SOSPEITAR *v.* 1 barruntar, imaxinar, matinar, presentir, presumir, supoñer, supor. 2 desconfiar, dubidar, maliciar, recear, temer.
>
> *(Xerais)*
>
> SOSTER, *vt vp* 1 Aguantar(se), manter(se), soportar, sustentar(se), ter(se), termar...
>
> *(Galaxia)*

2.5 *Os dicionarios de dúbidas*

Diciamos máis arriba que a oficialización das NOMIG situou a cuestión da codificación como un dos centros de interese preferentes, talvez o que máis, da reflexión e do debate lingüístico. Ora ben, as NOMIG só fornecían un patrón ortográfico e morfolóxico para a variedade estándar. Entendíase seguramente que outras dimensións da codificación, como a conformación dun modelo ortofónico, sintáctico ou léxico, podían agardar para un momento posterior. En calquera caso, a progresiva ampliación do espazo funcional ocupado polo galego, sinaladamente a súa incorporación ao ensino, á administración pública e aos medios de comunicación, impoñía a necesidade de contar con repertorios que escolmasen e fixasen o léxico estándar. Esta é a finalidade con que se abordou a elaboración do VOLGa e, ao tempo, o obxectivo que persegue a maior parte dos dicionarios que comezan a aparecer xa desde comezos dos 80 e, sobre todo, a partir da segunda metade desa década. Cómpre recoñecer que estas obras de orientación prescritiva contribuíron apreciablemente a resolver boa parte das dúbidas e inseguridades dos usuarios. Con todo, o carác-

ter incipiente e mesmo titubeante da codificación léxica provocou algúns trasacordos e o afloramento de contradicións internas ou de diverxencias entre distintas obras. Estas vacilacións, talvez non moi frecuentes, pero en ocasións moi rechamantes, convertéronse novamente nunha fonte de inseguridade para os usuarios e xeraron unha certa desconfianza acerca da fiabilidade dos produtos lexicográficos. A isto habería que engadir aínda a confusión provocada polas desavinzas normativas, a persistencia das interferencias do español, a difusión social dalgunhas ultracorreccións diferencialistas ou as dúbidas suscitadas pola sempre problemática adaptación dos préstamos.

Este é o contexto en que aparecen en Galicia os dous dicionarios de dúbidas de que dispoñemos: o *Diccionario de dúbidas da lingua galega* dirixido por Benigno Fernández Salgado (1991) e o *Diccionario crítico de dúbidas e erros da lingua galega* de Rafael Chacón Calvar e Manuel Rodríguez Alonso (1992). Aínda que as dúas obras asumen as NOMIG como marco de corrección, o certo é que diverxen, nalgúns casos moi acusadamente, no tratamento dalgúns fenómenos, en particular dos préstamos do castelán. A este respecto, as propostas do dicionario de Fernández Salgado están fundamentadas en presupostos puristas e moderadamente diferencialistas. Chacón e Rodríguez Alonso, pola contra, móstranse máis tolerantes con certos castelanismos que chaman "de uso" e que consideran "de difícil ou imposible substitución" debido á súa implantación na fala. Non obstante, non sempre se alcanza a comprender cal é o razoamento que os leva a admitir e mesmo a recomendar entusiasticamente solucións castelanizantes (*grifo*, *vasura*, *tutor*, *corcho*, *calamar*, etc.) e, en cambio, a condenar outras non menos difundidas (*escoba*, *lámpara*, *lexía*, *asteleiro*, etc.). Esta permisividade cos castelanismos sitúa esta obra á marxe das orientacións dominantes na construción do estándar. Deste xeito, as súas propostas, máis ca despexar dúbidas, poden inducir a erro.

De por parte, as dúas obras presentan tamén diferenzas no tocante ao contido dos artigos. Así, mentres que o dirixido por Fernández Salgado se centra sobre todo na caracterización formal

ou semántica da entrada e na discusión das posibles solucións, o de Chacón e Rodríguez Alonso analiza os dicionarios publicados para poñer de relevo as súas incoherencias e contradicións, nas que se recrea cun entusiasmo digno de mellor causa.

Finalmente, tocante á selección das entradas, a obra de Fernández Salgado concede un lugar preeminente ao tratamento de préstamos e neoloxismos de uso frecuente sobre todo nos medios de comunicación e desenténdese xeralmente da resolución de dúbidas de tipo gramatical. O dicionario de Chacón presta máis atención a este tipo de cuestións e inclúe como entradas referencias metalingüísticas como *pronome persoal de solidariedade*, *infinitivo conxugado*, *pronome persoal átono*, *acento gráfico*, etc.

Ademais destas dúas obras, podería integrarse neste mesmo epígrafe o *Diccionario de uso para a comunicación* de Paulino Novo (1999). En realidade, e aínda que o seu título non resulta de certo moi transparente, trátase dun dicionario de dúbidas e dificultades dirixido en principio a profesionais dos medios de comunicación, pero que non exclúe calquera outro tipo de usuario. A obra está dividida en tres seccións. A primeira, moi breve (inclúe só 85 entradas), é un comentario dalgúns erros léxicos e gramaticais particularmente frecuentes na lingua empregada polos profesionais da comunicación; a segunda, de extensión tamén reducida, é un dicionario de termos complementarios, parónimos, homónimos e cohipónimos; finalmente, a terceira, encabezada co título "Campos nocionais", agrupa e define series de palabras emparentadas semanticamente, xeralmente membros dun mesmo campo léxico (*ver*, *albiscar*, *enxergar*...; *vento*, *aura*, *ávrego*, *circio*...; *ventá*, *bufarda*, *xanela*...) ou dun campo meronímico (*día*: *abrente*, *alba*, *mañá*, *mediodía*, *solpor*, *serán*...). A obra cérrase cun índice remisivo das voces tratadas (arredor de 5.000). A pesar da súa concepción como dicionario de dúbidas, a obra, ou cando menos as dúas últimas seccións, é en realidade un dicionario paradigmático que ofrece algunhas vantaxes con respecto aos dicionarios de sinónimos convencionais, sobre todo na medida en que achega información sobre as diferenzas semánti-

cas e, aínda que non tan regularmente, de rexistro entre os termos relacionados.

3 CONCLUSIÓNS

Tal e como diciamos ao comezo, os primeiros anos 80 marcan o punto de arrinque dunha nova etapa na historia da lexicografía galega. O novo ciclo vén marcado, en primeiro termo, por un incremento espectacular da produción. En efecto, no curto espazo de vinte anos o número de títulos publicados representa ben máis do triplo dos aparecidos ao longo do século XIX e dos tres primeiros cuarteis do XX. Este desenvolvemento viuse ademais acompañado por un proceso de diversificación xenérica e tipolóxica e polo cultivo privilexiado do dicionario monolingüe.

Todos estes fenómenos son consecuencia en última instancia dos profundos cambios experimentados polo estatuto legal e social do galego e da progresiva ampliación do seu espazo funcional. Ora ben, tampouco convirá esquecer o papel desempeñado polas editoriais como impulsoras deste desenvolvemento sostido. De feito, o pulo experimentado pola produción explícase en boa medida polo interese das editoriais por se faceren cun apetitoso mercado, practicamente virxe ao comezo desta etapa, formado sobre todo por estudantes de todos os niveis do ensino.

Así e todo, parece difícil que o mercado galego poida absorber indefinidamente este ritmo de produción. Antes ao contrario, a cativa recepción atinxida por algunhas das obras máis recentes parece indicar que o mercado se encontra nun estado próximo ao punto de saturación. Así pois, é de prever que, de se manter a dinámica actual, a competencia entre os produtos das distintas casas editoras vai ser feroz e só unhas poucas obras (non necesariamente as mellores) serán quen de atinxir cifras de vendas minimamente significativas.

De por parte, advírtese na produción existente unha acusada tendencia a reproducir, con moi leves variantes, un mesmo modelo de dicionario, un dicionario de orientación prescritiva,

non autorizado con exemplos reais, elaborado exclusivamente (ou case) a partir de fontes lexicográficas, pouco actualizado desde un punto de vista técnico e metodolóxico e cun escaso desenvolvemento microestrutural. Trátase, en suma, dun tipo de dicionario marcadamente conservador na súa concepción, e claramente en retroceso noutros dominios lingüísticos, que ten por obxectivo fundamental proporcionarlle ao usuario información acerca de qué significa o lema, mais que se desentende doutra das funcións que na lexicografía moderna están chamados a desempeñar os dicionarios: a de fornecer información acerca de como se usan as palabras, tanto desde un punto de vista gramatical e semántico como desde unha perspectiva pragmática.

Na nosa opinión, as obras máis recentes acusan xa claros síntomas do esgotamento deste modelo. Obviamente, sempre queda o recurso de seguir incrementando o número de entradas ou de afinar aínda un pouco máis as definicións. Ora ben, talvez sexa o momento de dar por rematado este ciclo, dominado pola necesidade imperiosa de atender as graves carencias existentes, e de poñer en marcha proxectos verdadeiramente novos, máis ambiciosos e de concepción máis moderna que acheguen a lexicografía galega aos niveis de desenvolvemento atinxidos por outras tradicións.

Canto á lexicografía bilingüe, a produción das dúas últimas décadas ofrece como novidades principais a modernización da súa estrutura e a apertura ao contraste con linguas distintas do español. Deste xeito, as obras aparecidas nos últimos anos conseguiron mudar a fasquía do dicionario bilingüe típico do período clásico, por máis que este modelo conte aínda con algúns representantes epigonais. Con todo, na liña do apuntado a propósito dos textos monolingües, unha boa parte dos dicionarios bilingües segue a ignorar ou no mellor dos casos a relegar a un segundo plano a información gramatical e pragmática. Por outra banda, e aínda que é un feito certo que o número de linguas de contraste se incrementou notablemente nos últimos tempos, cómpre advertir que este fenómeno non pasa de ser unha miraxe. Neste sentido, o

desinterese das editoriais comerciais por este tipo de produtos indica ben ás claras que a súa existencia non responde a unha demanda efectiva do mercado, senón que é máis ben consecuencia de iniciativas particulares, case sempre con respaldo institucional, mais sen conexión real coa sociedade.

BIBLIOGRAF A

Álvarez de la Granja, M. e González Seoane, E. (2001): "A elaboración do *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*", en Departamento de Filoloxía Galega: *Eladio Rodríguez González: Día das Letras Galegas 2001*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 23-212.

Béjoint, H. (2000[2]): *Modern lexicography. An Introduction*, Oxford, Oxford University Press.

Benavente Jareño, P. (1988): "O *Diccionario Xerais* lido por un veterinario", *Grial* 99, 19-36.

Benavente Jareño, P. (1991): "Algunhas aportacións ó diccionario da Real Academia Galega-Instituto da Lingua Galega", *Cadernos de Lingua* 3, 37-71.

Casares, J. (1950): *Introducción a la lexicografía moderna*, Madrid, CSIC, 1992[3].

Daviña Facal, L. (1991): "Necesidade (urxente) dun léxico científico", *A Trabe de Ouro* 7, 97-407; 8, 115-124.

Daviña Facal, L. (1993): *Problemas do léxico científico: algunhas propostas de solucións*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Daviña Facal, L. (1999): *Lingua e ciencia*, Vigo, Xerais.

Fernández Salgado, B. (2001): *Os rudimentos da lingüística galega. Un estudio de textos lingüísticos galegos de principios do século XX (1913-1936)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

García González, C. (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

González Millán, X. (2001): *O Diccionario enciclopédico de Eladio Rodríguez. A canonización da literatura galega*, Vigo, Xerais.

González Seoane, E. (2002): "Sobre as fontes lexicográficas galegas do DEGC", en Ramón Lorenzo (ed.): *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, 145-167, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Landau, S. I. (2001[2]): *Dictionaries. The art and craft of Lexicography*, Cambridge, Cambridge University Press.

Otero Álvarez, A. (1967): *Contribución al diccionario gallego*, Vigo, Galaxia.

Otero Álvarez, A. (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Porto Dapena, J. A. (1997): "Algunas observaciones sobre el contorno de la definición lexicográfica", en Manuel Almeida e Josefa Dorta (eds.): *Contribuciones al estudio de la lingüística hispánica. Homenaje al profesor Ramón Trujillo*, 2 vols., Tenerife, Montesinos; II, 211-226.

Rivas Quintas, E. (1978): *Frampas. Contribución al diccionario gallego*, Salamanca, Ceme.

Rivas Quintas, E. (1988): *Frampas II*, Lugo, Alvarellos.

Santamarina, A. (2000): "Os diccionarios galegos", en Antón Santamarina (ed): *Diccionario de diccionarios*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

Santamarina, A. (2001): "Os lexicógrafos galegos. Historia dunha profesión", en Departamento de Filoloxía Galega: *Eladio Rodríguez González: Día das Letras Galegas 2001*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 7-21.

A TERMINOLOXÍA EN GALICIA*

Iolanda Galanes Santos

INTRODUCIÓN

O obxectivo principal desta achega ao IPLN é dar conta do desenvolvemento formal do galego nos últimos anos no que se refire á elaboración de terminoloxía, que é a materia prima imprescindible para vehicular contidos especializados en todas as áreas de coñecemento.

Comezamos cunha breve panorámica histórica da terminoloxía galega para logo bosquexar algunhas notas de análise da produción das dúas últimas décadas, por ser este un período especialmente fecundo e por razóns dos límites temporais do *Informe* (1983-2000) no que se insire este traballo. Ademais, dada a incardinación deste desenvolvemento terminolóxico recente no marco dun proceso de "normalización lingüística", pareceunos de interese caracterizar teoricamente o concepto de planificación terminolóxica e a súa relación coa planificación lingüística. Así, partindo dun modelo teórico de organización da xestión da terminoloxía, establecemos un contraste co proceso galego con vistas a salientar as súas virtudes e carencias no que se refire á infraestrutura, recursos, axentes, produción e proxección. Por último, con referencia en modelos organizativos doutras latitudes e na análise de necesidades da nosa comunidade, propomos medidas aplicables que, na nosa opinión, rendibilizarían máis os esforzos investidos ata o momento e os futuros.

Trátase, pois, dunha análise do desenvolvemento terminolóxico galego en relación co proceso de normalización lingüística realizada dende unha perspectiva crítica e construtiva e acompañada dunha sucinta proposta de actuacións que cremos pode contribuír en maior grao á elaboración do corpus da lingua.

* As referencias bibliográficas dos repertorios terminográficos deste capítulo están recollidas no apéndice bibliográfico final 4. Repertorios terminográficos.

1 HISTORIA E CARACTERIZACIÓN

Á vista doutras experiencias, o período máis produtivo de desenvolvemento terminolóxico dunha lingua en situación sociolingüística de conflito adoita coincidir co período de elaboración consciente e, xa que logo, de planificación da lingua. Nese sentido o galego non é unha excepción e podemos marcar como inicio deste período a data da súa oficialización. Non obstante, esta maior produtividade non nace de súpeto nin *ex novo*, senón que existe previamente a necesidade de codificar unha terminoloxía de uso corrente en textos de especialidade galegos (producidos sobre todo ao longo do século XX) ou, cando menos, un colectivo de especialistas desexosos de se expresar en galego que precisa unha terminoloxía susceptible de ser utilizada no seu labor profesional. Existe, xa que logo, unha inquedanza previa no sector investigador.

Así pois, sen afán de analizarmos de modo exhaustivo a produción terminolóxica galega, nunha primeira ollada á nosa compilación[1] de repertorios, de clasificación temática, poderíanse distinguir dous períodos de produción: un primeiro que vai dende o século XVIII ata 1975, aproximadamente, e un segundo que se abre en 1975 coa oficialidade ou paraoficialidade do galego e no que se recolle a maior parte da produción en todas as áreas de coñecemento.

- 1ª etapa: as primeiras obras lexicográficas son apéndices de textos escritos en castelán que recollen denominacións galegas. En concreto, o primeiro dos traballos é do Padre Sarmiento e versa sobre botánica. Os outros temas tratados antes de 1975 son filoloxía, dereito, antropoloxía referida a oficios e botánica e zooloxía referidas a

1. *Vid.* a compilación de recursos terminolóxicos para a lingua galega elaborada pola Sección de Lingua que figura no apartado 4 do apéndice documental. Nela recóllense produtos creados con fins terminográficos en sentido extenso e tamén obras de calquera outra especialidade que inclúen un léxico, un glosario, un vocabulario ou similar con terminoloxía especializada galega xerados en Galicia.

nomes de plantas ou animais, a xeito de compilación parcial das denominacións medievais e populares do galego oral da época. A produción xerada é un subproduto, pois aparece en textos da especialidade pertinente como un apéndice, agás na obra filolóxica, que é moi minoritaria e de orientación etimolóxica.

- 2ª etapa: que comeza aproximadamente en torno á oficialización da lingua galega e que vai dende 1975 ata os nosos días. Neste período prodúcese a grande eclosión na elaboración deste tipo de materiais galegos en paralelo a unha maior produción de textos ensaísticos e de investigación nesa lingua. A oferta diversifícase e, alén do tratamento de temas humanísticos ou antropolóxicos, comeza a recuperarse o acervo terminolóxico medieval, principalmente no eido xurídico, cunha serie de repertorios elaborados a efectos de investigación e que nalgúns casos levan a palabra "léxico" no título, o que consideramos índice de fin terminográfico, mais situado no eixe diacrónico. Pero máis significativo é que a partir de 1984 se desenvolven repertorios referidos ás ciencias (matemática, química, etc.), á tecnoloxía (arquitectura, urbanismo, informática, etc.), así como ás ciencias sociais (economía, etc.). Habería logo que distinguir dúas subetapas, unha primeira na que se manteñen os temas anteriores (botánica e antropoloxía), pero tamén se intenta recuperar a lingua xurídica medieval en produtos filolóxicos con fins terminográficos, e unha segunda na que se aprecia un cambio na concepción da terminoloxía na medida en que hai unha diversificación temática e en que se elaboran mormente produtos con fins terminográficos e con metodoloxía máis técnica.

Esta primeira clasificación cronolóxica da produción establecémola de acordo con varios criterios, que son:

- O volume, hai moitas máis obras e máis continuas no segundo período ca no primeiro. Na primeira etapa rexístrase unha contribución cada 13 anos aproximadamente (0,07 por ano), namentres que na segunda o ritmo de produción é ben superior (de 3,21 obras por ano).
- A temática, moito máis diversa na segunda etapa ca na primeira. Esta ampliación comeza timidamente no principio da segunda etapa, no que se percibe unha intención planificadora, visible no afán de recuperar e recoller a terminoloxía especializada cultivada no medievo (principalmente xurídica). Esta ampliación consolídase a partir dos anos 80 de modo notable.
- O tipo de produto xerado, abundando nesta segunda etapa os produtos terminográficos en sentido estrito (57,62% da produción desta época), practicamente inexistentes no primeiro período.
- As linguas de traballo: na primeira etapa son exclusivamente o galego, o castelán e o latín, namentres que na segunda amplíanse pola incorporación doutras linguas do estado (catalán, éuscaro) en obras xeradas fóra de Galicia e tamén pola incorporación doutras linguas do contorno occidental.

Este cambio de orientación no traballo terminolóxico responde a unha nova corrente na que a terminoloxía se considera unha peza fundamental para o desenvolvemento da lingua, ligada a un proceso de planificación lingüística, ou mellor, a un proceso de normalización lingüística, feito que a vai condicionar fronte a outras correntes (como a de normalización técnica, a traducional ou a documental[2]) en cuestións como a temática, a metodoloxía, os axentes, os produtos e a relación con outras disciplinas.

2. A caracterización destas orientacións da terminoloxía figura, entre outros, en Auger (1988), Cabré (1992), etc. Nós citamos por Corbeil (1999:37-38).

Seguindo a Cabré (1992:41 e ss.), a corrente terminolóxica orientada á planificación lingüística caracterízase tematicamente por entrar en todas as áreas do saber e da actividade humana, achegando diversidade de produtos (léxicos, dicionarios, vocabularios, glosarios, etc.), sen se cinguir exclusivamente ás áreas tecnolóxicas, como ocorre nas correntes terminolóxicas orientadas á lingüística ou á tradución. No que respecta á metodoloxía de traballo, a autora salienta a importancia da neoloxía como medio para cubrir as lagoas terminolóxicas, fronte á compilación e regularización que se realiza nas linguas de uso normal en textos especializados. De entre os axentes, cómpre dicir que nesta corrente ten máis importancia o lingüista ca o especialista, por se tratar de áreas de actividade máis xerais, sendo o papel do especialista menos central ca nas outras correntes nas que pesan máis a especialización e o traballo conceptual. No tocante aos produtos xerados, existe unha maior diversidade de produtos e adaptación ao posible usuario ca na corrente lingüística na que o destinatario é exclusivamente o técnico. En canto á relación da terminoloxía con outras disciplinas, nesta corrente a terminoloxía concíbese como unha materia de lingüística aplicada, o que contrasta con aquelas nas que a terminoloxía non é mais ca o estudo do concepto e o estudo dos sistemas conceptuais que describen cada materia especializada, sendo a lingüística unha materia especializada máis.

O desenvolvemento da terminoloxía galega na etapa máis recente axústase en grandes trazos a esta caracterización xeral. Nunha análise máis detallada da produción, que realizamos a seguir, veremos en que medida se deixa ver a planificación neste proceso.

2 ANÁLISE DA PRODUCIÓN TERMINOGRÁFICA EN GALICIA

Neste apartado debuxamos unha breve panorámica da produción terminográfica xerada con estes fins na etapa de maior produción da terminografía en Galicia, polo que nos limitamos á obra editada a partir de 1984. Atenderemos os seguintes aspectos: o

ritmo de produción, o perfil do autor, as áreas temáticas cultivadas, as linguas de traballo e a forma e soporte do traballo. A selección destes puntos (e non outros[3]) e a visión xeral ofrecida aquí obedecen á perspectiva global deste traballo, que pretende a mellora do proceso de elaboración do corpus terminolóxico galego e non só incidir na calidade dos repertorios[4].

2.1 *Análise*

A produción puramente terminográfica que inclúe o galego como unha das linguas de traballo redúcese a 88 obras da compilación final[5]. O criterio de selección é que se trate de produtos creados con fins terminográficos, é dicir, que teñan como obxectivo principal dotar a lingua de terminoloxía nunha área de coñecemento concreta. Na nosa selección cinguímonos ás obras publicadas entre 1984 e 2000 e, ademais, consideramos a efectos de cómputo como unha única obra as diferentes entregas dun mesmo traballo (por exemplo, Torres Tomar 1988-1989 ou Dosil 1990-1991).

Aínda sendo un período produtivo se o comparamos con épocas anteriores, a *frecuencia de edición* de obras segue un ritmo bastante irregular. A media de produción neste período é de 5,17 repertorios por ano, con anos sen produción (1985) ou moi escasa (1 repertorio en 1984, 1987 ou 1990) e anos especialmente prósperos (1988 ou 1997 con 11 e 12 obras publicadas respectivamente), pero sen ningún tipo de constante nin planificación e cunha traxectoria desigual.

3. Xa tratados noutra análise da terminografía galega en Rodríguez Río (1996:35-74).

4. Somos conscientes da necesidade dunha análise detallada de cada un dos repertorios na que se atenda a criterios formais e metodolóxicos, o que nos fornecería máis información sobre a súa calidade.

5. Preséntase actualizada e cerrada con data de decembro de 2003 no apéndice documental final dedicado aos repertorios terminográficos (pp. 265 e ss.).

Gráfico 1: Evolución de recursos terminográficos (1984-2000)



É especialmente inestable o período inicial entre 1984 e 1992. A partir de 1993 percíbese un ritmo irregular, mais cun limiar de produción mínimo consolidado de 5 repertorios por ano, tendencia asentada nos últimos anos á vista dos datos de 2001 (9 repertorios) e 2002 (7 repertorios). Os anos de maior produción non son agrupables, pois esta pódese deber a un editor prolífico, como aconteceu en 1988 coa Dirección Xeral de Política Lingüística (en adiante, DXPL) que se incorpora nese ano á actividade terminolóxica (con 7 obras das 11 publicadas) ou coa Facultade de Tradución en 1999 (con 5 das 10 obras elaboradas[6] nese ano); ou ben á simple confluencia de produtores, como acontece en 1997 (con 12 obras publicadas por 10 editores distintos). Así pois, a produción terminolóxica galega destes últimos anos non responde cuantitativamente a ningunha constante.

6. A produción da Facultade de Tradución e Filoloxía da Universidade de Vigo está constituída por proxectos de fin de carreira que permanecen inéditos os máis deles. Están dispoñibles para consulta na biblioteca da citada facultade, ademais da compilación realizada por Alonso Martínez (2003).

En canto ao *perfil do autor* de traballos terminográficos, temos que dicir que nunha ollada á lista de recursos terminográficos percibimos a inexistencia de equipos de traballo terminolóxico estables, tendo autorías diferentes un 84,88% dos traballos.

Como é esperable na corrente planificadora na que se inscribe este desenvolvemento terminolóxico, o perfil maioritario do autor é o dun equipo de lingüistas especialistas en lingua galega que desenvolve o seu traballo profesional no ámbito dunha institución á fronte dun servizo lingüístico ou no ámbito académico. Ademais, existe outro perfil de terminólogo, aínda de recente incorporación: trátase dos licenciandos/as en Tradución, que realizan proxectos de fin de carreira ou publican artigos especializados nalgún campo concreto da terminoloxía. O terceiro dos perfís de autor é un especialista nunha determinada área de coñecemento que, apoiado ou non por un lingüista, acomete a realización dun repertorio terminográfico nesa área. A presenza dun tipo ou outro de autor coincide, ás veces, co perfil requirido pola entidade editora ou promotora no momento, estando o do lingüista máis vinculado á DXPL ou, en menor medida, ao Centro Ramón Piñeiro e a determinadas publicacións periódicas (*Verba, Cadernos de Lingua*); o perfil do especialista aos SNL das universidades galegas, a determinadas publicacións especializadas e ao ámbito profesional; e, por último, o do tradutor á Facultade de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e á publicación periódica especializada nesa área (*Viceversa*).

No tocante ás *áreas temáticas* a tendencia xeral é un maior cultivo das ciencias e a tecnoloxía ca o das ciencias humanas ou sociais, como evidencia o seguinte cadro:

Gráfico 2: Áreas de traballo terminolóxico



Non identificamos correlación entre tipo de editor e área de coñecemento cultivada, sendo quizais o máis significativo que as áreas científicas ou técnicas son as máis solicitadas. Pola súa banda, as ciencias sociais e humanas foron maioritariamente materia de cultivo das institucións e do ámbito académico, sendo inferior a iniciativa privada ou a profesional nestas áreas; no que respecta aos servizos lingüísticos, estes presentan unha constante no interese polos tres tipos de áreas de coñecemento.

Afondándomos máis na temática, cómpre sinalar que se percibe un grande avance na diversificación de materias nas dúas últimas décadas, mais non se pode nesta altura afirmar que estean cubertas todas as áreas de coñecemento do galego, nin moito menos todas as necesidades terminolóxicas de cada área. Observamos na nosa produción carencias nalgunhas áreas de coñecemento e tamén nalgunhas disciplinas de grande interese ou de especial tratamento en Galicia, o que resulta revelador dunha falta de conexión entre as necesidades reais e o traballo desenvolvido ata o momento.

Podemos resumir as carencias nos seguintes puntos:

- Determinadas áreas de coñecemento non son obxecto de atención terminográfica malia gozaren de implantación no país no ámbito académico ou no industrial. É o caso das ciencias do medio, de calquera das enxeñarías, da gandaría, etc. No ámbito das ciencias sociais detéctanse lagoas en áreas como a politoloxía, a socioloxía ou os servizos sociais e no tocante ás ciencias humanas en filosofía, ética ou relixión, en determinadas artes como escultura, pintura e teatro, en filoloxía, lecer ou en hostalaría. Noutros casos o tratamento terminográfico desas áreas é moi cativo e atomizado, o que non se corresponde coas necesidades e coa implantación da materia, como acontece coa mecánica ou a pesca.
- Noutras ocasións non existe unha obra específica para cada área de coñecemento, senón unha obra común a varias grandes áreas de coñecemento. Por exemplo, para a física non existe máis ca un repertorio xenérico común coa química e as matemáticas (Santamarina e González 1988).
- Ou, pola contra, non existe unha obra xenérica para unha área de coñecemento pero si para as súas subespecialidades específicas. Por exemplo, no caso da etnografía, existindo valiosas achegas parciais, non se elaborou unha obra xenérica, malia revestir unha grande importancia e tratamento na nosa cultura.
- Noutros casos, o tratamento das áreas adoita ser demasiado xeral e hai unha tendencia a non atender determinadas subespecialidades, como acontece por exemplo coas inexploradas sanidade, bioloxía, veterinaria ou case todas as especialidades médicas (oftalmoloxía, tocoloxía, psiquiatría, ortopedia, obstetricia, xinecoloxía, pediatría, xeriatría, etc.). De entre as ciencias sociais podemos pór como exemplo a contabilidade e de entre as humanas a numismática, a

decoración, a artesanía, a fotografía, as ciencias audiovisuais ou o turismo.

En definitiva, nesta breve panorámica percibimos claramente unha descompensación da produción terminográfica por áreas de coñecemento, así como por subespecialidades. Non existe un desenvolvemento básico uniforme de todas as áreas temáticas nin unha planificación previa que priorice con algún criterio (maior demanda no país, xerarquía temática, interese dos posibles usuarios, materias implantadas no ensino universitario, etc.) a produción das subespecialidades no período estudado.

As *linguas de traballo terminográfico*[7] son reducidas no que se refire a número, sendo o produto máis frecuente os repertorios bilingües, principalmente orientados á tradución do castelán para o galego. Tamén existe unha frecuencia elevada de repertorios exclusivamente en galego.

Gráfico 3: Combinacións lingüísticas dos repertorios



7. Entendemos por tales as linguas que se plasman no produto terminográfico final, con independencia de que estean presentes outras linguas no traballo terminográfico previo.

Ademais destas dúas linguas detectamos a presenza doutras:

- O latín só está presente en traballos de corte etimoloxista (ciencias naturais, botánica, etc.) e en case toda a produción previa ao ano 1984, por ser traballo de especialista erudito na materia (por exemplo, as obras de botánica ou de zooloxía).
- A introdución das outras linguas peninsulares minorizadas é un feito minoritario (7 casos) que comeza en 1986 e case sempre en repertorios publicados fóra de Galicia, isto é, a instancias de editores doutras comunidades lingüísticas (ICONA, El Boecillo, Luna, Gredos, Sociedad Española de Bioquímica Clínica y Patología Molecular), ou en colaboración con elas (TERMIGAL e CINDOC).
- A introdución de linguas doutros países europeos comeza dentro da produción xerada en Galicia de modo tímido en 1988 coa incorporación dunha terceira lingua (francés: 1988, portugués: 1989, inglés: 1990, alemán: 1997 ou ruso: 1997, etc.), sendo o inglés a terceira lingua utilizada en máis ocasións. A situación muda a partir de 1997 cun cambio de orientación ao aparecer como produtor un novo colectivo: o dos licenciandos/as en Tradución e Interpretación. Estes adoitan incluír como mínimo unha terceira lingua (inglés ou francés) e mesmo elaboran repertorios tetra, pentalingües ou de máis linguas, do mesmo xeito que acontece coas obras producidas por TERMIGAL na súa cativa andaina ou coas que son produto da colaboración con outras entidades (Realiter, Linmiter, etc.), que supuxo a incorporación de linguas europeas como o romanés, o friulano, o corso, o sardo ou o occitano máis recentemente (anos 2001 e 2002).

Poderiamos distinguir etapas na produción de repertorios en Galicia segundo a data de aparición das combinacións lingüísti-

cas. Así pois, unha primeira etapa de produción de léxicos monolingües ou bilingües vai ata 1988. A segunda etapa con máis de dúas linguas comeza a fins dos anos 80. O primeiro repertorio trilingüe (galego-castelán-francés) aparece en 1988, aínda que é un feito anecdótico fronte á tendencia maioritaria á elaboración de repertorios bilingües castelán-galego. A aparición dunha terceira lingua consolídase na década dos 90. O primeiro repertorio tetralingüe data de 1993 (galego-castelán-inglés-portugués) e o primeiro pentalingüe data de 1997 (galego-portugués-alemán-inglés-castelán).

En liñas xerais, no que respecta ás linguas de publicación hai que sinalar que existe un paralelismo evidente entre as combinacións lingüísticas e o mercado de tradución[8], cun predominio da combinación castelán/galego e unha menor presenza doutras linguas, así como un serodio desenvolvemento de combinacións plurilingües.

Esta ausencia de linguas diferentes do galego e o castelán é unha constante tamén no panorama lexicográfico galego, como se reflicte na escaseza de dicionarios galegos bilingües con linguas distintas do castelán. Este perfil de obras responde, dunha banda, a unha subsidiariedade do galego fronte ao castelán, pois preténdese que o galego asuma os usos formais (espazo ocupado ata o momento polo castelán que funciona como "lingua teito"), e, doutra, á corrente normalizadora na que se insire a nosa elaboración terminolóxica. Nese sentido, resulta significativo o feito de que o primeiro repertorio terminográfico plurilingüe que non presenta o castelán como lingua de publicación é de 1996, sendo unha liña que máis tarde se asentou nas memorias de fin de carreira de Tradución como resultado dunha formación académica con itinerarios separados ao existir a escolla de galego ou castelán como lingua A.

Asistimos pois, a un cambio de orientación coa introdución dos estudos de Tradución. Esta nova orientación presenta algúns trazos da corrente de elaboración terminolóxica denominada tra-

8. *Vid.* anexo 1: gráfico de produción da tradución entre 1993 e 1999.

ducional e significou: 1. unha menor subsidiariedade do galego fronte ao castelán como lingua de expresión de contidos especializados, 2. a introdución doutras linguas como o francés, o inglés, o alemán, o ruso, etc. e 3. que se evidenciase a necesidade de apoiar publicamente as solucións galegas con outras linguas nos produtos terminográficos alén do castelán. En definitiva, esta diversificación lingüística camiña cara a unha maior profesionalización da elaboración terminolóxica en Galicia. A única pexa que cabe apoñer a esta nova produción é o problema da escasa difusión dos proxectos de fin de carreira da Facultade[9].

No que se refire aos *aspectos formais* dos repertorios, os produtos xerados responden a unha grande diversidade de *formatos*, como dixemos cando caracterizamos a corrente normalizadora. Así pois, na compilación inicial están rexistrados: dípticos, folletos, artigos en revistas de especialista, en revistas lingüísticas, artigos en volumes colectivos, anexos en monografías especializadas noutras materias, guías, monografías, traballos de investigación; ademais de obras con formato lexicográfico como glosarios, léxicos, vocabularios, dicionarios, etc. Esta diversidade de formatos é algo inferior na produción seleccionada, que se limita máis aos formatos comúns dos produtos terminográficos.

A *estrutura* dos traballos é maioritariamente a lista de palabras sen definición con equivalencias noutra lingua, que adoita ser o castelán. Esta concepción é a predominante en toda a produción e está, ao noso ver, claramente condicionada polas súas funcións e destinatarios, pois moitos destes traballos (polo menos os da DXPL) xorden co obxectivo xenérico de normalizar o uso da lingua fronte ao castelán nunha área de coñecemento determinada, sendo os seus destinatarios o público xeral, a sociedade. Outro condicionante que favorece a creación deste tipo de produtos é o feito de se tratar de

9. Ata o momento só se publicaron entregas parciais nos primeiros números da revista *Viceversa* e unicamente un publicado por TERMIGAL. O único modo de acceso é o servizo de consulta na Biblioteca da FFT da Universidade de Vigo e a algúns deles na rede en páxinas creadas por iniciativa privada.

repertorios elaborados principalmente por especialistas en lingua, cun escaso concurso moitas das veces da figura do especialista, máis proclive á inclusión doutras informacións de orde conceptual como as definicións; de feito, non atopamos dicionarios terminográficos galegos con definicións ata 1993.

O *soporte* é principalmente o papel, aínda que por veces tamén se inclúe o formato informático como dobre opción. Este comportamento está condicionado por ser o papel o soporte máis apreciado polos propios usuarios da terminoloxía, como nos recorda Rodríguez Río (2003:899), feito que este autor atribúe á falta de formación en terminoloxía por parte destes usuarios, que descoñecen a potencialidade dos soportes alternativos. Nós cremos ademais que esta resposta está condicionada polo limitado acceso ás "novas tecnoloxías" na data da enquisa (1998) e tamén por non existiren na rede, agás iniciativas como as de galego.org, vías de comunicación fluídas e estables especializadas en terminografía galega, ou mesmo por non promoverse especialmente a publicación en soporte electrónico dende as editoras.

2.2 *Conclusións parciais*

Á vista da produción terminográfica galega cabe concluír que o salto cuantitativo e cualitativo no período estudado (1983-2000) con respecto ao anterior é espectacular. No que se refire ao volume de obras desenvolveuse unha produción terminográfica de frecuencia anual (inexistente ata o momento) e que, ademais, supera as 3 obras/ano no período 1975 en diante. O ritmo ascedente constátase no incremento da media (5 obras/ano) se computamos a produción dende 1983 ata os nosos días. Outro índice ascendente constitúeo a consolidación na última década dun limiar mínimo de produción anual de máis de 5 obras/ano, cunha media algo máis elevada. No aspecto cualitativo a diferenza con períodos anteriores provén da profesionalización desta tarefa na medida en que se elaboran por primeira vez algúns produtos con fins exclusivamente terminográficos e asistimos, asemade, á

diversificación do perfil do autor, abrindo campo de actuación aos profesionais da lingua; así mesmo, tamén se amplían as áreas de coñecemento que se tratan, o número de linguas de edición de modo notable e a estrutura e o soporte, aínda que estes últimos en menor medida.

Con todo, convén matizar todos estes logros e procurar vías alternativas para un desenvolvemento futuro maior e mellor. Así, cuantitativamente é moi apreciable o enorme esforzo acometido, mais sería conveniente non só consolidar unha media de produción ou un número mínimo de produtos por ano, senón tamén un ritmo regular baseado na constitución de equipos investigadores estables, cunha produción anual planificada tamén estable.

Ademais, a profesionalización da materia atinxe igualmente á creación dunha infraestrutura investigadora con lingüistas ou tradutores formados en terminoloxía *ad hoc* en colaboración con equipos de especialistas, reservando os técnicos de normalización para a colaboración puntual e, sobre todo, para a difusión dos produtos, asesorando en aspectos como a estrutura ou o soporte segundo o público ao que se dirixa. Pola súa banda, o especialista cubriría unha función de asesoramento técnico na documentación, na definición conceptual e é o informante óptimo sobre as condicións e as probabilidades de implantación do termo en medio especializado.

Esta infraestrutura podería tamén asumir o labor de planificación metodolóxica e temática de maneira que se corrixan as descompensacións existentes actuando non só segundo os criterios de oferta de produtos, senón tamén segundo as necesidades, os sectores estratéxicos máis vinculados ao país, etc. Igualmente, sería conveniente a introdución das linguas occidentais do contorno en repertorios e áreas temáticas nos que fose necesario por razón de mercado e non contasen con estas correspondencias pola época na que foron producidos. Con esta diversificación incardinaríase a nosa produción terminográfica tamén na corrente traducional (alén da planificadora) abrindo unha fiestra ao contorno plurilingüe europeo, na que o galego non se presente de modo subsidiario e teña a mesma consideración ca as outras linguas.

En definitiva, apréciase unha produción desvinculada do proceso de codificación da lingua (máis planificado, con criterios explícitos, autoridades na materia e modos de difusión...) e coincidente no tempo coa actuación sobre o status da lingua, pero non de forma totalmente coordinada. A seguir, incluímos unha visión sociocultural da terminoloxía que vincula a elaboración do corpus e a elaboración do status e que consideramos pertinente no desenvolvemento terminolóxico dunha lingua minorizada como é o galego.

3 NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA E TERMINOLOXÍA

3.1 *O papel da terminoloxía na planificación lingüística*

Os procesos de normalización lingüística teñen como obxectivo principal facer que, nunha situación de conflito entre dúas linguas e nun determinado espazo, a lingua minorizada se estenda a novos ámbitos de xeito que o seu uso se convirta nun feito "normal". Para conseguir tal obxectivo non abonda coa simple vontade planificadora de estender o uso desa lingua, senón que deberá estar dotada estruturalmente dos elementos necesarios para poder ser utilizada neses ámbitos con total satisfacción e respondendo a todas as necesidades comunicativas. Ou dito en palabras de Marí (1996:12), a planificación lingüística ben entendida consiste en introducir un conxunto sistemático de cambios nun conxunto de procesos previamente existentes, que comprenden non só a pura elaboración da lingua senón tamén unha estratexia comunicativa conducente á súa difusión e implantación.

Dentro da planificación lingüística os usos especializados ocupan un papel importante pois, parafraseando a Cabré (1999:34), unha lingua sen terminoloxía propia non pode ser no mundo actual unha lingua de cultura e, ademais, relegala aos usos informais é un primeiro paso cara á súa desaparición. Así pois, nos procesos de planificación lingüística (seguindo o esquema de Haugen) a modernización terminolóxica dunha lingua minorizada

fai parte do proceso de elaboración do corpus da lingua e, polo tanto, debe estar suxeita igualmente a planificación. Isto quere dicir que, partindo dunha situación explícita, deben proporse uns obxectivos concretos para acadar nun tempo limitado, cunhas canles de difusión e uns recursos de implantación axeitados e cunha normativa específica que favoreza a elaboración e a difusión desa terminoloxía imprescindible para a extensión da lingua.

3.2 *A planificación da terminoloxía*

Parece evidente que a xestión dunha situación na que existe un conflito lingüístico está condicionada polas características concretas do espazo no que se produce e polos seus obxectivos de política lingüística. Partindo de comunidades nas que se pretende a normalización plena dunha lingua minorizada é imprescindible, en opinión dos especialistas, acometer un plan de normalización da terminoloxía. Sen contarmos cun modelo único de plan, pois debe adaptarse ás características concretas da comunidade e aos recursos dispoñibles, existen seis actividades fundamentais nun plan de normalización da terminoloxía segundo Auger (1986), recollidas tamén por Cabré (1999:311):

a) a investigación, entendida como descrición da situación de feito e compilación dos datos necesarios para abordala
b) a normalización co obxectivo de fixar formas de referencia
c) a difusión da terminoloxía normalizada por diferentes vías e soportes
d) a implantación da terminoloxía nos medios de traballo
e) a avaliación do proceso anterior
f) a actualización permanente da terminoloxía

A estas actividades cabería sumar unha reflexión sobre outras dúas cuestións de interese na organización da terminoloxía

(Cabré 1992:46), que son: a propia planificación terminolóxica, entendida como a coordinación e xestión dos recursos e a formación en terminoloxía.

Esta autora, sen establecer un modelo fixo de organización, considera fundamental un repartimento de tarefas entre os distintos axentes que resumimos no seguinte cadro:

Cadro 7: Asignación de tarefas terminolóxicas

Actividade	*Axente*
a) investigación	Organismos profesionais de medio especializado e reforzados con lingüistas profesionais
b) normalización	Organismos institucionais ou institucionalizados que representen o colectivo académico e o profesional
c) difusión	Organizada en rede, pero centralizada
d) implantación	Organismos administrativos que xestionan aspectos lingüísticos da sociedade
e) avaliación	Organismos administrativos que xestionan aspectos lingüísticos da sociedade
f) actualización	Organismos profesionais de medio especializado e reforzados con lingüistas profesionais

Elaboración propia a partir de Cabré (1999:311 e ss.)

Así pois, a terminoloxía é unha tarefa compartida entre varios axentes, imprescindibles nunha boa xestión, pero non todos eles teñen a mesma responsabilidade no proceso. O papel director desta xestión debe recaer nunha entidade especializada en terminoloxía que asuma os labores de coordinación e de planificación do proceso. En canto á outra das funcións complementarias citadas, a formación, esta debe recaer no colectivo académico e no centro especializado da xestión terminolóxica, segundo o nivel de formación requirido e o seu destinatario.

O éxito dun plan de normalización terminolóxica estriba non só na produción de traballos terminográficos de excelencia, aínda que necesarios, máis tamén na implantación e no uso real da terminoloxía desa lingua por parte dos seus usuarios naturais, aos que se deben dirixir e adaptar eses produtos. De aí que sexa tan

importante que, alén dunha produción material, exista unha infraestrutura que lles sirva de soporte ás funcións enumeradas.

4 A ORGANIZACIÓN DA TERMINOLOXÍA EN GALICIA

Unha vez definido un modelo teórico de organización, produto da abstracción de experiencias particulares e pensadas para realidades semellantes á galega na medida en que se insiren en proxectos de normalización lingüística, imos analizar en que grao a experiencia galega se axeita ao devandito modelo.

4.1 *Planificación terminolóxica*

A seguir, tratamos o grao de desenvolvemento e os axentes das actividades fundamentais citadas anteriormente:

a) Investigación

A investigación nunha materia como a Terminoloxía debe considerar dúas vertentes: a teórica e a práctica. A orientación práctica ten unha especial importancia neste contexto de normalización lingüística e entendémola principalmente como a realización de traballos de terminoloxía sistemática.

En Galicia a investigación teórica foi asumida polos ámbitos académicos como corresponde a este tipo de actividades. No entanto, non se percibe un forte compromiso con esta área de coñecemento, o que se traduce na inexistencia de programas de formación superior específicos (cursos de doutoramento, cursos de posgraduado etc.), na escasa presenza en programas de doutoramento afíns (ausente nas filoloxías e cativísima no programa de doutoramento de Tradución da Universidade de Vigo), na escaseza de programas de investigación ou de grupos de investigación especializados, na carencia de publicacións científicas específicas e na pequena presenza da terminoloxía nas publicacións especializadas en lingua (que supoñen unha pequena porcentaxe en revistas como *Verba*, *Cadernos de Lingua* ou

Viceversa). Ademais, a pouca produción xerada comezou a desenvolverse nos anos 90. É, daquela, unha liña de investigación moi recente e posterior ao grande desenvolvemento das aplicacións prácticas.

No que se refire á investigación aplicada, o panorama é ben distinto, como se deduce dunha ollada ao volume da relación de recursos xerados. Existen uns 200 recursos terminolóxicos[10], dos que aproximadamente a metade se poden cualificar de recurso terminográfico en sentido estrito, isto é, concibido con ese fin.

Na edición[11] destas investigacións aplicadas participan varios axentes de diferentes ámbitos, que agrupamos nos seguintes colectivos citados sumariamente no anexo 2: institucións administrativas, institucións académicas, asociacións profesionais, entidades privadas e servizos lingüísticos, nas proporcións que reflectimos no seguinte gráfico.

Gráfico 4: Editores de terminoloxía



10. Cantidade na data en que se cerrou o corpus deste estudo (xaneiro 2002).

11. Salientamos o dato da edición por coincidir na maior parte dos casos co promotor do produto terminográfico.

O concurso de todas estas institucións é en principio positivo, pois é un indicio da implicación da sociedade e dos distintos axentes nesta materia; non obstante, percíbese unha grande dispersión sen existir ningunha entidade pública encargada de modo específico da xestión da investigación terminolóxica e da coordinación destes sectores.

- *Institucións*: varias son as institucións que en diferentes épocas se implicaron na edición de recursos terminográficos. Delas o principal promotor neste ámbito é a Dirección Xeral de Política Lingüística, que participou activamente sobre todo entre os anos 1988 e 1993. O papel desta entidade é importante, aínda que non central, pois detectamos algunhas pexas na organización tanto dende o punto de vista cualitativo, pola inexistencia de equipos de traballo estables, a inexistencia de infraestrutura de investigación, a falta de promoción de liñas ou áreas de investigación concretas, a escasa planificación dos recursos etc., así como por cuestións cuantitativas, pois a produción desta entidade significa o 25% da produción do sector institucional e o 17,59% do total da produción terminográfica, seguindo, ademais, un ritmo bastante irregular. Con todo, o papel desempeñado por esta entidade merece ser salientado como impulsor da terminografía neste período concreto, mesmo se non coordina toda a actuación terminográfica institucional. Ademais, tamén contribuíron outros organismos institucionais á investigación terminolóxica pero en menor medida e dende diversas administracións, incluída a propia autonómica (Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación da Xunta de Galicia, deputacións provinciais, Escola Galega de Administración Pública, ICONA, Instituto Xeográfico Nacional, etc.). A partir de 1997 créase o Servizo de

Terminoloxía de Galicia (TERMIGAL) como institución específica xeradora de recursos e coordinadora das actuacións neste campo.

A produción deste axente institucional encádrase principalmente no ámbito das ciencias e a tecnoloxía (48%) fronte á produción nas áreas de ciencias humanas ou sociais, máis escasa (26% ambas).

- *Ámbito académico:* por tal entendemos institucións académicas ou publicacións científicas orientadas ao estudo da lingüística ou de calquera outra disciplina que presenten investigación teórica ou aplicada sobre terminoloxía galega no eixe diacrónico e sincrónico. Este é, con moito, o colectivo máis activo na produción de recursos aplicados e tamén o colectivo máis heteroxéneo dos cinco grupos que establecemos, de xeito que contamos con 15 entidades distintas. O liderado na produción de materiais correspóndelles as entidades e publicacións de tipo lingüístico (cun 78% da produción deste sector) nun percorrido iniciado pola revista *Verba* nos anos 70 e continuado timidamente nos anos 80 pola Universidade de Salamanca da man do profesor Pensado. No que se refire aos anos 80, estes caracterizáronse pola proliferación de traballos terminográficos producidos por colectivos científicos de ámbito non lingüístico (como o Centro de Experimentación e Divulgación Apícola, a Sociedade Galega de Historia Natural, etc.), que, sensibles ás carencias da lingua e ante a súa socialización no ámbito científico, deciden acometer traballos terminográficos en cadansúa área de investigación. Na década dos 90 as institucións académicas dedicadas á lingua volven retomar esta liña de investigación con moita máis forza coa aparición de novas publicacións especializadas en lingua (*Viceversa, Cadernos de Lingua*), así como polo traballo da Real Academia Galega en colaboración co Instituto da

Lingua Galega ou a creación da titulación de Tradución e Interpretación na Universidade de Vigo. Esta titulación supuxo a implantación, por primeira vez, da Terminoloxía como materia académica e a promoción de traballos de fin de carreira, que supoñen o 37% da produción deste sector, porcentaxe elevada se consideramos que estamos perante un único produtor e que se trata de traballos de investigación sistemáticos e de profundidade, centrados en áreas de coñecemento moi específicas (enxeñaría mecánica, internet, piano, tenis, arquitectura, etc.).

Tematicamente, a produción maioritaria deste sector académico é a de ciencias e tecnoloxía (53% da produción do sector) fronte ás ciencias humanas e sociais, con porcentaxes ben máis reducidas (27 e 20% respectivamente).

- *Asociacións profesionais:* neste apartado agrupamos os colectivos profesionais ou publicacións das distintas áreas de coñecemento que promoveron ou editaron algunha investigación terminolóxica. É un colectivo reducido cunha produción escasa, do que quizais o máis destacable é a especificidade temática das obras determinada polo produtor da obra (apicultura, bioloxía molecular e patoloxía clínica, bioquímica clínica, construción, etc.). Xeran dous tipos diferentes de produtos segundo o destinatario, con polo menos dous niveis de abstracción: un de vulgarización a través de dípticos ou boletíns e outro máis técnico coa produción de léxicos.

  De entre as áreas temáticas de traballo destacan as ciencias e a tecnoloxía (74% da produción deste sector) fronte ás ciencias humanas e sociais (13% en ambos os casos).

- *Entidades privadas:* neste apartado incluímos empresas privadas, principalmente editoras, que promoven a

produción de recursos terminográficos. A súa achega é minoritaria (13% do total da produción) e o período de actividade vai dende os anos oitenta ata practicamente os nosos días. Aínda que moitos son os editores, a produción non é moi elevada, dada a inexistencia de liñas editoriais estables dedicadas á terminoloxía, agás no caso de Lea, que publicou catro repertorios entre 1993 e 1998. Un dato salientable é a presenza significativa (27%) de entidades foráneas (Luna, Gredos, La Calesa) entre os editores deste ámbito, que inclúen o galego en repertorios multilingües.

No tocante ás áreas temáticas, obsérvase, coma no caso dos outros editores, un claro interese por traballar áreas de coñecemento científicas e tecnolóxicas (50%), aínda que tamén presenta unha elevada edición de ciencias humanas (43%), sendo as ciencias sociais as menos representadas (7%).

- *Servizos lingüísticos:* estas unidades de traballo non foron computadas entre as asociacións profesionais por depender nos máis dos casos dalgunha institución e non se incluíu entre as institucións por realizar un traballo puramente lingüístico, aínda que non orientado exclusivamente á terminoloxía. Os servizos lingüísticos son os principais usuarios dos produtos terminolóxicos e podemos cuantificalos en 136 unidades de traballo[12], aínda que isto non se traduza nunha produción de recursos significativa (11%). A escasa produción pode deberse á falta de recursos humanos (moitos servizos teñen unha dotación unipersoal e non sempre a tempo completo) e materiais, ou tamén a que o traballo ter-

12. Dato fornecido polo CDSG tirado da *Guía da Lingua Galega*. Destas 136 unidades creadas temos que precisar que en decembro de 2000 estaban activas 81, presentan unha actividade irregular 20 e están creadas pero sen actividade 35. Estas cifras dan unha idea das condicións de precariedade, que dificultan a asunción de tarefas de longa duración como pode ser un proxecto terminográfico sectorial.

minolóxico non é unha das súas tarefas centrais, aínda que moi necesaria (polo menos en servizos como o do Diario Oficial de Galicia, o Parlamento, a TVG, etc.). Os primeiros servizos lingüísticos comezaron a funcionar aproximadamente nos anos 80 nun ritmo crecente. Porén, o traballo terminográfico destas unidades non comeza a publicarse ata 1993[13] e, dende entón, continúa ata os nosos días. Cómpre salientar o labor dos servizos lingüísticos das universidades galegas (75% da produción destas unidades), nomeadamente o da Universidade de Santiago de Compostela, que produciu a maior parte das obras deste colectivo (58%). Tematicamente estas unidades privilexian a produción nas áreas científicas e tecnolóxicas (50%) fronte á produción das ciencias sociais ou humanas (25% respectivamente), e incorporan o especialista como autor.

En resumo, un grupo numeroso de axentes participa na investigación terminográfica en Galicia. Ao agrupalos por sectores destaca a actuación dos organismos de ámbito académico e, en segundo lugar, dos organismos institucionais. Os outros axentes (asociacións profesionais, entidades privadas e servizos lingüísticos) teñen unha participación máis limitada. No tocante ás áreas temáticas, xa salientamos no apartado anterior a preferencia polas ciencias e a tecnoloxía fronte aos outros dous grupos temáticos que é xeral en todos os axentes e de modo máis marcado no caso das asociacións profesionais. Dende a perspectiva temática o maior produtor de recursos é o sector académico nos tres bloques.

Ademais, hai que salientar que fóra de traballos parciais, que son a maioría (publicacións periódicas ou entidades que cola-

13. A explicación a este feito topámola en que no período anterior (1988-1993) os produtos terminográficos elaborados polos técnicos destes servizos foron publicados pola Dirección Xeral de Política Lingüística, *vid.* compilación no apartado 4 do apéndice bibliográfico.

boran puntualmente), só existen 4 entidades que publicasen de modo sistemático e máis ou menos continuado repertorios terminolóxicos e que pertencen a distintos grupos de axentes. Nos comezos, o editor principal é a Dirección Xeral de Política Lingüística entre 1988 e 1993, a seguir toma o relevo o Servizo Lingüístico da Universidade de Santiago de Compostela dende 1993 ata hoxe e tamén a titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo dende 1997 a través das memorias de fin de carreira, que se extinguen coa implantación do novo plan de estudos[14]. No ámbito privado podemos destacar a editorial Lea, centrada nas ciencias humanas, cunha liña de edición especializada neste sentido. O peso da produción destas catro entidades é aproximadamente do 40% do total de recursos, o que en termos cuantitativos non permite falar de liderados claros. Doutra banda, de termos en conta o ritmo de edición, a unidade máis produtiva foi a Dirección Xeral no inicio e actualmente a titulación de Tradución con varios repertorios por ano, primando o traballo en ciencia e tecnoloxía fronte ás ciencias humanas ou sociais, como vimos nas diferentes porcentaxes.

De todo isto, cabe afirmar que non existe liderado na investigación terminolóxica en Galicia, malia existir unha actividade máis ou menos intensa segundo os recursos e necesidades dunhas poucas entidades e unha multitude de achegas puntuais de colectivos profesionais. Xa que logo, parécenos importante a existencia dunha entidade impulsora ou promotora por excelencia destes estudos terminolóxicos que exerza unha función de coordinación entre estas achegas, así como unha política planificada de apoio á investigación en terminoloxía, sen deixar esta función en mans de diversas entidades e o seu bo entender e orzamento.

14. Plan de estudos de 2000 que se implantou no curso 2003/2004.

b) Normalización

Consideramos que a normalización terminolóxica é o proceso de estandarización polo que un determinado termo ou regra se converte en norma, entendida logo como padrón, estándar ou forma de referencia (Cabré 1999:241). Esta tarefa de fixación de normas, fixación de termos e valoración das variantes esixe, cando menos, do concurso dun organismo institucional que represente o colectivo académico e mais o profesional e que faga valer o seu criterio de autoridade. Este criterio incide directamente na credibilidade do produto que se emita.

Por regra xeral, esta autoridade adoita recaer en organismos especializados como centros de terminoloxía ou academias da lingua. No caso galego a Lei de normalización lingüística establece que o organismo competente en materia de lingua galega no que se refire á fixación da norma (e podería incluírse a norma terminolóxica) é a Real Academia Galega (en adiante RAG) e, ademais, existen outras unidades de traballo que poden asumir conxuntamente esta competencia ou asesorar a academia, que son o Instituto da Lingua Galega (ILG), a Escola Galega de Administración Pública (EGAP)[15] e a unidade especializada en terminoloxía que é TERMIGAL. Obsérvese que non faltan institucións que asuman ou poidan asumir na letra da lei e de facto esta autoridade; nunha ollada retrospectiva hai que dicir que a Real Academia apenas se dedicou aos traballos terminográficos, agás no caso do *Léxico da Administración*, o ILG tampouco se centrou nas linguas de especialidade, salvo en casos puntuais de colaboración coa RAG. De por parte, a produción nesta área da EGAP restrínxese á edición do *Manual de Linguaxe Administrativa* e, pola súa banda, non se coñecen aínda froitos concretos da aplicación do criterio de autoridade por parte do TERMIGAL. Na nosa opinión este Servizo de Terminoloxía de Galicia é a entidade chamada a exercer ese cri-

15. Con competencias na fixación do tecnolecto administrativo segundo figura na súa lei de creación.

terio de autoridade (do mesmo xeito ca outras entidades como UZEI, TERMCAT, etc.) por se tratar dun centro dependente da RAG, detentora da autoridade normativa, así como por estar enmarcada nunha institución administrativa participada polo ámbito académico.

Pois ben, esta situación de ausencia do criterio de autoridade condicionou negativamente a produción nestes últimos 20 anos de desenvolvemento terminográfico. A produción xerada non foi revisada nin validada por ningunha entidade científica normalizadora e, polo tanto, o resultado carece dun método de traballo rigoroso e uniforme para toda a produción. Así pois, o conxunto da produción presenta termos non fiables[16] unhas veces, motivado en parte pola "dispersión denominativa" de determinadas áreas, e contradicións outras, o que crea unha grande inseguridade e obriga os profesionais a establecer un protocolo de consulta dos materiais segundo o seu particular bo entender.

Esta eiva da deficiente normalización da produción déixase ver nunha enquisa sobre a receptividade da terminoloxía por parte dos seus usuarios na que estes afirman que un dos problemas principais dos recursos existentes é a fiabilidade (Rodríguez Río 2003:889), dándolles importancia tanto á circunstancia de que un termo estea avalado por unha autoridade normativa (57,5%) como a outros criterios tales como que o autor sexa de confianza (55,6%), feito que sitúa, polo tanto, a autoridade tamén na formación e no método persoal do autor, sen ser a autoridade normativa o único criterio de calidade. Ademais, nesta enquisa establécese unha escala de fiabilidade (de 1 a 3) das entidades produtoras de terminografía. Os usuarios consideran máis fiables o Instituto da Lingua Galega, a Real Academia Galega e as universidades; en segundo lugar, sitúan como relativamente fiables as entidades científicas e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; e, xa na derradeira posición, xulgan menos fiables a Dirección Xeral de Política Lingüística, as entidades privadas e a

16. *Vid.* Alvariño *et alii* (2001, 209 e 211).

Escola Galega de Administración Pública. Estas afirmacións son matizables dado que a actividade de TERMIGAL comezaba nese momento en que se fixo a enquisa e, no caso da EGAP, por estar especializada nunha área de traballo concreta afastada dos intereses de moitos dos enquisados. Con todo, desta enquisa cabe concluír que os usuarios confían nos organismos académicos e na RAG e, xa que logo, están predispostos a confiar na división especializada en terminoloxía (TERMIGAL); ademais, teñen en conta o criterio normativo e o criterio do terminólogo (formado, metódico e experto) á hora de utilizar novas propostas.

En definitiva, a normalización terminolóxica pasa necesariamente porque un organismo especializado asuma o criterio de autoridade, saque á luz os estudos da produción terminográfica (por exemplo o banco de datos no que atopamos o campo fiabilidade para cada voz [Alvariño *et alii*, (2001:209)]) e sente as bases metodolóxicas de traballo, o que revertirá na normalización dos termos e do idioma en ámbito especializado, que en Galicia se escribe necesariamente en futuro. Sobre o particular existe unha primeira iniciativa dende comezos de 2002 con sede en TERMIGAL: a Comisión de Validación Terminolóxica. Esta comisión está constituída por 2 especialistas e 3 lingüistas de recoñecido prestixio que se reúnen sen unha periodicidade fixa co obxecto de validar produtos terminográficos e solucións particulares. Ata o momento a súa actividade non é moi coñecida, en parte pola escasa publicidade que se lle deu a esta iniciativa e tamén pola dedicación parcial dos seus membros.

c) Difusión

Entendemos a difusión como a extensión dos termos estandarizados e a resolución de consultas sobre terminoloxía e aspectos relativos ao termo, en calquera posibilidade e soporte. Nesta materia non existiu ningunha iniciativa, nin sequera teórica, ata o nacemento do TERMIGAL, limitándose cada entidade editora a distribuír os seus propios produtos.

Así pois, os datos sobre o coñecemento de repertorios terminográficos entre os seus usuarios consignados en Rodríguez Río (2003:888) son alarmantes se temos en conta que se trata de colectivos de especialistas[17]: un 73,5% dos entrevistados di *coñecer menos de 10 repertorios* do centenar deles existentes no momento. Cabe atribuír este descoñecemento á escasa eficacia na difusión de materiais derivada do atomismo na edición e da dependencia exclusiva dos recursos da casa editora para a distribución. E aínda máis, as *vías de coñecemento* que o autor denomina *non planificadas* (comentarios doutras persoas, encontro casual en libraría, etc.) representan case a metade da opinión dos enquisados (46,7%). A vía de adquisición evidencia que non existe unha política de distribución, sendo a *adquisición en librería* a vía máis común (70,6%). Esta é a situación ata o ano 1998 (ano da enquisa), na que o grao de insatisfacción na difusión é elevado e valóranse positivamente as medidas orientadas á difusión da información, máis aló da difusión dos repertorios en si mesmos (Rodríguez Río 2003:887).

A fins de 1997 e comezos de 1998 créase, a partir dunha iniciativa da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega apoiada polo colectivo de técnicos/as de servizos lingüísticos, un centro de terminoloxía galega: TERMIGAL. Este centro foi concibido na proposta elevada á Presidencia do goberno como un centro de produción, información e difusión de servizos terminolóxicos entre outros obxectivos. Na proposta de traballo inicial[18] do órgano xa creado considéranse entre os obxectivos iniciativas relacionadas coa difusión como: *Facer un catálogo de tódolos traballos e iniciativas que existen referidos á terminoloxía galega* ou *Ve-la posibilidade de construír en Internet unha lista de discusión*

17. En concreto, docentes e investigadores da Universidade de Santiago de Compostela, docentes de ensino secundario, tradutores, traballadores de servizos lingüísticos de institucións ou empresas, estudantes da licenciatura de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e autores de repertorios terminográficos en galego.

18. Obxectivos expostos na convocatoria de reunión de especialistas cursada por este centro e realizada o 5 de marzo de 1998.

sobre problemas terminolóxicos ou, en palabras do seu director, González (1999:134), como actividade para difundir a *elaboración dunha base de datos terminolóxica consultable a través de Internet* ou doutros procedementos de busca (teléfono, fax, correo, etc.). O certo é que estas iniciativas, enunciadas co nacemento dunha institución, que xa chegaba tarde se a comparamos cos seus paralelos noutras comunidades do contorno (UZEI nace en 1977, TERMCAT en 1984), aínda non se implantaron na actualidade. Varios anos despois da creación do TERMIGAL só podemos falar de dúas propostas de difusión materializadas e en funcionamento: o servizo de consultas terminolóxicas que atende TERMIGAL e a compilación de produtos terminográficos incluída na base de datos BILEGA do Centro Ramón Piñeiro na que se poden atopar, entre moitas outras referencias, datos descritivos sobre a produción terminolóxica (en sentido extenso) elaborada ata maio de 2000.

Para incidir na difusión dos produtos e dos termos sería vital a edición e posta en liña do banco de datos terminolóxicos de TERMIGAL (que na actualidade conta con información de aproximadamente 100.000 termos pero segue en revisión [Alvariño *et alii* 2001:209]), así como a axilización do servizo de información, a diversificación de soportes na edición dos produtos, a difusión por medios alternativos (por exemplo web, listas de correo...), a creación dun centro de documentación especializado no que se recolla toda a información existente sobre produtos terminográficos galegos e outras informacións de interese, ou a elaboración de campañas informativas e mesmo formativas sobre a produción terminográfica xerada e a súa metodoloxía orientada aos servizos lingüísticos e ás asociacións profesionais, principais usuarios e difusores da terminoloxía.

d) Implantación

Entendemos a implantación como o proceso de potenciamento do uso dos termos propostos nos repertorios en situacións

comunicativas reais, é dicir, entendemos por actividades de implantación o conxunto de medidas dinamizadoras conducentes ao uso real dunha terminoloxía.

Esta é unha das funcións máis difíciles de realizar na xestión da terminoloxía no marco da corrente terminolóxica de orientación planificadora. En opinión de Corbeil (1999:44) é difícil concibir e aplicar unha estratexia de implantación e, ademais, fai falta moito tempo para xulgar a súa eficacia, pois o cambio lingüístico é lento e debe medirse polo menos nunha vintena de anos. Este mesmo autor propón, a seguir, unha estratexia de implantación baseada no seguinte principio:

> *la terminologie se diffuse par son insertion dans les communications institutionnalisées, qui façonnent l´usage des locuteurs individuels. Pour diffuser avec efficacité une terminologie, il est donc nécessaire de l´insérer dans le réseau des institutions qui en font un usage quotidien et répétitif.*

Abundando nesta idea afirma que a difusion das terminoloxías non debe descansar no falante individual, dado que non ten nin o poder nin os medios para asumir a difusión social. Así pois, propón como sectores estratéxicos que integrar na elaboración das terminoloxías e na súa difusión:

> *le réseau d´enseignement technique et professionnel; les organismes responsables de la préparation et de la rédaction des lois, règlements, codes, normes techniques; les directions des communications dans les entreprises et les organismes de l´administration publique; enfin, les éditeurs d´ouvrages ou revues spécialisées, à des niveaux variables de vulgarisation.*

Mesmo se estes non son exactamente os axentes de difusión cos que podemos contar en Galicia, queda claro que é fundamental a implicación dos usuarios reais de cada terminoloxía e asegurar a colaboración das institucións máis aptas para integraren as novidades terminolóxicas nas súas comunicacións institucionais.

Non existen datos sobre a implantación da terminoloxía xerada ata o momento, pero pode servir de indicador o escaso coñecemento dos repertorios entre especialistas ao que aludimos antes, pois dun limitado coñecemento dos produtos dificilmente se pode derivar un uso das propostas recollidas neles. Con todo, a opinión dos usuarios (Rodríguez Río 2003:896 e ss.) coincide coa citada anteriormente ao afirmaren estes que a implantación da terminoloxía galega pasa maioritariamente por *potenciar o uso do galego na ciencia e na empresa* (4,59 sobre 5) ou por *potenciar o papel difusor dos medios de comunicación* (4,57), vinculando a implantación a medidas de planificación do uso da lingua, isto é, pola implicación dos especialistas como colectivo e a súa difusión social.

A conclusión sobre a implantación da terminoloxía galega no medio especializado non pode ser positiva á vista do coñecemento e opinión dos seus usuarios, que ademais son especialistas ou lingüistas e exercen en diferentes ámbitos e niveis. Por iso cremos que a implantación da terminoloxía galega pasa necesariamente por unha acción integrada dos seguintes sectores, que deben ser: 1. as instancias xeradoras de terminoloxía (nomeadamente TERMIGAL, os servizos lingüísticos institucionais, os dos medios de comunicación, etc. coa coordinación de TERMIGAL), 2. as instancias encargadas da difusión do uso da lingua (en todos os niveis: dende a DXPL aos servizos lingüísticos de institucións e empresas), 3. as instancias educativas en todos os niveis (dende a universidade a través da acción dos seus servizos lingüísticos e comisións sectoriais a outros niveis educativos, por exemplo mediante os equipos de normalización lingüística), 4. as asociacións profesionais e 5. os editores de obras especializadas en lingua galega (servizos de publicacións universitarios, editoras, etc.).

Ata o momento as entidades citadas acometeron a elaboración de repertorios terminolóxicos, como vimos no apartado de investigación. Estas tarefas foron asumidas as máis das veces con medios precarios e con pouca coordinación no que se refire á metodoloxía; por iso, pasados vinte anos e cun panorama terminolóxico máis estable, cremos chegado o momento de concentrar

o groso da elaboración nunha entidade especializada na produción de terminoloxía (como TERMIGAL) de xeito que, relevándoos en maior ou menor medida da autoría, poida contar cos outros axentes nas tarefas fundamentais de normalización dos termos, difusión dos produtos e implantación en medio especializado. Isto supón que se rendibilizan non só os seus coñecementos técnicos, en calidade de especialistas na materia, senón tamén o coñecemento do medio sobre o que se vai actuar e as posibilidades de uso de cada proposta.

e) Avaliación

A avaliación de cada unha das etapas é unha tarefa fundamental e proveitosa nunha xestión planificada, posto que dela se poden tirar conclusións que orienten a planificación da produción terminográfica posterior e a súa implantación. De todas as avaliacións posibles salientamos a necesidade urxente de avaliar: a da produción terminográfica anterior á planificación (ou a novas medidas planificadoras), no que se refire, dunha banda, ao número de traballos e ás necesidades previas (Rotaetxe 1999:718) e, doutra, ás actuacións e aos seus métodos; e ademais convén avaliar, tamén, a implantación dos termos propostos. O obxectivo último é establecer uns criterios de validación para as distintas variantes que poidan concorrer na expresión dun mesmo concepto, así como a reformulación e uniformización dun método de traballo que rendibilicen o proceso.

O momento adecuado para a realización dunha avaliación é o previo á planificación terminolóxica ou, mellor, a unha nova planificación. No caso do galego a avaliación non se levou a cabo nos primeiros tempos, seguramente por non existir ningún centro especializado na xestión da terminoloxía. O resultado desta etapa de desenvolvemento terminolóxico é o que xa comentamos na análise da produción. Coa creación de TERMIGAL (1997) ábrese un novo período no que a nova entidade especializada en terminoloxía debe asumir a avaliación de necesidades, a avaliación

metodolóxica e de grao de implantación dos termos, alén da necesaria normalización de variantes, nunha etapa anterior á planificación e produción de recursos terminográficos. De feito, entre os obxectivos deste centro[19] figuran: *Establecer criterios metodolóxicos para a elaboración de recursos terminolóxicos*, así como *realizar a revisión dos termos galegos postos en circulación e levar a cabo unha normalización dos neoloxismos*.

Ata o momento non contamos, que saibamos, con máis información sobre a produción anterior que a relativa á terminoloxía na base de datos de bibliografía da lingüística galega (BILEGA), na que se describen os produtos terminográficos existentes. Con respecto á avaliación dos termos sabemos que TERMIGAL inclúe na súa base de datos de terminoloxía un campo co "índice de fiabilidade". Entendemos que este índice ben pode funcionar como avaliación de cada entrada proposta e variantes ao estar establecido por especialistas en Filoloxía e Tradución dunha mesma unidade técnica e sobre criterios técnicos. Desgrazadamente, esta base de datos non está aínda ao dispor do público como xa apuntamos anteriormente. Verbo da avaliación da implantación dos termos xa indicamos, tamén no apartado anterior, que non existen estudos centrados nesta materia. Ademais, tampouco se realizou unha avaliación de métodos de traballo nin se estableceron de modo explícito criterios de escolla terminográfica.

Así as cousas, parécenos que a entidade responsable da avaliación ha ser necesariamente o centro especializado en Terminoloxía, por ser o encargado da planificación posterior. Na realización destas avaliacións, algunhas en estado embrionario e outras por acometer, entendemos que tamén pode participar o colectivo académico. En definitiva, propomos que para levar a cabo a avaliación en todos os seus planos é necesario reforzar os efectivos de TERMIGAL de maneira que poida cumprir os obxectivos para os que se creou, así como promover dende esta entidade unha liña de

19. Información tirada da presentación de TERMIGAL elaborada polo seu director na lista de correo Termilat.

investigación que estude a terminoloxía galega e a súa implantación dirixida ao sector académico.

f) Actualización

A terminoloxía é parte da lingua e como tal está suxeita á evolución de todos os fenómenos sociais. Aínda máis, a terminoloxía, polo seu carácter de repertorio aberto e pola súa función denominativa, tamén de novas realidades, insírese nun campo de actuación moi dinámico. Por iso, é moi importante non só elaborar repertorios para todos os campos de actuación susceptibles de expresión nunha lingua, senón tamén manter os repertorios actualizados e adaptados ás novas realidades para dotar a lingua dos recursos necesarios que vehiculen todo tipo de contidos especializados, expresados en calquera circunstancia comunicativa. A esta necesidade responde a elaboración terminolóxica de calquera lingua, elaboración que aínda ten máis importancia no caso das linguas minorizadas, na medida en que lles serve para superar a posición de desigualdade con respecto a outras linguas e para amosar a súa capacidade expresiva.

En conclusión, dúas son as tarefas actualizadoras que asumir no caso das linguas minorizadas: unha que lle permita dotar terminograficamente a lingua para a expresión de contidos especializados de todas as áreas de coñecemento e outra que consista en revisar e actualizar a produción terminográfica existente, permitíndolle a expresión de realidades especializadas novas e en todo tipo de contexto comunicativo técnico. A asunción destas dúas tarefas pode ser simultánea ou consecutiva, dependendo dos medios e da xestión da planificación terminolóxica desa lingua.

No caso galego, durante estes anos de cultivo máis ou menos continuado, a tarefa fundamental foi a de ir dotando a lingua de repertorios terminográficos para as distintas áreas de coñecemento existentes, é dicir, que se cubriron máis ou menos as diferentes áreas segundo as necesidades que se foron detectando e segundo as preferencias de cada autor, sen incidir na elaboración

de recursos en materias innovadoras, das que o noso país é un escasísimo produtor. Doutra banda, tanto o ritmo de produción, relativamente lento, como a titánica tarefa de modernizar terminoloxicamente unha lingua sen tradición previa e, sobre todo, a falta de infraestrutura de produción terminográfica estable e ben dotada tradúcense nunha inexistente actualización.

Así, o máis frecuente é que haxa un único repertorio por área ou subárea de investigación (cando non é un para varias), estando especialmente desactualizadas aquelas áreas nas que o recurso terminográfico máis recente data da década dos 80 (física, botánica, etc.) e algo menos as de cultivo a comezos ou mediados dos 90 (minaría, electricidade e electrotecnia, informática, historia, xeografía, arqueoloxía, etc.). Esta ardua tarefa de dotación de recursos terminográficos non é un proceso acabado, pois xa dixemos que non existe ningún repertorio para a expresión de determinados contidos especializados. Outro índice de que a actualización terminolóxica do galego hai que entendela como simple dotación é o feito de existiren repertorios terminográficos multilingües, principalmente elaborados fóra de Galicia, como únicos recursos nalgunhas especialidades (bioquímica clínica, bioloxía e patoloxía moleculares, terminografía ferroviaria, etc.). En áreas nas que rexistramos varios recursos, cómpre reparar na súa complementariedade en canto a temática ou mesmo en canto a metodoloxía ou enfoque en moitos casos; noutros, non se pode falar de actualización dunha a outra obra da mesma área por razón da escasísima distancia cronolóxica e pola inexistencia dunha análise de necesidades previa á actualización. En definitiva, a terminografía galega está aínda na fase de actualización da lingua, sen asumir polos condicionamentos citados unha segunda fase de actualización terminolóxica.

Na nosa opinión a actualización terminolóxica, en sentido extenso, é unha tarefa que debe estar en conexión directa tanto coa planificación, pois esa actualización hase acometer conforme ás necesidades existentes nese momento, como en relación coa avaliación técnica e de implantación dos termos creados previamente.

Ademais, unha tarefa de actualización permanente esixe a creación dunha unidade de investigación terminolóxica estable que garanta a asunción desa función de maneira continuada. Por todo iso, cremos que a actualización debe ser asumida polo mesmo organismo que coordine, planifique, avalíe e, en definitiva, xestione a terminoloxía en Galicia.

g) Planificación

A planificación no campo da xestión da terminoloxía debemos entendela como a planificación dos traballos terminográficos, a coordinación e seguimento da aplicación duns métodos de traballo, a avaliación de resultados ou medida da implantación e a creación, xestión e difusión de recursos para a elaboración de produtos.

É opinión común entre todos os especialistas en terminoloxía que a planificación é necesaria para rendibilizar os esforzos investidos. Non existe entre estes un acordo sobre o modelo de organización máis adecuado e, con todo, moitos deles salientan a importancia de que unha entidade de rango administrativo asuma a función directora sobre entidades académicas e profesionais, unidades lingüísticas, etc.

A creación dun centro de terminoloxía, independente ou ligado ao organismo administrativo responsable da xestión lingüística do país, supón a institucionalización da terminoloxía, instrumento que se revelou en diferentes experiencias (Quebec, Suíza, País Vasco ou Cataluña) como unha ferramenta eficaz, pois permite unha mellor coordinación dos traballos, a racionalización dos recursos, o control sobre a calidade dos produtos, a centralización da difusión dos termos, de consecuencias positivas por posuír criterio de oficialidade e polas condicións de traballo da entidade que os difunde.

En experiencias paralelas de planificación terminolóxica vinculada á planificación lingüística como a quebequesa ou, aínda no mesmo marco estatal, a éuscara ou a catalá, encomendóuselle a planificación terminolóxica a un organismo institucional (Office Québecois de la Langue Française, UZEI, TERMCAT), que asumiu

a planificación no comezo do proceso de normalización. A creación desa entidade xestora da terminoloxía aconteceu nas experiencias citadas de modo inmediato ao establecemento dunha política lingüística coa correspondente aprobación das respectivas leis de normalización lingüística ou similar. Como resultado contan cunhas inxentes producións terminográficas que, en boa medida, responden ás necesidades comunicativas dos respectivos países, elaboradas de modo sistemático e equilibradas en canto ás áreas de coñecemento que cobren. En cambio, en Galicia han correr case 15 anos dende a aprobación da lexislación lingüística sobre a que se sustenta a planificación (1983) e a creación dunha entidade encargada da xestión terminolóxica, TERMIGAL (1997). Durante ese período edítase o 65% dos produtos terminográficos xerados ata a actualidade, sen existir ningunha orientación sobre as necesidades terminográficas do país máis que as necesidades parciais das entidades que asumiron os custos de edición ou a oferta (e non sempre demanda) do especialista autodidacta transformado meritoriamente en terminólogo. A falta dun organismo planificador fíxose sentir tamén na carencia dun método de traballo sistemático aplicable por todos os autores de terminoloxía, así como na nula avaliación de resultados. Nese período non podemos falar de coordinación, senón de editores varios, dos que xa indicamos o seu papel. Ademais, a ausencia de planificación lingüística tradúcese no campo da xestión terminolóxica, no que se refire aos produtos, na existencia de múltiples iniciativas pero inconexas, nunha produción desequilibrada segundo áreas de traballo e nivel de abstracción e moitas veces nun solapamento de iniciativas, co conseguinte malgasto de recursos, ao que lle hai que sumar a falta dun método de traballo, a escaseza de medidas de difusión e a nula avaliación da implantación.

A situación varía a partir de 1997 coa creación do Servizo de Terminoloxía de Galicia (TERMIGAL) en virtude dun acordo entre a RAG e o Centro para a Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro. A súa actividade céntrase, segundo Alvariño *et alii* (2001:205), na: 1. realización de traballos de documentación e compilación de terminoloxía en galego e noutras linguas, a través da creación dun

fondo bibliográfico e dun banco de datos terminolóxicos; 2. elaboración e edición de publicacións especializadas, entendendo por tales produtos terminográficos[20] e repertorios documentais ou traducións; e, 3. atención de consultas terminolóxicas concretas. En resumo, o labor inicial do TERMIGAL nestes anos de andaina está orientado principalmente á investigación e, en menor medida, á difusión sobre todo da súa propia produción. Percíbese con este novo axente produtor un pequeno avance no grao de profesionalización da investigación, dado que o persoal dedicado a estes labores (8 bolseiros) ten unha dedicación exclusiva, aínda que non estable, a estas tarefas. Con todo, bótase en falta que este centro non asuma outras funcións fundamentais na planificación terminolóxica, coma o liderado na investigación, a estandarización de acordo coa autoridade normativa outorgada á RAG ou a avaliación da produción anterior. Polo tanto, a nosa proposta incide, neste caso, na necesidade de reforzar o papel de TERMIGAL cunha dotación que lle permita exercer as funcións inherentes á planificación terminolóxica, sen ficar reducido ao papel dun simple produtor máis.

h) Formación

A terminoloxía é unha materia multidisciplinar de interese para diferentes colectivos profesionais ademais dos especialistas en lingua (especialistas noutras materias, profesionais da información e da documentación, planificadores da lingua e informáticos especialistas en intelixencia artificial) [Cabré (1999:351)]. O grao de formación en terminoloxía que se lle debe esixir aos diferentes profesionais é diferente segundo a súa especialización; así, na parte superior da escala estaría a formación que se orienta aos terminólogos. O especialista en terminoloxía debe prepararse para acometer varias funcións que van máis aló da pura elaboración de traba-

20. Ata o momento a revisión do *Manual Básico de Economía en galego* (1998) de *La Voz de Galicia,* o *Diccionario plurilingüe de telecomunicacións* (1999) en colaboración co CINDOC e o *Vocabulario de organismos acuáticos* (2000).

llos terminográficos sistemáticos. O terminólogo debe tamén formar outros especialistas lingüistas (tradutores, intérpretes, lexicógrafos, redactores, etc.) ou non (científicos, técnicos, docentes, documentalistas, expertos en lingüística computacional), así como capacitar formadores en terminoloxía.

A formación que se precisa deberá ser unha combinación de docencia universitaria do máis alto nivel (estudos de terceiro ciclo, posgraduados, mestrados, etc.) e de grao medio (estudos de primeiro e segundo ciclo), impartida por instancias universitarias ou académicas, e tamén de tipo práctico, dispensada en centros de traballo especializados en terminoloxía (cursos específicos, seminarios, cursos de capacitación e reciclaxe, etc.). En Galicia este tipo de formación circunscríbese principalmente ao ámbito dos especialistas en lingua, sen termos noticia de capacitación doutros profesionais (que si reciben ensinanzas sobre terminoloxía doutras linguas, por exemplo as materias de lingua comercial francesa ou inglesa nas escolas universitarias de Ciencias Económicas e Empresariais).

A formación académica dispensada sobre esta materia é de recente creación e coincide coa implantación da titulación de Tradución e Interpretación, facendo parte do seu programa de estudos no primeiro ciclo como materia troncal, ademais dunha materia optativa de Neoloxía; tamén existe unha materia obrigatoria, Terminoloxía e neoloxía da lingua galega, no plan de estudos de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo.

No que respecta á capacitación técnica, as únicas experiencias ata o momento foron dous seminarios de formación: un de contidos teóricos titulado “Curso de iniciación á terminoloxía” (novembro de 1999-21 horas) e outro de carácter práctico orientado á metodoloxía da terminoloxía puntual, “O traballo terminográfico nun servizo lingüístico: unha aproximación práctica” (xuño de 2002-16 horas), destinado á preparación de técnicos/as de normalización lingüística. Ambos os dous foron organizados a iniciativa da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua e o primeiro deles coorganizado con TERMIGAL.

En definitiva, apréciase un déficit importante de formación en terminoloxía, derivado da inexistencia de programas de terceiro ciclo, posgraduados e cursos de especialización sobre a materia, así como da non inclusión na maior parte dos plans de estudo das titulacións universitarias en Galicia, mesmo nas de tipo filolóxico. Pola súa banda, só atopamos recentemente unha mínima formación adaptada aos servizos lingüísticos, polo demais moi demandada polo seu persoal. Ante este panorama só cabe enxalzar o labor dos técnicos lingüistas e dos especialistas que, con vontade e de modo autodidacta, veñen asumindo as funcións de terminólogos profesionais no quefacer cotián e tamén na elaboración de produtos terminográficos sen ningún tipo de soporte metodolóxico común e sen unha formación que homoxeneice técnicas e métodos de traballo. Xa que logo, faise necesario o establecemento dun programa de formación sobre terminoloxía aplicada orientada ao traballo práctico dos distintos elaboradores, técnicos de normalización lingüística, así como outros colectivos profesionais do mundo da edición ou das asociacións profesionais. Cremos que este programa ha ser organizado e impartido por TERMIGAL, de xeito que sirva, asemade, como difusión de termos e de métodos de traballo, contribuíndo a abrir unha vía de comunicación e de retroalimentación entre produtores e consumidores de terminoloxía. No que respecta á formación superior sería conveniente a inclusión dalgunha materia de terminoloxía nas carreiras de orientación lingüística así como, de modo complementario, o estudo da terminoloxía doutras linguas no resto das titulacións. Pola súa banda, a formación de formadores e a de terminólogos hase desenvolver na colaboración entre o centro de terminoloxía e o sector académico en Galicia ou fóra.

4.2 *Nova proposta organizativa*

O modelo de organización terminolóxica exposto recolle unha serie de tarefas que, como vimos na nosa aplicación, se presentan de modo interrelacionado e que son todas elas fundamen-

tais no seu conxunto para xestionar correctamente o desenvolvemento terminolóxico dunha determinada lingua.

De certo, na análise de cada unha destas funcións no proceso galego batemos arreo con dous feitos, que son, dunha banda, a non asunción dalgunha das tarefas de modo integral e, doutra, a falta de coordinación nas tarefas asumidas parcialmente. Estes dous elementos condicionan negativamente a implantación dunha terminoloxía e é inevitable pensar no malgasto de recursos e esforzos dedicados á elaboración terminolóxica. Con todo, esta é unha apreciación relativa, pois somos conscientes de que no desenvolvemento terminolóxico do galego deuse nas últimas décadas unha evolución positiva constatable cunha simple ollada á produción. Esta mellora é atribuíble a unha crecente profesionalización do traballo terminolóxico. Como ilustración, non ignoramos que os últimos repertorios ou as propostas terminolóxicas puntuais elaboradas por TERMIGAL responden a uns principios metodolóxicos e presentan un rigor técnico non habituais na produción dos anos oitenta.

A nosa proposta para mellorar os aspectos organizativos da xestión terminolóxica pretende avanzar un grao máis nesa profesionalización do traballo e cremos que pasa necesariamente por: reasignar funcións, reorganizar a xestión e reforzar infraestruturas. Con estas medidas procúrase rendibilizar os recursos investidos nesta materia facendo que se cubran todas as tarefas plenamente e que todos os axentes funcionen de modo coordinado. Parécenos necesaria a posta en funcionamento dun plan de normalización terminolóxica para o galego e, para iso, propomos no anexo 3 as medidas concretas deste plan, á vista do estudo precedente.

Na reasignación de funcións, cremos que aínda non foron asumidas algunhas como a normalización, a avaliación e a actualización. Coidamos que estas poden ser desenvolvidas por unha única entidade especializada en cuestións terminolóxicas, co apoio puntual de entidades académicas ou profesionais. Este organismo debe contar coa facultade normalizadora e exercer o criterio de autoridade (atribuído por lei á RAG) para normalizar e avaliar a produción existente e, tamén, cos recursos materiais e humanos

necesarios para acometer as tarefas investigadoras de amplo calado inherentes a estas funcións.

Ademais, hai outras funcións desenvolvidas parcialmente que cremos que deben ser asumidas de modo coordinado por varias instancias, aínda que co liderado do centro especializado na xestión terminolóxica. Referímomos ás funcións de investigación, difusión e implantación. A investigación debe ser asumida principalmente polo sector académico e a colaboración do centro especializado debe ser a de propor liñas de investigación teóricas pertinentes para o galego, encargar traballos sectoriais aplicados, revisar e, de ser o caso, coordinar traballos realizados por outros colectivos e resolver consultas terminolóxicas puntuais, ademais de realizar a investigación inherente ás funcións citadas no parágrafo anterior. Na tarefa de difusión debera ter un papel fundamental o centro de terminoloxía, que debe asumir a edición dos recursos terminolóxicos xerados en Galicia en distintos soportes e, a poder ser, en coleccións homoxéneas agrupados segundo o tipo de produto, así como a edición do banco de datos terminolóxico (actualmente en elaboración por TERMIGAL). Na implantación dos termos o centro de terminoloxía ten que contar co concurso de todas as entidades implicadas nesta materia como xa indicamos (instancias xeradoras, instancias dedicadas á difusión da lingua, entidades educativas e profesionais e editoras).

No que se refire á formación e á planificación consideramos que son funcións que deben ser compartidas por todos os colectivos implicados de modo conxunto. No caso da formación, a colaboración máis estreita establecerase entre as instancias académicas (academias, universidades) e o centro de terminoloxía no que se refire aos programas máis especializados. Nos programas formativos de grao medio participarán, ademais do centro especializado, axentes do medio profesional, sobre todo na formación sectorial. Pola súa banda a planificación debe ser consensuada polos potenciais usuarios atendendo ás súas necesidades, polos servizos elaboradores e difusores, polas instancias académicas, polas instancias institucionais, etc., aínda que será executada pola

unidade técnica correspondente de modo anual ou plurianual segundo o obxectivo.

No tocante á reorganización da xestión terminolóxica ha seguir dúas direccións claras: o establecemento dun organigrama de xestión e a definición de funcións para cada axente co obxectivo de rendibilizar a súa actividade. Así, dende o noso punto de vista, debera promocionarse o papel do especialista en lingua como o planificador de cada recurso e da súa metodoloxía, pero debe contarse necesariamente co concurso do especialista, que resulta insubstituíble en labores de documentación, definición e asesoramento sobre as posibilidades de implantación de cada termo. Pola súa banda, o sector académico tomaría parte principalmente na investigación teórica sobre terminoloxía e, como especialistas en cada materia, o sector profesional participará na detección de necesidades de cada área, no asesoramento técnico, así como na definición e na difusión do produto final. O técnico de servizos lingüísticos debe exercer as súas funcións como detector de necesidades, como alimentador de datos para un centro de terminoloxía en tanto que axente no medio concreto e, sobre todo, como difusor das innovacións e avaliador da súa implantación. O papel máis importante é o do sector institucional que debe procurar:

- crear unha infraestrutura específica de xestión terminolóxica, en relación constante coas institucións que planifican o status da lingua,
- establecer estreitas relacións con outras entidades administrativas que potencialmente poden colaborar na definición dun corpus terminolóxico do galego (por exemplo servizos lingüísticos dos medios de comunicación, do DOG, do Parlamento...),
- establecer un plan de elaboración e de implantación terminolóxica especialmente orientado á Administración pública e todos os seus sectores de actuación,
- coordinar as actuacións entre todos os axentes públicos e privados e coordinar a súa actuación e

- exercer a representación galega nas redes de traballo terminolóxico europeas e mundiais.

Para acometer estas tarefas é necesario contar cunha infraestrutura reforzada que asuma as funcións de coordinación e as de elaboración de modo rendible, evitando a dispersión actual.

5 CONCLUSIÓNS E ALGUNHAS MEDIDAS URXENTES

O desenvolvemento terminolóxico dunha lingua está en clara relación co desenvolvemento do seu status. Por iso, a planificación lingüística debe actuar sobre os dous ámbitos de modo coordinado, pois non se pretende só crear unhas magníficas terminoloxías, senón tamén implantalas no uso cotián da lingua.

A produción terminográfica galega vese mergullada nun ascendente proceso de elaboración e consolidación dende hai tres décadas. A rendibilización dos recursos investidos neste proceso esixe unha serie de medidas que afectan principalmente á organización da xestión deses recursos. Esta organización ha camiñar cara á especialización dos axentes e á actuación coordinada de todos eles. Semella, pois, imprescindible o reforzamento da unidade técnica de traballo terminolóxico (TERMIGAL) para poder avanzar na profesionalización do sector en funcións fundamentais coma a implantación.

Somos conscientes de que a proposta de organización que realizamos neste traballo implica, necesariamente, uns cambios que non se poden afrontar rapidamente, posto que implican crear estruturas estables, así como reagrupar e incrementar a dotación económica e humana dedicada a esta materia. Por iso propomos unhas medidas transitorias de rápida execución, conducentes a unha nova organización e de beneficio e interese para todos os actores a longo prazo.

- Dotación dun consello asesor para a planificación e a difusión da produción terminolóxica galega no que

estean representados os axentes da terminoloxía galega baixo a coordinación da entidade encargada da xestión terminolóxica: universidades e outras instancias académicas, servizos lingüísticos, ámbito profesional e entidades privadas do ámbito da edición ou da tradución. Trátase de que a actuación de todos os axentes se realice dun modo coherente e cunha función determinada en cada unha das fases da elaboración terminolóxica do galego, desbotando o sobreesforzo da xestión autónoma de cada entidade para cada un dos produtos.

- Dotación dentro do programa de axudas á investigación dunha liña específica dedicada á investigación terminolóxica galega, sobre todo en aspectos metodolóxicos.
- Edición dos traballos terminográficos resultantes do traballo investigador nunha única liña editorial ou colección especializada e difusión conxunta en soportes alternativos ao papel.
- Edición e difusión en rede do banco de datos terminolóxico elaborado por TERMIGAL.
- Creación dun corpus de textos especializados galegos que recolla, en soporte electrónico, textos de carácter científico e técnico de todas as áreas de coñecemento. Este corpus é unha ferramenta útil que completa as achegas do TILGa e do CORGA e resulta crucial para o desenvolvemento rendible e con base en usos reais de produtos terminográficos.
- Creación dun fondo documental de acceso público especializado en terminografía galega (aínda é posible compilar toda esa información pois conta aproximadamente con 200 repertorios).
- Escolla dun método de traballo terminolóxico e dunhas ferramentas de xestión terminolóxica (fichas, programas informáticos...) válidos para todas as unidades produtoras (servizos lingüísticos, entidades académicas, etc.). Poden ser difundidos a través dun programa

de formación e a súa implantación redundaría na homoxeneización de técnicas de traballo e na posterior recuperación da información por parte da entidade difusora na que se centraliza esa información (banco de datos).

- Fomento da formación de especialistas en terminoloxía nos diferentes niveis e funcións. Debérase incidir en dous colectivos: na máis especializada formación de terminólogos e, en segundo lugar, na formación de técnicos por parte destes terminólogos, incidindo na difusión dunha metodoloxía e no adestramento de ferramentas de xestión que sirvan, á súa vez, para alimentar o banco de datos común. Repárese en que o groso do investimento é o de formar terminólogos, pois o resto da cadea de formación retroaliméntase.
- Creación dun espazo web que faga visible a terminoloxía galega e que sexa punto de referencia. Nel figurará agrupada por primeira vez toda a información terminolóxica galega (lista de terminólogos, lista de recursos, etc.), de modo que sirva de referencia interna e externa e que, ademais, inclúa información doutras experiencias de interese para os especialistas galegos relativa sobre todo á formación e á metodoloxía.

En definitiva, existe neste momento un camiño achandado para rendibilizar os enormes esforzos realizados nesta materia ata o momento. Esperamos que esta sucinta análise da elaboración terminolóxica en Galicia sirva como punto de inicio dunha reflexión máis ampla que teña como obxectivo elaborar unha produción máis apegada á realidade social, que traballe cos parámetros da socioterminoloxía e que contribúa á implantación da terminoloxía elaborada, pois a fixación das “novas” terminoloxías resulta un proceso vital para o mantemento da lingua, como tamén o é para a adaptación desta ás máis novas e especializadas realidades.

BIBLIOGRAF A

Alvariño Alvariño, Mª. P. *et alii* (2001): "TERMIGAL: a terminoloxía científico-técnica en galego", *Viceversa*, 6, 203-237.

Auger, P. (1988): "La terminologie au Québec et à travers le monde", OLF-STQ.

Cabré, Mª. T. (1992): *La terminologia. La teoria, les mètodes, les aplicacions*, Barcelona, Les Naus d´Empúries.

Cabré, Mª. T. (1999): "La terminología hoy: concepciones, tendencias y aplicaciones" en *La Terminología. Representación y comunicación*, Barcelona, Iula, 17-38.

Cabré, Mª. T. (1999): "Terminología y documentación" en *La Terminología. Representación y comunicación*, Barcelona, Iula, 231-247.

Cabré, Mª. T. (1999): "Importancia de la terminología en la fijación de la lengua: la planificación terminológica" en *La Terminología. Representación y comunicación*, Barcelona, Iula, 295-313.

Cabré, Mª. T. (1999): "La enseñanza de la terminología: uniformización y diversidad" en *La Terminología. Representación y comunicación*, Barcelona, Iula, 333-361.

Corbeil, J.-C. (1999): "La terminologie: une discipline au service d´objectifs multiples" en *Actas del Congreso Internacional de Terminología*, Donostia, IVAP, UZEI, 35-45.

González González, M. (1999): "A terminoloxía e os servicios de normalización lingüística en Galicia" en *Actas dos II Encontros para a Normalización Lingüística*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 131-134.

González González, M. (2000): "Un Servicio de Terminoloxía Galega, TERMIGAL" en Dieter Kremer (ed.), *Actas do VI Congreso Internacional de Estudios Galegos: un século de estudios galegos. Galicia fóra de Galicia*, 2 vols., Sada, Ediciós do Castro.

González González, M. (2001): “A Terminoloxía galega: un labor normalizador” en Xosé Luís Regueira e Alexandre Veiga (eds.) (2001): *Da gramática ó diccionario. Estudios de lingüística galega,* Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Marí Mayáns, I. (1996): “Socioterminologia i planificació lingüística” en *Jornada Panllatina de Terminologia,* Barcelona, Iula, 9-18.

Rodríguez Río, X. (1996): “Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades”, *Cadernos de Lingua*, 13, 35-74.

Rodríguez Río, X. (2003): “Os traballos terminográficos galegos vistos polos seus potenciais usuarios”, en *Terminologia e indústrias da língua, Actas do VII Simpósio Iberoamericano de Terminologia,* Lisboa, ILTEC, 881-900.

Rotaetxe, K. (1999): “Terminología, planificación y tipología” en *Actas del Congreso Internacional de Terminología*, Donostia, IVAP, UZEI, 709-719.

ANEXOS

ANEXO 1

Gráfico 5: Linguas traducidas ao galego (1992-1999)



Fonte: elaboración propia a partir dos datos de *Panorámica da edición do libro en España*

ANEXO 2

Cadro 8: Lista de editores de traballos terminográficos en Galicia

INSTITUCIÓNS ADMINISTRATIVAS:

Dirección Xeral de Política Lingüística
Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación
Escola Galega de Administración Pública
Deputación da Coruña
Deputación de Lugo
Instituto Xeográfico Nacional
Instituto Nacional para a Conservación da Natureza

INSTITUCIÓNS E PUBLICACIÓNS DE ÁMBITO ACADÉMICO OU CIENTÍFICO:

Associaçom Galega da Língua
Verba
Viceversa
Cadernos de Lingua
Educación en Galicia
Museo de Pontevedra
Lingua e Administración
Sociedade Galega de Historia Natural
Sociedade Galega de Arte Contemporánea
Sociedad Española de Bioquímica Clínica y Patología Molecular
Congreso Galego de Ornitoloxía
Centro de Experimentación e Divulgación Apícola de Galicia
Real Academia Galega - Instituto da Lingua Galega
Facultade de Filoloxía e Traducción da Universidade de Vigo
Universidade de Salamanca

ENTIDADES PROFESIONAIS:

Colexio de Arquitectos de Vigo
Asociación Provincial de Empresarios da Construcción de Pontevedra
Boletín Apícola
Centrotiendas

ENTIDADES PRIVADAS:

Xerais
Follas Novas
Celta
Gredos
Ir Indo
La Calesa
Lea
Luna
San Luis
La Voz de Galicia

SERVICIOS LINGÜÍSTICOS:

Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo
Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo
Servizo de Normalización Lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia

ANEXO 3

Cadro 9: Plan de normalización terminolóxica para o galego (I)

	Características	Problemas	Propostas
o ritmo de produción	Multiplicidade de produtores con poucos editores prolíficos, ata 30 produtores no período estudado	Inexistencia de equipos estables	• Vitalización dun centro de terminoloxía que centralice e coordine a actividade • Consolidación dun tecido de coordinación • Liña de axudas para a creación de equipos • Coordinación cos demandantes de terminoloxía para detectar necesidades • Procurar apoio técnico coas entidades e asociacións profesionais • Formación de terminólogos
o perfil do autor	• Técnico lingüista • Especialista • E. de Traducción	• Inexistencia de profesionais da terminoloxía • Escasa presenza do especialista	• Profesionalización • Programas de formación
as áreas temáticas cultivadas	Predominio das áreas científicas e técnicas	Non existe un desenvolvemento uniforme de todas as áreas temáticas	• Estudo de caso e priorización de áreas de actividade • Creación de materiais para ciclos de ensino
as linguas de traballo	• Castelán - galego • Castelán - galego - latín • Introdución dunha terceira lingua europea • Introdución doutras linguas estatais • Introdución de varias linguas	• Subsidiaridade do castelán • Redución a un esquema traducional reducido e autolimitado	• Sistematización de linguas de interese segundo áreas de coñecemento e destinatarios do produto • Incorporación doutras linguas estatatais • Incorporación doutras linguas europeas • Coordinación con outras linguas minorizadas ou minoritarias • Incorporación en proxectos estatais, europeos, universais na colaboración con entidades e redes
forma e soporte do traballo	Diversidade de formatos e soportes	• Limitación ao formato lista de palabras con equivalencias noutra lingua de modo maioritario • Escaseza de informacións conceptuais • Limitación ao soporte papel	• Creación de directrices de elaboración que inclúan formatos adecuados ao uso do produto • Adaptación ao destinatario do produto • Creación de colecciónsespecializadas

Cadro 10: Plan de normalización terminolóxica para o galego (II)

Planificación terminolóxica	Axente	Propostas
a) investigación	Centro de investigación especializado en terminoloxía Colaboración con centros de investigación universitarios Colaboración con asociacións de profesionais Colaboración con entidades educativas	Reestruturación da xestión da terminoloxía no sector institucional co reforzamento do Servizo Galego de Terminoloxía e coordinación coas unidades de tradución institucionais e os servizos lingüísticos. 1) Investigación teórica • programas de formación superior específicos • programas de investigación ou de grupos de investigación especializados • publicacións científicas específicas 2) Investigación aplicada • conexión e coordinación das iniciativas de produción terminolóxica • creación dunha rede de unidades lingüísticas en todos os ámbitos de actuación
b) normalización	Centro de investigación especializado en terminoloxía en colaboración cos centros de investigación universitarios, asociacións profesionais, etc.	Asunción do criterio de autoridade por parte do Servizo Galego de Terminoloxía que revise a produción existente e difunda os resultados da súa investigación • reforzamento da Comisión de Validación Terminolóxica • creación dun banco de datos terminolóxicos • reforzamento do servizo de consultas de TERMIGAL • oferta de asesoramento para entidades produtoras distintas de TERMIGAL • extensión do soporte electrónico na nova produción • creación dun centro de documentación especializado • campañas informativas e de formación entre especialistas
c) difusión	Organizada en rede, pero centralizada no Servizo Galego de Terminoloxía. Acción integrada das instancias xeradoras de terminoloxía, das encargadas da difusión do uso da lingua, das educativas, das asociacións profesionais e das editoras	• Publicación oficial da terminoloxía validada • Creación dunha rede institucional de unidades lingüísticas para a difusión de innovacións • Coordinación cos servizos lingüísticos

Planificación terminolóxica	Axente	Propostas
d) implantación	Organismos administrativos que xestionan aspectos lingüísticos da sociedade coordinada polo Servizo Galego de Terminoloxía en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, os servizos lingüísticos institucionais	• Implicación dos usuarios reais de cada terminoloxía na elaboración do produto a través de convenios de colaboración • Procurar colaboración das institucións máis aptas para integrar as novidades terminolóxicas nas súas comunicacións institucionais
e) avaliación	Servizo Galego de Terminoloxía en colaboración con especialistas	• Difusión do banco de datos do Servizo Galego de Terminoloxía • Establecemento duns criterios de calidade dos produtos e duns criterios de elaboración • Estudos sectoriais da cualificación por áreas de coñecemento en colaboración con especialistas
f) actualización	Organismos profesionais de medio especializado e reforzados con lingüistas profesionais co asesoramento do Servizo Galego de Terminoloxía.	• Elaboración de repertorios para as áreas de coñecemento máis innovadoras • Actualización dos repertorios existentes á nova realidade
g) planificación	Entidade de xestión lingüística do país en estreita colaboración co Servizo Galego de Terminoloxía con aprobación institucional	• Redacción dun plan de normalización terminolóxica para Galicia • Elaboración dun plan de traballo para o Servizo Galego de Terminoloxía que inclúa: a planificación dos traballos terminográficos, a coordinación e seguimento da aplicación duns métodos de traballo, a avaliación de resultados ou medida da implantación e a xestión dos recursos para a produción de repertorios
h) formación	Servizo Galego de Terminoloxía en colaboración eventual coas entidades académicas e profesionais	Elaboración dun programa de formación específico • Formación superior de terminólogos: programas de terceiro ciclo, cursos de posgrao • Formación de técnicos de servizos lingüísticos: cursos de formación profesional sobre metodoloxía de traballo puntual e de traballo sistemático, cursos de neoloxía, adaptación de préstamos, etc. • Formación de especialistas: cursos de introdución á terminoloxía e de especialización organizados sectorialmente, así como introducir a terminoloxía nos estudos universitarios de segundo ciclo de todas as áreas de coñecemento • Formación de formadores

OS MATERIAIS PARA O ENSINO E A APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA

Bieito Silva Valdivia
Xabier Mouriño Cagide

1 A LINGUA GALEGA NA ESCOLA: ANTECEDENTES E MARCO XURÍDICO ACTUAL

A galeguización da escola foi unha reclamación histórica do galeguismo político e cultural ao longo do século XX, por considerala un instrumento básico para a revalorización do idioma e do seu protagonismo na vida social. A importancia do sistema educativo na socialización dos nenos foi sinalada reiteradamente por todos os estudosos que se ocuparon desta cuestión, e a lingua é o mediador preferente neste proceso de incorporación ao sistema de valores socioculturais que configuran unha comunidade, amais de constituír en si mesma o trazo básico da súa identidade.

Na historia de Galicia, non obstante, o idioma galego estivo proscrito da vida escolar ata datas moi recentes. Probablemente isto durante moito tempo non tivo consecuencias importantes na perda global de falantes, porque o acceso á escola estivo restrinxido a unha minoría ata ben entrado o século XX e, ademais, a socialización primaria no ámbito familiar producíase case de xeito universal en galego; pero foi decisivo na conformación dunha mentalidade diglósica no conxunto da poboación, dunhas relacións xerárquicas entre os idiomas galego e castelán, e, en consecuencia, dunhas prácticas lingüísticas nas que a lingua galega asumiu sempre un rol dependente e subordinado.

O aumento progresivo e acelerado da poboación escolarizada ao longo do século pasado deulle un protagonismo especial á escola na formación dos cidadáns e no espallamento duns determinados valores culturais e lingüísticos. O sistema educativo, que se entendera xa desde a orixe dos estados-nación europeos como un instrumento fundamental na elaboración dunha conciencia

colectiva unitaria ao servizo da comunidade nacional dominante, cumpriu tamén claramente esta función en España, superpoñendo a cultura e a lingua oficial do Estado a todas as demais. Esta foi unha práctica sistemática e apenas cuestionada xa nos séculos XVIII e XIX, e continuou no século XX de maneira máis conflitiva, especialmente durante a ditadura franquista, na que a imposición do castelán se converteu en arma abertamente política.

Os estertores do franquismo provocaron unha importante efervescencia reivindicativa do uso da lingua no ámbito educativo que supuxo unha certa introdución do galego nas aulas, malia que cativa e sen o apoio de ningunha norma legal. Pero aquel foi un momento de importantes transformacións en distintos ámbitos da vida social e, especificamente, no sistema educativo: Galicia, aínda que con atraso en relación con outros territorios, incorpórase decididamente á dinámica urbanizadora dominante en todo o Estado; a televisión (un pouco antes tamén a radio) empeza a cubrir a xeografía galega, converténdose nun novo e poderoso instrumento de desgaleguización e de expansión de modelos culturais foráneos; e, paralelamente, prodúcese unha reforma educativa, a de 1970, que establece a escolarización obrigatoria ata os 14 anos.

Foi precisamente a lei reguladora desa reforma –a Lei xeral de educación– a que iniciou un período de certa permisividade legal en materia lingüística, aínda que deixando sempre as linguas non castelás na marxinalidade do sistema e sen cuestionar o papel do castelán como lingua común e *nacional.* Como desenvolvemento desa lei, no ano 1975 aparece un decreto regulador 'de las lenguas regionales españolas' no que se autoriza, con carácter experimental, o estudo das linguas nativas como materia voluntaria nos centros de Educación Preescolar e de Educación Xeral Básica. A súa filosofía era claramente proteccionista e culturalista, como se observa en diversas argumentacións recollidas no preámbulo: "para lograr una efectiva incorporación de las peculiaridades regionales al patrimonio cultural español", "para hacer posible el acceso del alumno a las manifestaciones culturales de tales lenguas", etc.

Os cambios políticos que se inician coa morte de Franco e que se consagran na Constitución de 1978 abren un período novo para a lingua galega e para a súa presenza escolar, unha presenza que se vai regulando de xeito progresivo e non sen atrancos. Co simple obxecto de situármonos no proceso histórico para comprender adecuadamente os datos que se achegan neste estudo, cítanse a continuación de maneira moi concisa as principais normas legais que foron perfilando a presenza do galego no sistema educativo e os seus mandatos máis relevantes en relación co seu ensino:

- En 1979, aínda en período preautonómico, a Xunta de Galicia aproba un decreto polo que se incorpora por primeira vez ao sistema educativo o ensino do galego como materia obrigatoria a partir do curso 1979-80. Este decreto, coñecido popularmente como Decreto de bilingüismo, foi moi polémico, pero non pola obrigatoriedade da lingua galega, senón polos condicionamentos que se lle puña á utilización deste idioma noutras áreas do currículo.
- O Estatuto de Galicia de 1981 afirma o galego como a lingua propia de Galicia así como a súa oficialidade, xunto co castelán, no seu territorio. Ao mesmo tempo, establece como competencia exclusiva da Comunidade Autónoma a promoción e o ensino da lingua galega.
- A Lei de normalización lingüística de Galicia aprobada no ano 1983 é a norma xurídica básica no que se refire á regulación e á promoción pública do idioma galego. No seu título III, que é o que se relaciona co ensino, afírmase especificamente sobre a obrigatoriedade do galego como materia escolar o seguinte: que é de estudo obrigatorio en todos os niveis non universitarios, nos cursos especiais da educación de adultos, nos cursos de ensino especializado nos que se ensina a disciplina de lingua e nas escolas universitarias e demais centros de formación do profesorado.

- En distintas normas posteriores seguiuse insistindo no carácter obrigatorio do estudo do galego nos distintos niveis educativos, introducindo simplemente como novidade un polémico concepto de 'dispensa' ou 'exención' temporal para estudantes que se incorporen ao sistema educativo galego procedentes doutras comunidades autónomas ou do estranxeiro.
- Complementariamente, fóronse aprobando os programas de Lingua e Literatura galegas para Preescolar, EXB, BUP, FP e COU, así como os horarios que debían rexer en cada un destes niveis, tendendo a unha equiparación co castelán. Esta mesma filosofía foi a que se seguiu tamén máis tarde na LOXSE coa aprobación dos currículos e dos horarios da área de Lingua galega e Literatura para as novas etapas educativas.

A incorporación do galego como materia de ensino obrigatorio nos distintos niveis e modalidades do sistema educativo promoveu unha dinámica social de formación de especialistas, de constitución de equipos de profesores e de elaboración de materiais didácticos que revolucionou en boa medida o mundo editorial e pedagóxico. Neste informe referirémonos precisamente á evolución cuantitativa e cualitativa dos materiais para o ensino da lingua galega entre dúas datas moi significativas: a da aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia e o cambio de século; pero, para podermos comprender as transformacións que se operaron nestes ao longo destas dúas décadas, cómpre facer referencia a un acontecemento educativo de máxima transcendencia: a aprobación en 1990 da Lei orgánica xeral do sistema educativo (LOXSE).

Esta lei e os decretos curriculares que a desenvolven non alteraron o rango xurídico do galego dentro do sistema educativo, pero si supuxeron unha reorganización en profundidade das etapas previas á universidade (que se manifestará, como veremos, no protagonismo que se lles outorga nos materiais didácticos) e unha

nova maneira de entender a pedagoxía das linguas (á que aludiremos na última parte deste informe).

Polo que se refire á reestruturación dos niveis educativos, os cambios máis importantes son os seguintes:

- Ampliación da escolarización obrigatoria ata os 16 anos (na Lei de 1970 chegaba só ata os 14).
- Distribución do ensino obrigatorio en dúas etapas: Primaria (de 6 a 12 anos) e Secundaria (de 12 a 16). No plan antigo todo o período obrigatorio estaba incluído na Educación Xeral Básica (EXB), que se estendía dos 6 aos 14 anos.
- Organización do ensino postobrigatorio en dúas vías: a do Bacharelato, de dous anos (dos 16 aos 18), e a da Formación Profesional Específica (en ciclos formativos de grao medio e de grao superior). Estas dúas vías existían tamén no sistema anterior, pero cunha duración moi distinta: os tres anos de BUP seguidos do COU, por unha banda, e a Formación Profesional de 1º e 2º grao, pola outra.

Para facilitar a interpretación da análise evolutiva dos materiais para o ensino da lingua galega que se fai neste informe, facilítase a continuación o calendario de implantación do sistema educativo derivado da LOXSE no que se refire ás ensinanzas de réxime xeral (reais decretos 986/1991, do 14 de xuño [BOE do 25-06-91], e 173/1998, do 16 de febreiro [BOE do 16-02-98]):

Cadro 11: Calendario de implantación do sistema educativo (LOXSE): ensinanzas de réxime xeral

Curso académico	*Niveis que se implantan*	*Niveis que desaparecen*
1991-1992	2º ciclo de E. Infantil (implantación gradual)	Preescolar (desaparición progresiva)
1992-1993	1º ciclo de E. Primaria	1º e 2º curso de EXB
1993-1994	2º ciclo de E. Primaria	3º e 4º curso de EXB
1994-1995	5º curso de E. Primaria	5º curso de EXB
1995-1996	6º curso de E. Primaria	6º curso de EXB
1996-1997	1º curso de ESO	7º curso de EXB
1997-1998	2º curso de ESO	8º curso de EXB
1998-1999	3º curso de ESO	1º curso de BUP e 1º de FP1
1999-2000	4º curso de ESO	2º curso de BUP e 2º de FP1
2000-2001	1º curso de Bacharelato	3º curso de BUP e 1º de FP2
2001-2002	2º curso de Bacharelato	COU e 2º de FP2

- A F. Profesional Específica de grao medio implantarase de forma gradual e deberá estar xeneralizada no curso 2000-2001
- A F. Profesional Específica de grao superior implantarase de forma progresiva

2 DÚAS DÉCADAS DE MATERIAIS PARA O ENSINO DA LINGUA GALEGA[1]

2.1 *Evolución xeral dos materiais escolares en lingua galega*

Co propósito de situar convenientemente a evolución dos materiais sobre o ensino da lingua galega, comezaremos por presentar de xeito moi breve o proceso seguido polos materiais didácticos en galego, en xeral, durante este período.

1. Os datos que se utilizan neste informe están collidos da base de produtos didácticos do IPLN confeccionada pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, por considerala a máis actualizada no tempo (ten información ata o ano 2000, que é o derradeiro deste informe) e tamén a máis completa (está construída a partir de fontes moi diversas: con datos do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, do ISBN, de catálogos e das páxinas web das editoriais, de revistas galegas relacionadas co

Os cambios no sistema educativo aos que nos referimos no apartado anterior avivaron a preocupación polos aspectos didácticos, o que se manifestou nun incremento considerable das publicacións relacionadas coa educación e co ensino-aprendizaxe das distintas materias. Este incremento produciuse especialmente nos anos nos que se iniciou a implantación dos novos treitos educativos derivados da LOXSE, polo que afectou nun primeiro momento de maneira preferente á Educación Infantil e Primaria, e, un pouco máis tarde, á Secundaria. Non se deron apenas cambios no nivel universitario, non afectado directamente por esta lei, e tampouco foron moi significativos na educación de adultos, no ensino a distancia e no non regrado en xeral.

A evolución da produción editorial sobre aspectos didácticos seguiu, polo tanto, un proceso de aumento progresivo nos últimos anos da década dos 80 (anos de deseño e experimentación da reforma) e, sobre todo, na primeira metade dos 90 (anos nos que se empezou a realizar a súa implantación xeneralizada), manténdose bastante estable nos últimos anos desa década. Esta evolución afectou á produción editorial global, non só á realizada en galego; pero a que utiliza este idioma deu tamén un salto cuantitativo notable: de 34 referencias en lingua galega sobre aspectos didácticos no inicio deste período, pasouse a 107 no ano 1986 e a 157 no 1990. O incremento continuou de xeito acelerado ata a segunda metade desta década (arredor de 450 publicacións nos anos 1996 e 1997), para recuar algo nos últimos anos (365 títulos no 2000). Esta evolución pódese observar de maneira moi clara no seguinte gráfico:

ensino, da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela, do *Catálogo de recursos didácticos. Centros de recursos da Comunidade Autónoma de Galicia. Curso 1999-2000,* dos tres volumes sobre *O libro galego onte e hoxe,* así como do CD-ROM que os continúa publicado no 2001, á parte doutras achegas menores). Sen embargo, como en calquera base de datos, a clasificación temática, por niveis, etc. non sempre é nítida, polo que podemos atopar rexistros de discutible localización ou que, simultaneamente, están adscritos a distintas entradas, o que fai que o tratamento cuantitativo dos datos poida mostrar ás veces algunha pequena discrepancia, pero sempre de índole menor e que se trata de aclarar nos comentarios. Publicarase unha versión actualizada e revisada desta base en 2004.

Gráfico 6: Evolución das publicacións sobre ensino en xeral



2.2 *Evolución das publicacións sobre ensino da lingua*

A evolución das publicacións que abordan de maneira específica o ensino e aprendizaxe da lingua galega segue un proceso bastante semellante ao que acabamos de ver para o conxunto das publicacións didácticas, porque, unha vez establecido o marco legal que regula a presenza do galego nos distintos niveis do sistema educativo, o factor determinante, como noutras áreas do currículo, foi a renovación didáctica e curricular que supuxo a reforma e o efecto inducido que provocou tanto nas publicacións institucionais como nas das editoriais comerciais. Como observamos no gráfico 7, o número de publicacións relacionadas dalgunha maneira co ensino da lingua galega pasou de pouco máis dunha ducia en 1982 ata superar o cento no ano 2000. Este incremento foi progresivo, como sucedeu co conxunto das publicacións didácticas no mesmo período, pero con algunhas oscilacións importantes, relacionadas posiblemente co maior ou menor protagonismo das publicacións institucionais: sorprenden, por exemplo, os picos que se acadan nos anos 1993, 1995 e 2000 (con 93 publicacións, 119 e 109, respectivamente), nun contorno cronolóxico no que a media é bastante máis baixa.

Gráfico 7: Evolución das publicacións sobre ensino da lingua



Dentro dos case 1.200 rexistros relacionados co ensino da lingua galega podemos atopar unha tipoloxía de publicacións bastante diversa: libros de texto, manuais e outro tipo de material didáctico para o alumnado; programas, guías didácticas e solucionarios, pensados todos eles máis ben para o profesorado; folletos, dípticos e trípticos con funcións e destinatarios menos precisos, etc.

Especialmente vago resulta o conxunto que se rexistra na base de datos como "material didáctico" (o máis numeroso). En rigor, 'material didáctico' debe ser todo, xa que todos eses subapartados aparecen na entrada global de 'Didáctica'. Realizada unha consulta aleatoria de títulos, comprobouse que baixo ese rótulo se inclúen todos os materiais dedicados ao ensino da lingua que non indican explicitamente na portada que son 'libros de texto', 'guías didácticas', 'manuais', etc. En boa parte correspóndense co formato de unidades didácticas, a presentación máis utilizada na reforma de 1990.

Aceptando, polo tanto, as dificultades que hai para adscribir de xeito excluínte unha publicación a cada un destes subgrupos e redefinindo o 'material didáctico' como 'outros materiais didácticos', a porcentaxe que representa cada tipoloxía no total é, aproximadamente, a seguinte:

Cadro 12: Porcentaxes de materiais didácticos por tipoloxías

Libros de texto	*Guías didácticas*	*Manuais e cursos*	*Outro material didáctico*	*Programas e solucionarios*	*Folletos, dípticos...*
31 %	20%	5%	37%	3%	4%

2.3 *Distribución por niveis educativos*

Tal como xa se indicou, o sistema educativo sufriu unha readaptación importante na década de 1990, con cambios que se manifestan basicamente na ampliación do ensino obrigatorio ata os 16 anos e na reorganización dos niveis educativos anteriores á universidade. Como se tratou dunha implantación gradual, durante varios anos superpuxéronse os dous sistemas, cuestión que tamén se manifestou nos materiais didácticos coa convivencia transitoria dos dirixidos ao Preescolar, a EXB, o BUP, o COU e a antiga FP, cos que foron elaborados xa para as etapas nas que se organiza o novo sistema: a Educación Infantil, a Educación Primaria, a ESO, os bacharelatos, etc.

Malia que o período que estamos a analizar se rexeu aínda moi maioritariamente pola Lei de 1970 (lémbrese, por exemplo, que a Educación Primaria só se rematou de implantar no curso 1995-96, que a Educación Secundaria Obrigatoria non o fixo ata o 1999-2000 e que os novos bacharelatos se iniciaron de xeito xeneralizado no curso seguinte), a gran maioría dos materiais que se publicaron nas dúas últimas décadas para o ensino da lingua galega están orientados a estes novos treitos educativos: case o 80% do total. Esta porcentaxe correspóndese con máis de 800 títulos, publicados case na súa totalidade na década de 1990; mentres que os relacionados coa anterior estrutura educativa (uns 240), aínda que se concentran preferentemente na década de 1980, seguiron aparecendo ata o ano 1997. A distribución máis detallada nos distintos niveis educativos podémola comprobar no gráfico nº. 8.

Gráfico 8: Os materiais para o ensino da lingua por niveis educativos



Como vemos, a etapa que foi obxecto de maior atención é a de Educación Primaria (representa o 44% do total), seguida a bastante distancia pola EXB (o 15%) e pola nova Secundaria Obrigatoria (o 13%). Merece subliñarse tamén o relativo protagonismo do ensino non regrado, que inclúe especialmente a educación de adultos (aproximadamente co 12%), e a Educación Infantil, moi por riba da antiga Preescolar (un 8% entre as dúas).

No polo oposto, practicamente ausentes da escena editorial, atopamos niveis educativos como a Formación Profesional e a Universidade. Polo que se refire á primeira, cómpre facer dúas apreciacións: a escasa oferta de materiais para o ensino da lingua galega na antiga FP (15) pode ser un síntoma máis da situación de marxinalidade na que se desenvolveu este nivel educativo; pero a súa ausencia total nos ciclos formativos débese ao seu carácter de Formación Profesional Específica na que non figuran materias como a Lingua galega. No tocante á Universidade probablemente o haberá que relacionar coa orientación máis disciplinar e ensaística que adoitan ter as súas publicacións e a conseguinte despreocupación polas propostas de aprendizaxe fundamentadas en enfoques pedagóxico-didácticos.

Pode ser interesante comparar as porcentaxes de títulos adscritos a cada nivel educativo. Presentámolas a continuación distribuíndo todo o ensino regrado preuniversitario en tres etapas nas que combinamos os dous sistemas educativos que conviviron neste período histórico (o da Lei de 1970 e o da LOXSE): *educación preobrigatoria* (Preescolar e Infantil), *educación obrigatoria* (EXB, Primaria e ESO), *educación postobrigatoria* (FP, BUP, COU e bacharelatos). Baixo o título de *Outros* incluímos nun último apartado os materiais dirixidos ao ensino universitario e ao non regrado. Os datos son os seguintes:

Cadro 13: Porcentaxes de títulos adscritos a cada nivel educativo

E. preobrigatoria		*E. obrigatoria*			*E. postobrigatoria*		*Outros*
Preescolar	Infantil	EXB	Primaria	ESO	FP / BUP / COU	Bachar.	
1,2%	7%	14,6%	44%	12,7%	4%	4,3%	12,2%
8,2%		71,3%			8,3%		12,2%

2.4 *Distribución por editoriais*

É ben coñecida a importancia dos produtos orientados ao ensino nas economías das empresas editoriais. Trátase dunha dimensión merecente dunha análise en profundidade que supera as dimensións e o propósito deste informe, pero daremos algúns datos que nos parecen moi significativos para poder emitir despois algunhas consideracións. Na táboa que segue sinálanse as editoriais con maior protagonismo na edición en galego nas dúas últimas décadas. Excepcionalmente e para facilitar algunhas comparacións, indícase non só o número de títulos de cada unha relacionados co ensino do galego, senón tamén o conxunto dos publicados nesta lingua sobre calquera área ou cuestión curricular.

Cadro 14: Produción editorial en lingua galega (1982-2000)

Editoriais	*Publicacións en galego sobre ensino en xeral*	*Publicacións sobre ensino do galego*
Aba	75	24
Anaya	430 (7,9%)	106 (9,1%)
AS-PG	191 (3,5%)	11
Bahía	63	8
Bruño	145 (2,7%)	78 (6,7%)
Casals	74	27 (2,3%)
Concellos	108 (2%)	2
Escola Aberta	72	0
Edicións do Cumio	25	16 (1,4%)
Everest	74	18 (1,6%)
Fontel	82	23 (2%)
Galaxia	100 (1,8%)	53 (4,6%)
Galinova	115 (2,1%)	36 (3,1%)
Ir Indo	88	27 (2,3%)
Lea	89	3
Luis Vives	160 (2,9%)	56 (4,8%)
A Nosa Terra	45	7
Obradoiro Santillana	380 (7%)	99 (8,5%)
Rodeira Edebé	398 (7,3%)	99 (8,5%)
Sálvora	46	14
Sindicatos	64	11
SM	240 (4,4%)	101 (8,7%)
Sotelo Blanco	46	17 (1,5%)
Tambre-Edelvives	30	7
TVG, RAG (e outras)	114 (2,1%)	2
Universidades	104 (1,9%)	23 (2%)
Vicens Vives	182 (3,3%)	22 (1,9%)
La Voz de Galicia	22	11
Xerais	436 (8%)	130 (11,2%)
Xunta de Galicia (varios)	659 (12,1%)	67 (5,8%)
Outras	851 (15,6%)	85 (7,3%)
TOTAL	5462	1159

Previamente a calquera comentario, cómpre facer dúas aclaracións:

- Dado que se trata só dun informe sobre os materiais para o ensino do galego, non se dan datos comparativos sobre a produción didáctica en galego e en castelán, cuestión que sería de máxima relevancia –tanto desde o punto de vista económico como desde o da normalización da lingua– se estivésemos a falar de materiais educativos en xeral.
- Os datos que se ofrecen refírense a calquera produción editorial en galego relacionada co ensino en xeral e co ensino do galego en particular. Significa isto que se inclúen desde libros de texto a folletos, dípticos ou trípticos, pasando por manuais, guías didácticas ou calquera outro material didáctico de apoio. Isto é moi importante, porque o protagonismo das empresas e entidades que se citan (e doutras que non se citan) no mundo da edición en galego depende moito do tipo de produtos que elabora e, por suposto, da súa difusión, como veremos máis adiante.

Constatado o anterior, a análise meramente cuantitativa dos datos que aparecen na táboa permítenos emitir as seguintes valoracións:

O mundo editorial en galego estivo sumamente fragmentado ao longo das dúas últimas décadas: na táboa recóllense só 30, pero foron 182 as empresas e entidades que publicaron algún tipo de material didáctico durante este período.

A edición ligada a institucións (especialmente as dependentes da Xunta de Galicia) tivo un protagonismo importante, aínda que comparativamente menor no eido do ensino do galego.

No tocante á edición privada, o espazo estivo ocupado fundamentalmente por media ducia de empresas: Anaya, Bruño, Obradoiro-Santillana, Rodeira-Edebé, SM e Xerais son as respon-

sables do 52,7% dos títulos destinados ao ensino do galego e do 37,3% dos que se relacionan co ensino en galego en xeral.

As editoriais de capital galego tiveron unha presenza cuantitativamente menor, tanto no que se refire aos materiais destinados ao ensino-aprendizaxe da lingua galega como, globalmente, ao ensino neste idioma.

A relación entre o número de materiais didácticos en galego e os que tratan especificamente sobre o ensino do galego mantén un relativo equilibrio na maior parte das editoriais. Aínda así, hai casos que non responden a esta pauta: Bruño, Galaxia ou SM, por exemplo, teñen unha maior presenza porcentual na edición relacionada co ensino do galego ca no conxunto de produción didáctica neste idioma; mentres que noutras, como a AS-PG, Escola Aberta ou as promovidas desde institucións como a TVG e a Xunta de Galicia, sucede ao revés.

Polo que se refire á distribución do número de títulos de cada editorial ao longo do período que estamos a analizar, hai que dicir que as editoriais maiores manteñen normalmente unha presenza ao longo das dúas décadas, sempre dentro da tendencia global xa sinalada noutro apartado de incrementar considerablemente o número de publicacións na década de 1990. Nos casos das editoriais menores, a súa presenza adoita ser máis esporádica, reducíndose en moitos casos á década de 1990.

A cuestión do nivel educativo resulta pouco relevante á hora de contrapoñer editoriais. O habitual é que as máis importantes atendan a todos os niveis educativos non universitarios, máis ou menos na proporción que ten cada un deles no conxunto dos materiais (ver a distribución global por niveis nun apartado anterior).

Tampouco resulta doado establecer diferenzas entre as editoriais atendendo á tipoloxía dos materiais que publicaron. Unicamente, e con carácter moi aproximativo, podemos dicir que os incluídos baixo os rótulos de cursos, folletos, programas e dípticos/ trípticos son máis propios das edicións institucionais (consellarías, centros de profesores, centros de recursos, sindicatos, etc.)

2.5 *A tiraxe*

Unha cuestión complementaria da tratada no apartado anterior é a da divulgación que acadaron os distintos materiais para o ensino da lingua galega. É unha información á que habería que aproximarse a través da tiraxe e do número de títulos vendidos; pero non resulta fácil, especialmente o referido ás vendas.

Os datos que se ofrecen neste apartado refírense só á tiraxe de 154 títulos, que é dos que se conseguiu información. É un número relativamente pequeno (pouco máis do 13% do total) e posiblemente non representativo: non figura ningunha publicación de editoriais tan importantes como Anaya, Bruño, Rodeira-Edebé ou Santillana, e, noutros casos, o número de publicacións das que temos información é totalmente desproporcionada (dispoñemos, por exemplo, da tiraxe dos 24 títulos de Aba, pero só de 4 de SM). Por todo isto, debémoslles dar un valor meramente orientativo.

Agruparemos a tiraxe en 5 treitos (menos de 1.000 exemplares, de 1.001 a 5.000, de 5.001 a 10.000, de 10.001 a 30.000 e máis de 30.000) e presentaremos a información atendendo aos mesmos criterios que xa utilizamos en apartados anteriores: por data, por niveis e por tipoloxía, aínda que simplificando en todos os casos as entradas.

Cadro 15: Tiraxe por data

	0-1.000	*1.001-5.000*	*5.001-10.000*	*10.001-30.000*	*+30.000*
Ata 1990	3	10		2	
1991	2	2			2
1992		7	1	8	
1993	1	13	2		1
1994		7	2	1	
1995	4	9	2		
1996	4	4	2		
1997	7	12	9	2	1
1998	6	9	4	1	
1999	5	7			
2000	1	1			
TOTAL	33	81	22	14	4

Cadro 16: Tiraxe por nivel

(algúns títulos repítense en varios niveis)

	0-1.000	*1.001-5.000*	*5.001-10.000*	*10.001-30.000*	*+30.000*
E. Infantil	2	1			
EXB		4	1		
E. Primaria	13	36	15	8	
ESO	7	17	5	3	2
BUP/COU		3			2
Bacharelatos		8	1	1	1
Ed. non regrada	10	18	2	2	
Sen nivel	1	4			

Cadro 17: Tiraxe por tipoloxía

	0-1.000	*1.001-5.000*	*5.001-10.000*	*10.001-30.000*	*+30.000*
Libro de texto		16	16	3	3
Guía didáctica	18	10			
Material did.	5	43	4	9	1
Manual/Curso	5	6	1	2	
Outros	5	6	1		

A partir destes datos, e coas cautelas ás que aludimos máis arriba, podemos facer as seguintes consideracións:

- A tiraxe media dos materiais destinados ao ensino da lingua galega parece situarse preferentemente no treito que vai de 1.001 a 5.000 exemplares (o 53% da mostra da que temos información), seguida dos de menos de 1.000 (21%) e dos que tiraron entre 5.001 e 10.000 (14%). Entre 10.001 e 30.000 temos 14 títulos (o 9%) e 4 publicacións superaron os 30.000.
- Non se encontran datos moi significativos na distribución por anos. Cómpre ter en conta, especialmente para as publicacións máis recentes, que estes materiais teñen unha determinada 'vida de mercado' que se pode materializar en reedicións ou reimpresións, polo que a valoración do grao de éxito nas vendas só se pode realizar a certa distancia cronolóxica.
- En canto á distribución por niveis, vemos que en todos eles o treito dominante é o que vai dos 1.001 aos 5.000. Por outro lado, como era de esperar, os títulos de maior tiraxe sitúanse preferentemente no ensino obrigatorio (a Primaria e a ESO), pero cómpre subliñar algúns casos especiais: os dous títulos destinados ao ensino non regrado, que se sitúan entre os 10.001 e os 30.000 exemplares; os dous de BUP/ COU que superan os 30.000, e a alta tiraxe dalgún material de Bacharelato, por ser un nivel postobrigatorio e de recente implantación (aínda que posiblemente se trate dalgún material internivelar e non adscrito exclusivamente a esta etapa educativa).
- Polo que se refire á tipoloxía, as tiraxes máis elevadas están nos libros de texto e no denominado 'material didáctico'. O primeiro caso explícase polo carácter obrigatorio que ten habitualmente para os estudantes, e o segundo pola súa flexibilidade, o que lle permite ser utilizado en distintos niveis, aínda que non sexa de forma

prescritiva. Moito menor é a tiraxe das 'Guías didácticas', por tratarse normalmente de material complementario e, ás veces, destinado só ao profesorado.

2.6 *O soporte*

O soporte utilizado nos materiais para o ensino do galego segue sendo fundamentalmente o papel impreso, xa sexa no formato de libro de texto, de manual, de guía didáctica ou calquera outro. A incorporación das tecnoloxías audiovisuais e da informática é moi escasa, non identificándose máis ca 26 rexistros en todo este período (o 2,2% do total), dos que 15 son gravacións en vídeo ou audio, 4 teñen o formato de gráficos proxectantes e 7 son arquivos de ordenador.

Cronoloxicamente, estes materiais apareceron practicamente todos na década de 1990, concentrándose os de tipo informático entre o ano 1994 e o 2000. Ao seren materiais relativamente recentes, están orientados case en exclusiva ao novo sistema educativo, aínda que en moitos casos sen unha adscrición específica a ningunha etapa ou con indicacións multinivelares. No seguinte cadro recóllese a súa distribución por etapas educativas (o número de rexistros é superior ao total precisamente porque algún deses materiais proponse para varios niveis)

Cadro 18: Materiais en novos soportes. Distribución por niveis educativos

	Gravación sonora	*Videogravación*	*Gráficos proxectantes*	*Arquivo de ordenador*
E. Infantil		1	4	1
E. Primaria	1	6	4	2
ESO	1	9	3	3
Bacharelato		1	3	
F. Profesional		1	3	
E. non regrado				3

Este mínimo protagonismo dos materiais en soporte que podemos chamar 'alternativo' en comparación cos que utilizan un soporte tradicional (como vimos máis arriba, apenas un 2,2%) maniféstase tamén se a comparación a establecemos con outras áreas do currículo ou co sistema educativo no seu conxunto: neste último caso, os materiais editados en soporte audiovisual ou informático representan aproximadamente o 16% do total (877 rexistros).

Co propósito de especificar un pouco máis e facilitar a comparación, no seguinte cadro contraponse o número de materiais para o ensino da lingua galega en cada un destes soportes alternativos cos que se editaron en cada un deles para o conxunto do sistema escolar durante o mesmo período:

Cadro 19: Materiais en novos soportes. Lingua/ sistema educativo en xeral

Gravación sonora		*Videogravación*		*Gráficos proxectantes*		*Arquivo de ordenador*	
Lingua	Total	Lingua	Total	Lingua	Total	Lingua	Total
1	131	14	540	4	174	7	32

Á vista destes datos, parece claro que as tecnoloxías audiovisuais e informáticas, de máxima actualidade no debate educativo actual, son unha cuestión aínda pendente no ensino da lingua galega.

3 ANÁLISE DOS MATERIAIS PARA O ENSINO DA LINGUA

Como xa se dixo anteriormente, conforme se foi incorporando progresivamente desde 1980 a materia de lingua e literatura galegas ao ensino non universitario, comezaron a publicarse libros de texto e outros materiais para a aprendizaxe do idioma destinados maioritariamente para o ensino regrado (sobre todo os libros de texto) pero tamén para outros ámbitos: escolas de idiomas, cursos de lingua para adultos, etc. Nos inicios, a oferta editorial era moi

reducida, pero dez anos despois, a comezos dos 90, tanto as editoriais propiamente galegas coma as grandes editoriais estatais tiñan no mercado o seu proxecto editorial de lingua e literatura galegas, así como materiais complementarios de moi diversa índole.

Se no apartado anterior nos referimos á evolución cuantitativa dos materiais para o ensino da lingua galega, agora pretendemos facer unha análise interna destes para valorar aspectos máis cualitativos. Centrarémonos en primeiro lugar nos cambios que se foron producindo no enfoque e organización da actividade didáctica dos libros de texto, para referírmonos despois de xeito máis breve aos demais materiais didácticos; e farémolo desde unha perspectiva diacrónica, analizando os cambios máis relevantes que se produciron nestes materiais ao longo dos seus vinte anos de existencia, pero sen pretensións de establecer comparacións horizontais dentro dun mesmo curso ou nivel educativo.

Durante este período de tempo producíronse cambios moi importantes na estrutura do sistema educativo non universitario, así como nos programas e currículos da área de lingua galega e literatura en particular; uns cambios aos que aludimos no apartado nº. 1 deste informe e que dificultan as comparacións entre niveis e etapas educativas, por non seren sempre homólogas (por exemplo, unha mesma idade pode corresponderse nun momento con ensino non obrigatorio e noutro con ensino obrigatorio). Pero, aínda aceptando estas limitacións, pódense identificar con bastante claridade algúns trazos na evolución dos materiais didácticos para o ensino da lingua e da literatura galegas, que son os que comentaremos deseguido.

3.1 *Os libros de texto*

Para facer a análise dos cambios que se produciron no enfoque e organización da actividade didáctica dos libros de texto seleccionamos publicacións destinadas ao alumnado do arco de idade 12-16 anos, precisamente porque este arco nos permite contrastar libros da actual etapa da Educación Secundaria Obrigatoria

con dúas etapas anteriores: os últimos anos de EXB e os tres primeiros cursos do BUP. Nesta selección tivemos en conta, por un lado, os libros de maior aceptación entre o profesorado e, por outro, o valor da diversidade, é dicir, de contar con varios proxectos editoriais. De acordo con estes dous criterios, a mostra seleccionada foi a seguinte:

Lingua 7º EXB. Editorial Galaxia/ Ediciones SM. 1986.
Lingua galega 1º BUP. Colectivo Seitura. Edicións Xerais. 1983.
Galego 1º BUP. *Lingua-Comunicación*. Edicións Xerais. 1992.
Lingua galega 1º BUP. Editorial Santillana. 1990.
Literatura galega 3º BUP. Colectivo Seitura. 1993.
Literatura galega 3º BUP. Editorial Anaya. 1991.
Lingua 1º ESO. Edicións Xerais. 1996.
Lingua e literatura 3º ESO. Editorial Santillana-Obradoiro. 1995.
Lingua e literatura 4º ESO. Editorial Santillana-Obradoiro. 1995.
Lingua galega e literatura 1º ESO. Editorial Galaxia. 1996.
Lingua galega e literatura 4º ESO. Editorial Galaxia. 1999.

Unha simple ollada ás unidades destes libros permite observar transformacións substanciais no tratamento e presentación dos contidos da materia de lingua galega, ás veces levadas a cabo polas propias editoriais para renovar libros que xa cumpriron un ciclo de vida (como sucede entre a edición de Xerais de 1983 e a de 1992) e outras por cambios no marco lexislativo (por exemplo, entre o programa antigo de 7º de EXB e o actual de 1º de ESO, os dous para alumnado de 12-13 anos). Son moitos os aspectos que nos permiten establecer unha análise contrastiva dos libros de texto, pero hai tres que son fundamentais porque son inherentes á propia construción e elaboración do libro:

A selección dos saberes lingüísticos. Este aspecto incide nos saberes propiamente lingüísticos que se queren transmitir ao alumnado e o enfoque pedagóxico que se lle dá á materia.

O deseño e presentación dos materiais. Fai referencia a como se organiza a actividade didáctica.

As tarefas. O tipo de actividades propostas nas unidades didácticas sinala o tipo de aprendizaxe que se agarda do alumnado e o grao de autonomía que se lle concede nese proceso.

Estes tres aspectos serán, polo tanto, os que guíen a nosa análise da evolución dos libros de texto de Lingua galega e de Literatura galega (ou de Lingua galega e Literatura, que é como se denomina a área despois da LOXSE), unha análise que se centrará na mostra que indicamos máis arriba e que se articulará arredor de dúas cuestións que consideramos nucleares: o papel da gramática e da historia da literatura.

3.1.1 A gramática como eixe organizador nos libros de lingua

Desde os primeiros manuais ata os máis actuais, a gramática vén sendo o elemento organizador da actividade didáctica nos libros de lingua. Nos anteriores á LOXSE, este tipo de organización arredor dun contido gramatical (ou da historia ou situación social da lingua) estaba xustificado porque os programas de Lingua galega para o BUP, aprobados oficialmente en 1983, presentaban un deseño baseado en contidos gramaticais. A comparación entre o índice do libro de *Lingua galega 1º BUP* de Edicións Xerais de 1983 e o temario oficial vén a demostrar a fidelidade do proxecto editorial co marco lexislativo:

Cadro 20: Os contidos do programa oficial en Lingua galega 1º de BUP, ed. Xerais (1983)

Programa oficial	*Lingua galega 1º BUP, ed. Xerais (1983)*
I. O galego na Península Ibérica	O latín e o galego
II. Unidade e diversidade da lingua	O galego na Península Ibérica
III. Fonemática e ortografía	Unidade e diversidade do galego
IV. Prosodia	Fonemática
V. O substantivo	Prosodia
VI. O adxectivo	O substantivo
VII. O artigo	O adxectivo
VIII. O pronome persoal	O artigo
IX. Pronomes e adxectivos referenciais	O pronome persoal I
X. Pronomes e adxectivos non referenciais	O pronome persoal II
XI. O verbo e os accidentes verbais	Demostrativos e posesivos
XII. Verbos regulares e irregulares	Numerais, indefinidos, relativos, interrogativos e exclamativos
XIII. Valor dos tempos e modos verbais	O verbo. Xeneralidades
XIV. Formas nominais	Conxugación verbal
XV. Perífrases verbais	Valor dos tempos e modos verbais
XVI. O adverbio	O verbo. Formas nominais
XVII. As preposicións	O verbo. Perífrases verbais
XVIII. As conxuncións	O adverbio
	As preposicións

O deseño das lecciónsc complétase cunha lectura inicial e outra final, ambas as dúas maioritariamente de textos literarios. Velaquí a presentación da unidade 6:

O substantivo
Lectura:
“Facendo dedo” (X. M. Martínez Oca)

O substantivo
– O substantivo

– Xénero dos nomes
– Formación do feminino
– Número dos nomes
– Formación do plural
– Grao dos nomes

Lectura:
"O sabio de Moimenta" (Fermín L. Cameselle)

Na edición posterior do libro de 1986, aínda que o núcleo fundamental das unidades segue estando representado polos contidos gramaticais, as actividades da lectura inicial (que deixa de ser de autor) e a lectura final (destacada graficamente co título "De autor") amplíanse considerablemente, ademais de incluír un apartado novo como peche da unidade titulado "Xogos e Actividades", separado visualmente do anterior, no que se pretende dar cabida á práctica da lingua a través de actividades de léxico, de expresión oral e de investigación. Estas novas incorporacións son un recoñecemento ás recomendacións metodolóxicas da programación oficial, que indicaban o seguinte:

> O método de traballo debe ser eminentemente activo, de tal xeito que non exista entre a consideración teórica e a práctica da lingua unha disfunción que reduza o nivel de comprensión a un monólogo ou lección maxistral, senón, ben polo contrario, variando e fomentando a participación do alumnado na elaboración dos propios esquemas de traballo. (Orde do 3 de agosto de 1983, pola que se aproba e publica o programa de lingua e literatura galega para o bacharelato [DOG 10-8-83])

Así mesmo, hai neste libro un dato relevante que convén destacar, porque anuncia algo que se vai facer habitual no futuro. Os contidos organízanse baixo a denominación de unidades, e non de leccións, como aparecía no libro de 1983. O concepto de unidade, que se xeneraliza coa LOXSE (por volta de 1986, data de publicación

do libro, empézase o debate educativo que rematará nesa lei), supón unha maneira de organizar a actividade didáctica diferente da de lección. Neste caso, o libro presenta unha organización temática (de contidos gramaticais) moi semellante á proposta nas lecciónns do libro de 1983 e o termo unidade non é máis ca unha concesión á nova terminoloxía, pois non se dá nas unidades unha interrelación de todos os contidos que interveñen nela de acordo cunha organización interna e coherente da aprendizaxe. De feito, as catro partes de que consta cada unha non teñen ningunha relación entre si.

Posteriormente, o deseño das unidades foise ampliando con novos apartados, que viñan a contrapesar o estudo propiamente gramatical coas actividades de uso. No libro de *Lingua galega de 1º BUP* de 1990 da Editorial Santillana cada unidade consta de 5 apartados:

Cadro 21: Distribución de contidos en Lingua galega 1º de BUP, ed. Obradoiro-Santillana (1990)

Lectura	*Vocabulario temático*	*Gramática*	*Expresión*	*Fonética e ortografía*	*Obradoiro de lingua*
3 páxinas	1 páxina	4/6 páxinas	2 páxinas	1 páxina	1 páxina

Este tipo de organización, sen abandonar o estudo formal da lingua (ao que se lle dedica case a metade de páxinas de cada unidade), posibilita un desenvolvemento máis práctico das clases, ao incidir na elaboración e construción de textos orais e escritos (apartados de Expresión e Obradoiro de lingua), con corrección ortográfica e ortofónica (apartado de Fonética e ortografía) e con fluidez e adecuación normativa (apartado de Vocabulario temático). Así mesmo, a diversidade textual presente nos libros é agora moito maior, atendendo así as recomendacións da programación oficial:

> En canto ós textos, recoméndase a non utilización dos literarios para suscitar materia de debate e discusión, xa que na maior parte

> dos casos os contidos que verten refírense a áreas moi específicas e por tanto de difícil dominio por parte do alumnado. En cambio, a utilización de textos xornalísticos, de revistas, e aínda de textos confeccionados polo profesor ou polos propios alumnos, pode resultar máis enriquecedora no obxectivo que vimos de enumerar, no dominio do galego. (Orde do 3 de agosto de 1983 pola que se aproba e publica o programa de lingua e literatura galega para o bacharelato [DOG 10-8-83])

Ese dominio da lingua galega convértese en finalidade primordial despois da LOXSE, tanto nos documentos legais coma nos máis propiamente pedagóxicos. Por poñer un exemplo, o Deseño Curricular Base (DCB) da Educación Secundaria Obrigatoria, que representa o novo marco legal da área, indica o seguinte na súa introdución[2]:

> O obxectivo xeral do ensino desta área na educación secundaria obrigatoria é perfecciona-la comunicación desenvolvendo as capacidades de expresión, comprensión e espírito crítico; é dicir, os alumnos e as alumnas deben progresar no dominio persoal das catro destrezas básicas e instrumentais da lingua xa adquiridas na educación primaria: escoitar, falar, ler e escribir. (Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG 2-4-93])

Para conseguir ese dominio, os DCB das distintas etapas educativas (primaria, secundaria obrigatoria e secundaria postobrigatoria) non presentan un programa detallado para cada curso, como sucedía con anterioridade, senón un currículo flexible e aberto no que se formulan uns obxectivos, uns contidos e uns criterios

2. No ano 2002 a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria aprobou novos currículos para a ESO e os bacharelatos (decretos 233 e 231 de 2002, respectivamente). Nestes currículos reformúlanse parcialmente algunhas das cuestións ás que se fai referencia neste informe; pero, hoxe por hoxe, aínda non tiveron consecuencias nos materiais didácticos.

de avaliación que deben servir de referencia aos grupos editoriais para elaborar os libros de texto. En cambio, si son moi explícitos no protagonismo que deben ter os contidos gramaticais:

> A gramática, como bloque de contido da área de lingua, estará subordinada ó obxectivo primordial: desenvolve-la competencia comunicativa (oral e escrita) do alumnado. Así pois, só ten sentido como medio enriquecedor para a corrección das propias producións do falante. É dicir, carece de base considera-la clase de lingua como unha acumulación de coñecementos teóricos desligados da actuación lingüística, senón que a reflexión sobre a lingua se debe encamiñar á mellora da competencia léxico-semántica, tanto no plano cuantitativo como cualitativo. (Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG 2-4-93])

Os libros que se elaboraron á luz deste novo marco lexislativo presentan cambios substanciais, pero non sempre con resultados satisfactorios. Na organización didáctica das unidades, por exemplo, reprodúcese habitualmente unha mesma estrutura fixa con varios apartados nos que se desenvolven os preceptivos contidos do Deseño Curricular Base (no caso do da ESO, *lingua e sociedade, lingua oral, lingua escrita, a lingua como obxecto de reflexión, a lingua literaria* e *lingua e medios de comunicación*), pero sen ningunha relación entre eles: cada apartado constrúese de xeito independente, sen continuidade cos contidos dos apartados anteriores e posteriores. Dáse, polo tanto, un desenvolvemento fragmentario dos diferentes contidos propostos no DCB, que manteñen un certo tipo de relación vertical cos contidos do mesmo apartado de todas as unidades, pero sen ningunha conexión horizontal cos contidos dos outros apartados da mesma unidade. Trátase dunha programación, que poderiamos chamar tipo "catálogo", que segue unha estrutura lineal, tal como se representa no seguinte esquema:

Cadro 22: Estrutura das unidades dos libros de texto de lingua editados a partir da LOXSE



O libro de *Lingua de 1º ESO* de Edicións Xerais do ano 1996 reproduce, coma a maioría dos libros de lingua, este tipo de programación lineal, con 6 apartados diferentes e sen conexión horizontal entre eles dentro de cada unidade:

Cadro 23: Distribución de contidos en Lingua 1º ESO, ed. Xerais (1996)

Lectura	*Tiramos do fío*	*Falar e escribir*	*Os nomes das cousas*	*A lingua por dentro*	*Fiestra aberta*
2 páxinas	2 páxinas	2 páxinas	2 páxinas	2 páxinas	2/4 páxinas

Hai, porén, outras novidades interesantes nos novos libros de texto elaborados para a reforma educativa de 1990. Entre elas, podemos destacar as seguintes:

Maior atención ao uso lingüístico

Seguindo as recomendacións que aparecen na introdución do DCB –das que demos algunha mostra máis arriba–, os libros tenden a un enfoque máis práctico da lingua, sobre todo nas etapas de Primaria e Secundaria Obrigatoria. O estudo formal do código lingüístico, que nos libros anteriores era o apartado de maior peso, redúcese para dar maior amplitude ás actividades de

uso. Por exemplo, no libro *de Lingua de 1º ESO* de Xerais, a reflexión gramatical redúcese ao apartado *A lingua por dentro*, e nos outros apartados (*Tiramos do fío, Falar e escribir, Os nomes das cousas* e *Fiestra aberta*) adoita estar subordinada á produción oral e escrita, é dicir, á práctica comunicativa.

Incorporación de novos saberes lingüísticos

Os libros de texto que saíron á luz con esta reforma tamén veñen incorporando, aínda que timidamente, outros enfoques lingüísticos diferentes da gramática descritiva e normativa, como son os relacionados coa lingüística do texto ou coa pragmática. Estas disciplinas, que parten da consideración da linguaxe como actividade contextualizada, favorecen unha pedagoxía da lingua concibida como desenvolvemento do uso. Con todo, obsérvase a tendencia a reproducir estas novas teorías lingüísticas como contidos teóricos e non como apoios para un efectivo desenvolvemento do uso lingüístico. Isto destaca sobre todo no nivel de bacharelato.

Maior diversidade e protagonismo das actividades de aprendizaxe

A evolución que se produce desde os primeiros libros dos anos 80 ata a actualidade en relación coas actividades de aprendizaxe demostra que os cambios que se foron introducindo neles non só afectan ao seu deseño e presentación (evidentemente, co paso do tempo, o aspecto visual –cor, incorporación de imaxes, maquetas vistosas, etc.– vai adquirindo maior importancia) senón tamén á concepción e enfoque que se lle debe dar á lingua dentro das aulas. Nos primeiros libros primaban as tarefas que pretendían unha resposta mecánica do alumnado: despois de varias páxinas de teoría gramatical (descrición do sistema da lingua e normas de uso) aparecía unha batería de preguntas que tiñan a finalidade de comprobar se o alumnado comprendera a información precedente e era quen de aplicala. Co paso dos anos,

ese tipo de tarefas de comprensión ou mera aplicación foise ampliando considerablemente, ata alcanzar unha enorme variedade nos libros máis recentes, nos que, á beira desas actividades máis tradicionais, é frecuente que aparezan outras de análise valorativa, de simulación, de xogo de roles, de indagación no contorno, etc. No seguinte exemplo móstrase unha comparación do tratamento dado á aprendizaxe dun mesmo contido gramatical no libro de 1º BUP de Xerais de 1983 e no de 1º de ESO, da mesma editorial, de 1996. No primeiro caso preséntaselles directamente aos alumnos a información teórica e no segundo trátase de implicalos, mediante a construción dun cadro, na aprendizaxe do contido gramatical.

Lingua 1º BUP, Xerais, (1983)

As formas átonas do pronome de cortesía son as mesmas cás do pronome de terceira persoa:

Oxalá lhe digan que non é cada (a vontade).
¿Traíchesmo bos? (a vontade).

PRONOMES PERSOAIS ÁTONOS

	1ª. persoa		2ª. persoa		3.ª persoa	
	sing.	plural	sing.	plural	sing.	plural
O. DIRECTO	me	nos	te	vos	o/lo/no a/la/na	os/los/nos as/las/nas
O. INDIREC.	me	nos	che	vos	lle	lles

• MEINOS: son as únicas formas para obxecto directo e indirecto en singular e plural respectivamente:

Levoume da man — *Traíxoume un libro*
Convidáronme á festa. — *Contáramo-lo conto.*

• TECHE: son as dúas formas do pronome átono da segunda persoa en singular. TE: tal función de obxecto directo:

Coller-te-ei pola voz.
Se non me dás-lo que levas tirate no río.
Ainda que corras hei-te coller.

143

Lingua 1º ESO, Xerais, (1996)

Na formulación das actividades tamén existen diferenzas importantes entre os inicios e a actualidade. No caso, por exemplo, de tarefas que implican o desenvolvemento dalgunha técnica ou procedemento, a tendencia era interesarse exclusivamente polo resultado final, sen ter en conta os pasos intermedios ou os recursos que se precisan para a súa elaboración. Noutras palabras, preséntasenos o problema ('construír un relato') e dísenos que alcancemos a meta ('construíde un relato'), pero sen antes traballar os pasos intermedios que nos permiten chegar a ela, esquecéndose de que esas tarefas intermedias teñen un valor en si mesmas e, ademais, son imprescindibles para acadar esa meta final. Velaquí dous exemplos opostos:

EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA

Actividade de grupo

Debedes facer unha descrición das dos personas ou persoas que aparecen nas fotografías (no dorso que vos corresponde). Recordadevos por grupos o escritido e que máis vos agrada, percatados que cada grupo tolo un distinto. Despois da elaboración dos textos, cada grupo leal á clase o seu descrito (ten 5 min) e os demais deberán descubrir o personaxe.

Para a elaboración da descrición, seguide os seguintes pasos:

a) Decidide cal será o vosso enunciado respecto do personaxe que ides describir:

— Valorado positivamente.
— Valorado negativamente.
— Enquadrar adecuadamente.
— Ridiculizado.

b) Da seguinte lista de aspectos que se poden describir dunha persona, seleccionade almenos 5 para a descrición do vosso personaxe: ollos, pelo, mirada, frente, orellas, fazulas, aparellos, forma da cara, cuello, hombros, xeito, ombros, pel, dentes.

c) Escribide os pasos que seleccionastes e indicade a combinación "coste-fi" cada unha delas.

d) Decidide en que orde elevarades colocar os elementos para a descrición: de xeral a detalles, de arriba cara abaixo, xeito coste, etc.

Lingua galega e literatura de 1º ESO, Galaxia, (1996)

4. Fai un retrato duns das persoas que aparecen nas fotografías.

Gramática

A ORACIÓN. ELEMENTOS

A oración

Escribe: *O avaro acaba sua anda da parda.*
E ainda escribe porque:

- É unha cadeia de palabras.
- Ten significado (texto: "Pensa na xente anque ao ata a unha cadea de palabras; pero, como ves, non ten significado lógico e polo tempo non é oración).
- Ten como mínimo un verbo en forma pessoal: *avaro*.
- Ten entonación final que indica o remate de mesma e na escrita vai marcada por un punto.

Para que unha frase sexa oración ha necesitas características, tres exactas: *avaro. A mesma compañeira menosa ser filme. ¿Quer ser dixeiro?*

Elementos da oración

Na oración distinguense dous elementos: o **suxeito** (SUJ) e o **predicado** (SPV).
O suxeito é a palabra ou grupo de palabras das que dicimos algo. En ocasións, o suxeito non aparece expreso na oración, porque se sobreentende. Dise que está elíptico.

— *Máis por fora ca*[illegible] *gaiola* (1)

44

Lingua de 7º EXB, Galaxia/ SM, (1986)

A presenza dos contidos transversais

A reforma educativa de 1990 establece que hai unha serie de ensinanzas que deben estar presentes nas distintas áreas curriculares. Trátase dos temas transversais: educación ambiental, educación para a paz, educación sexual e para a saúde, educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos, educación do consumidor, educación vial... Así mesmo, no propio Deseño Curricular da Área de Lingua faise fincapé na necesidade de concienciar o alumnado de que a lingua é un medio de representación da realidade e por iso a través dela manifestamos valores e actitudes con respecto ao mundo que nos rodea: manifestacións de discriminación social, racial, sexual... A ese aspecto é ao que se refire o último obxectivo xeral da área de Lingua galega e Literatura na ESO: "Analizar e xulgar fundada e criticamente os diferentes usos sociais das linguas, evitando os estereotipos de valor e prexuízos a través do recoñecemento do posible contido ideolóxico da linguaxe".

Tanto os contidos tranversais coma o interese por primar valores e actitudes de tolerancia, respecto e democracia son aspectos novidosos nos libros que naceron con esta reforma. Velaquí un exemplo do libro de *Lingua de 1º ESO* de Xerais:

Lingua 1º ESO, Xerais

3.1.2 A historia como eixe organizador nos libros de literatura

A continuación faremos algunhas consideracións sobre o tratamento que se lle dá á literatura nos libros de texto, comparando tamén neste caso a situación anterior e a posterior á LOXSE. Centrarémonos no antigo BUP e nos actuais niveis da ESO e do Bacharelato, por seren as etapas nas que a literatura acada un maior protagonismo.

Con anterioridade á reforma educativa de 1990, a literatura estudábase como disciplina escolar independente en 3º de BUP (en 8º de EXB a programación incluía aspectos de lingua e de his-

toria da literatura, e en COU había unha materia titulada *Literatura do século XX*, pero era optativa nas opcións C e D). Na actualidade o Deseño Curricular Base da ESO inclúe un bloque de contidos titulado *Lingua literaria* e o dos bacharelatos outro equivalente titulado *Literatura*, pero non se asigna a ningún curso en concreto, polo que son os propios proxectos editoriais os que deciden o desenvolvemento e secuenciación destes contidos ao longo de cada etapa. Na Secundaria Obrigatoria, a tendencia maioritaria consistiu en introducir aspectos relacionados coa linguaxe literaria no primeiro ciclo e a historia da literatura no segundo. Esta distribución levou a que nos libros de 1º e 2º da ESO haxa un apartado específico de literatura, no de 3º se dedique a metade do libro á lingua e a outra metade á historia da literatura ata o século XX, e no de 4º tamén haxa unha fragmentación semellante: a metade dedicada a lingua e a outra a historia da literatura do século XX (a este esquema responde, por exemplo, o proxecto de *Lingua e literatura da ESO* do grupo editorial Santillana-Obradoiro). Moito máis minoritario é o desenvolvemento da historia da literatura nun curso completo (atopamos un único caso entre os analizados: o proxecto de *Lingua galega e Literatura de 4º ESO* da editorial Galaxia).

Tanto nos libros anteriores á reforma coma nos posteriores, o enfoque que prima na ensinanza da literatura é o historicista; é dicir, de exposición cronolóxica de épocas, autores e obras. Velaquí as coincidencias entre o índice da *Literatura galega de 3º de BUP* de Xerais do ano 1983 e o correspondente aos libros de 3º e 4º de ESO de Santillana-Obradoiro de 1996:

Cadro 24: Comparación dos índices de Literatura galega 3º BUP, ed. Xerais (1983) e os libros de 3º e 4º de ESO da ed. Obradoiro-Santillana (1996)

Libro de *Xerais*	**Libros de *Santillana-Obradoiro***
1. Teoría literaria. A literatura e o seu estudio.	3º ESO
2. A lírica galega medieval.	11. A literatura.
3. A cantiga de amigo.	12. A literatura da Idade Media.
4. A cantiga de amor. A cantiga de escarnio e maldicir.	13. A literatura da Idade Moderna.
5. O cancioneiro relixioso e a prosa medieval.	14. A literatura do século XIX (I).
6. A literatura galega dos Séculos Escuros.	15. A literatura do século XIX (II).
7. Introducción á literatura galega do século XIX.	4º ESO
8. Rosalía de Castro.	11. A literatura de principios do século XX (1900-1920).
9. Eduardo Pondal. Outros autores do Rexurdimento.	12. A literatura da época Nós (1920-1936).
10. Manuel Curros Enríquez e os sucesores do Rexurdimento.	13. A literatura de posguerra (1940-1959).
11. A literatura galega nos comezos do século XX.	14. A literatura dos sesenta e primeiros dos setenta (1960-1975).
12. Ramón Cabanillas, escritores dos tempos das Irmandades.	15. A literatura actual.
13. O grupo Nós: Risco, Otero Pedrayo, Cuevillas.	
14. Castelao.	
15. As avangardas na literatura galega.	
16. Introducción á literatura galega de posguerra.	
17. Literatura galega de posguerra.	
18. A literatura galega de posguerra. A poesía a partir de 1950.	
19. A literatura galega de posguerra: a Nova Narrativa.	
20. A literatura galega hoxe.	

Pero, malia que os libros actuais manteñen ese mesmo enfoque historicista dos primeiros, a ensinanza da literatura experimentou cambios importantes. Fronte ao desenvolvemento dos contidos propiamente literarios como núcleos exclusivos de aprendizaxe (información teórica sobre a historia da literatura seguida dunha selección de textos para o seu comentario), que é a pauta dos libros elaborados conforme á programación de 1983, na actualidade a ensinanza da literatura ábrese a outros enfoques e utiliza recursos máis variados, seguindo as recomendacións dos actuais documentos legais, que podemos ilustrar na seguinte cita:

> O estudio da lingua e da literatura debe realizarse dunha maneira interrelacionada. O feito literario é un feito lingüístico por se tratar dun medio privilexiado para a transmisión de sentimentos, pensamentos e valores individuais e colectivos, que facilita a inserción do individuo na súa tradición cultural. (Decreto 78/1993 do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG 2-4-93])

Velaquí a comparación sobre o tratamento dado ás cantigas de amigo no libro de *Literatura galega de 3º BUP* de Anaya do ano 1991 e o libro de *Lingua galega e literatura de 4º ESO* de Galaxia:



UNIDADE 1

Pero, ¿qué é unha cantiga de amigo?

Le e responde

Lingua galega e literatura 4º ESO, Galaxia

A CANTIGA DE AMIGO

Caracterización

Desde o punto de vista temático

35

Literatura galega 3º BUP, Anaya, (1991)

3.2 *Materiais diferentes aos libros de texto*

Paralelamente á publicación dos libros de texto foron aparecendo outros materiais para o ensino da lingua. Estes materiais, como xa se comentou anteriormente, son moi variados, tanto pola finalidade que cumpren coma polos aspectos que abranguen. Os anos 70 e principios dos 80 foi a época dos manuais para a aprendizaxe do idioma, en cursos ou de xeito autodidacta. Desa época son: *Gallego 1, Gallego 2 e Galego 3,* publicados polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela; o curso de lingua *O galego hoxe* publicado inicialmente no xornal *La Voz de Galicia* e despois en texto independente; o método audiovisual *Edigal 1, 2, 3* e *4*, etc. Todos eles basean a aprendizaxe da lingua no coñecemento da gramática.

A partir dos anos 90, a oferta comeza a ampliarse coa publicación de materiais que, se ben poden ter outro uso fóra do sistema educativo, foron elaborados para ser complemento –ás veces incluso substitutos– do libro de texto. Estes materiais adoitan ter un formato máis reducido ca os libros de texto e desenvolven aspectos parciais do currículo de lingua. Por exemplo, relacionado co léxico, *Aprender palabras e significados*, publicado pola editorial Vía Láctea en 1990; sobre os xéneros textuais, *Didáctica da redacción*, caderno publicado por Edicións Xerais en 1995; sobre a expresión oral, *O lecer e a lingua oral*, publicado pola editorial Tambre en 1996; sobre contidos transversais, *Feminino e masculino. A linguaxe e os medios de comunicación*, publicado por Edicións Xerais en 1995, etc.

De todos estes materiais que podemos chamar complementarios, o que maior acollida tivo –a xulgar polo número de vendas– foi *Prácticas de lingua*, publicado por primeira vez en 1991 por Edicións do Cumio (ampliado e modificado en edicións posteriores). As prácticas a que se alude no título refírense a aspectos relacionados co código, tal como se pode observar no índice do libro:

Ortografía e fonética
Morfoloxía
- – Substantivo e adxectivo
- – Artigo
- – Pronome persoal
- – Posesivos
- – Demostrativos
- – Indefinidos
- – Numerais
- – Relativos, interrogativos e exclamativos
- – Verbo
- – Adverbio
- – Preposicións
- – Conxuncións

Léxico e semántica
- – Léxico
- – Semántica
  - Polisemia e homonimia
  - Campos semánticos

Interferencias lingüísticas
Cuestións breves
Bibliografía

O éxito deste manual posiblemente se deba, entre outras razóns, á preparación inicial do profesorado, moi centrada no coñecemento interno do código, e tamén a que nas probas externas realizadas ao alumnado de bacharelato priman os contidos gramaticais e normativos; este libro foi moi usado, por exemplo, polos alumnos e alumnas de COU para preparar a materia de Lingua galega das probas de acceso á universidade.

4 CONCLUSIÓNS

Nos últimos vinte anos, a produción didáctica orientada ao ensino e aprendizaxe da lingua galega transformouse por completo; unha transformación que non é máis ca o reflexo dos cambios no marco político e xurídico do idioma, así como dos producidos no propio sistema educativo e na investigación sobre a pedagoxía das linguas.

Desde un punto de vista cuantitativo, estes materiais didácticos –en calquera dos seus formatos: libro de texto, manual, guía didáctica, etc.– fóronse incrementando de maneira ininterrompida ata mediados da década de 1990, momento no que se superaron os cen títulos nun mesmo ano, para mostrar un certo estancamento a partir dese momento. Isto fai que hoxe a actividade editorial relacionada co ensino da lingua galega represente un importante mercado no que compite un número moi elevado de editoriais, aínda que con moi distinto protagonismo: media ducia delas ocupan máis da metade do espazo editorial, mentres que outras moitas teñen unha presenza case testemuñal.

Esta progresión tan destacada viuse potenciada por dinámicas sociais e comerciais extraescolares, pero tamén –e de maneira decisiva– polas transformacións educativas ligadas á reforma de 1990, que promoveu novas fórmulas pedagóxicas e didácticas ás que se tratou de responder con novas propostas editoriais. No entanto, apréciase un baleiro importante no eido da edición de materiais para a aprendizaxe da lingua galega: o das novas tecnoloxías. Trátase dun soporte cargado de posibilidades e cada vez máis vizoso no mundo educativo que, no caso que estamos a analizar, apenas foi explorado.

Polo que se refire á dimensión pedagóxica dos materiais e á súa organización interna, os cambios tamén foron moi importantes, aínda que nalgúns aspectos resulten máis ben superficiais. Nos primeiros materiais o ensino da lingua organízabase en lecciónns temáticas centradas nun aspecto gramatical; seguidamente, a este bloque temático único fóronselle engadindo outros contidos dife-

rentes dos gramaticais, ata alcanzar nos materiais actuais unha variada gama de saberes que van desde o código ao uso lingüístico nas súas diversas realizacións, e sen esquecer os denominados contidos transversais. Este xeito de ir minguando os contidos puramente gramaticais e incorporando outros saberes máis relacionados coa práctica do idioma vénse facendo desde os últimos libros publicados conforme á programación de 1983, pero será nos que se elaboraron seguindo os principios da LOXSE (sobre todo nos relacionados cos niveis obrigatorios) nos que o uso lingüístico se converterá na finalidade primordial da actividade didáctica.

Este novo tipo de organización trata de compaxinar a idea de que o alumnado coñeza o sistema lingüístico e, ao mesmo tempo, alcance o dominio do idioma na súa dimensión oral e escrita. Agora ben, ao se organizaren as unidades didácticas en diferentes apartados illados é difícil que os estudantes poidan establecer relacións entre eles: por exemplo, entre o estudo dos pronomes, a lectura dun conto de Álvaro Cunqueiro, exercicios de ortografía, o estudo dun campo semántico, a elaboración dunha descrición, etc. O que ven os alumnos e as alumnas é que na clase de lingua se estuda por un lado "gramática", por outro "ortografía", que se fan tamén exercicios de léxico ou de redacción, e que se le e comenta algún texto literario. En xeral pódese dicir que nos libros de texto de lingua galega –cando menos nos de máis éxito editorial– non se teñen explorado outras formas de organización da actividade didáctica nas que prime precisamente a unidade e interrelación de contidos e onde os coñecementos sobre a lingua estean orientados realmente cara á mellora das capacidades verbais.

No ámbito da literatura, predomina o enfoque cronolóxico e historicista. Isto está, sen dúbida, plenamente xustificado, non só porque unicamente desde o coñecemento do contexto social, político e cultural se poden explicar os períodos de silencio creativo e o devir accidentado da nosa literatura, senón tamén porque autores e textos adquiren unha dimensión significativa precisamente no seu contexto histórico. No entanto, bótanse en falta materiais con outro tipo de fórmulas que poderían funcionar como alternativa ou

complemento da historicista, sobre todo en certas etapas educativas: propostas centradas máis directamente na lectura, organización dos contidos literarios por xéneros, por temas, etc.

Pódese afirmar, polo tanto, que a oferta didáctica para o ensino da lingua galega acadou nun espazo temporal bastante breve un nivel aceptable, podéndose comparar en moitas das súas dimensións a calquera outra área do currículo. Esta afirmación é válida tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo, porque un libro de lingua galega de hoxe parécese moi pouco a un de hai 15 anos –e non só no seu aspecto externo–. Con todo, é certo que hai ámbitos nos que esta oferta é aínda deficiente e, sobre todo, que moitos destes materiais seguen tendo como orientación prioritaria o coñecemento do código, a súa realización escrita e os aspectos máis formais da lingua; unha orientación que non é a máis indicada para que os estudantes progresen na súa competencia comunicativa nin tampouco para avanzar na normalización social do idioma.

O ENSINO NON REGRADO DA LINGUA GALEGA. PEQUENA ACHEGA Á SÚA SITUACIÓN ACTUAL[1]

Rosario Pérez Magdalena

> ...a educación parece actuar a favor da conservación das relacións estruturais entre os grupos de clase social, ao tempo que cambia a relación estrutural entre os individuos a través do éxito e do fracaso selectivos. (Bernstein, 1997:158)

INTRODUCIÓN

Nestas últimas décadas vimos asistindo ao que poderiamos chamar unha democratización da educación. O recoñecemento universal do dereito das persoas á educación contribuirá, cando menos en teoría, a que todas as persoas, con independencia de sexo, idade, raza ou status social poidan ter acceso a unha educación digna.

Con todo, o sistema educativo actual aínda está moi lonxe hoxe en día de garantir unha educación que se poida chamar democrática. Un tratamento académico unificado para todos sen ter en conta as desigualdades de medios e coñecementos con que se chega á escola, ao noso entender non contribúe senón a incrementar e incidir nesas desigualdades.

Pero se no ensino regrado queda moito por mellorar, no eido educativo a verdadeira materia pendente para a maioría dos países hoxe considerados "desenvolvidos" segue a ser sen dúbida a educación de adultos. Segundo C. Rosales López (1991), en 1981 a cifra de analfabetos na Comunidade Económica Europea situábase entre o catro e o seis por cento da poboación, o que viña a supor entre doce e quince millóns de persoas. Máis recentemente, en

1. No presente artigo expóñense, a modo de resumo, as conclusións do informe: Pérez Magdalena, R. (2002): *A aprendizaxe da lingua galega no ensino non regrado de adultos.* Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

1990, a UNESCO informaba de que o analfabetismo afectaba a máis de 960 millóns de adultos. Aínda así, a maioría dos estados negábanse e néganse aínda hoxe a recoñecer e asumir estas cifras porque, entre outras moitas cousas, están a reflectir un evidente fracaso na posta en marcha das respectivas políticas educativas.

No que se refire á materia de lingua, aínda que todos os especialistas coinciden en que o ámbito académico non é suficiente por si mesmo á hora de adquirir unha competencia total nunha determinada lingua, non cabe dúbida de que mesmo no caso de linguas maternas este é decisivo para completar e perfeccionar a competencia lingüística adquirida previamente ou simultaneamente noutros ámbitos considerados naturais. No caso de linguas en proceso de normalización, coma a galega, o ensino convértese nun ámbito de vital transcendencia para a supervivencia e total normalización do idioma, pois en principio debería garantir a continuidade deste naquelas camadas máis novas para as que o galego deixou de ser lingua materna.

Mais se hai un ámbito educativo hoxe en día que segue a estar totalmente infravalorado (véxase o escaso interese que espertou entre os lingüistas e pedagogos do noso contorno) ese é sen dúbida o do ensino non regrado. Se historicamente o ensino non regrado do galego para adultos non desempeñou un papel determinante no proceso de recuperación do noso idioma, pensamos que na actualidade este é un campo que hai que ter moi en conta se o que se pretende é a plena normalización da lingua. Pensemos non só en todas aquelas persoas que nunca recibiron un ensino do/en galego, e polo tanto carecen dunha competencia plena no seu idioma, senón en todas esas outras que a pesar de ter recibido formación en lingua galega sufriron as eivas do actual sistema educativo. Parece evidente que unha actuación que abranga soamente os diferentes niveis do sistema educativo oficial non será suficiente, xa que, que pasará con todas esas persoas que xa remataron o seu período de formación, que constitúen a cerna da sociedade activa e que na súa maioría non empregan a lingua galega na súa actividade diaria, ben por teren adquirido

unha serie de prexuízos ben por careceren da formación lingüística adecuada?

O que realmente urxe é a posta en marcha dun sistema educativo para adultos permanente, serio e regrado que a través dunha planificación previa cubra a total carencia de formación lingüística daquelas persoas que nunca foron escolarizadas en galego, complemente posibles deficiencias na formación daquelas outras que si o foron pero que non obtiveron os beneficios desexados e sobre todo contribúa á ampliación de coñecementos lingüísticos no relacionado coas novas tecnoloxías ou a introdución da lingua en sectores científicos e sociais novidosos.

Ao longo destas páxinas exporemos brevemente as conclusións do informe antes citado (véxase nota 1), no que se estuda o sistema de ensino non regrado da lingua que se desenvolveu durante estas últimas décadas en Galicia.[2]

Así, tras o contacto coas principais entidades, institucións e persoas implicadas neste proceso, e a análise das diferentes iniciativas, tipoloxías de ensino e recursos didácticos, estas son as conclusións.

1 ETAPAS E TIPOLOXÍA DO ENSINO NON REGRADO DA LINGUA GALEGA

1.1 *Etapas*

O ensino non regrado da lingua galega experimentou, desde o noso punto de vista, dúas etapas ben diferenciadas.

A primeira, desde a metade da década dos 60 ata finais dos anos 80, caracterizada por un total espallamento de iniciativas privadas que proviñan na súa grande maioría do tecido asociativo e cultural do país. Foi unha etapa de serios compromisos e grandes vontades que debido á precariedade de medios, á falta de coordinación e ao escaso compromiso e apoio das autoridades compe-

2. A investigación da que forman parte estas conclusións pechouse a finais de 2000.

tentes en materia educativa non puido chegar a consolidarse coma un ensino da lingua para adultos firme e estable.

Nunha segunda etapa, últimos anos da década dos 80 e a totalidade da década dos 90, a formación non regrada da lingua galega pasa a ampararse na inmensa maioría dos casos no paraugas institucional da Xunta de Galicia. Foi nesta etapa onde, na nosa opinión, se desaproveitaron os froitos sementados na etapa anterior e, sen unha axeitada planificación, se creou un "produto" (curso de lingua galega) demasiado uniforme para atender a grande diversidade de necesidades da poboación adulta e que en consecuencia non achegou finalmente os beneficios desexados.

Aínda que pola orientación da publicación da que forma parte este artigo prestaremos maior atención á segunda destas etapas, ao longo da nosa exposición faremos continuas referencias ás iniciativas educativas desenvolvidas durante as décadas dos 60, 70 e mediados dos 80, pois consideramos que non pode interpretarse e valorarse correctamente o ensino non regrado da lingua desenvolvido nestes últimos tempos sen termos ben presente o seu verdadeiro xermolo e caldo de cultivo, que non foi outro que aqueles primeiros cursos presenciais, publicacións en xornais ou mesmo emisións de radio e televisión desenvolvidos na primeira das etapas que delimitamos.

1.2 *Tipoloxía*

Os cursos presenciais de lingua galega:

Aínda que a modalidade de curso presencial non é o único método posible de aprendizaxe dunha lingua, polo menos en Galicia este foi e segue a ser o máis empregado, tanto no ensino regrado coma no non regrado.

Durante boa parte da primeira etapa (anos 60 e 70) todas as actividades de aprendizaxe da lingua galega desenvolvéronse dentro do ensino non regrado, pois como é ben sabido, ata o Decreto de bilingüismo (1979) o galego non comezaría a ter pre-

senza no sistema educativo oficial, e aínda así dun xeito moi marxinal e inestable, dependendo na maior parte dos casos da sensibilidade e vontade do mestre en cuestión. Habería pois que esperar á Lei de normalización lingüística (1983) para que a situación da lingua galega no sistema educativo oficial comezase, e dicimos só comezase, a "normalizarse".

Os primeiros cursos non regrados de lingua galega datan da metade da década dos 60, anos 1964-65, e foron organizados pola Asociación Cultural O Facho da Coruña, asociación pioneira na loita pola normalización lingüística nos diferentes ámbitos sociais. A partir deste momento, moitas asociacións culturais foron organizando durante esta década, nos diferentes recunchos da nosa xeografía, numerosos cursos de aprendizaxe da lingua que tiñan como obxectivo difundir e promocionar a cultura e o idioma propios do país.

Pero sería sen dúbida na seguinte década, a dos 70, onde se desenvolverían os proxectos máis interesantes con respecto ao ensino da lingua desta primeira etapa. Ademais de toda esa rede de asociacións culturais que naceron nos anos 60 e continuaron a súa actividade nesta década e doutras novas que foron nacendo no camiño, a década dos 70 presenciou un dos acontecementos máis interesantes no eido do ensino en Galicia: o nacemento e posterior desenvolvemento do movemento de renovación pedagóxica[3].

Así, foron nacendo distintos colectivos pedagóxicos en diversos puntos do país que, aínda que na maioría dos casos uns non sabían da existencia dos outros, actuaban movidos pola mesma inquietude: a necesidade dunha escola pública para unha sociedade democrática. Aínda que é certo que as súas reivindicacións estaban principalmente enfocadas á introdución do galego no sistema educativo oficial e polo tanto regrado, non é menos certo que a imposibilidade de conseguir este obxectivo a curto prazo fixo que naceran arredor destes colectivos importantes iniciativas de ensino alternativo totalmente á marxe do sistema oficial. Asistimos pois ao nacemento de todo un fervedoiro de cursos, xornadas,

3. Para unha descrición máis detallada sobre este tema véxase Costa, A. (1988).

encontros, escolas de verán... (que por outra parte tiñan un claro referente nas Escolas d´Estiu catalanas) onde se pretendía ofrecer un ensino galeguizado, fundamentado en métodos pedagóxicos innovadores e adaptados á realidade galega, e nos que a adquisición da lingua gozaba de grande protagonismo.

Paralelamente, ben en solitario ben en colaboración con diferentes colectivos culturais, entidades coma o Instituto da Lingua Galega (ILG) ou o Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago desenvolveron tamén desde os primeiros anos desta década un importante labor de difusión da lingua dispensando por todos os recunchos de Galicia cursos de galego. Así, de 1972 data o primeiro curso de galego dispensado polo ILG en colaboración coa Asociación Cultural "Amigos da Cultura", de Pontevedra, e de 1975 o inicio dunha serie de cursos de lingua galega orientados aos mestres que organizaron en colaboración o ILG e o ICE.

Por último, que non menos importante, hai que mencionar a grande contribución á difusión da lingua que nesta época realizaron as diferentes asociacións culturais instaladas, na maior parte dos casos, nas vilas máis importantes de Galicia.

Eran estas, na súa maioría, propostas e iniciativas xurdidas non do poder institucional senón do entusiasmo, dedicación e entrega dunha serie de persoas ou colectivos que, sen precedentes pedagóxicos que os orientasen nin grande disposición de medios, conseguiron levar adiante unha serie de proxectos que, se ben no seu momento grande parte deles non deron os froitos desexados por non acadar unha necesaria continuidade, a historia demostrou que foi sementeira imprescindible para o pouco ou moito que en materia de galeguización do ensino hoxe temos entre as mans.

Aínda que as primeiras iniciativas institucionais de ensino non regrado da lingua comezaran a principios dos 80 coa creación da Subdirección Xeral de Ensino da Lingua e os cursos de galego para mestres, foi en 1983 coa aprobación da Lei de normalización lingüística e a creación da Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL) cando esta formación non regrada comezou a orientarse a

toda a poboación. Con todo, as diferentes iniciativas gobernamentais en materia de ensino non regrado da lingua empezarían a concretarse realmente coa creación da Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística, a través do Decreto 221/1990.

O primeiro proxecto para o ensino non regrado do galego que se puxo en marcha desde a DXPL foron os *cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega*. Na Orde do 1 de marzo de 1989 regulábanse estes cursos e no DOG do 18 de abril dese mesmo ano aparecían publicadas unhas normas básicas que pretendían harmonizar os diferentes modelos e métodos que baixo este mesmo nome se estaban a dispensar desde a DXPL.

Así pois, ao longo dos anos que comprende esta segunda etapa dispensáronse miles de cursos de iniciación e perfeccionamento e asistiron a eles funcionarios, docentes, médicos, xornalistas, farmacéuticos, universitarios, membros de colectivos varios e adultos en xeral.

A partir de 1990, a través dun convenio de colaboración entre a Consellaría da Presidencia e Administración Pública (na actualidade a Consellaría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais) e a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria establécese unha nova tipoloxía de cursos de lingua galega. Crearanse pois agora os *cursos de linguaxe xurídica galega* e os *cursos de linguaxe administrativa galega*, que tiñan como finalidade última a creación das figuras de Tradutor en linguaxe administrativa galega e Tradutor en linguaxe xurídica galega.

Algunhas entidades que participan, xunto coa DXPL ou a Dirección Xeral de Administración Local, neste tipo de ensino non regrado orientado aos traballadores da Administración pública son a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), que durante o período 1993-2000 asumiu a competencia na organización do nivel superior do curso de linguaxe administrativa, e a Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS), que vén organizando desde 1998 cursos de linguaxe administrativa galega dirixidos ao persoal das institucións sanitarias do SERGAS.

Outro dos ámbitos de grande transcendencia que, ademais da Administración pública, a DXPL considerou que precisaba unha formación específica foi o dos medios de comunicación.

Así, entre a Dirección Xeral de Política Lingüística, a Dirección Xeral da Compañía de Radio e Televisión de Galicia e a Dirección Xeral de Medios de Comunicación Social e Relacións Institucionais establecéronse ao longo destes anos diversos acordos destinados a difundir a nosa lingua neste ámbito. Entre os proxectos que se levaron á practica está a creación dunha tipoloxía específica de cursos de lingua adaptados ás diferentes funcións do persoal que traballa nos medios de comunicación.

Organizáronse pois, a partir de 1990, tres tipos de cursos de lingua galega para o persoal da CRTVG (tanto da Radio Galega coma da Televisión de Galicia). As modalidades eran as seguintes:

- *Curso de galego oral:* estaba dirixido aos encargados de información, relacións públicas, reporteiros gráficos...
- *Curso de galego escrito:* dirixido aos guionistas e ao persoal da administración.
- *Curso de fonética-estilística*: dirixido aos periodistas, locutores e presentadores de continuidade.

Paralelamente a estes tres cursos realizábase tamén un *Curso de ortofonía e dición*, que tiña como principal obxectivo a adquisición por parte dos presentadores e locutores dos elementos propios dunha correcta dición galega. Estes cursos estaban supervisados por membros do Instituto da Lingua Galega.

Por outra banda, a DXPL desenvolveu tamén durante estes últimos anos no nivel comarcal outro proxecto de formación lingüística: os *cursos de comarca e lingua*[4]. Estes cursos estaban organizados anualmente polos diferentes servizos lingüísticos comarcais, creados en Galicia a partir dun convenio de colaboración entre a

4. Estes cursos deixaron de dispensarse ao desaparecer a finais de 2000 os servizos lingüísticos comarcais.

Dirección Xeral de Política Lingüística e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal. Eran cursos que non contaban cun temario oficial único senón que se programaban dependendo da comarca en cuestión onde foran a dispensarse, e temos que dicir que nin os coñecementos lingüísticos nin a adquisición da lingua propiamente dita eran parte fundamental dos seus temarios. Tratábase, segundo os seus deseñadores, de vincular a lingua ao contexto sociocultural da comarca e de que o aprendente adquirise unha competencia lingüística satisfactoria, non a través dos métodos tradicionais de ensino senón a través do estudo e coñecemento do seu propio contorno.

Por último mencionaremos os *cursos de verán de lingua e cultura galegas para estranxeiros*, outro proxecto no que colabora a DXPL xunto co Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega. Estes cursos, que se veñen realizando desde 1988, están deseñados especialmente para estudantes universitarios e posgraduados que desexen perfeccionar a aprendizaxe da nosa lingua. Ao principio a admisión de participantes era máis restrinxida, pois os cursos estaban pensados para formar profesores universitarios estranxeiros que despois puidesen dispensar estes coñecementos fóra das nosas fronteiras. Co tempo estes criterios fóronse ampliando (o galego xa empezaba a estar presente nas diferentes universidades do exterior a través dos lectorados) e empezouse a admitir alumnado con perfís máis variados.

Así, aínda que desde a DXPL se subvencionan tamén cursos de lingua organizados e deseñados por outras entidades ou institucións (como é o caso dos cursos de lingua organizados polo Servizo de Normalización Lingüística da USC, por exemplo), podería dicirse que a oferta de cursos presenciais de lingua (no ensino non regrado) que organiza, ou onde participa activamente, a Xunta de Galicia é a que agora acabamos de mencionar[5]. Temos

5. Un lugar á parte ocuparíano os *cursos de lingua galega* dispensados nas diferentes Escolas Oficiais de Idiomas, que presentan moitas máis similitudes co ensino da lingua para adultos regrado ca co non regrado. Con todo, e malia que estes cursos non se

pois os *cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua*, os *cursos de linguaxe administrativa galega* (nas diferentes modalidades), os *cursos de linguaxe xurídica galega*, os *cursos de comarca e lingua*, os cursos específicos para traballadores da CRTVG e os *cursos de lingua e cultura galegas para estranxeiros*. Aínda que a primeira vista poida parecer que contamos cun amplo abano de posibilidades, en realidade os únicos colectivos de adultos que contan, ou contaron no seu momento, cun ensino da lingua galega minimamente adaptado ás súas necesidades son os funcionarios da Administración pública, os traballadores da CRTVG e os universitarios estranxeiros. O resto da poboación adulta debe contentarse cos *cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua* e nalgúns casos, para aqueles que contasen cun servizo lingüístico comarcal na súa comarca, cos *cursos de comarca e lingua*.

Aínda que evidentemente a Administración pública e os traballadores dos medios de comunicación públicos eran sectores que urxía formar e galeguizar cun ensino especialmente deseñado para eles, dado o importante papel que desempeñan na normalización do idioma, cremos que se descoidaron outros sectores igualmente transcendentais no futuro da nosa lingua, como poden ser o mundo da empresa privada ou o das diferentes profesións liberais.

Pero se ben case todas as iniciativas de ensino non regrado da lingua nesta segunda etapa xiran arredor dos diferentes organismos institucionais, destacando a DXPL, non é menos certo que algunhas entidades consideraron que a oferta educativa organizada desde os poderes públicos non era suficiente e emprenderon pola súa conta propostas alternativas de educación de adultos, aínda que a maioría delas dependeran sempre dun financiamento externo que proviña case sempre da propia DXPL.

Algunhas entidades que optaron no seu momento por elaborar o seu propio "produto educativo", especializado e adaptado

tiveron en conta no noso estudo, temos que dicir que na lexislación oficial este ensino está considerado como ensino non regrado da lingua.

a sectores sociais ou profesionais concretos, foron entre outras o Servizo de Normalización Lingüística da USC, a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG) ou o Colectivo Bambán, que nos servirán para exemplificar ese ensino non regrado da lingua que se desenvolve de xeito paralelo ao organizado desde as diferentes instancias da Xunta de Galicia.

O Servizo de Normalización Lingüística da USC constitúe sen lugar a dúbidas un exemplo a seguir para calquera dos seus outros dous centros homólogos galegos. A área de formación deste servizo ten como obxectivo principal que a comunidade universitaria poida resolver as eivas lingüísticas que impiden a normalización nesta universidade. Así, desde 1989 e ata 1996 esta entidade trataba de compensar esta carencia de formación cos cursos de iniciación e perfeccionamento da DXPL, que eran dispensados tanto no campus de Santiago coma no de Lugo entre os diferentes colectivos da comunidade educativa (alumnado, grupos de profesorado, membros do persoal da administración e servizos…).

En 1996 os responsables deste servizo de normalización lingüística deciden poñer en marcha unha oferta de formación en lingua galega propia creando cursos específicos para cada colectivo. Aínda así, no marco dun convenio de colaboración que o Servizo de Normalización Lingüística da USC mantén coa DXPL, estes cursos, aínda que xestionados e organizados desde o servizo, están financiados pola DXPL.

Así, a oferta educativa propia da que estamos a falar componse dos seguintes cursos:

- Curso para non galego-falantes.
- Curso para persoal docente e investigador.
- Curso de lingua galega (reciclaxe) para o persoal de administración e servizos (PAS).
- Curso de linguaxe administrativa para PAS.
- Curso de técnicas de redacción para PAS (organizado só durante os anos 96-98).

- Curso para a optimización lingüística e o deseño de traballos de investigación.
- Curso de lingua oral.

A CEG pola súa parte, ante a necesidade de ofrecer unha formación lingüística adaptada ás necesidades do sector empresarial, creou no ano 1997 os cursos de galego comercial[6], iniciativa pioneira en Galicia na formación non regrada da lingua no mundo empresarial. Estes cursos organizáronse atendendo ás necesidades de tres destinatarios potenciais: os licenciados en Filoloxía Galega que ían dispensalos, os empresarios e os estudantes de certas ramas de Formación Profesional que serían nun futuro próximo tamén traballadores do mundo empresarial. Malia que a iniciativa gozou de grande aceptación, sobre todo entre os estudantes de FP, estes cursos non contaron con novas edicións en anos posteriores.

Con respecto á AS-PG, temos que dicir que aínda que na década dos 80 organizou cursos específicos de lingua e cultura galegas, na actualidade a formación lingüística que ofrece emprázase no marco das diferentes xornadas e encontros pedagóxicos que organiza ao longo do ano. Estas actividades pedagóxicas teñen como obxectivo prioritario ofrecerlles aos diferentes mestres ou alumnos en xeral as ferramentas axeitadas para acometer a desexada renovación pedagóxica e galeguización do ensino. Os contidos lingüísticos ofrécense pois a través de seminarios, aulas ou obradoiros onde se pretende combinar unha formación máis orientada á didáctica da lingua con outra máis estrictamente lingüística que sirva de actualización ou reciclaxe para aqueles mestres que non recibiron durante a súa formación académica os suficientes coñecementos de galego.

Pero unha das alternativas didácticas máis novidosas, tanto no que respecta a metodoloxía como a contidos, neste terreo foi sen dúbida a creación dos obradoiros *Máis alá! de lingua*

6. O financiamento destes cursos conseguiuse a través dunha subvención que a CEG solicitou á DX XXII da Comisión da Unión Europea..

e sociedade, organizados polo Colectivo Bambán e dispensados por primeira vez no curso escolar 1999-2000 en diferentes centros de ensino medio composteláns.

Cunha metodoloxía didáctica que abrangue o ludismo, a reflexión individual, o traballo en grupo e o contacto activo co contexto sociolingüístico máis próximo, estes obradoiros *Máis alá!* pretenden efectivamente chegar máis alá do que vén sendo habitual no ensino da lingua e amosarlle ao alumnado a súa cara máis humana: a relación, ás veces conflitiva, co ser humano[7].

E a pesar de que a realidade no que respecta ao tema do ensino non regrado da lingua na modalidade de curso presencial é, como cabe supor, moito máis ampla e complexa, sirva esta pequena panorámica para facérmonos unha idea de cal é neste terreo a situación actual.

A seguir comentaremos brevemente outras modalidades de ensino non regrado pois, aínda que como xa dixemos, o curso presencial é con moito a modalidade máis relevante (razón pola que se lle dedicou unha maior atención), houbo outros medios que se consideraron tamén no seu momento vehículo válido para a transmisión de coñecementos.

Artigos ou cursos de lingua en publicacións periódicas de carácter xeral ou especializado

A publicación de cursos de lingua en diferentes xornais ou de artigos de difusión en publicacións periódicas foi un método bastante empregado sobre todo na primeria das etapas, pensando naquelas persoas que nunca recibiran unha formación académica en galego e agora estaban a demandar estes coñecementos.

Con respecto aos cursos de lingua publicados en xornais, compre dicir que a primeira iniciativa deste tipo data do ano 1969 e é autoría de A. Santamarina e R. Fraga, membros das asociacións

7. Estes obradoiros non só tiveron continuidade senón que na actualidade contan xa cun segundo nivel, cunha metodoloxía e uns obxectivos aínda máis ambiciosos.

"O Galo" de Santiago e "O Facho" da Coruña, respectivamente. Este curso titúlase *Do idioma galego* e publicouse en *El Ideal Gallego* entre abril de 1969 e febreiro de 1970.

Catro anos despois, en 1973, os mesmos autores volverían a publicar, tamén en *El Ideal Gallego*, un novo curso de lingua. O curso chamaríase agora *Galego para todos*.

Outros cursos de lingua publicados durante a primeira etapa que nós delimitamos foron o *Curso de galego* publicado en *La Voz de Galicia* a finais de 1977, realizado pola agrupación cultural "O Facho", ou o *Curso de lingua* publicado en 1979 no semanario *A Nosa Terra*, autoría de M. P. García Negro e X. M. Dobarro Paz.

Estes cursos de lingua representan os primeiros intentos ou ensaios de ensino do galego a través de medios de comunicación e foron iniciativas que, igual que acontecía cos cursos presenciais da época, partían ben de particulares ben de entidades asociativas sen ánimo de lucro. Aínda que por diferentes motivos a súa metodoloxía didáctica sería considerada hoxe en día inapropiada, nunha época na que, exceptuando os *Gallego 1, Gallego 2* e *Galego 3* do ILG, non existían manuais para a aprendizaxe da lingua e o ensino regrado do galego era aínda unha utopía, o valor simbólico e didáctico de calquera destes cursos é na nosa opinión incuestionable.

Nas décadas dos 80 e 90 continúan a aparecer nos xornais cursos de lingua galega, advertíndose agora na maior parte deles a presenza da DXPL, ben na súa organización ben no seu financiamento. *La Voz de Galicia* foi sen dúbida o xornal máis prolífico nesta segunda etapa, publicando entre os anos 1985 e 1995 multitude de artigos lingüísticos (autoría do profesor Constantino García) e tres cursos de lingua (*Galego coloquial*, elaborado pola Sección de Didáctica do ILG; *Curso de galego*, elaborado por Idiomas Campo e supervisado polo ILG e *¿Imos Aló?*, elaborado a partir dun convenio entre a CRTVG e a DXPL).

Os dous últimos cursos que apareceron na prensa foron *O galego agropecuario*, publicado na revista *Xóvenes Agricultores* a finais de 1977 e *O ABC do galego*, elaborado polo propia DXPL e publicado no xornal *ABC* a partir de outubro de 1998.

Paralelamente a todas estas publicacións, algunhas revistas, sobre todo aquelas que proviñan de entidades comprometidas dalgún xeito coa normalización da lingua, dedicaron nalgún momento da súa andaina editorial algunha sección á difusión da lingua. Neste caso non se trata de "cursos" propiamente ditos, coma nos casos anteriores, senón de seccións fixas ou artigos que cunha maior ou menor continuidade se foron publicando co obxectivo de difundir o galego entre os seus lectores. Por citar un par de exemplos, mencionaremos *Lingua Viva* (do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo), que contén en todos os seus números unha sección dedicada á linguaxe administrativa, ou *O Cartafol* (do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago), que dedicaba tamén en todos os seus números dúas seccións ao tratamento de cuestións lingüísticas.

Aprendizaxe da lingua a través de medios coma a televisión, a radio ou Internet

Outros medios de comunicación que contribuíron nalgún momento á difusión da lingua galega foron a televisión, a radio ou mesmo Internet.

No que respecta á radio e á televisión foi, coma cabía esperar, a CRTVG a que contribuíu en maior medida á difusión deste tipo de actividades formativas. O primeiro programa orientado á formación lingüística que se emitiu na TVG foi *Faíscas da lingua*, emitido nos anos 1986-87 e que consistiu nun total de 124 entregas onde a partir dunha cantiga popular, un refrán ou mesmo unha adiviña se reflexionaba sobre algún aspecto da nosa lingua. En 1989, a través dun convenio entre a CRTVG e a DXPL poríase en marcha un novo proxecto: o *Curso de galego ¿Imos Aló?*, onde catro marionetas lles explicaban aos telespectadores todos os recursos lingüísticos e regras gramaticais imprescindibles para adquirir unha competencia plena no noso idioma, e que contaría cunha segunda parte emitida no seguinte ano. Igualmente coa colaboración da DXPL, aparecía en 1990 nas pantallas da TVG *Cousas da*

lingua, 40 programas de 7 minutos de duración dedicados ao coñecemento da lingua galega, á promoción do seu uso e á análise da realidade sociolingüística nos diferentes niveis sociais.

A Radio Galega, pola súa parte, emite todos os martes o espazo *De boca a boca*, integrado no programa *As tardes da galega*, onde se analizan e explican termos, xiros e ditos da nosa fala.

Aínda así, no mundo da radio o proxecto máis importante, no que a aprendizaxe da lingua se refire, é sen lugar a dúbidas o desenvolvido por Radio Ecca-Galicia. Dentro das súas actividades de "Aula aberta" Radio Ecca dispensa, en colaboración coa DXPL, os *cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega*. Aínda que os obxectivos e os contidos son os sinalados pola normativa oficial para este tipo de cursos, a metodoloxía empregada é totalmente diferente e innovadora, baseándose esta en tres piares fundamentais: a audición da clase (gravada por especialistas en lingua galega), o material escrito (deseñado especificamente para a audición destas clases) e a clase presencial, onde o alumnado resolve as dificultades que atopou ao longo das audicións.

Polo que respecta ás radios e televisións locais, cómpre dicir que este tipo de emisións ten unha presenza practicamente nula dentro das súas programacións. Todo o máis que pode atoparse neste eido son breves seccións de 5 ou 10 minutos de duración que normalmente se inclúen dentro doutros programas máis amplos de carácter cultural. Algúns exemplos do que estamos a falar serían as seccións *Cousas da lingua* (Radio Municipal de Tui), *A Balsa da Medusa* (Radio Obradoiro), *O segredo das palabras* (Radio Municipal de Ordes), ou os *cursos de lingua galega* emitidos nas televisións locais de Ferrol, Lugo ou Teo, por citar algúns exemplos. Con todo, e dado que a función dos medios de comunicación é máis informar que formar, insistimos en que calquera iniciativa neste terreo, por modesta que sexa, debe merecer todo o noso respecto.

Pero a canle de transmisión de coñecementos máis innovadora, sen explotar aínda en materia educativa, é sen lugar a dúbidas Internet. Calquera "produto educativo" que se ofreza a

través da rede conta xa en principio cunha característica pedagóxica fundamental como é a posibilidade dunha continua e rápida actualización dos contidos, por non falar de todas as vantaxes que supón a tecnoloxía multimedia: son, imaxe, vídeo, animación, interactividade… No momento de pechar a nosa investigación, finais de 2000, só tiñamos coñecemento de catro cursos de lingua aos que se puidese acceder desde a rede[8]. Eran o *Proxecto Rábade* (http://www.geocities.com/rabalde/_rabade/), *Galego para viaxeiros* (http://www.travlang.com/languages/cgi-bin/langchoice.cgi?page=main&lang1=spanish&lang2=galician), *A palabra herdada* (http://www.cursodegallego.com/; http://www.edu.xunta.es/dxpl/ferramentas/herdada/herdada.htm), editado xa en 1995 en soporte sonoro e publicado por Citania Publicacións, e *Galingua* (http://www.edu.xunta.es/galingua/), editado tamén con anterioridade en soporte informático e elaborado pola DXPL. Aínda que hai que dicir que a calidade, tanto en deseño como en contidos, dos dous últimos é moi superior á dos primeiros tamén debe terse en conta que os dous últimos contaron cun orzamento moito maior, ao estaren financiados pola DXPL, mentres que os primeiros son iniciativas privadas totalmente desvinculadas do poder institucional.

2 MATERIAIS DIDÁCTICOS PARA A APRENDIZAXE DO IDIOMA

No seguinte gráfico amosamos unha clasificación realizada entre os diferentes materiais didácticos para o ensino non regrado da lingua con que contamos na actualidade, empregando como criterio de clasificación a orientación dos seus contidos. Aclararemos neste punto que o feito de non contarmos cun sistema de ensino non regrado da lingua consolidado, dividido en materias e niveis, provoca que apenas existan materiais deseñados especificamente

8. Na actualidade existe xa unha segunda versión do *Proxecto Rábade* e foise incrementando o número deste tipo de iniciativas didácticas, destacando pola súa calidade o curso interactivo *e-galego* (http://www.edu.xunta.es/dxpl/egalego.htm).

para este sistema. Así pois, o criterio de selección foi o de exclusión, considerando "materiais para o ensino non regrado da lingua", ou cando menos susceptibles de seren empregados neste tipo de ensino, todos aqueles materiais didácticos que non foron deseñados especificamente para algún dos niveis do sistema educativo oficial. O rótulo que aparece enriba de cada columna indica a porcentaxe de manuais contabilizados en cada caso.

Gráfico 9: Materiais didácticos para o ensino non regrado da lingua



Como pode verse nos datos que nos achega o gráfico, existe unha grande descompensación no número de materiais orientados a traballar a competencia escrita e os destinados a traballar a competencia oral, consecuencia directa da escasa atención que se lle presta ao estudo da oralidade nos temarios da maior parte dos cursos presenciais de lingua.

A elevada porcentaxe de materiais deseñados para traballar aspectos ortográficos ou gramaticais deixa ver tamén o enfoque excesivamente gramaticalista e prescritivo que caracterizou a didáctica da lingua nestes últimos tempos.

En xeral, e no que respecta á planificación de contidos, cómpre por un lado unha maior diversificación que atenda á diversidade lingüística e sociolingüística do alumnado, e por outro unha maior atención ao acto comunicativo no seu conxunto, priorizando enfoques didácticos que outorguen semellante importancia a todas e cada unha das competencias comunicativas, e non exclusivamente á lingüística.

Rematada pois esta breve singradura polo ensino non regrado da nosa lingua, dedicaremos as últimas liñas deste artigo a ofrecer algunhas valoracións e reflexións derivadas de todo o que ata aquí se dixo.

3 ALGUNHAS CONCLUSIÓNS FINAIS

O ensino non regrado da lingua galega orientado á poboación adulta non é máis ca un dos chanzos da feble e precaria estrutura na que se apoia a educación de adultos en xeral, tanto en Galicia coma nos contextos español e europeo.

Tal e como vimos, debido á falta de iniciativa institucional durante as décadas dos 60, 70 e parte dos 80, o ensino non regrado do galego tivo que valerse do voluntarismo, o compromiso e a militancia de diferentes persoas e entidades que durante estes anos organizaron toda unha serie de actividades didácticas (cursos, xornadas, escolas de verán, publicación de cursos en xornais...) encamiñadas a suplir as eivas en ensino do/ en galego que por aquela época caracterizaban o sistema educativo oficial. Con todo, a inexistencia dun organismo superior que coordinase e planificase todo este fervedoiro de iniciativas, que xurdían de xeito espontáneo e illado nos diferentes recunchos da nosa xeografía, provocou que finalmente estas non puidesen desembocar nun sistema de educación permanente de adultos firme e estable.

Na década dos 80, a partir da Lei de normalización lingüística (1983), a nova Dirección Xeral de Política Lingüística sería a encargada de coller o relevo neste tipo de proxectos. Cabía esperar que aproveitando o froito sementado na época anterior, agora

desde os poderes públicos, se puxese en marcha un sistema de ensino non regrado de galego para adultos, organizado e estable, que partindo dunha planificación lingüística previa chegase de xeito homoxéneo a todos os sectores da poboación. Tal e como puidemos comprobar ao longo da nosa investigación, as cousas aconteceron de moi diferente xeito.

Só desde unha falta de planificación previa, a planificación da adquisición da que falaba R. Cooper (1997), se entende que cun único "produto educativo", os cursos de iniciación e perfeccionamento do galego, se pretendese cubrir as necesidades de todos os sectores sociais da poboación adulta. Así, estes cursos (excesivamente gramaticalistas, por outra parte) deseñáronse para cubrir as necesidades de castelán-falantes que queren traballar o seu rexistro escrito, castelán-falantes que queren adquirir a variedade coloquial, galego-falantes que queren adquirir a variedade estándar, galego-falantes que queren perfeccionar a lingua oral, adultos con estudos básicos, adultos con estudos superiores, adultos con prácticas lingüísticas monolingües, outros con prácticas lingüísticas diglósicas... e así ata un bo número de casos particulares con necesidades diferentes e que evidentemente deben ser tamén tratados de xeito diferente. Se deseñar un curso para cada adulto en particular sería impensable, entre iso e deseñar ese mesmo curso para todos os adultos en xeral debe existir necesariamente un punto medio que nos permita rendibilizar ao máximo os recursos e á vez atender con éxito o maior número de necesidades.

Aínda que posteriormente xurdiron iniciativas que diversificaban e especializaban esta educación (os cursos de linguaxe administrativa e xurídica e os cursos deseñados especificamente para traballadores da CRTVG), os únicos sectores que se viron beneficiados foron os funcionarios da Administración pública ou os traballadores de certos medios de comunicación, tamén públicos. Os restantes colectivos (traballadores da empresa privada, profesionais liberais, amas de casa, membros da terceira idade...) tiveron que contentarse cunha formación lingüística xeral e excesivamente gramaticalista que non sempre atendía as súas necesidades particulares.

Paralelamente, certos colectivos ou organizacións elaboraron e seguen a elaborar a súa propia proposta de formación non regrada da lingua adaptada ás necesidades específicas do alumnado ao que esta vai dirixida. Aínda así, ao non existir mercado ao redor destes proxectos, é dicir, un retorno do capital investido, estes teñen que seguir cinguíndose na súa maioría a fontes de financiamento institucional, dependencia que pode provocar nalgúns casos a inestabilidade e pouca continuidade dos proxectos.

Outra cuestión de vital importancia, malia a escasa relevancia que se lle está a dar nestes últimos tempos, é a elaboración de métodos didácticos axeitados. En efecto, aínda que ultimamente se critica a excesiva dependencia que o alumnado ten dos libros de texto e se avoga por métodos didácticos máis orientados á adquisición do coñecemento a través da propia experiencia práctica do aprendente, non queremos deixar pasar esta ocasión sen incidir na grande transcendencia que para o ensino non regrado da lingua ten a elaboración dun material didáctico adaptado ás necesidades lingüísticas e sociolingüísticas da poboación adulta.

Na actualidade, á vista dos diferentes manuais con que contamos, advírtese unha excesiva dedicación a traballar a compentencia lingüística simplemente, é dicir, a fornecer ao alumnado das formas lingüísticas (as da variedade estándar) sen preocuparse polo acto de comunicación en si no que o alumno terá que empregar estas formas. Pero debemos saber que de pouco serve que o alumno teña adquirida a estrutura gramatical e léxica dunha lingua se non está capacitado para iniciar e manter con éxito un acto comunicativo, para interpretar os enunciados do seu interlocutor segundo o contexto no que se dan, para adaptar os seus propios enunciados ao rexistro e nivel de lingua adecuados, etc.

De igual relevancia para unha lingua que se está aínda a introducir lentamente en novos espazos sociais e laborais, consideramos nós que é atender as súas diferentes linguaxes de especialidade. No noso caso advírtense grandes lagoas na elaboración de material didáctico para a súa aprendizaxe, sendo as linguaxes administrativa e xurídica ás que se lles presta unha maior atención

neste terreo, debido, como é fácil supor, á existencia de cursos presenciais de linguaxe administrativa e xurídica que demandan a existencia deste tipo de materiais.

En xeral, tanto nas diferentes tipoloxías de ensino non regrado coma nos materiais didácticos empregados, bótase polo xeral en falta, salvando algunhas excepcións, unha planificación de contidos onde se teñan en conta variables tan importantes coma:

- Tipo de alumnado (castelán-falante, galego-falante, medio urbano, medio rural, monolingüe, práctica lingüística diglósica...).
- Coñecementos lingüísticos previos (nivel de estudos académicos do adulto, grao de coñecemento previo da lingua galega...).
- Tipo de competencia comunicativa que se quere traballar (lingüística, sociolingüística, discursiva, táctica, sociocultural ou social[9]).
- Competencia produtiva ou receptiva (interese en que o alumnado estea capacitado para producir enunciados comunicativos ou simplemente para comprendelos).
- Variedades (sociais, dialectais, de nivel, de rexistro…) da lingua que queremos traballar, etc.

Se é certo que a función da educación é formar individuos capacitados para desenvolverse con éxito no medio social e cultural que os rodea, chegado este momento non cómpre senón rematar este artigo dicindo que cremos realmente que o éxito final do proceso de normalización lingüística depende tamén en grande medida da creación dun sistema de educación de adultos serio e estable que, partindo dunha consecuente planificación da adquisición, forme de xeito continuo e permanente persoas competentes para comunicarse en galego en calquera contexto ou situación e

9. Seguimos a clasificación de Monteagudo, H. *et alii* (1990).

para adaptar estes coñecementos lingüísticos aos novos retos que a actual sociedade da comunicación impón.

E ao noso entender, este sistema de ensino da lingua para adultos debe deseñarse (no que respecta a obxectivos, medios, sistemas de avaliación, nivelación de contidos...) pensando nas necesidades específicas da poboación galega, pero ao mesmo tempo de xeito que poida inscribirse comodamente no sistema marco común europeo de aprendizaxe de linguas modernas[10], feito que facilitará a cooperación con outras institucións educativas europeas e garantirá o recoñecemento mutuo das respectivas titulacións de idiomas.

10. A propia Dirección Xeral de Política Lingüística publicou en 2001 *As linguas modernas: aprendizaxe, ensino, avaliación. Un marco común europeo de referencia,* documento elaborado polo Consello de Europa que foi creado para achegarlles a todas as persoas ou institucións con competencias en materia educativa un marco común de referencia para planificar o ensino e avaliación de idiomas modernos.

BIBLIOGRAF A

Alonso Alonso, Mª R. (1997): “El factor edad en el aprendizaje de la segunda lengua”, en José Manuel Oro e Jesús Varela, (eds.): *Adquisición y aprendizaje de lenguas segundas y sus literaturas*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 45-48.

Arrogante, V. (1994): “Las Universidades Populares”, en Agustín Requejo Osorio, (coord.), *Política de Educación de Adultos*, Santiago de Compostela, Tórculo, 371-394.

Arza Arza, N. e Veiga Martínez, D. (1990): “Algunhas notas sobre o material didáctico para o ensino en galego”, *Cadernos de Lingua* 1, 125-130.

As linguas modernas: aprendizaxe, ensino, avaliación. Un marco común europeo de referencia, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2001.

Avanzini, G. (1996): “A pedagoxía Freinet. Supostos, principios, instrumentos e técnicas”, *Revista Galega de Educación* 26, 9-12.

Barros, M. e Gullán, R. (1996): “Consideracións e reflexións sobre a elección de material didáctico en lingua galega”, *Revista Galega de Educación* 25, 77-79.

Bernstein, B. (1997): *La estructura del discurso pedagógico*, Madrid, Ediciones Morata, A Coruña, Fundación Paideia.

Bryant, I. e Usher, R. (1992): *La educación de adultos como teoría, práctica e investigación. El triángulo cautivo*, Madrid, Ediciones Morata, A Coruña, Fundación Paideia.

Comisión Coordenadora para a Normalización Lingüística, (1990): *Informes 1*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordenadora para a Normalización Lingüística (1990): *Informes 2*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordenadora para a Normalización Lingüística (1992): *Informes 3*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordenadora para a Normalización Lingüística (1994): *Informes 4*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Comisión Coordenadora para a Normalización Lingüística (1998): *Unha lingua milenaria tras 15 anos da lei de normalización*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Confederación de Empresarios de Galicia, (1999[2]): *Manual de galego comercial*, Santiago de Compostela, CEG.

Cooper, L. R. (1997): *La planificación lingüística y el cambio social*, Madrid, Cambridge University Press.

Costa Rico, A. (coord.) (1993): "Galicia: a dimensión internacional da nosa educación", *Revista Galega de Educación* 17, 7-38.

Costa Rico, A. (1996): "Chanzos no camiño da galeguización do ensino", *Revista Galega de Educación* 25, 36-40.

Costa Rico, A. (1988): "O desenvolvemento do movemento de renovación pedagóxica en Galicia", *Revista Galega de Educación* 7, 37-36, 55-59.

Díez González, T. (1994): "Política del Ministerio de Educación y Ciencia en temas de Educación de Adultos (1970-1990)", en Agustín Requejo Osorio, (coord.), *Política de Educación de Adultos*, Santiago de Compostela, Tórculo, 81-112.

Equipo de Lingua Galega. Gabinete de Reforma Educativa (1990): "Novas propostas na didáctica da lingua", *Cadernos de Lingua* 1, 111-118.

Escola Cidadania (2000): "Memoria final da avaliación do servicio lingüístico comarcal de Bergantiños", en *Actas dos III Encontros para a Normalización Lingüística*, que tiveron lugar o 28-29 de outubro de 1999, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Escola Cidadania (2000): "Informe de Avaliación: Departamento de Normalización Lingüística da Confederación de Empresarios de

Galicia", en *Actas dos III Encontros para a Normalización Lingüística*, que tiveron lugar o 28-29 de outubro de 1999, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Esteban Radío, S. (1986): *Didáctica da língua e literatura galega*, Ourense, Galiza Editora.

Fernández, E. (1991): "O centro ECCA-Galicia", *Revista Galega de Educación* 12, 34-39.

Fernández Fernández, X. (1996): "Reflexións sobre a aprendizaxe do galego como L2", R*evista Galega do Ensino* 13, 41-50.

Fernández Paz, A. (1986): "Grupo Avantar", *Revista Galega de Educación* 3, 79.

Fernández Pérez, M. (1996): "El campo de la lingüística aplicada. Introducción", en Milagros Fernández Pérez, (coord.): *Avances en… lingüística aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 11-46.

Fernández Rei, F. (1991): "O Instituto da Lingua Galega (1971-1990). Contribución á investigación e á normalización do galego", en Mercedes Brea e Francisco Fernández Rei, (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 15-46.

Fernández Rei, F. (1996): "¿Mudaron as cousas? ¿Qué foi o que cambiou nos últimos 25 anos?", *Revista Galega de Educación*, 25, 5-9.

Fernández Salgado, X. A. *et alii* (1993): *Nivel Soleira*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

García Negro, M. P. e Costa Casas, X. (1995): *O ensino da lingua: por un cámbio de rumo*, A Coruña, Asociación Sócio-Pedagóxica Galega.

García Sánchez, M. C. e Requejo Osorio, A. (1994): "Política Autonómica de Educación de Adultos en Galicia", en Agustín Requejo Osorio, (coord.): *Política de Educación de Adultos*, Santiago de Compostela, Tórculo, 279-328.

Jover Torregosa, D. (1994): "La formación ocupacional. Una reflexión desde la perspectiva de la Educación de Adultos", en Agustín Requejo Osorio, (coord.): *Política de Educación de Adultos*, Santiago de Compostela, Tórculo, 419-432.

Lamela Vilariño, P. e Otero Fernández, D. (1986): "Organización dun sistema bilingüe en Galicia", en Miguel Siguan: *Las lenguas minoritarias y la educación*, Barcelona, PPU

Lamuela, X. e Monteagudo, H. (1996): "Planificación lingüística", en Milagros Fernández Pérez, (coord.): *Avances en… lingüística aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 229-302.

López, E. (1991): "A oferta de educación das persoas adultas", *Revista Galega de Educación* 12, 18-20.

López Atrio, L. *et alii* (1994): "Instrumento para a valoración de materiais didácticos no contexto da reforma educativa", *Revista Galega do Ensino* 5, 129-138.

López Morales, H. (1984): *Enseñanza de la lengua materna*, Madrid, Playor.

Lorenzo Suárez, A. M. (ed.) (1997): *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.

LOXSE e disposicións que a desenvolven, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1992.

Maurais, J. (dir.) (1987): *Politique et amènagement lingüistiques*, Quebec, Conseil de la langue française.

Mayor Sánchez, J. (1988): "Presupuestos psicológicos de la Didáctica de la Lengua y la Literatura", en Jaime García e Arturo Medina (dirs.): *Didáctica de la lengua y la literatura*, Madrid, Anaya, 53-78.

Medina Padilla, A. (1988): "Didáctica de la lengua", en Jaime García e Arturo Medina (dirs.): *Didáctica de la lengua y la literatura*, Madrid, Anaya, 8-32.

Monteagudo Romero, H. *et alii* (1990): "Consideracións básicas para a renovación dos métodos de aprendizaxe do galego", *Cadernos de Lingua* 1, 131-144.

Monteagudo Romero, H. (1997): "15 anos de política lingüística en Galicia (1981-1996). Notas para un balance", *Grial* 136, 527-548.

Monteagudo Romero, H. (1999): *Historia social da lingua galega*, Vigo, Galaxia.

Moure, T. e Palacios, I. M. (1996): "La didáctica de lenguas extranjeras: lingüística aplicada en el ámbito académico", en Milagros Fernández Pérez (coord.): *Avances en …lingüística aplicada*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 47-104.

Mouzo Lago, R. (1984): "A Universidade Popular de Corcubiom, contributo comunitário à renovaçom pedagógica", *O Ensino* 7-8-9-10, 115-120.

Normativa sobre a implantación das ensinanazas de educación das persoas adultas, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia, 1999.

Otero Gutiérrez, L. (1986): "As Escolas de Verán na Encrucillada", *Revista Galega de Educación* 1, 11-13.

Pérez Pereira, M. (1990): "A lingua da escola: reflexións sobre da política lingüística no ensino dende a psicolingüística evolutiva", *Cadernos de Lingua* 1, 93-110.

Pérez Pereira, M (1994): "Adquisición da primeira e segunda linguas: Bases psicolóxicas e psicopedagóxicas", en Bieito Silva Valdivia (coord.): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 33-72.

Rábade Paredes, X. (1994): "Lingua e actitudes lingüísticas (Unha posible intervención didáctica)", en Bieito Silva Valdivia (coord.): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 177-202.

Requejo Osorio, A. (1991): "Educación de Adultos en Galicia. Prespectiva institucional no ano Internacional da Alfabetización", *Revista Galega da Educación* 12, 4-15.

Requejo Osorio, A. (1994): "Política de educación de adultos en España", en Agustín Requejo Osorio (coord.): *Política de educación de adultos*, Santiago de Compostela, Tórculo, 9-82.

Rivas Cid, X. (1996): "Actividades de aula para dinamiza-los cursos de galego para adultos", *Revista Galega do Ensino* 12, 197-215.

Rodríguez Nieto, J. A. (1991): "Aproximación ó carácter compensatorio da educación de adultos", *Revista Galega de Educación* 12, 21-23.

Rosales López, C. (1991): *Manifestaciones de innovación didáctica*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

Rotaetxe Amusategi, K. (1990): *Sociolingüística*, Madrid, Síntesis.

Sánchez Puga, X. (1995): "Medidas para a galeguización do ensino", en *Actas da II Xornadas UFF de Cultura Galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Santamarina, A. (1996): "O Instituto da Lingua Galega: 25 anos de protagonismo e testemuño", *A Trabe de Ouro* 28, 545-559.

Serra, J. M. (1994): "La evaluación de la competencia lingüística en contextos bilingües", en Bieito Silva Valdivia (coord.): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 73-84.

Silva Valdivia, B. (1994): "Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: Unha perspectiva didáctica sociocomunicativa", en Bieito Silva Valdivia (coord.): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 151-176.

Suárez, M. (1996): "Os Movementos de Renovación Pedagóxica e a Reforma Curricular", *Revista Galega de Educación* 26, 70-73.

Tió, J. (1986)[4]: *L´ensenyament del catalá als no-catalanoparlants*, Barcelona, Eumo.

Vez Jeremías, J. M. (1988a): "Aprendizaje y enseñanza de la Lengua según las Ciencias del Lenguaje", en Jaime García e Arturo Medina (dir.): *Didáctica de la lengua y la literatura*, Madrid, Anaya, 33-52.

Vez Jeremías, J. M. (1988b): "Comportamento lingüístico. Lenguaje, sociedad y escuela", en Jaime García e Arturo Medina (dir.): *Didáctica de la lengua y la literatura*, Madrid, Anaya, 79-99.

Vez Jeremías, J. M. (1988c): "El bilingüismo. Aprendizaje de una lengua añadida", en Jaime García e Arturo Medina (dir.): *Didáctica de la lengua y la literatura*, Madrid, Anaya,187-211.

Vez Jeremías, J. M. (1994): "A formación do profesorado de linguas nun contexto de integración de saberes e procedementos", en Bieito Silva Valdivia (coord.): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 11-32.

Vila, I. (1996): "Perspectivas de futuro da inmersión lingüística", *Revista Galega de Educación* 25, 25-30.

Wardhaugh, R. (1992): *Introducción á sociolingüística*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

A SITUACIÓN DO GALEGO NAS COMARCAS OCCIDENTAIS DE ASTURIAS, LEÓN E ZAMORA

Francisco Fernández Rei

O galego moderno é a lingua propia da Galicia administrativa e das comarcas veciñas da *franxa exterior*: A Terra Eo-Navia en Asturias, Os Ancares orientais e O Bierzo occidental en León e As Portelas en Zamora. As formas sen ditongo *terra* e *horta* e as formas sen *n* intervocálico *irmá*, *pantalois* e *veis* permiten unha delimitación do galego oriental verbo dos falares asturianos e leoneses occidentais, que presentan formas ditongadas (*piedra* e *huerta*) e conservan o *n* en voces como *hermana*, *pantalones* e *vienes*[1].

Nas páxinas deste texto centrareime na actual situación do galego nestas comarcas estremeiras, á vez que farei unha breve historia dos feitos relevantes no proceso de normalización do galego en Asturias, León e Zamora nos últimos vinte anos. Non terei en conta a situación dos tres concellos do recanto noroccidental da provincia de Cáceres (Valverde do Fresno –antigamente Valverde da Serra–, As Ellas e San Martiño de Trebello) onde unhas cinco mil persoas falan variedades do galego antigo, que se coñecen coas denominacións de valverdeiro, lagarteiro e mañego[2].

1. Para os criterios lingüísticos delimitadores da fronteira oriental do galego *vid.* Fernández Rei (1990:18-23) e (1991:114-116).

2. Sobre a situación do "galego" de Cáceres, falas fundamentalmente galegas, *vid.* Costas González (1999) e (2000); e sobre os trazos galegos e non galegos deses falares *vid.* Gargallo (1999a) e Fernández Rei (2000).

1 XEOGRAFÍA E DEMOGRAFÍA

1.1 *A Terra Eo-Navia*

Tal como se ve no mapa 2, son 18 os concellos do estremo occidental de Asturias onde o galego é lingua propia[3]: Tapia de Casarego (4.368 habitantes), El Franco (4.154 h.), Coaña (3.692 h.), Castropol (4.357 h.), Boal (2.529 h.), Santiso de Abres (643 h.), A Veiga do Eo (4.759 h.), Eilao (639 h.), Taramundi (906 h.), Vilanova de Oscos (410 h.), San Martín de Oscos (524 h.), Santalla de Oscos (591 h.), Pesoz (265 h.), Grandas de Salime (1.343 h.), Navia (9.079 h.), Allande (2.501 h.), Villaión (1.966 h.) e Ibias (2.190 h.).

A poboación total dos 18 municipios da Terra Eo-Navia a 1 de xaneiro de 2001 era de 44.916 habitantes; pero cómpre ter en conta que nas parroquias orientais dos catro últimos concellos citados (Navia, Allande, Villaión e Ibias) fálanse variedades do asturiano occidental e non do galego oriental, aínda que se poidan rexistrar nelas algúns trazos caracterizadores do galego fronte ó asturiano, de igual xeito que algúns fenómenos propios do asturiano se rexistran en falares eonaviegos[4].

Tal como se ve no mapa 3, segundo Babarro González (1994:83-85) no galego de Asturias existe unha zona A minoritaria, que abrangue os concellos de Santiso e Taramundi, as parroquias de Abres e Guiar no concello da Veiga e o lugar dos Coutos no concello de Ibias, con trazos propios do galego común como o artigo *o*, as terminacións *–iña(s)* e *–iños* e os posesivos *teu(s)*,

3. Os mapas a que se fará referencia neste apartado 1 figuran todos no final do presente traballo. A cifra de poboación que vai despois do nome de cada concello de Asturias (e de León e Zamora) corresponde a 1 de xaneiro de 2001; a fonte é o servidor web do INE: http://www.ine.es, consultado o 13-10-01.

4. Verbo da conciencia lingüística e dos trazos que permiten unha delimitación do galego en Asturias *vid.* Babarro González (1994), e para o trazado da fronteira *vid.* Babarro González (1995), (1996) e (2003:84-191). Sobre o *contínuum* lingüístico galego e asturiano entre o Eo e o Navia *vid.* García Arias (1998).

seu(s); e unha zona B maioritaria, á que tamén pertence o concello lucense de Negueira de Muñiz, onde se rexistran os fenómenos que caracterizan o galego de Asturias propiamente dito (artigo *el*, formas *vecía(s)* e *vecius*, posesivos *tou* e *sou* cos plurais). E dentro desta zona B pode facerse unha división entre as falas coas formas sen palatalizar L- e –LL- (*leite*, *tarrelo*) e as que palatalizan (*lleite*, *tarrello*). A maiores, distingue Babarro unha zona C, na parte máis oriental dos concellos de Navia (CN2), Villaión (CV2) e Ibias (CI2), falares de transición, con trazos galegos e do asturiano occidental.

1.2 *O Bierzo*

En León fálase galego en 19 concellos próximos a Galicia (mapa 4): o concello ancarés de Candín (444 habitantes) e os bercianos occidentais de Veiga de Espiñaredo (2.960 h.) –agás na parte de El Espín, que é un falar de transición–, Vilafranca (3.807 h.), Valboa (460 h.), A Veiga de Valcarce (874 h.), Barxas (403 h.), Oencia (531 h.), Trabadelo (565 h.), Corullón (1.211 h.), Sobrado (559 h.), Cacabelos (4.868 h.), Viladecais (2.325 h.), Carracedelo (3.552 h.), Carucedo (665 h.), Borrés (510 h.), A Ponte de Domingo Flórez (1.985 h.), Arganza (959 h.), Camponaraia (3.209 h.) e Priaranza (974 h.).

Nestes 19 concellos a poboación de dereito a 1 de xaneiro de 2001 era de 31.038 habitantes, pero cómpre ter en conta que os tres últimos concellos citados (Arganza, Camponaraia e Priaranza) só en parte son galegófonos; por outra parte, no concello de Ponferrada (61.829 h.) hai algún núcleo galegófono, ademais da existencia na propia vila de Ponferrada dun número indeterminado de falantes procedentes de zonas do Bierzo e de neofalantes sensibilizados na recuperación social do galego en León.

Segundo Ana Seco, en concellos de fala leonesa próximos a Asturias como Peranzais e Fabeiro (389 e 6.419 habitantes, respectivamente) hai lugares como Guímara (en Peranzais) e Fontoria (en Fabeiro) que son falares de transición, por presentaren trazos

leoneses como a ditongación en *(a)marielo* ou *caliente* e á vez trazos galegos en formas como *ano*, *irmá* (ou *irmanha*).

1.3 *As Portelas*

Nas Portelas de Zamora o galego fálase nos concellos de Porto (338 habitantes), Pías (237 h.), Lubián (378 h.) e Hermisende (444 h.), que están a ter un acelerado proceso de despoboamento e de envellecemento, pois se a poboación de feito en 1981 eran 2.031 habitantes, a 1 de xaneiro de 2001 só estaban censadas 1.397 persoas de feito.

A esta poboación hai que engadir uns 100 habitantes de Calabor (do concello de Pedralba de la Pradería), onde se fala unha variedade galega[5], tal como se ve no final do trazado da fronteira en Zamora (mapas 5 e 6).

2 DIGLOSIA CONFLITIVA E CONCIENCIA LINGÜISTICA

A comezos do séc. XXI a situación lingüística de Galicia é macrodiglósica (ou de dobre diglosia superposta), cunha tríada formada polo galego enxebre e variedades locais (lingua baixa), con escaso prestixio social tanto para os propios falantes como para quen usa un galego apreso; o galego estándar (lingua media), variedade prestixiada para quen usa o galego enxebre e con certo prestixio para os castelán-falantes porque representa o 'urbano' e non o 'rural'; e o castelán na variedade 'rexional' de Galicia (lingua alta), lingua de prestixio para a gran maioría dos galegos.

A situación xeral no Eo-Navia, no Bierzo e nas Portelas non é macrodiglósica (ou de dobre diglosia superposta), senón que se trata dunha situación de diglosia conflitiva cun moi acelerado pro-

5. En 1981 en Pedralba de la Pedrería había 727 habitantes de feito, dos que 183 correspondían ó lugar de Calabor. A poboación do concello a 1 de xaneiro de 2001 eran 305 habitantes.

ceso de substitución do galego polo castelán, substitución especialmente alarmante no Bierzo.

2.1 *A Terra Eo-Navia*

Segundo o ALPI (1962: mapa) a denominación dialectal da fala local dos puntos do extremo occidental de Asturias é *chapurrado* (e variantes), agás en Ibias que dicían falar *ibiano*[6].

No detallado traballo de Babarro (1994) sobre a caracterización das falas de transición entre o galego e o asturiano nos concellos de Navia, Villaión, Allande e Ibias recóllense testemuños de interese para ver cal é a conciencia lingüística na zona de transición entre galego e asturiano. En xeral apréciase neses documentos orais que a xente non sabe realmente que lingua fala, aínda que a crenza dominante é que se fala galego ou máis ben tirando a galego, pero non asturiano[7].

No concello de Navia, un home de 47 anos, de Freixulfe, afirma que o lóxico "sería decir asturiano; pero asturiano tampoco falamos, que falamos gallego (...). A partir del Baraio pa allá, por Otur, falan xa mui diferente. Xa falan muito más asturiano que aquí". Un mariñeiro de 70 anos, de Veiga, di: "No, aquí hablamos casi gallego. El bable no llegó aún aquí". No mesmo concello, unha muller duns 50 anos, de Vicheirán, afirma que falan "casi como en Galicia: 'fuche, viniche, antanuoite, ta chovendo'. Luarca xa é outra cousa". (Babarro 1994:121-122).

6. As respostas que figuran no mapa 4 do ALPI (1962) son *chapurrado* en 301 As Campas-Castropol, *chapurrau* en 302 Freal-Navia, *chapurriado* en 303 Boal e *ibiano* en 323 Cuantas-Ibias, mentres que en 300 Salgueiras-Vilanova de Oscos non houbo resposta. Nos puntos do asturiano occidental máis próximos ó Navia tampouco houbo resposta (304 Busmente-Valledor, 305 Navelgas-Tineo, 306 Santa Eulalia-Allande), e a medida que un se afasta cara ó centro de Asturias a denominación é sempre *asturianu*, agás nos puntos costeiros centrais onde non se anotou ningunha denominación local.

7. Sobre a valoración do "galego" polos falantes eonaviegos *vid.* Babarro (2003: I, 564-569).

As denominación da forma de falar en "la zona de interferencia lingüística con el gallego" no estudio sociolingüístico para Asturias realizado por Llera Ramo (1994:52-53) son asturiano ou bable occidental (40%), "fala local" (27%), unha mistura de galego e asturiano (19%) e asturiano ou bable sen máis (9%). As respostas corresponden á pregunta "Cómo llamaría Ud. al habla de siempre de esta zona de Asturias", realizada de forma aberta, sen inducir a resposta[8].

O feito de que nas comarcas estremeiras aínda haxa xente que diga que fala mal, que fala (galego) *chapurrado*, débese á secular prostración da lingua propia desas bisbarras e da conseguinte falta de estima cara ó idioma. Unha negativa valoración do galego tamén se daba na Galicia preautonómica, como ben puiden constatar no período 1974-77 cando a percorrín facendo inquéritos para o *Atlas Lingüístico Galego*.

O emprego de termos pexorativos como *chapurrado* (ou similares) deuse (e dáse) noutras zonas da fronteira. Na zona de Cáceres onde se conservan falas galaico-portuguesas, en Valverde do Fresno, que usan un "galego" máis castelanizado, din que falan *valverdeiro* ou *chapurra(d)o*, e mesmo *cahiporra(d)o*, mentres que nos concellos das Ellas e San Martín de Trebello, con falas menos castelanizadas, a xente di que fala *lagarteiro* e *mañego* respectivamente, pero non empregan o termo *chapurra(d)o*[9].

Algo semellante ocorre na *franja* aragonesa de fala catalana. No mesmo mapa do ALPI (1962) a resposta sobre o nome da fala local nuns puntos desa zona é *chapurreat*, *chapurriau* (e

8. O estudo é de 1991. En 2002 Llera presentou os datos do II Estudio Sociolingüístico de Asturias, segundo o cal no Eo-Navia o 72% da poboación fala "gallego-asturiano", cun 94% de falantes potenciais; e polo que respecta á identidade, o 74% séntese "asturiano hasta la médula", o 15% principalmente asturiano pero tamén un pouco galego, o 9% tan asturiano como galego e o 1% galego pero tamén asturiano. A información está tirada do xornal *La Nueva España* (31-12-02, p. 43).

9. Sobre estas denominacións na zona do "galego" de Cáceres *vid*. Gargallo Gil (1999a:24-27).

variantes), noutros non contestan e en Benasque din que falan *benasqués*[10]. Anos despois, a consideración sobre o nome da fala local era semellante nesa zona catalanófona[11], onde maioritariamente din que falan *chapurreau*, pero na zona pirenaica hai quen di que fala *patués*[12].

2.2 *O Bierzo e As Portelas*

A falta de estima pola lingua fai que hoxe galegófonos bercianos, especialmente xente maior, consideren que a súa é unha "lingua de ignorantes", falada "de portas para dentro". É a lingua da intimidade, sobre todo de núcleos rurais, pero que tamén se escoita en Vilafranca nos regateos e conversas illadas da xente maior que baixa desde Corullón, Cacabelos ou A Veiga de Valcarce. Polo que respecta á xente nova en idade escolar, como sinala Alicia Fonteboa profesora de galego no colexio de Cacabelos, os nenos e nenas, que non teñen conciencia de falar galego, enténdeno "e a maioría coñecen a lingua polos seus avós e pais, a pesar de que estes a seguen considerando como unha lingua de desprestixio" (López e Noia 2002:5).

Nos concellos bercianos máis afastados de Galicia, onde se usa un "galego de transición", segundo Seco Orosa (1997) os falantes parecen non ser conscientes, polo menos na denominación, da súa situación próxima ó galego, pois identifican o galego como o que se fala a partir de puntos máis occidentais. Neses concellos máis afastados a xente di que non fala galego, senón *chaporreo* (ou

10. Benasque/ Benasc queda na parte norte da *franja*. Non é nada doado adscribir lingüisticamente o benasqués, para uns un catalán aragonesizado, para outros un aragonés catalanizado.

11. Cfr. mapa 5 ("Nombre del habla local") do tomo I do *Atlas Lingüístico y Etnográfico de Aragón, Navarra y Rioja* (1979), dirixido por Manuel Alvar. Sobre a conciencia lingüística e a denominación da fala nesta zona de lingua catalá *vid.* Gargallo Gil (1999b:262-265).

12. En Fraga, a vila máis grande da *franja*, a resposta foi *fragatí*, de igual xeito que no lugar eonaviego das Cuantas-Ibias contestaron que falaban *ibiano* na enquisa do ALPI.

chapurriau, *chapurreau*, *chaporreteo*) entre galego e castelán, con algunhas palabras galegas. Sen embargo os veciños din que eses falan galego.

A situación do Bierzo contrasta coa de Zamora, onde segundo Ana Seco nos puntos de fala galega a xente di falar galego, non sendo no arraiano Calabor, onde se considera que falan medio portugués, medio galego, á vez que se usan termos como "mal hablao", "al estilo del país", "revolto", "chapurreau" ou "sanabrés". Cando nos anos 1976 e 1977 estiven nas Portelas para facer inquéritos do *Atlas Lingüístico Galego* a xente dicía que falaba galego; pero os de Porto, conscientes das súas peculiaridades lingüísticas do seu galego, dicían que falaban *portexo*.

3 USOS LINGÜÍSTICOS

A investigación de Rubal Rodríguez, Veiga Martínez e Arza Arza (1992) relativa á situacion sociolingüística do alumnado e do profesorado non universitario nas comarcas estremeiras con Galicia e que no seu día publicou o Consello da Cultura Galega, segue sendo o traballo de referencia sobre o nivel de uso do galego nestas comarcas[13].

Nese estudo víase que hai uns dez anos existía un forte retroceso no uso do galego entre a xeración dos avós, a dos pais e a dos netos, especialmente no Bierzo, situación que hoxe se agravou. A escola, que nestas comarcas non tiña (e practicamente segue sen ter) en conta a realidade lingüística e sociocultural

13. As localidades e tipo de centros incluídos na mostra analizada no informe Rubal (1992:32) foron os seguintes: a) en Asturias Boal, Navia e Tapia (8º EXB e 2º BUP); Coaña, Eilao, El Franco, Grandas e Santalla de Oscos (8º EXB); Ibias (8º EXB e 2º FP-1); Taramundi (7º e 8º EXB) e A Veiga do Eo (8º EXB, 2º BUP e 2º FP-1); b) en León Cacabelos (2º BUP); Carucedo, Corullón, A Ponte de D. Flórez e A Veiga de Valcarce (8º EXB); e Vilafranca do Bierzo (8º EXB e 2º BUP); c) en Zamora Barxacova, Hermisende, Lubián e Porto (7º e 8º EXB). Todos os centros eran públicos, agás na Veiga (público/ privado).

propia da franxa exterior do galego, está a ser un forte elemento desgaleguizador[14].

3.1 *Lingua materna*

En porcentaxes globais en 1992 o galego era lingua de instalación inicial do 55% dos pais, do 55,9% das nais e do 36,6% do alumnado. No que respecta a este, os grupos de maior galeguización inicial eran os de clase social máis baixa, os nacidos en hábitats rurais e os subgrupos en que os pais posuían os niveis de estudo máis baixos (Rubal 1992:46-47).

Na Terra Eo-Navia o galego era a lingua materna de 2/3 dos pais (63,5%) e das nais (64%), mentres que descendía ó 43,8% no alumnado. Os datos do informe Rubal (1992:48) son globais para toda a Terra Eo-Navia; pero cómpre ter en conta que na zona da Serra (menos habitada e de hábitat máis rural) as porcentaxes de galegófonos son moito maiores ca nos concellos da Mariña ou próximos á costa (máis poboados e con vilas importantes), onde diminúe o número de galegófonos.

No Bierzo un terzo escaso de pais (31,5%) e de nais (30,7%) tiña o galego como lingua materna, proporción que baixaba ó 16,7% no alumnado. Na zona berciana onde o galego é lingua propia a erosión do tecido lingüístico autóctono foi "notablemente máis acusada nas xeracións anteriores ca no caso asturiano. Sen dúbida, o emprazamento xeográfico, a influencia nas pautas da conducta lingüística de núcleos urbanos de certa importancia son factores que, entre outros, influíron neste sentido" (Rubal 1992:50).

Nas Portelas o galego era lingua materna do 84,6% dos pais, do 100% das nais e do 73,1% do alumnado. Trátase de concellos rurais con deficientes comunicacións e cun claro predominio do sector primario, o que explica que nesta zona se rexistren as porcentaxes máis altas. A totalidade das nais tiñan o galego como lingua de instalación inicial, e o mesmo se pode dicir dos pais naci-

14. En adiante a referencia a este informe será Rubal (1992).

dos na zona, pois os que non son de lingua materna galega (16%) proceden de lugares próximos de fala castelá (Rubal 1992:52).

Así e todo, cómpre ter en conta que a zona galegófona de Zamora está moi pouco poboada, pois, como antes se sinalou, só ten uns 1.500 habitantes, o que contrasta cos 45.000 da Terra Eo-Navia de Asturias e cos máis de 30.000 dos Ancares e Bierzo de León.

3.2 *Usos lingüísticos*

Sumando as porcentaxes de "só galego" e "máis galego" dos gráficos do informe Rubal (1992), pode apreciarse que a nivel familiar o uso era moi alto nas Portelas, relativamente alto no Eo-Navia e baixo no Bierzo, especialmente na xeración de pais e fillos desta comarca leonesa.

En toda a franxa que forman as comarcas estremeiras o nivel de uso é moi elevado na xeración dos avós, co 75,8% en Asturias, o 63,97% en León e o 74,97% en Zamora (gráficos 10, 16 e 22). O uso do galego entre os pais aínda é alto en Asturias (60,77%), baixo en León (24,55%) e moi alto en Zamora (76,9%), como se aprecia nos gráficos 11, 17 e 23.

As porcentaxes de uso do galego dos pais cos fillos e destes cos pais son semellantes nas tres zonas estudadas: en Asturias son, respectivamente, o 47,3% e o 43,45% (gráficos 12 e 14), en León o 15,07% e o 12,3% (gráficos 18 e 20) e en Zamora o 88,8% e o 84,69% (gráficos 24 e 26). No ambiente escolar, o uso do galego co alumnado polo profesorado é insignificante, tanto en Asturias con só 3,5% coma en León con 5,6% (gráficos 13 e 19). Polo que respecta ó profesorado de Zamora, unicamente o 8,02% ten como lingua propia o galego (gráfico 25).

Insignificante é tamén o uso do galego do alumnado cos compañeiros na zona de León, de só o 6,81% (gráfico 21). En Asturias emprégano algo máis da cuarta parte dos enquisados, o 28,35% (gráfico 15), mentres que en Zamora o fan case as 3/4 partes, o 73,1% (gráfico 27).

Nun inquérito realizado no curso 94-95 no Centro Rural Agrupado Tuela-Bibei de Lubián apréciase que o galego é a lingua de expresión da práctica totalidade dos alumnos das Portelas, xa que o empregaban o 100% dos alumnos de Barxacova, de Chaos, das Hedradas, de Vilanova e de Pías; o 95% dos de Hermisende e o 90% dos de Lubián[15].

4 STATUS LEGAL

4.1 *Estatuto de autonomía de Asturias*

No Estatuto de Asturias de 1981 a protección estatutaria afecta ó bable "en sus diversas variantes que, como modalidades lingüísticas, se utilizan en el territorio del Principado de Asturias" (art. 10.1.n). O art. 4 deste Estatuto non establece a cooficialidade da lingua asturiana e a castelá; unicamente sinala que o bable será protexido, que se difundirá o seu uso e que se introducirá no sistema escolar, pero de xeito voluntario e atendendo ás variantes locais. Neste Estatuto de autonomía considerouse que a única lingua oficial da rexión é a castelá; e consonte coa alínea 3 do artigo 3 da Constitución Española ("A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección"), os redactores dese Estatuto limitáronse a deixar constancia da existencia de "modalidades lingüísticas", sen alteraren esa redacción na modificación do Estatuto de 1999[16].

15. Concha Rodríguez: "Galego en Zamora", en *A Nosa Terra* 776 (01-05-97, p. 18).

16. O art. 4º do Estatuto de Asturias (aprobado por Lei orgánica 7/81, do 30 de decembro de 1981) ten a seguinte redacción: "El bable gozará de protección. Se promoverá su uso, su difusión en los medios de comunicación y su enseñanza, respetando, en todo caso, las variantes locales y su voluntariedad en su aprendizaje".

Na Lei orgánica 1/1999, do 5 de xaneiro, do Estatuto de autonomía do Principado de Asturias o artigo 4 ten unha alínea 1 coa mesma redacción do art. 4 de 1981 e unha alínea 2 na que se di que "una ley del Principado regulará la protección, uso y promoción del bable". O apartado 10.1.n. de 1981 pasa no texto de 1999 a ser 10-1-21, sen variación do contido ("Fomento y protección del bable en sus diversas variantes que, como modalidades lingüísticas, se utilizan en el territorio del Principado de Asturias").

A denominación bable parece referirse tanto ás "modalidades" da lingua asturiana (occidentais, centrais e orientais) como ás "modalidades" do galego oriental que se fala nos 18 concellos próximos a Galicia. Oficialmente non existe o galego en Asturias, soamente "modalidades" (da lingua asturiana?). Nin as autoridades políticas nin a Academia de la Llingua Asturiana recoñecen publicamente que as falas dos concellos máis occidentais son variedades da lingua galega[17].

4.2 *Estatuto de autonomía de Castela e León*

O Estatuto de Castela e León de 1983 (Lei orgánica 4/83, do 25 de febreiro) trataba no art. 26.16 do fomento das "distintas modalidades culturales de la Comunidad", pero non facía referencia ningunha ás "modalidades lingüísticas" do occidente, entre as que está o galego de León e Zamora, o asturiano (ou leonés) da zona de Babia e Laciana e da Cabreira e o portugués da Alamedilla (Salamanca), na estrema con Portugal.

Na Lei 1/1991 de 14 de marzo (BOE do 22 de abril de 1991) pola que se constituíu a Comarca do Bierzo dentro da Comunidade Autónoma de Castela e León tampouco se fixo ningunha referencia á lingua propia dos concellos próximos a Galicia, a pesar de que se creou e regulamentou a devandita comarca por concorreren "características geográficas, sociales, históricas y económicas en la Comarca del Bierzo, que la singularizan de cualquier otro territorio castellano-leonés"[18].

Cando en 1998 se entregaron en Madrid no Congreso dos Deputados os textos reformados dos Estatutos de Asturias e de

17. Para o status legal das "modalidades lingüísticas" de Asturias *vid.* Tolívar Alas (1989) e González Álvarez (1992).

18. Antes de que se aprobase a Lei de comarcalización do Bierzo, o Parlamento de Cataluña xa aprobara o Réxime Especial para o Val de Arán (Lei 16/90, do 13 de xullo de 1990), no que se lles garante a uns miles de falantes de occitano a oficialización da súa lingua propia, consonte co artigo 3.4 do Estatuto de autonomía de Cataluña de 1979.

Castela e León o BNG presentou emendas relativas á protección da lingua galega nesas comunidades[19]. Ó debaterse o Estatuto de autonomía de Castela e León, a aprobación dunha emenda do PP e do PSOE permitiu o recoñecemento legal da existencia do galego nesa Comunidade (alínea 2 do artigo 4), aínda que na alínea 1 do mesmo artigo se fala de especial protección e apoio para o castelán nesa rexión.

O artigo 4 da Lei orgánica 4/1999, do 9 de xaneiro, do Estatuto de Castela e León quedou coa seguinte redacción:

> 1. La lengua castellana y el patrimonio histórico, artístico y natural son valores esenciales para la identidad de la Comunidad de Castilla y León y serán objeto de protección y apoio, para lo que se fomentará la creación de entidades que atiendan a dicho fin.
> 2. Gozarán de respeto y protección la lengua gallega y las modalidades lingüísticas en los lugares que habitualmente se utilicen.

4.3 *Estatuto de autonomía de Galicia e Lei de normalización lingüística*

No artigo 2º do Estatuto de autonomía de Galicia de 1932 (aprobado nas Cortes de 1936) afirmábase que podería agregarse a Galicia "cualquier territorio limítrofe de características históricas, culturales, económicas y geográficas análogas, mediante los requisitos que las leyes generales establezcan", mentres que no actual Estatuto de autonomía de Galicia (1981) non se fai mención ningunha á posible agregación dos territorios das comarcas estremeiras[20].

19. As emendas foron rexeitadas na sesión do 28 de outubro dese ano. Apoiáronas os nacionalistas cataláns de CiU e os vascos do PNV e EA, e rexeitáronas o PP e PSOE, tal como informaba *La Voz de Galicia* (20-10-98, p. 6).

20. No coñecido como *Estatuto dos 16* (7 de abril de 1978) había unha disposición adicional onde se estipulaba "poderase incorporar á Comunidade Autónoma galega calquera territorio limítrofe de características históricas, xeográficas, económicas, culturais ou lingüísticas semellantes, de acordo en todo caso co artigo 141.1º da Constitución". O Parlamento galego aprobou esa disposición, que logo foi rexeitada na

Non obstante na Lei de normalización lingüística de 1983 si hai mención expresa desa galeguidade no artigo 21.2 do Título V (Do galego exterior):

> Así mesmo [o Goberno Galego] fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexe-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma.

E a mesma referencia á protección do galego en Asturias, León e Zamora, en colaboración cos gobernos das Comunidades lindantes con Galicia, encóntrase no artigo 4.12 do Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (DOG do 29 de marzo 1990), presidida polo presidente da Xunta de Galicia. Entre as accións contempladas para a promoción e o potenciamento do uso do galego está a "protección da lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma en colaboración cos seus respectivos gobernos".

4.4 *Congreso dos Deputados: proposición sobre o galego do Bierzo*

O 31 de outubro de 1996 o deputado do BNG Francisco Rodríguez presentaba no Congreso dos Deputados en Madrid unha proposición non de lei pola que o devandito Congreso instaba ó Goberno-Ministerio de Educación e Cultura ó establece-

Ponencia da Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados (López Mira 1998: 119-120).

A actual división provincial onde quedan fóra da Galicia administrativa as comarcas lingüisticamente galegas de Asturias, León e Zamora arrinca de 1833, a proposta de Javier de Burgos. En 1822, coa proposta Bauzá-Larramendi as Cortes españolas crearon a provincia do Bierzo, con capital en Vilafranca, esgazando daquela o Partido de Valdeorras, xa que cinco concellos pasaron a esa nova provincia mentres que catro foron para o partido ourensán de Viana do Bolo (López Mira 1998:57-58). Téñase en conta que na división eclesiástica a zona de Valdeorras aínda hoxe pertence á diocese de Astorga.

mento dun convenio de colaboración coa Junta de Castilla y León para facer posible:

a) El estudio en toda la zona occidental de Castilla y León y, de forma especial, en la comarca del Bierzo, de la lengua gallega como asignatura en los centros de primaria, secundaria obligatoria, bachillerato y formación profesional.
b) El establecimiento de una Comisión Mixta de composición paritaria MEC-Junta de Castilla y León, para estudiar la problemática cultural y educativa de esta lengua en las comarcas occidentales de Castilla y León, especialmente en el Bierzo, y dotar a los centros educativos de los medios necesarios par afrontar su enseñanza.

Na exposición de motivos o deputado do BNG referíase, entre outros, ó feito de que o Congreso dos Deputados se adherira á Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, que no artigo 5 recoñece o principio "de que los derechos de todas las comunidades lingüísticas son iguales e independientes de la consideración jurídica o administrativa", á vez que no artigo 24 se recoñece que toda comunidade lingüística "tiene derecho a decidir cuál debe ser el grado de presencia de su lengua, como vehicular y como objeto de estudio, en todos los niveles de educación dentro de su territorio".

A Comisión de Educación e Cultura do Congreso dos Deputados debateu a proposta do BNG en sesión que tivo lugar o 9 de abril de 1997 e aprobou por unanimidade o texto seguinte:

> El Congreso de los Diputados insta al Gobierno a que en colaboración con la Junta de Castilla y León estudie la posibilidad de que en función de las disponibilidades de profesorado y de la demanda de alumnado, se pueda impartir la Lengua Gallega en la Zona Oeste del Bierzo[21].

21. Verbo da aplicación deste texto, o director Provincial do MEC en León manifestaba no semanario *Les Noticies* (13 d'avientu de 1998) que a idea inicial "ye que l'asig-

4.5 *Proposicións non de lei nos parlamentos de Galicia e de Castela e León*

En novembro de 1982, a Comisión de Educación e Cultura do Parlamento Galego aprobou por unanimidade unha proposición non de lei presentada por Camilo Nogueira do partido nacionalista Esquerda Galega "sobre a cooperación da Comunidade Autónoma no ensino e a protección da lingua galega nas comarcas de Asturias occidental, o Bierzo e Sanabria coas comunidades de Asturias e Castela e León". E en decembro de 1988 o Parlamento de Galicia aprobou outra proposición non de lei, tamén de Esquerda Galega, "sobre o ensino e a protección nos territorios de fala galega administrativamente integrados nas comunidades autónomas de Castela e León e Asturias" na que se instaba á Xunta de Galicia á aplicación da Resolución do 17 de novembro de 1982 relativa á cooperación entre Galicia e as comunidades veciñas para o ensino do galego.

En novembro de 1996 Pilar García Negro do BNG presentou no parlamento de Galicia unha proposición non de lei na que se instaba á Xunta de Galicia ó establecemento do oportuno "convénio coa 'Junta de Castilla y León', para programar o estudo da língua galega nas localidades da franxa occidental, nomeadamente do Bierzo, que a teñen como lingua própria" co fin de garantir o estudo como materia no ensino non universitario, prestar colaboración técnica e humana necesaria para que o ensino do galego se poida realizar en breve e realizar todas as accións prácticas precisas para que se materialice o contido do artigo 21.2 da Lei 3/1983 de normalización lingüística.

A devandita proposición foi rexeitada en setembro de 1998, aducindo o partido do goberno (o PP) que cumpría agar-

natura seya impartida como optativa en tres o cuatro centros d'educación secundaria d'El Bierzu, y en concretu camentamos que los llugares más afayadizos sedríen en Ponferrada, Vilafranca, El Fabeiru y Torenu" (p. 11).

dar a que Castela e León tivese transferidas as competencias educativas; ademais, aduciu que xa abondaba cos convenios que a Xunta ten asinados con institucións do Bierzo. En setembro de 1998 Eduardo Gutiérrez, tamén do BNG, presentou unha proposición non de lei semellante, neste caso relativa ó recoñecemento e á promoción do "uso do idioma galego na zona occidental de Asturias".

4.6 *Cortes de Castela e León: proposicións para o ensino do galego*

En novembro de 2000, despois da reforma do Estatuto de Castela e León, a Comisión de Educación da Asemblea Lexislativa desta Comunidade, aprobou unha proposición non de lei relativa á posibilidade do estudo do galego nos centros de ensino da rexión. A proposta, que fora presentada polo PSOE e defendida por Felipe Lubián, procurador das Cortes de Castela e León e alcalde galegófono de Lubián, aprobouse por unanimidade co seguinte texto:

> As Cortes de Castela e León instan á Xunta de Castela e León para que a partir do próximo curso 2001/2002, se implante o ensino da língua galega, como asignatura optativa, en todos os centros de titularidade pública que imparten o Ensino Primário ou o Ensino Secundário nos territórios de Castela e León limítrofes coa Comunidade Autónoma de Galiza que utilicen maioritariamente a língua galega[22].

E en xuño de 2001, Felipe Lubián e dous procuradores do PSOE asinaron unha proposición non de lei para debate e aprobación na Comisión de Educación e Cultura de Castela e León para introducir o galego na Escola Oficial de Idiomas de

22. Cito polo texto en galego de *A Nosa Terra* 966 (21-12-00, p. 15).

Ponferrada para o curso 2001-02, tendo en conta a demanda existente ó respecto[23]. Aprobado o texto da proposición (28-02-02), cando se abriu a matrícula para o curso 2002-03 estableceuse un máximo de 35 alumnos, ocupándose a Junta de Castilla y León da selección do profesorado.

Antes da aprobación unánime desa proposición coñecérase unha resolución do procurador del común de Castela e León (o equivalente ó galego valedor do pobo), do 21 de febreiro do 2002, dirixida ó conselleiro de Educación e Cultura desa Comunidade na que se atendía, entre outras, á queixa da indeterminación territorial no ámbito de aplicación do ensino do galego no acordo do 18 de xullo de 2002 entre a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León para a promoción da lingua no Bierzo e Sanabria. Os autores das queixas pedían que non se fixasen criterios restritivos que deixasen fóra a cidade de Ponferrada.

No punto 2 desa resolución, atendendo o establecido no art. 7.1.b) da Carta Europea das linguas Rexionais ou Minoritarias, polo que se debe respectar a área xeográfica da lingua rexional ou minoritaria, e na procura da consecución real da declaración contida no art. 4.2 do Estatuto de Castela e León, o procurador del común pedíalles ós responsables do devandito acordo unha postura favorable "a la delimitación de un ámbito territorial de aplicación del Acuerdo, que incluya, en su calidad de capital de la comarca del Bierzo, a los centros docentes de la

23. En xaneiro de 1996, a Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada realizou un inquérito entre o seu alumnado (1.500 alumnos) sobre as posibilidades de estudo doutras linguas; e destes unha ampla porcentaxe manifestou a súa inclinación cara ó estudo da lingua galega, tal como consta no escrito que no seu día a directora da devandita Escola lle enviou ó director xeral de política lingüística da Xunta de Galicia. No escrito sinalábase que ó ser "el Bierzo una zona fronteriza con gran influencia de la cultura y lengua gallegas, desearíamos nos informase sobre las posibilidades de acceder a acuerdos con la Xunta para recibir profesorado especializado". En xaneiro de 2001 a mesma directora enviaba unha cuarta carta (agora a matrícula eran 1.350) con contido e solicitude semellante á primeira. Tal como sinalan Parajó e Costas (2001:104) a DXPL da Xunta de Galicia nunca respondeu.

ciudad de Ponferrada y asimismo a los centros de cuantas otras localidades de la comarca tengan interés en la enseñanza de la lengua gallega".

E no sétimo e derradeiro punto da resolución pedíase que a Consellaría valorase a posibilidade de "impartir la enseñanza de la lengua gallega no solamente en los centros docentes de Educación Primaria y Secundaria, sino en otros centos educativos como pudiera ser la Escuela Oficial de Idiomas de Ponferrada".

5 REIVINDICACIÓN DA GALEGUIDADE LINGÜÍSTICA

A aparición nas comarcas estremeiras coa Galicia oriental de asociacións culturais e de colectivos que, especialmente desde finais da década dos 80 do séc. XX, veñen reclamando o recoñecemento legal do galego e a súa inmediata introdución no ensino, así como na administración e nos medios de comunicación social, fixo que chegase á opinión pública unha problemática sociolingüística practicamente descoñecida e que moitos dos políticos, tanto en Galicia como en Asturias e en Castela e León , se preocupasen desa situación. E de aí as diferentes proposicións lexislativas a que me acabo de referir.

5.1 *A Terra Eo-Navia*

Entre os agrupamentos do occidente de Asturias reivindicadores da galeguidade lingüística e cultural o pioneiro foi o Grupo de Eilao Pro Defensa da Nosa Lingua, que xurdiu no outono de 1986 para opoñerse a unha posible transculturización na Terra Eo-Navia, despois de que a Consellaría de Educación, Cultura, Deportes e Xuventude do Goberno do Principado organizara o "I Curso de lengua asturiana para enseñantes de la zona asturgalaica", que tivo lugar na vila de Navia (Asturias) en setembro de 1986 e en decembro dese ano na Veiga, na mesma estrema con Galicia. O Grupo de Eilao autodisolveuse en 1988 na MDGA (Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da

Comarca), ata a actualidade presidida polo médico Benigno Fernández Braña[24].

Entre os obxectivos da MDGA está a promoción do uso do galego e a procura do recoñecemento oficial polas autoridades asturianas de que no extremo occidental de Asturias se fala galego. Esta asociación lingüística e cultural criticou desde o seu nacemento o uso das equívocas denominacións oficiais *astur-galaico* e *gallego-asturiano*, así coma o emprego do impreciso termo *fala* (ou *falas*) e do pexorativo *falía*, todas elas utilizadas para se referir á lingua galega dos concellos máis occidentais de Asturias[25].

En 1990 a MDGA publicou as *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, ás que me referirei máis abaixo (7.1) e organizou as "I Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias: Na busca das raíces da Terra Navia-Eo", en Grandas de Salime (decembro 1990), como homenaxe a Dámaso Alonso, o grande estudioso desas falas para as que normalmente usou o termo "gallego-asturiano"[26], pero tamén o de "gallego asturiano" e "gallego de Asturias". Foi Dámaso quen falou de "gallego exterior o gallego-leonés" para se referir ó galego falado en Asturias, León e Zamora[27].

24. Sobre a identidade da Terra Eo-Navia *vid.* Pereiro Pérez (1998). Unha bibliografía moi detallada sobre diversos aspectos lingüísticos e sobre a literatura da Terra Eo-Navia pode verse en Barcia López (1999:59-71).

25. Para a xénese e as principais accións desenvolvidas pola MDGA *vid.* Fernández Braña (1990) e (1994).

26. Nun traballo de 1944-45 afirmaba: "Frente a la cortante división administrativa entre Galicia y Asturias, el lenguaje ofrece una serie de gradaciones (...). Baste hoy decir que la afirmación ya antigua de que el gallego llega, dentro de Asturias, hasta el río Navia, es justísima, si bien, como es sabido, algunos fenómenos típicamente asturianos penetran al Oeste de esa línea. Estas hablas de entre el Navia y el Eo fundamentalmente gallegas, pero con algunos rasgos asturianos, las designo con el nombre de gallego asturiano" (Alonso 1972:390-391). Sobre a galeguidade lingüística desas falas na obra de Dámaso Alonso *vid.* Fernández Rei (1994:160-169).

27. Na nota preliminar do seu clásico traballo sobre o ancarés, publicado coa colaboración de García Yebra, lese: "El gallego-exterior o gallego-leonés comprende una serie de hablas que son básicamente gallegas, con rasgos que, aunque a veces varían respecto al gallego considerado como normal en Galicia, están dentro del sistema lingüístico galaico si lo miramos en una perspectiva sincrónico-diacrónica; pero junto a

En marzo de 1992 a MDGA comezou a publicación da revista *A Freita* (en decembro de 2000 saíu o nº 15), onde con afán divulgativo se veñen tratando temas lingüísticos e socioculturais relativos á Terra Eo-Navia, escritos "en galego de Asturias ou a todo máis en galego normativo", tal como se indicaba no editorial do número 0. En decembro de 1995 os números 8 e 9 incluían como novidade o suplemento literario "O Espello", onde se recolle a creación literaria de autores da comarca e que ademais da versión en papel ten versión electrónica[28]. En Nadal de 1994 a MDGA publicou o nº 1 de *Britonia. Revista de Estudios da Terra Navia-Eo*, revista en formato libro, e en 1998 editouse o nº 2 de *Britonia*.

En novembro de 1990, a Asociación Cultural Xeira, creada no lugar de Valdepares (concello de El Franco), denunciaba a "galeguización desmesurada" da MDGA á vez que rexeitaba "cualquier política que quiera imponer unas directrices educativas gallegas que en Asturias estarían totalmente fuera de lugar". Segundo Xeira, "en el territorio comprendido entre el Eo y el Navia se habla una mezcla de gallego y asturiano con unos rasgos que varían de un lado a otro"[29]. Nos seus comunicados e escritos, esta asociación de El Franco xa empezou empregando unha grafía inequivoca-

estos rasgos esencialmente galaicos, presentan siempre las hablas del gallego exterior unos pocos que son propios del leonés. Una rama del gallego leonés es el hablado en el extremo occidental de Asturias, que muchas veces, por rapidez, llamamos gallego-asturiano" (Alonso 1972:315).

28. Tamén ten páxina electrónica en Internet o Colectivo Cotarelo Valledor, formado por sete escritores da Terra Eo-Navia que "empregan a língua desta zona para a criazón literaria". Trátase dunha organización para a difusión "tanto do galego de Asturias como dos instrumentos legais e lingüísticos a dispor do eonaviego". Cfr. *A Nosa Terra* 990 (07-06-01, p. 17).

29. As citas pertencen a un comunicado de Xeira feito público despois de que nas "I Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias" de Grandas de Salime, organizadas pola MDGA, se aprobase un manifesto en que se reclamaba, entre outros puntos, "a inmediata dotación de profesorado para introducir, a partir del curso 1991-92, a lingua galega nos diferentes niveles educativos nos centros da zona". Un extracto do comunicado de Xeira pode verse no xornal compostelán *El Correo Gallego* (28-12-90, p. 38). O Manifesto de Grandas criticado por Xeira reprodúcese en Fernández Rei (1994:297-298).

mente asturianizante, como se aprecia no uso do *y* grego e nos apóstrofos ("Conceyo de El Franco", "entre'l Navia y l'Eo") e en escollas concordantes co asturiano (formas con *ll*– como "llingua" ou a terminación -*ao* no canto de –*ado*). Con todo, o presidente de Xeira a finais de 1999 manifestaba que a fala do Eo-Navia pode clasificarse dentro do diasistema galego-portugués[30], o que quere dicir que non é do diasistema astur-leonés e, xa que logo, entre o Eo e o Navia non se falan variedades da llingua asturiana[31].

Desde 1991 convoca anualmente o "Premio XEIRA de narracióis curtias", en galego-asturiano, que na súa lª edición foi gañado por Manuel García "Galano" co relato *A terra é a terra*[32]. Esta asociación, que defende a recuperación e o recoñecemento legal do galego-asturiano, en decembro de 2000 entregaba o X Premio, á vez que editaba o libro *Lletras novas, úa década del premio XEIRA de narración*, con todos os gañadores deste 1991.

O concello de El Franco publicou en 1992 a obra de Jesús Álvarez Valdés *As costumbres foron deste xeito*, unha especie de memorias de tempos pasados referidas á vida tradicional, cunha segunda parte en 1996. A pesar da grafía asturianizante e dos castelanismos, na obra de Álvarez Valdés hai unha excelente fonte do

30. Á pregunta "¿Qué filiación filolóxica tien la llingua falada ente'l Navia-Eu?" formulada no semanario *Les Noticies* (19-12-99, p. 8) Xabiel G. Menéndez, presidente de Xeira, contestaba: "Lo que se fala equí podémoslo clasificar dientro del diasistema gallego-portugués. El problema está en poner la frontera xeográfica entre ésti y el diasistema asturllionés porque depende de qué isogloses escúeyanos nuna zona tan complexa de transición o continuum onde s'atopen rasgos propios d'ún y d'otru. Son planos distintos: ye dexar el planu 'científicu' y pasar al planu 'socio-políticu' porque'l que defenda eso ta axustándose a una realidá d'hai pocu, al marcu de l'autonomía gallega, qu'escueye un camín propiu pa la so llingua, anque dende'l puntu de vista científicu pertenece al portugués".

31. No Día de les Lletres Asturianes de maio de 2002, Xeira acudiu á manifestación cunha pancarta onde pedía *Oficialidá pras duas llinguas d'Asturias.* Era a primeira vez que Xeira ía a ese acto de reivindación do asturiano, convocado pola Xunta pola Defensa de la Llingua Asturiana.

32. Este relato aparece publicado na obra do autor *Parzamiques*, A Caridá, Xeira, 1993, 55-71.

léxico galego da Terra Eo-Navia. E en Galicia editouse en 1992 a obra *Os contos do xílgaro* (Babarro 1992), cun conto do propio Babarro, en galego estandardizado, xunto con textos nas variedades galegas de Asturias, León e Zamora, escritos por autores desas comarcas estremeiras.

En abril de 2002 o Colectivo Cotarelo Valledor puxo en internet o boletín *A Carqueixa*, para "tender pontes entre os defensores das linguas do noroeste peninsular, procurando unificar criterios e evitando esgazamentos que son prexudiciais para a sobrevivencia del galego e el asturiano"[33]. E en outubro de 2002 presentouse publicamente unha nova asociación galeguista, Abertal, con ámbito no Eo-Navia e nos concellos de Lugo lindantes (Costas González 2002)[34].

5.2 *O Bierzo*

A MDGB (Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo e da Cultura da Comarca), constituída na vila de Corullón (marzo de 1990), naceu co obxectivo inmediato de establecer o galego como materia de aprendizaxe optativa no ensino primario, sen descartar outras reivindicacións coma a administración bilingüe e calquera aspecto relativo á promoción do uso social do galego nos concellos próximos a Galicia. Desde os comezos pediu o recoñecemento oficial da lingua galega pola Junta de Castilla y León, á vez que criticou as teorías "bercianistas" defensoras dunha suposta lingua berciana, resultado da convivencia de galego e leonés, co posterior influxo castelán. En cola-

33. *A Carqueixa* está aberta "a colaboraciois en cualquera das linguas del diasistema galego-portugués, aínda que se dará preferencia a todo el que vaia escrito en galego eonaviego". A información está tirada de *Vieiros.com* (ed. Terra Navia-Eo, 29-04-02).

34. Segundo se informaba en *Vieiros.com* (ed. Terra Navia-Eo, 31-10-02) Abertal pretende "revitalizar o galeguismo na comarca dado que a principal asociación que traballaba neste eido, a MDGA (Mesa pola Defensa do Galego de Asturias), leva varios anos sen actividade manifesta". Carlos Varela, un dos promotores, amosaba a súa disposición para colaborar coa MDGA e cos sectores asturianistas que "recoñezan que no Eo-Navia se fala galego".

boración co Clube Cultural "Adiante", con sede en Vigo, a MDGB organizou en Vilafranca en decembro de 1990 o "II Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora".

As iniciativas pioneiras para a galeguización do ensino primario no Bierzo realizáronse no Colexio Público Rural Agrupado "Jimena Muñiz" do concello de Corullón, onde nos anos oitenta se introduciu o galego como lingua habitual das relacións escolares e onde se empezou a redactar en 1984 a revista escolar bilingüe *A Curuxa*. Nicanor Álvarez, primeiro presidente da MDGB e ensinante dese colexio de Corullón manifestaba en 1994 que a implantación do galego como materia optativa no ensino primario sería un primeiro paso para o recoñecemento da identidade do Bierzo, pois de non o facer, córrese o risco de que se perda a lingua. A falta de estima polo galego era salientada igualmente polo presidente da Mesa do Bierzo nos seguintes termos:

> Tradicionalmente, y aun hoy, el gallego ha sido visto como una lengua de gente inculta, de montañeses, y por eso mismo los padres siempre han deseado que sus hijos hablaran castellano, aunque en su casa se hablara gallego. Hace siete años, cuando yo entré en este colegio, si un niño decía una palabra en gallego se le obligaba a escribirla mil veces en castellano, y hace unas semanas escuché que un señor, padre de uno de mis alumnos, decía a su hijo: *Se falas galego, vas cobrar* (Rodríguez 1994:42).

En Vilafranca do Bierzo as iniciativas para a revitalización da lingua e da cultura galegas partiron, fundamentalmente, da Asociación Cultural "Escola de Gaitas de Vilafranca", un dos colectivos que participou na creación da MDGB. A asociación naceu no inverno de 1981 como aula de música do Instituto de Cultura Popular "Gilberno N. Ursino", pasando en 1986 a legalizarse como asociación cultural. Desde os seus inicios centrouse na recuperación dos costumes tradicionais (magostos, xogos, fogueiras...), salientando a total recuperación da "Festa do Maio", de moita tradición en Vilafranca, pero que estaba esmorecendo.

O galego é a única lingua usada nos carteis e demais medios publicitarios dos actos da "Escola de Gaitas" (na que destaca o labor dinamizador de Marisa Cela e de Héitor Silverio), así como nas súas publicacións, entre as que están os *Contos de maio (I)*, de 1993 con debuxos e textos alusivos á festa do maio realizados todos polos alumnos dos colexios de Vilafranca e Corullón, e os *Contos de maio (II)*, de 1994, onde participaron, ademais dos nenos destes centros, os do Colexio de Cacabelos. En 1993 organizou a "I Xornada da Cultura e da Lingua Galegas no Bierzo". A publicación dos textos destas Xornadas faise en galego, respectándose as variantes dialectais do galego berciano[35]. Ademais, en Vilafranca tivo lugar entre 1989 e 1992 a Escola de Verao do Noroeste-O Bierzo, organizada polo IGSP (Instituto Galego de Sócio-Pedagoxía).

Unha experiencia semellante á de Corullón realizouse no Colexio Público "La Borreca" de Ponferrada, do que é mostra a revista bilingüe *El Pendín*, así coma experimentos cinematográficos realizados no centro "nos que se deixaba ben claro a orixe maioritariamente galega dos nenos que participaban no proxecto elaborando o guión e participando como actores, e incluso na propia música escollida" (López Témez 1992:80). En Ponferrada e noutras vilas do Bierzo recolléronse en 1997 centos de sinaturas nos institutos para pedir a introdución do galego no ensino, despois de ser aprobado no Congreso en Madrid (vid. 4.4). Neste aspecto salienta o labor do Colectivo Cultural Fala Ceibe de

35. Na introdución da Memoria da I Xornada manifestase a vontade de contribuír á dignificación e á normalización do galego na parte de León estremeira con Galicia: "Esta Xornada da Cultura e da Lingua galegas no Bierzo está diseñada para crear unha dinámica anual de reflexión acerca da situación presente, pasada e futura do ente cultural galego no Bierzo, á vez de ir incidindo no ámbeto berciano para que vaian desenvolvéndose unha serie de actos que prestixen, e polo tanto, promocionen o uso do galego en manifestaciois públicas máis aló dos usos habituais nos que hoxe segue vivo o idioma: os círculos da fala familiar e da relación interveciñal" (Escola de Gaitas 1994:5). A IV Xornada (e ata agora a última) tivo lugar o 28 de decembro de 1996. A Escola de Gaitas foi unha das impulsoras da Comisión Sarmiento 2002, que neste ano realizou actos relacionados coa figura de Frei Martín Sarmiento, nado en Vilafranca, e coa defensa do galego no Bierzo.

Ponferrada, con campañas para reclamar ensino voluntario de galego no Bierzo e dotación de libros en idioma galego para bibliotecas bercianas[36].

Fala Ceibe, que ten en Xavier Lago Mestre o principal dinamizador, coorganizou coas universidades de Salamanca e Vigo as "Xornadas sobre o Galego Exterior", que tiveron lugar en Salamanca e Vilafranca en maio de 2001. Nestas xornadas aprobouse o "Decálogo de Salamanca", no que se esixe "das administracións competentes o recoñecemento da lingua galega como lingua propia e cooficial, xunto co castelán" nos concellos galegófonos de Asturias, León e Zamora (punto 2º), á vez que se reclaman medidas medidas de actuación, entre outras, relativas ós medios de comunicación en galego para as comarcas estremeiras (punto 5º), á toponimia autóctona (punto 7º) e ó ensino optativo da lingua e da literatura galegas (punto 8º)[37].

En marzo de 2002 Fala Ceibe organizou o 1º concurso creativo en galego para o alumnado non universitario dos centros educativos do Bierzo, con obrigatoriedade do uso do galego, en calquera das súas modalidades; e en xuño de 2002 comezou a campaña "Estudia galego. Porque tu queres", para concienciar o alumnado dos institutos de Ponferrada, Cacabelos e Vilafranca.

No relativo á recollida da lingua e á tradición oral cómpre salientar o labor de Aquilino Poncelas Abella e de Alicia Fonteboa, autores de obras que constitúen unha excelente contribución lingüística e etnográfica para o estudo do galego do Bierzo. Poncelas é autor das *Estorias e contos dos Ancares. Historias*

36. Cfr. *A Nosa Terra* 883 (20-5-99, p. 14).

37. O "Decálogo de Salamanca" publicouse no xornal electrónico *www.vieiros.com* (14 de maio de 2001). Algunhas das medidas que se reclamaban nese Decálogo dun xeito ou doutro xa figuraban en manifestos aprobados en xornadas sobre o galego de Asturias, León e Zamora, como o Manifesto de Celanova (1989), os de Vilafranca do Bierzo (1990) e o de Grandas de Salime (1990), o que quere dicir que foi relativamente pouco o que se avanzou na normalización do galego estremeiro. Os devanditos manifestos poden verse en Fernández Rei (1992:68-73).

y cuentos de los Ancares (bilingüe), editada en 1987 polo Grupo Cultural "Carocos"[38]; de *Contos da neve* (publicados en Babarro 1992:53-62) e de *O mestre púxose louco* (1995), unha especie de memorias da infancia, cun léxico berciano riquísimo, que lembra a obra de Jesús Álvarez Valdés *As costumbres foron deste xeito* á que antes me referín. Alicia Fonteboa, que forma parte do equipo do *Atlas Lingüístico de El Bierzo*, publicou en 1992 *Literatura de tradición oral en el Bierzo*, un amplo corpus folclórico con adiviñas, cántigas, contos, ditos, refráns e romances recollidos en 36 lugares bercianos de fala galega, leonesa e castelá.

Fonteboa coordinou o vol. I, Léxico (1) do *Atlas Lingüístico de El Bierzo* (ALBI) dirixido por Manuel Gutiérrez Tuñón[39]. Este atlas realízase no Instituto de Estudios Bercianos (IEO), institución cultural que hai anos promovía un bercianismo monolingüe e rancio, pero que nos anos 90 se transformou á calor das reivindicacións de colectivos como a Mesa do Bierzo ou a Escola de Gaitas (Silverio 2002:9). En 1989 comezou a traballar no proxecto do ALBI e cando se presentou o vol. I (outubro de 1996) o IEO organizou en Ponferrada o simposio "Jornadas sobre lenguas en la frontera. Xornadas sobre linguas na fronteira" para facer unha valoración da fala do Bierzo e asemade poñela en contacto con realidades ibéricas semellantes, analizando as súas traxectorias e situacións actuais para chegar a unha previsión de futuro[40].

38. Na introdución o autor, que é de Teixeira (concello ancarés de Candín) evita a palabra galego para se referir á lingua dos textos e da xente a quen llos recolle ("lenguas maternas diferentes del castellano", "nuestra lengua vernácula", "hablas bercianas" –2 veces– "lenguas vernáculas"...). A única referencia ó galego está nos criterios da edición onde se di que "siguiendo un poco la ortografía gallega, se prescinde del fonema consonántico /y/...", p. 11).

39. O vol.I Léxico (1) do ALBI publicouse en 1996. O vol. I Léxico (2), coordinado por Mª José Rodríguez Malmierca, editouse en 2002.

40. Algunhas das conferencias destas xornadas publicáronse no nº 24 (1998) de *Estudios Bercianos. Revista oficial del Instituto de Estudios Bercianos*, entre elas, a relativa ó trazado da fronteira do galego no Bierzo (Seco Orosa 1998) e a da análise da situación do galego nas comarcas estremeiras (Fernández Rei 1998).

5.3 *As Portelas*

Nos concellos zamoranos das Portelas non chegou a constituírse unha mesa para a defensa do galego. A reivindicación da galeguidade lingüística e cultural levárona a cabo, fundamentalmente, os membros da Asociación Cultural "Xente Nova" de Lubián, dos que o principal dinamizador foi o xa mencionado Felipe Lubián. Mestres desta asociación usaban nos anos 80 e 90 o galego como lingua habitual do ensino, á vez que o empregaban en actividades extraescolares (teatro, revistas escolares...)[41].

Dado o altísimo uso entre os escolares das Portelas, o Claustro de profesores/as do Centro Rural Agrupado Tuela-Bibei de Lubián aprobou no curso 1994-95 o Proxecto Educativo do Centro (logo refrendado polo Consello Escolar) que no apartado das "Notas de identidade" contempla o seguinte:

> Obrigatoriamente no noso coléxio a lingua da aprendizaxe será o castelán, non oustante tendo en conta as características da zona:
>
> - Permitirémoslle [ós alumnos] expresarse na sua língua materna.
> - Permitiremos que aqueles profesores que o desexen, poidan comunicarse cos alunos que queiran na devandita língua.
> - Realizaremos actividades nesta língua.
> - Poñeremos á sua disposición materiais nesta segunda língua.
> - Evitaremos actitudes e comentários que a minusvaloren[42].

41. Hai uns anos editábase nas Portelas a revista escolar *Entre Nós* para que, segundo Felipe Lubián, "os mestres fixesen traballos na aula con ela, porque aos rapaces gostáballes a clave de humor na que estaba escrita e comentábana nas casas. Daquela, e falo de 1988, houbo a impresión de que o galego estaba moi ben pero é que a xente era analfabeta na súa propia língua". *Vid.* a este respecto a entrevista de Xan Carballa con Felipe Lubián en *A Nosa Terra*, 774 (17-04-97, p. 9).

42. Cfr. Concha Rodríguez "Galego en Zamora", en *A Nosa Terra*, 776 (01-05-97, p. 18).

A asociación ADISAC, organización de desenvolvemento comarcal de Sanabria e Carballeda (as dúas comarcas oficiais do occidente de Zamora) presidida por Felipe Lubián, organizou en maio e xuño de 2001 en Porto (As Portelas) concellos abertos baixo o lema *Encontros na fronteira.* No primeiro destes concellos abertos (25 de maio) o tema central foi a defensa do galego[43].

5.4 *Galicia*

En 1989 comezou en Galicia a analizarse a problemática sociolingüística das comarcas estremeiras en xornadas e congresos organizados por asociacións culturais, á vez que o Consello da Cultura Galega tivo en conta esa situación en ponencias de simposios antropolóxicos a comezos dos anos 90 con sesións na Galicia oriental, no Bierzo e nas Portelas[44].

Organizados pola Mesa pola Normalización Lingüística tiveron lugar en Santiago, en novembro de 1989, os "Encontros do galego exterior. O galego causa común". Era a primeira vez que se atendía de xeito global a problemática do galego estremeiro con participación, entre outros, de diversos colectivos procedentes da Terra Eo-Navia, do Bierzo e das Portelas. Nese momento foi fundamental o papel do daquela presidente da MNL Xosé Manuel Sarille como aglutinante e coordinador de colectivos e persoas que nas comarcas estremeiras estaban traballando illadamente.

En decembro de 1989 tivo lugar en Celanova o "I Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora", organizado polo Clube Cultural "Adiante" e a CXTG-INTG. Neste Congreso aprobouse un "Manifesto das comunidades de lingua e cultura galegas exteriores á Galicia oficial", que constitúe o primei-

43. Cfr. *O Sil* 68 (xuño 2001), 71.

44. Unha relación de xornadas, congresos, simposios e cursos do período 1989-71 en que estivo presente total ou parcialmente a situación do "galego exterior" pode verse en Fernández Rei (1992:48-55). Inclúense tamén os realizados fóra de Galicia.

ro documento en que se reivindicaba a plena normalización da lingua e da toponimia das comarcas estremeiras con Galicia[45].

En xullo de 1990 tivo lugar no Cebreiro, A Proba de Navia e Vilafranca do Bierzo o Simposio de Antropoloxía "Nos lindeiros da galeguidade I", organizado polo Consello da Cultura Galega, coa finalidade de "conseguir unha máis racional percepción das semellanzas, diverxencias e peculiaridades nas xentes que moran alí onde remata o límite imposto pola realidade administrativo-política". No relativo á problemática sociolingüística neste simposio presentouse un avance do informe Rubal (1992), á vez que se debateu unha proposta de mínimos para a introdución da lingua e da literatura galega no ensino, nun momento en que o Ministerio de Educación e Ciencia tiña todas as competencias nesas comarcas. A proposta foi aprobada polo plenario do Consello en outubro de 1990 (*vid*. 6.3.1).

En xullo de 1991 o Consello da Cultura Galega organizou en Verín, Chaves (Trás-os-Montes) e Lubián (Zamora) o Simposio de Antropoloxía "Nos lindeiros da galeguidade II (semellanzas, diverxencias, peculiaridades)" con diversos relatorios sobre aspectos da zona centro-oriental do galego[46].

6 INICIATIVAS INSTITUCIONAIS

6.1 *Asturias: protección do "gallego-asturiano"*

En xuño de 1990, no texto dun acordo interautonómico asinado polos presidentes da Xunta de Galicia e do Principado de Asturias, falábase de realizar por parte do goberno asturiano a

45. Publicouse en *A Trabe de Ouro* 1 (1990, p. 129-130).

46. A sección de Antropoloxía Cultural do Consello da Cultura Galega, que a comezos dos 90 programou os simposios "Nos lindeiros da galeguidade", editou no 2002 a monografía *Nos lindeiros da galeguidade. Estudio antropolóxico do val da Fornela (etnografía, etnomusicoloxía, etnografía),* que contén notas lexicográficas sobre as falas fornelás (o fornelo e o burón) no capítulo "Aspectos lingüísticos e tecnolóxicos do val da Fornela", de Clodio González Pérez.

"paulatina integración en la enseñanza, con carácter voluntario del gallego asturiano". Nese proceso, no que a Xunta de Galicia ofrecía a súa colaboración, respectaríanse as distintas variedades do "gallego asturiano". O ensino voluntario da *fala* iniciouse no curso 1990-91 na Escola Pública "Ramón Campoamor" de Navia (Madera Coto 1991; Cascudo e Gión 1998:8-11), concello asturiano cunha parte occidental de lingua (fundamentalmente) galega e outra oriental onde a lingua é (fundamentalmente) asturiana[47].

Desde 1993 hai ensino voluntario de galego-asturiano no Colexio "Príncipe de Asturias" de Tapia de Casarego; e posteriormente implantouse no CPRA de Castropol e no de Villaión[48]. A Viceconsellaría de Educación do Principado de Asturias e a Academia de la Llingua Asturiana organizan cursos de capacitación en galego-asturiano que, o mesmo cós de asturiano, no verán de 2002 e 2003 tiveron lugar en Ibias, na estrema con Galicia[49].

47. O Consello Escolar do colexio de EXB de Boal (concello asturiano de fala galega, próximo ó de Navia) na sesión de 27 de xuño de 1990, non aceptara ser centro pioneiro, por considerar inaceptable o termo *fala* "por ambiguo e impreciso para la materia que se pretende impartir" e mais por xulgar que a organización e a presentación do curso carecía de rigor e de cientifismo "al pretender que se enseñe una lengua sin tener unas normas morfológicas y sintácticas válidas para todos los hablantes, es decir, sin una normativa".

48. En seis concellos da Terra Eo-Navia (Navia, Castropol, Tapia, Eilao, Grandas de Salime e Villaión) celebrouse o 24 de maio de 2001 o Día da Fala, xornada que "serviu para reivindicar unha expresión que conta con grande número de falantes pero con escaso apoio institucional", tal como informa H. V. en *A Nosa Terra* 990 (07-06-01, p. 17). O alumnado de galego [234 nenos e nenas] xuntouse todo no centro Ramón Campoamor de Navia "para que teñan consciéncia de que non están sós, por exemplo, en Castropol só hai dous nenos que teñen esta optativa e teñen que ver que en toda a zona hai máis alunos que tamén estudan a nosa fala", en declaracións dunha das profesoras organizadoras dese Día da Fala.
Ese mesmo día entregáronse os premios do "I Concurso de contos en galego-asturiano para os de educación primaria e ESO" e do "I Concurso de dibuxo para os de educación infantil" (Anes, Bermúdez e Fernández 2001).

49. Segundo www.vieiros.com (ed. Terra Navia-Eo, 19-07-02) no curso 2002-03 ía impartirse en 8 centros da zona, a xulgar pola convocatoria de prazas de profesorado feita pola Consellaría: unha de "Gallego-asturiano", seis de "Lengua tradicional: gallego/asturiano" e unha de "Llingua asturiana", neste caso para o CPRA de Eilao-Sarceda, en zona galegófona. No ensino primario a materia desaparece de Castropol e segue sen

No que respecta á sensibilización social do uso das linguas de Asturias, o 1 de decembro de 1993 a Dirección Rexional de Educación do Principado comezou unha campaña de promoción do uso do asturiano co lema *Di-yo n'asturiano,* que na Terra Eo-Navia se substituíu polos lemas *As cousas pol sou nome* e *Diyo na túa fala,* evitándose a palabra *galego,* e mesmo o ambiguo termo *galego-asturiano* (Fernández Braña 1994:292).

En abril de 1995 o Goberno do Principado modificou os Estatutos de la Academia de la Llingua Asturiana, modificación que no apartado *k* do artigo 1 afecta directamente á Terra Eo-Navia, porque nel se establece que, a todos os efectos, a devandita Academia "promoverá y velará por la variante lingüística gallego-asturiana o astur-galaica"[50], polo que unha academia dun idioma –o asturiano– pasa a ter competencias sobre outro idioma –o galego–, termo este que se evita sistematicamente a nivel oficial. En 1996, no seo da Academia de la Llingua Asturiana creouse a Secretaría Llingüística del Eo-Navia, que no verán de 1996 comezou a edición da revista trimestral *Entrambasauguas. A revista del Navia-Eo*[51]. E en outubro de 1996, nas "XV Xornaes d'estudiu" organizadas pola Academia de la Llingua prestóuselle "un procuru particular a la rexón más occidental del dominiu llingüísticu y que, comu toes, merez l'atención de l'Academia de la Llingua Asturiana".

implantarse na maior parte dos centros, particularmente nos máis próximos a Galicia. No ensino secundario, ó IES de Tapia de Casarego, engádese o IES da Veiga e o de Navia.

50. O acordo do Consello de Goberno do Principado é do 12 de abril de 1995 (BOPA 14-06-95).

51. Tal como se indica no limiar do primeiro número, a revista, que toma o nome dun "dos xeitos de chamar na Edá Media ás terras máis occidentales d'Asturias", nace como necesidade e como obriga: "Necesidá porque a variedá llingüística falada entre os ríos Navia y Eo, tan viva entre nós, precisa tamén d'un reconocemento público, d'un uso digno y sin prexuicios noutros ámbitos diferentes dos informales ou coloquiales y por eso a revista quer valir d'aveiro pra toda aquella xente que quira ver escrito el que se fala na cocía, nel eiro ou nel camín. Obrigación porque *Entrambasauguas* vai tar coordinada pola Secretaría Llingüística del Eo-Navia, un departamento qu'a Academia da Llingua Asturiana criou despóis de qu'el Goberno Asturiano ye encomendara, como a súa másima institución llingüística, promover y velar pola variante llingüística gallego-asturiana".

A postura "oficial" da Academia de la Llingua é negar que na Terra Eo-Navia se fala galego. Xosé Lluís García Arias, o anterior presidente da institución, referíase ó galego de Asturias como "gallego-asturianu", "fala autóctona del occidente d'Asturies, ente'l Navia y Eo" e "*continuum* dialectal" (García Arias 1998:85). A actual presidenta Ana Cano, hai uns anos, nun informe da propia Academia afirmaba de xeito ben explícito que nesa zona se fala unha variedade de galego: "Escontra esto, na faza más occidental d'Asturies, más o menos ente'l Navia y l'Eo, fálase una variedá del gallegu de Lugo, amestándose nella los rasgos gallegos colos asturianos" (Cano 1987:12). Anos despois, Cano dirá que se trata dunha "zona de transición"[52], sen referencia á "variedá del gallegu de Lugo" e actualmente prefire o termo (ambiguo) de "gallego-asturianu"[53].

Ramón d'Andrés, membro da Academia de la Llingua e público defensor da existencia do galego de Asturias, lembraba recentemente que nun plenario desa institución que tivo lugar en 1991 manifestara que o "planteamientu 'oficial' [da Academia de la Llingua Asturiana] de negar la esistencia de la llingua gallega en dalgún sitiu d'Asturies, yera 'una postura intelectualmente indefendible'[54]. Nunha publicación da Academia de la Llingua sobre a situa-

52. "Frente a esto, el extremo oeste de Asturias, aproximadamente entre los ríos Eo y Navia, constituye una zona de transición, entremezclándose allí los rasgos gallegos con los asturianos" (Cano 1997: 21).

53. Nunha recente entrevista en *Les Noticies* (03-06-01, p. 5) á pregunta do entrevistador (o escritor asturianista Xuan Bello) "¿L'Academia va siguir cola secretaría el Eo-Navia? ¿Cómo van afrontar el tema del gallegu d'Asturies?", Cano responde: "Yo quiero más utilizar la etiqueta del gallego-asturianu".

54. *Vid.* "Eo-Navia, con aposientu asturianista" en *Les Noticies* (13-05-01, p. 10). Neste artigo defende a existencia do galego en Asturias ("Ye innegable que, por pequeña que seya, en dalguna zona d'Asturies fálase daqué llingüisticamente gallego"), á vez que repasa citas de diferentes lingüistas (Munthe, Pidal, Dámaso Alonso), mesmo de filólogos asturianistas (García Arias, Ana Cano) onde se fai referencia á existencia do galego nas zonas de Asturias, León e Zamora estremeiras con Galicia. No mesmo semanario asturianista *Les Noticies* (31-10-99, p. 19) R. d'Andrés tratara o tema no artigo "Gallegu", ó igual que máis recentemente en "Perversa y santa filoloxía" en *Les Noticies* (03-06-01, p. 10). Sobre as denominacións da fala da Terra Eo-Navia *vid.* Suárez Fernández (2000).

ción social do asturiano, Ramón d'Andres (1987:25-26) salientaba o trilingüismo de Asturias:

> En territoriu de la oficialmente nomada Comunidá Autónoma del Principáu d'Asturies, fálanse tres llingües. Dos d'elles son autóctones (*l'asturianu* ya'l *gallegu*), mentantu la tercera ye d'aniciu foranu (*el castellanu*).

En 1998 a Xunta Xeneral do Principado de Asturias aprobou a Lei de uso e promoción do bable/asturiano[55], que nas disposicións xerais presenta un art. 1º relativo ó bable/asturiano e un 2º sobre o gallego/asturiano:

> Art. 1: Lengua tradicional
>
> El bable/asturiano, como lengua tradicional de Asturias, gozará de protección. El Principado de Asturias promoverá su uso, difusión y enseñanza.
>
> Art. 2: Gallego/asturiano
>
> El régimen de protección, respeto, tutela y desarrollo establecido en esta Ley para el bable/asturiano se extenderá, mediante regulación especial al gallego/asturiano en las zonas en las que tiene carácter de modalidad lingüística propia.

E a disposición adicional da devandita lei tamén se refire ó "gallego-asturiano":

> El gallego-asturiano tendrá un tratamiento similar al asturiano en lo que se refiere a protección, respeto, enseñanza, uso y tutela en su ámbito territorial.

55. A Lei 1/98, do 23 de marzo, de uso y promoción del bable/asturiano publicouse no *Boletín Oficial del Principado de Asturias* do 28 de marzo de 1998. O texto reproduciuse en *Lletres asturianes* 68 (1998:147-150).

6.2 *Castela e León: reivindicación de cooficialidade desde os concellos*

Ata moi recentemente non houbo ningunha iniciativa desde o goberno de Castela e León sobre o potenciamento do galego no Bierzo nin nas Portelas. E desde as organizacións progresistas o interese pola lingua e pola cultura galega foi, en xeral, "museístico"[56].

Desde hai uns anos, e moi de cando en vez, a prensa galega recolle manifestacións de cargos políticos defensores da galeguidade da comarca. É o caso das declaracións do alcalde de Borrés, que en 1995 solicitaba do Consejo Comarcal del Bierzo "que propicie la instalación de un repetidor de la TVG en El Bierzo" para poder "fomentar y mantener el carácter bilingüe de los habitantes de la comarca"[57].

Xosé M. Gutiérrez Monteserín, alcalde socialista de Balboa e vicepresidente dese Consejo Comarcal, afirmaba en 1994 que consideraba desexable a iniciativa de ensinar galego nas escolas bercianas, xa que contribuiría ó recoñecemento da identidade, á vez que criticaba o feito de que a escola empobrecese ó facer que nenos galego-falantes abandonasen a lingua propia ó seren escolarizados[58]. Monteserín, dinamizador do Grupo Cultural "Carocos" e primeiro

56. Así, Izquierda Berciana no seu programa marco aprobado no congreso constituínte (Ponferrada, 09-03-91), no apartado 9 "Patrimonio del Bierzo" consideraba a lingua galega da zona oeste como parte do legado cultural e artístico que hai que protexer e conservar, ó igual cós costumes, folclore e monumentos.

57. Cfr. *La Voz de Galicia* (28-09-95, p. 30).

58. En 1994 Manuel Monteserín declaraba que "todo aquello que sirva como reconocimiento de nuestra identidad será bienvenido. Por eso pienso que la iniciativa de enseñar gallego en las escuelas sería deseable; lo mismo que el que nos dieran la entidad de provincia, que buena falta nos hace porque estamos abandonados por León, por Valladolid y por Madrid. Lo que ocurre es que no por deseables las cosas son factibles, y pienso que pasarán muchos años antes de que consigamos algo. Aun así, no creo que haya un riesgo serio de que el gallego muera en El Bierzo. Los niños lo hablan hasta los cuatro años; después, por culpa del colegio, lo abandonan hasta los diez o los doce, pero a esa edad vuelven al gallego. En ese sentido, pienso que la escuela empobrece" (Rodríguez 1994:43).

alcalde que no Bierzo xurou o seu cargo en galego, falaba da marxinación dos galego-falantes do Bierzo, ós que se lles fai ver que o uso da súa lingua é sinal de incultura, marxinación que el mesmo sufriu ó entrar na escola[59]. Por outra parte, o Partido del Bierzo, ademais de reclamar que a comarca acade a categoría de comunidade autónoma, defende o bilingüismo docente e administrativo para a zona[60].

No verán de 2000 comezou unha "revolta" de alcaldes de concellos galegófonos da mancomunidade do Bierzo oeste, que ameazaron con propugnaren a anexión a Galicia de non seren atendidas pola Junta de Castilla y León os seus pedimentos para investimentos. Comezou esa "revolta" a alcaldesa da Veiga de Valcarce, concello que estrema con Lugo, e máis tarde, entre outros, falaron de posible segregación os alcaldes de Carucedo, que linda con Ourense, e o de Borrés, que non estrema con Galicia[61].

O 24 de febreiro de 2001 o grupo municipal de Renovación por Valcarce presentou unha moción ó pleno do concello da Veiga de Valcarce con cinco puntos: 1) Declaración do galego como lingua propia e cooficial; 2) Declaración do galego como patrimonio cultural do concello; 3) Solicitude ó Instituto de Estudios Bercianos dun nomenclátor toponímico; 4) Introdución da rotulación bilingüe; 5) Introdución progresiva da documentación municipal en bilingüe. A moción foi aprobada por unanimi-

59. Véxase a este respecto a reportaxe de Xan Carballa en *A Nosa Terra* 775 (24-04-97, pp. 2-3). En 2003, agora como alcalde do PP, Gutiérrez Monteserín volveu xurar o seu cargo en galego (*La Voz de Galicia* 05-07-03, p. 9).

60. Ernesto López, da executiva do Partido del Bierzo, afirmaba que "en nuestro programa electoral figuraba el bilingüismo docente y administrativo, y en ese sentido apoyaremos la propuesta de la Mesa [Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo e da Cultura da Comarca]. Esa y todas las que se hagan para reconocer las peculiaridades y la entidad de El Bierzo como país" (Rodríguez 1994: 43). Despois de a RAG celebrar en Vilafranca o Día das Letras Galegas, o Partido del Bierzo fixo público un comunicado coa decisión de "elaborar a propaganda, a súa web e todos os seus documentos en galego" (http://www.vieiros.com, ed. O Bierzo, 21-05-02).

61. *Vid. La Voz de Galicia* (23-02-01, pp. 2-3).

dade, polo que este concello se converteu no primeiro das comarcas estremeiras onde se declarou cooficial o galego[62].

O 30 de xuño de 2001 o pleno do concello ratificouse na súa declaración de cooficialidade, ignorando a orde de anulación da Consellaría de Presidencia e Administración Territorial de Castela e León, de 23 de marzo de 2001. Posteriormente (10 de xullo de 2001) a Dirección Xeral de Administración Territorial da Consellaría de Presidencia e Administración Territorial interpuxo recurso contencioso perante o Tribunal Superior de Xustiza de Castela e León para paralizar cautelarmente o acordo sobre a cooficialidade do devandito concello da Veiga de Valcarce[63]. Pouco despois (30 de agosto de 2001) o goberno municipal revogou o acordo de cooficialidade por 5 votos do PSOE contra 2 de Renovación por Valcarce. Para a oposición municipal, promotora da moción de cooficialidade na Veiga de Valcarce, este xiro debeuse a presións da Junta de Castilla y León que, a cambio de 27 millóns de pesetas para infraestruturas, pactou co concello esa revogación (Parajó e Costas 2001:99-100)[64].

O 17 de maio de 2001 o Consello Comarcal do Bierzo aprobou por unanimidade unha moción do conselleiro de cultura, Ricardo González Saavedra, a favor da lingua galega, na que se recoñece o galego como lingua propia do Bierzo occidental, declá-

62. Para as recentes reivindicacións lingüísticas no Bierzo e nas Portelas *vid.* Parajó e Costas (2001), especialmente pp. 102-104.

63. O recurso é semellante ó utilizado contra os acordos que no seu día tomaran os concellos do Condado de Treviño e La Puebla de Arganzón (21 de febreiro de 2000 e 3 de febreiro de 2000) relativos á declaración do éuscaro como patrimonio cultural, rotulación bilingüe, toponimia; pero coa diferencia de estes dous concellos levaren anos solicitando a súa integración en Euskadi e de o éuscaro non estar recoñecido no Estatuto de autonomía de Castela e León (Parajó e Costas 2001:104).

64. Descartada a cooficialidade e, de momento, tamén a súa implantación no ensino, o concello da Veiga de Valcarce pactou coa Junta de Castilla y León medidas de protección. Contratou unha animadora cultural, licenciada en Filoloxía Galega, que en maio de 2002 comezou a impartir o primeiro curso de iniciación ó galego para xente adulta, ó que asistiron persoas de zonas non galego-falantes, segundo información do portal www.vieiros.com (ed. O Bierzo 11-05-02).

rase a vontade de protexer e fomentar a súa aprendizaxe como patrimonio cultural e ínstase á sinatura de convenios entre a Junta e a Xunta para formación do profesorado, dotación de bibliotecas, formación de adultos, axudas á investigación, etc., á vez que se insta á Junta de Castilla y León a que regule a posibilidade de rotulación bilingüe dos topónimos dos concellos ou pedanías que o soliciten para o seu ámbito territorial. Aínda que non se propón a cooficialidade, nesta moción do Consello Comarcal recóllense a maior parte das reivindicacións dos colectivos que veñen traballando pola dignificación e normalización do galego no Bierzo e nas Portelas[65].

Na administración municipal do concello de Lubián o galego vén sendo, desde hai anos, a lingua dos plenos destes concellos, aínda que non o é das actas; por outra parte, nos bandos do concello emprégase o galego, a carón do castelán (Lubián 1992:388). O 4 de abril do 2001 o concello de Lubián aprobou por unanimidade unha moción que presentara o alcalde, coa que se "declara la cooficialidad del gallego para que sea utilizado en el mismo plano de igualdad que el castellano en este Ayuntamiento y en su término municipal". Contrariamente ó que ocorreu coa moción da Veiga de Valcarce, a moción de Lubián non recibiu (en setembro de 2003) notificación de anulación.

O 3 de maio de 2001 o eurodeputado do BNG Camilo Nogueira convidou a Bruxelas unha representación de alcaldes e concelleiros de once concellos galegófonos de Castela e León e representantes de diversas asociacións[66], que asinaron o Manifesto de Bruxelas, cos seguintes puntos:

65. Tal como se indicaba no portal www.vieiros.com (ed. O Bierzo 14-05-01) nos días previos á aprobación da moción, a postura do Consello Comarcal é "meramente testimonial e reivindicativa, xa que non ten competencias nas materias tratadas nin en case ningunha, e o que se limita é a instar ás administracións autonómicas de Castela e León e Galicia".

66. Os reunidos eran alcaldes e concelleiros dos municipios de Balboa, Barxas, Candín, Carucedo, Corullón, Hermisende, Lubián, A Ponte de Domingo Flórez, Trabadelo, A Veiga de Valcarce e Vilafranca do Bierzo; e representantes das asociacións culturais e de

- Que el gallego es lengua de uso común para los habitantes de los municipios del Bierzo Oeste y Alta Sanabria.
- Que algunos de estos municipos ya se han pronunciado a favor de la protección y el respeto a este patrimonio cultural.
- Solicitar a la Junta de Castilla y León que estudie la situación de los gallegos hablantes de estas zonas y tome las medidas oportunas para la protección de esta tradición cultural, así como velar por el enriquecimiento del patrimonio lingüístico en una comunidad diversa y plural como es Castilla y León.
- Solicitar a la Xunta de Galicia que establezca las líneas de colaboración necesarias con la Junta de Castilla y León para la pervivencia de nuestra manifestación lingüística.

6.3 *Galicia*

6.3.1 Proposta do Consello da Cultura Galega ó MEC

Para frear a desgaleguización lingüística e cultural, alarmante nas xeracións máis novas, e para contribuír á normalización do galego nos concellos galegófonos de Asturias, León e Zamora, en 1990 o Consello da Cultura Galega elevou unha proposta ó Ministerio de Educación e Ciencia, que daquela posuía todas as competencias educativas nas Comunidades Autónomas de Asturias e de Castela e León, pero que en 2001 xa están transferidas. Nesta proposta solicitábase o establecemento con toda urxencia dun plano de medidas mínimas inmediatas para introducir como materias obrigatorias a lingua e a literatura galegas en todos os centros da franxa exterior, á vez que debería posibilitarse a incorporación do galego como idioma vehicular do ensino e da administración educativa.

desenvolvemento económico Escola de Gaitas de Vilafranca, MDGB, Instituto de Estudios Bercianos, Asociación Fala Ceibe, Asociación para el Desarrollo Integral del Bierzo e Xente Nova de Sanabria.

A proposta do Consello da Cultura Galega, redactada por Xoán Babarro e Antón Santamarina e aprobada por unanimidade polo seu pleno do 5 de outubro de 1990, oficialmente nunca recibiu ningún tipo de resposta. Constaba de seis puntos, que reproduzo literalmente[67]:

1. Que se inclúa a lingua galega como materia de ensino nun programa experimental de tres anos nas comunidades galegofalantes de Asturias, León e Zamora, respectando ata onde sexa aconsellable as variantes lingüísticas locais, en especial na comunicación oral. Á parte das razóns aducidas na anterior exposición de motivos, debemos engadir aquí que son numerosos os escolares destas comarcas que cursan estudios medios ou superiores en centros de Galicia; teren cursado galego aproximaría os currículos escolares destas zonas ós da Comunidade Galega e facilitaría a integración dos alumnos que, polos motivos que for, se trasladasen a cursa-los seus estudios medios ou superiores a Galicia.
2. Que se creen equipos de profesores nos distintos niveis de ensino dependentes do Ministerio de Educación e Ciencia para atender estas necesidades ou ben que se establezan os acordos necesarios coa Consellería de Educación da Xunta de Galicia para colaborar prestando os medios humanos e materiais necesarios.
3. Que se cree unha comisión por cada provincia que faga un seguimento do programa experimental e regulamente os mecanismos a seguir para unha equiparación dos programas cos que se desenvolven na Comunidade Autónoma Galega.
4. Que a Lingua e Literatura Galegas sexan consideradas materias obrigatorias nos plans de Reforma, cun programa idéntico ó da Comunidade Autónoma Galega.

67. Esta proposta sobre "A implantación do galego no ensino nas zonas galego-falantes de Asturias, León e Zamora" figura como apéndice documental en González Reboredo e Fernández de Rota (1991:173-180), ademais de publicarse en 1991 nunha separata a cargo do propio Consello. *Vid.* tamén Santamarina (1994a).

5. Que se promova a curto prazo o desenvolvemento de proxectos lingüísticos de centro para a incorporación progresiva do galego como lingua vehicular do ensino, particularmente con nenos de idade máis nova e naqueles centros onde por seren maioría os nenos galegofalantes o ensino na súa lingua é máis factible.
6. Que se estimule a incorporación do galego nas comunicacións internas e externas da comunidade escolar.

A proposta acompañábase dunhas medidas mínimas inmediatas referidas ós distintos niveis do ensino[68], para realizar nos cursos 90-91, 91-92 e 92-93, ou en todo caso a partir do curso 91-92, así como dunha proposta de composición das comisións que velarían pola normalización da lingua da franxa exterior[69]. Vega (1996) consideraba que os puntos 5 e 6 desta proposta non se podían aplicar en Zamora polo escaso número de alumnado co galego como lingua materna (uns 50 de primaria nas escolas rurais de Lubián e Barxacoba e outros 50 dun total de 500 de secundaria obrigatoria no Instituto de Puebla de Sanabria), o que fai pouco representativo o grupo de lingua minoritaria. Polo contrario, consideraba que os puntos do 1 ó 4 eran axeitados para térense en conta nos novos planos de estudo.

68. Para o ensino preescolar contemplábase dedicar "tres horas á semana á aprendizaxe de adiviñas, cancións, contos, recitativos e expresión oral na lingua da comarca", mentres que para o Ensino Xeral Básico se reclamaba introducir "en tódolos niveis a disciplina de lingua galega, que nestes primeiros anos podería chamarse *Lecturas galegas e expresión*, con tres horas semanais (tal como se estableceu en Galicia na época da pre-autonomía)". Nesta primeira fase trianual, no ensino medio o estudo da lingua e da literatura galega sería opcional.

69. O Consello propoñíalle ó MEC a creación de tres comisións, unha por cada provincia, cos seguintes membros: un polo MEC, un polo goberno da Comunidade Autónoma limítrofe, un pola Xunta de Galicia, un por cada un dos concellos de fala galega desas comarcas veciñas, un por cada Mesa de Defensa da Lingua, un polas asociacións culturais da comarca e un polas asociacións de nais e pais de alumnos. E ademais, cada comisión tería un representante do ICE da Universidade de Santiago de Compostela, un do ICE de Oviedo para a comisión de Asturias e un membro do Instituto de Estudios Bercianos e outro pola Universidade de Salamanca para as comisións de León e Zamora, respectivamente.

6.3.2 A Xunta de Galicia: acordo coa Junta de Castilla y León

A pesar de que o artigo 21.2 da LNL arriba citado establece que o Goberno galego "fará uso do previsto no artigo 35 do Estatuto de Autonomía a fin de protexe-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma" e de que o Parlamento galego se ten manifestado de modo inequívoco sobre a cooperación coas comunidades autónomas estremeiras para o ensino e a protección do galego, en todos estes anos por parte da Xunta de Galicia foron ben poucas as iniciativas, máis ben a impresión é dun xeral desleixo no tema do "galego exterior".

Cando no Principado o PSOE estaba no poder, a Xunta en 1988 comezou a conceder subvencións á MDGA para as súas publicacións e investigacións lingüísticas, subvencións ultimamente simbólicas (ou ben inexistentes); e no Bierzo, en 1991 comezou a colaborar coa MDGB co financiamento de cursos de diferentes niveis de galego para docentes da comarca, á vez que financiou actos e publicacións da "Escola de Gaitas" de Vilafranca do Bierzo ou o *Atlas Lingüístico de El Bierzo* do Instituto de Estudios Bercianos. Ademais, a Xunta organizou en Ponferrada e León cursos no programa de formación de cursos en lingua galega dirixidos a centros galegos do exterior.

Por outra parte, a Xunta de Galicia contactou no seu día co Ministerio de Educación e Ciencia para solicitar que un profesor dispensase clases de lingua galega a escolares de Galicia que cursaban o EXB no centro "Virgen de la Luz" da vila berciana da Ponte de Domingo Flórez. No curso 1989-90 comezou a impartirse galego obrigatoriamente ós escolares procedentes do concello ourensán de Rubiá, e voluntariamente ós bercianos que o desexaban[70]. No curso 96-97 eran case 50 alumnos, moitos deles bercianos que acoden

70. No curso 1989-90 eran 27 os escolares dos lugares galegos de Quereño e Sobredo, moi próximos á raia da provincia de León, que acudían á Ponte de D. Flórez. Ademais, o 5% dos escolares bercianos dese centro eran galego-falantes, polo que a dirección do

logo ó Instituto de Secundaria do Barco de Valdeorras, os que recibían dúas horas de lingua galega á semana, detraídas de Lingua Española e Plástica[71]. No curso 98-99 eliminouse no devandito centro a clase optativa de galego, oficialmente por falta de demanda[72].

O 18 de xullo de 2001 os conselleiros de educación de Galicia e de Castela e León asinaron en Vilafranca do Bierzo un acordo de colaboración para a "promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas (O Bierzo e Sanabria)". No punto VII da exposición faise referencia á proposición non de lei da Comisión de Educación e Cultura de Castela e León que posibilita "a implantación do ensino da lingua galega, como materia optativa, nos centros públicos que impartan o ensino primario ou o ensino secundario nos territorios de Castela e León, limítrofes coa Comunidade Autónoma de Galicia, que utilicen maioritariamente a lingua galega".

Na estipulación 1ª do acordo dise que "o contido desta promoción centraríase principalmente no establecemento do idioma galego como materia de ensino nos centros de ensino non universitario das zonas obxecto de actuación"; na estipulación 2ª trátanse os compromisos de cada unha das partes (autorización e apoio das ensinanzas e habilitación do profesorado por parte de Castela e León; apoio do ensino da lingua e da literatura galega por medio da formación do profesorado, así como dotación de material didáctico por parte de Galicia); na 3ª estipulación trátase da constitución dunha comisión mixta que, entre outras funcións, delimitará "a extensión xeográfica da área de aplicación do establecido no convenio, concretando tanto os centros como o alumnado afectado". E seguen outras cinco estipulacións.

centro declaraba ó xornal de Ourense *La Región* (24-10-89, p. 15) que "debería darse opción a estos estudiantes para que también pudieran acceder al conocimiento de su lengua materna". *Vid.* tamén López Témez (1992:80).

71. Cfr. *A Nosa Terra* 775 (24-04-97, p. 3).

72. Cfr. *A Nosa Terra* 855 (05-11-98, p. 12).

O acordo foi cualificado de insuficiente polas organizacións de defensa do galego no Bierzo, entre outras razóns, por prever unicamente o ensino dunha hora optativa semanal en primaria e infantil, por non prever ningunha dotación orzamentaria, por deixar nas mans de Castela e León a formación e habilitación dos mestres e a elaboración de materiais e por non delimitar as áreas e os concellos galegófonos (Parajó e Costas 2001:104).

No curso 2001-02 comezou a aprendizaxe dunha hora semanal de galego no horario de Coñecemento do Medio a 156 alumnos nas escolas bercianas de primaria de Cacabelos e de Corullón e nas de Paradela do Río e Parandois de Toral dos Vados, asimiladas á escola de Cacabelos. Tal como salientou nas Cortes de Castela e León o procurador Felipe Lubián a oferta promovida pola Junta non se axusta precisamente ó acordado, pero aínda así, trátase dun fito histórico para as comunidades galego-falantes de Castela e León. No curso 2002-03 estaban matriculados uns 350 alumnos de primaria e secundaria dos concellos de Vilafranca, A Veiga de Valcarce, A Ponte de Domingo Flórez e Ponferrada.

6.3.3 Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega

Para estas dúas institucións a galeguidade lingüística do estremo occidental de Asturias, León e Zamora é incuestionable. Na rede de puntos do *Atlas Lingüístico Galego*, que desde 1990 está a editar o Instituto da Lingua Galega, investigáronse sete lugares nesa zona de Asturias, cinco en León e tres en Zamora.

Polo que respecta á Real Academia Galega, o artigo 1 dos seus reformados Estatutos (Real Decreto 271/2000, de 25 de febreiro) establece que o seu obxectivo fundamental é o "estudio da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego", á vez que no artigo 4 se explicita que por idioma galego se entende "o propio de Galicia, así como as súas variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)".

A esa galeguidade lingüística referíase en 1999 o presidente da RAG Francisco Fernández del Riego ó ser interpelado polo

semanario *Les Noticies* (19-12-99, pp. 8-9) sobre a filiación filolóxica da lingua falada entre o Navia e o Eo:

> Trátase d'un gallegu dialectal. Ye'l propiu idioma gallegu con variantes dialectales. La Galicia histórica, que llegaba a tol norte de Portugal, a Zamora, al Bierzu y a la parte occidental d'Asturies, anició un idioma común, con variedaes dialectales, como nel casu de la zona Navia y Eu, de la que yo soi vecín, precisamente, porque nací en Lourenzá.

A RAG non se ten manifestado institucionalmente verbo da situación social do galego das comarcas estremeiras, e no completísimo *Mapa Sociolingüístico de Galicia* realizado polo seu Seminario de Sociolingüística non se analizou a situación do galego de Asturias, León e Zamora. Con todo, o 18 de maio de 2002 a Academia acudiu a Vilafranca do Bierzo, para celebrar o Día das Letras Galegas en honra de Frei Martín Sarmiento, que nacera nesa vila da "Galicia irredenta" dos vellos galeguistas. Era a primeira vez na súa historia que a RAG se desprazaba a unha vila das comarcas galegófonas que estreman coa Galicia administrativa para a celebración dese día.

Membros do ILG (e académicos da RAG), a título totalmente particular, desde hai anos veñen colaborando con colectivos e asociacións reivindicadoras da normalización social do galego nesas zonas, sendo coautores da proposta de *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias* (1990) da MDGA. Ademais, no ILG dirixíronse as investigacións de Babarro (1994, 2003) e Seco (1997) que presentan a máis completa e actualizada delimitación da fronteira e das zonas dialectais do galego en Asturias e en Castela e León, respectivamente; e no ILG redactouse o informe sobre a galeguidade lingüística da Veiga de Valcarce presentado o día da aprobación da moción da cooficialidade nese concello.

7 CODIFICACIÓN DO GALEGO ESTREMEIRO

Por mor da personalidade lingüística destas falas do galego oriental e tendo en conta o alleas que se encontran actualmente verbo do desenvolvemento literario e cultural respecto de Galicia, de modo transitorio podería aplicarse algún tipo de normativa lingüística de compromiso para os primeiros niveis do ensino, especialmente en Asturias e nos Ancares de León, e en menor medida no Bierzo e nas Portelas, onde a lingua, en xeral, é máis semellante á das falas galegas veciñas.

Existen trazos caracterizadores das variedades do galego estremeiro; pero a pesar das diferencias, o galego é o mesmo idioma ás dúas bandas das fronteiras administrativas, na Veiga e en Ribadeo, en Grandas e na Fonsagrada, en Vilafranca e en Pedrafita, en Lubián e na Gudiña, polo que toda codificación debe ter como referencia o galego común, que sen dúbida se vai arrequecer con solucións destas comarcas, que en maior ou menor medida xa se tiveron en conta cando o Instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega redactaron as normas ortográficas e morfolóxicas para o galego actual (ILG/ RAG 1982) e cando codificaron o léxico (ILG/ RAG 1989).

Minoritario xeográfica e demograficamente era o plural *animais*, propio de falas do Bierzo e das Portelas e de falas ourensás orientais, que é a solución escollida no galego estándar. No léxico común existen formas que hai uns 20 anos eran exclusivas dunhas poucas falas orientais (*mércores* e *venres*) ou de falas mindonienses e orientais veciñas (*xoves* e *amencer*). Fundamentalmente oriental é *xabaril* e a variante *xabarín*, de uso xeral no galego estándar (especialmente entre a xente nova mercé ó popular programa da TVG “Xabarín club”), que ten como concorrentes *porco bravo* ou *cocho bravo*, xerais no galego popular, mesmo en falas orientais. Tamén é oriental *xebrar*, común ó asturiano occidental *(di)xebrar*, empregado con frecuencia no galego estándar no canto de *separar*, forma maioritaria xeograficamente e igualmente codificada.

Ata o momento só se publicaron dúas propostas de normas para estas variedades galegas, e as dúas para a Terra Eo-Navia.

7.1 *As normas do "galego de Asturias"*

En setembro de 1990 a MDGA publicou unhas *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*[73], que son as que aplica nas súas publicacións. Na introdución dise que pretenden ser "unha norma del galego común asturiano, porque non pode haber unha norma prá fala da Veiga e outra prá de Tapia ou Ibias. É necesario el sacrificio de soluciois particulares na busca dun estándar que recolla da mellor maneira a realidade falada nos diferentes concellos".

Na redacción das *Normas* da MDGA partiuse de dous principios básicos: 1º) as falas do estremo occidental de Asturias son variedades do galego oriental e non un galego asturianizado nin un asturiano agalegado; 2º) o referente é o galego común, pero respectando a personalidade lingüística das variedades eonaviegas.

Isto explica, por ex., que na formación do feminino dos nomes especiais aparezan para *can* a forma común *cadela*, pero tamén *cuza* e *canza*, e para *galo* a forma *galía* 'galiña'; que no paradigma do artigo apareza *el*, que no dos posesivos figuren *tou* e *sou* e nos pronomes persoais *elos*, por seren as solucións máis estendidas nas falas eonaviegas. Pero formas coma estas levan ó seu carón as do galego común (*o*, *teu*, *seu*, *estes*, *eles*...), que son as usadas nos concellos asturianos de Santiso de Abres, Taramundi e as parroquias de Abres e Guiar (A Veiga) e nos Coutos (Ibias). Nos paradigmas verbais, sobre todo nos irregulares, propóñense ás veces formas exclusivas do galego de Asturias, sen o dobrete do galego común; é o caso de *fer* 'facer', *fía* 'facía'; *ouguir* 'oír', *uzco* 'oio', *uzca* 'oia'; *trer* 'traer', *tría* 'traía'; *valir* 'valer', *valio* 'vallo', etc. E no relati-

73. A redacción e revisión final das *Normas* foi realizada por Xosé Carlos Álvarez Blanco, Xoán Babarro González, Francisco Fernández Rei, Celso Martínez Fernández, Antonio Meilán García e Antón Santamarina Fernández.

vo a grafías, acentuación e outros aspectos seguiuse a normativa vixente para o galego.

Son as normas empregadas na revista *Freita* e noutras publicacións da MDGA como *El xabaril que quería engalar e outros relatos* (1991) e *A odisea de Perexil* (2002) de F. Xabier Frías Conde ou *Contos Populares da terra Navia-Eo* (1992) e *El serzo no louxado* (1995) de Xosé C. Álvarez Blanco. Nalgunha publicación úsase o galego estándar (plural *ns*, artigo *o* ...), como na obra de Carlos Xesús Varela Aenlle *O hórreo de tipo asturiano na montaña oriental de Galiza.*

7.2 *As normas do "gal(l)ego-asturiano"*

A Consellaría de Educación do Princiapado de Asturias editou en 1993 unha *Proposta de normas ortográficas y morfolóxicas del gal(l)ego asturiano*[74] que, tal como se sinala na introdución "pretenden ofrecer á xente que quira escribir a súa fala, úa ferramenta cua que representar dafeito os sous rasgos (l)lingüísticos. Pra eso, quixéronse dar us conseyos abertos y respetuosos cuas particularidades locales mais sin perder de vista as solucióis normativas del ga(l)ego y tamén del asturiano".

A pesar das referencias ó galego, nesa proposta de normas non hai unha definición sobre a adscrición lingüística desta área xeográfica, pois non se aclara se é zona de lingua galega ou de lingua asturiana. Os autores non teñen en conta na súa proposta o proceso de codificación gráfica do galego no século XX, ó empregaren o apóstrofo, ó non haber un criterio etimolóxico no uso das grafías *b* e *v*, ó usárense *h* antietimolóxicos (*hoso*, *hirmao*), ó aceptárense vulgarismos como *correuto* ou *perfeuto*, a preposición *pa* no canto de *para*, formas como *verdá* ou *casualidá*, participios en *–ao*

74. Os autores son o "Grupo de trabayo prá investigación didáctica y normativa" formado por quince persoas baixo a dirección dos lingüistas José García García e Ignacio Vares García e a coordinación do Serviciu de Política Llingüística (Dirección Rexonal d'Educación).

a carón de *–ado* (*cantao*, *cantado*), etc. Emprégase ademais o *y* (*abeya*, *trabayo*), totalmente desterrado da grafía actual do galego, á vez que se potencian variantes fonéticas minoritarias (*chía* por *chea*, por ex.). En conxunto, pártese basicamente das formas da Mariña, ignorando as das outras zonas do Eo-Navia. O obxectivo é "asturianizar" e, xa que logo, "desgaleguizar".

Nesta proposta de normativa do gal(l)ego asturiano editouse a obra *Parzamiques* de Manuel García-Galano (Xeira 1993), que posteriormente publicou *Mareaxes Tapiegos* (1994). En 1995 editouse *Xelín* y *Toxo*, de varios autores, en que tamén se segue esa normativa ("Recoye el interés por fer us testos na fala de por aquí, pra que los podan ler os rapacíos na escola", dise no empezo do libro). E son tamén as normas usadas na revista *Entrambasauguas*, da Secretaría Llingüística del Navia-Eo da Academia de la Llingua Asturiana e as que emprega na maior parte das súas publicación a Asociación Cultural Xeira, colectivo que colabora coa Academia de la Llingua.

Pretender ignorar que todas esas falas son do diasistema galego e, xa que logo, estudalas e estandarizalas á marxe da lingua galega, é condenalas a seren unha reliquia esmorecente, unha curiosidade lingüística camiño dunha lenta e moi segura desaparición[75]. A defensa da fala ou dunha "lingua autóctona" nin galega nin asturiana nos concellos da Terra Eo-Navia (e dunha lingua berciana para o Bierzo occidental) non é unha postura moi científica.

8 PROPOSTAS (URXENTES) PARA A NORMALIZACIÓN DO GALEGO ESTREMEIRO

O art. 21.2. da Lei de normalización lingüística de 1983 aprobada polo Parlamento de Galicia establece que o Goberno galego ten que "protexe-la lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma" (art. 21.2). O mesmo parlamento en decembro de 1988 aprobou unha proposición non de lei "sobre o

75. Para a problemática da estandarización e da reintegración das falas da franxa exterior no galego común *vid.* Santamarina (1992) e (1994b).

ensino e a protección nos territorios de fala galega administrativamente integrados nas comunidades autónomas de Castela e León e Asturias" que insta á Xunta de Galicia á aplicación da Resolución do 17 de novembro de 1982 relativa á cooperación entre Galicia e as comunidades veciñas para o ensino do galego.

A Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (DOG 29-03-1990), presidida polo presidente da Xunta de Galicia, contempla entre as súas accións "a protección da lingua galega falada en territorios limítrofes coa Comunidade Autónoma en colaboración cos seus respectivos gobernos" (art. 4.12). En xuño de 1990, no texto dun acordo interautonómico asinado polos presidentes da Xunta de Galicia e do Principado de Asturias, falábase de realizar por parte do goberno asturiano a "paulatina integración en la enseñanza, con carácter voluntario del gallego asturiano", proceso para o que a Xunta de Galicia ofrecía a súa colaboración; e o 18 de xullo de 2001 os conselleiros de educación de Galicia e Castela e León asinaron en Vilafranca do Bierzo un acordo de colaboración para a "promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das Comunidades Autónomas (O Bierzo e Sanabria)".

Consonte coa LNL e cos acordos do Parlamento de Galicia sobre o galego dos "territorios limítrofes", consonte cos acordos interautonómicos asinados pola Xunta de Galicia e dado o forte estado de minorización do galego, con grave perigo de perda da transmisión xeracional, especialmente no Bierzo, propóñense á Xunta de Galicia unhas medidas urxentes para comezar a normalizar o galego nas comarcas estremeiras.

8.1 *Ensino*

8.1.1 Ensino non universitario

Cómpre profundizar na introdución do galego no ensino en Castela e León e contactar coa Xunta do Principado.

Posibles medidas para solicitar do goberno autónomo correspondente:

En infantil a introdución, con carácter obrigatorio, de media hora diaria de lingua oral (empregando o galego oral da zona) con contos, xogos, cancións, aprendizaxe do corpo humano, animais, etc.

En primaria, nos niveis 1º, 2º, 3º e 4º, dedicación de tres horas semanais dentro do horario lectivo con lecturas na variedade galega da zona (dramatizacións, contos, poemas, comprensión lectora, expresión, léxico, etc.)

En secundaria obrigatoria e bacharelato:

- introdución con carácter optativo (sen aumento das horas lectivas do alumnado) da materia de Lingua Galega e Literatura (con temas específicos para as variedades dialectais e os escritores das comarcas estremeiras) en todos os niveis de ESO e bacharelato;
- oferta, como optativa para os bacharelatos de Humanidades, Ciencias Sociais e Artístico, da materia de Literatura Galega do século XX para alumnos de 1º e 2º de bacharelato;
- creación, como mínimo, dunha praza de Lingua Galega e de Literatura Galega en cada centro que imparta Ensino Secundario, e posterior convocatoria das oposicións para cubrir de xeito definitivo esas prazas.

Dado que ós centros de secundaria e bacharelato de Ponferrada e de Puebla de Sanabria acoden estudantes galegófonos do Bierzo occidental e das Portelas, respectivamente, a Xunta de Galicia e a Junta de Castilla y León deberían, consonte o acordo interautonómico de 18 de xullo de 2001, ofertar neses centros materias de Lingua e de Literatura galegas.

Por outra parte, en colaboración cos gobernos autónomos de Asturias e de Castela e León ou cos concellos interesados deberían facerse cursos de alfabetización para adultos e para funcionarios da administración.

8.1.2 Ensino universitario

Creación de Lectorados de Lingua e Literatura Galega nas Universidades de Oviedo, León e Zamora, de igual xeito que se creou na Universidade de Salamanca e nas do País Vasco, Barcelona, Granada, Murcia e Alacante.

8.2 *Toponimia*

A Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia debería ocuparse da recolleita da toponimia dos concellos galegófonos limítrofes con Galicia, do mesmo xeito que o fixo na Galicia administrativa, coa finalidade de axudar á restauración dos topónimos na forma galega auténtica e evitar todo tipo de deturpacións. E tamén se debería facer un levamento da microtoponimia.

8.3 *Medios de comunicación*

Adopción das medidas necesarias que garantan a plena cobertura da RTVG, da RTVE-G, da Radio Galega, de xornais e demais medios de comunicación que utilicen en maior ou menor medida o galego.

Contar con correspondentes, polo menos un por cada provincia, para que comuniquen as noticiais comarcais á par do que o fan os das outras comarcas galegas. De igual xeito que a TVG, por exemplo, informa do tempo nesas zonas, tamén o deberían facer programas coma o Telexornal-Comarcas.

8.4 *Circuítos culturais*

A Consellaría de Cultura da Xunta de Galicia debería incluír estas zonas nos diversos circuítos culturais (rede galega de Teatros e Auditorios, recitais poéticos, ciclos de conferencias para o ensino, ciclos musicais, etc.). E mesmo debería incluírse a zona cacereña de Valverde, As Ellas e San Martín de Trevello para con-

tribuír á dinamización cultural dunha zona que na lingua é, fundamentalmente, galega.

8.5 *Secretaría para os Territorios Limítrofes*

Creación no seo da Dirección Xeral de Política Lingüística dunha Secretaría para os Territorios Limítrofes para atender, entre outros, problemas relacionados coa implantación do ensino optativo, e sempre de acordo cos responsables de Asturias e de Castela e León, xa que a política lingüística para o galego da Terra Eo-Navia, do Bierzo e das Portelas é competencia desas Comunidades (e non de Galicia).

8.6 *Aplicación da "Carta europea das linguas rexionais e minoritarias"*

Velar para que esta Carta, que entrou en vigor en España o 1 de agosto de 2001, se aplique nos territorios lindantes con Galicia, consonte cos obxectivos e principios do artigo 7, que na alínea 1.b) explicita que "o respecto da área xeográfica de cada lingua rexional ou minoritaria, procedendo de xeito que as divisións administrativas existentes ou novas non constitúan un obstáculo á promoción desta lingua rexional ou minoritaria".

A cooficialidade "de facto" ten que ser aplicada no Bierzo occidental e nas Portelas, aínda que no Estatuto de Castela e León non figure no art. 4.1 a palabra "cooficialidade". E debe evitarse que quede sen aplicarse esa Carta á Terra Eo-Navia pola ausencia de mención ó galego no Estatuto do Principado de Asturias.

Polo que respecta á Real Academia Galega, dado que por mandato estatutario (aprobado por real decreto) ten que ocuparse da "defensa e promoción do idioma galego" (art. 1), que tamén ten "variantes faladas nos territorios exteriores (Asturias, León e Zamora)" (art. 4) debería, con urxencia, o seu Seminario de Sociolingüístico completar o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* (1994-96), facendo unha investigación semellante nos territorios limítrofes coa Galicia oriental.

Por outra parte, institucións galegas, e particularmente a Xunta de Galicia e a RAG, deberían solicitar do goberno do Estado o recoñecemento oficial da existencia do galego fóra das fronteiras administrativas e a habilitación dunha partida orzamentaria extraordinaria para actualizar culturalmente áreas xeográficas como as do galego (e as do catalán de Aragón) que perderon o tren da oficialidade. E por suposto, solicitar do propio goberno estatal (e das comunidades veciñas) que se aplique na Terra Eo-Navia, no Bierzo e nas Portelas a citada Carta europea das linguas rexionais e minoritarias.

BIBLIOGRAF A

Alonso, D. (1972): *Obras completas I. Estudios lingüísticos peninsulares*, Madrid, Gredos.

ALPI (1962)= Navarro Tomás, T. (dir.): *Atlas Linguístico de la Península Ibérica. I. Fonética*, Madrid, CSIC.

Anes, J.; Bermúdez, A. e Fernández, A. (2001): "El Día das Lletras tamén nas escolas del occidente", *Entrambasauguas. A revista del Navia-Eo* 16, 10-12.

Andrés, R. d' (1987): "La situación social de la llingua asturiana", en *Informe so la llingua asturiana. Rapport sur la langue asturienne*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, 25-43.

Babarro, X. *et alii* (1992): *Os contos do xílgaro*, Vigo, Diario 16 de Galicia.

Babarro González, X. (1994): "A fronteira lingüística do galego co asturiano. Delimitación e caracterización das falas de transición dos concellos de Navia, Villallón, Allande e Ibias", en Francisco Fernández Rei, (ed.): *Lingua e cultura galega de Asturias*, 81-148.

Babarro González, X. (1995): "Fronteira lingüística e fronteira administrativa", *A Freita. Revista da Lingua e da Cultura Galegas de Asturias*, 21-24.

Babarro González, X. (1996): "A fronteira do galego en Asturias", en *A lingua galega, historia e actualidade: I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega (no prelo).

Babarro González, X. (2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística*, Biblioteca Filolóxica Galega, Instituto da Lingua Galega, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2 vols.

Barcia López, R. J. (1999): *Guía bibliográfica del gallego-asturiano y la Tierra Navia-Eo*, Oviedo, Principado de Asturias, Consejería de Cultura.

Cano González, A. M. (1987): "Averamientu a la hestoria de la llingua asturiana", en *Informe so la llingua asturiana. Rapport sur la langue asturienne*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, 11-23.

Cano González, A. M. (1997): "Evolución lingüística interna del asturiano", en *La Llingua Asturiana. La Langue Asturienne. La Lengua Asturiana*, Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana, 21-40.

Cascudo, R. e Gión, D. (1998): "A enseñanza del galego-asturiano. El día qu'a fala entróu na escola", *Entrambasauguas. A revista del Navia-Eo* 8, 8-11.

Costas González, X. H. (1999): "Valverdeiro, lagarteiro e mañego: O 'galego' do Val do Río Ellas (Cáceres)", en Francisco Fernández Rei, e Antón Santamarina Fernández, (eds.): *Estudios de sociolingüística románica*, 83-106.

Costas González, X. H. (2000): "Aspectos sociolingüísticos das falas do Val do Río Ellas (Cáceres)", en Antonio Salvador Plans; María Dolores García Oliva e Juan Carrasco González, (coords.): *Actas del I Congreso sobre "Fala"*, 95-106.

Costas González, X. H. (2002): "O colectivo Abertal preséntase en sociedade no II Simposio Internacional sobre Bilingüismo", *A Trabe de Ouro* 52, 555-558.

Escola de Gaitas [1994]: *I Xornada da Cultura e da Lingua Galegas no Bierzo: A tradición oral e a lingua. 28 de Agosto - 93 Vilafranca do Bierzo. Memoria*, Asociación Cultural Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo.

Fernández Braña, B. (1990): "¿Transculturización e glotocidio na Asturias de fala galega?", *A Trabe de Ouro* 4, 81-89.

Fernández Braña, B. (1994): "A luita da MDGA pola normalización da lingua e da cultura galega no extremo occidental de Asturias", en Francisco Fernández Rei (ed.): *Lingua e cultura galega de Asturias*, 265-293.

Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Xerais.

Fernández Rei, F. (1991): "Trazos lingüísticos nos límites orientais da galeguidade", en Xosé Manuel González Reboredo e Xosé Antonio Fernández de Rota (coords.): *Lindeiros da galeguidade - I Simposio de Antropoloxía*, 113-128.

Fernández Rei, F. (1992): "A normalización da *Franxa exterior* da lingua galega (II)", *Cadernos de lingua* 5, 47-73.

Fernández Rei, F. (ed.) (1994): *Lingua e cultura galega de Asturias. Actas das I Xornadas da Lingua e da Cultura Galega de Asturias: Na busca das raíces da Terra Navia-Eo. Homenaxe a Dámaso Alonso. Organizadas pola* MDGA *(Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca). Grandas de Salime, 15-16 Decembro 1990*, Vigo, Xerais.

Fernández Rei, F. (1996): "O galego de Asturias, León e Zamora. Situación sociolingüística", en Juan Manuel Carrasco González e Antonio Viudas Camarasa: *Actas del Congreso Internacional Luso-Español de Lengua y Cultura en la Frontera (Cáceres, 1 al 3 de diciembre de 1994*), Cáceres, Universidad de Extremadura I, 277-308.

Fernández Rei, F. (1998): "A situación do galego na Terra Navia-Eo, no Bierzo e nas Portelas", *Estudios Bercianos. Revista oficial del Instituto de Estudios Bercianos* 24, 11-31.

Fernández Rei, F. (1999): "A situación do galego en Galicia e no Occidente de Asturias, de León e de Zamora", en Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina Fernández (eds.): *Estudios de sociolingüística románica*, 27-81.

Fernández Rei, F. (2000): "As falas de Xálima e a súa relación coa lingua galega. Notas sobre o 'descubrimento' do 'galego' de Cáceres", en Antonio Salvador Plans; María Dolores García Oliva e Juan Carrasco González (coords.): *Actas del I Congreso sobre 'A Fala'*, 109-140.

Fernández Rei, F. (2002a): "Galego de Asturias: delimitación e situación sociolingüística", en José Manuel Gómez-Tabanera (coord./ ed.): *En torno al Bimilineario del Eo*, Oviedo, Foro Cultural del Noroeste, San Tirso de Abres, 941-971.

Fernández Rei, F. (2002b): "O galego do Bierzo e a súa situación actual", *Boletín da Real Academia Galega* 363, 327-353.

Fernández Rei, F. e Santamarina Fernández, A. (eds.) (1999): *Estudios de sociolingüística románica. Linguas e variedades minorizadas*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

García Arias, X. Ll. (1998): "El *continuum* llingüísticu ente'l gallegu y l'asturianu", en *Estudios das Terras del Navia-Eo*, Uviéu, Secretaría Llingüística del Navia-Eo, 85-95.

García Crego, X. M. (ed.) (1992): *Comunicacións. I Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora [Celanova 21-22 decembro 1989]*, Vigo, Clube Cultural Adiante.

Gargallo Gil, J. E. (1999a): *Las hablas de San Martín de Trevejo, Eljas y Valverde del Fresno. Trilología de los tres lugares. Estudios y documentos sobre 'A Fala'*, I, Mérida, Editora Regional de Extremadura.

Gargallo Gil, J. E. (1999b): "O catalán de Aragón", en Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina Fernández (eds.): *Estudios de sociolingüística románica*, 235-276.

Gargallo Gil, J. E. (2000): "¿Se habla gallego en Extremadura? Y otras cuestiones, no menos delicadas, sobre romances, gentes y tierras peninsulares de frontera (con sus nombres)", en Antonio Salvador Plans; María Dolores García Oliva e Juan Carrasco González (coords.): *Actas del I Congreso sobre 'A Fala'*, 53-73.

González Álvarez, E. (1992): "O galego de Asturias no proxecto de Lei de Protección do Bable", en Xosé Manuel García Crego (ed.): *Comunicacións. I Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora*, 61-71.

González Reboredo, X. M. e Fernández de Rota, X. A. (coords.) (1991): *Lindeiros da Galeguidade - I Simposio de Antropoloxía. O*

Cebreiro - A Proba de Navia e Vilafranca do Bierzo 5-6-7 de xullo de 1990, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

ILG/ RAG (1982): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego,* Vigo [18ª ed. revisada 2003].

ILG/ RAG (1989): *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, Versión provisoria [coordinación de Manuel González González e Antón Santamarina].

López, A. R. e Noia, S. (2002): "O Bierzo: unha terra de ninguén", *Revista das Letras* 410 (= *O Bierzo, en terra de ninguén*). Suplemento de *O Correo Galego*, 2-6.

López Mira, Á. (1998): *A Galicia irredenta*, Vigo, Xerais.

López Témez, X. (1992): "O Bierzo hoxe", en Xosé Manuel García Crego (ed.): *Comunicacións. I Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora*, 79-81.

Lubián Lubián, F. (1992): "Tristuras e ledicias de nacer en ningures: Cousas das Portelas", en *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 387-389.

Llera Ramo, F. J. (1994): *Los asturianos y la lengua asturiana. Estudio sociolingüístico para Asturias 1991,* Uviéu, Principáu d'Asturies, Conseyería d'Educación, Cultura, Deportes y Xuventú.

Madera Coto, M. (1991): "Primeiros pasos del gallego-asturiano na escola" (tradución de X. M. Suárez Fernández), *Trébole. Revista pedagóxica* 6, 9-22.

Parajó Calvo, M. e Costas González, X. H. (2001): "Posibilidades legais de equilibrio lingüístico no Bierzo occidental e As Portelas. Breve referencia á Terra Eo-Navia e ó Val do Río Ellas", *A Trabe de Ouro* 47, 91-104.

Pereiro Pérez, X. (1998): *Entre Galicia e Asturias. Antropoloxía da identidade e da alteridade*, Santiago de Compostela, Lea.

Rodríguez, P. (1994): “Los habitantes de la comarca, castellana y fronteriza, quieren ser provincia y hablan la lengua de Rosalía. Ni leoneses ni gallegos, bercianos”, *Interviú* 932, 40-43.

Rubal Rodríguez, X.; Veiga Martínez, D. e Arza Arza, N. (1992): *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Rubal Rodríguez, X. (1994): “Aproximación sociolingüística a la escuela y su entorno en la franja occidental de Asturias”, *Britonia. Revista de Estudios da Terra Navia-Eo* 1, 167-184.

Salvador Plans, A.; García Oliva, Mª D. e Carrasco González, J. (coords.) (2000): *Actas del I Congreso sobre* A Fala. *20 y 21 de mayo de 1999. Eljas - San Martín de Trevejo - Valverde del Fresno. Estudios y documentos sobre ‘A Fala’*, VI, Mérida, Editora Regional de Extremadura.

Santamarina, A. (1992): “Sobre a normativización do galego exterior”, en Xosé Manuel García Crego (ed.): *Comunicacións. I Congreso da Lingua e a Cultura Galegas en Asturias, León e Zamora, Celanova 21-22 decembro 1989*, 37-41.

Santamarina, A. (1994a): “Proposta de programa de normalización lingüística para os concellos de Asturias de fala galega”, en Fernández Rei, F.: *Lingua e cultura galega de Asturias*, 243-264.

Santamarina, A. (1994b): “O galego literario e a participación das falas exteriores na elaboración do seu standard”, *Britonia. Revista de Estudios da Terra Navia-Eo* 1, 139-148.

Seco Orosa, A. (1997): *A fronteira lingüística do galego en León e Zamora*, Memoria de licenciatura, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (inédita).

Seco Orosa, A. (1998): “O trazado da fronteira do galego na provincia de León”, *Estudios Bercianos. Revista oficial del Instituto de Estudios Bercianaos* 24, 32-47.

Silverio, H. (2002): "Identidade no Bierzo", *Revista das Letras* 410 (= *O Bierzo, en terra de ninguén*), Suplemento de *O Correo Galego*, 6-9.

Suárez Fernández, X. M. (2000): "*¿Gallego-asturiano* ou *a nosa fala*. A voltas col nome", *Entrambasauguas. A revista del Navia-Eo* 13, 3-7.

Tolívar Alas, L. (1989): "Normalización lingüística y Estatuto asturiano", *Lletres Asturianes* 31, 7-24.

Vega Ballesteros, F. (1996): "Situación lingüística actual del 'gallego exterior' hablado en la comarca de Sanabria (Zamora). Problemas dialectolóxicos y sociolingüísticos", en *A lingua galega, historia e actualidade: I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996*, Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega (no prelo).

ANEXOS

ANEXO MAPAS

Mapa 2: Os dezaoito concellos da Terra Eo-Navia

Fonte: elaboración de Xoán Babarro (inédito)

Mapa 3: Áreas dialectais do galego en Asturias

Fonte: Babarro González (1994:84)

Mapa 4: Concellos de fala galega en León

Fonte: elaboración propia a partir do mapa 4 de Seco (1998:41)

Mapa 5: Concellos de fala galega en Zamora

Fonte: elaboración propia a partir do mapa 4 de Seco (1998:41)

Mapa 6: Fronteira do galego en León e Zamora

Fonte: tirado de Seco (1998:41, mapa 4)

ANEXO 2. GRÁFICOS

USOS LINGÜÍSTICOS EN ASTURIAS

Gráfico 10: Uso lingüístico dos avós maternos (Rubal 1992:63)



Gráfico 11: Uso lingüístico dos pais entre si (Rubal 1992:65)



Gráfico 12: Lingua falada pola nai co alumno (Rubal 1992:66)



Gráfico 13: Lingua falada polo profesorado co alumnado (Rubal 1992:68)



Gráfico 14: Lingua falada polo alumno coa nai (Rubal 1992:71)



Gráfico 15: Lingua falada polo alumno cos compañeiros (Rubal 1992:75)



USOS LINGÜÍSTICOS EN LEÓN

Gráfico 16: Lingua falada polos avós maternos (Rubal 1992:76)



Gráfico 17: Lingua falada polos pais entre si (Rubal 1992:78)



Gráfico 18: Lingua falada pola nai co alumno (Rubal 1992:80)



Gráfico 19: Lingua falada polo profesorado co alumnado (Rubal 1992:82)



Gráfico 20: Lingua falada polo alumno coa nai (Rubal 1992:84)



Gráfico 21: Lingua falada polo alumno cos compañeiros (Rubal 1992:87)



USOS LINGÜÍSTICOS EN ZAMORA

Gráfico 22: Lingua falada polos avós maternos (Rubal 1992:89)



Gráfico 23: Lingua falada polos pais entre si (Rubal 1992:90)



Gráfico 24: Lingua falada polo pai co alumno (Rubal 1992:91)



Gráfico 25: Lingua falada polo profesorado (Rubal 1992:93)



Gráfico 26: Lingua falada polos alumnos cos pais (Rubal 1992:94)



Gráfico 27: Lingua falada polo alumno cos compañeiros (Rubal 1992:95)



CONCLUSIóNS

CONCLUSIÓNS

Un dos obxectivos que pretendiamos no inicio deste proxecto de investigación foi testar a eficacia das medidas executadas en materia de política lingüística por mor de dar cumprimento ao mandato estatutario e ao establecido na Lei de normalización lingüística. Esta lei trata do uso oficial da lingua, nas administracións públicas, no ensino, nos medios de comunicación, nos territorios limítrofes e na emigración. Entendemos que para acadar o obxectivo principal de normalización lingüística e estender os usos da lingua cómpre desenvolver o seu corpus co fin de adaptala a calquera situación comunicativa, ademais de planificar a súa adquisición por parte da poboación en xeral, e de cada un dos sectores atinxidos polas medidas de promoción da lingua galega en particular. Por iso, neste volume, o terceiro do *Informe de Política Lingüística e Normalización,* tratamos aspectos puramente lingüísticos (norma, gramática, lexicografía, terminoloxía), didácticos (materiais para o ensino da lingua, o ensino da lingua para adultos) e de protección e promoción da lingua (galego estremeiro).

Nunha ollada a todos os traballos compilados neste volume vemos que o período estudado presenta diferenzas de orde cuantitativa e cualitativa con respecto á etapa anterior, brevemente resumida en cada apartado. A partir dos anos 80, coa progresiva extensión de ámbitos de uso do idioma mudan significativamente as coordenadas de actuación no desenvolvemento do corpus da lingua e a súa adquisición. Con todo, tras 20 anos de políticas lingüísticas, coidamos precisa unha reflexión sobre este período, analizando os avances en todos os campos para salientar as medidas que tiveron efecto, así como para detectar as carencias e propor algunhas posibles melloras nas liñas de actuación.

Na análise do proceso de desenvolvemento do corpus do galego batemos arreo con dous feitos que son, dunha banda, a non asunción dalgunha das tarefas de modo integral por parte das institucións competentes e, doutra, a falta de coordinación nas tarefas

asumidas parcialmente por distintos organismos. Estes dous elementos condicionan negativamente o proceso, comportando un insuficiente aproveitamento de recursos e esforzos. Recollemos aquí as medidas sectoriais propostas polos autores/as en cadanseu contributo e, a seguir, indicamos algunhas medidas globais de tipo organizativo.

DIAGNÓSTICO E ALGUNHAS MEDIDAS SECTORIAIS

Tras a posta en común dos traballos sectoriais identificamos carencias que son, ao noso parecer, produto de determinadas eivas no terreo da planificación e da coordinación. De entre as lagoas puidemos identificar algúns puntos de contacto nos diferentes sectores. Por exemplo, case todos os colaboradores deste proxecto coincidimos no descoido do "modelo de galego oral" tanto na investigación e nos medios de comunicación, coma na docencia e tamén na produción de materiais didácticos ou na programación de cursos para formación de adultos. Ademais, é lugar común a escaseza do contraste lingüístico na investigación (por exemplo coa elaboración de gramáticas contrastivas) e tamén na diversificación das combinacións lingüísticas dos repertorios lexicográficos. Outra das carencias apuntadas alude á inexistencia de equipos de investigación estables, ou a que, de existiren, estes non son pluridisciplinares como cómpre para determinadas tarefas. Con todo, quixemos presentar de modo resumido o diagnóstico e as medidas urxentes propostas, pois coidamos que poden complementar as propostas xerais que máis adiante esbozamos a propósito da xestión lingüística.

No tocante ao aspecto normativo, saliéntase a satisfacción perante a aprobación pola Real Academia Galega da reforma consensuada das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego* (NOMIG).

Así mesmo, reclámase do goberno galego que participe activamente, no marco das súas responsabilidades, no proceso de aplicación da normativa aprobada en xullo de 2003, especialmente no ensino e no ámbito editorial, prevendo as medidas condu-

centes a unha rápida difusión das novidades e a unha doada e flexible adaptación a estas por parte dos/as utentes.

No mesmo senso, considérase imprescindible unha revisión e difusión en condicións axeitadas do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (do que hai anos fora publicada en policopia unha versión provisoria) e a actualización das ferramentas informáticas correspondentes, en particular dos correctores ortográficos.

Tamén se manifesta a conveniencia de que a Real Academia Galega estableza unha Comisión Normativa, que sirva como organismo consultor e asesor para resolver as dúbidas e cuestións que inevitablemente irán xurdindo.

Igualmente, xúlgase de interese a elaboración dunha obra de referencia dirixida aos/ás correctores/as lingüísticos/as das institucións públicas e as empresas (en particular medios de comunicación e editoriais), na que se establezan con rigor criterios de actuación, se definan as marxes de flexibilidade para a aplicación destes e se resolvan os problemas máis comúns.

Sería, ademais, conveniente a elaboración dun manual de estilo en lingua galega, no que se consideren os problemas de estilo en todos os niveis.

O estándar fónico revélase coma un campo de interese crucial, insuficientemente traballado, tanto no terreo da súa descrición e definición, coma no dos materiais para a súa aprendizaxe e difusión. A formación dos profesionais da locución e interpretación (medios de comunicación audiovisual, teatro e outros espectáculos) debe ser obxecto dunha atención especial, e debe recadar a colaboración activa das institucións públicas máis atinxidas (Radio-Televisión de Galicia, Centro Dramático Galego).

As principais carencias detectadas no ámbito dos estudos gramaticais son as que se relacionan a seguir.

Áchase en falta a elaboración dunha gramática histórica do galego que teña en conta os estudos parciais existentes sobre a lingua medieval e tamén dunha gramática diacrónica que reflicta a evolución da lingua dende a constitución do galego como lingua románica ata a actualidade, completando, deste xeito, a descrición

gramatical de modo coherente. Carecemos, así mesmo, dunha gramática de usos que teña en conta, por exemplo, a lingua literaria contemporánea, que avalíe o modelo idiomático recreado en época recente.

Canto á produción de gramáticas descritivas sinálase a necesidade de: 1) diversificar a produción elaborando gramáticas, orientadas a diferentes utentes, que inclúan todos os subsistemas ata abrangueren o diasistema no seu conxunto; 2) introducir na descrición as funcións semánticas, informativas e pragmáticas da estrutura gramatical.

No tocante ás gramáticas prescritivas cómpre elaborar materiais que definan o modelo sintáctico e o modelo fónico do galego, ata o momento escasa ou nulamente tratados; nomeadamente o estándar oral, moi necesario, como se dixo, para os medios de comunicación. Aliás, cómpre completar algúns aspectos morfolóxicos esbozados xa nas NOMIG. Unha iniciativa que podería ser acaída para a elaboración desas gramáticas prescritivas é a creación dun servizo de asistencia e asesoramento xestionado por un equipo de profesionais da lingua do ámbito universitario.

Con vistas a deseñar estratexias de aprendizaxe da lingua, tamén se percibe a necesidade de elaborar gramáticas contrastivas portugués-galego e español-galego.

Por parte, cómpre iniciar liñas de investigación gramatical interdisciplinares. Así, os gramáticos propoñen realizar estudos de dialectoloxía léxica e sintáctica que afonden no mapa de áreas dialectais trazado coa información fónica, así como a realización de estudos dialectais de orde gramatical e léxica das zonas fronteirizas con Portugal. Outra liña de investigación que hai que cultivar, en interacción coa Sociolingüística, é a da análise da lingua de grupos, dos dialectos sociais, da interacción campo-cidade, dos procesos de cambio lingüístico, do cambio xeracional, xunto coa avaliación da implantación dos cambios lingüísticos nos últimos 20 anos. Tamén resultan de interese os estudos de percepción sobre a lingua por parte dos falantes, así como a análise da variación diastrática e diafásica.

No tocante á lexicografía as carencias metodolóxicas manifféstanse nunha acusada tendencia a reproducir, con moi leves variantes, un mesmo modelo de dicionario, un dicionario de orientación prescritiva, non autorizado con exemplos reais, elaborado exclusivamente (ou case) a partir de fontes lexicográficas, pouco actualizado desde un punto de vista técnico e metodolóxico e cun escaso desenvolvemento microestrutural. Trátase, en suma, dun tipo de dicionario marcadamente conservador na súa concepción e claramente superado noutros dominios lingüísticos, que ten como obxectivo fundamental proporcionarlle ao usuario información acerca de que significa o lema, mais desentendéndose doutra das funcións que na lexicografía moderna están chamados a desempeñar os dicionarios: a de fornecer información verbo de como se usan as palabras, tanto desde un punto de vista gramatical e semántico coma desde unha perspectiva pragmática. Alén diso, unha boa parte dos dicionarios bilingües segue a ignorar ou, no mellor dos casos, relegar a un segundo plano a información gramatical e pragmática.

Por todo iso cómpre unha modernización no que atinxe aos soportes, un cambio metodolóxico que leve a producir un dicionario de usos, a seleccionar os lemas con base nun amplo corpus real ou, cando menos, a introducir contextos reais. Outra orientación é a inclusión de máis linguas en contraste co galego, recollendo as necesidades dos ciclos formativos e da licenciatura de Tradución e Interpretación (esta con senllos percorridos inglés-galego e francés-galego) ou ben como complemento para os estudantes dos cursos de galego para non galego-falantes.

Verbo da terminoloxía os principais problemas detectados son de tipo organizativo, en particular de coordinación dos axentes implicados e de planificación dos produtos. Así pois, coidamos preciso un estudo detallado dos repertorios existentes, así como testar as necesidades terminolóxicas da sociedade con vistas a priorizar a elaboración en determinadas áreas.

Por parte, unha das máis graves carencias é a difusión da terminoloxía, e por iso propomos como medida urxente a publica-

ción e posta en liña dun banco de datos terminolóxicos que recolla de modo selectivo e avaliativo as solucións xeradas ata o momento e tamén a publicación dos traballos de investigación terminolóxica inéditos menos accesibles (como os proxectos fin de carreira da titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo) ou a creación dun espazo na rede que sirva de nexo aos produtores de terminoloxía en Galicia e que recolla ferramentas e recursos existentes.

Outra das carencias é a inexistencia dun método de traballo terminográfico e dunhas ferramentas de xestión (fichas, programas informáticos...) válidos para todas as unidades produtoras (servizos lingüísticos, entidades académicas, etc.), xunto cun programa de formación que espalle estas informacións e orientado ás distintas tarefas relacionadas coa terminoloxía, xa que logo propomos a elaboración dun programa integral de formación que vise a formación de formadores en terminoloxía, terminólogos, tradutores, técnicos lingüísticos, así como usuarios especialistas, funcionariado, etc.

Coidamos que a mellora dos aspectos organizativos da xestión terminolóxica pasa necesariamente por: reasignar funcións, reorganizar a xestión e reforzar infraestruturas.

Na reasignación de funcións, xulgamos que aínda non foron asumidas algunhas como a normalización, a avaliación e a actualización. Estas poden ser desenvolvidas por unha única entidade especializada en cuestións terminolóxicas, co apoio puntual de entidades académicas ou profesionais. Este organismo debe contar coa facultade normalizadora e exercer o criterio de autoridade (atribuído por lei á RAG) para normalizar e avaliar a produción existente e, tamén, cos recursos materiais e humanos imprescindibles para acometer as tarefas investigadoras de amplo calado inherentes a estas funcións. Ademais, hai outras funcións como a investigación, difusión e implantación que só se desenvolveron parcialmente e que deben ser asumidas de modo coordinado por varias instancias, aínda que co liderado do centro especializado na xestión terminolóxica.

Así pois, imponse o reforzamento do Servizo de Terminoloxía de Galicia (TERMIGAL) con vistas ao cumprimento do papel que está chamado a exercer na xestión terminolóxica en todas as súas funcións, a que coordine os axentes no proceso de desenvolvemento terminolóxico galego e, sobre todo, a que planifique a actuación neste sector.

No campo da didáctica prestamos especial atención a dous aspectos: á produción de materiais para o ensino da lingua e ao ensino non regrado da lingua.

Na produción de materiais didácticos para o ensino da lingua galega durante o período estudado constátase unha grande transformación, debida, fundamentalmente, a dous factores: os cambios no marco xurídico do idioma no eido escolar e a reforma educativa materializada na LOXSE.

Desde un punto de vista cuantitativo, estes materiais didácticos fóronse incrementando de maneira ininterrompida ata mediados da década de 1990, momento en que se produce un estancamento. Isto fai que hoxe a actividade editorial relacionada co ensino da lingua galega represente un importante mercado no que compite un número moi elevado de editoriais, aínda que con moi distinto protagonismo e con dificultades para que se estabilice un grupo galego especializado. Esta oferta pedagóxico-didáctica abrangue os diversos niveis educativos, pero especialmente as etapas obrigatorias (Educación Primaria e ESO), e responde de xeito case universal ao formato de texto impreso; o soporte audiovisual e das novas tecnoloxías é case anecdótico.

Canto á dimensión cualitativa dos materiais, tamén se produciron mudanzas importantes que podemos sintetizar do xeito seguinte: mellorouse de maneira moi notable a presentación externa (maquetación, imaxes, etc.); superouse a organización lingüístico-gramatical dos contidos, coa incorporación de dimensións centradas en destrezas comunicativas; ampliouse a tipoloxía de textos e a súa funcionalidade na aprendizaxe; diversificáronse de maneira importante as actividades didácticas, etc. Non obstante, estas mudanzas foron moitas veces superficiais e non implicaron unha

nova abordaxe pedagóxica da lingua, podéndose dicir, en xeral, que nos libros de texto de lingua galega non se exploraron a fondo formas de organización da actividade didáctica que primen a unidade e interrelación de contidos e onde os coñecementos sobre o código estean orientados á mellora das capacidades verbais, especialmente das orais.

Por iso, cómpre elaborar materiais didácticos orientados a distintos niveis do programa de formación que teñan en conta: o tipo de alumno (castelán-falante, galego-falante, medio urbano, medio rural, monolingüe, práctica lingüística diglósica, etc.), os coñecementos lingüísticos previos (nivel de estudos académicos do adulto, grao de coñecemento previo da lingua galega, etc.), o tipo de competencia comunicativa (lingüística, sociolingüística, discursiva, táctica, sociocultural ou social), competencia produtiva ou receptiva (interese en que o alumno estea capacitado para producir enunciados comunicativos ou simplemente para comprendelos) e as variedades (sociais, dialectais, de nivel, de rexistro) da lingua que queremos traballar. Son precisas, ademais, ferramentas orientadas á adquisición da lingua oral e á aprendizaxe das variedades especializadas da lingua.

Por outra banda, urxe a posta en marcha dun sistema educativo dirixido a adultos estable e programado que, partindo dunha planificación consecuente da adquisición, forme de xeito continuo e permanente persoas competentes para comunicarse en galego en calquera contexto ou situación e para adaptar estes coñecementos lingüísticos aos novos retos que a actual sociedade da comunicación impón, sexa cal for a situación de partida de cada individuo. Este sistema de ensino debe deseñarse (no que respecta a obxectivos, medios, sistemas de avaliación, nivelación de contidos...) pensando nas necesidades específicas da poboación galega, pero ao mesmo tempo de xeito que poida inscribirse comodamente no sistema marco común europeo de aprendizaxe de linguas modernas, feito que facilitará a cooperación con outras institucións educativas europeas e garantirá o recoñecemento mutuo das respectivas titulacións de idiomas.

O sistema de aprendizaxe para adultos ten como un dos obxectivos principais elaborar un programa de formación lingüística que diversifique o ata agora único "produto educativo": os cursos de iniciación e perfeccionamento do galego. Na diversificación cómpre ter en conta o destinatario do curso, con diferentes perfís tal como se expresou en parágrafos precedentes, ademais de lles prestar máis atención á adquisición do galego oral e ás variedades especializadas da lingua.

Canto ao galego estremeiro, trazouse un marco tépedo de colaboración intergobernamental entre o goberno galego e os das comunidades autónomas (limítrofes ou non) en que se fala galego. De aí a necesidade de reforzar a colaboración da Xunta de Galicia coa Junta de Castilla y León e de retomar a xestión co goberno de Asturias. Esta colaboración é fundamental para coordinar as iniciativas de defensa do idioma nas zonas galegófonas que non pertencen á Galicia administrativa.

No ámbito lexislativo, urxe a aplicación da Carta europea das linguas rexionais e minoritarias aos territorios galegos limítrofes na liña do establecido no seu artigo 7.1b, co obxecto de non obstaculizar a promoción da lingua minoritaria, neste caso o galego, nestas zonas.

Propóñense algunhas medidas urxentes como a introdución do galego nas áreas galegófonas de Asturias e de Castela-León en todos os niveis de ensino, tanto regrado coma non regrado. O idóneo sería que este ensino tivese carácter obrigatorio en Educación Infantil e Primaria e optativo en Secundaria coa inclusión da materia de Literatura galega, e, ademais, introduciríanse cursos de alfabetización para adultos. No ensino universitario cumpriría a creación de lectorados nas universidades dos distritos universitarios das zonas galegófonas (León, Zamora, Oviedo).

Outra das medidas suxeridas é a inclusión destes territorios nos estudos lingüísticos emprendidos en Galicia (por exemplo os da Comisión de Toponimia ou os do Seminario de Sociolingüística da RAG).

Proponse, así mesmo, a inclusión destes territorios na programación de actividades culturais da Consellaría de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia, alén de garantir a boa recepción dos medios de comunicación audiovisuais galegos. No relativo ao plano estrutural, a proposta é crear unha secretaría para os territorios limítrofes dependente da DXPL que se ocupe da implantación do idioma no ensino.

MEDIDAS XERAIS

As medidas sectoriais propostas non poden executarse sen acometer antes algúns cambios estruturais. Entendemos que as eivas do proceso (falta de coordinación e asunción parcial das tarefas) poden ser atribuídas a problemas de tipo organizativo que se poden solucionar doadamente cunha xestión acaída na que se determinen claramente tarefas e axentes. As funcións básicas son:

- Planificación: Entendemos que cómpre planificar todas as áreas, con vistas a unha acción programada e coordinada que rendibilice as actuacións. A planificación é o obxecto central deste proxecto. Aquí propomos como imprescindible a planificación:

  - Da investigación segundo necesidades de tipo fónico, morfolóxico, gramatical, lexicográfico, terminolóxico, didáctico, etc., en coordinación coas entidades académicas e os centros de investigación radicados en Galicia.
  - Dun programa integral de didáctica da lingua: do ensino regrado e non regrado, universitario e non universitario, dentro e fóra de Galicia, en coordinación coas facultades de formación de profesorado, co Instituto de Ciencias da Educación, cos centros de formación de funcionariado, cos centros de formación de profesorado, etc.

- Da produción de materiais didácticos para os distintos niveis de formación, tanto para o ensino/aprendizaxe da lingua galega coma para o doutras materias vehiculadas en lingua galega. Os materiais deben ter en conta a competencia comunicativa oral e escrita, os usos especializados, formais e informais da lingua e todo tipo e soportes, con especial atención ás novas tecnoloxías. Deberan existir unhas liñas de promoción de materiais didácticos menos explorados no que se refire ao soporte, dunha banda, e á temática, doutra. A Administración debera promover, ademais, a edición de obras de consulta xeral cunha demanda non escolar pero de importancia estratéxica para o desenvolvemento do status da lingua (por exemplo dicionarios bilingües bidireccionais das máis importantes linguas europeas, *v.g.* francés-galego).

◆ Formación: Cómpre deseñar programas de formación lingüística secuencializados por niveis para cada colectivo que os capacite para desenvolver en galego calquera situación comunicativa posible. Ademais de potenciar a autoaprendizaxe e o uso da lingua na formación de calquera materia vehiculando os contidos especializados en lingua galega, é necesaria a colaboración dos centros que precisan esa formación integral, así como do ICE, universidade, centros de formación de profesorado, entidades de formación ocupacional, etc. Salientamos as seguintes necesidades nesta área

- Formación de técnicos lingüistas que exercen a súa actividade nos servizos lingüísticos, de tradución e outros.
- Formación de formadores de lingua galega e de calquera outra maneira.
- Formación de colectivos profesionais que exerzan a súa actividade laboral en galego, tanto colectivos colexiados coma profesionais autónomos, e de funcionariado.
- Formación de adultos e de estranxeiros.

- Asesoramento: O organismo de xestión lingüística podería dispor dun servizo de consulta lingüística eficaz que conte, á súa vez, co asesoramento de lingüistas e técnicos en tradución e que resolva dúbidas relacionadas co corpus e co status da lingua. Propomos algunhas áreas de actuación:

  - lexislación lingüística
  - liñas de axuda e subvención
  - cuestións gramaticais
  - cuestións sintácticas
  - cuestións léxicas
  - cuestións terminolóxicas
  - cuestións estilísticas
  - cuestións documentais

Ademais, tamén se podería xestionar de modo automático a resolución das dúbidas máis frecuentes (modelo de "teléfono lingüístico").

- Coordinación da planificación, da investigación, da formación e do asesoramento. O organismo que asuma a xestión lingüística debe promover a constitución de equipos de traballo estables e pluridisciplinares, alén de propoñer e encargar estudos e produtos necesarios, coordinar a transmisión de coñecementos (por exemplo na implantación da nova norma) e coordinar os servizos lingüísticos e unidades técnicas dedicadas ao asesoramento no seo de cada entidade, así como a unidade asesora de referencia. A coordinación débese realizar coas entidades académicas, cos centros de investigación, cos centros especializados en didáctica, coas unidades de asesoramento en Galicia e tamén cos organismos de xestión lingüística doutras comunidades.

  Tras o estudo da curta andaina do proceso de normalización lingüística podemos afirmar que é necesario procurar:

- Unha maior conexión entre as necesidades didácticas e as liñas de produción de materiais didácticos, que actualmente se circunscriben aos produtos máis comerciais (libro de texto do ensino regrado, fundamentalmente).
- Unha maior coordinación na política investigadora de modo que se cubran as principais carencias e se integren os estudos existentes en proxectos xerais especialmente urxentes, como a definición do estándar oral galego ou a posta en funcionamento dun banco de datos terminolóxicos.
- Unha política investigadora que teña presente a aplicación da investigación.
- Unha investigación e uns produtos lingüísticos e didácticos máis centrados nos usos, na información pragmática e na competencia comunicativa do destinatario.
- A constitución de equipos de traballo estables nalgunhas áreas (terminoloxía ou gramática) e noutras a constitución de equipos multidisciplinares (lexicografía, etc.) que dean conta tanto das necesidades existentes nesa área coma das aplicacións didácticas.
- Unha infraestrutura de xestión que coordine eficazmente a investigación, a didáctica e a produción de materiais.

En definitiva, apúntase a necesidade dunha focaxe global e ao tempo práctica dos problemas, de promover a investigación lingüística, sociolingüística, psicolingüística e didáctico-lingüística aplicada, de artellar redes de colaboración interdisciplinar que involucren a institucións de distintos campos (Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega, universidades, Compañía de Radio-Televisión de Galicia, Centro Dramático Galego, TERMIGAL, Consello da Cultura Galega, etc.) e expertos en distintas disciplinas segundo os obxectivos que se persigan. En todo iso, a acción da Xunta de Galicia, canto institución legalmente encargada de dirixir o proceso de normalización lingüística, é crucial.

APéNDICE BIBLIOGRáFICO
ELABORACIóN DO CORPUS

BIBLIOGRAF A: A NORMA

1926 Couceiro Freijomil, A.: “El idioma gallego”, en Francisco Carreras y Candi (dir.), *Geografía General del Reino de Galicia I*, Barcelona, Alberto Martín, 161-327, [2ª ed. 1935].

1929 Couceiro Freijomil, A.: *Ortografía gallega. Bases para su unificación*, Ourense, La Popular.

1933 Seminario de Estudos Galegos: *Algunhas normas para a unificazón do idioma galego*, Santiago de Compostela, Nós.

1936 Seminario de Estudos Galegos: *Engádega ás normas para a unificazón do idioma galego*, Santiago de Compostela. [2ª ed. 1997].

1970 Real Academia Gallega: *Normas ortográficas do idioma galego*, A Coruña, Real Academia Gallega.

1971 Real Academia Gallega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Coruña, Real Academia Gallega.

1971 Instituto de la Lengua Gallega: *Gallego 1*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

1972 Instituto de la Lengua Gallega: *Gallego 2*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

1973 Instituto de la Lengua Gallega: *Galego 3*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

1977 Universidade de Santiago de Compostela: *Bases prá unificación das normas lingüísticas do galego*, Madrid, Anaya, [2ª ed. 1980].

1980 Xunta de Galicia: *Normas ortográficas do idioma galego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

1980 ASPG Asociación Socio-Pedagóxica Galega: *Orientacións para a escrita do noso Idioma*, Santiago de Compostela, Xistral.

1982 Instituto da Lingua Galega/ Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela, ILG/ RAG.

1983 Parlamento de Galicia: *Lei de normalización lingüística*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

1983 Associaçom Galega da Língua: *Estudo crítico das Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, A Coruña, AGAL [2ª ed. revista e acrecentada, 1989].

1987 Pena, X. R. e Rosales, M.: *Manual de galego urxente*, Vigo, Xerais.

1990 Mesa prá Defensa del Gallego de Asturias e da Cultura da Comarca (1990): *Normas ortográficas e morfolóxicas del galego de Asturias*, MDGA, Eilao.

1993 Arias López, V.: *Prontuario ortográfico de galego*, Vilaboa, Edicións do Cumio.

1998 Regueira Fernández, X. L. (coord.): *Os sons da lingua*, Vigo, Xerais.

2001 Graña Martínez, V. (comp.): *Lexislación da lingua galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

2003 Instituto da Lingua Galega/ Real Academia Galega: *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, Santiago de Compostela, ILG/ RAG.

2003 Feixó Cid, X. (ed.): *As normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. Actualización, complemento e desviacións*, Vigo, Edicións do Cumio.

BIBLIOGRAF A: GRAM«TICAS

1864 Mirás, F.: *Compéndio de gramática gallega-castellana, con un vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas titulado La Creación y Redencion. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor*, Santiago de Compostela, Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás [2ª ed., facsímile, 1978, Madrid, Ed Akal].

1868 Saco Arce, J. A.: *Gramática Gallega*, Lugo: Imp. de Soto y Freire [2ª ed., 1967], Ourense, Gráficas Tanco.

1868 Cuveiro Piñol, J.: *El habla gallega. Observaciones y datos sobre su origen y vicisitudes*, Pontevedra, Imp. J. A. Antúnez y Cía.

1892 (1970) Valladares Núñez, M.: *Elementos de gramática gallega*, Vigo, Galaxia [O texto está datado en Vilancosta 1892].

1863 Álvarez de la Braña, R.: *Gramática y Vocabulario del dialecto gallego*, Madrid.

1892-1893 Rodríguez Rodríguez, M.: "Declinación gallega", *Galicia, Revista Regional de Ciencias, Letras, Artes, Folk-lore, etc.* 5, 267-275; 6, 335-345; 7, 385-390; 8, 461-469; 9, 525-528 [a serie de artigos quedou inconclusa].

1900 Rodríguez Rodríguez, M.: "Apuntes gramaticales", en *Crónica troyana: códice gallego del siglo XIV de la Biblioteca Nacional de Madrid/ con apuntes gramaticales y vocabulario*, A Coruña, Imprenta de la Casa de Misericordia.

1906 García de Diego, Vicente: *Elementos de gramática histórica gallega (Fonética-Morfología)*, Burgos, 1906 [Ed. facsimilar, Anexo 23 de *Verba*, Santiago, 1984].

1918 Santiago y Gómez, J.: *Filología de la lengua gallega*, Santiago, Tip. de El Eco Franciscano.

1919 R. A. [= Leandro Carré Alvarellos]: *Compendio de gramática galega*, A Coruña, Imp. Nova.

1922 Lugrís Freire, M.: *Gramática do idioma galego*, A Coruña, Ed. Moret [2ª ed., 1931].

1935 Couceiro Freijomil, A.: *El idioma gallego: historia, gramática, literatura*, Barcelona, A. Martín.

1966 Carballo Calero, R.: *Gramática elemental del gallego común*, Vigo, Galaxia [7ª ed., 1979].

1967 Carré Alvarellos, Leandro: *Gramática Gallega*, A Coruña, Imp. Moret.

1971 Vázquez Cuesta, P. e Luz, A. Mendes da (1971): "El gallego", en Pilar Vázquez Cuesta e Albertina Mendes da Luz: *Gramática Portuguesa*, Madrid, Gredos, 1971[3], 84-127 [Trad. ao portugués: *Gramática da Língua Portuguesa.* Lisboa: Edições 70, 1980, 90-98].

1986 Álvarez, R.; Regueira, X. L. e Monteagudo, H.: *Gramática Galega*, Vigo, Galaxia [7ª ed., 1998].

1988 Lorenzo, R. e Álvarez, R.: "La lengua gallega", en *Enciclopedia temática de Galicia. Música, Lengua y Literatura*, Barcelona, Nauta, 67-126.

1988 Costa Casas, X. X. *et alii.: Nova gramática para a aprendizaxe da lingua*, A Coruña, Vía Láctea.

1994 Álvarez, R. e Monteagudo, H.: "Evolución lingüística interna I. Gramática", en *LRL* VI, 2, 1-21 [a pesar do título atribuído polos editores, trátase dunha gramática sincrónica sucinta do galego moderno].

1996 Ferreiro Fernández, M.: *Gramática histórica galega*, Santiago de Compostela, Laiovento.

1998 Freixeiro Mato, X. R.: *Gramática da lingua galega. I, Fonética e fonoloxía*, Vigo, A Nosa Terra.

1999 Freixeiro Mato, X. R.: *Gramática da lingua galega. III. Semántica*, Vigo, A Nosa Terra.

1997 Ferreiro Fernández, M.: *Gramática histórica galega* II. *Lexicoloxía*, Santiago de Compostela, Laiovento.

2000 Freixeiro Mato, X. R.: *Gramática da lingua galega: II. Morfosintaxe*, Vigo, A Nosa Terra.

2001 Freixeiro Mato, X. R.: *Manual de gramática galega*, Vigo, A Nosa Terra.

2002 Álvarez, R. e Xove Ferreiro, X.: *Gramática da lingua galega*, Vigo, Galaxia.

2003 Freixeiro Mato, X. R.: *Gramática da lingua galega IV: gramática do texto*, Vigo, A Nosa Terra.

BIBLIOGRAFíA: DICIONARIOS

1863 Rodríguez, F. J.: *Diccionario gallego-castellano*, A Coruña, Imprenta del Hospicio Provincial.

1876 Cuveiro Piñol, J.: *Diccionario gallego*, Barcelona, Tipografía de Ramírez y Cía.

1884 Valladares Núñez, M.: *Diccionario gallego-castellano*, Santiago, Tipografía del Seminario Conciliar Central.

1907 Prado, Jacinto del: *Vocabulario castellano-gallego*, Lalín, Imprenta de La Defensa.

1913 –1928 Academia Gallega, Real: *Diccionario gallego-castellano*, A Coruña, RAG.

1922-1923 Carré Alvarellos, L.: "Vocabulario castelán-galego", *A Nosa Terra* 169 (1922), 5-6; 171 (1922), 5-6; 172 (1922), 5-6; 176 (1923), 5-6; 187 (1923), 5-6; 188 (1923), 5-6; 193 (1923), 3-4; 194 (1923), 5-6; 195 (1923), 5-6.

1926 Filgueira Valverde, J. *et alii*: *Vocabulario popular galego-castelán*, Vigo, El Pueblo Gallego.

1928-1931 Carré Alvarellos, L.: *Diccionario galego-castelán*, 2 vols, A Coruña, Lar, 1928 (vol. I); A Coruña, Imprenta Zincke Hnos., 1931 (vol. II).

1933 Irmandades da Fala: *Vocabulario castellano-gallego*, A Coruña, Imprenta Moret.

1950 Ibáñez Fernández, J.: *Diccionario da rima e galego-castelán*, Madrid, Marsiega.

1958 -1961 Rodríguez González, E.: *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols, Vigo, Galaxia, 1958 (vol. I), 1960 (vol. II), 1961 (vol. III).

1963 Crespo Pozo, J. S.: "Contribución a un diccionario castellano-gallego (con indicación de fuentes)", *Estudios* 19, 407-1059. Reelaborado como *Nueva contribución a un diccionario castellano-gallego con indicación de fuentes e inclusión del gallego literario*

(gallego-portugués), 4 vols., Ourense, La Región, 1972 (vol. I); Sada, Ediciós do Castro, 1979 (vol. II), 1982 (vol. III), 1985 (vol. IV).

1968 Franco Grande, X. L.: *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*, Vigo, Galaxia.

1972 Carré Alvarellos, L.: *Diccionario galego-castelán e vocabulario castelán-galego*, A Coruña, Moret.

1972 Franco Grande, X. L.: *Vocabulario galego-castelán*, Vigo, Galaxia.

1978 Gomá, E.: *Diccionario mágico infantil en seis lenguas*, Barcelona, Vilamala.

1979 Fernández del Riego, F.: *Vocabulario castellano-gallego*, Vigo, Galaxia.

1979 Melo, W. Agel de: *Dicionário Galego-Português*, Goiânia, Oriente.

1980 Instituto da Lingua Galega: *Diccionario básico da lingua galega*, Vigo, Xerais.

1981 Xove Ferreiro, X.: *Choca. Vocabulario elemental galego*, Vigo, Galaxia.

1981 Fernández Armesto, F.: *Diccionario castelán-galego*, Sada, Ediciós do Castro.

1982 Ares Vázquez, M. C. *et alii*: *Diccionario galego-castelán, castellano-gallego*, A Coruña, Nós.

1982 Fernández del Riego, F. e Franco Grande, X. L.: *Vocabulario galego-castelán, castelán-galego*, Vigo, Galaxia.

1982 Regueiro, M. e Goyoaga, R.: *Vocabulario de las lenguas ibéricas*, Madrid, Nuestra Cultura.

1983 Mayoral Gómez, T. e García Álvarez, S.: *O meu primeiro dicionário galego*, Madrid, Everest.

1983 Alonso Estravís, I. (dir.): *Dicionario ilustrado Nós* (A-CHAMP), A Coruña, Nós.

1983 Sallarés, A. (coord.): *Diccionario básico ilustrado español-inglés-gallego*, A Coruña, Nós.

1984 "Vocabulario castellano-catalán-euskera-gallego-portugués", en *Diccionario enciclopédico Argos Vergara*, Barcelona, Argos Vergara.

1984 Ares Vázquez, M. C. *et alii*: "Vocabulario gallego-castellano", en *Diccionario enciclopédico Argos Vergara*, Barcelona, Argos Vergara, 109-192.

1985 Freixedo Tabarés, X. M. e Álvarez Carracedo, F.: *Diccionario de usos castellano-gallego*, Madrid, Akal.

1985 Fontanillo Merino, E. (dir.): *Diccionario de las lenguas de España*, Madrid, Anaya.

1985 Marín, M.: *Grande diccionario infantil ilustrado castellano-gallego, galego-castelán*, Barcelona, Marín.

1985 Melo, W. Agel de: *Dicionário português-galego*, Goiânia, Universidade Federal de Goiás.

1986 Feixó Cid, X. G. (coord.): *Diccionario escolar da lingua galega*, Vigo, Ir Indo.

1986 Ares Vázquez, M. C. *et alii*: *Diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Xerais.

1986 Feixó Cid, X. G. *et alii*: *Diccionario práctico da lingua galega*, Vigo, Ir Indo.

1986 Alonso Estravís, I. (dir.): *Dicionário da língua galega*, 3 vols., Madrid, Alhena.

1986 Feixó Cid, X. G. (coord.): *Diccionario da lingua galega*, 3 vols., Vigo, Ir Indo.

1988 Monteagudo Romero, H. e García Cancela, X. (coords.): *Diccionario normativo galego-castelán*, Vigo, Galaxia.

1988 *Diccionario básico escolar galego-castelán, castellano-gallego*, A Coruña, Xuntanza.

1988 Feixó Cid, X. G.: *Diccionario práctico galego-castelán, castelán-galego*, Vigo, Ir Indo.

1989 Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega: *Vocabulario ortográfico da lingua galega*, Santiago de Compostela.

1989 Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega, *Diccionario inverso da lingua galega*, Santiago de Compostela.

1989 Boullón Agrelo, A. I. *et alii*: *Diccionario escolar galego*, Vigo, Galaxia.

1989 Navaza Blanco, G. (coord.): *Pequeno diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Xerais.

1989 Docal Lago, A.: *Diccionario inicial normativo galego-castelán, castellano-gallego*, Barcelona, Edunsa.

1989 Feixó Cid, X. G.: *Diccionario escolar galego-castelán, castelán-galego*, Vigo, Ir Indo.

1990 Navaza Blanco, G. (coord.): *Diccionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos*, Vigo, Xerais.

1990 Instituto da Lingua Galega/ Real Academia Galega: *Diccionario da lingua galega*, Santiago de Compostela, ILG/ RAG.

1991 Fernández Salgado, B. (coord.): *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Vigo, Galaxia.

1991 García, C. e González González, M. (dirs.): *Diccionario manual da lingua galega, coas súas correspondencias en castelán*, A Coruña, La Voz de Galicia.

1992 Chacón Calvar, R. e Rodríguez Alonso, M.: *Diccionario crítico de dúbidas e erros da lingua galega*. Sada, Ediciós do Castro.

1992 López Varela, E.; Pichel Lorenzo, A. e Facal Cancela, E.: *Vocabulario temático ilustrado galego-français-español-english*, Vigo, Galaxia.

1993 Real Academia Galega: *Pequeno diccionario da lingua galega*, A Coruña, RAG.

1993 Moragas, E. de (coord.): *Diccionario ilustrado Vox inglés-español-gallego*, Barcelona, Bibliograf, 1996[2].

1995 Maldonado González, C. (dir.): *Vieiro. Diccionario didáctico do galego*, Madrid, SM.

1995 Xove Ferreiro, X. (dir.): *Diccionario da lingua galega*, Vigo, Obradoiro-Santillana.

1995 Alonso Estravís, I.: *Dicionário da língua galega*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

1995 Cameselle Villar, J. M.: *Diccionario trilingüe español-galego-portugués*, Vigo, J. M. Cameselle Villar.

1995 Castro Macía, L.: *Diccionario Xerais de sinónimos, termos afíns e contrarios*, Vigo, Xerais.

1996 Asaka, T.: *Vocabulario básico da lingua galega*, Tokio, Daigakusyorin.

1997 García, C. e González González, M. (dirs.): *Diccionario manual castelán-galego*, A Coruña, La Voz de Galicia.

1997 Academia Galega, Real: *Diccionario da Real Academia Galega*, Vigo, RAG.

1997 Quintáns Suárez, M. (dir.): *Diccionario conceptual galego*, 8 vols., A Coruña, Xuntanza.

1997 Fernández González, C. (dir.): *Diccionario esencial Vox galego-castelán, castellano-gallego*, Barcelona, Bibliograf.

1997 Noia Campos, M. C.; Gómez Clemente, X. M. e Benavente Jareño, P. (coords.): *Diccionario de sinónimos da lingua galega*, Vigo, Galaxia.

1999 Feixó Cid, X. (dir.): *Diccionario Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio.

1999 Hämäläinen, T.: *Galego-suomi sanasto. Vocabulario galego-finés*, Helsinki, Helsinguin yliopisto, Yliopistopaino.

1999 Fernández Salgado, B.: *Diccionario elemental inglés-galego, galego-inglés*, Vigo, Xerais.

1999 Carracedo Fraga, J.: *Diccionario latín-galego*, Vigo, Galaxia.

1999 Acea Méndez, I. *et alii*: *Diccionario trilingüe galego-portugués-castelán, portugués-galego-castelán, castelán-galego-portugués*, Vigo, Ir Indo.

1999 Novo Folgueira, P.: *Diccionario de uso para a comunicación*, Vigo, Xerais.

2000 Vikin, J.: *Galician-English, English-Galician (galego) Dictionary. A language of Northwestern Spain*, Nova York, Hippocrene Books.

2000 Feixó Cid, X. (dir.): *Diccionario de peto Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio.

2000 Feixó Cid, X. (dir.): *Diccionario Cumio da lingua galega: Secundaria. Bacharelato*, Vigo, Edicións do Cumio.

2000 Feixó Cid, X. e Pena Romay, X. A. (dirs.): *Diccionario Cumio da lingua galega: Primaria*, Vigo, Edicións do Cumio.

2000 Feixó Cid, X. (dir.): *Pequeno diccionario Cumio da lingua galega*, Vigo, Edicións do Cumio.

2000 Carballeira Anllo, X. M. (coord.): *Gran diccionario Xerais da lingua*, Vigo, Xerais.

2000 González, I. (dir.): *Diccionario italiano-galego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

2000 Santamarina, A. (ed.): *Diccionario de diccionarios*, A Coruña, Fundación Barrié [CD-ROM].

2000 Carro Rosende, X.: *Vocabulario galego-valenciano, valencià-gallec*, Alacante, Universitat d'Alacant.

2001 Castro Macía, L.: *Diccionario Xerais galego-castelán, castellano-gallego*, Vigo, Xerais.

2001 López, C. *et alii*: *Diccionario Cumio avanzado español-galego, galego-español*, Vigo, Edicións do Cumio.

2001 López, C. *et alii*: *Diccionario Cumio fundamental español-galego, galego-español*, Vigo, Edicións do Cumio.

2001 López, C. *et alii*: *Diccionario de peto Cumio español-galego, galego-español*, Vigo, Edicións do Cumio.

2001 Conde Tarrío, G.: *Diccionario de refráns. Correspondencias en castelán e francés*, Vigo, Galaxia.

2001 Pena, X. A.: *Diccionario Cumio de expresións e frases feitas castelán-galego*, Vigo, Edicións do Cumio.

2001 Álvarez de la Granja, M., García Turnes, B. e González Bueno, C.: *Diccionario gallego-castellano, castellano-gallego*, Vigo, Galaxia.

2001 López, C. *et al.*: *Diccionario Cumio español-galego*, Vigo, Edicións do Cumio.

2001 López, C. *et al.*: *Diccionario Cumio galego-español*, Vigo, Edicións do Cumio.

2002 Riveiro Costa, X.: *Diccionario Cumio de construccións preposicionais*, Vigo, Edicións do Cumio.

BIBLIOGRAF A: REPERTORIOS TERMINOGR«FICOS

A. CIENCIA E TECNOLOXÍA

1993 Daviña Facal, L.: *Problemas co léxico científico. Algunhas propostas de solución*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.
1999 Daviña Facal, L.: *Lingua e ciencia*, Vigo, Xerais.
2000 Garrido, C. e Riera, C.: *Manual de galego científico: orientaçons lingüísticas*, A Coruña, Associaçom Galega da Língua.

A.1 Ciencias matemáticas

1988 Santamarina, A. e González González, M.: *Léxicos: matemáticas, física, química*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.
1992 García Pérez, P.: *Diccionario de términos matemáticos*, El Boecillo-Valladolid, La Calesa.
1995 Masa Vázquez, X. M. e Fortes López, A. B. (coords.): *Vocabulario de matemáticas*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (accesible en formato electrónico en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

A.2 Ciencias físicas e ciencias do espacio

A.2.1 Física

1988 Santamarina, A. e González González, M.: *Léxicos: matemáticas, física, química*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

A.2.1 Química

1988 Santamarina, A. e González González, M.: *Léxicos: matemáticas, física, química*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

2002 Guitián Rivera, X. (coord.): *Vocabulario de Química*, Santiago de Compostela, Servizo de Normalización Lingüística-Universidade de Santiago de Compostela (accesible en formato .pdf en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

A.3 Ciencias da terra

1988 Núñez Singala M. *et alii*: *Vocabulario do medio físico e o asentamento humano*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1988 Ruibal Cendón, I.; García Cancela, X. e Torres Tomar, X., *Vocabulario do medio agrícola*, Santiago de Compostela DXPL, Xunta de Galicia.

1991 Sanjuán López, A. *et alii*: *Vocabulario das ciencias naturais*. Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1994 Colectivo "A Corrente": *Léxico básico das ciencias naturais castelán-galego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. (accesible en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

1999 "O galego agropecuario", *Xóvenes agricultores*, núm. 168, 164-165; núm. 169, 74-75; núm. 170, 56-57; núm. 171, 52-53; núm. 172, 102-103; núm. 173, 86-87.

2000 Balibrea, S. *et alii*: "Glosario", en *Ciencias da Natureza 1*, Secundaria, Serie Aula Aberta, Madrid, Anaya, 212-215.

2000 Daviña Facal, L.: *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*, A Coruña, Deputación 2 tomos: I (A-B) e II (C).

s.d. CRTVG*: Rede Natura. Glosario de termos*.

A.4 Ciencias do medio

2002 Prado, D. (dir.): *Léxico do medio (catalán, corso, friulano, galego, ladino, occitano e sardo)*, París-Barcelona, Unión Latina-TERMCAT (accesible en formato electrónico en http://www.linmiter.net/lexique/gallec.html).

A.5 Ciencias da vida

1991 Sanjuán López, A. *et alii*: *Vocabulario das ciencias naturais*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1994 Colectivo "A Corrente": *Léxico básico das ciencias naturais castelán-galego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela. (accesible en formato electrónico en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

2000 Daviña Facal, L.: *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*, A Coruña, Deputación, 2 tomos: I (A-B) e II (C).

A.5.1 Bioloxía

1974 Sobreira Salgado, Fr. J.: "Ensayos para la historia general botánica de Galicia que debrá comprehenderse en el Diccionario o Glosario General de la Lengua Gallega, de que va extractado [1794]", en José Luis Pensado (ed.): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Vigo, Galaxia, 221-267.

1988 Chouza Mata, M. e Cid, R.: *1300 nomes galegos de seres vivos: nomenclatura para o ensino do medio natural*, Santiago de Compostela, Follas Novas.

1989 Torres Romar, X.: "Terminoloxía. Morfoloxía da abella", *Boletín Apícola*, 29, 45-46.

1997 Fuentes Arderiu, X. (coord.): *Diccionario inglés-castellano-catalán-euskera-gallego de biología y patología moleculares*, Barcelona, Sociedad Española de Bioquímica Clínica y Patología Molecular, 45-62.

1998 Míguez Rodríguez, L. *et alii*: *Algas mariñas de Galicia: bioloxía, gastronomía, industria*, Vigo, Xerais, 267-271.

A.5.2 Botánica

1756 Sarmiento, Fr. M.: "Borrón de varios nombres gallegos de vegetables", en Fr. Martín Sarmiento (1986): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*, Salamanca, Universidade de Salamanca.

1756 Sarmiento, Fr. M.: "Onomástico latín-gallego de los vegetables que vio el Padre Sarmiento (Sistema de Monsieur Tournefort)", en Fr. Martín Sarmiento (1986): *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*, Salamanca, Universidade de Salamanca, 401-464.

1961 Rohlfs, G.: "Apuntes para una flora popular de España", *Estudis romànics*, VIII, 121-133.

1975 Sarmiento, Fr. M.: *Viaje a Galicia: 1745*, edición y estudio por José L. Pensado, Salamanca, Universidade de Salamanca.

1977 García, X. R. *et alii*: *Os arbres de Galicia*, Vigo, Comisión de Ensino e Investigación-Albe-Galicia.

1985 García Moreira, M. T. e Núñez Martínez, M. S.: "Estudio de la vegetación de la comarca de Tuy", *Carenal*, 11, 3-15.

1986 Ceballos Jiménez, A.: *Diccionario ilustrado de los nombres vernáculos de las plantas de España*, Madrid, ICONA.

1987 Antelo Docampo, P. e Penas Patiño, X.: *As plantas*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 83-86.

1987 Armesto, F. (coord.): *Guía de las algas del litoral gallego*, A Coruña, Casa das Ciencias-Concello da Coruña.

1989 Castro, M. *et alii*: *Guía das árbores de Galicia autóctonas e ornamentais*, Vigo, Xerais, 301-305.

1991 Chouza Mata, M. e Cid, R.: 200 nomes galegos de herbas ventureiras, *Boletín das ciencias*, 10, 22-26.

1992 Losada Cortiñas, E.; Castro González, J. e Niño Ricoi, E.: *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega*, Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes-Xunta de Galicia.

1994 Antelo Docampo, X. e Penas Patiño, X.: *As plantas medicinais*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego.

1994 Carmona Álvarez, M. D.: "Plantas medicinales lucenses", *Lucensia*, IV/9, 111-120.

1994 Niño Ricoi, E.; Losada Cortiñas, E. e Castro González, J.: *Catálogo da flora vascular galega*, Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, Xunta de Galicia.

1994 Silva Pando, F. J.; Rigueiro Rodríguez, A. e Romero Franco, R.: *Guía de plantas medicinais de Galicia*, Vigo, Galaxia.

1998 Murcia, J. e Hoyos, I.: *Características y aplicaciones de las plantas* (accesible en formato electrónico en http://www.lexicool.com/DLink.asp?ID=0TI5RU74272&IL=3&L1=64).

2000 Castro Cerceda, M. L.: *Guía dos cogomelos comúns de Galicia*, Vigo, Xerais.

2003 Nieto Román, A. e Martínez Leyenda, P.: *Guía da natureza. Campus de Marcosende*, Vigo, Oficina de Medio Ambiente- Vicerrectorado de Investigación, Universidade de Vigo, 24-26.

A.5.3 Zooloxía

1927 Iglesias Iglesias, L.: " As aves de Galicia", *ASEG*, I, 249-262.

1928 Iglesias Iglesias, L.: "Notas entomolóxicas. Insectos de Galiza", *Nós*, 53, 89-94 [Xuntanza fixo unha edición facsimilar en 1991 e foi reeditado en 1997 en Goretti Sanmartín (ed.): *Prosa didáctica (1916-1936), Antoloxía*, Vigo, A Nosa Terra, ASPG, 215-217].

1952 Iglesias Iglesias, L.: “Fauna de Galicia. III. Aves de Galicia existentes en el Museo Regional de Historia Natural de la Facultad de Ciencias de la Universidad de Santiago”, *BUSC*, LVII-LX, 225-190.

1974 Villaverde, L.: *Mariscos de Galicia: como son, como viven, como se pescan, como se comen*, Sada, Ediciós do Castro.

1975 Penas Patiño, J. M. e Pedreira López, C.: “Nomes galegos do ‘Erithacus rubecula’ e do ‘Troglodytes troglodytes”, *Verba*, 2, 295-306.

1975 Pensado, J. L.: “Papeletas de nombres de peces del P. Fr. J. Sobreira”, *Verba*, 2, 157-180.

1976 Penas Patiño, J. M. e Pedreira López, C.: “Nomes galegos das aves do xénero ‘Streptopelia’ e ‘Columba”, *Verba*, 3, 347-356.

1977 Castro, A. de: “Sobre os vertebrados da fraga de Caaveiro”, *Braña*, 1, 105-116.

1977 Pedreira López, C. e Penas Patiño, J. M.: “Lista de padrón de aves de Galicia I”, *Braña*, 1, 131-144.

1977 Penas Patiño, J. M. e Pedreira López, C.: “Nomes galegos de aves piciformes”, *Verba*, 4, 343-354.

1978 Pedreira López, C. e Penas Patiño, J. M.: “Lista de padrón de aves de Galicia II”, *Braña*, 2, 25-38.

1980 Penas Patiño, X. M. *et alii*: *Guía das aves de Galicia*, Vigo, Galaxia, 226-229, 231-238 [Bahía publicou unha edición aumentada en 1991].

1980 Penas Patiño, J. M. e Pedreira López, C.: “Nomes galegos das aves da familia ‘fringillidae”, *Verba*, 7, 355-377.

1982 Sociedade Galega de Historia Natural: “Apéndice: lista patrón dos vertebrados de Galicia”, en Pérez Alberti (dir.): *Xeografía de Galicia. Tomo I: o medio*, A Coruña, Sálvora, 197-210.

1982 Curt Martínez, J. e Galán Regalado, P.: *Esos anfibios y reptiles gallegos*, Pontevedra, edición do autor.

1983 Devesa Regueiro, S.: *Guía dos peixes de Galicia*, Vigo, Galaxia, 203-205, 209-218.

1985 Núñez Xestoso, M.: *As familias da avifauna galega*, Tui, edición do autor, 7-16.

1985 Ramonell Goyanes, R.: *Guía dos mariscos de Galicia*, Vigo, Galaxia, 267-276, 277-281.

1988 Freire Díaz, P.: "Taller de ecoloxías", *Xermolos*, 26, 43-45.

1988 Sánchez-Canals, J. L. e Guitián, J.: *Inventario dos morcegos de Galicia*, Sada, Ediciós do Castro.

1989 Conde Teira, M. e Vidal Figueroa, T.: "Nomes galegos para as aves ibéricas: unha nova proposta", en (1991) *Actas do congreso galego de ornitoloxía*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 249-268.

1989 Fernández de la Cigoña Núñez, E.: *Viaxeiros da auga: aves mariñas e acuáticas de Galicia e norte de Portugal*, Vigo, Xerais.

1990 Fernández de la Cigoña Núñez, E.: *Os cabaleiros do mar, baleas e golfiños das nosas augas: guía dos cetáceos de Galicia e Iberia*, Vigo, Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 13-15.

1991 Penas Patiño, X. M.; Pedreira López, C. e Rodríguez Silvar, C.: *Guía das aves de Galicia*, A Coruña, Bahía.

1992 Mata, A. de la e Lamas, A.: *Guía das especies cazables*, Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

1992 Rodríguez Villanueva, X. L. e Vázquez, X.: *Peixes do mar de Galicia*, Vigo, Xerais [3 volumes: I, 157-173, 197-198, II, 347-350, III, 409-414].

1993 Galán Regalado, P. e Fernández Arias, G.: *Anfibios e réptiles de Galicia*, Vigo, Xerais.

1993 Vivero, X. De; Castro Laxe, X. C. e Muñoz Toro, N.: *Veciñas do home, Aves urbanas de Galicia*, Vigo, Xerais.

1995 Bernís, F.: *Diccionario de nomes vernáculos de aves*, Madrid, Gredos.

1995 Sociedade Galega de Historia Natural: *Atlas de vertebrados de Galicia: aproximación á distribución dos vertebrados terrestres de Galicia durante o quinquenio 1980-85*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega [2 volumes].

1996 Conde Teira, M. A.: "Acerca dos nomes dos anfibios e réptiles galegos", *Cadernos de Lingua*, 13, 75-88.

1996 Fernández de la Cigoña Núñez, E.: *Aves do mar de Galicia*, Vigo, Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía, 96-98.

1996 Prado Vázquez, X. de e Prado Vázquez, A. de: *Vocabulario da fauna mariña, Galego-castelán-inglés-latín* (accesible en http://webs.uvigo.es/sli/).

1996 Rolán, E. e Otero-Schmitt, J.: *Guía dos moluscos de Galicia,* Vigo, Galaxia, 301-305.

1996 Salvadores Ramos, R. e Vidal Rodríguez, C.: "Estatus da avifauna galega", en *III Anuario das aves de Galicia 1995*, Grupo Erva, Vigo, 4-15.

1997 Garrido, C.: *Dicionário terminológico quadrilíngüe de Zoologia dos invertebrados*, A Coruña, Associaçom Galega da Língua.

1998 Beaman, M. e Madge, S.: *Guía de identificación. Aves de Europa, norte de África y Próximo Oriente*, Barcelona, Ediciones Omega.

1999 Conde Teira, M. A.: "Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada", *Chioglossa,* 1, 121-138.

2000 Lahuerta Mouriño, F. e Vázquez Álvarez, F. X.: *Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia.

2000 López Muñoz, D.: *Guía do consumidor de peixe fresco,* Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

2002 Bartol, T. (coord.); Aleixandre, M. e Pérez Magdalena, R.: *MAGUS: Multilingual Animal Glossary of Unveiled Synonyms. Pan-European Dictionary of Common Names of Animals: Mammals anda Birds in 53 languages in Europe. Part 6 (Romance languages-western)* (accesible en formato electrónico en http://www.lexicool.com/DLink.asp?ID=0QR7PS92451 &IL=3&L1=64).

2003 Nieto Román, A. e Martínez Leyenda, P.: *Guía da natureza. Campus de Marcosende*, Vigo, Oficina de Medio Ambiente, Vicerrectorado de Investigación, Universidade de Vigo, 24-26.

s.d. Almeida A., F.; Barbosa, V., Olmo Casalderrey, Mª L.; Iglesias Rodríguez e Sóñora Rei: *As aves de Galicia*. (Consultable en http://webs.uvigo.es/h03/webh03/vigo-term/traballos_arquivos/traballoaves.htm).

A.5.4 Medicina

1989 López Dobao, X. A.: "Terminoloxía anatómica", *Educación en Galicia*, 6, 22-23.

1994 Martínez Martínez, P.: *Vocabulario básico de radiodiagnóstico*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

1997 Mirò Balagué, J. (coord.): *Diccionario castellano-catalán-euskera-gallego de bioquímica clínica*, Barcelona, Sociedad Española de Bioquímica Clínica y Patología Molecular, 7-44.

1999 Alberola Cuñat, V. *et alii*: *Diccionario y vocabulario plurilingüe de documentación médica*, Valencia, Servei de Publicacions de la Universitat de València.

2000 Castro Fontán, C.: *Insuficiencia renal. Traducción comentada e glosarios dun texto médico inglés*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2000 Daviña Facal, L.: *Diccionario das ciencias da natureza e da saúde*, A Coruña, Deputación.

2000 González Castro, M. F.: *Traducción comentada e glosario bilingüe dun vademecum clínico inglés*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2001 Veiga Novoa, C.: *Traducción comentada e glosario terminolóxico dun manual universitario canadiano sobre a anorexía nerviosa*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presen-

tada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2002 Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia: *Diccionario Galego de Termos Médicos*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, DXPL, Xunta de Galicia. (Accesible en http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp)

A.6 Enxeñaría

A.6.1 Enxeñaría militar, naval, civil

1956 Crespo Pozo, J. S.: "Nombres de embarcaciones", *El Museo de Pontevedra*, X, 127-135.

A.6.2 Enxeñaría mecánica e química maquinaria

1997 Rodríguez Román, M. L.: *Diccionario políglota del tren*, Madrid, Luna.

1999 Riveiro Collazo, C. M.: *Glosario de termos da mecánica do automóbil en francés, galego, castelán*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2001 Rivas Otero, M.: *Glosario galego-inglés, inglés-galego do motor principal dun barco pesqueiro*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2003 González Rama, R.: *Estudio e proposta de traducción (francés-galego) dun glosario de innovacións automobilísticas (www.auto-innovation.com)*, Vigo, Proxecto fin de carreira presentado na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

A.6.3 Minaría

1990 Mirre, J. C.: *Guía dos minerais de Galicia*, Vigo, Galaxia.

A.6.4 Urbanismo, construción

1989 Vega Pato, T.: "As casopas", *BESem*, 10, 72-76.

1998 Souto González, M. *et alii*: *Léxico de urbanismo, construcción e arquitectura castelán-galego*, Vigo, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

1999 Caamaño Suárez, M.: *As construccións adxectivas*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, Fundación Caixa Galicia, 111-116.

2001 Dosil, B. (coord.): *Léxico da construcción*, Pontevedra, Asociación Provincial de Empresas da Construcción de Pontevedra, Fundación Instituto Tecnológico de Galicia, Xunta de Galicia.

s.d. *Diccionario galego da construcción* (accesible en formato electrónico en http://carlinhos90.eresmas.com/index.html).

s.d. Cidre Bardelás, J. A.: *Diccionario interactivo de arquitectura e construcción* (accesible en formato electrónico en http://www.arquitecturagalega.net/AG/dicionario/dicionario.cgi?amosa=paxina).

A.6.5 Electrotecnia

1991 Fernández Sabín, R.: *Vocabulario da Electricidade e a Electrónica*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

A.6.6 Electrónica

2002 Rodríguez Portabales, E.: *Diccionario tecnolóxico de electricidade e electrónica*, Vigo, Xerais.

A.7 Ciencias e tecnoloxía interdisciplinares

1940 Rubinos, J.: "A epopeia da sega", *Cultura Gallega*, 77-79, 33-38.
1978 Taboada Cid, M.: "Algunos aspectos de la vida material y espiritual de A Mezquita", *Bau*, VIII, 107-166.
1988 Torres Romar, X.: "Vocabulario apícola. Terminoloxía apícola", *Boletín Apícola*, 26, 42-45.
1988 Torres Romar, X.: "Terminoloxía. Terminoloxía apícola: a extracción do mel", *Boletín Apícola*, 27, 38-42.
1988 Torres Romar, X.: "Terminoloxía. Productos apícolas", *Boletín Apícola*, 28, 42-43.
1989 Asorey, Xesús M. *et alii*: *Diccionario temático ilustrado de apicultura. Vocabulario castelán-galego*, Santiago de Compostela, Centro de Experimentación e Divulgación Apícola de Galicia.
1989 Torres Romar, X.: "Terminoloxía. Morfoloxía da abella", *Boletín Apícola*, 29, 45-46.
1989 Torres Romar, X.: "Terminoloxía. Períodos de vida das abellas", *Boletín Apícola*, 32, 46-47.
1989 Torres Romar, Xosé: "Terminoloxía. O enxame", *Boletín Apícola*, 35, 40.
1991 Albentosa Verdú, M.: *Glosario de acuicultura*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación, Xunta de Galicia.
1992 Cuña Casasbellas, M. A.: *Glosario de acuicultura*, Santiago de Compostela, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, Xunta de Galicia.
1995 Reguera y Pardiñas, E.: *Traducción de algunas voces y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano (1840-1858)*, A Coruña, Real Academia Galega, 24-90.

1999 Sánchez Maroño, C.: *Traducción comentada e glosario bilingüe dun manual inglés sobre a pesca comercial*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2001 González González, M. (coord.): *Vocabulario de telefonía y comunicaciones móviles castellano-galego, galego-castellano*, Madrid, Universidade Antonio de Nebrija e Fundación Airtel (editado en CD-ROM).

2002 Lahuerta Mouriño, F.; Vázquez Álvarez, F. X. e Rodríguez Villanueva, X. L.: *Vocabulario multilingüe de acuicultura*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia.

A.7.1 Industria e oficios diversos

1923 Ballesteros Curiel, J.: *Verbo dos arginas (jerga-latín de los canteros)*, Pontevedra, Imprenta Antúnez.

1956 Crespo Pozo, J. S.: "Nombres de embarcaciones", *El Museo de Pontevedra*, X, 127-135.

1963 Lis Quibén, V.: "La jerga de los canteros de Pontevedra", en *Actas do I Congresso de Etnografia e Folclore promovido pela Câmara Municipal de Braga (Braga, 1956)*, III, Lisboa, Junta de Açção Social, 113-141.

1983 Colectivos Culturais de Esquerda galega: *Vocabulario, oficios e profesións*, Vigo, Artes Gráficas Galicia.

1985 Ripoll Autua, A.; Sanesteban, E. e Beceiro, Mª J.: "Linguaxe técnica-profesional e normalización lingüística", en *Actas das II xornadas da lingua galega*, Santiago de Compostela, DXPL-Xunta de Galicia, 43-68.

1988 Alonso, E.: "Pescadores del Miño pontevedrés", *Pontevedra*, 4, 157-166.

1989 Alonso, E.: *Pescadores del río Miño: tramo gallego-portugués*, Vigo, Deputación Provincial, 199-200.

1989 Filgueira Valverde, X.: "A arte esquencida dos toneleiros galegos e a vella historia do gremio de Pontevedra", *La*

Voz de Galicia, 4 abril 1989 [reeditado en Xosé Filgueira Valverde: *VIº Adral*. Sada, Ediciós do Castro, 214-219].

1990 Arnaiz, R. e Coo, A. de: *Artes de pesca da Ría de Arousa*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Formación Pesqueira e Investigación, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, Xunta de Galicia.

1990 Vázquez Varela, J. M. (coord.): *El hombre y el mar en la costa suroeste de Pontevedra*, Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra, 143-230.

1992 González Pérez, C.: "Os zoqueiros de Ponteareas", *Bau*, XXIII, 115-147.

1994 Abella, A. e Pose, H. M.: *Alfarería de torno en Buño*, Malpica, Escola Taller "Casa do Oleiro", Concello de Malpica, 75-84.

1994 Sotelo Blanco, O.: *Os afiadores: a industria ambulante*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.

1995 Rivas, P.: *Oficios perdidos: léxico dos ferreiros*, Lugo, Deputación Provincial de Lugo.

1995 Trigo Díaz, F.: "Remexendo nas cinzas dunha xerga gremial. O gremio dos telleiros", *Pontevedra*, 11, 91-92.

1996 Vázquez Pintor, X.: *Os vellos oficios*, Vigo, Xerais, 135-140.

1997 Calo Lourido, F.: "Artes de pesca marítimas e fluviais", en Xosé Manuel González Reboredo (coord.): *Galicia. Antropoloxía XXV. Mariñeiros. Creación estética*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 149-221.

1997 Calo Lourido, F.: "O marisqueo. Actividades agromarítimas", en Xosé Manuel González Reboredo (coord.): *Galicia. Antropoloxía XXV. Mariñeiros. Creación estética*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 223-267.

1997 Gil de Bernabé, X. M.: "Artesanía de Galicia", en Xosé Manuel González Reboredo: *Galicia. Antropoloxía XXVI. Artesanía e sociedade*, A Coruña, Hércules de Ediciones, 18-127.

1998 Fernández del Riego, F: *A pesca galega de mar a mar*, Sada, Ediciós do Castro, 127-129.

1998 Fidalgo Santamariña, X. A.: "Arredor do polbo. Do mar á montaña", en Francisco Calo Lourido (coord.): *Antropoloxía mariñeira. Actas do Simposio Internacional de Antropoloxía in memoriam Xosé Filgueira Valverde (Pontevedra, 10-12 de xullo, 1997)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 195-230.

1998 Formoso Gosende, V. (coord.): *Vocabulario do sector téxtil*, Santiago de Compostela, Confederación de Empresarios de Galicia.

1998 Míguez Rodríguez, L. *et alii*: *Algas mariñas de Galicia: bioloxía, gastronomía, industria*, Vigo, Xerais, 267-271.

1999 Vázquez Pintor, X.: *A tribo sabe: os vellos oficios (II)*, Vigo, Xerais, 22, 33-34, 55-58, 75, 94-97, 115-116, 131-132, 163-164, 58-60, 132-136, 169-170.

2002 Souto García, M. B.: *Vocabulario das artes gráficas. Obradoiro de encadernación*, Vigo, Universidade de Vigo, Servicio de Publicacións (accesible en formato electrónico en http://webs.uvigo.es/sli/obradoiro/).

s.d. *Vocabulario temático galego-castelán, castellano-gallego III - oficios e profesións, oficios y profesiones*, Centro tiendas.

A.7.2 Informática

1994 Gómez Guinovart, J. e Lorenzo Suárez, A. M.: *Vocabulario de informática Galego-Inglés-Castelán*, Vigo, Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo (accesible en http://webs.uvigo.es/sli/lexico/index.html).

1996 *Glosario básico inglés-galego sobre Internet*, Santiago de Compostela, San Luís Informática/ DXPL, Xunta de Galicia (accesible na parte rexistrada –BBS– do centro de información lingüística Galego.org: http://galego.org/vocabularios/internet.html).

1998 Baleirón, Ch. *et alii*: *O labirinto virtual: sobre as novas tecnoloxías na educación*, Vigo, Xerais, 87-104.

2000 Proxecto Trasno: *Diccionario técnico inglés-galego*.

2001 Fernández Eiros, A.; Fernández Salgado, X. e Fernández Salgado, B.: *Diccionauta: glosario de termos ingleses para internautas galegos*, Santiago de Compostela, Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, Xunta de Galicia.

2001 Hermida Ruibal, A.: *Glos@rio de termos da Internet (galego-inglés-castelán-portugués)*, Vigo, Universidade de Vigo (accesible en http://www.uvigo.es/webs/sli/glinternet/index.html).

2001 Patiño Pérez, E. e González Ucha, X. L. (coord.): *Léxico informático inglés-galego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia (accesible en <http://www.edu.xunta.es/portal/index.jsp).

2001 Unión Latina, Realiter e Bureau de la traduction du Canada (eds.): *Léxico panlatino de Internet (catalán-español-francés-galego-italiano-portugués-romanés)*, (accesible en .pdf en <http://www.usc.es/snlus/vocab.htm>).

2002 Cueto-Felgueroso, P.: *Diccionario de termos en Internet*, Vilagarcía de Arousa, Editorial Gárgola.

s.d. *Glosario básico inglés-galego sobre a Internet*, [Consultable en http://www.galego.org/index.html].

s.d. Proxecto Xis-Galego21.org: *Glosario de informática Xis* (accesible en http://www.galego21.org/xis2/glosario_ab.html).

s.d. Forxán, A.: *Siglas informáticas usuais* (accesible na rede nos enderezos http://www.galego21.org/nos/ anxo_forxan/siglas/siglas.html e mais en http://members.tripod.com.br/ramonflores/outros/Siglas.html).

s.d. Otero López, Mª L.: *Glosario da Gaceta Dixital* (accesible na rede en http://www.cesga.es/telecursos/GacetaDixital/anexos/glosario.html).

A.7.3 Metroloxía. Pesos e medidas

1988 López Dobao, X. A.: *Vocabulario das pesas e medidas*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

B. CIENCIAS SOCIAIS

B.1 Educación

1984 Matalobos Cerceda, M. C. e Díaz López, O.: *Vocabulario galego de Formación Profesional*, Lugo, Celta.

1989 López Dobao, X. A.: "Terminoloxía da Educación", *Educación en Galicia*, 4, 27.

1997 Caballo Villar, M. B. *et alii*: *[Léxico básico de] 131 conceptos clave de educación social*, Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística da USC (accesible en formato electrónico http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

2000 Sobrado Fernández, L. (coord.): *Glosario de orientación escolar e profesional*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (accesible en .pdf en <http://www.usc.es/snlus/vocab.htm>).

2001 Currás, C. e Dosil, A. (codirs.): *Diccionario de psicoloxía e educación*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria-Xunta de Galicia (accesible en formato electrónico co título *Diccionario de Pedagoxía* en <http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html>).

2002 Rubal Rodríguez, X. (coord.): *Léxico básico de métodos de investigación e diagnóstico en educación (galego-español)*, Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística da USC.

B.2 Dereito

1909 Martínez Salazar, A.: "Fragmento de un nuevo códice gallego de las 'Partidas", *BRAG*, III/31, 149-158; III/32, 171-179 [reeditado en Andrés Martínez Salazar (1981): *Algunos temas gallegos*, II, A Coruña, Real Academia Galega, 103-124].

1980 Louzao Pardo, R.: *Léxico jurídico de los Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, Madrid, Tese de doutoramento inédita presentada na Facultade de Filoloxía da Universidade Complutense de Madrid, Madrid.

1986 Costas Abreu, X.: "Para un vocabulario xudicial (I)". *Lingua e Administración*, 8, 4-5.

1990 García y García, J.: "La lengua de los documentos medievales en romance berciano", *Estudios Bercianos*, 12, 101-108.

1996 López Taboada, C. *et alii*: *Curso superior de linguaxe xurídica*. [s. l.], Santiago de Compostela, Consello do Poder Xudicial/ Dirección Xeral de Xustiza e Interior, Xunta de Galicia, 257-291.

1997 González Montañés, A.: "Problemas terminolóxicos nos servicios lingüísticos da administración de xustiza. Fichas lexicográficas do Servicio da Audiencia Provincial de Ourense", *Cadernos de Lingua*, 16, 71-98.

1997 González Montañés, A.: "Notas para un vocabulario básico-xurídico castelán-galego: a letra A", *BAL*, 7-8, 3-13.

1997 Rodríguez Ennes, L. e Blanco Rodríguez, L.: *Vocabulario xurídico, aforismos e locucións latinas: castelán-galego, latín-galego*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.

1998 Docampo Pereira, M.: *Fraseoloxía xurídico-administrativa. Glosario galego-inglés-alemán-castelán*, Vigo, Memoria da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo (accesible en http://www.uvigo.es/webs/traductor/mdocampo/).

1998 Gutiérrez Aller, V.: *Formulario notarial*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CEOU, DXPL, CIRP, 268-279.

2003 Gómez Méixome, A. *et alii*: *Compilación de terminoloxía xurídica castelán-galego. Formularios básicos de procedemento xudicial*, A Coruña, Consello da Avogacía Galega.(CD e tamén accesible en http://sal.avogacia.org/cdcomforma/docs/CRLC-G.pdf).

s.d. *Tecnicismos xurídicos e galego popular* (accesible en http://sal.avogacia.org/Tecnicismos_xurídicos_e_galego_popular.htm).

B.3 Ciencias económicas

1993 Aguilella Albella, S. *et alii*: *Manual básico de Economía en galego*, A Coruña, La Voz de Galicia [2ª edición supervisada por TERMIGAL en 1998].

1997 Formoso Gosende, V. (coord.): *Diccionario de termos económicos e empresariais galego-castelán-inglés*, Santiago de Compostela, Confederación de Empresarios de Galicia.

2003 *Diccionario de termos de comercio exterior*, Vilagarcía de Arousa, Editorial Gárgola.

B.3.1 Finanzas

1989 Álvarez Losada, R. e Martín Biedma R.: *Glosario de termos bancarios*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1990 Carballo Martínez, Á. e Dosil López, B.: “Apuntamentos para un léxico da banca (I), *Cadernos de Lingua*, 1, 17-40.

1990 Carballo Martínez, Á. e Dosil López, B.: “Apuntamentos para un léxico da banca (II), *Cadernos de Lingua*, 2, 59-78.

1991 Carballo Martínez, Á. e Dosil López, B.: “Apuntamentos para un léxico da banca (III), *Cadernos de Lingua*, 3, 73-84.

1993 Carballo Martínez, Á. e Dosil López, B.: *Diccionario galego de banca*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1998 López Taboada, C.: *Diccionario do Seguro en Lingua Galega*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1999 Díaz Rodríguez, M.: *Glosario bilingüe de términos de seguros*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

B.3.2 Comercio

1988 Boullón Agrelo, A. I.; Díaz Abraira, C. e Penoucos Castiñeiras, M.: *Vocabulario comercial básico*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1997 Fernández Fraga, M.: *Unidades básicas da conversación de negocios: ruso, inglés e galego*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

1997 *Vocabulario da comunicación comercial* (accesible na parte rexistrada –BBS– do centro de información lingüística Galego.org: http://galego.org/index.html).

2003 Realiter-Unión Latina, *Léxico panlatino de comercio electrónico*, (accesible en http://www.realiter.net/temp/panlatin_e-com.pdf).

s.d. *Táboa comparativa de formas do léxico comercial* (accesible en Galego.org: http://galego.org/vocabularios/lexico-com.html).

B.4 Ciencias do comportamento. Psicoloxía

2001 Currás, C. e Dosil, A. (codirs.): *Diccionario de psicoloxía e educación*, Santiago de Compostela, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Xunta de Galicia

(accesible en formato electrónico co título *Diccionario de Pedagoxía* en
http://www.edu.xunta.es/diccionarios/index.html).

B.5 Administración, traballo e emprego

1955 Machado, J. P.: "Vocabulário português de 1192-1193". *Rportugal*, XX/140, 329-332.

1978 Martínez Rodríguez, G.: "Documentos en gallego do monasterio de Montederramo: s. XIII: Edición anotada y estudio lexicográfico", Tese de doutoramento inédita presentada na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Valladolid.

1980 Rodríguez Fernández, C.: "Concilio Pastoral de la Iglesia Gallega. Lexicón temático sobre la promoción social. Edición trilingüe", *Senara*, 2, 167-185.

1983 Ferreira, J. de A. (ed.): *Afonso X. Foro real*, París, Université de Paris XIII [tese de doutoramento en 4 volumes] (publicada en dous volumes polo Instituto Nacional de Investigação Científica de Lisboa en 1987 [o volume II inclúe o glosario]).

1983 Martín Biedma, R. M.: *O léxico dos documentos galegos do mosteiro de San Estebo de Ribas de Sil*, Santiago de Compostela, Memoria de licenciatura inédita presentada na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

1984 Costas Abreu, X. e García Cancela, X.: "Para un vocabulario administrativo. Instrumentos administrativos", *Lingua e Administración*, 4, 9.

1986 Sección de Linguaxe Administrativa do Instituto da Lingua Galega: *Cadernos de Documentación Municipal*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Consellería da Presidencia, Xunta de Galicia [3 volumes: I, 143-147, II, 85-89, III, 175-179].

1986 Tato Plaza, F. R., *Léxico do Libro das Actas do Concello de Santiago (1416-1422)*, Santiago de Compostela, Memoria de licenciatura presentada na Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela.

1991 Boullón Agrelo, A. I. *et alii*: *Léxico da administración castelán-galego*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega/ Instituto da Lingua Galega.

1991 García Cancela, X. e Díaz Abraira, C.: *Manual de linguaxe administrativa*, Escola Galega de Administración Pública-Xunta de Galicia.

1993 González González, M. M.: "La documentación del Monasterio de Vilanova d`Ozcos (años 1136-1175)", *Lletres Asturianas*, 47, 89-123.

1994 Rivas Cid, X.: *Curso práctico de linguaxe administrativa para funcionarios da Xunta de Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, CEOU, DXPL, 71-83.

1994 Tato Plaza, F. R.: *O libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (séc. XV)*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela [tese de doutoramento en microfichas] (publicado en papel en 1999 polo Consello da Cultura Galega co título *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*).

1995 Barreiro García, M. d. C.: *A documentación notarial do concello de Noia (séculos XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*, Santiago de Compostela, Tese de doutoramento inédita presentada na Universidade de Santiago de Compostela.

1996 Díaz-Fierros Tabernero, C., "Vocabulario da función pública (inglés-galego)", *Boletín de Administración e Lingua*, 6, 44-51.

1996 Souto Cabo, J. A.: "Glossário do 'Testamento de Estevo Peres", *Agália*, XII/45, 27-44.

1997 Rodríguez Río, X.: "Glosario de fraseoloxía e termos administrativos", en *Mellorando os Servicios, como ti queres*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Normalización Lingüística, 76-99.

2000 Sobrado Fernández, L. (coord.): *Glosario de orientación escolar e profesional*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela.

B.6 Socioloxía e servizos sociais

1992 Iglesias Calo: *Léxico ecopacifista*, Santiago de Compostela, CXTG-IN/ Seminario Permanente de Educación para a Paz.

2000 Álvarez García, J.: *O curso da auga. Obradoiro de lingua galega para a parroquia de Saiáns (Vigo)*, Vigo, Concello de Vigo [material didáctico fotocopiado].

C. CULTURA E HUMANIDADES

C.1 Historia

1994 Candocia Pita, P., Fernández Prieto, L. e Sousa Fernández, X. C.: *Vocabulario da historia*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (accesible en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

1994 Gutiérrez Izquierdo, R.: *Vocabulario castelán-galego de historia, arte e xeografía*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

C.2 Xeografía

1987 Vázquez Maure, F., *Vocabulario de términos geográficos*, Madrid, Instituto Geográfico Nacional.

1993 Fandiño Martínez, X. Mª. *et alii: Diccionario galego de xeografía*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1994 Gutiérrez Izquierdo, R.: *Vocabulario castelán-galego de historia, arte e xeografía*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1996 CNL da Facultade de Xeografía e Historia: *Léxico básico de xeografía castelán-galego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (accesible en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

C.3 Arqueoloxía

1995 Arias Vilas, F. e Romero Masiá, A.: *Diccionario de termos de arqueoloxía e prehistoria*, Vigo, Ir Indo.

1996 Pereira González, F.: *Léxico básico de arqueoloxía castelán-galego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (accesible en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

s.d. Baños, A. e Baños, X.: *Glosario de megalitismo* (accesible en http://www.pangalaica.com/megalitismo/galego/glosario.htm).

C.4 Filosofía, ética e relixión. Artes

1994 Gutiérrez Izquierdo, R.: *Vocabulario castelán-galego de historia, arte e xeografía*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

1994 Iglesias González, S. (dir.): *Vocabulario galego das artes plásticas*, Santiago de Compostela, Sociedade Galega de Arte Moderna.

1995 Iglesias González, S. (dir.): *Diccionario galego de termos artísticos*, Santiago de Compostela, Sociedade Galega de Arte Moderna.

C.4.1 Arquitectura, escultura e pintura

1975 Martínez Rodríguez, I.: *El hórreo gallego: un estudio geográfico*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.

1998 s.a.: *Glosario de Urbanismo* (accesible na parte rexistrada –BBS– do centro de información lingüística Galego.org: http://www.galego.org/vocabularios/urbanismo.htm).

1998 Souto González, M. *et alii*: *Léxico de urbanismo, construcción e arquitectura: castelán-galego*, Vigo, Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia/ Servicio de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

2000 Pérez Salgado, M. E.: *Glosario terminolóxico trilingüe sobre arquitectura relixiosa gótica e románica (inglés-español-galego)*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2001 Rozados Gómez, A.: *Glosario inglés-galego de conceptos pictóricos: movementos, estilos, escolas, técnicas e xéneros*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

s.d. *Diccionario Galego da Construcción*, [accesible en http://www.carlinhos90.eresmas.com/defin.htm].

C.4.2 Teatro. Música

1988 Alonso Pimentel, S. e Vázquez López, M. X.: *Vocabulario da música e espectáculos*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

1997 Álvarez Alonso, Y.: *Léxico de termos musicais: inglés-galego, galego-inglés*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

1998 Álvarez Alonso, Y.: "Léxico inglés-galego da música", en *Viceversa*, 4, 103-124.

1999 Lois González, M.: *Glosario bilingüe da terminoloxía pianística: inglés-galego, galego-inglés*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

1999 Posada Sáez, B.: *Glosario trilingüe do léxico da gaita: galego, castelán, inglés*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

1999 Posada Sáez, B.: "Glosario trilingüe do léxico da gaita, galego-castelán-inglés", *Viceversa*, 5, 85-110.
2001 Camafeita Longa, O. M.: *A música popular en Galicia (glosario monolingüe)*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, en CD-ROM.

C.5 Filoloxía

1907 Castro López, M., "Vocablos gallegos en el Plata", *Almanaque Gallego*, X, 71-74.
1998 Tarrío Varela, A. *et alii*: *Diccionario de termos literarios*, Santiago de Compostela, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia (o *Diccionario de termos literarios (letras a-d)* está accesible en http://www.cirp.es/res/dtl/index.html).

C.6 Lecer. Deportes

1988 Fernández Salgado, B.: "Vocabulario do fútbol", *Educación en Galicia*, 0, 20-22.
1988 Fernández Salgado, B.: "Xogando ó basquet. Vocabulario galego-castelán-francés de baloncesto", *Educación en Galicia*, 2, 19.
1988 Novo Folgueira, P.: *Vocabulario elemental do deporte*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.
1989 Fernández Salgado, B.: "As palabras da natación", *Educación en Galicia*, 6, 22-23.
1992 Mata, A. e Lamas, A.: *Guía das especies cazables*, Santiago de Compostela, Consellería de Agricultura, Gandería e Montes-Xunta de Galicia.
1993 Dacosta Alonso, M. e López Fernández, A.: "Breves vocabularios da caza e da pesca", *Cadernos da Lingua*, 7, 77-91.
1995 *Manual de comunicación dos clubes de fútbol*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia, 93-102.

1997 *Terminoloxía do fútbol* (accesible na parte rexistrada –BBS– do centro de información lingüística Galego.org: http://galego.org/vocabularios/futbol.html).

1998 Dirección de Deportes. Servicios Lingüísticos da TVG: *Vocabulario castelán-galego de termos relacionados co deporte* [inédito].

1998 Dirección de Deportes. Servicios Lingüísticos da TVG: "Vocabulario básico castelán-galego do hóckey sobre patíns", *Notas lingüísticas* [inédito].

1998 Dirección de Deportes. Servicios Lingüísticos da TVG: "Vocabulario básico castelán-galego do boxeo", *Notas lingüísticas* [inédito].

1998 Novo, P.; Pérez Froiz, S. e Rivas Casal, J. M.: *Vocabulario do deporte*, Santiago de Compostela, Lea.

2000 Chouciño Iglesias, S.: *Tenis: glosario alemán-español, español-alemán*, Vigo, Memoria de fin de carreira inédita presentada na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.

2002 Fernández Costas, A. e Club Ciclista Vigués: *¿Xogas? En galego podemos. Atletismo, baloncesto e ciclismo*, Vigo, Concello de Vigo, Universidade de Vigo, Instituto Municipal de Deportes de Vigo, 27-31.

2002 Fernández Costas, A.: *¿Xogas? En galego podemos. O xogo do paracaídas*, Vigo, Concello de Vigo, Universidade de Vigo, Instituto Municipal de Deportes de Vigo, 50-51.

2002 Rodríguez Rodríguez, A., Instituto Municipal de Deportes, SNL do Concello de Vigo: *¿Xogas? En galego podemos. Os deportes naúticos*, Concello de Vigo, Universidade de Vigo, Instituto Municipal de Deportes de Vigo, 11-12, 28-34.

C.7 Hostalaría e restauración

1972 Álvarez Blazquez, X. Mª: *O libro do porco*, Vigo, Castrelos.

1990 Freire, L. e Castro, M.: *Setas ou cogumelos de Galicia: descripción e receitas para a boa cociña*, Vigo, Xerais, 265-271.

1991 Novo Salgado, A.: *Vocabulario de cócteles*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.
1991 Varela Barreiro, F. X.; Puentes Chao, A. e Rodríguez Guerra, A.: *Vocabulario de tabernas, bares e cafeterías*. Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.
1991 Varela Barreiro, F. X.; Puentes Chao, A. e Rodríguez Guerra, A.: *Vocabulario de restaurantes*. Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.
1993 Feixó, F.: *A cociñar con Paco Feixó. Máis de 250 receitas da cociña galega*, Vigo, Ir Indo, 357-388 (accesible en soporte informático en http://www.vieiros.com/pacofeixo/glosario.html).
1995 Benavente Jareño, P.: *Guía da alimentación*, Santiago de Compostela, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Xunta de Galicia.
1998 Míguez Rodríguez, L. *et alii*: *Algas mariñas de Galicia: bioloxía, gastronomía, industria*, Vigo, Xerais, 267-271.
1999 Vila Pernas, M.: *Diccionario galego de gastronomía*, Santiago de Compostela, Lea.
2000 López Muñoz, D.: *Guía do consumidor de peixe fresco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.
s.d. Bodegas Terras Gauda S.A. (ed.): Glosario do viño (accesible na rede no enderezo http://www.terrasgauda.com/gal/once/diccionario/dica.html).

C.8 Comunicación

1993 Novo Folgueira, P.; López García, X. e Campos, F.: *Vocabulario galego da comunicación*, Santiago de Compostela, Lea.
1999 López, E. e Rodríguez, X. C.: *Vocabulario de mercadotecnia e publicidade*, Santiago de Compostela, Lea.
1999 Novo Folgueira, P.: *Diccionario de uso para a comunicación*. Vigo, Xerais.

s.d. Galiciamedia: *Pequeno glosario castelán-galego de termos publicitarios* (accesible no enderezo http://www.galicia-media.com/).

s.d. Otero López, Mª L.: *Glosario da Gaceta Dixital* (accesible na rede en http://www.cesga.es/telecursos/GacetaDixital/anexos/glosario.html).

C.9 Información, bibliotecas e arquivos

1993 Blanco Valdés, X. L.: *Léxico editorial castelán-galego*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela (accesible en http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm).

COLECCIÓN **BASE**

ISBN 84-95415-86-0
9 788495 415868

O proxecto *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)* é unha análise cualitativa e global das políticas lingüísticas autonómicas e o seu impacto no prestixio, coñecemento e uso da lingua, polo que constitúe un instrumento de información, avaliación e de reflexión sobre a evolución da situación social do galego nos últimos anos e sobre as posibilidades de mellorar o status da lingua no futuro inmediato.

A presente achega está dedicada á análise da elaboración e da difusión da lingua neste período. Partimos dun dobre obxectivo, dunha banda, trátase de analizar como se afrontaron os necesarios procesos de adaptación do corpus da lingua, esixidos polas novas funcións que esta tivo que asumir: estandardización, fixación fonética, morfosintáctica, léxica, creación terminolóxica e diversificación estilística. Doutra banda, estudamos as condicións e ferramentas de adquisición do galego con especial atención ao ensino non regrado. Completa este volume un apartado sobre o cultivo e difusión do galego estremeiro neste mesmo período.

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

SECCIÓN DE LINGUA